TESE DE DOUTORAMENTO

A RESPOSTA INSTITUCIONAL Á POBREZA. LUGO (1875-1905)

Lois Seijo Castro

DEPARTAMENTO DE HISTORIA CONTEMPORÁNEA E DE AMÉRICA

FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2015

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

TESE DE DOUTORAMENTO

A RESPOSTA INSTITUCIONAL Á POBREZA. LUGO (1875-1905)

Lois Seijo Castro

DEPARTAMENTO DE HISTORIA CONTEMPORÁNEA E DE AMÉRICA

FACULTADE DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

2015

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

AUTORIZACIÓN DO DIRECTOR / TUTOR DA TESE

D. Francisco Javier Castro Pérez
Profesor do Departamento de Historia Contemporánea e de América

D. Daniel Lanero Táboas
Profesor do Departamento de Historia Contemporánea e de América

Como directores da Tese de Doutoramento titulada:

Á resposta institucional á pobreza. Lugo (1875-1905)

Presentada por D. Lois Seijo Castro

Alumno do Programa de Doutoramento 2139-02-2V01 HUMANIDADES, Depto. de Historia Contemporánea e de América. Facultade de Xeografía e Historia. Universidade de Santiago de Compostela.

Autoriza a presentación da tese indicada, considerando que reúne os requisitos esixidos no artigo 34 do regulamento de Estudos de Doutoramento, e que como Director da mesma non incurre nas causas de abstención establecidas na lei 30/1992.

Asdo. Francisco Javier Castro Pérez

Asdo. Daniel Lanero Táboas

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ÍNDICE

INTRODUCIÓN..... 11

Capítulo 1. APROXIMACIÓN Ó MUNDO DA POBREZA..... 19
1. O MUNDO DA POBREZA..... 19
1.1. O concepto de pobreza..... 19
1.2. A actitude do Estado fronte á pobreza..... 23
1.3. Fundamentos legais arredor do mundo da pobreza..... 25
1.3.1. As leis entorno á pobreza. (Os que non poden traballar)..... 26
1.3.2. Disposicións legais en torno á vagancia. (Os que non queren traballar)..... 27
1.3.3. As leis e os sistemas de previsión. (Os que traballan) 28
2. AS INSTITUCIÓNS BENÉFICAS NA CIDADE. ANTECEDENTES HISTÓRICOS..... 30
3. AS INSTITUCIÓNS BENÉFICAS NA CIDADE DE LUGO DURANTE A RESTAURACIÓN. A XUNTA MUNICIPAL DE BENEFICENCIA...... 37
3.1. Os ingresos económicos da Xunta Municipal de Beneficencia..... 40
3.2. Os presupostos anuais..... 55
3.3. As subministracións de alimentos e roupas..... 59
3.4. As subministracións farmacéuticas..... 63
3.5. Os empregados e traballadores da Xunta Municipal de Beneficencia..... 65

Capítulo 2. A Casa Municipal de Beneficencia..... 69
1. OS SISTEMAS DE ADMISIÓN E AS ASISTENCIAS EXTERNAS..... 69
2. O ESPACIO FÍSICO..... 73
3. OS EMPREGADOS E TRABALLADORES..... 80
4. OS INTERNOS..... 83
4.1. Os nenos..... 83
4.2. Os discapacitados físicos e psíquicos..... 92
4.3. Os anciáns..... 98
5. A VIDA DIARIA..... 99
6. A ESCOLA DE PÁRVULOS..... 107

Capítulo 3. O HOSPITAL MUNICIPAL..... 111
1. AS ORIXES DO ESTABLECEMENTO..... 111
2. O ESPAZO FÍSICO. O CONVENTO DE SANTO DOMINGO..... 114
3. OS EMPREGADOS E TRABALLADORES..... 120
4. O FUNCIONAMENTO E A VIDA DIARIA..... 129
5. A ALIMENTACIÓN E OS MEDIOS TERAPÉUTICOS..... 136
6. A MORTALIDADE..... 140
7. O FUNCIONAMENTO REAL DO HOSPITAL..... 141
8. A ENTREGA DOS ESTABLECEMENTOS BENÉFICOS ÁS MONXAS DA ORDE DAS "HIJAS DE LA CARIDAD DE SAN VICENTE DE PAUL"..... 143
8.1. As monxas na Casa Municipal de Beneficencia..... 144
8.2. As monxas no Hospital..... 150
8.3. As motivacións e os efectos da entrega dos establecementos benéficos..... 156

Capítulo 4. A CASA DE MATERNIDADE E EXPOSITOS..... 161
1. O MARCO LEGAL DA EXPOSICIÓN..... 161
2. AS DISTINTAS UBICACIÓNS DA CASA DE MATERNIDADE E EXPÓSITOS..... 163
3. O ESPAZO FÍSICO. AS DISTINTAS DEPENDENCIAS..... 165
4. OS TRABALLADORES DO ESTABLECEMENTO..... 166
5. O FUNCIONAMENTO..... 172
6. A FINANCIACIÓN DA CASA DE MATERNIDADE E EXPÓSITOS DE LUGO..... 174
7. O VOLUME TOTAL DE INGRESOS..... 175
8. AS PARTURIENTES..... 179
8.1. As parturientes da sala xeral..... 180
8.2. As parturientes reservadas..... 180
9. OS NENOS EXPÓSITOS..... 181
9.1. As modalidades de ingreso..... 181
9.1.1. Os nenos nacidos no establecemento 182
9.1.2. Os nenos entregados polo torno..... 182
9.1.3. Os ingresos por orden da Comisión Provincial de Beneficencia..... 184
9.2. As causas e motivacións das entregas..... 186
9.3. A mortalidade..... 187
9.4. O destino dos nenos que non morrían..... 199
9.4.1. As recuperacións..... 200
9.4.2. As adopcións..... 202
9.4.3. Os ingresos na Casa Municipal de Beneficencia..... 203
10. OS PAPEIS OU NOTAS..... 208
10.1. Os papeis segundo a súa extensión..... 211
10.1.1. As notas concisas..... 212
10.1.2. As notas explicativas..... 213
10.2. Os papeis segundo a súa intención..... 215
10.2.1. As notas con intención de conseguir un trato preferente..... 215
10.2.2. As notas como artificio para aliviar a conciencia da mai..... 217
10.2.3. As notas como elemento identificador para unha posterior recuperación..... 218
10.2.4. As notas para desinformar ou enganar..... 219
10.2.5. As notas con varias intencións e alta complexidade..... 220
10.3. A cambiante intención das mais de recuperar o fillo..... 222
10.4. O carácter anónimo das entregas segundo a condición social..... 226
10.4.1. A mentalidade das mais e o seu entorno..... 226
10.4.2. A mentalidade do establecemento..... 228
11. A PROBABLE ORIXE FORÁNEA DE ALGÚNS EXPÓSITOS..... 229

Capítulo 5. ACRISE DE SUBSISTENCIA DE 1879-1880..... 233
1. INTRODUCCIÓN..... 233
2. AS ANOMALÍAS CLIMÁTICAS DOS ANOS 1878 E 1879..... 234
3. A CAUSA DAS CAUSAS 245
4. A CRONOLOXÍA DOS ACONTECEMENTOS..... 246
4.1. Marzo de 1879. Primeiras evidencias..... 247
4.2. Abril. Sen apenas noticias..... 251
4.3. Maio. Enganosa calma..... 251
4.4. Xuño. Primeira repercusión nas Cortes..... 255
4.5. Xulio. Reiteradas demandas de axuda..... 257
4.6. Agosto. Sen noticias da fame..... 259
4.7. Setembro. Sen logros concretos..... 260
4.8. Outubro. As inundacións do Levante..... 264
4.9. Novembro. Creación de máis comisións..... 274
4.10. Decembro. Máis noticias de toda Galicia sobre o agravamento da situación..... 282
4.11. Xaneiro de 1880. O inicio das importacións dos EEUU..... 287
4.12. Febreiro. Continúan as xestións infrutuosas..... 290
4.13. Marzo. Desacougo e frustración..... 293

4.14. Abril. A invasión de famentos en vilas e cidades..... 296
4.15. O último intento de lograr unha solución conxunta para Galicia..... 300
5. A PRECIPITACIÓN DOS ACONTECEMENTOS. A RESPOSTA INSTITUCIONAL..... 303
5.1. As xestións dos deputados e senadores por Lugo en Madrid..... 308
5.2. As xestións directas da Comisión Municipal de Beneficencia e Socorros.. 314
5.2.1. A solicitude de axuda á Deputación Provincial..... 314
5.2.2. Solicitude de axuda ó bispo de Mondoñedo..... 315
5.2.3. Petición a El Imparcial para que organice unha colecta..... 315
5.2.4. As subscricións para recadar fondos noutras cidades..... 316
5.2.5. As xestións diante do Ministerio da Guerra..... 318
5.3. A subscrición en Lugo..... 319
5.4. A función benéfica no Teatro..... 320
5.5. O socorro alimenticio na cidade..... 321
5.5.1. A composición das racións alimenticias..... 321
5.5.2. A posta en marcha e desenrolo..... 322
5.5.3. A cuantificación dos socorridos..... 324
5.5.4. Os traballos realizados polos socorridos..... 330
5.5.5. O final do socorro na Casa de Beneficencia..... 332
5.6. Os socorros nas aldeas do municipio..... 334
5.6.1. As cambiantes normas e directrices sobre o reparto..... 335
5.6.2. A adquisición do millo para o reparto..... 336
5.6.3. O reparto nas parroquias..... 338
5.7. A contabilidade xeral de todo o proceso..... 344
5.8. O proxecto de creación do Monte de Piedade e Caixa de Aforros de Lugo..... 347
6. AS CONSECUENCIAS DA CRISE..... 349
6.1. A carestía dos alimentos..... 350
6.1.1 O encarecemento dos cereais..... 350
6.1.2. A fiabilidade das cifras..... 360
6.2. O incremento migratorio transoceánico..... 362
6.3. Os desprazados..... 367
6.4. A mortalidade..... 370
6.4.1. A mortalidade no termo municipal de Lugo..... 373
6.4.2. A mortalidade na provincia de Lugo..... 378

CONCLUSIÓNS..... 385

Siglas arquivísticas..... 407

Outras siglas..... 407

Índice de cadros integrados no texto..... 409

Índice de gráficas integradas no texto..... 412

Fontes e bibliografía..... 413

Apéndice documental..... 433

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

INTRODUCIÓN

A investigación que se pretende afrontar na presente tese intenta levar a cabo unha combinación complementaria entre a historiografía tradicional e as novas liñas de renovación temática e metodolóxica. Trátase de seguir unha metodoloxía tradicional naqueles aspectos que teñen que ver coas estruturas demográficas e socioeconómicas, como son todo aquilo que ten relación co estudo histórico demográfico. En liña coas tendencias de renovación temática e metodolóxica que actualmente se seguen, téntase afrontar a análise de cuestións que se mantiñan hasta non hai moito á marxe da historiografía tradicional, como por exemplo a análise das notas que acompañaban ós nenos expósitos. En consonancia coas novas liñas de investigación tamén se intenta penetrar no mundo das mentalidades desde distintos puntos de vista. A mentalidade das vítimas da pobreza e mentalidade das clases dominantes. De como se ven cada unha delas a si mesma e ás demais, intentando atopar no posible explicación a algunhas actitudes relacionadas con elas.

En canto ás hipóteses de traballo, convén ter en conta o punto de partida desde o que se inicia a análise para elaborar posteriormente as conclusións. É importante tomar en consideración a realidade das transformacións que se producen coa aplicación do proceso da Desamortización e a entrada en vigor das novas leis e decretos vinculados co mundo da beneficencia en xeral e os establecementos benéficos en particular. O interese por coñecer a maneira na que se produce esta metamorfose da asistencia benéfica na cidade de Lugo é un dos obxectivos do labor investigador que se formula. Preténdese coñecer os efectos que a revolución liberal xera neste ámbito e tamén a pervivencia que se produce en maior ou menor medida dos valores e actitudes do Antigo Réxime durante o período restaurador.

Convén tomar en consideración á hora de programar a tarefa os traballos e investigacións levados a cabo por outros autores e que poden servir de apoio e punto de partida tamén nalgúns aspectos.

Para a delimitación do concepto da pobreza e as distintas tipoloxías, a bibliografía existente é suficientemente abundante e orientadora. Os traballos de Maza Zorrilla de carácter xenérico sobre o mundo da pobreza e, de maneira concreta, sobre a pobreza na cidade de Valladolid, serven ademais de referencia orientadora na forma de afrontar a cuestión. Outros autores con traballos menos extensos pero claramente esquematizados e concretos como os de Trinidad Fernández[1], López Meller[2] e Marianne Krause[3]

[1] TRINIDAD FERNÁNDEZ, Pedro: Trabajo y pobreza en la Primera Industrialización. En: *Historia de la acción social pública en España. Beneficencia y previsión*. Madrid: Centro de Publicaciones. Ministerio de Trabajo y seguridad social, 1990, 101-135.

[2] LÓPEZ KELLER, Estrella. Hacia la quiebra de la mentalidad liberal: las resistencias del cambio. En *Historia de la acción social pública en España. Beneficencia y previsión.* Madrid: Centro de Publicaciones. Ministerio de Trabajo y seguridad social, 1990, 137-160.

aportan un coñecemento claro sobre os cambios legais que se producen durante todo o período, referidos ó mundo da pobreza e a evolución da normativa aplicada, e a mentalidade das distintas administracións.

A bibliografía existente para os antecedentes dos establecementos benéficos da cidade de Lugo é, ademais de escasa, pouco específica, o traballo de Sobrado Correa sobre a cidade de Lugo no Antigo Réxime[4], serviu de guía fundamental para coñecer as orixes e cambios máis importantes que foron sufrindo desde a súa aparición, especialmente no caso do Hospital de San Bartolomé.

Xa para o coñecemento dos establecementos en si, as fontes bibliográficas son escasas ou practicamente inexistentes. A necesidade de recorrer a publicacións sobre establecementos similares noutros ámbitos xeográficos resulta inevitable. Non é tampouco abundante a que existe para o caso dos establecementos benéficos galegos, sendo no caso dos hospitais algo menos escasas que no caso dos restantes.

Para o que ten que ver coas casas de beneficencia e de expósitos a busca de referencias obriga a recorrer a bibliografía de fora de Galicia. Resulta especialmente importante o labor investigador de Álvarez Santaló sobre a casa de expósitos de Sevilla[5], que estableceu parámetros de estudo para establecementos de este tipo e foi seguida por discípulos de outros ámbitos, especialmente no que se refire á análise das chamadas cédulas que acompañaban ós expósitos no momento das entregas. No que se refire a Galicia, non existen monografías que estuden ningunha das casas de expósitos aquí existentes no seu momento, podendo contar unicamente con artigos de revistas ou pequenos traballos en obras colectivas. Para as casas de beneficencia, as dispoñibilidade de bibliografía é aínda máis escasa, por non dicir inexistente. A necesidade de levar a cabo estudos sobre os establecementos benéficos galegos aparece como unha realidade urxente cando se aborda esta cuestión en traballos como o que nos ocupa.

Os rexistros climáticos históricos contidos na bibliografía sobre historia da climatoloxía de Galicia resultaron de gran importancia para a concreción das causas da crise de subsistencia de 1880 e permitiron reducir o traballo de rastrexo arquivístico previo á súa localización[6].

En canto á crise de 1880, a bibliografía dispoñible resulta inexistente, non solo para o caso de Lugo senón tamén para o resto de Galicia ou das zonas do norte da Península Ibérica que tamén puideron resultar afectadas. A realidade de ter que enfrontarse á tarefa de investigar a que foi a última crise de subsistencia importante de Galicia sen bibliografía orientadora estivo presente desde o primeiro momento, e obrigou á necesidade de estruturar o traballo durante o propio proceso investigador en base ós datos que foron aportando as distintas fontes documentais.

---

[3] KRAUSE, Marianne. La legislación sobre beneficencia y su práctica en el cambio de siglo. En: *Historia de la acción social pública en España. Beneficencia y previsión*. Madrid: Centro de Publicaciones. Ministerio de Trabajo y seguridad social, 1990, 193-224.

[4] SOBRADO CORREA, Hortensio. *La ciudad de Lugo en el Antiguo Régimen. Siglos XVI-XIX*. Lugo: Servicio de Publicaciones. Diputación Provincial, 2001.

[5] ÁLVAREZ SANTALÓ, León Carlos. *Marginación social y mentalidad en Andalucía occidental: Expósitos en Sevilla (1613-1910)*. Sevilla: Consejería de Cultura de la Junta de Andalucía, 1980.

[6] OTERO TURNES, Eva Mª e RECAREY PÉREZ, Montserrat. Datos de precipitación e temperatura, mensuais, dos observatorios históricos. Outros documentos históricos. Anexo (CD). En: Díaz-Fierros Viqueira, F. (Coord.). *Historia da meteoroloxía e da climatoloxía de Galicia*, Consello da Cultura Galega.Santiago de Compostela 2008.

Nos apartados que teñen relación coa demografía histórica en Galicia a bibliografía dispoñible si é abondosa e orientadora para as cuestións que teñen relación con ela. Tamén é abundante e xenerosa en información a bibliografía dispoñible referida a estudos agrarios, en especial as publicacións de Pegerto Saavedra que teñen que ver coa difusión e cultivo do millo en Galicia, moi útiles para tentar desentrañar as causas da distribución da crise en canto a súa intensidade na xeografía galega.

No que ten que ver coas fontes documentais, as máis importantes correspóndense coas que poden ser consideradas de corte tradicional e teñen relación coa documentación conservada nos arquivos. O Arquivo Histórico Provincial de Lugo conserva abondosa información sobre o Concello de Lugo, de vital importancia á hora de coñecer o funcionamento e a economía dos establecementos benéficos dependentes del e da Xunta Municipal de Beneficencia. As actas das sesións plenarias ofrecen tamén información importante sobre aspectos puntuais relacionados cos acontecementos que se sucederon durante o proceso da crise de subsistencia de 1880.

As fontes arquivísticas vinculadas co Goberno Civil e a Xunta Provincial de Beneficencia, que teoricamente terían que estar tamén depositadas no Arquivo Histórico Provincial de Lugo, son, sen embargo, case inexistentes. Esta circunstancia obrigou a rastrexar outros arquivos na busca de información relacionada, especialmente coa Casa de Maternidade e Expósitos. O Arquivo da Deputación Provincial aportou pouca información en canto ó seu volume, pero de gran importancia polo interese do seu contido. A conservación dos libros de entrada e saída de expósitos permitiu reconstruír e coñecer importantes aspectos relacionados con este apartado. Sen que teña unha explicación lóxica, neste arquivo atopouse tamén o libro de defuncións do Hospital Municipal correspondente ó período analizado, que seguindo o camiño da restante documentación vinculada á beneficencia municipal, debería estar depositado no Arquivo Histórico.

Na busca de documentación dispersa foi posible atopar tamén no Arquivo do Museo Provincial de Lugo os regulamentos de réxime interno da Casa de Maternidade e Expósitos, que aportaron valiosa información sobre o funcionamento do establecemento, normas que rexían o funcionamento e número e categoría dos empregados e traballadores. A dispersión e falta de clasificación da pouca documentación conservada relacionada coa Casa de Maternidade e Expósitos foi unha dificultade engadida á hora de localizar e utilizar as fontes documentais relacionadas con este apartado.

As fontes impresas foron utilizadas con profusión. A prensa local durante o período aporta importante información de aspectos que non aparecen recollidos nas fontes arquivísticas. A documentación oficial do Concello, Deputación e outros organismos ofrece unha visión oficial dos aspectos que trata, que é sempre interesante contrastar con outros puntos de vista. A prensa de outras localidades, especialmente a de Madrid, que se rastrexou abundantemente en todo o que foi posible, aporta moita información de gran valor sobre as xestións levadas a cabo diante das administracións centrais durante o tempo no que se produciu a crise de subsistencia de 1880 e a difusión que se lle deu noutros lugares á situación que se vivía nas zonas máis afectadas de Galicia.

No caso da prensa local, foi de gran valor a información, editoriais e noticias recollidas no *Diario de Lugo*, en especial dos anos 1878, 1879 e 1880, período no que se produciu a que se pode considerar a última gran crise deste tipo que se padeceu en Galicia. Non foi posible consultar a que nese momento era a outra cabeceira que se publicaba na cidade e da que non se conservan exemplares nas hemerotecas, *El Clamor de Galicia*. A escasa vida que tiñan os xornais nesa época, na que aparecían e desaparecían

con gran rapidez, sucedéndose uns a outros de maneira desordenada, non facilita as tarefas de recuperación das hemerotecas[7].

Dos xornais editados en Madrid, o máis utilizado como fonte documental foi *El Imparcial*. A dobre condición de deputado galego e propietario desa cabeceira de Eduardo Gasset y Artime, propiciou que este xornal conteña importante información relacionada con Galicia e especialmente do tempo no que se levaron a cabo xestións diante das administracións centrais para axudar a paliar os efectos da crise de 1880. Rastrexáronse tamén outras cabeceiras de Madrid para esas mesmas datas, *La Iberia, Siglo Futuro, El Globo, El Liberal, La Época, Diario oficial de avisos de Madrid, La Correspondencia de España e La Discusion*. De ámbito galego tamén se fixeron consultas puntuais en algúns xornais, como a *Gaceta de Galicia* de Santiago de Compostela. De outros ámbitos, *El Noticiero de Bilbao* aporta información sobre cuestións concretas como a colecta que se organizou naquela cidade para socorrer ós afectados pola crise en Lugo.

Entre as publicacións con periodicidade non diaria destaca polo seu interese *La Ilustración Gallega y Asturiana*. Os artigos sobre a situación que se vivía en Galicia durante os peores momentos da crise de subsistencia escritos por Manuel Murguía son de gran interese para coñecer a visión que un observador ben informado, que ademais coñecía os efectos da crise anterior de 1853, tiña neses momentos da situación. Teñen tamén importancia polo que representan da visión da situación por parte do galeguismo que el representaba desde o punto de vista ideolóxico nese momento.

En canto á prensa oficial, recorreuse con frecuencia ás consultas do *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* e á *Gaceta de Madrid* de distintos anos. A *Gaceta de Madrid* aporta importante información sobre o formato orixinal en versión íntegra de distintas leis e decretos. O *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* é unha fonte documental de gran importancia á hora de suplir a falta de documentación relacionada coa Deputación Provincial e co Goberno Civil. A publicación de moitas circulares e estatísticas das que non se conserva o seu formato manuscrito permitiu recuperar esa información non localizable na súa forma orixinal. Ofrece tamén información fundamental sobre as estatísticas de defuncións que se producen tanto no termo municipal de Lugo como na provincia a partir de 1879, cando se inicia a recollida e publicación deste tipo de datos.

O *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* suple tamén en boa parte as carencias e ausencias das fontes arquivísticas en aqueles aspectos relacionados coas partidas orzamentarias que correspondían á Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo, de maneira individual nalgúns casos e conxuntamente coa de Mondoñedo noutros, dentro dos presupostos da Deputación. Ofrece tamén importante información sobre estatísticas de prezos, especialmente útiles para a análise dos incrementos que se produciron durante a crise de subsistencia.

Algunhas das fontes documentais ás que se recorre, senón a maioría, aínda sendo de gran valor e ofrecer información de gran transcendencia, conteñen limitacións que non permiten obter toda a que sería desexable ou penetrar en algúns aspectos que, de ser posible, servirían para aclarar algunhas dúbidas que se foron formulando durante o proceso da investigación.

No caso das actas das reunións da Xunta Municipal de Beneficencia, utilizadas intensamente como liña básica para ordenar cronolóxica e tematicamente a investiga-

[7] SOTO GUTIERREZ, Juan: *As Estrelas Fugaces*.Lugo:EdicionesBolanda, 2012, pp. 34-35.

ción dos establecementos benéficos municipais, a pesar da súa amplitude, presentan algunhas carencias que limitaron en ocasións a recollida de información. Non se recollen, por exemplo, as causas dos ingresos na Casa de Beneficencia de algúns necesitados sobre os que se aproba o seu acollemento, que permitirían completar a información sobre eles, en especial sobre o grao de pobreza e desvalemento social e familiar[8].

Tampouco conteñen as actas a información sobre as causas da non aceptación de algunha solicitude de adopción de algún neno acollido na Casa de Beneficencia, recolléndose nestes casos o rexeitamento sen máis datos. Resultaría interesante coñecer se os motivos eran de tipo económico, por non presentar os solicitantes solvencia suficiente, ou de tipo moral.

En canto á condición dos acollidos no caso do Hospital e especialmente da Casa de Beneficencia, as actas tamén presentan importantes limitacións, non aportando máis información que aquela que afecta a parte dos solicitantes de acollemento. Para coñecer porcentaxes de acollidos por tramos de idade foi preciso recorrer ós censos de poboación, sobre os que foi posible estimar tamén algunha outra cuestión.

Dos episodios de conflitividade vividos na Casa de Beneficencia, especialmente por parte dos acollidos adolescentes, despois da entrega da administración ás Monxas da Caridade, tampouco son suficientemente xenerosas as fontes arquivísticas. Incluso as fugas que se producían non aparecen recollidas, e é grazas á súa reseña na prensa local que foi posible documentar a súa existencia.

Máis grave que as limitacións que poidan presentar algunhas fontes documentais é o feito de que estas non existan. O caso da Casa de Maternidade e Expósitos, que dependía da Deputación e supervisaba o Goberno Civil, é un exemplo de destrución de fontes documentais moi valiosas en épocas relativamente recentes. Os expurgos salvaxes levados a cabo nos anos cincuenta, sesenta e setenta no arquivo da Deputación deixaron en situación de gran precariedade as fontes documentais que teñen que ver con este organismo[9].Non se conservan os libros de contabilidade do establecemento nin a contabilidade xeral da Deputación de boa parte do período obxecto de estudo, contando unicamente cos resumos xerais de gastos e ingresos publicados no Boletín Oficial da Provincia, cos que se supliu a carencia de documentación máis detallada. Algo similar sucede coa documentación procedente do Goberno Civil e hoxe conservada no Arquivo Histórico Provincial. Non se conservan as actas da Xunta Provincial de Beneficencia, nin documentación algunha relacionada coa beneficencia provincial. A práctica de levar a cabo expurgos indiscriminados de documentación considerada superflua no seu momento debeu ser a causa das carencias que hoxe se aprecian tamén neste caso.

Aínda existindo dous libros de partidas de defunción vinculados á Casa de Maternidade e Expósitos, polas características das anotacións e falta de continuidade nalgúns períodos non resultaron de gran utilidade[10]. O mesmo sucede cun legaxo de certificacións de bautismo e defunción, incompleto e desordenado, e que por este motivo

[8] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 18 de xuño de 1886. (p. 309)

[9] Resulta un paradoxo que no caso dalgún destes expurgos se deixara constancia escrita, coa lista de todo o que se destruíu. Esta constancia demostra que moita da documentación relacionada coa Casa de Maternidade e Expósitos sobreviviu hasta datas bastante recentes, sendo destruída cando xa estaba a punto de xurdir o interese polo estudo dos establecementos benéficos e especialmente do mundo da exposición.

[10] ADPL. Sig. A-700 e A-701, Libros de partidas de defuncións.

tampouco resultou útil para a avaliación da cuestión da mortalidade co rigor que sería necesario[11].

Para a análise e cuantificación do problema da mortalidade de expósitos recorreuse ás anotacións de defuncións feitas directamente nos libros de entrada e saída da Casa de Maternidade e Expósitos por considerar que eran, cando menos, máis sistemáticas e ofrecían maior rigor á hora de facer os recontos que os libros de defunción. Sen embargo, a información que ofrecen tampouco pode cualificarse de óptima e resulta deficitaria nalgúns aspectos. Un destes aspectos é o que ten que ver, por exemplo, coa falta de información sobre as causas das defuncións. Son suficientemente precisas neste sentido no caso dos falecementos que se producen no propio establecemento, antes de que se leve a cabo a entrega ás amas de cría externas, pero non sucede o mesmo cando morren xa fora, nos domicilios das amas. As anotacións das causas dos falecementos dentro da Casa permiten detectar e avaliar a existencia e alcance de focos de contaxio dentro da mesma, cuestión de importancia para sopesar e valorar as medidas que se toman ou deberían tomar para reducir a alta taxa de mortalidade que caracterizaba a este tipo de establecementos, pero non permite facer análises das causas da mortalidade unha vez feita a entrega ás amas de cría externa.

A utilización de datos estatísticos é básica para o coñecemento o máis preciso posible de determinados aspectos. Para recorrer a eles, ás veces, é preciso reelaborar a información orixinal, levando a cabo os recontos e cálculos posteriores de porcentaxes e a elaboración das táboas e gráficas correspondentes. Son poucos os casos nos que esa información aparece xa nas fontes documentais elaborada e lista para aplicar a análise correspondente de maneira directa.

As fontes documentais relacionadas coa climatoloxía dos anos nos que se produce a crise de subsistencia que afectou a Galicia en 1879 e 1880 permiten confirmar a hipótese da causa meteorolóxica como factor determinante, e tamén concretar a maneira na que ó longo dos meses producen os seus efectos. Os rexistros climáticos deses anos son suficientemente precisos na súa consideración xeral, pero incompletos no que sería desexable nalgúns aspectos concretos. O feito de que eses anos coincidan aínda coa etapa inicial de todo o que ten que ver coa meteoroloxía galega, orixina que haxa algunhas carencias no que se refire a algúns lugares en concreto. A inexistencia dun observatorio nese momento na provincia de Lugo supliuse cos datos conservados das observacións correspondentes a Santiago de Compostela e A Coruña. A existencia dalgunha publicación na que se recolle esta información facilita a consulta e permite a súa utilización de maneira eficiente[12].

Partindo da hipótese de traballo e contando coa bibliografía e fontes documentais existentes, coas súas virtudes e limitacións, é preciso aplicar unha metodoloxía de traballo. O primeiro paso é a análise dos datos e información contida nas fontes, que permitan ir establecendo xa durante ela ou inmediatamente despois conclusións parciais de cada un dos apartados ou cuestións analizadas, aplicando o que sería a primeira fase do modelo de razoamento indutivo, para o que é preciso partir de constatacións o máis certeiras e claras posibles. A continuación dese método indutivo levaría ó seguinte paso lóxico de poder elaborar conclusións máis xerais. A aplicación de razoamentos induti-

[11] ADPL. Sig. A-698. Certificacións de bautismo e defunción.

[12] DIAZ-FIERROS VIQUEIRA, Francisco (Coordinador).*Historia da meteoroloxía e da climatoloxía de Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2008. O CD que acompaña á publicación, coa copia dixitalizada dos documentos que conteñen os datos das observacións meteorolóxicas deses anos, facilita o acceso a esa información na súa versión orixinal e de maneira ordenada.

vos que poidan levar a conclusións non necesariamente certeiras por non contar con premisas suficientemente sólidas, evitarase sempre que sexa posible, reservándose para aqueles casos nos que sexa realmente inevitable por non ser as fontes suficientemente claras ou aportar información non facilmente medible, e patentizando sempre este carácter e as reservas conseguintes. O recurso ó método dedutivo é imprescindible para a comprensión de algunhas constatacións que se vaian producindo. O porqué se producen ou se fan evidentes pódese explicar tendo en conta principios máis xerais que rexen o momento histórico, económico, social ou político.

A intención de recorrer a premisas sólidas implica a intención de medir todos aqueles aspectos que o permitan. Non obstante, o criterio cuantificador non sempre é de aplicación e ,en ocasións, é preciso recorrer ó carácter cualificador en determinados aspectos nos que aquel non resulta de aplicación. As cuestións vinculadas coa mentalidade e as actitudes non sempre son medibles en números e porcentaxes, aínda sendo evidentes, pero esta condición non debe ser inconveniente para constatalas e analizalas.

Como método complementario recórrese cando é preciso á interpretación sociolóxica e ó cotexo de textos e datos. A veracidade de determinada información require en ocasións o esforzo complementario de sometelo a contrastes con distintas fontes que confirmen ou poñan en suspenso información non suficientemente sólida ou sobre a que poidan formularse dúbidas.

De maneira resumida, recórrese a un abano de recursos que axuden a avanzar cara o obxectivo final das conclusións, que permitan alcanzar o obxectivo inicial de coñecer a maneira en que se levou a cabo a adaptación das normas emanadas das administracións relacionadas coa beneficencia na cidade de Lugo no século XIX.

En canto a estrutura coa que abordar o traballo e o seu tratamento metodolóxico preséntanse cando menos dúas opcións: unha análise lineal e diacrónica, institución por institución, con todas as variantes ó longo do proceso, ou o estudo dos principais fitos e as súas repercusións simultáneas en todo o sector non solo a escala local senón incluso provincial.

Na busca dunha maior claridade, optouse pola primeira opción, aínda asumindo as obrigadas e inevitables reiteracións, en especial no que ten que ver coas observacións e conclusións parciais que se vaian facendo, recorrendo ó contraste e a análise comparada dos distintos establecementos e institucións implicadas cando sexa necesario, en especial á hora de elaborar as conclusións xerais.

O resultado final no que respecta á estrutura xeral presenta unha disposición cuadripartita, da que as tres primeiras partes correspóndense coa análise e estudo de cada un dos tres establecementos benéficos existentes na cidade e unha cuarta vincúlase coa crise de subsistencia que denominamos de 1880. A estes catro piares fundamentais precede un conxunto introdutorio de apartados que serven de base para comprender o contexto no que se desenvolven cada un deses catro capítulos fundamentais. A delimitación do concepto de pobreza, o contexto legal e normativo no que se desenvolve a asistencia a ela, e os antecedentes históricos dos establecementos asistenciais da cidade conteñen a bagaxe informativa previa necesaria para comprender o funcionamento e as circunstancias nas que se desenvolve todo o que ven a continuación e que constitúe o obxecto da investigación.

Trátase en suma dun intento de completar unha pequena parcela sobre un aspecto pouco coñecido da historia social decimonónica de Galicia sobre a que queda aínda por diante unha importante tarefa investigadora a realizar.

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

1

APROXIMACIÓN Ó MUNDO DA POBREZA

1. O MUNDO DA POBREZA

1.1. O concepto de pobreza

Convén, antes de nada, precisar que o concepto sociolóxico, lingüístico, histórico ou económico da pobreza comporta certas dificultades á hora de delimitalo e precisalo. A súa imprecisión implica a non existencia dunha liña fronteiriza clara e definida que sitúe os límites coa precisión necesaria en moitos casos. Por outra parte, o concepto mesmo está en constante evolución, ó igual que outras moitos conceptos sociais. Os parámetros polos que actualmente se determina o chamado "umbral de la pobreza" dificilmente serían asumidos como determinantes a finais do século XIX, mentres que boa parte do sector social inmediatamente por riba dese "umbral", nesa época, hoxe quedaría claramente por debaixo. O concepto é, debido a isto, claramente variable e circunstancial.

Por outra parte, hai que ter en conta a multiplicidade de termos equivalentes pero distintos que se mesturan e coexisten: pobreza, indixencia, miseria ou pauperismo son variedades graduais dun mesmo concepto. Para a súa definición e clasificación desde un punto de vista historiográfico parece recomendable seguir as pautas que para a súa clasificación dá Elena Maza Zorrilla[1].

Mentres que o concepto de pobreza expresaría unha idea relativa de carencia, a indixencia referiríase ó estado no cal as necesidades esenciais, de forma intermitente, non poden ser satisfeitas. A miseria, por outra parte, implicaría a indixencia permanente. Cando esta situación de miseria afecta a unha parte importante da poboación, poderíase falar entonces de pauperismo.

A clasificación dos conceptos básicos sobre a pobreza quedaría esquematizado da seguinte forma:

Pobreza: Concepto relativo e xenérico, vinculado ó estado de quen carece do necesario ou de quen ten algo de maneira insuficiente.

Indixencia: Pobreza intermitente, na que as necesidades esenciais non poder ser suficientemente satisfeitas.

Miseria: Pobreza permanente, sen o carácter intermitente da indixencia.

Pauperismo: Pobreza acumulada, agrandada e estendida a poboacións enteiras ou a sectores amplos da sociedade.

---

[1] MAZA ZORRILLA, Elena. *Pobreza y asistencia social en España, siglos XVI al XX. Aproximación histórica*. Valladolid: Universidad de Valladolid, 1987.

En canto á personificación do concepto da pobreza, á súa concreción individualizada, a situación tampouco é suficientemente precisa e clara. Pobre, mendigo, vagabundo, son termos utilizados frecuentemente como equivalentes.

Mentres que o pobre aparece vinculado a unha situación de pobreza pasiva, resignada, cando menos aparentemente, o mendigo faino a unha postura activa, menos resignada e de búsquea de solución das súas carencias materiais, pedindo e mendigando.

Tanto o pobre como o mendigo aparecen como elementos da sociedade, claramente adaptados á legalidade, instalados na sociedade organizada, que os acepta por asumir a súa condición e non quebrantar as normas sociais. O vagabundo, sen embargo, non goza desa consideración social e leva adheridas abundantes connotacións negativas: folgazán, ocioso, errante, ausencia de oficio, domicilio fixo e vinculacións sociais. Aparece situado á marxe da sociedade, reforzándose o seu carácter marxinal e non integrado. O feito de que se atope sempre en situación de bordear a legalidade fai que para os poderes públicos estas persoas sexan obxecto dunha minuciosa normativa legal con matices represivos, por considerar que traspasan a barreira formal que os achega ó delito e a transgresión. Para os seus contemporáneos, o vagabundo, ademais dun ser errante, sen cadeas nin ataduras sociais, é un home sen escrúpulos, descrido e libertino.

Esquematizando os conceptos de pobre, mendigo e vagabundo quedaría resumido da seguinte maneira:

POBRE.— Pobreza pasiva, non activa.

MENDIGO.— Pobreza activa, de busca de solucións mediante a demanda de axuda, (actitude mendicante)

Ambos, o pobre e o mendigo, adaptados á legalidade, inseridos e aceptados pola sociedade.

VAGABUNDO.— Pobreza activa, errante e sen vinculacións sociais. Carácter marcadamente marxinal.

Fora da sociedade, rexeitados por ela. Bordean e traspasan os límites da legalidade.

Sinalouse anteriormente o carácter difuso e cambiante da liña que separa o ámbito da pobreza do que non a é. A isto hai que engadir o carácter non permanente e circunstancial ou temporal da pobreza en determinados períodos da vida das persoas ou das comunidades ás que pertencen. A gran maioría da poboación rural ou urbana estivo permanentemente exposta ó longo da historia e do período que nos ocupa, por falta de traballo, crises de subsistencia, depresións económicas ou avatares persoais, á pobreza e a indixencia. A agricultura foi o sector económico que ocupou á maior parte da poboación non só de Galicia senón de toda Europa en xeral. Con sistemas pouco eficaces de explotación e distribución, repartición pouco acertadas da terra e vulnerabilidade ós avatares climáticos, provoca periódicas crises agrícolas e de subsistencia que sumen á poboación que anteriormente non era pobre na fame e o desamparo. Un simple accidente climático podía converter a pequenos propietarios e xornaleiros en pobres, mendigos e vagabundos[2]. Estas crises no campo, que se sucedían no pasado de forma periódica,

[2] O ano da fame de 1880 pode ser considerado un exemplo paradigmático desta circunstancia. No capítulo correspondente, analízanse as súas causas, o seu desenrolo e as súas consecuencias, especialmente no que ten que ver co ámbito xeográfico da provincia de Lugo. Como se verá no seu momento, esta crise de subsistencia encaixa perfectamente co exposto neste apartado en canto ós seus efectos.

empuxaban a grandes masas de campesiños, repentinamente empobrecidos, cara as cidades en demanda de sustento e protección.

A situación no medio urbano tampouco era o suficientemente estable e segura. O artesán ou traballador da cidade, por problemas de saúde, familiares ou conxunturais, podíase ver en calquera momento privado dos medios para gañarse a vida. A morte do cabeza de familia, tal como veremos en capítulos posteriores[3], deixa frecuentemente na penuria á viúva e ós fillos. A estes sectores susceptibles de empobrecerse en calquera momento, podendo recuperarse posteriormente unha vez superada a conxuntura adversa nuns casos ou permanecendo xa de maneira irreversible noutros, hai que engadir nun apartado distinto a todo o cúmulo de pobres consolidados, moitos deles xeración tras xeración.

Seguindo as clasificacións, que para este ámbito fai Maza Zorrilla, apoiándose tamén nas de outros autores[4], teríamos, en primeiro lugar, a existencia, xunto á pobreza fixa e consolidada, de outra pobreza móbil, conxuntural en algúns casos, representada por todos aqueles que pasan a selo sen selo anteriormente. Establécense desta maneira dous grupos. A pobreza móbil e ocasional, derivada da permanente inseguridade e risco de caer nela, e a pobreza permanente, á súa vez subdividida en dous niveis: o integrado e o marxinado.

Pobreza móbil ou ocasional

Pobreza permanente
- Integrada. Amparada polas propias estruturas sociais e caritativas.
- Marxinal. Desasistida e, incluso, rexeitada e perseguida polos poderes públicos (vagabundos, prostitutas, delincuentes, etc.)

O apartado da pobreza permanente, estable, con poucos ou ningunha posibilidades de recuperación, moitas veces herdada e transmitida xeracionalmente, admite tamén a clasificación desde outro punto de vista nas seguintes subclases: os pobres de solemnidade, os pobres vergonzosos e os pobres marxinados. Os primeiros, os pobres de solemnidade, entrarían no apartado da pobreza permanente e integrada da clasificación anterior (integrada e marxinal).

Pobreza permanente
- — Pobres de solemnidade
- — Pobres vergonzosos
- — Pobres marxinados

O termo pobre de solemnidade correspóndese coa terminoloxía xurídica e legal. Conceptualmente, adxudícaselle a aqueles pobres oficialmente recoñecidos como tales polas distintas administracións[5] en distintas épocas históricas, incluído o período a ana-

[3] Esta circunstancia será determinante, como se verá no seu momento nos apartados correspondentes, no caso de moitos ingresos de nenos que se producen na Casa Municipal de Beneficencia e na Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo. O desamparo en que quedaban os nenos en estas circunstancias obrigaba a levar a cabo os ingresos dos nenos, en moitos casos con carácter urxente, por orden do alcalde ou do gobernador da provincia.

[4] MOLLAT, Michelle. Les problèmes de la pauvreté. En: MOLLAT, M. (dir.) *Etudes sur l´histoire de la pauvreté*, Vol. II, Publicatións de la Sorbonne. París, 1974, pp. 11-30.

[5] O termo "pobre de solemnidad" aparece con frecuencia nos expedientes de solicitude de ingreso na Casa Municipal de Beneficencia de Lugo, nos que aparece como un mérito para a súa aprobación. Tamén nos

lizar. Este recoñecemento oficial significa, entre outras vantaxes, o dereito á asistencia nos centros benéficos e a exención de impostos. Inclúense neste grupo as vítimas da soidade, da idade e da enfermidade: viúvas, anciáns e enfermos, fundamentalmente.

Unha das maneiras, a máis importante, de obter este recoñecemento oficial de pobreza, era mediante a declaración diante do notario. No Madrid do século XVIII este tipo de certificacións, moitas veces non suficientemente fundadas, constituían unha auténtica especialidade entre os notarios[6]. Os solicitantes máis habituais non eran pobres de nacemento, pobres que o fosen anteriormente, senón cidadáns empobrecidos: antigos funcionarios que pasaron á categoría de cesantes, empregados sen emprego e, sobe todo, as súas viúvas. En boa parte dos casos trátase de xentes que se vían empuxadas á indixencia na etapa final das súas vidas, sen telo sido anteriormente. Se se ten en conta o custo do trámite notarial, cabe supoñer que unicamente aqueles que puideran dirixirse ó notario nun momento no que aínda non eran verdadeiramente pobres, podían máis tarde contar con esa certificación legal.

A picaresca, como en outras facetas da vida, non deixaba de facer aparición nesta cuestión de maneira clara e nunha porcentaxe importante. As exencións fiscais e prestacións gratuítas que se regulaban para os pobres de solemnidade xeraban toda unha estratexia picaresca chea de manobras falsificadoras. Aínda que a normativa legal insistía repetidas veces no cumprimento das condicións precisas para obter a cédula ou título de pobreza, non faltaban bulas e artimañas para obtela. Os atractivos eran tentadores e non só por razóns económicas e sociais. Xogaba tamén un importante papel dentro da psicoloxía colectiva, con clara intencionalidade de eludir o pago de impostos e escapar á mentalidade reguladora e formalista dos distintos poderes e administracións. Non se dá esta circunstancia no caso de Lugo, onde a cualificación de pobre de solemnidade non obedecía a certificación notarial algunha, senón a testemuñas dos curas párrocos e pedáneos das parroquias, sen que en ningún momento se perciba falsidade no manifestado nin aparencia de fraude[7]. A utilización dos establecementos benéficos en determinados casos, por parte de xentes pertencentes ás clases sociais non desfavorecidas, levábase a cabo mediante outro tipo de estratexias que se analizarán no seu momento[8].

En canto ós pobres vergonzosos, independentemente do lugar e momento histórico no que se sitúen, refírese esta condición a aqueles que tratan de ocultar a súa situación de vidos a menos, de decadencia económica que os empuxa á pobreza, baixo unha aparencia ficticia de normalidade e honorabilidade. Trataríase, pois, dunha situación contraria á do pobre de solemnidade, que fai exhibición pública da súa condición, ás veces magnificada, e trataríase dunha actitude de disimulo da verdadeira condición, causada pola vergonza que esta provoca na imaxe pública do que a padece.

---

informes dos curas párrocos que portaban algunhas mulleres que levaban a cabo ingresos de nenos na Casa de Maternidade e Expósitos se fai referencia a esa condición.

[6] SOUBEYROUX, Jacques. *Paupérisme et rapports sociaux à Madrid au XVIIIe siècle*. Lille: Atelier de Reproduction des Thèses, 1978, vol. 1, p. 98.

[7] As referencias a esta condición son frecuentes nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia nas que se aprobaban os ingresos na Casa Municipal de Beneficencia, sen que en ningún momento se fixese referencia á certificación notarial que avalase esa condición nin se puxese en dúbida a autenticidade do manifestado.

[8] O ingreso de fillos de xentes acomodadas da cidade, con deficiencias psíquicas, na Casa Municipal de Beneficencia, mediante o pago dunha pequena cantidade de diñeiro, é un destes exemplos que serán analizados no seu momento.

O pobre vergonzoso non coincide en boa parte dos casos co resto dos pobres máis que na condición económica. Nin a traxectoria vital nin a mentalidade nin, en moitos casos, a formación coinciden co resto das tipoloxías. Dáse ademais en moitos casos unha negación da súa propia condición. Son pobres que non queren selo, nin demostralo, nin parecelo, nin integrarse no mundo da pobreza.

No que ó último grupo se refire, os pobres marxinados, cabe dicir que a súa característica máis importante, tal como o seu nome indica, é o seu carácter marxinal con respecto ó resto da sociedade. Non se encontran integrados de forma legal no intercambio económico que leva consigo a vida na sociedade organizada e bordean e incluso penetran no terreo da perigosidade e a delincuencia.

Dentro deste grupo heteroxéneo e ecléctico atópanse incluídos os que se corresponden co termo xurídico de vago. Trátase de persoas distanciadas, como xa se dixo, dos circuítos produtivos, carentes de oficio, rendas e facenda, sen que resulte fácil determinar os seus medios de subsistencia. Tamén conta cunha especial relevancia dentro deste grupo o sector social que se move arredor da prostitución.

É importante sinalar primeiramente, o contexto legal no que este importante sector social se move (e a súa actividade se leva a cabo). Durante o Antigo Réxime a prostitución ten a condición de mal social inevitable, sobre o que recae unha ampla maraña de normas e leis, moitas delas contraditorias, con unha clara intencionalidade de control, diferenciación e illamento, que non evitou en determinados momentos as prohibicións e as medidas represivas, como sucedeu coa Pragmática do 10 de febreiro de 1623 de Felipe IV.

Durante a época contemporánea persiste a intencionalidade de definir social e publicamente os límites da prostitución a través da súa concentración en zonas e barrios determinados, pero desaparecen as normas que impedían o disimulo social, como a prohibición ou obriga de levar certas prendas de roupa. Nos códigos penais, a prostitución deixa de ter a consideración de delito e as prostitutas unicamente poder ser detidas por infrinxir as normas de prevención sanitaria e por escándalo. Desde mediados do século XIX, irán xurdindo nas distintas cidades (primeiro nas máis grandes e despois, por mimetismo, nas de menor entidade) regulamentos de ámbito municipal de intencionalidade reguladora e controladora, por unha parte, e recadatoria, por outra.

O Código Penal de 1870, que será de aplicación durante o período da Restauración, como viña sucedendo na etapa inmediatamente anterior, non tipifica como delito a prostitución, establecendo sancións pra determinados aspectos relacionados con esta actividade. O escándalo público que se puidera derivar do seu exercicio aparece penalizado con arresto maior. Tamén son penalizados con arresto correccional e inhabilitación a corrupción de menores e as presións sobre as mulleres para coaccionalas ó exercicio desa actividade.

1.2. A actitude do Estado fronte á pobreza

Durante o Antigo Réxime, a actividade asistencial estivo fundamentalmente nas mans de institucións relixiosas. Non obstante, o Estado tamén tivo algunha actuación de certo relevo neste campo, especialmente no relativo ó control de subsistencias, mediante os pósitos e a regulación de artigos de primeira necesidade. Por outra parte, os gremios cumprían tamén unha serie de funcións asistenciais con respecto ós seus membros.

Todo isto desaparece na Idade Contemporánea co afianzamento do novo tipo de Estado liberal burgués e as funcións que se lle supoñen propias. En virtude das novas doutrinas económicas, consagradas trala Revolución Francesa e aceptadas por tódolos países occidentais nas primeiras décadas do século XIX, os gremios desaparecen, de acordo co principio de liberdade de traballo, de comercio e de prezos. Por outra parte, as funcións asistenciais da Igrexa ven diminuídas as súas posibilidades coa Desamortización, pero o Estado, que podía ter substituído á Igrexa, reforzando as súas antigas funcións de tutela e control, abandona tamén estas en gran medida, en virtude deses mesmos principios liberais.

A beneficencia particular vinculada á Igrexa constituíu a fórmula predominante de asistencia ás clases máis deprimidas ata o século XIX. As esmolas en metálico ou especie entregadas polas clases privilexiadas ós máis pobres estaban ligadas ás crenzas relixiosas.

Coa quebra do Antigo Réxime e aparición do Estado liberal, os gobernos comezaron a organizar sistemas de beneficencia pública ós que destinaban partidas marxinais dos presupostos. Pero estas fórmulas ofertaban servizos raquíticos e deficientes, incapaces de satisfacer as necesidades que se presentaban, limitándose a atender os casos máis extremos nos núcleos urbanos, nunha sociedade fundamentalmente rural[9].

A esta situación hai que engadir o feito de gran importancia, senón para a cidade de Lugo, si para outras zonas do Estado máis industrializadas e desenroladas economicamente, como foi o transvasamento de parte da poboación activa do sector primario (agricultura e gandería) ó secundario e terciario. España en xeral e Galicia en particular continuaría sendo predominantemente agrícola ata ben avanzado o século XX[10], pero é innegable o crecemento das cidades, e o desenrolo industrial que se producen no século XIX noutros ámbitos, co desarraigo subseguinte de importantes capas da poboación e o incremento dos problemas e as carencias sociais.

Diante desta nova situación de desaparición dos sistemas asistenciais do Antigo Réxime e incremento das demandas e necesidades nas grandes cidades industriais, os grandes sectores afectados, burguesía, por un lado, e proletariado, polo outro, van reaccionar, como é lóxico, de distinta maneira, defendendo os seus intereses. Os traballadores, reclamando do Estado unha serie de actuacións e buscando facer presión tanto ó poder público como ós empresarios cos medios que teñen ó seu alcance: a asociación e a protesta. A burguesía, adoptando unha actitude fundamentalmente defensiva diante da situación que se creaba.

Atrapada entre o desexo de minimizar o papel e as funcións do Estado e o temor ás masas organizadas, que reclaman unha maior atención do mesmo, a burguesía terminará optando por dar un maior protagonismo ó Estado para resolver as demandas sociais máis ineludibles[11].

---

[9] VILAR RODRÍGUEZ, Margarita. ¿Entre la limosna y el bienestar? Origen, desarrollo y consecuencias de las políticas sociales en Galicia (1890-1935). *Cuadernos de Historia Contemporánea*, 2007, vol. 29, pp. 173-197.

[10] ALONSO ÁLVAREZ, Luis. La crisis de la economía tradicional. Continuidad y cambio en la Galicia del siglo XIX. En: DE JUANA, Jesús e PRADA, Julio (coords.). *Historia contemporánea de Galicia*. Barcelona: Ariel, 2005, pp. 33-55 (p. 39).

[11] LÓPEZ KELLER, Estrella. Hacia la quiebra de la mentalidad liberal: las resistencias del cambio. En *Historia de la acción social pública en España. Beneficencia y previsión*. Madrid: Centro de Publicaciones. Ministerio de Trabajo y seguridad social, 1990, pp. 137-160.

A acción social do Estado limítase durante o século XIX a manter ós indixentes co imprescindible para evitar que recorran a solucións extremas. En ningún momento a axuda se formula como unha obriga que ten a sociedade e o Estado, nin tampouco como un posible dereito do asistido. É só un compromiso oral, non baseado en principios relixiosos, senón de orde social: socórrese para manter a tranquilidade pública. Trátase dun antídoto para previr a aparición de revoltas e conflitos sociais[12].

Non se recoñece tampouco o dereito ó traballo dos cidadáns, xa que facelo, na mentalidade da época, supoñería quebrar o concepto de liberdade da economía e conduciría á organización da sociedade desde un punto de vista máis propio dos sistemas progresistas do século XX que do XIX. Só en determinadas circunstancias o Estado, ás veces a través dos concellos, substituirá á iniciativa privada e creará postos de traballo provisionais, normalmente mediante o fomento de obras públicas, cuxa aprobación tiña ás veces esta función, antes que a de solucionar as carencias de infraestruturas[13].

De maneira resumida pódese dicir que o traspaso ó Estado que se produce durante o século XIX do protagonismo eclesiástico que se produce da acción social sobre a pobreza foi unha consecuencia lóxica do avance histórico cara unha sociedade laica e moderna que comportaba a perda dos privilexios que os estamento clerical mantivera ata ese momento[14].

1.3. Fundamentos legais arredor do mundo da pobreza

No século XIX, desde o punto de viste legal, clasifícase a poboación que engloba o pauperismo en función da actitude fronte ó traballo en tres categorías: os que non poden traballar por impedimentos físicos (anciáns, enfermos eivados, nenos, etc.); os que non saben traballar (mal educados, propietarios arruinados, pensionistas, etc.) e, por último, os que non queren traballar (vagos, mendigos, xogadores etc.). Este conxunto de poboación forma o que neste século se definía como clases perigosas, fronte ás que a sociedade tiña que protexerse. Ós que non podían traballar enviábaselles á beneficencia pública e privada; ós que non querían traballar podendo facelo, aplicábaselles unha lexislación que os equiparaba ós delincuentes. Para os traballadores foméntanse sistemas de previsión, desconectados do político, que non poñen en cuestión os principios básicos da sociedade liberal[15].

Atendendo a esta división, compre analizar o campus xurídico que se relaciona co tema atendendo a tres subapartados: a pobreza, a vagancia e os sistemas de previsión.

---

[12] TRINIDAD FERNÁNDEZ, Pedro: Trabajo y pobreza en la Primera Industrialización. En *Historia de la acción social pública en España. Beneficencia y previsión*. Madrid: Centro de Publicaciones. Ministerio de Trabajo y seguridad social, 1990, pp. 102-103.

[13] A análise da crise de subsistencia de 1880 en Lugo ofrecerá algúns exemplos desta circunstancia. O financiamento de obras públicas para paliar temporal e puntualmente os efectos máis ameazantes da crise será un tema recorrente durante o tempo no que se levaron a cabo as xestións diante do goberno central e que serán analizadas en detalle no apartado correspondente.

[14] MUÑIZ DE LAS CUEVAS, Ramón: *O pobo oculto. Pobreza e asistencia social en Galicia*. Vigo: Edicións a Nosa Terra, 1996, p. 32.

[15] TRINIDAD FERNÁNDEZ, Pedro: Trabajo y pobreza en la Primera Industrialización. En: *Historia de la acción social pública en España. Beneficencia y previsión.* Madrid: Centro de Publicaciones. Ministerio de Trabajo y seguridad social, 1990, pp. 103-104.

1.3.1. As leis entorno á pobreza. (Os que non poden traballar)

De forma xenérica, pódese dicir que ó longo do período da Restauración continúa vixente a Lei de Beneficencia de 1849[16] (Lei do 20 de xuño de 1849) e o regulamento xeral para a súa execución de 1852[17], aínda que só nos seus principios fundamentais, xa que, como ser irá vendo, en diferentes momentos do período procédese á elaboración de novas normas que van definindo con maior precisión cada ámbito da acción benéfica en España, tanto na súa vertente pública como privada.

A Lei de Beneficencia de 1849 constaba de 21 artigos e no primeiro deles declara públicos tódolos establecementos de beneficencia existentes, salvo aqueles que cumpran co obxecto da súa fundación, se costeen exclusivamente con fondos propios, ben sexan doados ou legados por particulares, e cuxa dirección e administración estivera confiada a corporacións autorizadas polo Goberno ou a patróns designados polo fundador. Unicamente os que reúnan estes requisitos serán considerados como particulares.

Establecida no primeiro artigo a división básica entre a beneficencia publica e privada, o resto do articulado trata sobre os establecementos públicos nunha tripla modalidade: xerais, provinciais e municipais, segundo os servizos prestados e a orixe dos seus recursos. A dirección da acción benéfica queda en mans do Goberno, a través dunha Xunta Xeral en Madrid e Xuntas Provinciais e Municipais nas capitais e pobos do reino, delimitándose con detalle a súa composición nos artigos 6 ó 8, mentres que nos 9 ó 11 o fai das fundacións e competencias[18].

O Regulamento Xeral de 1852, destinado a desenrolar a Lei de Beneficencia de 1849, foi publicado como "Real decreto del 14 de maio de 1852" e rubricado por M. Bertrán de Lis, naquel momento ó fronte do Ministerio de Gobernación[19]. Aparece estruturado en catro títulos. O primeiro deles, que comprende os artigos 1 ó 28, está dedicado ós establecementos benéficos e á súa clasificación (públicos e privados; os primeiros á su vez divididos en xerais, provinciais e municipais), con especial detalle do tipo de centros que pertence a cada grupo. O seu número, situación, dereitos e obrigas.

O título II (artigos 29 ó 45) trata do goberno destas institucións, deixando o seu control supremo en mans gobernamentais (a través do Ministerio da Gobernación) e incluíndo unha exhaustiva relación de competencias. Fíxanse as atribucións e responsabilidades da Xunta Xeral (auxiliares do Goberno na dirección dos establecementos xerais) e as das xuntas provinciais e municipais, para concluír coa súa estruturación interna en tres seccións: goberno, administración e estatística.

O título III (artigos 46 ó 87) trata da administración económica dos establecementos benéficos, referido tanto ós seus bens e fondos como ós seus presupostos e contabilidade.

---

[16] Lei Xeral de Beneficencia de 20 de xuño de 1849. Gaceta de Madrid, nº 5398, do 24 de xuño de 1849, pp. 1-2. APÉNDICE DOCUMENTAL Nº 1.

[17] Regulamento da Lei Xeral de Beneficencia, decreto do 14 de maio de 1852, Gaceta de Madrid nº 6537 do 16 de maio de 1852, pp. 2-4. APÉNDICE DOCUMENTAL Nº 2.

[18] En Lugo, a aplicación destes artigos da Lei daría lugar a creación da Xunta Provincial de Beneficencia, presidida polo gobernador da provincia e que tomaba determinacións sobre os establecementos benéficos de carácter provincial, como eran as Casas de Maternidade e Expósitos, e a Xunta Municipal de Beneficencia, presidida polo alcalde e que tiña potestade sobre os establecementos dependentes do concello de Lugo, como eran a Casa Municipal de Beneficencia e o Hospital Municipal de Beneficencia.

[19] Regulamento da Lei Xeral de Beneficencia, decreto do 14 de maio de 1852. *Gaceta de Madrid* nº 6537 do 16 de maio de 1852, pp. 2-4. APÉNDICE DOCUMENTAL Nº 2.

O título IV (artigos 88 ó 100) contén unha serie de disposicións xerais e transitorias onde se enumera unha serie de recomendacións ós servizos asistenciais, así como os traballos urxentes que deberán acometer as Xuntas para a aplicación e desenrolo do Regulamento.

Sobre o Regulamento Xeral de 1852, incidirán en maior ou menor medida unha serie de leis e decretos, algúns deles só temporalmente, que introducen pequenas modificacións. Son estas as máis importantes:

— Lei xeral do 1 de maio de 1855.

— Decretos do 4 de novembro e 17 de decembro de 1868.

— Decreto do 22 de abril de 1873.

— Decreto do 30 de setembro de 1873.

— Real decreto do 27 de abril de 1875.

— Real decreto (Instrución) do 27 de xaneiro de 1885.

— Real decreto (Instrución) do 14 de marzo de 1899.

A modo de resumo, pódese concluír que as referencias legais a ter en conta son, para a beneficencia publica a lei do 20 de xuño de 1849 xunto co Regulamento de 1852que a desenrola, e as instrucións do 22 de abril de 1873, 27 de abril de 1875 e 27 de xaneiro de 1885. E para a beneficencia privada a Instrución do 14 de marzo de 1899.

1.3.2. Disposicións legais en torno á vagancia. (Os que non queren traballar)

A historia legal da vagancia en España, desde a Idade Media en que aparecen as primeiras normas ó respecto, precisaría dun tratamento amplo e exhaustivo para comprender tódolos cambios e matices que ó longo do tempo sufriron o concepto e o seu tratamento legal.

O afán por deslindar ós verdadeiros necesitados dos impostores ou simples inadaptados é unha constante ó longo da Historia. Xa nas Partidas de Alfonso X se atopan normas orixinadas neste obxectivo[20]. O concepto mesmo de vago varía e está suxeito ós avatares do momento. Tamén a normativa legal cambia e sufre modificacións no transcurso do tempo, adaptándose ás circunstancias políticas que se suceden.

Foi, moi posiblemente, na real orde do 30 de abril de 1745, onde o concepto legal de vago abarca a tipoloxía más variada e completa:

> (…)el que sin oficio ni beneficio, hacienda o renta, vive sin saberse de qué le venga la subsistencia por medios lícitos y honestos; el que teniendo algún patrimonio o emolumento, o siendo hijo de familia, no se le conoce otro empleo que el de casas de juego, compañías mal opinadas, frecuencia de parajes sospechosos y ninguna demostración de emprender destino en su esfera; el que vigoroso, sano o robusto en edad, y aun con lesión que no le impida ejercer algún oficio, anda de puerta en puerta pidiendo limosna; el soldado inválido que teniendo sueldo de tal, anda pidiendo limosna, porque éste, con lo que le está consignado en su destino puede vivir, (…)

[20] Partidas de Alfonso X. Partida II, TítuloXX, Lei IV. Ley quarto que el pueblo se deuetrabajar de traer los frutos de la tierra& las otras cosas de que se han de gouernar.

De forma sintética, tal como afirma Maza Zorrilla[21], pódese resumir que con anterioridade ós Austrias, a vagancia non constitúe en si mesma un delito, se ben se intenta eliminar con severidade, castigándose coa pena de desterro toda resistencia. Posteriormente, ata a chegada dos Borbóns ó trono, a efectos legais significa un delito penado con galeras e azoutes. Desde este momento e ata as Cortes de Cádiz, deixa de ser considerado un delito, pero os vagos, se son útiles, son conducidos de maneira forzosa á Armada e ó Exército.

A partir da Constitución de 1812, retorna a tendencia penalizadora con certas matizacións ata a Lei de maio de 1845 e o Código Penal de 1848, que supoñen a súa eliminación. Finalmente, o Código Penal de 1870, que estará vixente durante o período restaurador, considéraa unicamente "circunstancia agravante" nos cargos por delitos nos que puidera incorrer o acusado. Esta mesma actitude será asumida tamén no Código penal de 1928.

1.3.3. As leis e os sistemas de previsión. (Os que traballan)

Se ben os sectores populares que se atopaban integrados no sistema laboral non deberían presentar problemas nin ser obxecto de preocupación, como o eran os dos dous apartados anteriores, a clase obreira presentaba para o sistema político e económico un gran potencial de perigosidade.

A pretensión do Estado de non intervir na regulación das relacións sociais e laborais vese mediatizada polo medo ós grandes conflitos que se poden derivar das actitudes revolucionarias da clase obreira, que poden poñer en perigo a existencia do propio Estado[22].

O discurso da burguesía conservadora sobre as clases populares, e en concreto sobre o obreiro industrial, está impregnado de medo e paternalismo moralizador. O obreiro é considerado un irresponsable que hai que dirixir polo bo camiño para afastalo das paixóns e as malas doutrinas.

Ó traballador identifícaselle coa irresponsabilidade dun neno ó que hai que tutelar e orientar. Trátase dun ser sen sentido da previsión que gasta nas tabernas a maior parte do salario. En 1893, Concepción Arenal escribe:

> Tras una semana de trabajo y de privaciones, el sábado por la noche no le preocupa la idea de madrugar al dia siguiente, y tiene dinero. ¡Qué tentación! Allí está la taberna, donde entran sus amigos a gozar los únicos goces que él comprende. Primero se bebe, se habla y se ríe, después se jura, se blasfema, se riñe; luego...Dios perdone al pobre que peca y al rico que no procura apartarle del pecado.[23]

Desde instancias oficiais e privadas, lévanse a cabo campañas que, aínda que non actúan directamente, pretenden transformar as formas de vida das clases consideradas perigosas. A promoción do aforro, a formación de hábitos de traballo regular, a potenciación da familia como ámbito fundamental de convivencia, a crítica da taberna, a

[21] MAZA ZORRILLA, Elena. *Pobreza y asistencia social en España, siglos XVI al XX. Aproximación histórica*. Valladolid: Universidad de Valladolid, 1987, pp. 60-61.

[22] TRINIDAD FERNÁNDEZ, Pedro: Trabajo y pobreza en la Primera Industrialización. En *Historia de la acción social pública en España. Beneficencia y previsión.* Madrid: Centro de Publicaciones. Ministerio de Trabajo y seguridad social, 1990, p. 106.

[23] ARENAL, Concepción. *El visitador del pobre*. Obras Completas, vol. I. Madrid: Librería General de Victoriano Suarez, 1893, p. 83.

apoloxía do pobre honrado e virtuoso. Todas estas ideas, no seu conxunto, pretenden a creación dun traballador modelo, disciplinado, que asuma os valores da moral burguesa.

Para mitigar a falta de previsión das clases traballadoras para aqueles períodos en que non puidesen traballar, enfermidade ou vellez, promóvese a creación das chamadas Caixas de Aforro[24].

A primeira caixa de aforros importante que se crea en España é a de Madrid[25]. Os promotores foron importantes filántropos da época e os personaxes máis ilustres da sociedade madrileña, como arcebispos, aristócratas, banqueiros e políticos, colaboraron na súa fundación.

A fundación foi unha iniciativa particular, sen apoio directo do Goberno, o que, en teoría, lle permitía manter a súa autonomía respecto ós poderes públicos e non sufrir directamente os cambios políticos. A súa creación aprobouse por un real decreto do 25 de outubro de 1838. A esta lei inicial seguiu unha serie de normas legais completando, e desenrolando a iniciativa. En 1880 o *Diario Oficial de la Provincia de Lugo* publica unha circular, atendendo ó disposto na lei do 29 de xuño dese mesmo ano, mandaba promover ós gobernadores provinciais a creación desas institucións, e que neste caso pretendía fomentar a creación, tendo en conta que ata ese momento non se contaba con ningunha institución deste tipo na provincia[26].

A Caixa de Aforros de Madrid créase asociada ó Monte de Piedade, fundado con anterioridade, no século XVIII. (A Caixa pasaba, co interese do 5% anual, ó Monte todas as cantidades que recibía semanalmente para que esta o investise en préstamos ó 6% sobre xoias e valores que depositaban os clientes. A Caixa pagaba ós impoñentes un 4% anual; a diferenza destinábase para os gastos de administración e contabilidade e para formar un fondo de reserva). Estas dúas institucións, a Caixa de Aforros e o Monte de Piedade, funcionaron con autonomía ata 1868, ano no que se fusionaron para simplificar a súa administración. Este funcionamento dobre, como caixa de aforros e monte de piedade, foi o modelo que se difundiu en toda a xeografía estatal en xeral e en Galicia en particular[27]. A que se pretendía crear en 1880 en Lugo tamén tiña esta mesma estrutura de caixa de aforros e monte de piedade.

[24] En Lugo, a creación da primeira caixa de aforros tivo un primeiro intento frustrado en 1880. Pretendeuse a creación cos fondos sobrantes dos socorros levados a cabo con motivo da crise dese ano, pero, finalmente, por causas que se verán no seu momento, non se levou a cabo. (AHPL. Concello de Lugo, Beneficencia, Actas de las Juntas locales de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da sesión do 29 de novembro de 1880.). Un segundo intento frutificou anos máis tarde, en 1897, con gran retraso sobre outras capitais de provincia de Galicia, sempre co carácter que se ven apuntando sobre este tipo de institucións.(SAGREDO FERNÁNDEZ, Félix e outros. *Historia de una institución gallega: La caja de Ahorros-Monte de Piedad de La Coruña y Lugo (1876-1976)*. A Coruña:Caja de Ahorros y Monte de Piedad de La Coruña y Lugo, 1976, pp. 54-55 e 95-98).

[25] Con anterioridade, en 1834, creárase a que se considera a primeira, en Jerez de la Frontera. (MAZA ZORRILLA, Elena. *Pobreza y asistencia social en España, siglos XVI al XX. Aproximación histórica*. Valladolid: Universidad de Valladolid, 1987, p. 142)

[26] BOPL nº 84, 13 de xuño 1880, pp.1-2. A circular, ademais dunha serie de normas e condicións polas que debían regularse, reproduce distintos modelos de formularios contables que as caixas debían cumprimentar para o seu control administrativo.

[27] SAGREDO FERNÁNDEZ, Félix e outros. *Historia de una institución gallega: La caja de Ahorros Monte de Piedad de La Coruña y Lugo (1876-1976)*. A Coruña: Caja de Ahorros y Monte de Piedad de La Coruña y Lugo, 1976.

A Caixa creada en Madrid, e que serviu de modelo para a súa difusión, recollía os aforros da clase traballadora da cidade. No ano 1865, os impoñentes eran máis de 2.500 criadas de servir, 2.400 xornaleiros e artesáns, 1.600 mulleres de menor idade, 1.500 casadas, 800 criados, 1.000 mulleres solteiras, 800 viúvas, 1500 varóns de menor idade e 600 empregados. A estes había que engadir os pobres recollidos en institucións de beneficencia da cidade, que depositaban o diñeiro, produto dos traballos que realizaban no seu interior[28].

Trátase, de calquera maneira, dun sistema non exclusivo do sistema social español, senón dunha recreación inspirada nas caixas de aforros que xa existían en Europa con anterioridade, e con respecto ás cales se crearon cun certo retraso. Tampouco as características son totalmente coincidentes, como sucede co feito da súa vinculación ós montes de piedade, cando menos nun período inicial.

Despois da creación da Caixa madrileña, fundáronse outras en diversas provincias, seguindo, como xa se dixo, o seu modelo (Valladolid, 1841; Palencia e Burgos, 1845), aínda que o seu éxito non foi tan grande como no caso de Madrid[29].

A Galicia non chegarían ata datas bastante máis tardías. A da Coruña en 1876 e a de Santiago de Compostela en 1880. En Lugo, ademais, o retraso foi moito maior, non sendo ata 1897 que a súa creación tivo finalmente lugar[30].

En 1880, tal como xa se indicou, o gobernador da provincia publica no *Diario Oficial da de la Provincia de Lugo* unha circular, que atendendo ó disposto na lei do 29 de xuño dese mesmo ano, daba instrucións ós gobernadores provinciais para a creación desas institucións[31]. A finalidade de promover a creación deste tipo de institucións estaba detrás da publicación. A provincia de Lugo, a diferenza do que sucedía noutras localidades galegas, non contaba aínda con ningunha destas institucións de carácter económico e social. O retraso que sufriu a creación da primeira caixa de aforros e monte de piedade en Lugo é indicativo da falta de iniciativa e interese das autoridades locais e provinciais, e tivo consecuencias negativas para o desenrolo económico e social da cidade.

2. AS INSTITUCIÓNS BENÉFICAS NA CIDADE. ANTECEDENTES HISTÓRICOS

A asistencia benéfica na cidade de Lugo xira durante o período da Restauración arredor de tres institucións: o Hospital Municipal, a Casa Municipal de Beneficencia e a Casa de Maternidade e Expósitos, de carácter provincial.

---

[28] TRINIDAD FERNÁNDEZ, Pedro: Trabajo y pobreza en la Primera Industrialización. En *Historia de la acción social pública en España. Beneficencia y previsión*. Madrid: Centro de Publicaciones. Ministerio de Trabajo y seguridad social, 1990, p. 112.

[29] MAZA ZORRILLA, Elena. *Pobreza y asistencia social en España, siglos XVI al XX. Aproximación histórica*. Valladolid: Universidad de Valladolid, 1987, p. 142.

[30] SAGREDO FERNÁNDEZ, Félix e outros. *Historia de una institución gallega: La caja de Ahorros Monte de Piedad de La Coruña y Lugo (1876-1976)*. A Coruña: Caja de Ahorros y Monte de Piedad de La Coruña y Lugo, 1976, pp. 54-55 e 95-98.

[31] BOPL nº 84, 13 de xuño 1880, pp.1-2. A circular, ademais dunha serie de normas e condicións polas que debían regularse, reproduce distintos modelos de formularios contables que as caixas debían cumprimentar para o seu control administrativo.

A Casa Municipal de Beneficencia

Durante o século XVIII, no contexto do movemento da Ilustración, os estados tratan de fomentar o seu labor asistencial, tomando protagonismo no caso español a creación de institucións de beneficencia.

A mediados do século XVIII xa se estableceran nalgunhas capitais establecementos asistenciais equivalentes ó que co tempo serían as casas de beneficencia que se popularizarían no século XIX. Na cidade de Santiago levárase a cabo en 1769 a fundación do Hospicio de Pobres a instancia do arcebispo Bartolomé Rajoy Losada[32].

En Lugo, no ano 1792, e dentro deste contexto, o bispo Peláez comeza a construción do edificio no que debería de instalarse a primeira casa de beneficencia da cidade. O lugar elixido era coñecido polo nome de As Pedreiras e estaba situado no espazo situado entre a cidade e a Tolda de Castela, á veira da antiga carreteira que se dirixía a Madrid e que se correspondía coa actual Avenida de Madrid.

A morte do que era o seu promotor, o bispo Peláez, significa a paralización das obras, quedando estas en situación de abandono, tal como relata Castro Freire, ata finais do s. XIX, cando finalmente se constrúe nos terreos o edifico do que co tempo sería o Cuartel das Mercedes:

> En el año 1792, en la carretera general de Madrid a La Coruña, entre la Capital y la Tolda de Castilla, en el punto llamado Las Pedreiras, comenzó el Obispo Sr. Peláez las obras de construcción de un edificio muy grande para dedicarlo a Casa de Beneficencia, que se llamará *Hospicio Peláez*.
>
> Cuando después de unos cuantos años de entusiasmos, trabajos y gastos, alcanzaban las obras la altura del piso principal, la inesperada muerte del caritativo Prelado dio al traste con tan beneficioso proyecto.
>
> Se paralizaron las obras en 1793. Pasaron los años, las paredes se desmoronaron, los materiales acumulados para las obras, desaparecen, los grandes ventanales enrejados de la planta baja del que iba a ser grandioso refugio de pobres desamparados, se cubre de hiedras, zarzas y otras plantas trepadoras que se fueron adueñando de aquellos solitarios y abandonados muros.
>
> Pasaron muchos años, muchos hombres, pero nadie se preocupó de aquellas obras paradas, de aquellas ruinas.[33]

Despois deste primeiro intento frustrado que non atopou continuidade na propia institución eclesiástica para levalo a termo, hai que esperar uns trinta anos para que, por iniciativa municipal, xurda de novo a idea de crear unha Casa de Beneficencia pública

A fundación da nova Casa de Beneficencia, auspiciada pola Xunta de Beneficencia, creada á súa vez dentro do ámbito municipal, lévase a cabo no ano 1842 no extinguido convento de San Francisco, que pasara a ser de desfrute municipal despois da Desamortización, e que ocupaba o espazo que hoxe corresponde ó actual Museo Provincial e Mercado Municipal da rúa Quiroga Ballesteros[34]. O proceso desamortizador tivo unha gran transcendencia no que ten que ver coa situación dos establecementos benéficos na cidade. En 1820 producese a supresión do convento hospital de San Barto-

[32] ROMÁN PORTAS, Luz. La asistencia social en Galicia: El Hospicio de Pobres de Santiago de Compostela (1860-1900). A Coruña: Diputación Provincial de A Coruña, 1989, pp. 26-27.

[33] CASTRO FREIRE, Salvador. *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica*. Lugo: Editorial Celta, 1951 ,pp. 59-60.

[34] SOBRADO CORREA, Hortensio. *La ciudad de Lugo en el Antiguo Régimen. Siglos XVI-XIX*. Lugo: Servicio de Publicaciones. Diputación Provincial, 2001, p. 216.

lomé e en 1835 os de San Francisco e de Santo Domingo[35]. No edificio do convento de San Francisco instalaranse a Casa de Beneficencia e a Casa de Maternidade e Expósitos e no de Santo Domingo o Hospital Municipal.

Neste lugar, no exconvento de San Francisco, e con estas instalacións de orixe desamortizador, será onde se desenrole a actividade da Casa de Beneficencia durante todo o período da Restauración e incluso etapas posteriores.

O Hospital Municipal

A orixe das instalacións hospitalarias na cidade de Lugo é preciso buscala na Idade Media. No século XII existían xa na cidade varios establecementos hospitalarios destinados a atender a necesitados de diferentes categorías[36]. Ata 1621 o hospital estaba repartido en tres edificios dentro da cidade, dirixido por un administrador segrar nomeado polo bispo. Nesta data, o bispo D. Alonso López Gallo fai unha doazón de 350 ducados de renda, correspondentes cun principal de 7.000, á que se engaden posteriormente 200 ducados máis, para construír e soster un novo hospital, que se chamará de San Bartolomé[37].

A situación desta nova edificación estará nas proximidades da chamada Porta Falsa, cerca da rúa do Sol (non existía aínda a porta de San Fernando), no entorno das actuais Praza do Ferrol e Igrexa de San Froilán, onde existía un terreo doado polos condes de Lemos, no que había un edificio ruinoso pertencente ó duque de Arjona.

O novo edificio, unha vez rematado, constaba de igrexa, dúas enfermerías, bodega, refectorio, cociña, corte para cabalos, curral, forno, unha torre con dous altos para os apousentos do cura, e outra enriba da igrexa con habilitado para que puideran oír misa os enfermos da enfermería. Tamén conta cun faiado para gardar cousas. A carón do edificio había unha horta de dous ferrados e medio de superficie cun pozo para regar. Moi cerca, tamén se atopaba un cemiterio, no que se enterraba ós defuntos do Hospital e que era coñecido como Cemiterio das Ánimas, que, como conta Castro Freire, estaba situado no espazo que primeiro ocupou o chalé do arquitecto Nemesio Cobreros e posteriormente o actual edificio da Seguridade Social. Moi cerca del, no espazo que se corresponde co edificio da Deputación Provincial existía outro cemiterio con capela, coñecido como Cemiterio de San Marcos[38].

A capacidade do Hospital era de 48 camas, dezaseis delas para homes, oito para mulleres e doce máis para hospedar peregrinos.

---

[35] VILLARES PAZ, Ramón e ARTIAGA REGO, Aurora. A Gran Historia de Galicia. Galicia no século XIX, vol. 1, tom. XII *Estancamento económico e mudanzas sociais*. A Coruña: La Voz de Galicia, 2007, pp. 116-117.
BARDET, Jean Pierre. Enfants abandonnés et enfants assistiés á Rouen dans la seconde moitié du XVIII siecle. En: *Hommage á Marcel Reinhard*. París, 1973, pp. 27-29. Referenciado por PÉREZ GARCÍA, J.M. *Op. cit.* p. 183.

[36] VILLAAMIL Y CASTRO, José. *Reseña histórica de los Establecimientos de beneficencia que hubo en Galicia durante la Edad Media, y de la exección del Gran Hospital Real de Santiago fundado por los Reyes Católicos*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1993. Reprodución facsímile da edición de Galicia Histórica, 4, año 1, 1902, e 10, año 2, 1903, p. 76.

[37] SOBRADO CORREA, Hortensio. *La ciudad de Lugo en el Antiguo Régimen. Siglos XVI-XIX*. Lugo: Servicio de Publicaciones. Diputación Provincial, 2001, p. 207.

[38] CASTRO FREIRE, Salvador. *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica*. Lugo: Editorial Celta, 1951, p. 63.

En canto ó persoal que o atendía, as constitucións de 1635[39] establecían o seu número e funcións. Había un mordomo, nomeado polo bispo, encargado de levar a contabilidade do Hospital e de supervisar o seu funcionamento; un médico, que tiña entre as súas obrigacións facer unha visita diaria ós enfermos, receitando os tratamentos precisos, dous cirurxiáns que cobraban 200 marabedís cada un e varias amas, cuns honorarios de dous ducados anuais. Tamén había dous irmáns que tiñan como misión coidar dos enfermos, curalos e limpalos, levar rexistro dos gastos diarios e ensinar doutrina cristiá ós enfermos. O resto do persoal conformábano dúas criadas que tiñan como función amasar o pan, cociñar os alimentos, lavar a roupa e limpar o Hospital, traballar na horta e atender tódalas funcións propias do seu oficio. Tamén contaba o Hospital cun pastor encargado de pastorear e coidar un rabaño de carneiros. cuxa carne formaba parte da dieta dos enfermos, e que recibía como pago polos seus servizos unha libra e media de pan centeo. Había tamén un capelán que tiña entre as súas funcións rexistrar as entradas de enfermos, oficiar as misas nos días festivos, confesar ós enfermos e administrar os sacramentos, enterrando ós enfermos que resultasen defuntos.

Tamén se establecen nas constitucións aspectos como a alimentación que recibía o persoal que traballaba no Hospital e a que correspondía ós enfermos. Estes recibían unha ración diaria de cinco onzas de carneiro ó xantar, sendo menor a cantidade en aqueles casos en que a carne que se lles subministrase por prescrición dos médicos fose de ave. A cea quedaba establecida a base de ovos, mazás ou peras. A ración diaria de pan era de menos de libra e media se era de centeo, e menos de tres cuartos se era de trigo.

A dieta completábase con legumes da horta do propio Hospital, que só debían ser compradas cando non as houbera naquela. Tamén se establecía que os irmáns tiñan dereito a unha copela de viño por persoa e día.

Estas disposicións e normas sofren reformas e engadidos co paso dos anos para adaptarse ás distintas circunstancias e avatares polos que pasa a institución hospitalaria. Así, no 1696 elabóranse unhas novas constitucións que, aínda que respectando a maior parte do establecido nas de 1635, establecen que os peregrinos poderán pasar a noite no Hospital ata tres días, e os viaxeiros que non poidan acreditar esa condición, soamente poderán facelo durante unha noite.

No ano 1813, e durante un período de tempo, a dirección do Hospital de San Bartolomé, pasa a ocuparse tamén da administración do chamado Hospital de San Fernando, situado no edificio do cuartel de inválidos, e que posteriormente sería o Cuartel de San Fernando recentemente cedido polo Ministerio de Defensa ó Concello de Lugo.

A intervención da orde de San Juan de Dios na dirección e xestión primeiro do Hospital de San Bartolomé e despois do de San Fernando complica a súa denominación, xa que nalgúns casos aparece o de Hospital de San Juan de Dios para calquera dos dous ou para o seu conxunto[40].

Desta maneira, desde o ano de 1720, a orde de San Juan de Dios encargarase da administración do Hospital de San Bartolomé durante máis dun século. Concretamente

[39] AHPL, Concello de Lugo, Hospital de San Bartolomé, Sig. 0504-00, Leg. 182.

[40] AHPL, Concello de Lugo, Hospital de San Bartolomé, Sig. 0504-00, Leg. 182. Escrito con data do 8 de febreiro de 1828: "Hospital Militar de Sn Juan de Dios de Lugo".

farao ata a exclaustración e consecuente desamortización ó estrañar ós relixiosos de San Juan de Dios e allear os bens do Hospital de San Bartolomé[41].

En 1820, na primeira fase do proceso desamortizador, levase a cabo a supresión do convento hospital de San Juan de Dios, o único que se suprime na cidade nese momento. A orde de San Juan de Dios, tamén chamada dos hospitalarios, fora unha das máis afectadas polo proceso desamortizador en xeral e o único na cidade en 1820, quedando os demais á marxe[42].

No 1844, a causa da incapacidade do vello Hospital de San Bartolomé para atender a tódolos enfermos que demandaban atención, lévase a cabo unha ampliación das instalacións, que permita ademais a separación de homes e mulleres, que ata ese momento non se podía levar a cabo.

En 1854, elabórase un regulamento para a administración interior do Hospital, que, aínda que recolle moitos dos capítulos das antigas constitucións do establecemento hospitalario, incorpora tamén un importante número de innovacións para adaptar a vella institución ós novos tempos[43]. Este regulamento será o que, cando menos en teoría, se aplique durante o período da Restauración. En 1899 procédese á redacción dun regulamento novo que en algúns apartados se mantén inalterado con respecto ó de 1854, pero noutros introduce importantes modificacións, orixinadas moi posiblemente polas desaxustes legais que orixinara a entrega do que nese momento era xa Hospital Municipal ás monxas da orde das "Hijas de la Caridad de San Vicente de Paúl"[44]. Non consta con claridade se finalmente foi aprobado e posto en práctica.

En canto ó tipo de administración que se aplicou ó Hospital de San Bartolomé, esta variou no transcurso do tempo en función dos avatares históricos e políticos de cada momento.

Desde a construción do novo edificio hospitalario en 1621 ata o 1639, a súa administración corría a cargo de segrares, pero o 6 de maio dese ano, o bispo D. Juan Vélez de Valdivieso manda dar posesión da administración do Hospital á congregación dos "Siervos pobres del Padre Bernardino de Obregón", na persoa do irmán Antonio del Espíritu Santo, que xa fora administrador do Hospital de Ourense. Aínda que non están claras as causas, parece ser que, debido a problemas de tipo económico, a congregación non puido seguir cumprindo coas condicións comprometidas diante do bispado, motivo polo que foron expulsados en data non determinada[45]. A administración recaeu novamente en mans de segrares e sacerdotes ata o ano 1717, cando se fixo cargo do Hospital a Orde de San Juan de Dios, sendo o seu primeiro prior D. Gregorio Fernández Pintado.

---

[41] GARCÍA CONDE, Antonio e LÓPEZ VALCÁRCEL, Amador. Episcopologio lucense. Número monográfico da revista *Liceo Franciscano*, ano XLIII. Burgos, 1991, p. 549.

[42] MARTINEZ DOMINGUEZ, Blanca. Estudio de la desamortización eclesiástica durante el Trienio Liberal en la provincia de Lugo (1820-1823). Lugo: Servicio Publicaciones Diputación Provincial, 1987, pp. 12-16 e ss.

[43] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Varios de Beneficencia, Sig. 0502-00, Leg. 180. Reglamento p.ª la administracion interior del Hospital de San Bartolomé. As normas que recolle o regulamento serán analizadas con detenemento no apartado correspondente, referido ó Hospital Municipal.

[44] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0855-00, Leg. 726. Proyecto de reglamento del Hospital municipal. Año 1899.

[45] SOBRADO CORREA, Hortensio. *La ciudad de Lugo en el Antiguo Régimen. Siglos XVI-XIX*. Lugo: Servicio de Publicaciones. Diputación Provincial, 2001, p. 208. AHPL, Concello de Lugo, Hospital de San Bartolomé, Sig. 0502-00, Leg. 180.

O 16 de setembro de 1720, concédese a administración perpetua do Hospital á comunidade de San Juan de Dios, para o que é preciso solicitar unha bula ó papa Clemente XI, debido a que o documento fundacional prescrito polo bispo López Gallo prohibía de maneira expresa a administración do Hospital a persoas regulares exentas da súa xurisdición episcopal. Aceptada a xurisdición apostólica, D. Manuel José de Santa María y Salazar, bispo, coa aprobación do Cabido, nomea a Fr. Gregorio Fernández Pintado administrador do Hospital. Esta acta de posesión incluía algunhas cláusulas sobre o número de enfermos a atender e a prohibición de admitir a persoas infectadas de mal venéreo, de enfermos crónicos e tísicos (éticos na terminoloxía orixinal), tendo que ser trasladados a outros hospitais co financiamento dos gastos polo Concello e o Cabildo[46].

No ano 1859, e debido ó mal estado no que se atopaba o edificio do vello Hospital de San Bartolomé, decídese o seu traslado a un lateral do antigo Convento de Santo Domingo, que tampouco reunía demasiadas condicións para esta utilización.

A estas alturas, o Hospital de San Bartolomé pasara xa a denominarse oficialmente Hospital Municipal, dependendo do Concello, cumprindo co establecido na Ley de Beneficencia de 20 de xuño de 1849 e o regulamento que a desenrolaba do 14 de maio de 1852[47]. O traslado ó exconvento de Santo Domingo obedecía a que este era xa nese momento de desfrute municipal, e a el foi trasladando o Concello ou instalando de novo establecementos que dependían del.

A Inclusa ou Casa de Expósitos

Antes da creación de inclusas nas distintas cidades de Galicia, o Hospital Real de Santiago de Compostela recollía a todos os expósitos do Reino[48]. Coa finalidade de desconxestionar este único establecemento créanse durante o último cuarto do século XVIII varias inclusas nas distintas cidades galegas. En 1786 nace a chamada "casa cuna" do Hospital de San Pablo de Mondoñedo, adiantándose á cidade de Lugo en varios decenios[49]. En 1775 fora fundada a "casa cuna" de Ponferrada, adiantándose tamén á fundación da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo[50].

En 1790, o Real Consello, tendo en conta o miserable estado no que se atopan algunhas "Casas de Niños Expósitos" por falta de asistencia ou de medios para a súa lactación, encarga ós bispos que os administradores ou reitores das mesmas coiden de tales detalles, e para organizar o seu bo funcionamento interesan unha información detallada e exhaustiva.

En Lugo, o bispo Felipe Peláez Caunedo solicita a información necesaria diante do Concello por parte e remite o informe engadindo que é intolerable que os nenos sexan abandonados "furtivamente y de noche en las puertas de Conventos, Iglesias, Casas

[46] AHPL, Concello de Lugo, Hospital de San Bartolomé, Sig. 0504-00, Leg. 182.

[47] Regulamento da Lei Xeral de Beneficecia, decreto do 14 de maio de 1852. *Gaceta de Madrid* nº 6537 do 16 de maio de 1852, pp. 2-4. APÉNDICE DOCUENTAL Nº 2.

[48] EIRAS ROEL, Antonio. La casa de los expósitos del Real Hospital de Santiago en el s. XVIII. *Boletín de la Universidad Compostelana*, 1967-68 (pp. 295-345), p. 332.

[49] FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, José María. La Casa Cuna de Mondoñedo. *Estudios mindonienses: anuario de estudios histórico-teológicos de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol*. El Ferrol: Centro de estudios de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol, 1985, T.1 (1985), pp. 409-415.

[50] MORALES ÁLVAREZ, Ángel. *Casa Cuna de Ponferrada 1775-1937*. Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos, 2001, pp. 33-37.

de Curas de los vecinos (...) sin las precauciones necesarias para que no se mueran de hambre o frio o para que no los coman los cerdos, perros y otros animales, como sucede no pocas veces", e que o sistema de levalos para entregalos en Santiago é moi deficiente, polo que seguramente non sobrevive máis do dez por cento.

Propón como solución, cando menos para o seu bispado, que se destinen varias casas de labradores ou artesáns honrados e de boa conduta, onde se reciba a todos os expósitos, e que isto sexa libre, aínda que se trate de fillos de casados "porque ha muchos pobres que no pueden sostener la lactancia y asistencia de los hijos y es debido que los ayude". Engadindo que é fácil atopar amas de cría que desempeñen satisfactoriamente a súa función[51].

No contexto da Real Cédula do 6 de setembro de 1792, establécese a creación da Casa de Expósitos de Lugo con cargo ó *fondo pío beneficial*[52]. Nese mesmo ano, tal como se viu no apartado dedicado á Casa de Beneficencia, o bispo Peláez comeza a construción do edificio destinado a acoller un hospicio e un asilo, baixo o nome conxunto de Casa de Beneficencia, no lugar coñecido como As Pedreiras. Obra inacabada e que, polo tanto, non chegou a cumprir as súas funcións nin suplir as deficiencias que tiña por obxectivo resolver. Debido a isto, as penosas condicións de abandono e traslado a Santiago de Compostela continuaron producíndose polo menos ata 1816, data na que o bispo D. José Antonio Azpeitia y Saenz de Santa María, o día 27 de xuño, fai público nunha circular que establece provisionalmente unha casa para recoller ós expósitos, cuxa xestión encomenda ó presbítero Manuel Gómez. Para a lactación dos nenos faise un chamamento a posibles amas de cría que os reciban e aleiten, aboándolles mensualmente, de forma inicial, 30 reais, que é o que tiñan estipulado nas xa existentes casas de Ourense e Mondoñedo[53].

Prodúcese, pois, con data de 1816 a creación da primeira inclusa na cidade, aparecendo a partir desta data referencias da súa existencia nas actas bautismais das distintas parroquias. A partir deste momento, o traslado de nenos ó Hospital Real de Santiago comeza a descender numericamente, aínda que tarda en desaparecer totalmente uns anos. Así, no período comprendido entre os anos 1830 e 1834 aínda se recollían en Santiago un 27% do total de nenos ingresados de toda Galicia procedentes da zona de Lugo, descendendo esta porcentaxe ata o 7% entre os anos 1849 e 1856, e sendo xa case meramente testemuñal nos anos setenta[54].

Existen indicios da existencia en 1835 da Xunta Provincial de Beneficencia[55] a pesar da escaseza de fontes documentais tanto da Deputación Provincial como do Go-

[51] GARCÍA CONDE, Antonio e LÓPEZ VALCÁRCEL, Amador. Episcopologio lucense. Número monográfico da revista *Liceo Franciscano*, ano XLIII. Burgos, 1991, pp. 477-478.

[52] O papa Pio VI concedera ó rei Carlos III o 14 de maio de 1780, a capacidade de reter a terceira parte do valor das rendas das prebendas e beneficios cuxa dotación excedera de 600 ducados, tendo residencia, e 300 non téndoa. O fondo que resultou desta dedución chamouse "pio beneficial" polo fondo que a producía e aplicarse ó sostén dos hospicios, ó socorro da mendicidade e o emprego útil dos pobres. CANGA ARGUELLES, José. *Diccionario de Hacienda*. Madrid: Marcelino Calero y Portocarrero, 1833, p. 470. Voz fondo pio beneficial.

[53] GARCÍA CONDE, Antonio e LÓPEZ VALCÁRCEL, Amador. Episcopologio lucense. Número monográfico da revista *Liceo Franciscano*, ano XLIII. Burgos, 1991, p. 494.

[54] PEREZ GARCÍA, José Manuel. Voz expósitos, *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. XI. Santiago de Compostela: Silverio Cañada, editor, 1974, (pp. 47-51), p.49.

[55] PRADO GÓMEZ, Antonio. *La Diputación Provincial en la Época Isabelina*. Lugo: Excma. Diputación Provincial de Lugo, Servicio de Publicaciones, 2005, tom. II p. 193.

berno Civil durante estes anos. Tería esta comisión a misión de tutelar a Casa de Maternidade e Expósitos, entre outros establecementos, e preocuparse de dotala economicamente cos fondos provinciais.

A creación e sostemento das casas de maternidade e expósitos deixa de ser unha cuestión voluntaria, vinculada á sensibilidade e xenerosidade dos bispos, e pasa a ser, como xa se indicou para os outros establecementos benéficos, unha cuestión obrigatoria coa aparición da Lei de Beneficencia do 20 de Xuño de 1849 e especialmente coa aprobación do Regulamento do 14 de maio de 1852 que a desenrolaba[56].

En xeneral todos os establecementos benéficos, non só as casas de maternidade e expósitos senón tamén os hospitais e casas de beneficencia, deixan de ser unha cuestión de boa vontade por parte da Igrexa e pasa a ser unha obrigación das institucións locais e provinciais. A carga económica e administrativa que supón para estas, como se irá vendo, non é asumida de boa gana, e para soportala adóptanse diferentes liñas de actuación e estratexias que permitan evitar a carga económica a que en teoría obrigaban as leis.

3. AS INSTITUCIÓNS BENÉFICAS NA CIDADE DE LUGO DURANTE A RESTAURACIÓN. A XUNTA MUNICIPAL DE BENEFICENCIA

Tal como se indicou con anterioridade, son tres as institucións benéficas existentes na cidade ó comezo deste período: o Hospital, a Casa de Beneficencia e a Casa de Maternidade e Expósitos. As dúas primeiras de titularidade municipal, mentres que a terceira, a inclusa, o é de carácter provincial, dependendo por este motivo da Deputación.

As dúas institucións de titularidade municipal, O Hospital e a Casa de Beneficencia, son administradas e supervisadas por unha comisión, a Xunta Municipal de Beneficencia, presidida polo alcalde e na que están representados os distintos sectores da sociedade da cidade, nomeados polo gobernador da provincia a proposta do alcalde[57].

Hai neste momento, pois, dous ámbitos de actuación administrativa no que ten que ver cos establecementos benéficos na cidade. Por un lado, o ámbito provincial, que corresponde á Deputación Provincial e que se materializa no financiamento e organización da chamada "Casa de Maternidad y Expósitos", e polo outro, o ámbito municipal, que se corresponde coa tutela e financiamento do Hospital e Casa de Beneficencia. Os distintos ámbitos administrativos implican tamén distintos ámbitos de actuación. Mentres a Casa de Maternidade e Expósitos admite e auxilia a necesitados da provincia, o Hospital e Casa de Beneficencia unicamente o fai, cando menos teoricamente, cos que proceden do termo municipal. Estes distintos ámbitos de actuación orixinarán, como se irá vendo, bastantes conflitos entre os dous organismos.

Convén sinalar que dos dous tipos fundamentais de establecementos asistenciais recollidos na Ley de Beneficencia de 1849: públicos e privados, na cidade, ó inicio da Restauración, unicamente quedan os de carácter público. A Desamortización dos bens eclesiásticos supón a desaparición da asistencia privada ata a fundación no barrio de San

[56] Regulamento da Lei Xeral de Beneficencia, decreto do 14 de maio de 1852. *Gaceta de Madrid*, nº 6537, do 16 de maio de 1852, pp. 2-4. APÉNDICE DOCUMENTAL Nº 2.

[57] Artigo nº 30 do Regulamento do 14 de maio de 1852 para a execución da Lei de Beneficencia do 20 de xuño de 1849.*Gaceta de Madrid*, nº 6537, do 16 de maio de 1852, pp. 2-4.

Roque en 1887 polas monxas da orde das "Hermanitas de los Ancianos Desamparados" do chamado "Asilo de Ancianos Desamparados" aínda hoxe en funcionamento[58].

A organización administrativa da asistencia benéfica na cidade de Lugo, responde nas súas liñas xerais ás directrices legais que desde Madrid establece a Administración Central. En ningún momento se pode falar dunha organización propia ou diferenciada do que en liñas xerais se fai en outras cidades, quedando as diferenzas limitadas a aspectos concretos, propios da interpretación de determinadas normas legais ou, como ser verá no seu momento, da súa vulneración premeditada e, nalgúns casos, claramente interesada.

Unha institución fundamental no organigrama da asistencia benéfica da cidade é a Xunta Municipal de Beneficencia, creada dentro do Concello como consecuencia da Lei Xeral de Beneficencia de 1849[59], e na que se estudan e aproban as medidas, tanto económicas como organizativas, que afectan ós dous centros asistenciais máis importantes da cidade, o Hospital e a Casa de Beneficencia.

O Regulamento do 14 de maio de 1852 para a execución da Lei de Beneficencia do 20 de xuño de 1849 establecía a obrigatoriedade da creación de xuntas provinciais e municipais de beneficencia, encargadas e vinculadas ó control e supervisión dos centros asistencias de carácter provincial e municipal respectivamente[60]. A Xunta Provincial de Beneficencia, estaba presidida polo gobernador da provincia e tutelaba os establecementos de carácter provincial que dependían dos presupostos da Deputación Provincial, como eran as casas de maternidade e expósitos de Lugo e Mondoñedo. A esta Xunta Provincial hai referencias nas actas da propia Xunta Municipal debido ás relacións burocráticas e de outro tipo que con frecuencia mantiñan[61].

A Xunta Municipal de Beneficencia foi creada a instancias do gobernador da provincia, que reclamaría o cumprimento do establecido na Lei Xeral de Beneficencia do 20 de xuño de 1849, no ano 1877, tal como se recolle nun escrito do Concello de Lugo dirixido á propia Xunta:

> La administracion de los Establecimientos municipales de Beneficencia de esta Ciudad se halla a cargo de una Junta especiál desde el año de 1877 en que el Sr. Gobernador Civil tuvo á bien reinstalarla, de cuya reinstalacion se enteró el Aymo. en la misma fecha.[62]

O Regulamento do 14 de maio de 1852 establecía no seu artigo nº 30 que a presidencia das xuntas municipais de beneficencia correspondía ós respectivos alcaldes e o nomeamento dos restantes membros ós gobernadores provinciais, a proposta de aqueles, o que na práctica significaba que eran elixidos polos alcaldes.

---

[58] CASTRO FREIRE, Salvador. *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica*. Lugo: Editorial Celta, 1951,p. 150.

[59] As normas nas que se concreta esta obrigatoriedade de crear as xuntas municipais de beneficencia desenrólase no real decreto do 14 de maio de 1852. *Gaceta de Madrid* nº 6537. do 16 de maio de 1852, pp. 2-4. Capítulo IV. De las Juntas municipales de beneficencia. Artigos 40 e 41.

[60] Real decreto del 14 de mayo de 1852. *Gaceta de Madrid* nº 6537 do 16 de maio de 1852, pp. 2-4. Artigo nº 29.

[61] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 16 de outubro de 1886.

[62] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acordo do Concello remitido á Xunta Provincial de Beneficencia con data do 15 de outubro de 1886. O feito de que se fale de "reinstauración", podería indicar que fora creada con anterioridade e deixase de funcionar durante un tempo. Esta cuestión non está clara nin se pode confirmar por falta de constancia documental.

As propias actas mostran con bastante detalle a forma en que se levaban a cabo estes nomeamentos, a medias entre o alcalde e o gobernador, seguindo un sistema de ternas:

> El Sr. Presidente puso en conocimiento de la Junta que el Vocal de la Misma D.n Antonio Capon Y Andrés párroco que fué de Santiago de esta Ciudad, había fallecido el 23. de Febrero último y que para cubrir su vacante remitiera al Sr. Gobernador Civil la propuesta en terna, poniendo en primer lugar al Sr. D.n Antonio Teijeiro Sanfiz Parroco de S. Pedro, en segundo á D.n Bernardo Lorenzo Cornide, id de S. Lázaro, y en tercero á D.n Antonio Rodriguez id de Piugos.[63]

Uns días máis tarde recibíase na Xunta a resposta do gobernador á terna presentada polo alcalde, coa elección levada a cabo:

> Vista una comunicacion del Sr. Gobernador Civil de la Provincia, fecha 5. de Marzo último participando había nombrado para el cargo de Vocal de esta Junta en la vacante producida por defuncion de D.n Antonio Capon y Andrés al Sr. D.n Antonio Teijeiro Sanfiz que ocupaba el 1er lugar de la terna; la Junta quedó enterada, y hallándose presente dicho Sr., tomo acto contínuo posesion del cargo.[64]

A pertenza como vocal a Xunta Municipal de Beneficencia, tiña para os seus membros distintas connotacións e valoracións. Nun principio, poderíase falar do carácter social e, incluso, piadoso que supón colaborar na xestión da axuda ós máis necesitados, pero sen esquecer as connotacións vinculadas coa ostentación que tamén supón a pertenza a unha institución publica na que se toman decisións e se exerce o poder. Tampouco se pode esquecer o carácter partidista que, como parte do armazón municipal, ten a Xunta, sobre todo tendo en conta que, como xa se dixo, os seus membros eran nomeados polo propio alcalde. Ademais deso, a pertenza á Xunta tiña tamén un marcado interese mercantilista, xa que aínda que non se percibía ningunha retribución pola pertenza en si, eran moitas os intereses económicos e de outros tipos que se xestionaban nela en forma de contratos de subministracións e adxudicación de empregos e traballos nos establecementos que dependían dela.

Sobre a composición, as actas da propia Xunta fan referencia ós seus membros en determinadas circunstancias:

> Que dicha junta se compone de un párroco, el médico titulár, dos vecinos y dos Sres Concejales, bajo la presidencia del Sr. Alcalde, hallándose por lo tanto perfectamente representada en ella la Corporación municipal.[65]

O regulamento do 14 de maio de 1852, no artigo nº 40, establece que a misión destas xuntas, ás que se denomina en algún momento xuntas locais, era a de ter ó seu cargo os establecementos municipais e a denominada beneficencia domiciliaria.

En canto ó lugar de celebración das reunións, o Regulamento establecía que as sesións debían celebrarse en edificio público, fose ou non propiedade da beneficencia

---

[63] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 4 de marzo de 1883.

[64] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 1 de abril de 1883

[65] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acordo do Concello remitido á Xunta Provincial de Beneficencia con data do 15 de outubro de 1886. Outras referencias á composición da Xunta atópanse nas actas das sesións celebradas os días: 4 de marzo e 1 de abril de 1883, 21 de setembro, 10 de novembro e 22 de decembro de 1885. (pp. 326, 175, 176, 284, 290, 292)

municipal, establecéndose nel as secretarías e arquivo[66]. No caso de Lugo, a Xunta tiña a súa sede oficial no edificio do Concello, como unha sección municipal máis, tendo lugar as reunións, as máis das veces, no propio despacho do alcalde, tal como se recolle nalgunha das súas actas[67].

En canto á periodicidade das reunións, a lei non establecía datas fixas nin periodicidades concretas, supoñéndose que sería a propia dinámica das comisións e o criterios dos alcaldes, quen ditasen estas. Analizando as actas das reunións, pódese observar como en determinados períodos estas son regulares e frecuentes, mentres que en outros, como ó final dos anos oitenta e principio dos noventa, son irregulares ou practicamente inexistentes.

De calquera maneira, e sobre todo na etapa de maior actividade da Comisión, pódese observar que en datas máis ou menos fixas do ano, tiñan lugar as reunións para a aprobación das subministracións alimenticias e de outro tipo destinados ás instalacións que dependían dela e dos presupostos económicos anuais.

No mes de xuño, tiña lugar a reunión na que se levaba a cabo a aprobación dos presupostos do ano económico que estaba próximo a comezar e que comprendía o período que ia do 1de xullo ó 30 de xuño do ano seguinte.

Tamén en datas inmediatamente posteriores, no mes de xullo, tiña lugar, mentres se utilizou este sistema, a convocatoria do concurso de subministracións para o Hospital e a Casa de Beneficencia. Estas subministracións comprendían a carne de vaca e o pan que se consumían en ambos establecementos, e tamén o lavado de roupas.

A Xunta Municipal de Beneficencia tivo un período de gran actividade que comprende aproximadamente ata o final da década dos oitenta, no que as reunións eran frecuentes e regulares, e outro, a partir desas datas, de clara decadencia no que as reunións eran infrecuentes e moi irregulares, ata chegar á súa práctica inexistencia.

Os primeiros signos desta falta de operatividade percíbese no espazamento temporal das reunións. Así, pódese observar como no ano 1888, desde o 3 de agosto, non se celebra ningunha reunión ata o 5 de decembro, tendo lugar a toma de decisións por parte do alcalde de forma unilateral e sen a consulta ós restantes membros da Comisión[68].

3.1. Os ingresos económicos da Xunta Municipal de Beneficencia

O financiamento da Xunta Municipal de Beneficencia para o sostemento dos centros asistenciais que dela dependían, non procedía, como puidera pensarse, dos fondos do Concello, senón de donativos particulares e institucionais, e de outros mecanismos de autofinanciamento da Xunta ou dos propios establecementos.

Nunha comunicación do alcalde á Xunta Provincial de Beneficencia resúmese con claridade esta circunstancia:

---

[66] Regulamento do 14 de maio de 1852 para a execución da Lei de Beneficencia do 20 de xuño de 1849, artigo nº 45. *Gaceta de Madrid*, nº 6537, do 16 de maio de 1852, pp. 2-4. APÉNDICE DOCUMENTAL nº 2.

[67] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 6 de febreiro de 1884.

[68] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 5 de decembro de 1888.

> Que la misma Junta atiende á los gastos de los referidos Establecimientos, casi en absoluto con el producto de los donativos particulares que puede arbitrár, sin gravár apenas el presupuesto municipal, pués si bien en este se consignan 10.000. pesetas para cubrir el déficit de los presupuestos especiales, muy poco ó nada percibe de dicha cantidad.[69]

En canto á contabilidade destes donativos, é importante sinalar que unha parte considerable deles tiñan carácter xeral e facíanse a nome da Comisión, sen especificar a cal dos establecementos benéficos que dependían dela ían destinados. Noutros, o destino é específico, para un establecemento determinado, levándose a cabo a contabilidade de ingresos e gastos dos dous establecementos, Hospital e Casa de Beneficencia, por separado.

Os donativos do bispo

Un dos principais benfeitores dos establecementos benéficos da cidade era o bispo da diocese, que aporta de forma regular cantidades máis ou menos fixas á Xunta Municipal de Beneficencia, normalmente predeterminando as contías que corresponden a cada un dos establecementos. Estas achegas tiñan a súa orixe no chamado "Indulto Cuadragesimal" cobrado entre os fregueses o ano anterior, do que o bispado destinaba por obriga legal as tres quintas partes para esta finalidade.

A venta de propiedades privou á Igrexa de mediados do XIX dos inxentes recursos que noutro tempo lle permitiran dedicarse a unha ampla serie de actividades sociais e económicas. Os bispos do século XVIII construían pontes, acuedutos como o do bispo Izquierdo, financiaban escolas e, especialmente, establecementos benéficos. Despois da venta das terras da Igrexa, os bispos non puideron permitirse a prodigalidade dos seus antecesores, pero mantiveron, dentro do posible esta tradición benfeitora[70]. Neste contexto é no que hai que situar parte das achegas económicas que periodicamente facía o bispo de Lugo ós establecementos benéficos da cidade, xa dependentes desde facía tempo non da Igrexa, senón do Concello.

[69] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acordo do Concello remitido á Xunta Provincial de Beneficencia con data do 15 de outubro de 1886 e arquivada a súa copia xunto coa acta do día 16 de outubro do mesmo ano.

[70] CALLAHAM, William James. *La Iglesia Católica en España: (1875-2002)*. Barcelona: Crítica, 2003, p. 23.

Cadro 1. Achegas do Bispado de Lugo á Xunta Municipal de Beneficencia durante o período 1880-1892

Ano	Casa de Benefca.	Hospital	Totais
1880	5.000 pts. 5.000 pts.	2.000 pts. 2.500 pts.	14.500 pts.
1881	2.500 pts. 3.463,69 pts.	2.500 pts. 3.463,68 pts.	11.927,37 pts.
1882	2.000 pts.	2.500 pts. 3.000 pts.	7.500 pts.
1883	50 pts.[71] 4.000 pts. 2.000 pts.	50 pts 2.000 pts. 3.000 pts.	11.100 pts.
1884	3250 pts.	2.471,68 pts.	5.721,68 pts.
1885	2.000 pts.	7.000 pts. 2.000 pts	11.000 pts.
1886	1.071 pts 2.300 pts.	1.071,06 pts. 2.100 pts.	6.542,06 pts.
1.887	4.000 pts.	2.500 pts.	6.500 pts.
1888	3.000 pts. 3.000 pts.	3.000 pts 3.199,99 pts.	12.199,99 pts.
1889-1991[72]	-	-	-
1892	3.500 pts sen destino específico 2.000 pts.	1.500 pts	7.000 pts.

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia durante os anos ós que se fai referencia[73].

Para o período que vai de 1877 a 1882, as porcentaxes sobre o total de ingresos da Casa de Beneficencia e Hospital deste concepto de achegas do Bispado de Lugo foron os seguintes:

Cadro 2. Achegas do Bispado de Lugo. Porcentaxes sobre o total de ingresos da Casa de Beneficencia Municipal

Ano económico	Contía	% nos ingresos totais
1877-1878	0 pts.	0%
1878-1879	5.000 pts.	15,7%
1879-1880	7.000 pts.	21,8%
1880-1881	2.500 pts.	8,1%
1881-1882	6.463,79 pts.	20,1%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia durante os anos ós que se fai referencia[74].

[71] Donativo do bispo de 50 pesetas para unha comida especial para os acollidos na Casa de Beneficencia polo "vigésimo quinto aniversario de su consagración episcopal", e da mesma cantidade para o Hospital. AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 4 de marzo de 1883. (p. 173)

[72] Non se conservan as actas das reunións da Xunta Municipal de Beneficencia dos anos 1889, 1890 e 1891, nas que constan as achegas do bispado neses tres anos.

[73] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696.

[74] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696.

Cadro 3. Achegas do Bispado de Lugo. Porcentaxes sobre o total de ingresos do Hospital Municipal

Ano económico	Contía	% nos ingresos totais
1877.1878	9.526,82 pts.	30,1%
1878-1879	5.000 pts.	13,4%
1879-1880	13.365,49 pts.	31,8%
1880-1881	7.500 pts.	17.9%
1881-1882	5.463,78 pts.	13,5%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia durante os anos ós que se fai referencia[75].

As contías anuais dos achegas son, como se pode observar moi variables, incluso entre anos consecutivos, sen que se poida determinar unha tendencia nin coñecer as causas que motivan esta variabilidade.

É importante sinalar a transcendencia que para os establecementos benéficos tiñan estas achegas, pois, aínda que variables na súa contía, percibíanse de forma regular.

As achegas do xuíz municipal

Trátase de outro tipo de achegas que tiñan unha orixe similar: o cobro dun imposto. Eran feitas polo xuíz municipal, D. José Bolaño Rivadeneira, sen que se saiba se o facía por iniciativa propia ou atendendo a algunha norma que así o establecese. As contías das que hai constancia, son de 363,65 pesetas no ano 1882 e 236, 64 no de 1883[76].

Cobro de impostos especiais

A Casa de Beneficencia, tal como se deprende da información contida nas actas, era propietaria do fielato da porta de San Fernando, no que se percibía, como no resto dos fielatos instalados en tódalas portas da muralla, un imposto que gravaba a entrada de alimentos para ser vendidos na cidade e que constituía o chamado imposto municipal de consumos.

Polo que se desprende da información contida nas actas, a Xunta Municipal de Beneficencia non explotaba directamente o fielato, senón que o arrendaba a quen o fixese, por unha cantidade fixa, que en 1885 era de 100 pesetas anuais[77].

O imposto en equivalencia ó do sal

Na terminoloxía oficial "impuesto en equivalencia al de la sal". Percibíase a través do recadador de impostos de Concello[78]. Non hai moita información ó respecto, nin das características do propio imposto nin da normativa legal pola que se transfería á

[75] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696.

[76] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o 14 de xullo de 1882 e o19 de setembro de 1883.

[77] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 21 de setembro de 1885.

[78] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 22 de novembro de 1892.

Xunta Municipal de Beneficencia, aínda que, pola periodicidade con que aparece contabilizado, este parece que tiña carácter regular.

O imposto sobre os billetes de plataforma da estación do tren

En 1889, a Xunta Municipal de Beneficencia inicia xestións para coñecer se, como sucedía noutras localidades, se podía reclamar o ingreso do 50% do imposto dos billetes de plataforma da estación do ferrocarril de Lugo, con destino á Casa Municipal de Beneficencia[79]. Dado que non se conservan as actas do ano 1889, non consta se esas xestións chegaron ou non a ter éxito.

Rendas derivadas da propiedade de títulos de débeda pública

A Xunta Municipal de Beneficencia percibía tamén ingresos derivados da propiedade de títulos de débeda pública que tiñan o Hospital e a Casa de Beneficencia. Estes ingresos eran o produto do cobro do interese do 3% do importe dos títulos, cuxo valor era de 283.615,46 reais, na parte que correspondía ó Hospital, á máis importante[80]. Tiña a súa orixe nos anos 1873 e 1874, en que se contrataran, moi posiblemente cos fondos da venta do edificio e terreos do chamado antigo Hospital de San Juan (San Bartolomé), situado en San Fernando, nas proximidades da Porta Falsa, antes do traslado ó convento de Santo Domingo. En 1883 lévase a cabo o alleamento dos títulos, tanto na parte que correspondía ó Hospital como na que pertencía á Casa de Beneficencia, polo que desde este momento deixaron de percibirse os intereses correspondentes[81].

Con posterioridade, tamén en 1883, localízase un novo título de débeda, do que non había constancia ata ese momento, por un valor de 8.031,48 reais, propiedade tamén do Hospital, e que tiña a mesma orixe que se supón para os anteriores, a venda do antigo edificio de Hospital de San Juan.[82].

En 1892, os ingresos obtidos polos intereses deste tipo de títulos continuaban sendo importantes. Contabilizándose no ano económico 1891-1892, 1.249,44 e 136 pts. (1.385,44 pts. en total) que correspondían ó Hospital e 9,68 pts.polos que correspondían á Casa de Beneficencia[83].

De características similares, é dicir, títulos de débeda pública, eran os intereses cobrados na delegación de Facenda da provincia de Ourense con destino ó Hospital, A orixe destes ingresos parece estar na doazón que para a construción dun novo hospital en Lugo fixera un benfeitor da cidade en tempos pasados[84].

---

[79] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 5 de decembro de 1889.

[80] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 14 de xuño de 1882.

[81] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 30 de decembro de 1883.

[82] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o 14 de abril e 12 de maio de 1883.

[83] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 19 de decembro de 1892.

[84] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 14 de xullo de 1882.

Os cobros a outros organismos e institucións por servizos prestados

A. Os cobros á Deputación Provincial

O ámbito de actuación da Xunta Municipal de Beneficencia, e o das institucións que dependían dela, era o do propio termo municipal. Debido ás reticencias da Xunta para atender ós enfermos e necesitados procedentes doutros concellos, producíanse frecuentes conflitos co gobernador civil e a Deputación Provincial. A solución adoptada na maioría dos casos, e despois de moitos tirapuxas, pasaba polo abono por parte da Deputación das estancias destes ingresados foráneos.

Nos anos económicos de 1881-82 e 1882-83, a contía do importe deste apartado foi de 750 pesetas por exercicio como pago polo sostemento dos enfermos ingresados no Hospital[85].

Como durante os anos económicos de 1883-84 e 1885-86 non se levaran a cabo os pagos globais que correspondía facer por este tipo de servizos, chégase ó acordo de que a Deputación aboaría con 1,50 pesetas por día a estancia de cada ingresado no Hospital de fora do termo municipal a partir dese momento[86].

En 1888, faise unha modificación do convenio coa Deputación, polo que esta pasa a abonar, outra vez globalmente, 3.500 pesetas pola estancia no Hospital Municipal dos enfermos que, non pertencendo ó termo municipal, pertenzan ó partido xudicial do que é cabeza Lugo, manténdose unicamente para os de outros distritos da provincia a subvención de 1,50 pesetas diarias. Este mesmo convenio establecese tamén cos restantes hospitais da provincia, Mondoñedo e Monforte[87].

B. Os Cobros ó Exército

Pola estancia no Hospital de membros do exército, tanto activos como retirados, a Xunta Municipal de Beneficencia cobraba distintas cantidades que aparecen rexistradas na contabilidade do Hospital en distintos anos.

Este apartado era o máis importante dos ingresos destinados ó Hospital. Entre os anos 1877 e 1882 a contía das cantidades recadadas por este apartado constituía entre o 41 e o 68% dos ingresos totais destinados ó Hospital[88].

Para a atención destes enfermos no Hospital Municipal, había unha enfermería dedicada en exclusiva a eles chamada sala de San Juan, que como é facilmente imaxinable, eran na súa gran maioría soldados rasos ou, como moito, oficiais de moi baixa graduación.

---

[85] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 12 de novembro de 1882. BOPL, nº 263, 20 de novembro 1882, p. 1. Extracto da sesión da Corporación Provincial celebrada o día 10 de novembro, na que se aproba o abono de 750 pts. anuais ó Hospital de Lugo "como socorro para el sostenimiento de los acogidos de fuera del distrito". Apróbase tamén abonar o importe correspondente ó ano económico anterior de 1881-82 por igual cantidade e concepto.

[86] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o 16 de outubro e 19 de decembro de 1886.

[87] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 5 de decembro de 1888.

[88] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Estado comparativo dos ingresos e gastos do Hospital Municipal.

As súas estancias eran cobradas á Intendencia militar de Galicia, na Coruña, a través dun apoderado do Hospital habilitado pola Xunta Municipal de Beneficencia naquela cidade[89]. Os cobros e pagos polas estancias non sempre se levaban a cabo coa axilidade e puntualidade que serían necesarias, producíndose retrasos frecuentes que orixinaban desaxustes nas contas da Xunta en xeral e do Hospital en particular[90].

Se os soldados non pertencían aínda ó exército, senón que eran quintos que, despois de ser rexistrados, non se incorporaran aínda a filas, as súas estancias correspondíalle abonalas ó concello de onde procedesen, o que orixinaba reclamacións diante do Goberno Civil para forzar ós concellos debedores a facer os pagos e saldar as débedas contraídas por este concepto[91]. O gobernador civil, pola súa parte, tentaba forzar ós concellos debedores a través de circulares no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*[92].

Ingresos polas estancias de expósitos na Casa de Beneficencia

Os nenos abandonados no momento de nacer, sen que se coñecese a identidade dos proxenitores, eran recollidos nas inclusas segundo a lexislación ata os seis anos de idade[93]. No caso da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo, que por ter ámbito provincial dependía da Deputación, os nenos eran entregados a amas de cría externas que cobraban por crialos nas súas casas no medio rural da provincia. Cando por calquera circunstancia eran devoltos á Casa de Maternidade, se superaban os seis anos de idade e non se asignaban a outra ama, ingresábanse na Casa Municipal de Beneficencia, abonando por este concepto a Deputación os gastos da súa estadía.

A Xunta Municipal de Beneficencia percibía da Deputación Provincial por este concepto distintas cantidades en función do número de nenos e nenas ingresados que tiñan esta orixe, para o sostemento da Casa. Este importe alcanzaba entre un 20 e un 25% dos ingresos totais do establecemento entre os anos 1877 e 1882[94].

As subvencións do propio Concello

Se ben, como xa se viu, se trataba en todo momento de evitar ter que recorrer á consignación de 10.000 pesetas anuais que o Concello poñía a disposición da Xunta de Beneficencia, con frecuencia era necesario recorrer a unha parte dela para cubrir os déficits, tanto do Hospital como da Casa de Beneficencia. Esta última máis frecuentemente debido a que contaba con menos ingresos por servizos prestados a outros organismos e institucións. No caso do Hospital, no período que vai de 1877 a 1882, unicamente apa-

[89] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 31 de outubro de 1879. (PÁXINA 38)

[90] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 1 de abril de 1887. (PÁXINA 345)

[91] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 23 de marzo de 1880. (PÁXINA 46)

[92] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*, nº43, 8 de abril 1880, p. 1. Circular do Goberno Civil de Lugo nº37 con data do 7 de abril de 1880.

[93] MAZA ZORRILLA, Elena. *Pobreza y asistencia social en España, siglos XVI al XX. Aproximación histórica*. Valladolid: Universidad de Valladolid, 1987, p.165.

[94] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Estado comparativo dos ingresos e gastos do Hospital Municipal.

rece reflectido un ingreso de 5.000 pesetas na contabilidade do ano económico 1881-82, e igual cantidade para a Casa de Beneficencia, o que significa que nese exercicio se esgotara o total das 10.000 pts. consignadas anualmente polo Concello.

No caso da Casa de Beneficencia, e para ese mesmo período de 1877-1882, as subvencións municipais acadaron entre un 7.6 e un 11,9% do total dos seus ingresos.

Cadro 4. Subvencións do Concello de Lugo á Casa Municipal de Beneficencia no período 1877-1882

Ano económico	Contía	% do total
1877-1878	2.400 pts.	7,6
1878-1879	4.000 pts.	10,8
1879-1880	4.900 pts.	10,1
1880-1881	5.000 pts.	11.9
1881-1882	5.000 pts	8,0

Fonte: elaboración propia a partir dos datos obtidos do estado comparativo dos ingresos e gastos da Casa Municipal de Beneficencia[95].

As doazóns particulares

Inclúense neste apartado as doazóns feitas por aquelas persoas que, ostentando ou non cargos públicos, facían doazón a conta dos seus propios recursos e non dos dos organismos ou institucións que representaban, como era o caso do bispo de Lugo ou o xuíz municipal.

Como en todas as cidades, en Lugo existían algúns benfeitores notables pertencentes ás clases máis favorecidas, que facían achegas monetarias nuns casos e en especie noutros.

As doazóns tiñan normalmente predeterminado un destino específico por parte dos doantes, ben ó Hospital ou ben á Casa de Beneficencia, e case que nunca á Xunta Municipal de Beneficencia como tal. Esta circunstancia mostra que era percibida máis como unha entidade burocrática e administrativa que como unha institución sólida e fiable na que se puidese confiar para que ela mesma fixese a distribución das achegas na forma que considerase oportuna.

As causas e a mentalidade que estaban detrás destas achegas non sempre son fáciles de determinar, xa que ademais das aparentes, de matiz altruísta ou relixioso, escóndense ás veces outras de claro carácter xactancioso, publicitario ou, incluso, promocional da imaxe pública do doante.

O carácter ostentoso deste tipo de achegas ven reforzado polo feito de que en ocasións fosen publicados pola Xunta Municipal de Beneficencia na prensa local[96]. Incluso o feito de que nalgún caso estas doazóns tivesen carácter anónimo, non descarta este carácter publicitario ou presuntuoso, posto que se publicaba igualmente nos xornais a doazón sen revelar a identidade, pero é fácil supoñer que nunha cidade pequena como era Lugo naquel momento, se coñecese facilmente a identidade dos doantes anónimos. Ás veces, as propias características da achega daba indicios claros de quen podía ser o doante. En 1885 un doante anónimo fai entrega de 150 colchas para a Casa de Beneficencia. É fácil supoñer que o doante foxe un comerciante da cidade que comerciase con ese tipo de mercadoría e cuxa identidade desvelarían os propios empregados do doante

[95] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696.

[96] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 13 de abril de 1885. (p.271)

ou os membros da Xunta de Beneficencia de forma non oficial[97]. Moi posiblemente tivese a mesma autoría a doazón anónima de 260 mantas de Palencia con destino ó Hospital e a Casa de Beneficencia[98].

O caso máis importante de benfeitor particular é o de D. Juan Paradela, que aportou considerables cantidades de diñeiro entre os anos de 1885 e 1887. As cantidades, datas e destino das súas doazóns aparecen repartidas nas actas deses anos sen periodicidade fixa e de forma irregular.

Cadro 5. Doazóns de D. Juan Paradela durante o período 1885-87 con destino ós establecementos benéficos municipais

Ano	Casa de Bª	Hospital	Totais
1885	135 pts 240 pts. 150 pts. 150 pts.	120 pts. 160 pts. 180 pts. 150 pts.	1.335 pts.
1886		250 pts.	250 pts.
1887		200 pts.	200 pts.

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia[99].

Fora destes tres anos, non existe constancia de ningunha outra achega económica por parte desta persoa, o que fai pensar en que se corresponde este período coa última etapa da súa vida, momento no que, por influencias relixiosas ou eclesiásticas, podían ter lugar este tipo de actos benéficos.

As doazóns testamentarias

Nalgúns casos, o doante deixaba en testamento unha parte dos seus ben ou rendas destinada a algún dos establecementos benéficos dependentes da Comisión. Como é lóxico, a entrega do importe da doazón correspondíalles facela ós herdeiros do doante, unha vez falecido este[100].

Aínda que en etapas anteriores do pasado eran frecuentes as doazóns de rendas ás institucións benéficas, estas eran xa neste momento pouco frecuentes. O máis normal é que fosen doazóns testamentarias de carácter monetario, aínda que algún exemplo de doazón de rendas aínda pervive e se produce de maneira esporádica. En 1888 a Xunta recibe unha doazón de rendas derivadas dunhas ferrerías, feita en testamento por un benfeitor en 1881:

> Se dió cuenta de una comunicación suscrita por D.ⁿ Juan Manuel Suarez y D.ⁿ Felipe Gonzalez Bernabé, de Madrid, testamentarios del Sr. D.ⁿ Pedro Carvajál, fallecido en la Córte el 15 de Noviembre último, participando que dicho Sr. en testamento de 23 de Julio de 1881. ante el Notario D.ⁿ José del Perál, dejó á la Casa de Beneficencia de esta Ciudad una renta anuál de 100 pesetas que deben pagár D.ⁿ Fernando Villamíl y D.ⁿ José M.ª Brabo por las Herrerías tituladas de Coriñas y propiedades de su anexión, cuyo derecho deberá percibirse al fallecimiento de

[97] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 23 de marzo de 1885. (p.265)

[98] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 9 de decembro de 1884. (p.260)

[99] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das sesións de: 13 de marzo, 13 de abril, 12 de maio, 21 de setembro e 10 de novembro de 1885; 19 de decembro de 1886 e 15 de xuño de 1887.

[100] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o 14 de xaneiro de 1887 e 26 de marzo de 1888.

> los usufructuarios Excimos. Sres. D.ⁿ Valentin y D.ⁿ Demetrio de Castro y Montenegro, de Ferról, en la forma y con las obligaciones que el citado testamento expresa.[101]

Nalgúns casos a entrega ás institucións benéficas, en menoscabo da propia herdanza, non era feita de boa gana polos herdeiros, se os había. O feito de que estivera recollida notarialmente en testamento escrito ofrecía poucas posibilidades para evadir a obrigación.

En agosto de 1882, a Xunta Municipal de Beneficencia ten noticia do falecemento de D.ª Balbina Pérez Sanmartín y Pamblei, da que sabe a ciencia certa que deixara en testamento un legado para o Hospital. Como queira que o importe dese legado non fora entregado á Xunta Municipal de Beneficencia, esta inicia os trámites para a súa reclamación, solicitando de oficio ó notario diante do que se outorgara o testamento, copia testemuñada da cláusula na que constaba a citada doazón[102].

No mes de decembro dese mesmo ano, a Xunta confirma o ingreso na depositaría da parte que lles correspondía entregar a dous dos tres herdeiros da doante, confirmando ademais a non resposta do terceiro herdeiro á carta de reclamación que se lle enviara solicitando o ingreso da parte que lle correspondía das 2.000 pesetas que comprendía a doazón. Tamén se solicita ó xuíz de primeira instancia que interveña para que o notario entregue a copia testamentaria que se lle solicitara con anterioridade[103].

Despois de múltiples xestións, non é ata 1884 que o herdeiro debedor fai entrega das 666,68 pesetas que constituían a parte proporcional que lle correspondía satisfacer, do total da doazón[104].

Como se pode observar, os intereses dos herdeiros chocaban cos desexos dos doantes, manifestados no testamento, chegando incluso, en ocasións, o intento reiterado de incumprilos en beneficio propio.

Da análise deste caso despréndese que a Xunta de Beneficencia, coñecedora desta, en moitos casos, falta de vontade de cumprir coa vontade do doante por parte dos seus herdeiros, facía un seguimento dos movementos patrimoniais que se sucedían tralo falecemento de algunha persoa da que se sospeitaba ou sabía que puidera ter establecida algunha doazón, indagando naqueles aspectos dos testamentos dos que puidera sacar algún beneficio económico.

As doazóns en especie

En ocasións, as doazóns, non só as testamentarias, senón tamén as que eran feitas directamente, non consistían en diñeiro en efectivo, senón en obxectos. Ás veces os obxectos doados érano porque previamente indagaran sobre as necesidades materiais do

[101] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 3 de agosto de 1888. (pp. 379-380)

[102] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 14 de agosto de 1882. (p. 134)

[103] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o 30 de decembro de 1882 e 20 de xuño de 1883.(pp. 148 e 197)

[104] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o 6 de febreiro e 8 de abril de 1884.(pp. 224e 234)

Hospital e Casa de Beneficencia. Deste tipo son as doazón que de mantas e colchas fixeran algúns benfeitores en distintos momentos, e dos que xa se viu algún exemplo[105].

Noutros casos, as necesidades reais dos establecementos non se tiñan en conta, facéndose nalgunha ocasión doazón de obxectos que nada tiñan que ver co que precisaban realmente.

En 1883, o tenente coronel, xefe do batallón de reserva en Lugo, fai doazón para a Casa de Beneficencia de 1.000 fundas (non se especifica de qué nin se dan máis detalles) e "mil cogoteras de lienzo algodón blanco procedentes de los roses que tenia el referido Bon."[106].

Outro donativo de similares características é o levado a cabo en 1882 por don Manuel Quintero, consistente nunha "máquina de coser inútil y 164 cuellos de hilo y algodón para camisolas"[107].

Este tipo de doazóns que non tiñan en conta as necesidades reais dos establecementos e as persoas que neles estaban acollidos, e que, ademais, as conforman obxectos de dubidoso valor comercial, constitúen unha mostra da mentalidade de algúns sectores con respecto ás institucións benéficas, ás que destinaban unicamente aquilo que non lles servía, non tiña valor comercial ou non servía para o doante.

As subscricións veciñais

Tendo en conta que o Hospital contaba con unha economía máis saneada que a Casa de de Beneficencia, fundamentalmente por contar con máis ingresos fixos, derivados das atencións ós enfermos militares e ós pagos que facía a Deputación por servizos prestados, a preocupación polo sostemento de esta facía que se pensase nun sistema de achegas voluntarias con periodicidade regular dos veciños con máis recursos para o seu sostemento.

A chegada das monxas en 1879 para rexentar a Casa de Beneficencia supuxo a súa remodelación en numerosos aspectos. Unha das novidades introducidas por elas foi o reforzamento deste apartado.

O mesmo ano da chegada, 1879, contrátase a impresión de 500 cartas de invitación para ser distribuídas entre as familias supostamente favorecidas economicamente da cidade[108].

En 1883 as monxas solicitan que se encargue a impresión de outras 500 cargos de invitación para ampliar o número de subscritores benfeitores do establecemento, despois de comprobar que "en el pueblo hay varias personas pudientes que con nada con-

[105] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o 9 de decembro de 1884, 13 de marzo e 21 de setembro de 1885, e 21 de decembro de 1883.

[106] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 21 de decembro de 1883. A palabra "cogotera" refírese a un trozo de tea que, suxeita con botóns na parte posterior dalgúns gorros, servía para resgardar a caluga do sol e a choiva. O "ros" era un gorro con viseira que utilizaba o exército naquela época. (p. 134)

[107] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 24 de outubro de 1882. (p. 136)

[108] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 7 de xuño de 1879. (p. 30)

tribuyen para el sostenimiento de la Casa de Beneficencia"[109]. Trataríase, como se ve, dunha coacción de guante branco a esas familias que, aínda que podentes, eran reticentes a colaborar economicamente co establecemento que agora dirixían as monxas.

En Lugo non existían 500 familias podentes, nin moito menos as 1.000 que suporían os dous repartos. As cartas foron repartidas entre xentes de poder adquisitivo medio e incluso baixo, como eran os empregados do Concello, e a presión, polo tanto, chegou a exercerse sobre xentes a quen os recursos non lles sobraban.

As colectas

Coa chegada das monxas á Casa de Beneficencia refórzase o carácter petitorio ou mendicante dos establecementos benéficos. Con este fin, os días de xoves e venres santos, as monxas pedían nas igrexas da capital para recadar fondos con destino ós establecementos. Tamén instalaban mesas petitorias nos pórticos das igrexas de Santo Domingo e San Francisco coa mesma finalidade[110].

As doazóns particulares (apartado no que se incluíron as achegas puntuais de diñeiro por parte de benfeitores particulares), as doazóns testamentarias e as doazóns en especie, que na contabilidade da Xunta Municipal de Beneficencia aparecen referenciadas baixo o epígrafe de "Donaciones, limosnas y otros recursos no previstos"[111], constitúen un importante capítulo no apartado dos ingresos da Casa Municipal de Beneficencia e, en menor medida, no do Hospital. No período que vai de 1877 a 1882 (anos económicos de 1877-78 ó 1881-82) contabilízanse os importes e porcentaxes que se resumen no cadro que sigue.

Cadro 6. Contías e porcentaxes do capítulo de doazóns, esmolas e outros recursos non previstos nos presupostos económicos da Casa Municipal de Beneficencia e Hospital no período 1877-1882

Ano económico 1877-78

	Contía en pts.	% do total
Casa de Beneficencia	3.028,25	9,5
Hospital Municipal	2.600,00	8,8

Ano económico 1878-79

	Contía en pts.	% do total
Casa de Beneficencia	5.226,00	13,9
Hospital Municipal	1.087,50	3,4

Ano económico 1879-80

	Contía en pts.	% do total
Casa de Beneficencia	2.322,01	5,5
Hospital Municipal	1.059,73	3,3

[109] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o 17 de febreiro e 12 de maio de 1883. (pp. 169 e 185)

[110] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o 8 de abril de 1882 e 24 de marzo de 1883. (pp. 390 e 403)

[111] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Estado comparativo dos ingresos e gastos da Casa de Beneficencia e Hospital. Extracto da conta xeral da Xunta Municipal de Beneficencia de Lugo. (pp. 166,167)

Ano económico 1880-81

	Contía en pts.	% do total
Casa de Beneficencia	2.019,77	4,8
Hospital Municipal	Sen indicar	-

Ano económico 1881-82

	Contía en pts.	% do total
Casa de Beneficencia	2.582,73	6,4
Hospital Municipal	303,00	0,8

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contables contidos no extracto da conta xeral da Xunta Municipal de Beneficencia[112].

Como se pode apreciar, as contías deste tipo de recursos teñen maior peso cuantitativo e porcentual no caso da Casa de Beneficencia, que por non ter a opción de facer cobros por servizos prestados ós membros do Exército como no caso do Hospital, depende moito máis das doazóns, esmolas e demais achegas vinculadas á actitude mendicante.

Posiblemente, para corrixir este déficit de recursos propios da Casa de Beneficencia con relación ó Hospital, como xa se ten indicado, deseñouse os sistema de achegas voluntarias con periodicidade regular dos veciños, ó que se denominou "suscrición vecinal".

As contías e porcentaxes deste apartado, dentro da economía da Casa de Beneficencia sufre importantes variacións en función das iniciativas que as monxas toman para incitar ós veciños a que colaboren coa economía do establecemento.

Cadro 7. Subscricións veciñais para a Casa Municipal de Beneficencia. Contías e porcentaxes nos presupostos anuais

Ano económico	Contía	% do total
1877-78	1.410,94	3,4
1878-79	1375,44	3,6
1879-80	4.452,01	10,6
1880-81	4.215,94	10,1
1881-82	4.035,19	10,0

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contables contidos no extracto da conta xeral da Xunta Municipal de Beneficencia[113].

Como se pode observar, a chegada das monxas en 1879 e o primeiro envío de cartas ós veciños, invitándoos a que colaborasen a través do sistema de subscrición, produciu un importante aumento de ingresos por este apartado, que se triplicaron tanto cuantitativa como porcentualmente. Este cambio hai que encadralo na nova concepción que para o espírito da Restauración, na que encaixa a que se podería chamar reintroducción das organizacións relixiosas nas institucións benéficas, significa o tratamento da pobreza.

[112] Táboa elaborada a partir dos datos contables contidos no chamado Estado comparativo de ingresos e gastos da Casa de Beneficencia e Hospital. AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696.(pp. 166,167)

[113] Cadro elaborado cos datos contables contidos no extracto da conta xeral da Xunta Municipal de Beneficencia. Estado comparativo dos ingresos e gastos da Casa de Beneficencia e Hospital. AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696.(pp. 166,167)

Ó contrario do que sucede coas subscricións veciñais, pódese observar como no mesmo período que coincide coa chegada das monxas, se produce un importante descenso das achegas voluntarias que se corresponden co apartado de "Donaciones, limosnas y otros recursos imprevistos". Isto poderíase interpretar como unha reacción das xentes á presión exercida polas monxas coas subscricións. As xentes rexeitarían as subscricións e as monxas unicamente conseguirían converter parte das doazóns voluntarias existentes previamente en subscricións regulares.

Ingresos derivados da explotación do Teatro Municipal

Para compensar en parte a falta de ingresos fixos que a Casa de Beneficencia tiña, no seu momento dispuxérase a creación dun teatro municipal vinculado a ela, ó igual que se fixera noutras cidades, para de algunha maneira proporcionarlle algún ingreso regular. O Teatro era o único que existía na cidade e atopábase situado tamén no recinto do antigo convento de San Francisco.

Os ingresos obtidos por este apartado, aínda que regulares, foron moi variables nas contías de unhas épocas a outras, dependendo do sistema seguido para a explotación do local e da etapa de auxe ou decadencia pola que pasase.

Con todo, nos mellores anos, na década dos setenta e primeiros oitenta, as cantidades ingresadas por este concepto na caixa da Casa de Beneficencia e contabilizadas baixo o epígrafe de "Fincas y rentas propias", aínda sendo importantes cuantitativamente, non eran moi relevantes porcentualmente, xa que nin sequera nos mellores anos chegaban ó 5% do presuposto anual do establecemento: 4,2% do total no ano económico 1877-78 e 1,7% no de 1879-80[114]. O interese do Teatro, pois, está, máis que na súa transcendencia económica para a beneficencia municipal, na súa repercusión na vida social e cultural da cidade e na rede de intereses que se xeran arredor del, entre os funcionarios municipais e os distintos sectores da cidade.

A explotación dos teatros municipais nas distintas cidades, case sempre vinculada ás institucións benéficas, daba lugar a frecuentes corruptelas, favoritismos e demais actuacións que en nada conxeniaban coa súa pretendida finalidade benéfica. Moi posiblemente coa intención de poñer límites a este tipo de situacións, das que sería coñecedora, a Administración central promove o real decreto do 24 do xullo de 1852[115], que introduce unha serie de medidas correctoras neste sentido. A primeira delas, e tamén a máis importante, é a que obriga a arrendar a explotación de todos os teatros pertencentes a concellos e xuntas de beneficencia, afastando desta maneira das caixas das recadacións ós empregados municipais e demais supostos benfeitores voluntarios (título primeiro, artigo 3º). Tamén establecía que os concellos e xuntas de beneficencia non poderían reservarse máis entradas gratuítas que as que se correspondían cun palco "de dimensiones ordinarias" (artigo 5º).

A entrada en vigor do novo real decreto implica, polo tanto, que os teatros dos concellos e xuntas de beneficencia teñen obrigatoriamente que ser arrendados en poxa pública por anos "cómicos" (de setembro a xuño). Queda prohibido que contraten coas

[114] Estado comparativo dos ingresos e gastos da Casa Municipal de Beneficencia de Lugo.AHPL, Concello de Lugo, Sig. 0825-00, Leg. 696.

[115] *Gaceta de Madrid*, nº 6613, do 31 de xullo de 1852. BOPL nº 94, do 6 de agosto de 1852, pp. 1-5. A publicación no BOPL leva un engadido do gobernador no que fai alusión ó Teatro de Lugo, ordenando se leve a cabo de forma inmediata convocatoria de poxa pública para arrendar a explotación do mesmo.

compañías teatrais e organizadores de bailes por días, e menos aínda que organicen eles directamente como viñan facendo ata ese momento.

En 1853, para dar cumprimento á nova normativa legal do real decreto, elabórase un inventario dos obxectos existentes no teatro e, previa poxa pública, fírmase un contrato de arrendamento por dous anos cómicos, tal como indicaba a lei.

En 1856, rematado o período que establecía o contrato, establecese un novo por seis anos, que tería vixencia ata o mes de xuño de 1862, rematando aquí o cumprimento da normativa que establecía o real decreto de 1852 e volvéndose ó sistema, aparentemente alegal, de épocas anteriores. Así, en 1863, alúgase para celebrar os bailes do Antroido dese ano unicamente, non só o teatro, senón tamén os dous cuartos máis próximos a este da Casa de Beneficencia[116].

Está documentado tamén, seguindo o mesmo sistema, o aluguer sen poxa pública para os bailes de Antroido de 1867 e 1868, entregándose ademais nestes casos os dous cuartos contiguos da Casa de Beneficencia citados anteriormente, neste caso para ser utilizados como "cantina-restaurante".

No 1869, vólvese á legalidade e retómase o sistema indicado no decreto de 1852, adxudicándoselle directamente, por non haber máis licitadores, o contrato por tres anos a D. José Mª Fenández, pola cantidade de 440 escudos anuais[117].

O contrato non tivo continuidade. En 1872, o Concello, segundo acordo tomado en sesión plenaria o 6 de febreiro, e contravindo unha vez máis a legalidade, decide organizar directamente os bailes de Antroido dese ano, dos que se obtivo un beneficio de 503,57 pesetas, tal como consta na contabilidade levada a cabo o seu remate[118].

Desde este ano e ata practicamente a desaparición do Teatro en 1892, vanse alternando as contratacións puntuais coas compañías teatrais foráneas e os organizadores locais, cos bailes organizados por administración polo propio concello, sen que en ningún momento se mostre o máis mínimo respecto polas normas que establecía o decreto de 1852.

No 1874, o Concello, ademais de organizar por administración os bailes de Antroido no Teatro, arrenda pra o mesmo fin a cruxía do convento de Santo Domingo, destinando os beneficios tamén á Casa de Beneficencia. Esta mesma situación repítese en anos posteriores.

A organización de dous bailes distintos, en dous locais separados, obedecía a unha clara intencionalidade de separación de clases. Mentres os que se organizaban no Teatro estaban destinados ás clases máis privilexiadas da cidade, como eran os membros das sociedades recreativas que colaboraban na organización, os que tiñan lugar no exconvento de Santo Domingo, estábano ás clases populares.

A organización "por administración" proporcionaba ós membros da Xunta e empregados municipais que participaban nos preparativos pequenas parcelas de poder que, á súa vez, se traducían nun certo tráfico de influencias, moi importante e útil nunha

[116] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, 1843-1894, Sig. 0829-00, Leg. 700. Expediente de arrendo, ano 1863.

[117] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, 1843-1894, Sig. 0829-00, Leg. 700.

[118] Estado comparativo dos ingresos e gastos da Casa Municipal de Beneficencia de Lugo. AHPL, Concello de Lugo, Sig. 0825-00, Leg. 696.

cidade pequena como era Lugo. A posibilidade de contratar a unhas e outras persoas para levar a cabo os preparativos, a compra dos produtos precisos nun ou outro comercio da cidade e demais, reportaban importantes beneficios a quen exercía o poder de decisión.

Algunhas destas actuacións, que poderían ser catalogadas de irregulares, chegan incluso a xerar polémica no seo da propia Xunta Municipal de Beneficencia, recriminándoselle ó alcalde o feito de conceder gratuitamente o Teatro a algunhas sociedades recreativas da cidade, antepoñendo os intereses particulares ós da Casa de Beneficencia[119].

A falta de rigor no cumprimento das distintas normas legais que afectaban á beneficencia municipal fai que en 1890, o gobernador da provincia dirixa un escrito ó alcalde solicitando información sobre o réxime administrativo e as prácticas seguidas na administración dos establecementos "en tanto que segun lo terminantemente dispuesto en la ley de 20 de Junio de 1849 no se forman los estatutos con que deben regirse"[120].

Da lei á que fai referencia o gobernador no escrito deriva o real decreto do 24 de xullo de 1852 ó que se veu citando con anterioridade e que regulaba a administración dos teatros municipais. A situación de ilegalidade no proceso de administración e explotación do Teatro durante todo o período que se veu analizando confírmase de maneira evidente.

3.2. Os presupostos anuais

Tendo en conta que o ano económico polo que se rexía a Xunta Municipal de Beneficencia abarcaba o período comprendido entre o 1 de xullo e o 30 de xuño do ano seguinte, unha das reunións fixas que se celebraban no mes de abril ou maio era o da aprobación dos presupostos anuais que rexerían no exercicio seguinte. Con posterioridade, xeralmente no mes de xaneiro, cando o exercicio económico ía pola metade, aprobábase un presuposto adicional que axustaba o inicial á marcha real da economía dos dous establecementos, Casa de Beneficencia e Hospital.

A achega do Concello, que se anotaba como posible déficit, tal como xa se indicou, non significaba que realmente se gastase, senón que se consideraba un colchón que garantía o poder saír dos posibles desvíos orzamentarios.

Do período contable mellor documentado, que vai de 1879 a 1893, durante os primeiros anos (1879-80 e 1880-81) esta asignación municipal facíase unicamente no presuposto da Casa de Beneficencia, á que se consideraba máis vulnerable economicamente por non contar cos ingresos fixos con que contaba o Hospital, tal como se veu indicando. A partir de 1881, a achega de 10.000 pesetas do Concello, repartíase a partes iguais entre os dous establecementos, aínda que na contabilidade de gastos reais, o Hospital case nunca facía utilización dela. Isto confirma a diferenza que con respecto ós dous establecementos tiña a Xunta de Beneficencia e o Concello, máis benéfica, e polo tanto máis propia de recibir axuda orzamentaria, no caso da Casa de Beneficencia, e moito menos no caso do Hospital, que debía orientarse ó autofinanzamento.

[119] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 3 de febreiro de 1888. (p. 362)

[120] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0829-00, Leg. 700. Escrito do gobernador da provincia ó alcalde da cidade con data do 29 de marzo de 1890.

O rigor na elaboración dos presupostos vai parello á dinámica da propia Comisión. Son precisos e detallados ata o ano 1889, deixando de selo a partir desa data, coincidindo coa etapa de decadencia da propia institución. En algún ano repítense os presupostos do anterior (1892-93) e incluso se aproban sen especificar as contías nas actas (1892-93 e 1893-94)[121].

Cadro 8. Os presupostos anuais para a Casa Municipal de Beneficencia e Hospital Municipal no período 1879-1894

Ano económico de 1879-80

Casa Municipal de Beneficencia	
Gastos	35.182,75 pts.
Ingresos	30.282,20 pts.
Déficit para o Concello	4.900,00 pts
Hospital Municipal	
Gastos	30.379,29 pts.
Ingresos	30.379,29 pts.
Déficit para o Concello	0,0 pts.
Presuposto adicional[122]	
Casa Municipal de Beneficencia	7.881,94 pts.
Hospital Municipal	10.313,57 pts

Ano económico de 1880-81

Casa Municipal de Beneficencia	
Gastos	35.358,00 pts.
Ingresos	33.588,00 pts.
Déficit para o Concello	9.000,00 pts
Hospital Municipal	
Gastos	28.923,00 pts.
Ingresos	28.923,00 pts.
Déficit para o Concello	0,0 pts.
Presuposto adicional	
Casa Municipal de Beneficencia	13.652,62 pts.
Hospital Municipal	12.529,94 pts

Ano económico de 1881-82

Casa Municipal de Beneficencia	
Gastos	41.375,00 pts.
Ingresos	36.375,00 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts
Hospital Municipal	
Gastos	34.052,50 pts.
Ingresos	29.052,50 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts.
Presuposto adicional	
Casa Municipal de Beneficencia	9.096,00 pts.
Hospital Municipal	10.027,48 pts

[121] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o 8 de abril de 1892 e 10 de abril de 1893.

[122] Os presupostos adicionais facíanse en cumprimento do artigo nº 66 do Regulamento de 14 de maio de 1852.

Ano económico de 1882-83

Casa Municipal de Beneficencia	
Gastos	38.325,00 pts.
Ingresos	33.325,00 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts
Hospital Municipal	
Gastos	25.506,09 pts.
Ingresos	20.506,09 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts.
Presuposto adicional	
Casa Municipal de Beneficencia	8.596,72 pts.
Hospital Municipal	8.631,20 pts

Ano económico de 1883-84

Casa Municipal de Beneficencia	
Gastos	39.375,00 pts.
Ingresos	34.375,00 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts
Hospital Municipal	
Gastos	26.610,40 pts.
Ingresos	21.640,40 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts.
Presuposto adicional	
Casa Municipal de Beneficencia	8.950,79 pts.
Hospital Municipal	10.597,82 pts

Ano económico de 1884-85

Casa Municipal de Beneficencia	
Gastos	39.537,50 pts.
Ingresos	34.537,50 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts
Hospital Municipal	
Gastos	26.231,15 pts.
Ingresos	26.231,15 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts.
Presuposto adicional	
Casa Municipal de Beneficencia	9.935,65 pts.
Hospital Municipal	14.448,00 pts

Ano económico de 1885-86

Casa Municipal de Beneficencia	
Gastos	40.131,25 pts.
Ingresos	35.131,25 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts
Hospital Municipal	
Gastos	28.048,65 pts.
Ingresos	23.048,65 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts.
Presuposto adicional	
Casa Municipal de Beneficencia	8.656,28 pts.
Hospital Municipal	6.853,01 pts

Ano económico de 1886-87

Casa Municipal de Beneficencia	
Gastos	40.131,25 pts.
Ingresos	35.131,25 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts
Hospital Municipal	
Gastos	26.048,65 pts.
Ingresos	21.048,65 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts.
Presuposto adicional	
Casa Municipal de Beneficencia	14.479,23 pts.
Hospital Municipal	12.759,48 pts

Presupostos refundidos (suma dos iniciais e os adicionais):

Casa de Beneficencia- 54.610.48 pts. (40.131,25+14.479,23)

Hospital Municipal- 38.808,13 pts. (26.048,65+12.759,48)

Ano económico de 1887-88

Casa Municipal de Beneficencia	
Gastos	40.131,25 pts.
Ingresos	35131,25 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts
Hospital Municipal	
Gastos	27.059,90 pts.
Ingresos	22.059,90 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts.
Presuposto adicional	
Casa Municipal de Beneficencia	15.367,87 pts.
Hospital Municipal	8.738,09 pts

Ano económico de 1888-89

Casa Municipal de Beneficencia	
Gastos	36.661,25 pts.
Ingresos	31.661,25 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts
Hospital Municipal	
Gastos	24.048,65 pts.
Ingresos	19.048,65 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts.
Presuposto adicional	
Casa Municipal de Beneficencia	-
Hospital Municipal	-

Ano económico de 1889-90 e 1890-91. Non se conservan as actas correspondentes nin aparecen os datos nas actas posteriores.

Ano económico de 1891-92[123]

Casa Municipal de Beneficencia	
Gastos	36.661,25 pts.
Ingresos	31.661,25 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts
Hospital Municipal	
Gastos	23.731,15 pts.
Ingresos	18.731,15 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts.
Presuposto adicional	
Casa Municipal de Beneficencia	-
Hospital Municipal	-

Ano económico de 1892-93

Casa Municipal de Beneficencia	
Gastos	36.661,25 pts.
Ingresos	31.661,25 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts
Hospital Municipal	
Gastos	23.731,15 pts.
Ingresos	18.731,15 pts.
Déficit para o Concello	5.000,00 pts.
Presuposto adicional[124]	
Casa Municipal de Beneficencia	-
Hospital Municipal	-

Ano económico de 1893-94. Apróbanse sen facer referencias ás contías[125].

Fonte: elaboración propia a partir da información e os datos contidos nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia no período que vai do ano 1879 ó de 1894[126].

3.3. As subministracións de alimentos e roupas

As institucións dependentes da Xunta de Beneficia, Casa de Beneficencia e Hospital, precisaban adquirir bens como os alimentos e medicamentos, e contratar servizos como o lavado de roupas. A selección destes subministradores e a súa contratación non era feita inicialmente polos responsables dos establecementos, senón pola propia Xunta Municipal de Beneficencia.

O sistema elixido para a selección dos subministradores era o da poxa pública. Feita a convocatoria, os interesados presentaban as súas ofertas e a Xunta elixía a que consideraba máis beneficiosa para os intereses dos establecementos. En teoría, tratábase dun sistema que garantía a transparencia nun apartado no que, pola súa transcendencia económica, podían darse importantes episodios de corrupción. Na práctica, como se irá

[123] Aínda que non se conservan as actas da Xunta Municipal de Beneficencia correspondentes ó ano 1891, dedúcense os importes a partir das actas correspondentes ós anos 1892 e 1893.

[124] Apróbanse na Xunta Municipal de Beneficencia, e así aparece reflectido nas actas, sen facer referencia ás contías.

[125] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 22 de abril de 1893. (p. 409)

[126] Cadros elaborados cos datos contidos nas actas da Xunta no período que vai do ano 1879 ó de 1894. AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696.

vendo, esa transparencia era só aparente e o sistema de poxa pública era adulterado con frecuencia para facer adxudicacións directas que pouco tiñan que ver coa pretendida ecuanimidade e transparencia e si, moi posiblemente, coas prácticas clientelares.

As convocatorias, nos primeiros anos, incluían xa os prezos de cada unha das subministracións e as unidades de peso e medida polos que ser rexían. Esta eran as vixentes antes da implantación do sistema métrico decimal: onza, libra, arroba castelá, arroba galega, aparecendo en algúns casos a súa abreviatura @. A unidade de medida era a vara, que equivalía a 0,83 m.

No caso de que os interesados non fixesen ofertas por considerar os prezos marcados na convocatoria excesivamente baixos, a Xunta aprobaba que se fixese "por administración", o que significaba que os responsables dos respectivos establecementos podían facer as adquisicións sen render contas nin aterse a ningún tipo de supervisión. Inicialmente, esta opción aplicábase unicamente para a adquisición de algún produto dos moitos que se adquirían, aplicándose para o resto o sistema de poxa pública, pero pronto se xeneralizou para a práctica totalidade dos bens que era preciso adquirir anualmente.

Na convocatoria de 1879, unicamente queda fora do sistema de adquisición mediante poxa pública a subministración de pan de trigo para o Hospital[127].

No 1880, coincidindo coa crise de subsistencia que asola Galicia nese momento, e por falta de licitadores debido á variabilidade dos prezos dos alimentos, con constantes subidas, unicamente se contrata o lavado de roupas do Hospital, a subministración de carne de vaca para a Casa de Beneficencia e Hospital, e o de pan de centeo, autorizándose a compra nos mercados públicos do resto dos produtos necesarios para o sostemento dos acollidos[128].

Tamén se contrata en 1881 mediante poxa pública a subministración de xéneros de confección para a Casa de Beneficencia e lenzo de fío para sabas, cabezais e camisas dos internos no Hospital[129].

A existencia dun único licitador na maioría dos casos apunta xa a certo tipo de manobras tendentes a burlar a pretendida transparencia.

En 1881, adxudícase mediante poxa pública, tamén cun único licitador, a subministración de alimentos para a Casa de Beneficencia e de pan de trigo para o Hospital, sen que conste se foi adxudicado o lavado de roupas do mesmo que se incluía na convocatoria[130]. Acéptase tamén formalmente o cambio de subministrador da carne de vaca para a Casa de Beneficencia e Hospital por acordo entre o que contratara en 1880 e o que o faría a partires dese momento[131].

---

[127] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 28 de xullo de 1879. (pp. 32-.33 e 34-35)

[128] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 2 de xullo de 1880. (p. 54)

[129] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 15 de marzo de 1881. (p. 77)

[130] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o 10 de marzo e 27 de xuño de 1881.(pp. 81 e 85)

[131] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 27 de setembro de 1881. (p. 93)

Obsérvase, como en anos anteriores, que no caso do Hospital unicamente se convoca a poxa do lavado de roupas, a subministración de pan de trigo e o de carne de vaca (conxunta coa da Casa de Beneficencia), sen que se faga para o resto dos produtos alimenticios que ían destinados a el.

No 1882 prodúcese un cambio significativo. As actas reflicten con moita maior precisión os pasos levados a cabo en todo o proceso de poxa e contratación das subministracións, pero cun resultado totalmente sorprendente. As poxas fracasan e autorízase a contratación directa da maior parte dos produtos.

No mes de maio dese ano comisiónase a dous vocais da Xunta para a elaboración do prego de condicións que rexerían a poxa pública da subministración de artigos alimenticios para a Casa de Beneficencia, carne de vaca para esta e o Hospital, pan de trigo para este último, e lavado de roupas tamén do Hospital, para o ano económico de 1882-1883[132].

No mes de xuño, debido a que quedara deserta a poxa por falta de licitadores, suponse que porque os prezos da convocatoria fosen demasiado baixos, modifícanse estes lixeiramente e anunciase unha convocatoria máis para os seguintes días[133].

Finalmente, como queira que cos prezos marcados na nova convocatoria tampouco concorre ningún licitador á poxa, autorízase, tal como se acordara con anterioridade, ás monxas que administraban xa os dous establecementos, para que fagan as adquisicións destes produtos en función do seu criterio[134].

Todo este proceso de convocatorias de poxa con baixos prezos co resultado de autorizar a contratación directa non parece casual senón que, ó contrario, parece responder a unha estratexia predeterminada. As distintas repeticións das convocatorias responden posiblemente á necesidade de cumprir coa lexislación nese campo, que tiña precisamente a intencionalidade de combater as prácticas corruptas e propiciar a transparencia, conseguindo finalmente facer as adquisicións sen control algún.

As prácticas corruptas no entorno da administración dos establecementos benéficos foi detectada, e nalgúns casos tidas en conta á hora de tentar evitalas, noutros ámbitos xeográficos. No caso de Madrid debateuse en varias ocasións a posibilidade de modificar o regulamento que rexía a administración dos establecementos municipais, para evitar estas practicas. En 1899, é o propio alcalde quen formula a intención de cortar co nepotismo, abusos e subornos que os regulamentos existentes ata ese momento non podían impedir[135].

O feito de que a aparición deste tipo de actuacións coincida coa chegada das monxas da Caridade a Lugo para administrar os dous establecementos benéficos, non parece en ningún momento casual, senón que, polo contrario, ambos fenómenos encaixan no proceso de restauración dos valores anteriores á constitución de 1812 que se vi-

---

[132] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 10 de maio de 1882. (p. 118)

[133] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 14 de xullo de 1882. (p. 127)

[134] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 14 de agosto de 1882. (p. 131)

[135] KRAUSE, Marianne. La legislación sobre beneficencia y su práctica en el cambio de siglo. En: *Historia de la acción social pública en España. Beneficencia y previsión*. Madrid: Centro de Publicaciones. Ministerio de Trabajo y seguridad social, 1990, p. 198.

vía nese momento. Evitar someter a administración dos establecementos ó control económico que supoñían as leis do momento pode interpretarse claramente como un intento de evitar as medidas do Novo Réxime para tentar regresar ós sistemas propios da beneficencia privada do Antigo Réxime, sen supervisión das administracións públicas.

Esta interpretación vese reforzada polo feito de que nos anos posteriores se repita, con mínimas modificacións, este mesmo esquema, o que demostra a clara premeditación que esta liña de actuación contiña.

A estratexia sempre é a mesma: primeira convocatoria de poxa con prezos moi baixos e segunda e terceira con pequenos e insuficientes incrementos que os manteñen por debaixo dos niveis que poderían resultar atractivos para os subministradores, para, finalmente, aprobar as contratacións directas.

Xa no 1883, déixase de sacar a poxa pública o servizo de lavado de roupas do Hospital ó propoñer as monxas, e autorizalo o alcalde, a compra en Madrid de dúas "calderas legiadoras", autorizando tamén a Xunta de Beneficencia a que se fixese o mesmo na Casa de Beneficencia[136].

As manobras tendentes á evitación das poxas públicas afecta tamén ós produtos adquiridos de forma non periódica nin regular. En 1884, diante da necesidade de adquirir 100 cobertores para a Casa de Beneficencia, autorízase á superiora que a administra para que os adquira segundo o seu criterio a un ritmo de 10 mensuais, co argumento pouco sólido de que non hai fondos para adquirilos todos xuntos en poxa pública[137].

No 1883, diante da necesidade de renovar as roupas de cama do Hospital, convócase poxa pública para a adquisición de distintos xéneros: lenzo de Padrón, percal e cretona. As bases establecidas na convocatoria non se respectan no momento do pago, xa que se ven incrementadas no que se refire ás cantidades, e polo tanto no importe total, mostrando desta maneira a falta de rigor no proceso[138].

A secuencia levada a cabo en 1882, de facer fracasar as tres convocatorias de poxa co resultado final da autorización ás monxas para facer as adquisicións para os respectivos establecementos de forma autónoma, reprodúcese, exactamente cos mesmos pasos, en anos posteriores ata o final da década. Unicamente hai constancia da adxudicación mediante poxa pública da subministración de pan de trigo para o ano económico de 1885-86 e 1888-89[139], de carne de vaca para 1887-88 e 1888-89[140].

Xa na década dos noventa, prodúcese un cambio de actitude e o regreso ó sistema de adxudicacións en poxa pública. Hai constancia de que se contrataron por este

[136] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 20 de xuño de 1883. (p. 192)

[137] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 30 de setembro de 1884. Finalmente os cobertores foron doados, xunto con 60 máis para o Hospital por un doante sen identificar nas actas: Acta da reunión celebrada o 9 de decembro de 1884. (pp. 252 e 259)

[138] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o 4 de marzo, 10 de abril e 12 de maio de 1883.

[139] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o 27 de xuño de 1885 e 18 de xuño de 1888.

[140] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o 15 de xuño de 1887 e 18 de xuño de 1888.

sistema todas as subministracións do ano 1891-92, excepto a da carne de vaca[141], e que para o de 1892-93 se levou a cabo para todos os artigos[142].

3.4. As subministracións farmacéuticas

A subministración de produtos farmacéuticos, tanto para o Hospital como para a Casa de Beneficencia, constitúe un caso aparte, fundamentalmente pola forma en que se levaba a cabo. Ó contrario do que sucedía coas subministracións de alimentos e teas para enxovais de cama e roupa dos internos, para a adquisición de produtos de farmacia non se utilizaba un sistema de poxa pública, senón que se establecía un convenio entre o alcalde e o farmacéutico correspondente, actuando a Xunta de Beneficencia a posteriori ratificando o acordo.

Anualmente, e para o ano económico seguinte, establecíase un convenio co farmacéutico correspondente, determinándose as contías económicas debidas, pasando este ó final do exercicio a factura polo importe total do servizo, ou ben en dous semestres.

Cadro 9. Os subministradores farmacéuticos do Hospital e Casa de Beneficencia

Ano económico	Establecemento	Farmacéutico
1878-79	Casa de Beneficencia	Enrique Rodríguez Cortés
1880-81	Hospital	Enrique Rodríguez Cortés
1882-83	Casa de Beneficencia	Enrique Rodríguez Cortés
	Hospital	Enrique Rodríguez Cortés
1883-84	Casa de Beneficencia	José Castro Freire
	Hospital	Enrique Rodríguez Cortés
1884-85		1º trimestre: Enrique Rodríguez Cortés 2º trimestre: José Castro Freire
	Hospital	Enrique Rodríguez Cortés
1885-86	Hospital	Non consta o nome do contratista.
	Casa de Beneficencia	José Castro Freire
1886-87	Hospital	José Castro Feire-Elías Paz Piñeiro
1887-88	Hospital	Non consta o nome do contratista.
1888-89	Hospital	Non consta o nome do contratista.

Fonte: elaboración propia a partir da información contida nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia[143].

En 1882 e para o ano económico 1882-83, as cantidades establecidas pra atender ó Hospital eran de 25 céntimos de peseta por estancia, e igual cantidade por cada samesuga subministrada. Chama a atención o feito de que a Xunta simplemente ratifica, cando xa se estaba levando a cabo a subministración (outubro de 1882), o acordo establecido mediante acta de convenio firmada catro meses antes entre o alcalde e o subministrador[144].

Desde o ano 1878 e ata o de 1885, o farmacéutico subministrador era Enrique Rodríguez Cortés, compartindo o convenio con José Castro Freire no exercicios 1883-

[141] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 8 de abril de 1892.

[142] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 19 de decembro de 1892.

[143] Cadro elaborado coa información contida nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia. AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696.

[144] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 24 de outubro de 1882.

84 e 1885-86, que pasa, a partir desta data a selo xa totalmente ata o seu falecemento no transcurso do ano económico de 1886-87, rematando a subministración correspondente ó convenio dese exercicio o comprador da farmacia, Elías Paz Piñeiro[145].

As contías ás que ascendían os pagos por este apartado era moi elevados, especialmente as que se correspondían co Hospital, significando unha porcentaxe importante dentro dos gastos totais deste establecemento.

Para os anos que van de 1877 a 1882, o período no que as fontes documentais ofrecen unha información máis completa, rexístranse as cantidade e porcentaxes que se resumen no cadro seguinte.

Cadro 10. Importes das subministracións farmacéuticas para o Hospital e Casa de Beneficencia no período 1877-1882 e % sobre os totais

Exercicio 1877-78

	Gasto farmacéutico	Presuposto xeral	% sobre o total
Hospital	3980,97 pts.	28.826,70 pts.	13,81
Casa de Bª	287,75 pts	40.471,62 pts.	0,73
Total	4.278,72 pts.		

Exercicio 1878-79

	Gasto farmacéutico	Presuposto xeral	% sobre o total
Hospital	4.154,70 pts.	31.492,49 pts.	13,19
Casa de Bª	142,35 pts	34.780,88 pts.	0,40
Total	4.257,05 pts.		

Exercicio 1879-80

	Gasto farmacéutico	Presuposto xeral	% sobre o total
Hospital	4377,47 pts.	29.817,62 pts.	14,68
Casa de Bª	223,72 pts.	32.094,38 pts.	1,43
Total	4.601,19 pts.		

Exercicio 1880-81

	Gasto farmacéutico	Presuposto xeral	% sobre o total
Hospital	4.507,50 pts.	27.527,59 pts.	16,37
Casa de Bª	118,89 pts.	36.908,88 pts.	0,32
Total	4.626,39 pts.		

Exercicio 1881-82

	Gasto farmacéutico	Presuposto xeral	% sobre o total
Hospital	3.502,61 pts.	31.734,92 pts.	11,03
Casa de Bª	280,15 pts.	35.995,21 pts.	0,77
Total	3782,76 pts		

Fonte: elaboración propia a partir da información e datos contables contidos nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia[146].

[145] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 19 de decembro de 1886.

[146] Cadros elaborados coa información e datos contables contidos nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia. AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696.

Para valorar a importancia das cantidades ás que se refire o gasto que se avalía, basta dicir que, por exemplo, no caso do Hospital o capítulo de gastos de botica era sempre superior ó de "Enfermeras y sirvientas". Estase pois diante de importantes contías económicas que se transferían sen nin sequera a falsa aparencia de transparencia das poxas públicas que se levaba a cabo no caso das subministracións de alimentos e roupas. A conivencia entre o boticario subministrador e o propio alcalde podería dar lugar a todo tipo de prácticas corruptas e lucros persoais. Que estas se produciran non é facilmente comprobable, pero a continua evitación de sistemas máis transparentes e equitativos, nos que puideran participar tódolos farmacéuticos da cidade, e se coñeceran as distintas ofertas, apuntan a esta hipótese.

Tamén apuntan a este suposto o feito de que sempre fosen os mesmos, e non outros boticarios da cidade, os que se fixesen cargo da subministración e a importante contraprestación económica que levaba consigo.

Castro Freire, fillo de boticario e boticario el mesmo, e polo tanto bo coñecedor do gremio, fala da existencia de cinco boticas na cidade[147]. Sen embargo, unicamente aparecen como subministradoras as do seu pai e alcalde, José Castro Freire, e a de Enrique Rodríguez Cortés.

3.5. Os empregados e traballadores da Xunta Municipal de Beneficencia

A Xunta Municipal de Beneficencia, como xa se viu, correspondía a un modelo de institucións deseñadas pola Administración Central coa finalidade de uniformizar o funcionamento dos establecementos benéficos e introducir mecanismos de control no seu goberno. A súa creación, forzada polas distintas leis reguladoras en esta materia, era, pois, unha concesión, máis que voluntaria, obrigada. O seu carácter inconcreto, sen sede física, xa que as súas reunións se celebraban no despacho do alcalde, e sen empregados ou traballadores que desempeñaran funcións de forma continuada e regular para ela, facía que fose percibida como un requisito administrativo, máis que como unha verdadeira institución.

Aínda que os traballos de secretaría imprescindibles para o funcionamento burocrático da Xunta eran desempeñados por empregados do Concello, estes, con frecuencia, solicitaban que se lles abonasen cantidades de diñeiro como remuneración complementaria do que consideraban traballos extraordinarios, fora da súa función ordinaria dentro do Concello.

En 1881, Bernardino Goy, que desde 1861 viña desempeñando o seu traballo como escribente para a Xunta con unha remuneración de 4.000 reais anuais ata que no ano 1878 se lle reducen a 2.255, expón:

> (...) que con motivo del aumento que sufrieron los artículos de primera necesidad, de varias enfermedades que tubiera y la numerosa familia que le rodeaba, era su situacion por demás triste, á causa de que con tan reducida dotacion y cuidado de su esposa é hijos ni enjugar deudas que forzosamente había contraido, y suplicando se acordase una subvencion por la cantidad que se estimase conveniente.[148]

[147] CASTRO FREIRE, Salvador. *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica*. Lugo: Editorial Celta, 1951, p. 66.

[148] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 24 de outubro de 1881.

A solicitude, que como se aprecia non fai referencia a dereitos administrativos ou laborais, senón que apela ós sentimentos humanitarios dos membros da Xunta cara a súa precaria situación económica e familiar, é atendida, concedéndolle unha gratificación de 187 pesetas con cargo ó presuposto da Casa de Beneficencia, dado que a Xunta como tal non tiña presuposto de ingresos nin gastos.

No ano seguinte, 1882, e despois de presentar un escrito de similares características, concédeselle outra gratificación de 75 pesetas con cargo ó mesmo presuposto[149].

No 1883, diante dunha nova solicitude, concédeselle, en lugar da gratificación puntual de anos anteriores, unha remuneración regular de 25 céntimos diarios con cargo tamén ó presuposto da Casa de Beneficencia, sobre as 1,75 pts., tamén diarias, que xa ven cobrando[150].

Como queira que as solicitudes do escribente solicitando aumentos de soldo se repiten anualmente, en 1885, concédeselle un incremento de 50 céntimos ata totalizar as 2,50 pts. diarias, en lugar das dúas que viña percibindo[151].

A idea de que a Xunta Municipal de Beneficencia era un organismo independente do Concello e de que os traballos que realizaban para ela debían ser remunerados independentemente dos que realizaban para este, comeza a ser asumida por outras empregados municipais que solicitan se lles abonen tamén complementos ó soldo que viñan percibindo como empregados do Concello. Así, o oficial da Secretaría Municipal recibe anualmente gratificacións anuais de 125 pts. con cargo ó capítulo de Imprevistos da Casa de Beneficencia ou Hospital[152].

Como se pode apreciar, a consideración da Xunta de Beneficencia como un trámite burocrático imposto pola lexislación da Administración Central para a administración dos establecementos municipais, vai perdendo forza nestes anos e vaise reforzando a idea da súa concepción como organismo autónomo, ó marxe do Concello, primeiro polos empregados municipais e despois pola propia Xunta, que concede remuneracións polos traballos que estes realizan para ela.

Estes cambios de actitude, xunto ca que se produce noutros ámbitos, ten unha gran importancia á hora de analizar as mentalidades e as actitudes da sociedade local con respecto ó mundo da pobreza neste período e serán tidos en conta máis adiante para comprender mellor esta cuestión.

Outro aspecto importante a ter en conta é o tráfico de influencias que para os nomeamentos dos distintos postos remunerados que se xeran para completar labores burocráticas e de outro tipo, se producen. En ocasións, os intereses xerados arredor destes postos de traballo producen choques de intereses entre os membros da Corporación Municipal e a Xunta de Beneficencia, que se resolven sen que transcenda fora deses

[149] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 30 de decembro de 1882.

[150] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 1 de abril de 1883.

[151] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o 6 de febreiro de 1884 e 6 de febreiro de 1885.

[152] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o 23 de abril de 1885, 20 de maio de 1887, 30 de maio de 1888, 19 de decembro de 1892 e 22 de decembro de 1893. (pp. 276, 370, 395, 350, 370, 410)

ámbitos. Non obstante, e en casos puntuais, chegan a ser de tal magnitude que se fan de dominio público e aparecen sobradamente documentados.

En 1883, despois de quedar vacante o posto de auxiliar de Beneficencia, a Xunta faculta ó alcalde para que designe un substituto mentres non se resolve de maneira definitiva, acordándose abrir o período correspondente para admitir solicitudes[153]. Na reunión seguinte, o alcalde, amparándose no feito de que no prazo que el establecera para a presentación de solicitudes, unicamente se presentara a do candidato que el nomeara provisionalmente xa, pretende que se lle confira a praza oficialmente. Diante do que consideran unha manobra, mostran o seu desacordo coa proposta dous membros da Comisión, que propoñen pra o posto a un empregado do Concello ó que eles lle supoñen méritos superiores para o cargo, argumentando que debe "atenderse con preferencia a servicios anteriores cuando los que los prestaron han mostrado su aptitud y laboriosidad" [154].

Diante da imposibilidade de chegar a un acordo, é preciso recorrer a unha votación na que se impón o aspirante proposto polo alcalde por un voto de diferenza sobre o proposta polo outro sector da Comisión.

O tecido de intereses e beneficios que se moven arredor do mundo da pobreza, como se pode ver, abarca moito máis do que puidera parecer a primeira vista.

[153] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 24 de marzo de 1893. (p.402)

[154] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 10 de abril de 1893. (p. 405)

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

2

A CASA MUNICIPAL DE BENEFICENCIA

Aparece recollida a súa denominación tamén como Casa Asilo nas fontes documentais do Concello, aínda que a súa denominación oficial era a de Casa Municipal de Beneficencia.

Xa se viu no seu momento, no apartado dos antecedentes históricos dos establecementos benéficos da cidade, como se creara por parte do Concello no ano 1842, situándoa no extinguido convento de San Francisco, que pasara a ser de desfrute municipal despois da Desamortización, por unha real orde de ese mesmo ano[1]. Con posterioridade, en 1895, por unha real orde do 26 de marzo dese ano seríalle adxudicada ó Concello de Lugo a propiedade de todo o edificio e terreos adxacentes[2]. Xa en 1952, desaparecida a Casa Municipal de Beneficencia, o Concello cedería á Deputación por tempo definido o edificio e espazo para a creación do Museo Provincial.

A función que se pretendía asignar ó establecemento acabado de crear era a de dar asilo, é dicir cama e comida, a aquelas persoas que domiciliadas dentro do termo municipal de Lugo non puideran valerse por si mesmas.

1. OS SISTEMAS DE ADMISIÓN E AS ASISTENCIAS EXTERNAS

A admisión dos acollidos era decidida ou ratificada pola Xunta Municipal de Beneficencia despois de ser presentada solicitude escrita, xeralmente por terceiras persoas dada a condición de iletrados dos interesados.

Aínda que, como sucedía con tódalas institucións deste tipo, eran poucos os necesitados que aceptaban de bo grado ser ingresados nelas, pospoñendo ata o último momento esa decisión final, o establecemento mostrouse en ocasións incapaz de atender o ingreso de tódolos necesitados que o solicitaban, véndose obrigado en ocasións a pospoñer o ingreso en espera de que se producira algunha vacante:

> Dada cuenta de una instancia de Josefa Rivas pobre de 82 años de edad y vecina de esta Ciudad solicitando en ingreso como acogida en la casa de Beneficencia, la Junta teniendo en

[1] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 24 de febreiro de 1879.Na acta faise referencia a que o convento de San Francisco fora cedido ó Concello de Lugo por Real Orde de 1842.

[2] *Gaceta de Madrid*, nº 86, 27 de marzo de 1895, p. 1137. Real decreto do Ministerio de Facenda concedendo ó Municipio de Lugo en pleno dominio, o edificio nomeado de San Francisco, propiedade do Estado, cuxo usufruto lle fora concedido por real orde do Ministerio de Facenda, comunicada ó de Gobernación en 1842.

> consideración las razones alegadas, acordó su admision en dicha casa para cuando hubiese vacante, en atencion á que por ahora no existe ninguna cama vacia.[3]

Aínda que, se se ten en conta que en 1877 había 111 acollidos e en 1879 había 114[4], poderíase deducir que o establecemento procuraba estirar o máis posible a súa capacidade para tratar de acoller o maior número de necesitados.

Desde mediados dos anos oitenta parece adoptarse a norma de levar a cabo o proceso de admisión en dúas fases. O alcalde unilateralmente leva a cabo unha admisión provisional do solicitante, producíndose xa o seu ingreso efectivo no establecemento nese momento e, posteriormente, a Xunta, que presidía o mesmo alcalde, acorda a admisión definitiva na reunión seguinte, actuando soamente con carácter de ratificación da decisión adoptada previamente. O carácter colexiado das decisións de admisión queda, por este motivo, bastante en dúbida.

Non consta que en ningún caso se cuestionase ou rectificase a decisión previa, o que na práctica significaba que o poder de decisión, nesta como noutras cuestións, continuaba residindo no propio alcalde, non tendo efectividade a intencionalidade das distintas lexislacións do poder central para facer compartir as decisións que afectaban á beneficencia pública.

Non son infrecuentes os casos de admisións levadas a cabo atendendo a solicitudes cursadas a través de curas párrocos, o bispo e, incluso, o gobernador da provincia[5].

O regulamento do 14 de maio de 1852 para a execución da Lei de Beneficencia do 20 de xuño de 1849 establecía no seu artigo nº 90 que:

> La más importante obligación de los Ayuntamientos respecto de beneficencia consiste, según el espíritu de la ley y las disposiciones del presente reglamento que la desenvuelve y explica, en los socorros y hospitalidad domiciliaria. Este es el verdadero y esencial objeto de la beneficencia municipal.[6]

A concordancia entre o espírito da lei e a realidade non se produciu en ningún momento. A asistencia dos pobres no seu domicilio non tivo nunca a relevancia nin a transcendencia da asistencia nos centros asistenciais nos que os asistidos permanecían internos. É importante sinalar ademais que o propio termo "socorros y hospitalidad domiciliaria" implica a posesión por parte do asistido dun domicilio propio ou arrendado, aspecto este que con bastante frecuencia non se daba. Non obstante, en aqueles casos nos que o necesitado estaba domiciliado de forma máis ou menos regular e mantiña unhas mínimas capacidades de autogoberno e independencia, podíase tomar en consideración esta opción.

É interesante sinalar que a implantación xeneralizada ou preferente da asistencia domiciliaria, tal como se expoñía na lei, anulaba o carácter disuasorio que implicaba o internamento nos establecementos asistenciais polo que significaba de perda de liberdade, entre outros motivos, que o facían pouco desexable para os posibles beneficiarios,

---

[3] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 30 de xuño de 1879.

[4] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta das reunións celebradas os días 28 de abril de 1877 e 24 de febreiro de 1879.

[5] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta das reunións celebradas os días 12 de abril de 1886, 18 de xuño de 1886 e 1 de abril de 1887.

[6] Regulamento xeral para a execución da lei de Beneficencia do 20 de xuño de 1849, decreto do 14 de maio de 1852. *Gaceta de Madrid*, nº 6537, do 16 de maio de 1852, pp. 2-4. Apéndice documental nº 2.

contemplándose esta opción unicamente nos casos máis extremos e cando xa as posibilidades de supervivencia con independencia eran nulas.

Todo parece indicar que a asistencia domiciliaria en Lugo se foi reducindo segundo foi avanzando o período restaurador, como froito da asunción de formulacións máis conservadoras, que significaron o reforzo do carácter disuasorio e represor da institución benéfica[7], tendo, moi posiblemente, como se verá, bastante que ver con esta tendencia a chegada das monxas para dirixir a Casa Municipal de Beneficencia primeiro e o Hospital Municipal pouco máis tarde.

A asistencia domiciliaria contemplaba dúas modalidades, a subministración de racións alimenticias diarias que os os beneficiarios recollían no propio establecemento e, menos frecuente, a percepción de cantidades mensuais de diñeiro para financiarse o propio sustento.

A xeneralización da fórmula mediante o chamado socorro a domicilio en diñeiro houbera significado un aforro económico para o sistema asistencial e unha simplificación de todo o proceso, pero, como xa se dixo, tamén unha perda do carácter disuasorio que se consideraba imprescindible. Como exemplo do que se acaba de expoñer, rexístrase o caso de Juana Cancela López, de 65 anos de idade e viúva, que en 1886 solicita a axuda ó alcalde en vista do seu estado de pobreza e mala saúde, avalada por un informe do cura párroco de Camoira, onde residía. O alcalde resolve que se lle auxilie con "un socorro de 25 céntimos de peseta diarios, por ser menos gravoso para el Establecimiento, que la estancia que en él causase; la Junta aprobó esta determinacion sin que por ello sirva de precedente para lo sucesivo"[8]. O carácter excepcional da medida, a pesar das súas vantaxes económicas, queda claramente de manifesto na redacción da resolución.

Xeneralizar o sistema de asistencias domiciliarias suporía innumerables vantaxes non só de tipo económico, senón tamén de moitas outras características. O aforro de persoal asistencial e trámites organizativos e burocráticos sería considerable, pero, como xa se dixo, suporía tamén a perda do carácter disuasorio e, incluso, represor con aqueles que non eran ou foran capaces de sosterse de forma autónoma, que comportaba o internamento nun centro deste tipo.

Outra observación importante é o feito de que, segundo avanza o período restaurador, o número de asistidos no seu domicilio redúcese ostensiblemente, pasando a ser case que testemuñal e sempre co carácter excepcional que se apuntaba anteriormente. No ano 1877 recibían racións alimenticias sesenta e un asistidos, sen que conste se eran consumidas directamente no comedor da Casa de Beneficencia ou recollidas para facelo nas súas casas, e oito eran socorridos con cantidades de diñeiro, fronte a 111 internos no centro, o que significaba unha porcentaxe do 38,33% de socorros domiciliarios do total de persoas socorridas pola Casa[9], o que dá clara idea da importancia que ata ese momento viñan tendo este tipo de asistencias. A partir deste momento, as axudas económicas pasar a ter, como xa se dixo, carácter extraordinario e puntual, rexeitándose formal-

[7] TRINIDAD FERNÁNDEZ, Pedro. Trabajo y pobreza en la primera industrialización. En: *Historia de la acción social pública en España. Beneficencia y Previsión*. Madrid: Centro de Publicaciones Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, 1990. Sobre o carácter disuasorio dos asilos: pp. 125-128.

[8] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 16 de outubro de 1886.

[9] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 28 de abril de 1877.

mente moitas das solicitudes deste tipo que chegaban a tratarse nas reunións da Xunta Municipal de Beneficencia:

> Así mismo se dió cuenta de una instancia presentada por Josefa Lopez Cobas de esta Ciudad, en la que solicitaba una limosna de un real diario para atender a sus necesidades, y la Junta en su vista acordó no haber lugar á su pretension.[10]
>
> Fué desestimada una instancia de Maria Fernandez de la Barrera, viuda y mayór de 60 años, solicitando una limosna para reparar sus necesidades[11].

As causas desta marcha atrás no proceso de crecemento das asistencias externas fronte ás que se levaban a cabo dentro do establecemento hai que buscalas, como xa se indicou, na formulación estratéxica que o sistema deseña para a súa propia supervivencia fronte á pobreza. Esta forma de actuar ou estratexia formaría parte de todo o armazón legal e organizativo que o Estado sostén para protexer ás clases privilexiadas das máis desfavorecidas.

Se a xeneralización do sistema de asistencias externas se levase a cabo en detrimento do que tiña lugar dentro dos establecementos benéficos, produciríase un importante aforro no costo económico de cada un dos asistidos, pero tería dous importantes inconvenientes que pesaban máis que o criterio estritamente economicista. A perda do carácter disuasorio e, en certa medida, represor que significaba o internamento daqueles que solicitaban o auxilio institucional en establecementos nos que a súa liberdade quedaba moi minguada, e onde se lles sometía a un réxime de vida cuartelario, era, como xa se dixo, un deles. O outro era a perda do control de tipo moral que se desexaba levar a cabo sobre os pobres que recibían a axuda institucional. Dificilmente podería ser asumido no contexto político da Restauración un sistema asistencial que non fose acompañado dun control do comportamento moral daquelas persoas que recibían as axudas, segundo os criterios das clases máis favorecidas. É de supoñer tamén que o medo a unha posible avalancha de solicitudes de axuda, se está non fose freada polo inconveniente de ter que internarse nun establecemento asistencial, pesase tamén na súa evitación, como parte da estratexia global do sistema para posibilitar o dominio das clases máis favorecidas sobre as que non o eran tanto, a que se apuntaba antes.

A modo de resumen, pódese concluír que a actitude da Xunta Municipal de Beneficencia, reducindo ostensiblemente o número de asistencias externas, hai que encadrala, para poder entendela, dentro deste contexto de carácter disuasorio da asistencia benéfica e de control moral e de represión dos comportamentos inadecuados.

En canto ás solicitudes de axuda puntuais por parte de persoas que nun momento determinado, por circunstancias da vida, precisaban axuda, sen que esta tivese continuidade de forma regular, é importante sinalar que unha parte importante delas eran causadas polos incendios de vivendas, moi frecuentes naquela época, e que deixaban ós que os sufrían sen casa e, ás veces, tamén sen medios de subsistencia[12]. Outras veces tratábase de afrontar un gasto necesario para o que non se dispoñía de diñeiro necesario, como no caso de Juliana Santos, "casada pero sin saber del paradero de su esposo desde hace bastante tiempo", mai de dous nenos cos que convivía, de doce e dous anos, e pri-

[10] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 28 de agosto de 1880.

[11] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 3 de agosto de 1888.

[12] AHPL, Concello de Lugo, Actas das xuntas locais de beneficencia, Sig. 0828-00, Leg. 699. Solicitudes de axuda á Xunta Municipal de Beneficencia.

vada de saúde por unha enfermidade "que me llevará al sepulcro antes de mucho tiempo", que diante de tan apuradas circunstancias decide regresar ó seu entorno familiar, onde nacera, en Salamanca e para o que solicita axuda en 1889, para poder costearse os billetes do tren "ya que de otra suerte me sería absolutamente imposible caminar"[13].

2. O ESPACIO FÍSICO

Como xa se indicou en apartados anteriores, cando en 1842 se leva a cabo a fundación da Casa Municipal de Beneficencia, decídese a súa situación no que xa nese momento era o convento extinguido de San Francisco, que pasara a ser de desfrute municipal despois do proceso da Desamortización.

O espazo urbano que ocupaba o antigo convento franciscano correspóndese co que na actualidade ocupan o mercado municipal de Quiroga Ballesteros e o centro cultural Uxío Novoneyra, o Museo Provincial e a igrexa de San Pedro.

Do que eran as antigas edificacións conventuais nas que se instalou a Casa de Beneficencia consérvanse na actualidade unicamente a capela (actual igrexa de San Pedro), un dos dous claustros que existían orixinariamente, a cociña e o refectorio. As demais estancias do convento orixinario foron derruídas para a construción posterior do actual mercado municipal, a primeiros do século XX, e as novas dependencias do actual Museo Provincial, non anos cincuenta, sen conservar as estruturas anteriores.

A reconstrución exacta do que no seu momento foi o espazo físico da Casa Municipal de Beneficencia presenta importantes dificultades a causa da inexistencia de representacións planimétricas detalladas do antigo convento e, menos aínda, do período no que acolleu o establecemento benéfico. A partir das referencias que se fan ás distintas partes e dependencias do edificio na documentación conservada, púidose facer unha reconstrución bastante precisa das distintas partes deste.

A entrada principal estaba situada na praza da Soedade, baixo uns soportais con arcos do propio edificio, hoxe desaparecidos e dos que se conservan algunhas referencias fotográficas. En 1880 este espazo porticado exterior foi pechado cunhas portas de ferro encargadas ó ferreiro da cidade Pedro Andrés, de feitura similar ás que xa existían nese momento na praza de abastos[14]. Nesas mesmas datas e sobre as arcadas exteriores colocouse un rótulo co texto "Casa municipal de Beneficencia y escuela de párvulos"[15].

Os materiais cos que estaba construído o edificio eran a cantería de granito nas seccións máis nobres, como a capela, claustro principal e recercados de portas e ventás exteriores, e lousa colocada horizontalmente, enlucida con morteiro nas partes menos nobres do conxunto. As paredes das dependencias interiores que estaban enlucidas de morteiro estaban tamén branqueadas con cal, operación para o que periodicamente se

[13] AHPL, Concello de Lugo, Actas das xuntas locais de beneficencia, Sig. 0828-00, Leg. 699. Solicitudes de ingreso na Casa Municipal de Beneficencia. Escrito de Juliana Santos do ano 1889.

[14] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunións celebradas o día 24 de marzo de 1880 e 6 de febreiro de 1881.

[15] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 10 de maio de 1881.

aprobaban nas reunións da Xunta Municipal de Beneficencia partidas orzamentarias con esta finalidade[16].

Un dos espazos inmediatos á entrada principal correspondíase coa portería, da que existen algunhas referencias. En ela había unha campá, instalada despois da chegada das monxas para administrar o establecemento, que servía moi posiblemente para avisar dos oficios relixiosos e dos rezos do día[17].

O outro espazo inmediato á entrada, ó lado dereito, era o que ocupaba a capela, que xa o fora do antigo convento, e que grazas ó seu valor artístico e arquitectónico se conserva basicamente igual, sen apenas modificacións, coa actual denominación de igrexa parroquial de San Pedro. En ela celebrábanse, ademais dos oficios relixiosos ordinarios, os funerais de enterro dos internos falecidos.

Ó lado esquerdo, na mesma planta baixa e na parte do edificio que daba á praza, instálase en 1880 a escola de párvulos pertencente á mesma Casa Municipal de Beneficencia[18].

Ademais da campá da portería, en 1883 adquírese outra, moi posiblemente destinada ó oratorio da primeira planta[19]. Este espazo, a diferenza da capela da planta baixa, estaba destinado ás oracións das monxas, sen participación dos internos e era polo tanto do seu uso exclusivo, aínda que nalgún caso se chegara a celebrar algún oficio relixioso con motivo do falecemento dalgunha persoa que no seu momento fora vocal da Xunta Municipal de Beneficencia[20]. Por esta circunstancia pódese deducir que tiña unhas certas proporcións e que estaba acondicionado para celebrar misas. Tamén está documentado que estaba situado na primeira planta, xusto enriba da portería e que tiña o piso de madeira[21].

Tamén na primeira planta, estaban situados os dormitorios dos internos[22]. Catro destes dormitorios estaban destinados ás mulleres, separadas á súa vez por grupos de idades e totalizaban unha superficie calculable de arredor dos 500 m^2 [23]. Un deles, ó que se chamaba "de mugeres ancianas", estaba destinado ás internas de maior idade[24]. Había

[16] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 6 de setembro de 1879.

[17] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 31 de agosto de 1880.

[18] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 19 de decembro de 1880.

[19] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 20 de xuño de 1883.

[20] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 1 de abril de 1883.

[21] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 24 de novembro de 1880.

[22] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 24 de outubro de 1881.

[23] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 22 de febreiro de 1882.

[24] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 5 de decembro de 1883.

outro dormitorio dedicado ás nenas[25], supoñéndose que os dous restantes estaban destinados ás mulleres de idades intermedias. Sábese que estes dormitorios destinados ás mulleres estaban situados na parte da planta alta do edificio que daba á Praza de Santo Domingo e á Calella do Teatro, no espazo comprendido entre a capela (actual igrexa de San Pedro) e o teatro, polas referencias que a eles se fai nalgún documento[26].

Non consta o número de dormitorios destinados ós internos do sexo masculino, pero todo parece indicar que era similar e con igual subdivisión que os destinados ó sexo feminino en canto a grupos de idade, existindo así, tamén, un cuarto destinado ós homes máis anciáns[27].

As paredes, revocadas de morteiro e branqueadas con cal, contaban unicamente co revestimento dun rodapé de madeira de baixa altura.

Cabe supoñer que estes dormitorios, con moi poucas modificacións, fosen os mesmos que ocupaban os frades franciscanos antes da exclaustración. En 1881 as vigas que sostiñan o piso dos faiados ocúltanse cun falso teito de taboíña de pino do país para darlle unha aparencia máis estética e hixiénica[28].

Os dormitorios colectivos estaban acondicionados cun número indeterminado de camas que ata 1879 eran de madeira e que a partir desa data comezaron a ser substituídas, en remesas sucesivas, por outras de ferro, debido ó mal estado no que se atopaban[29]. A roupa destas camas consistía en sabas de lenzo de algodón[30] e cobertores, ata que en 1884, xa vellos e desgastados, foron substituídos por mantas de lá de Palencia, por doazón particular[31], e colchas de cor branco[32].

En 1881 constrúese un roupeiro desmontable de madeira, pero non consta o seu emprazamento exacto e a súa función concreta[33].

As cociñas correspondíanse coas do antigo convento, sen que durante os primeiros anos se lles fixese modificación algunha, utilizándose o sistema de lareiras, guindastres, trespés, potes e demais que se utilizaban para o aproveitamento do calor producido pola combustión da leña sobre un espazo central empedrado, situado baixo unha chemi-

[25] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 24 de febreiro de 1879.

[26] AHPL, Concello de Lugo, Actas das xuntas locais de beneficencia, 1843-1894, Sig. 0829-00, Leg. 700. "Expediente sobre retejo de la Casa del teatro y construcción de unos comunes en el mismo" (1861).

[27] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 24 de febreiro de 1879.

[28] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 27 de setembro de 1881.

[29] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas da reunións celebradas o días 28 de agosto de 1880 e 7 de xuño de 1879.(pp. 55 e 30)

[30] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 31 de decembro de 1880.

[31] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas das reunións celebradas os días 30 de setembro e 5 de novembro de 1884.

[32] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 13 de marzo de 1885.

[33] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 7 de agosto de 1881.

nea de gran diámetro para evacuar os fumes ó exterior[34]. Restauradas no seu formato orixinal, hoxe atópanse formando parte do conxunto expositivo, como unha sala máis do museo. En 1879 acórdase "que se arregle la cocina de la casa, colocando en ella hornillos"[35]. Este tipo de fogóns, consistentes nuns ocos de pedra ou ladrillo macizo cunha rexa de ferro a media altura para soster o lume e deixar caer a cinza nun espazo inferior que actúa de respiradoiro polo que entra o aire, significa a primeira innovación introducida e a primeira modificación. A reforma máis importante tería lugar ó ano seguinte, 1880, coa instalación dunha cociña de ferro das chamadas económicas, adquirida na Coruña, e a substitución da leña polo carbón mineral como combustible. A remodelación tivo un importante costo económico, 2000 reais pola adquisición e 169,10 pesetas pola instalación, e da súa transcendencia da idea o feito de que o subministrador viaxase desde A Coruña para comparecer na reunión da Xunta Municipal de Beneficencia para render contas[36].

A instalación da nova cociña na Casa Municipal de Beneficencia constituíu unha importante novidade na cidade, sendo, moi posiblemente, a primeira deste tipo que se instalaba en Lugo. O carbón para alimentala adquiríase na Coruña e desde alí transportábase en tren[37]. A existencia de cociñas deste tipo e do carbón como combustible era impensable antes de completarse a liña férrea entre a Coruña e Lugo en 1875[38].

Nas inmediacións da cociña atopábase unha estancia destinada a despensa que contaba con caixóns de madeira para gardar os artigos alimenticios que se adquirían para a elaboración das comidas dos internos[39].

O comedor, no que tiñan lugar as distintas comidas dos internos, atopábase situado no antigo refectorio do convento, tamén na planta baixa, cerca da cociña e conservado e integrado actualmente nas instalacións do Museo Provincial. En canto ó seu mobiliario, estaba acondicionado con mesas grandes, que en 1886 eran dezaseis, recubertas de chapa de cinc para facilitar a súa limpeza e bancos corridos[40].

Coa finalidade de formar ós internos máis novos para a súa futura integración social e laboral, contábase cun taller de xastrería, para o que en 1882 se adquire unha máquina de coser Singer[41], e outro de zapatería, no que ensinaban os rudimentos da con-

[34] POUNDS, Norman J. G. *La vida cotidiana: historia de la cultura material*. Barcelona: Editorial Crítica, 1992, pp. 259-263.

[35] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta das reunións celebradas os días 6 de setembro e 15 de decembro de 1879.

[36] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 23 de marzo de 1880.

[37] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 31 de novembro de 1881.

[38] XOHÁN CABANA, Darío. *A chegada a Lugo do primeiro tren (San Froilán, 1875)*. Lugo: Excmo. Concello de Lugo, 2005, pp. 97-103.

[39] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 27 de xuño de 1881.

[40] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas das reunións celebradas os días 24 de xullo e 6 de setembro de 1879, e 15 de marzo de 1881.(pp. 34, 36, 79)

[41] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 3 de xuño de 1882.

fección e reparación do calzado[42]. Tamén, e ata o ano 1878, contábase cun taller de carpintería que realizaba traballos para fora do establecemento, como un taller máis da cidade, e que reportaba remuneración ós internos que traballaban nel[43].

Existía tamén un local habilitado para escola, para o que en 1879 se constrúen as mesas precisas e na que impartía as ensinanzas ós nenos un acollido do mesmo establecemento[44].

No ano 1880 lévase a cabo a construción dun forno para a elaboración do pan que se consumía no establecemento, abandonándose a partir deste momento a contratación da subministración ós panadeiros da cidade. O feito de que, para a súa instalación fose necesario proxectar e construír unha cheminea, confirma que non foi construído no exterior, como un edificio independente[45]. No plano que con motivo da construción das edificacións correspondentes ó actual Museo Provincial, se fixo das antigas dependencias do convento, antes de derruílas, aparece situado lindando coa cociña, contiguo ó seu lado norte[46].

En canto ós espazos situados no exterior do edificio principal, consta na documentación conservada, en primeiro lugar, a existencia de máis dun patio, xa que en 1879 se fai referencia á construción dunha parede de cachotaría no patio "del lado Norte"[47]. Este patio, construído de lousa e do que se conserva algunha referencia gráfica, foi derruído xunto coa maior parte do antigo convento para a construción das estancias do actual Museo Provincial. O outro patio ó que se fai referencia nas fontes documentais, era o claustro granítico do convento, que polo seu interese artístico se librou de ser demolido e se conservou ata a actualidade. Aínda que os dous servirían para o esparexemento dos nenos internos, as únicas referencias gráficas conservadas deles foron tomadas precisamente neste último entorno.

Outra dependencia exterior era o lavadoiro de pedra que se constrúe en 1884. Como se viu no apartado dedicado á economía da Xunta Municipal de Beneficencia, durante un tempo o lavado de roupas contrátase a persoas alleas ós establecementos benéficos, Casa de Beneficencia e Hospital Municipal, e posteriormente, coa chegada das monxas, decídese facelo dentro dos propios centros, construíndose para tal fin o referido lavadoiro, encomendándoselle o encargo ó contratista da cidade Ramón Yglesias, cun costo de 742,24 pts da época[48].

---

[42] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas das reunións celebradas os días 15 de marzo de 1886 e 9 de abril de 1878.

[43] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 15 de marzo de 1886.

[44] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 6 de setembro de 1879.

[45] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas das reunións celebradas os días 2 de xullo de 1880, e 31 de agosto e 24 de novembro de 1880.

[46] AMPL, Proxecto de Museo Provincial de Lugo. Adaptación do edificio do antigo convento de San Francisco. Planos. Arquitecto: Miguel Durán-Loriga Salgado, 1950, Sig. 1/13.

[47] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 15 de decembro de 1879.

[48] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas das reunións celebradas os días 6 de febreiro de 1884 e 28 de maio de 1884.

Co obxecto de secala roupa unha vez lavada, existían tendais de arame nos patios exteriores e nas galerías interiores para cando o mal tempo imposibilitaba facelo no exterior[49].

Sábese tamén que existían cortes, pois son numerosas as referencias á compra de cochos para cebar no establecemento, supoñéndose que dos seus coidados e alimentación se encargaban os internos[50].

Non está documentada a existencia da horta na que se cultivaban verduras e outros produtos para a alimentación dos internos e os animais, pero esta coincidiría coa antiga do convento. Ocuparía parte do espazo libre de edificacións do antigo recinto, que tamén ocupaba un viveiro de árbores do Concello, do que si hai constancia documental e que lindaba co edificio do Teatro Municipal[51]. Ademais desta horta, a Casa de Beneficencia levaba en arrendo unha cortiña lindante coa propia casa, de considerables dimensións (faise referencia a 90 "surcos") na que entre outras cousas se colleitaban nabos[52]. En 1879, sen que se aclare se é a mesma ou outra distinta, faise un contrato de arrendo dunha cortiña situada "en la trasera de la Casa de Beneficencia y de la propiedad del Sr Dn Manuel Sanchez Guardamino" [53]. A finca contaba, tal como se indica no contrato, cunha entrada polo calellón da Ramela[54].

Xa se indicou no apartado dos ingresos económicos da Casa de Beneficencia que existía un teatro municipal, o único que había na cidade, vinculado a ela non só administrativamente, senón tamén fisicamente, pois formaba parte, o mesmo que a Casa, do antigo recinto do convento de San Francisco.

O Teatro Municipal atopábase situado no espazo que hoxe ocupan o actual mercado municipal e centro cultural Uxío Novoneyra, na actual rúa de Quiroga Ballesteros. A él accedíase por unha rúa cega á que se lle chamaba, precisamente por ser esta case que a única función, calellón do Teatro. O seu acceso estivo durante unha época limitado por un enreixado de ferro que pechaba a entrada desde a praza de Santo Domingo. Ademais desta entrada principal, o Teatro estaba comunicado coa Casa de Beneficencia a través dunha porta interior que comunicaba esta co chamado salón de descanso (vestíbulo), chegando a utilizarse, como xa se viu no seu momento, os dous cuartos contiguos da Casa para celebrar bailes de carnaval, cando as instalacións do Teatro resultaban insuficientes.

---

[49] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 19 de decembro de 1880.

[50] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 15 de marzo de 1881.

[51] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 3 de novembro de 1883.

[52] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 8 de decembro de 1878.

[53] Manuel Sánchez Guardamino, lugués de nacemento, de orixes vascos e que se establece en San Sebastián na última fase da súa vida pero mantendo importantes vínculos económicos, políticos e persoais coa súa cidade de nacemento. Desempenará un importante papel durante a crise de subsistencia de 1880 organizando unha colecta naquela cidade vasca para recadar fondos para auxiliar ás xentes que acudiran desde as aldeas a Lugo por non ter nada que comer.

[54] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 18 de xuño de 1879.

Tamén consta a existencia dunha porta que se abriu en 1882 e que desde o foro (escenario) daba á chamada cortiña do Sr. Guardamino á que se fixo referencia, para poder utilizala como saída de emerxencia en caso de incendio[55]. Este dato aclara a orientación do edificio do Teatro, indicando que sería cara o norte onde estaría situado o escenario e ó sur onde estaría o salón de descanso e entrada principal.

Sábese tamén que en determinados momentos os internos da Casa colaboraron no desempeño de distintos traballos cando se daban funcións, aínda que isto non foi o máis frecuente[56], permanecendo estes ó marxe das actividades do Teatro, xa que nunca puideron gozar dos espectáculos e actividades que nel tiñan lugar. Tratábase de dous mundos totalmente desconectados, comunicados unicamente pola porta interior. A pobreza dun lado e a diversión da burguesía da cidade do outro.

O espazo que se correspondía co Teatro estaba dividido en dúas zonas principais, o teatro propiamente dito, no que estaban os palcos, patio de butacas, escenario e demais, e o vestíbulo, chamado salón de descanso, situado na entrada e no que estarían situados tamén os baños.

Tendo en conta que o edificio do teatro foi derrubado en 1892 coa intención de levantar un novo que nunca se chegou a construír[57], e que non se conservan planos da época nos que conste exactamente o espazo que ocupaba nin a distribución coa que contaba, é preciso recorrer á información escrita contida nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia e outras fontes, como a prensa local da época, inventarios, etc, para intentar facer unha reconstrución aproximada.

Existe un precedente no intento de reconstrución contido no traballo *La arquitectura teatral en Galicia*[58]. Nel faise tamén unha reconstrución, a partir deste tipo de fontes limitadas e imprecisas. Trátase dunha reconstrución acertada do que se supón era este antigo edificio e que nos permitimos completar nalgúns pequenos detalles referidos á súa integración co resto das edificacións da Casa de Beneficencia.

A modo de conclusión pódese dicir que as instalacións do antigo convento, utilizadas agora como casa de beneficencia tiñan grandes limitacións para esta novo fin. Ademais diso, e a esas alturas, presentaban un importante estado de deterioro que se documenta nos distintos presupostos de gastos de reparación ós que se fai referencia nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia.

En 1896 foi preciso desaloxar os dous dormitorios de mulleres diante do perigo inminente de derrube orixinado polo desprendemento das vigas que sostiñan o tellado nesa parte. Para evitar este, lévase a cabo unha reparación de urxencia utilizando vigas

[55] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 30 de decembro de 1881. Tamén escrito do alcalde a Manuel Sánchez Guardamino, con data do 15 de decembro de 1881, solicitando o permiso para poder transformar unha ventá xa existente en porta para casos de emerxencia.

[56] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 24 de xullo de 1883.

[57] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 19 de decembro de 1892. Os traballos de derribo iniciáronse o 17 de outubro de 1892.

[58] SÁNCHEZ GARCÍA, J. A. *La arquitectura teatral en Galicia*. A Coruña: Pedro Barrié de la Maza, 1997, pp. 288-230.

vellas procedentes do derribo dunhas casas de propiedade municipal existentes na rúa do Progreso[59].

3. OS EMPREGADOS E TRABALLADORES

A dirección e xestión da Casa Municipal de Beneficencia estaba encomendada a un administrador e capelán, na súa dobre función de xestor e sacerdote.

En 1878, por renuncia do anterior, que toma posesión do curato de Vega de Valcarce (O Bierzo) co que fora "agraciado", é nomeado como substituto D. Juan Bellón, quen non debeu permanecer moito tempo no cargo, pois en datas inmediatamente anteriores a 1881, en que falece, faino D. Martín Fernandez, a quen lle sigue D. Andrés Ouro Lamas, que en 1885 continuaba administrando o establecemento, xa que nesa data a Xunta Municipal de Beneficencia concédelle un incremento de soldo de 25 céntimos diarios[60].

Coa chegada das monxas da orde das "Hijas de la Caridad de San Vicente de Paúl" para administrar o establecemento en 1878, a potestade administrativa do capelán pasa a ser exercida pola superiora. A capacidade de xestión do capelán desaparece, motivo polo que deixa de terse en conta o seu criterio cando se aproban reformas no edificio, adquisicións e demais decisións importantes que afectan ó establecemento. As súas funcións a partir deste momento quedan limitadas unicamente ó ámbito da tutela espiritual e ós oficios relixiosos, quedando incluso a súa figura supeditada xerarquicamente á da superiora.

Non son moitas as referencias existentes ós traballadores e empregados que desenrolaban a súa actividade dentro da Casa Municipal de Beneficencia. As contratacións verbais e sen compromiso de estabilidade posiblemente tiñan como consecuencia a pouca presenza de referencias escritas. A chegada das monxas, por outra parte, moi posiblemente significou que estas desenrolasen unha proporción importante das funcións organizativas, deixando para os traballadores de fora aquelas que tiñan carácter menos cualificado e para as que non era necesaria relación contractual.

Dado que o establecemento contaba con talleres para ensinar oficios ós internos máis novos, que terían que integrarse máis tarde na sociedade, xa sen tutela de ninguén, contábase cun mestre de xastrería, outro de zapatería e, nalgúns períodos, tamén un de carpintería.

Os distintos avatares, nomeamentos, ceses, dimisións etc., polos que pasaron os encargados destes talleres no establecemento, danos unha idea da falta de continuidade e estabilidade laboral coa que contaban, así como das súas precarias condicións económicas e a baixa consideración laboral na que desenrolaban as súas funcións.

No mes de xuño de 1878 presenta a súa renuncia como mestre do taller de xastrería o que o era ata aquel momento, Ramón Valcarce, "por no convenirle seguir" e é nomeado para substituírlle Domingo Álvarez, xastre da cidade[61], que á súa vez foi de-

[59] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 2 de xuño de 1886.

[60] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas das reunións celebradas os días 9 de agosto de 1878 e 27 de setembro de 1881 e 23 de marzo de 1885.

[61] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 30 de xuño de 1878.

clarado cesante un ano máis tarde[62]. No mes de setembro nomease novamente a Ramón Valcarce con un soldo de catro reais diarios[63]. Permanece no cargo ata febreiro de 1882, en que presenta outra vez a renuncia[64]. Permanece vacante o posto ata o mes de outubro, cando se nomea a Baldomero Tella Quintana[65], xunto co novo mestre de zapatería do que a praza tamén estaba vacante. Non pasa moito tempo antes de que presente as súas queixas pola baixa remuneración económica, solicitando se lle incremente o soldo ata sete ou oito reais diarios. A solicitude é denegada pola Xunta Municipal de Beneficencia[66].

A situación de baixa remuneración dos mestres de taller de xastrería, zapatería e carpintería trae como consecuencia a apatía e falta de interese destes á hora de facer o seu traballo, ó que non acoden con regularidade, ausentándose en moitos casos. Diante desta situación de deterioro e mal funcionamento, con continuos cambios das persoas encargadas de impartir as ensinanzas, descontentos coas remuneracións que perciben, a Xunta de Municipal de Beneficencia "teniendo presente el insignificante sueldo que disfrutan los maestros de talleres", xa que cunha peseta diaria que continúan cobrando "no pueden atender á las necesidades más apremiantes de sus respectivas familias" accede finalmente a incrementarlles o soldo a cada un ata 1,50 pesetas diarias, acordándose tamén que a superiora, que xa nese momento rexentaba o establecemento, comunique mensualmente á secretaría da Xunta de Beneficencia as faltas inxustificadas ó traballo, para proceder ó desconto correspondente, coa finalidade de conseguir dunha vez un funcionamento dos talleres mellor do que se viña producindo[67].

A medida debeu ter efecto durante algún tempo, pero dous anos máis tarde, en abril de 1885, e a causa do absentismo inxustificado do mestre do taller de zapatería, a pesares de descontarlle dos seus haberes os días faltados, sanciónaselle coa suspensión de emprego e soldo. A sanción deixa de ser efectiva dous meses máis tarde, moi posiblemente a causa de non ser fácil atopar un substituto entre os zapateiros da cidade a causa da pobre remuneración económica[68], ata que finalmente, en 1887, aparece un candidato para substituílo e se lle cesa definitivamente[69].

A situación de apatía e falta de motivación, por unha parte, e de esixencia por parte das monxas, por outra, resólvese, sempre que se atope substituto, co cese do mestre de taller correspondente. Nalgunha ocasión incluso parece que o cese se produce

---

[62] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 24 de xuño de 1879.

[63] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 6 de setembro de 1879.

[64] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 22 de febreiro de 1882.

[65] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 22 de novembro de 1882.

[66] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 4 de marzo de 1883.

[67] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 1 de abril de 1883.

[68] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas da reunións celebradas os días 23 de abril e 27 de maio de 1885.

[69] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 30 de xuño de 1887.

máis que por un mal cumprimento das súas obrigacións, por desencontros orixinados pola actitude esixente e rigorosa das monxas. En 1892, diante dunha comunicación da superiora "dando parte del mal comportamiento que hace años viene observando el maestro del taller de sastrería" (non se fai referencia a absentismo ou incumprimento de obrigas), a Xunta de Beneficencia aproba a cesantía solicitada[70] e, uns días máis tarde, o nomeamento para substituírlle de Antonio Rey, veciño do barrio de Caiños[71].

O descontento coas condicións laborais continuou sendo a tónica dominante, xa que un ano máis tarde, en 1893, tanto o mestre de xastrería como o de zapatería solicitaban á Xunta Municipal de Beneficencia un aumento de soldo, que lles concede nunha contía de 25 céntimos de peseta diarios[72].

De moitos outros traballadores que se supón levaban a cabo o seu labor na casa, como axudantes de cociña, encargados da limpeza, lavado das roupas etc., todos eles pouco cualificados, e que recibían a denominación de "jornaleros", non existe referencia algunha sobre a súa contratación. Esta circunstancia fai pensar que a autonomía das monxas para contratar e despedir neste ámbito era total, non tendo necesidade de render contas diante da Xunta Municipal de Beneficencia nin da Alcaldía.

Si hai constancia das remuneracións percibidas por parte do encargado da limpeza e custodia do Teatro, que como xa se indicou dependía da Casa Municipal de Beneficencia, tamén funcionario municipal e que, como nos casos anteriores, percibía estas cantidades (125 pesetas por ano económico) como complemento ó soldo que xa percibía do Concello[73]. En 1897, con motivo dun conato de incendio que se produce no transcurso dunha función e do que resultou con queimaduras nas mans ó apagalo, foi preciso indemnizalo tamén en compensación polos días que non puido desempeñar o seu traballo habitual con cargo ós presupostos do establecemento[74].

Outro pago do que hai constancia é o que se corresponde coa pequena remuneración que como mestre dos nenos da Casa percibía un interno. A remuneración, en 1887, auméntase de 5 a 7,50 pesetas mensuais, e en 1893 increméntase ata os 25 céntimos de peseta ó día[75].

Convén sinalar tamén que os empregados do Concello que facían traballos de secretaría para a Xunta Municipal de Beneficencia, cobraban do presuposto da Casa de Beneficencia, xa que a Xunta como tal non contaba con presuposto económico independente, senón que administraba os fondos que correspondían á Casa de Beneficencia e Hospital Municipal. Esta circunstancia implicaba que se ben desde o punto de vista fun-

[70] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 8 de abril de 1892.

[71] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 27 de abril de 1892.

[72] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 10 de abril de 1893.

[73] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas das reunións celebradas os días 26 de marzo de 1888. e 19 de decembro de 1892.

[74] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 20 de maio de 1887.

[75] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas das reunións celebradas os días 25 de febreiro de 1887. e 24 de marzo de 1893.

cional ou administrativo eses traballadores non poden ser considerados dependentes da Casa Municipal de Beneficencia, si o son, en realidade, economicamente.

O descontento dos traballadores polo que consideraban baixas remuneracións polo seu traballo aparece como unha constante ó longo de todo o período, e as solicitudes por escrito de aumento de soldo aparecen de maneira reiterada, chegando a selo ata tal punto que en 1893 decídese adoptar medidas drásticas para evitar que continúen producíndose, aprobándose no seno da Xunta Municipal de Beneficencia que:

> (...) a lo sucesivo no sea admitida ninguna solicitud de aumento de sueldo y que si apesar de esto insistiese el empleado en pedirlo se entienda por el mismo hecho la renuncia de el destino que desempeña del cual será separado. [76]

4. OS INTERNOS

As idades das persoas que vivían acollidas na Casa Municipal de Beneficencia, que, como xa se dixo, recibía tamén o nome non oficial de Casa Asilo ou simplemente Asilo, abarcaba todo o espectro da existencia humana, desde a infancia ás últimas etapas da vellez. Este abano de idades tan amplo implicaba que os internos estivesen organizados en seccións vinculadas ós distintos tramos de idade, que se materializaba na distribución por dormitorios, que á súa vez estaban divididos atendendo á máis rigorosa separación de sexos.

Nada tiñan que ver as necesidades nin as circunstancias dos internos en idade infantil, coas dos anciáns que estaban no último estadio da existencia. A falta de especialización nun tipo determinado de internos influía tamén na efectividade e no rendemento deste tipo de centros.

4.1. Os nenos

A presenza de nenos na Casa Municipal de Beneficencia era moi numerosa e constituía a parte máis importante do total dos acollidos no establecemento. No censo de poboación de 1897, do total de 219 censados como acollidos, 141 tiñan menos de 16 anos, o que significa o 64% do total[77].

Os acollidos en idade infantil tiñan dous orixes claramente diferenciados: os que por ter a condición de expósitos ou ser orixinarios de fora do municipio estaban tutelados pola Xunta Provincial de Beneficencia e os que procedían do municipio e tutelaba a Xunta Municipal de Beneficencia.

Os nenos que tiñan a consideración de expósitos, e que polo tanto no seu momento foran entregados na Casa de Maternidade e Expósitos, dependían economicamente da Deputación Provincial, que abonaba as súas estancias, e legalmente da Xunta Provincial de Beneficencia, que tomaba as decisións que afectaban á súa tutela. O mesmo sucedía con aqueles nenos que, aínda non sendo expósitos, dependían tamén da Xunta Provincial de Beneficencia por non ser orixinarios do termo municipal de Lugo e que polo mesmo motivo tiña que soster economicamente a Deputación.

---

[76] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta das reunión celebrada o día 10 de abril de 1893.

[77] AHPL, Concello de Lugo, Censos e padróns, Censo de 1897, Sig. L 0648.

Como se puido ver no seu momento no apartado dedicado ás finanzas dos establecementos dependentes da Xunta Municipal de Beneficencia, o capítulo de ingresos producidos pola atención destes nenos, e que correspondía abonar á Deputación Provincial, tiña certa relevancia no apartado de ingresos da Casa de Beneficencia. O importe das cantidades aboadas ou debidas pola deputación provincial entre os anos 1877 e 1882 en concepto de pago polas estancias dos expósitos supoñía entre un 20 e un 25% dos ingresos totais da Casa Municipal de Beneficencia[78].

O ingreso dos nenos expósitos non se levaba a cabo directamente desde a Casa de Maternidade e Expósitos, senón que tiña lugar cando eran devoltos polas amas de cría externas que os tiñan nas súas casas do medio rural. Nese momento, a Xunta Provincial de Beneficencia determinaba o seu ingreso na Casa Municipal de Beneficencia, se superaba a idade de seis anos e, como adoitaba suceder, non había ningunha ama de cría disposta a continuar coa crianza.

A idade na que se podía levar a cabo o ingreso destes nenos non estaba recollida na lexislación xeral de beneficencia, e o Regulamento de 1852 unicamente falaba de "expósitos que pasan á las casas de huérfanos y desamparados á la edad competente" [79].

Ademais destes ingresos de expósitos devoltos polas amas de cría externas, ingresaban tutelados pola Xunta Provincial de Beneficencia aqueles nenos procedentes da provincia que por morrer seus pais, ingresar no cárcere ou outras circunstancias, quedaban desamparados. Se a aprobación do ingreso non daba tempo a tratala nas reunións da Xunta Provincial, levábase a cabo por orde do gobernador.

Naqueles casos nos que os nenos non eran ingresados polas súas mais, senón que o facían por orden gobernativa, moitos deles, ademais da condición de fillos naturais, adoitaban ter a de orfos, podendo adquirir a súa situación características dramáticas:

> Tambien se acordó admitír definitivamente como acogidos en la Casa de Beneficencia, á José Fernandez, de 10. años de edad, hijo natural de Manuela, fallecida hace un año, oriundo de Sta. María de Piñeira, Ayuntamiento de Fonsagrada, que se halló abandonado en las calles de esta población, y segun manifestó no tiene pariente alguno;[80]

Noutros casos, aínda que sen este carácter extremo, facíase constatar o desamparo que adoitaba acompañar a estes casos:

> Encarnación N., de 11. años, hija naturál de Manuela, difunta, sin parientes de ninguna clase y naturál del lugár de Cancela, parroquia de S. Martin de los Condes, distrito de Friól.[81]

En canto ós nenos que estaban tutelados pola Xunta Municipal de Beneficencia e non pola Xunta Provincial, debían cumprir a condición de ser orixinarios do termo municipal de Lugo. A veciñanza da mai cumprindo esta condición sempre aparece documentada no momento do ingreso:

---

[78] AHPL, Concello de Lugo, , Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Estado comparativo dos ingresos e gastos da Casa Municipal de Beneficencia de Lugo.

[79] Regulamento do 14 de maio de 1852 que desenrolaba a execución da Lei de Beneficencia de 1849, capítulo II, artigo 12. *Gaceta de Madrid*, nº 6537, do 16 de maio de 1852, pp. 2-4. Apéndice documental nº 2.

[80] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 23 de setembro de 1887.

[81] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 26 de marzo de 1888.

> Y por último se acordó admitir como acogido en la Casa de Beneficencia al joven Bernardo Veiga de seis años de edad, hijo natural de Maria vecina de esta Ciudad.[82]

A condición de pobreza da mai para poder ser acollida na Casa, ademais da veciñanza, era imprescindible e aparece especificada en moitos casos nas propias actas da Xunta Municipal:

> Igualmente se acordó admitir como acogido en el citado establecimiento ál José Fernandez menor de 7 años hijo de Adelaida Fernandez sirvienta, pobre y vecina de esta capital.[83]

O termo "pobre de solemnidad" a que se fixo referencia no seu momento, podía aparecer tamén como indicativo do grao de pobreza:

> Se acordó admitir como acogido en dicho establecimiento á Pedro Varela de 9 años de edad hijo de Josefa vecina del Callejon de los Hornos extramuros de esta Capital y pobre de solemnidad. [84]

Os ingresos de nenos pertencentes ó termo municipal, con idades inferiores ós seis anos non son frecuentes, pero tampouco inexistentes:

> Se acordó admitir definitivamente como acogidos en la Casa de Beneficencia á María Castro de tres años de edad hija natural de Rosa vecina de esta capital (...)[85]

Do total de nenos ingresados, referenciados nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia, deixando á marxe ós que tiñan a condición de expósitos, que o facían de modo automático sen aprobación da Xunta, un 31% tiñan esta consideración de fillos naturais, xeralmente entregados polas súas mais e con idades máis frecuentes comprendidas entre os 6 e os 12 anos[86].

As posibilidades de caer na orfandade total dos fillos naturais ó contar cun só proxenitor duplicábanse, e as de contar co apoio do entorno familiar reducíanse cando menos á metade. Estas circunstancias, sen engadir outras como o rexeitamento social, convertíaos en vulnerables en grao extremo. A ausencia dun entorno familiar protector implicaba que calquera avatar grave que afectase á vida da mai desembocase no ingreso do neno nun centro deste tipo como única opción. Un destes contratempos graves podía ser o ingreso en prisión, aparecendo salientado algún caso destas características:

> Igualmente se admitió en dicho establecimiento como acogido á Joaquin Daviz Perez de 7 años de edad, hijo de Ramona Perez presa en la Carcel pública de esta Capital.[87]

Existindo a posibilidade de ingresar os fillos naturais sen demasiadas dificultades, xa que xeralmente eran aprobadas nas sesións da Xunta Municipal de Beneficencia,

---

[82] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 18 de febreiro de 1879.

[83] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 10 de maio de 1881.

[84] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 19 de setembro de 1883.

[85] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 15 de marzo de 1881.

[86] Porcentaxe calculada sobre o total de nenos dos que se aprobou o ingreso na Casa Municipal de Beneficencia nas reunións da Xunta no período que vai de 1877- 1893, excepto os anos 1889, 1890 e 1891, dos que non se conservan as actas. AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00.

[87] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 12 de maio de 1883.

sen outra condición que a da existencia de prazas[88], era moi raro que se produciran abandonos por parte das súas mais de nenos de certa idade, aínda que non totalmente inexistentes. A falta do equilibrio psíquico necesario, de estabilidade sentimental e económica, ou simplemente o remuíño da vida podían xerar este tipo de situacións:

> Por último se acordó admitir como acogido en la Casa de Beneficencia á Pedro Varela de nueve años de edad hijo natural de Josefa vecina de esta Ciudad y ausente hoy en ignorado paradero.[89]

Noutros casos, a adquisición da estabilidade sentimental a través dun matrimonio posterior non significaba a melloría da situación económica e si a introdución de novos factores que interactúan na convivencia e que tamén podían desembocar no ingreso do neno nun establecemento deste tipo:

> Por último se acordó admitír como acogidos en la Casa de Beneficencia, á Ramón Freire, de 7 años de edad, hijo natural de Francisca, casada, pobre, y vecina de la Travesía del Miño. (...)[90]

O ingreso nun establecemento benéfico era a alternativa final á que recorrían aquelas mais de fillos naturais que no seu momento se resistiran a entregar ó neno acabado de nacer no torno da Casa de Maternidade e Expósitos, pero que, finalmente, sentíndose incapaces de continuar manténdoos con elas, cedían polas presións das circunstancias da vida.

No que ten que ver cos fillos non naturais, é dicir lexítimos, que ingresaban na Casa de Beneficencia, e que constituían o 68% dos referidos nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia,(sen contar os ingresos procedentes da Casa de Maternidade e Expósitos, que como xa se dixo ingresaban de maneira automática sen tratarse nas reunións,) hai que destacar varios aspectos.

En primeiro lugar é importante sinalar que o sistema benéfico non consideraba procedente o ingreso nos casos de nenos que, non sendo fillos naturais, non tivesen algún grao de orfandade que acompañase ó de pobreza. A pobreza por si soa non era considerada causa suficiente para o ingreso. Este é o motivo polo que a práctica totalidade dos nenos, fillos lexítimos, ingresados fosen orfos en algún grao.

Representan unha excepción, pouco frecuente por outra parte, ó anteriormente exposto aqueles casos nos que algunha enfermidade grave, como era a demencia, afectaba a algún proxenitor ou incluso ós dous. Así se fai constar que:

> Se acordó admitir definitivamente en la Casa de Beneficencia a Concepcion Torres Sañudo de doce años de edad, hija de los pobres dementes José y Amalia, que ingresó provisionalmente en el dia de ayér.[91]

Outro caso, tamén pouco frecuente, que non corresponde ás consideracións que se veñen expoñendo, nin aparentemente a ningunha outra, dáse no seguinte caso:

---

[88] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 30 de maio de 1888.

[89] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 14 de xullo de 1882.

[90] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 6 de febreiro de 1885.

[91] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 22 de decembro de 1885.

> Accediendo á lo solicitado por el Sr. Cura párroco de San Vicente del Burgo, se acordó admitír como acogida en la Casa de Beneficencia, á Julia Sanchez Diaz, hija de José y Maria, de 13 años de edad, pobres y vecinos de San Juan del Alto, en este Distrito.[92]

O dato da intervención do párroco abre a sospeita sobre as verdadeiras causas que motivarían a solicitude de ingreso. O feito de que tanto neste como no anterior exemplo se trate de nenas que se aproximan á puberdade, impulsa a pensar que, moi posiblemente, se trate de casos de abusos sexuais no ámbito familiar, diante dos que se actúa como prevención dun posible embarazo non desexado. Xa se viu como nos casos de abandono ou orfandade total non se detecta a intervención dos curas párrocos, especialmente sensibles sen embargo a todo aquilo que si afectase á moral da súa freguesía.

Convén ter en conta que a pederastia e os abusos sexuais no ámbito familiar non saen á luz pública nin son penalizados social nin xudicialmente ata datas recentes, permanecendo ocultas e sen que se reseñen nin na prensa nin nos documentos da época. É de destacar que nestes casos, ó contrario do que sucede noutros, non se recollen nas actas da Xunta de Beneficencia de maneira clara os motivos da solicitude de ingreso.

En ocasións, aínda non existindo a condición de orfandade propiamente dita, o abandono da unidade familiar por parte dalgún dos dous proxenitores equivalía na práctica a esa situación, considerándose neses casos esa circunstancia para a aceptación do ingreso:

> Ramon y Emilio Peña Martinez, de 11. y 6. años de edad respectivamente, hijos de Saturnino, ausente en ignorado paradero pasa de 9. Años y Teresa, pobre de solemnidad y domiliciada en la Calle de la Ruan.ª.[93]

Noutros casos, o abandono podía producirse despois da morte dun dos dous proxenitores e estar orixinado polo establecemento dunha nova relación sentimental ou outras causas, xeralmente nunca explicadas nas actas:

> Miguel Valin Pumariño, de 6 años, hijo de Joaquin y Maria Luisa, esta difunta, natural de esta Ciudad, recogido en 13. de Octubre por haberle abandonado su padre.[94]

O abandono, aínda vivindo o pai e a nai, tamén podía ter lugar, sendo posible imaxinar todo tipo de condicionantes e ingredientes que fagan entendible o feito, pero que nunca aparecen anotados nin explicados:

> Por último también se acordó admitír en el referido Establecimiento á (...) y a Dolores y José María Sierra, de 7y 5 y ½ años de edad, naturales de esta Capital, abandonados por sus padres, en la actualidad ausentes, y sin tenér persona alguna de su familia que pueda socorrerles.[95]

O encarceramento do único proxenitor vivo podía ser outro dos motivos do ingreso. Se a pena de cárcere imposta non tiña unha duración excesiva a recuperación posterior podía producirse e os nenos podían abandonar o establecemento e regresar ó seu lugar de orixe:

---

[92] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 18 de xuño de 1886.

[93] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 18 de xuño de 1888.

[94] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 5 de decembro de 1888.

[95] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 2 de xuño de 1886.

> (...) dándose por enterada de que, los niños Benigno y Ana Castro que tambien habian sido admitidos ya salieron por que su padre ha vuelto después de cumplir la condena que se le había impuesto; [96]

Cando a pena imposta era de longa duración ou perpetua as posibilidades de que regresasen ó seu entorno de orixe eran mínimas. Algún destes casos adquiría características especialmente dramáticas, como sucede no caso de catro nenos ingresados en 1892 a solicitude do seu avó paterno ó ser encarcerada súa mai, acusada de parricidio, e que aparece salientado, tendo en conta o peculiar do caso, con máis datos dos que era corrinte:

> Dado cuenta de una instancia de Juan Paz Arias, vecino de la parroquia de San Juan de Pena exponiendo que su hijo Juan Paz Castedo ha sido asesinado y la muger de este Manuela Vidal se hallaba condenada á muerte por este delito, habiendo recogido á su poder cuatro hijos llamados Antonio Paz Cao, de catorce años, José Maria Paz Vidal de nueve, Maria Antonia Paz Vidal de seis; el primero habido del matrimonio de su citado hijo con Justa Cao, difunta; y los otros tres de las segundas nupcias que contrajo con la Manuela; que no le es posible continuar sosteniéndolos, por ser pobre, y concluyendo por suplicar sean admitidos en la Casa de Beneficencia como asilados; y tomando en consideracion estas razones y visto el certificado que acompaña expedido por el cura de dicha parroquia, la Junta acordó acceder a lo solicitado.[97]

Despois da morte dun dos proxenitores, se o que quedaba decidía evitar a entrega dos fillos a un centro benéfico e intentaba continuar a súa crianza cos seus propios medios, situación por outra parte moi frecuente, podía suceder que o falecemento do que quedaba xa non dese máis opcións e o ingreso se fixese inevitable.

Aínda que, como xa se dixo, os fillos lexítimos que quedaban dobremente orfos contaban tamén co dobre de posibilidades que os naturais de ser recollidos por algún familiar, iso non impedía que moitos deles fosen ingresados na Casa Municipal De Beneficencia[98].

Nos casos de orfandade simple (morte dun dos dous proxenitores), o feito de que fosen moitos os irmáns que quedaban desamparados, agravaba especialmente a situación e podía ser o detonante para que se producira o seu ingreso:

> Beneficencia; y constando á la Junta la certeza de los hechos expuestos, y que la suplicante no tiene con que alimentarlos, ni puede ganar siquiera el sustento para si estando aquellos Dado cuenta de una solicitud de Ramona Hortas, viuda y vecina de esta Ciudad exponiendo que al fallecimiento de su marido Ramon da Pena le quedaron por hijos a Eduardo de 11. años de edad, Dositéo de 10., José de 8., José Ramón de 6., y Marcelino de 5.; que es completamente pobre y por lo tanto no puede materialmente sostenerlos, pués desde el fallecimiento de su citado marido hasta la fecha, han sido socorridos por varias personas caritativas, que en la actualidad no les era posible sostener tan pesada carga, concluyendo por suplicar fuesen admitidos sus referidos cinco hijos en la Casa de en su compañía, acordó acceder á lo que solicita.[99]

Nalgún outro caso, o detonante non era o numeroso da prole que quedaba ó cargo do proxenitor supervivente, senón a enfermidade grave de este, que o imposibilitaba para soster e tutelar ós fillos. Así sucede con Manuel Varela, a quen se lle acepta o in-

---

[96] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 24 de marzo de 1893.

[97] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 27 de abril de 1892.

[98] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas das reunións celebradas os días 22 de decembro de 1885 e 30 de maio de 1888.

[99] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 30 de setembro de 1884.

greso dos seus fillos Santiago, de 6 anos e Faustina, de 4, atendendo ó seu estado de pobreza e demencia[100].

Caso similar é o de Antonio Manuel López, viúvo, domiciliado na rúa da Tinería, cuxa situación, aínda que non se detalla, tiña que ser dramática, xa que é acollido tamén, xunto coa súa filla María, de 11 anos[101].

Á vista de todo o anteriormente exposto, e a modo de resume, pódese concluír que, aínda que as orixes e condicións dos nenos que accedían á Casa Municipal de Beneficencia eran distintas e con diferentes causalidades, todos tiñan en común a súa pertenza ás clases máis desfavorecidas e o ser vítimas dos avatares máis crus da existencia.

Os nenos acollidos permanecían na Casa de Beneficencia ata os dezaseis anos, tal como reflexa o feito de que sexan excepcionais os casos de adolescentes de máis idade recollidos nos censos de poboación como residentes nela[102]. Non obstante, non todos permanecían no establecemento ata esa idade. Algúns deles eran recuperados, no caso de telos, polos seus familiares directos, xeralmente a mai, se a melloría da súa situación persoal llo permitía. A solicitude para a recuperación debía facerse á Xunta Municipal de Beneficencia ou á Xunta Provincial, segundo corresponda pola súa orixe xeográfica, e estas aceptala:

> Accediendo a lo solicitado por Josefa Viñas y Bande vecina de esta Ciudad, se acordó entregarle un hijo suyo llamado Atilano Call que se halla acogido en la Casa de Beneficencia.[103]

A solicitude para a recuperación non só tiña lugar por parte das mais ou pais, senón que tamén podía levarse a cabo por parte de outros familiares como tíos ou avós:

> (...) De haberse entregado previas las formalidades debidas la acojida en la Casa Asilo Antonia Puentes Cao, huerfana á su tío Antonio Regueiro Ferreiro casado mayor de 30 años y vecino de Bocamaos.[104]

En calquera caso hai que sinalar que estas recuperacións, ben sexan polos pais ou outros membros do entorno familiar, son pouco frecuentes, o que significa que a gran maioría permanecían dentro da Casa de Beneficencia ata cumprir a idade de dezaseis anos.

Para os nenos de máis corta idade existía a posibilidade de ser adoptados, pero esta era unha posibilidade máis teórica que real, xa que se ben en períodos posteriores, xa avanzado o século XX, esta opción se xeneraliza e alcanza porcentaxes elevados, no período que nos ocupa, isto aínda non sucedía, sendo contados os casos rexistrados. Nin sequera o termo adoptar aparece establecido, para cuxo concepto se utilizaba o de "prohijar". Así no caso de Julian Gamir Morales, faise constar que presenta unha instancia "solicitando la prohijación" da nena de cinco anos María Vázquez. Establécese tamén que tería que devolvela "siempre que fuese reclamada por persona que legalmente pue-

[100] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 28 de xullo de 1879.

[101] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 3 de febreiro de 1888.

[102] AHPL, Concello de Lugo, Censos e padróns, Censo de 1897, Sig. L 0648

[103] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 3 de novembro de 1883.

[104] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 19 de decembro de 1892. Tamén 19 de setembro de 1883. Neste caso trátase dunha nena recuperada pola súa aboa.

da hacerlo"[105]. Chama a atención o feito de que a nena xa fora entregada con anterioridade á data da resolución polo alcalde, en conivencia coas monxas, ratificando a Xunta Municipal de Beneficencia unicamente a decisión xa tomada sen consultarlle. O mesmo sucede no caso de Alonso Fernández, orfo de pai e mai, cuxa "prohijación" concede o alcalde a Santiago Pereiras Ingerto, casado, labrador na parroquia de San Xoán de Lóuzara, no concello de Samos, en base "de la garantia personal que le habia dado, y de los informes tomados de la Sra. Superiora del establecimiento"[106], limitándose a Xunta a confirmar o que xa estaba feito.

O criterio das monxas estaba, moi posiblemente, como tamén sucedía en outras cuestións que afectaban ó establecemento, por riba incluso do do alcalde, sendo moi posiblemente unha parcela que xestionaban elas case que exclusivamente.

En calquera caso, como xa se dixo, a adopción era unha opción case que inexistente, habendo constancia unicamente dos casos reseñados e dunha instancia rexeitada, sen que se faga referencia ás causas que motivaron a decisión[107].

En algún outro caso, e aínda que se fai referencia tamén ó termo "prohijar", o carácter de adopción propiamente dito, con igualdade de dereitos fronte ós fillos lexítimos se os houbera, non está claro:

> Por último se acordó acceder próximas las formalidades debidas á una instancia de Jacinto Calvo Asensio de oficio botero, natural de Toro-Zamora y avecindado en esta Poblacion Ronda de Castilla num.º 5. En solicitud de un niño de 12 á 13 años de edad de los acogidos en la Casa de Beneficencia para aprenderle su oficio y prohijarlo durante el tiempo que esté en su compañía.[108]

A falta de maiores compromisos e a finalidade laboral apuntan ó obxectivo de ter un traballador sen remuneración a cambio unicamente do seu sostemento, polo que non se podería falar xa de adopción en sentido estrito.

No caso das rapazas, a súa saída do establecemento adoitaba producirse ó chegar á adolescencia, entregadas como internas para o servizo doméstico, é dicir, criadas. O termo "entregar" era o que se utilizaba, sen ningún tipo de eufemismos, e así aparece recollido nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia.

O proceso que se levaba a cabo consistía en que o cabeza de familia que precisaba contratar unha criada interna contactaba coa superiora da Casa de Beneficencia, que decidía se se daban as condicións que ela consideraba necesarias e determinaba que rapaza podía ser a elixida, e informaba positivamente a instancia presentada polo solicitante diante da Xunta. Este era o procedemento que se seguía na maioría dos casos, case que sen excepcións:

> Accediendo á una instancia de D.ⁿ Dionisio Goy vecino de esta Capital, y de conformidad con lo informado acerca de la misma por la Superiora de la Casa de Beneficencia, se acordó

[105] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 17 de febreiro de 1883.

[106] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 21 de decembro de 1883.

[107] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 21 de decembro de 1883.

[108] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 8 de novembro de 1881.

> entregarle la acogida Francisca Cabanas, huérfana, con objeto de dedicarla á su servicio doméstico, toda vez resulta que dicha acogida está conforme con ello.[109]

A reiteración tanto no proceso como das formas e expresións prodúcese en case que tódolos casos, sen que as actas aporten tampouco máis información:

> Accediendo á lo solicitado por Don Pastór Menendez, casado y vecino de esta Capital; y teniendo en cuenta lo informado por la Superiora de la Casa de Beneficencia, se acordó concederle para su servicio la acogida en la misma Rosa Alvarez, hija natural de Ramona, hoy difunta, de 15. años de edad, oriunda de esta población.[110]

É facilmente imaxinable que a inexistencia de referencias familiares, tendo que enfrontarse soas a todas as dificultades da vida a idade tan temperá, facíaas especialmente vulnerables a abusos de todo tipo.

En ningún caso se fai referencia, ademais, a remuneración económica nin compromiso de adxudicarlla no futuro, podendo deducirse que a manutención e a acollida nas casas era a única compensación polo seu traballo.

En ocasións, nin sequera se esperaba á ratificación da Xunta, levándose a cabo a entrega sen cumprir co trámite de aprobar a determinación previamente. Así, en 1888, diante dunha solicitude para que se lle entregase á acollida Rosa Álvarez

> El Sr. Presidente manifestó que en 24. de Octubre D.ⁿ Luis de Cuevas y Garcia Gutierrez, vecino de esta Capitál había solicitado la acogida en la Casa de Beneficencia Rosa Alvarez con objeto de dedicarla á su servicio doméstico y que en vista del informe de la Sra. Superiora de dicha casa habia accedido á la pretensión sin perjuicio de lo que acordase la Junta; y esta en su vista confirmó lo determinado por el Sr. Presidente.[111]

No caso de que a solicitude escrita se presentase previamente diante da Xunta Municipal de Beneficencia, se os informes da superiora non eran positivos, ratificábase a denegación:

> Se desestimó una instancia de José Tomiño Vidal, de 36 años, casado y vecino del barrio de Paraday, pidiendo para tenér en su compañía una acogida de las de la Casa de Beneficencia de 12. á 14. años de edad.[112]

Aínda que case sempre se aplicaba este procedemento da entrega para traballar no chamado servizo doméstico ás rapazas, tamén nalgún caso podía facerse con algún rapaz:

> Accediendo á lo solicitado por Dª Carmen Ventosinos, de esta Capital, se adordó concederle para su servicio doméstico el acogido en la Casa de Benef.ª a Manuel Cabana, toda vez que este se presta a ello.[113]

A rixidez no sistema disciplinario, especialmente despois da chegada das monxas, podía facer que o final da estancia na Casa non fose a a integración laboral na sociedade. Ó chegar á adolescencia, propicia á rebeldía e actitude contestataria, se o mal

---

[109] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 21 de setembro de 1885.

[110] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 18 de febreiro de 1883.

[111] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 5 de decembro de 1888.

[112] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 18 de febreiro de 1886.

[113] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 19 de decembro de 1886.

comportamento o facía procedente, podía levarse a cabo a expulsión dos rapaces sen consideración algunha de outro tipo, tal como aparece reseñado con relativa frecuencia[114].

4.2. Os discapacitados físicos e psíquicos

Como é sabido e xa se explicou no seu momento, non era concibible o ingreso e permanencia nos establecementos benéficos durante o período produtivo da existencia, é dicir, durante a idade adulta, despois da infancia e antes da vellez, a non ser que se producira unha minusvalía importante que impedira o autosustento. Incluso esta circunstancia da minusvalía non sempre, como se verá, podía ser considerada suficiente. A mendicidade nos casos de invalidez era unha saída moito máis lóxica e frecuente que a do ingreso nun establecemento benéfico. Así vemos como no caso de Juan López Arias de 55 anos de idade, natural e veciño de Montedemeda, se lle admite porque ademais de pobre e impedido para traballar o é tamén para "implorar la caridad pública"[115].

A mendicidade, moito máis que o ingreso nun establecemento de beneficencia, era a alternativa lóxica tanto para os organismos benéficos como para a sociedade en xeral nos casos de minusvalidez. Cando a incapacidade se vía agravada pola diminución das forzas e o deterioro físico que acompañaba á proximidade da vellez, dificultando tamén a práctica da mendicidade, era cando a opción do ingreso podía ser considerada.

Convén non esquecer tampouco o carácter disuasorio que impregnaba o espírito dos establecementos benéficos, que xa se indicou noutros apartados, e que tan pouco atractivos e desexables os facía para todos os necesitados que puideran ter cabida neles. Esta circunstancia facía que se pospuxese todo o posible o ingreso, que constituía a última opción de supervivencia.

En canto ó numero e porcentaxes deste tipo de internos, non é fácil determinalo con precisión, e menos aínda especificar as doenzas ou minusvalías de cada un deles, polas limitacións das fontes documentais nestes aspectos. Pódese facer, non obstante, unha estimación aproximada utilizando como en outros casos os censos de poboación. Así sucede que no censo de 1897 aparecen censados 46 acollidos de idades comprendidas entre os 16 e os 59 anos inclusive, o que representa un 21% do total[116]. Esta porcentaxe e número, tendo en conta as consideracións que se veñen expoñendo, poderían atribuírse a persoas que padecen algún tipo de minusvalía física ou psíquica.

É importante sinalar tamén que nin sequera as discapacidades sensoriais graves como a cegueira ou a xordeira eran consideradas determinantes nas valoracións das solicitudes de ingreso. Desta maneira sucede que non se rexistra ningún ingreso de xordos e moi poucos de cegos que non vaian acompañados de outras consideracións, tales como a idade moi avanzada, pobreza extrema ou inexistencia de familiares que se fagan cargo. Así, no caso de Teresa Bande, veciña da parroquia de Recimil, faise constar a súa

[114] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas das reunións celebradas os días 20 de xuño e 19 de setembro de 1883, e 23 de abril de 1885.

[115] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 30 de maio de 1888.

[116] AHPL, Concello de Lugo, Censos e padróns, Censo de 1897, Sig. L 0648

condición de "viuda, de avanzada edad, ciega"[117]. O mesmo sucede con "Encarnación do Val y Reina, soltera, de 16 años, casi ciega y desamparada"[118].

En canto ós minusválidos ou discapacitados psíquicos (a terminoloxía neste campo é complexa e está chea de matices e eufemismos), convén delimitar dous grupos bastante diferenciados. Por unha parte, o formado por aquelas persoas que desde as primeiras etapas da infancia presentan un desenrolo intelectual marcadamente inferior ó que corresponde á súa idade, e que agruparemos baixo o epígrafe de deficientes, e aquel outro formado por aqueles que, aínda mantendo unhas capacidades intelectuais normais, son vítimas nun determinado momento da súa vida dun desarranxo, reversible ou non, que os imposibilita en maior ou menor grao para levar unha vida normal na sociedade, que se agruparán baixo o termo de enfermos mentais.

En canto ó primeiro tipo, o dos deficientes mentais, dicir que esta consideración aparece reflectida poucas veces, e destas, algunha non se corresponde realmente con esta tipoloxía. Así, no caso de Manuel Goy, do que se solicita o ingreso "por hallarse padeciendo una completa imbecilidad y no poder dedicarse al oficio de obra prima que ejercía"[119], todo parece indicar que, en realidade, se trata dun caso de lesión cerebral sobrevida na idade adulta, moi posiblemente orixinada por un accidente laboral.

O feito de que, como xa se dixo, a condición de diminuído psíquico apareza recollida en moi poucos casos é debido, moi posiblemente, á pouca consideración que esta condición tiña nas valoracións das solicitudes de ingreso, sendo moito máis determinante o feito de non haber familiares que se fixeran cargo. Isto fai pensar que a súa presenza na Casa Municipal de Beneficencia fose moito máis frecuente do que reflicten as fontes documentais, xa que o que realmente se reflectían eran esas outras consideracións, moito máis determinantes.

Tamén é importante sinalar a clara utilización que, apoiada no tráfico de influencias, levaban a cabo algunhas familias acomodadas da cidade para o internamento dos seus fillos deficientes, saltándose a Xunta de Beneficencia nestes casos as consideracións de pobreza e ausencia de familiares que se fixesen cargo:

> Por último, accediendo á lo solicitado por Dª Tomasa Diaz, viuda de Ullóa, vecina de esta Capital, y teniendo en cuenta los informes adquiridos, se acordó admitir en la Casa Asilo como acogido á un hijo de la misma llamado Manuel Ullóa Diaz.[120]

Nalgunha ocasión, este tipo de ingresos levábase a cabo abonando unha cantidade de diñeiro pola estancia. Esta circunstancia trataría de ocultar a utilización do establecemento benéfico por parte de persoas que pola súa condición social non lles correspondía facelo:

---

[117] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 3 de febreiro de 1888.

[118] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 21 de decembro de 1887.

[119] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 24 de xullo de 1883.

[120] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 17 de agosto de 1887. Advírtese como o tratamento de Dª e "viuda de" fan referencia á súa orixe social alto. Tampouco se dan datos sobre as condicións físicas e psíquicas do interno. A evidente ocultación de datos indica que se trata dunha manobra tendente a saltarse a normativa aplicada no resto dos casos.

> Accediendo á una instancia de Blás Rodriguez Escudero, viudo, vecino de esta Ciudad, calle de Bilbao n.º 3., se acordó admitir como acogido en la Casa de Beneficencia á su hijo Venancio mayor de 25. años, impedido para el trabajo, con la obligacion de abonar un real diario á la Casa, que entregará mensualmente.[121]

O costo medio da alimentación diaria de cada un dos internos estaba entre 0,74 e 0,99 pesetas diarias no período que vai de 1877 e1882[122]. Esta circunstancia explica o carácter de simulación de abono da estancia da cantidade ingresada, moi inferior ó costo real.

En canto ós enfermos mentais, que se corresponden xeralmente co termo utilizado nas fontes documentais de "dementes" ou asociados á palabra "demencia", que eran os que se utilizaban na época, hai que dicir en primeiro lugar que é moito máis numeroso que o anterior (o dos deficientes) en canto a referencias documentais, e que a súa condición tiña unha consideración maior que a da deficiencia á hora da aprobación dos ingresos, fundamentalmente polos problemas de convivencia no seno da familia e a veciñanza que levaban aparellados. De tódalas maneiras, é importante sinalar que esta maior consideración non sempre garantía de maneira automática o ingreso. Así, se pode ver como no caso de Manuel Varela, viúvo e pai de dous nenos de 6 e 4 anos, a Xunta de Beneficencia, "en atención al estado de pobreza y demencia del Manuel", acorda o ingreso dos fillos, pero non o do pai, que nin sequera se valora[123], ata meses máis tarde, cando si se toma en consideración e en atención ó seu "estado de perturbación mental y su pobreza" se determina a súa reclusión nun manicomio por conta da beneficencia provincial, é dicir, pagado pola Deputación[124].

Todo parece indicar, á vista dos casos e as consideracións recollidas nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia, que o criterio a seguir dependía do tipo de alteración que sufriran os enfermos. Nos casos máis graves intentábase implicar á beneficencia provincial para que financiase o internamento nun manicomio, xeralmente o de Valladolid. Nos casos non tan extremos, o criterio seguido podía ser o ingreso no Hospital Municipal[125] e nos restantes, suponse que os máis leves e polo tanto máis compatibles coa convivencia co resto dos internos, na Casa Municipal de Beneficencia.

Os trámites a seguir naqueles casos supostamente máis graves, orixinados polas patoloxías máis rechamantes, nas que podía ser de aplicación a medida do internamento nun manicomio, estaban recollidos nunha circular do gobernador da provincia que enu-

[121] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 8 de abril de 1884. O termo "impedido"correspondíase normalmente co concepto de minusvalía física, mentres que o de "impedido para el trabajo" podía abarcar tamén ás incapacidades psíquicas.

[122] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0825, Leg. 696, Estado comparativo de los ingresos y gastos en los años 1877-78, 1878-79, 1879-80, 1880-81 e 1881-82.

[123] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 28 de xullo de 1879.

[124] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 6 de setembro de 1879.

[125] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 19 de decembro de 1880.

meraba os pasos a seguir para leva a cabo o procedemento, á que, en principio, tiña que aterse a Xunta Municipal de Beneficencia[126].

En primeiro lugar establecía que o proceso que se supón culminaría no internamento nun manicomio, tiña que ser incoado por iniciativa dos familiares, titores ou encargados, que deberían presentar solicitude por escrito ou, se estes non existisen, por un auto da autoridade local, é dicir, da alcaldía.

Á solicitude escrita habería que engadir un informe dun médico no que se recomendase xa o internamento do enfermo nun manicomio, outro informe do cura párroco e outro máis de tres veciños "de reconocida moralidad y concepto" que valorasen o comportamento do enfermo e a situación económica del e a súa familia.

Estes informes, xunto co do procurador síndico do concello, que certificaría a imparcialidade da testemuña dos veciños e a autenticidade da documentación aportada, trasladaríase á xunta municipal de beneficencia correspondente, que valoraría a conveniencia do internamento, remitindo á súa vez o expediente resultante ó Goberno Civil para que se levase a cabo o ingreso no manicomio correspondente por conta dos presupostos provinciais, é dicir da Deputación.

Este parece ser o procedemento seguido con algúns dos casos documentados:

> Se dio cuenta de un expediente remitido por la Alcaldia acerca del estado de demencia en que se encuentra D.ⁿ Rafael Araujo Fernandez vecino de esta Ciudad, para que la Junta de Beneficencia municipal emita el informe que se requiere de la misma y previene la circular del Gobierno Civil de 30 de Agosto de 1866 y se acordó se devuelba dicho espediente al Sr. Alcalde manifestando que la Junta por lo que de el resulta encuentra justificado el estado de perturbación mental en que se halla el D.ⁿ Rafael Araujo y la necesidad de que sea trasladado á un Manicomio y ausiliado por la Beneficencia Civil en consideración á la pobreza de la madre y su familia.[127]

As disposicións recollidas na circular, destinadas a garantir minimamente os dereitos dos enfermos e, o que é máis importante, evitar que se utilizase a medida do internamento en conflitos familiares por herdanzas ou outros motivos, non se respectaban na súa totalidade, nin na maneira rigorosa que viñan establecidas. Aparece reflectido, por exemplo, nalgún caso nas mesmas actas da Xunta a falta do informe do síndico[128]. Xa en 1866, cando se publica a circular, o propio gobernador xustificaba a necesidade da súa aplicación.

> Es por desgracia algo frecuente en esta provincia la remision al Manicomio de Valladolid de dementes pobres, á quienes se satisfacen por cuenta del presupuesto provincial, las estancias que devengan en aquel establecimiento.
>
> Habiendo observado con este motivo, que los espedientes que remiten los Señores Alcaldes para justificar el estado de demencia y pobreza de algunos individuos, no detallan suficientemente estas circunstancias; a fin de que al intervenir la Administración en el desvalimiento del pobre y del desgraciado que carece de familia protectora, sea, fundandose en la verdad y en la justicia y no apoyando peticiones gratuitas y hasta inconvenientes, he acordado dictar las disposiciones que siguen.

[126] Circular nº 1142 do 30 de agosto de 1866, publicado no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* do 3 de setembro dese mesmo ano. Apéndice documental nº 3.

[127] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 19 de decembro de 1880.

[128] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 17 de febreiro de 1883.

É importante sinalar a enorme transcendencia que a medida do internamento podía ter, equiparable en moitos aspectos á dunha condena a cadea perpetua, suprimindo todo tipo de dereitos e liberdades. Hai que engadir, ademais, o agravante que supón o feito de que a reclusión se fixese nun establecemento moi afastado xeograficamente do seu lugar de orixe, coas consecuencias de ser apartado totalmente do seu entorno e ser así imposible recibir a visita dos seus familiares e coñecidos, se os houbera.

En canto á situación dos manicomios en xeral, esta era dramática. A escaseza de medios para atender o incremento dos internamentos era a nota dominante. Entre 1860 e 1879 a poboación reclusa triplicárase. Os insuficientes manicomios existentes estaban cheos, faltos de espazo, do mínimo nivel de hixiene, dunha alimentación suficiente e incluso de auga[129].

O Goberno Central apremaba por unha dobre vía agudizando o problema. Por un lado cunhas medidas incentivadoras da reclusión case carceraria máis que do ingreso temporal con intención terapéutica que propugnaban xa algunhas correntes médicas alienistas, e por outra co non financiamento orzamentario para a creación de novos manicomios, forzando ás deputacións provinciais para que os crearan ou, no seu defecto, financiasen os internamentos nos de outras provincias. Esta era a situación que se vivía en Lugo. A inexistencia de manicomios en Galicia ata 1885, obrigaba a financiar os internamentos no de Valladolid.

Cando en 1885 a mitra compostelá crea o manicomio de Conxo, polo tanto de iniciativa privada, non estatal, concerta coas catro deputacións galegas a atención dos enfermos que estas lle envían. Nesta situación enténdese que os enfermos da provincia de Lugo deixen de ser levados ó manicomio de Valladolid e comecen a selo ó de Conxo.

O carácter privado do manicomio da mitra compostelá reflíctese na preocupación por rendibilizalo economicamente máis que por aportar grandes novidades na solución deste tipo de enfermidades, e o seu logro máis importante foi que a inversión da mitra se amortizou en tan só dez anos, proporcionando despois importantes beneficios[130]. Pero estes logros conseguíanse reducindo ó máximo o persoal e controlando ferreamente os gastos. A súa creación hai que encadrala na gran expansión que a finais do século XIX se produce de manicomios privados, que viron o oco deixado pola Administración e as posibilidades de rendibilizar os pagos das deputación por estes servizos[131].

Con todo ser mala, ou incluso desastrosa, a situación da atención ós dementes en Galicia e o resto do Estado, hai que dicir que isto non era sensiblemente mellor no resto de Europa. O carácter crónico e incurable de moitas das enfermidades mentais para a medicina da época, pobre en coñecementos e, sobre todo, remedios farmacolóxicos,

---

[129] GONZÁLEZ DURO, Enrique. *Historia de la locura en España*, vol. III. Madrid: Ediciones Temas de Hoy, 1996. p.22.

[130] GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Emilio. *A siquiatría galega e Conxo*. Madrid: Edicións do Rueiro, 1977. COUSELO BARRIO, Alfredo. Una aproximación a la asistencia social al loco en la Galicia del XIX: El sanatorio de Conxo. En: BALBOA LÓPEZ, Xesús, PERNAS OROZA, Herminia. *Entre nós: estudios de arte, xeografía e historia en homenaxe ó profesor Xosé Manuel Pose Antelo*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicaciones e Intercambio Científico, 2001. pp. 1.093-1.110.

[131] GONZÁLEZ DURO, Enrique. *Historia de la locura en España*, vol. III. Madrid: Ediciones Temas de Hoy, 1996, p.31.

facía que non se conseguise canalizar cuns mínimos criterios de calidade de vida o problema da atención a este tipo de enfermos.

Se ben a iniciativa da creación de hospitais para internamento dos dementes xurde nos países máis desenrolados de Europa, transmitíndose posteriormente ó resto e chegando aquí décadas máis tarde, tamén seguiron o mesmo camiño os erros e as consecuencias negativas destas iniciativas e as correntes críticas posteriores con este sistema asistencial.

En toda Europa, o século XIX trouxo consigo un incremento enorme no número e tamaño dos hospitais mentais. En Inglaterra o número de pacientes ascendeu de aproximadamente 10.000 en 1800 a 100.000 en 1900. Este salto cuantitativo foi moito máis brusco aínda en aqueles países menos avanzados nesta materia, onde a tendencia se implantou máis tarde, como Italia, onde nunha data tan tardía como 1881, os recluídos no pasaban de 8.000, pero que nos poucos anos que transcorreron ata 1907 pasaron a ser 40.000, ou o propio caso de España, que xa se citou[132].

A Lei de Beneficencia de 1849 e os decretos posteriores propiciaron a privatización da asistencia psiquiátrica, liberando ós poderes provinciais desa carga. A transferencia ás deputacións da responsabilidade ós dementes non implicaba que estas crearan directamente os establecementos, senón que permitía que contratasen a súa asistencia con establecementos privados ou de outro tipo, buscando a forma que máis interesara ós seus intereses económicos. A única medida de control de esta asistencia correspondía ós gobernadores civís, a quen competía evitar os excesos que esta falta de obrigatoriedade puidera ocasionar[133].

O contrato que a Deputación de Lugo establecera co manicomio de Conxo para o internamento dos enfermos da provincia, desembocou en 1906 nun importante conflito que orixinara a decisión de trasladar ós enfermos de Lugo ó manicomio de Valladolid.

O xornal *El Norte de Galicia*, que se editaba en Lugo, daba conta do conflito e informaba dalgúns pormenores. Mentres a Deputación baseaba a causa da decisión nas mellores condicións que para os enfermos ofrecía o manicomio de Valladolid, a dirección do de Conxo sostiña que a decisión estaba motivada polas mellores condicións económicas que para a Deputación significaba o traslado[134]. O conflito transcendeu como polémica xornalística entre *El Faro de Vigo*, *El Eco de Santiago* e *El correo Gallego*[135].

A partir deste momento, os enfermos mentais da provincia de Lugo serán enviados de novo a Valladolid, como sucedía antes da creación do manicomio de Conxo. En 1910 crearase en Vilapedre, cerca de Sarria, un pequeno manicomio privado por iniciativa do médico Ricardo Núñez. Parte dos enfermos non precisarán ser levados a partir

[132] PORTER, Roy. *Breve historia de la locura*. Madrid: Turner e Fondo de Cultura Económica, 2003. pp. 113-115.

[133] COMELLES, Josep Mª. *La razón y la sinrazón. Asistencia psiquiátrica y desarrollo del Estado en la España Contemporánea*. Barcelona: PPU, 1988, pp. 48-49.

[134] ADS, Libro de actas do Manicomio de Conxo, acta da reunión celebrada o día 20 de outubro de 1906.

[135] *El Norte de Galicia*, nº 1670, 18 de outubro de 1906, "El manicomio de Conjo y la Diputación de Lugo" , pp. 1-2, e "Los alienados de Lugo. LLegada á Valladolid", p.2..

deste momento a Valladolid, actuando o novo pequeno establecemento de manicomio provincial[136].

Nos casos menos graves, aqueles nos que se decidía o ingreso na Casa de Beneficencia e non o envío ó manicomio de Valladolid primeiro, coa chegada das monxas en 1879 para dirixir o establecemento, reduciuse moito o número de acollidos deste tipo a causa da pouca permisividade que tiñan cos comportamentos que algúns destes enfermos podían presentar. Así, en 1886 rexeitase o reingreso de Ángela López, "demente", solicitado polo seu marido, xornaleiro e veciño da cidade, atendendo ó informe da superiora, que manifesta que "durante el corto tiempo que estuvo acogida, se hacía intolerable por su lenguaje poco decente, sirviendo de mal ejemplo á los demás asilados"[137]. A Xunta, neste caso, fronte ó rexeitamento das monxas non aporta alternativa algunha que axude á familia a levar a situación, nin ten en consideración as molestias, e tamén mal exemplo, que se supón podería estar orixinando a enferma entre a veciñanza.

Sen que poidan ser considerados como enfermos mentais propiamente ditos, había algúns casos de acollidos que eran tratados como tales porque a súa conduta, desde o punto de vista moral, sobre todo no que tiña relación coa sexualidade, non era considerada correcta pola sociedade do momento. Responde a esta tipoloxía o caso que relata Josefa Ron Pérez, que despois de manifestar o seu estado de pobreza a causa dunha enfermidade crónica que padece o seu marido e que o ten prostrado na cama, pasa a expoñer a situación de preocupación que lle crea unha filla, á que considera "en peligro inminente de descarriarse" e para a que solicita o ingreso na Casa de Beneficencia nos seguintes termos:

> Si bien es grande el dolor que aflige el corazon de la q.ª habla al contemplar su triste situacion, no lo es menos el ver espuestos á alguno de sus hijos, si en tiempo no se evita caer en males que ocasionen la infelicidad de su honor, hoy por desgracia en el sexo femenino muy frecuente. El esmerado celo de la verdadera madre es en la actualidad tiempo perdido, por mas que ponga en practica los medios de corrección, cuyo desengaño há esperimentado con su hija Ermitas, que, si bien aun no ha llegado al caso de cometer faltas graves, está espuesta, tal vez, á caer en ellas y no teniendo otro medio de evitarlo mas que el de entregarla en el asilo de la Casa de Beneficencia como unico remedio.[138].

O ingreso como prevención ou corrección de comportamentos considerados amorais era unha máis das múltiples funcións para as que era utilizada a Casa de Beneficencia.

4.3. Os anciáns

Se ben sería lóxico pensar que a presenza de persoas maiores na Casa de Beneficencia tiña que ser moi numerosa, sobre todo se temos en conta que a capacidade de gañarse o sustento daqueles que contaban con menos recursos económicos, incluso exercendo a mendicidade, diminuían notablemente coa chegada da vellez, a realidade era moi distinta. No censo de poboación de 1897, do total de 219 acollidos, unicamente

[136] SIMÓN LORDA, David e GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Emilio. Historias del manicomio de Vilapedre –Sarria- Lugo: Ricardo Núñez Rodríguez, un atípico protosiquiatra de la Galicia del siglo XX. En: *La gestión de la locura: conocimiento, prácticas y escenarios: España, siglos XIX-XX*. Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 2008, pp. 121-142.

[137] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 18 de febreiro de 1886.

[138] AHPL, Concello de Lugo, Varios de Beneficencia, Solicitudes de ingreso e saída, Relacións de acollidos (1854-1884), Sig. 0842-00, Leg. 713.

32, un 15%, superaban os 60 anos. Este dato mostra unha vez máis que a vellez por si soa, aínda indo acompañada da falta de recursos, non tiña gran consideración á hora das valoracións dos ingresos, tendo que ir acompañada tamén de minusvalías de importancia. Son moitas as referencias a esas deficiencias físicas que ás veces comportaban a invalidez total. Así se percibe cando o cura de Santiago de Piugos certifica en 1899 as circunstancias de Antonia Santos Díaz, de noventa anos de idade.

> (...) además de los achaques propios de su edad, se halla padeciendo hace años una completa parálisis que la tiene imposibilitada para todo, y se encuentra en la mas estremada indigencia por carecer en absoluto de medios y de personas que puedan atenderla.[139]

En ocasións, o deterioro podía chegar a ser tan grande que, a causa do avanzado estado de demencia senil, non era posible determinar sequera a identidade, como sucede cunha ingresada da que se fai constar unicamente o nome de pila:

> Se acordó admitir definitivamente como acogidos en la Casa de Beneficencia á Manuela cuyo apellido se ignora, de avanzada edad, pobre, y procedente de la parroquia de Orbazay; (...).[140].

Similar circunstancia é a de Teresa Bande, da que só se sabe que é "viuda, de avanzada edad, ciega y vecina de la parroquia de Recimíl"[141].

A práctica inexistencia de subsidios de vellez ou pensións de xubilación, que unicamente amparaban a funcionarios e militares, facía que o número de anciáns inmersos na pobreza e precisados de axuda superase a capacidade do sistema benéfico. Esta incapacidade materializábase en ocasións na necesidade de rexeitar determinadas solicitudes de ingreso por falta de prazas. Así, en 1899, diante da solicitude de Ángela Arias Vázquez, de 86 anos de idade e "pobre de solemnidad", que vive na Ronda da Mosqueira e "sin familia que pueda socorrerla ni siquiera darle casa para vivir", a Alcaldía, despois de comprobar que eran certas as circunstancias de pobreza e necesidade, non obstante, a causa de "no haber local en la casa de Beneficencia para la admisión que se solicita, se desestima por ahora esta petición"[142].

5. A VIDA DIARIA

A vida diaria na Casa Municipal de Beneficencia, o mesmo que en tódolos establecementos deste tipo, viña marcada pola necesidade de organizar a estancia dun número importante de persoas, o que implicaba un certo rigor disciplinario. A isto hai que engadir o carácter disuasorio que este tipo de establecementos, como xa se indicou, tiña para evitar facelos apetecibles e facer que só acudiran a eles o menor número posible de necesitados. Ademais desto era importante evitar facelos criticables polo resto da sociedade que precisaba loitar para lograr o sustento. Tampouco se pode esquecer o carácter exemplifícante que en certa medida tiñan para fomentar a idea de que era nece-

[139] AHPL, Concello de Lugo, Varios de Beneficencia, Solicitudes de ingreso e saída, Relacións de acollidos (1854-1884), Sig. 0842-00, Leg. 713.

[140] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 2 de xuño de 1886.

[141] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 3 de febreiro de 1888.

[142] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Solicitudes de ingreso, Sig. 0828-00, Leg. 699. Escrito de solicitude de ingreso con data do 29 de decembro de 1899 e resolución anotada no mesmo escrito con data do día 30 do mesmo mes e ano.

sario acumular recursos traballando mentres se podía para as etapas finais nas que as necesidades se acumulaban[143].

O carácter rigoroso da disciplina que rexía a vida diaria era mal asumido en ocasións polos acollidos, especialmente os máis novos, producíndose en ocasións fugas dos rapaces internos. Estas fugas raramente tiñan referencia documentada nas actas da comisión[144], pero cando non eran resoltas en breve prazo e había que presentar denuncia diante das autoridades, adoitaban aparecer reflectidas na prensa local[145].

Ó chegar á idade da adolescencia, os rapaces e rapazas desexaban abandonar ese entorno no que se atopaban insatisfeitos e saír para integrarse no mundo exterior:

> Vista una instancia de la joven acogida en la casa de Beneficencia Concepción Conde, suplicando se le conceda licencia para marchar del establecimiento, y la Junta en su vista acordó no haber lugar á lo que solicitaba.[146]

O rigor disciplinario e os episodios conflitivos non eran exclusivos da Casa Municipal de Beneficencia de Lugo, senón que se daban con frecuencia noutros centros similares noutros ámbitos xeográficos. No caso do Hospicio de Pobres de Santiago de Compostela o amplo e detallado rexistro de fugas de internos é moi ilustrativo desta circunstancia[147].

A chegada das monxas para dirixir a Casa supuxo un incremento das normas e un aumento da presión disciplinaria, que se traduciu en episodios conflitivos cos internos adolescentes, máis proclives que os anciáns e os nenos a ser contestatarios, producíndose a expulsión dalgúns deles[148].

Neste contexto é no que hai que encadrar a vida dos internos e os seus avatares diarios, que se supón rexida por un horario rigoroso, marcado polos toques de campá da portería, que iría avisando dos distintos momentos do día.

É de supoñer que tanto durante a primeira etapa, na que o establecemento estaba dirixido por un capelán administrador, como na segunda, a partir de 1879, na que as monxas da orde das "Hijas de la Caridad" se fan cargo del, a asistencia a oficios relixiosos, rosarios, etc., se redobrase para formar parte da rutina diaria dos internos. A adquisición da campá que se leva a cabo nese momento forma parte desa circunstancia. En 1884, con motivo da morte do bispo e gran benefactor da Casa e do Hospital, os acolli-

[143] TRINIDAD FERNÁNDEZ, Pedro. Trabajo y pobreza en la primera industrialización. En: *Historia de la acción social pública en España. Beneficencia y Previsión*. Madrid: Centro de Publicaciones Ministerio de Trabajo y Seguridad Social, 1990. Sobre o carácter disuasorio dos asilos: pp. 125-128.

[144] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 9 de marzo de 1884.

[145] *Diario de Lugo*, nº 574, 3 de setembro de 1878, p. 3. Dá conta da fuga de dous nenos expósitos acollidos na Casa de Beneficencia, o día 25 de agosto, dos que se declara a busca e captura por parte do Goberno Civil.

[146] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 9 de agosto de 1878.

[147] ROMÁN PORTAS, Luz. *La asistencia social en Galicia: El Hospicio de Pobres de Santiago de Compostela (1860-1900)*. A Coruña: Diputación Provincial de A Coruña, 1989, pp. 57-59 e 65-69.

[148] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 19 de setembro de 1883.

dos son levados para asistir a unha misa na capela do pazo episcopal "ante el cadaver del ilustre prelado"[149].

Sábese que os acollidos en idade infantil recibían educación escolar nun espazo do propio establecemento habilitado para tal fin, e que nel impartía as clases un interno do propio establecemento que recibía por elo unha pequena gratificación de tres pesetas mensuais[150]. É importante sinalar que o feito de que sempre se fale de escola de "niños", en masculino, pode indicar que unicamente recibían ensinanza escolar os varóns, considerándose que non era necesario no caso das nenas. Sen embargo, esta cuestión, aínda non sendo descartable, non esta suficientemente clara.

Tamén é moi significativo o feito de que sempre se encargase a tarefa de mestre a un interno da Casa, non contratándose nunca a un mestre titulado de fora, o que indica a pouca importancia que se daba á formación dos nenos.

En canto a outro tipo de actividades diarias, hai que sinalar que a inactividade, salvo naqueles casos de prostración física ou incapacidade evidente, non debía ser a norma xeral. Sen embargo, se temos en conta que os adultos de mediana idade eran normalmente impedidos e os vellos achacosos, pódese deducir que o traballo que se levaba a cabo recaía moi posiblemente nos nenos e adolescentes.

Os traballos en distintas actividades relacionadas co mantemento do centro debían ser frecuentes. Así, tanto na horta como na finca que o establecemento levaba en arrendo nas inmediacións, os internos, (moitos deles de orixe rural e polo tanto afeitos a traballar na terra), colaborarían no cultivo dos produtos que se preparaban na cociña e servirían para completar a dieta dos internos. A partir de 1881, ademais, cebábanse cochos cos produtos cultivados, co que se incrementan as tarefas a realizar polos internos[151]. A dispoñibilidade dos internos para a realización dos traballos que se considerasen oportunos era total, tal como se recolle en algunha acta da Xunta de Beneficencia na que se fai constar que o establecemento pode dispoñer dos acollidos para a realización dos traballos que considerase oportunos, condicionando incluso os permisos que se daban ós rapaces para saír a aprender un oficio e nos que podía sinalarse a obriga de ir só cando non fixeran falta na Casa.

> Vista una instancia de Ramona Hortas, viuda, pobre, y vecina de esta Capital, solicitando se permita la salida de la Casa de Beneficencia á un hijo suyo llamado Eduardo Pena Hortas, de 14 años, que se halla acogido en la misma con objeto de aprendér el oficio de ebanista con el maestro D.ⁿ José Ocampo, toda vez en el Establecimiento no hay tallér de esta clase, y siempre que fuese compatible con las ocupaciones á que aquél se dedique; la Junta apreciando en su justo valór las razones expuestas, y teniendo en cuenta las buenas condiciones que reune el joven de que se trata, así como la moralidad del maestro del tallér .á que ha de concurrír , acordó se expida orden á la Sra. Superiora de la Casa para que permita la salida de la misma al acogido de que se trata, con el objeto indicado, á las horas que aquella crea conveniente, advirtiéndole que cuan-

[149] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 9 de marzo de 1884.

[150] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas das reunións celebradas os días 6 de setembro de 1879 e 15 de marzo de 1881.

[151] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 15 de marzo de 1881. Existen moitas outras referencias a partir desta data nas actas posteriores.

> do sea necesario para algún servicio del Establecimiento, puede disponér de él como de los demás acogidos.[152]

A realización de tarefas por parte dos internos non se limitaba unicamente ó ámbito do recinto do establecemento. A Casa de Beneficencia, coa finalidade de recadar fondos, dispoñía de permiso municipal para alugar cadeiras no paseo da Praza Maior os domingos e festivos nos que a xente da cidade, se o tempo o permitía, saía a pasear. Do aluguer, recollida e demais traballos encargábase directamente un grupo de acollidos. Do éxito e boa aceptación que tiña a pequena industria de aluguer da conta o feito de que ás 100 cadeiras novas adquiridas na Coruña en 1878 para renovar as vellas, complétase en 1881 con 50 máis, por non ser suficientes aquelas[153]. En 1891 e 1892 substitúense as existentes ata ese momento, de madeira con asento de palla, por outras de ferro, tamén compradas na Coruña en dúas quendas, unha de 50 e outra de 60.

Sobre como se levaba a cabo o traballo dos internos no paseo da Praza Maior, Castro Freire dá algúns detalles. Referíndose ás cadeiras di que estaban rotuladas coa palabra "Asilo" e o número correspondente, e que "custodiadas por los niños hospicianos, y con una hucha metálica y un talonario, cobran la ocupación"[154].

Aínda que non era frecuente, tamén foron empregados en determinados momentos para realizar traballos de mantemento no Teatro. Estes traballos non eran remunerados e nas actas da Xunta aparece reflectido que se aproba a medida tendo en conta que de esta maneira "el establecimiento sacaría de aquel más rendimientos"[155].

Existían tamén internos que realizaban traballos remunerados fora do establecemento. Tratábase de rapaces que ou ben saían en condición de aprendices dalgún oficio dos que non se impartían ensinanzas na Casa, ou ben saían en condición de traballadores normais. Así, en 1878, dáse permiso ó acollido Santiago Rey, que a causa de deixar de funcionar o taller de carpintería que había na Casa e polo tanto quedar sen traballo, solicita se lle permita saír a traballar con algún carpinteiro de fora coa condición de que "en el caso de que mereciese alguna retribución por su trabajo, ingrese en fondos del establecimiento"[156].

Similar circunstancia é a que se dá no caso dunha solicitude presentada por Rosendo Sánchez, encadernador da cidade, que solicita para o seu taller ó acollido Manuel Arias, comprometéndose, ademais de instruílo no oficio, a ingresar 5 pesetas mensuais na caixa da Casa de Beneficencia "por el término de un año, y mayor cantidad pasado este plazo en relacion á los adelantos del Manuel"[157]. A valoración que se facía desta remuneración económica que ingresaba na caixa da Casa era en moitos casos maior que o interese para que o acollido aprendese o oficio e puidese integrarse na sociedade máis

[152] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 18 de xuño de 1886.

[153] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas das reunións celebradas os días 9 de abril de 1878 e 37 de maio de 1881.

[154] CASTRO FREIRE, Salvador. *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica*. Lugo: Editorial Celta, 1951, p. 123.

[155] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 24 de xullo de 1883.

[156] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 9 de abril de 1883.

[157] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 21 de xuño de 1880.

facilmente no futuro. Esta circunstancia apréciase, por exemplo no caso de José López Abuín, de 14 anos, a quen, despois de darlle permiso para aprender o oficio co barbeiro Juan Rodríguez, que exercía o seu oficio na rúa Traviesa, se lle retira o permiso por non recibir a retribución acordada[158].

En canto ás cantidades que percibían os rapaces polo seu traballo e que ingresaban na caixa da Casa de Beneficencia, sen que se especifique un destino determinado dese diñeiro, podería tratarse dunha práctica que estaba fora da normativa legal que rexía para estes establecementos.

O artigo 27 do Regulamento Xeral de 1852 establecía que tódolos internos que, traballando fora dos establecementos benéficos, gañasen con ese traballo máis do que fose necesario inverter na súa manutención, "se le reservará el excedente en un fondo de ahorros". O artigo 28, pola súa parte, determinaba que cando un interno abandonara o establecemento, debería facérselle "entrega de sus ahorros, si los tuviere" [159].

Outra pequena fonte de ingresos da Casa de Beneficencia na que aportaban o seu traballo os internos era a asistencia ós enterros. Existía o costume na cidade de que nas conducións dos cadáveres, primeiro á igrexa e despois ó cemiterio, participase un grupo de acollidos da Casa de Beneficencia portando cirios. As tarifas que ata 1880 tiña a Casa por este servizo era de 25 céntimos de peseta por cada interno que participase no acto fúnebre, pasando a partir desta data a ser de 50 céntimos, "relevando de este aumento á la Sociedad de funerales y Hermandad del Carmen, por tener en sus tarifas consignado aquella cantidad"[160]. O grupo de internos era acompañado e tutelado polo mestre de xastrería ou o de zapatería, tal como se recollía nos contratos que estes establecían coa Casa[161].

No que ten que ver co vestiario dos internos, o feito de non conservarse o regulamento de réxime interno no que se especificarían as prendas que se subministraban a cada acollido e as súas características dificulta en gran medida o seu coñecemento.

Sábese que a confección do vestiario e do calzado corría a cargo dos talleres de xastrería e zapatería da propia Casa, adquiríndose os xéneros en ocasións en poxa pública entre os comerciantes da cidade que decidían participar. Así se fai, por exemplo, en 1881, coa finalidade de adquirir os xéneros para confeccionar, entre outras prendas, traxes de "paño pardemonte" e camisas de lenzo para os homes e nenos[162].

Nunha acta da Xunta Municipal de Beneficencia de 1877, danse máis datos sobre como eran os traxes de saír dos homes e nenos varóns, xa que "por estar casi inservibles los que tienen hoy en dia", apróbase adquirir en pública poxa as telas e demais materiais para confeccionalos. Ademais dos traxes de pano corrente adquírense "13

[158] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas das reunións celebradas os días 24 de xullo e 3 de novembro de 1883.

[159] Regulamento xeral para a execución da lei de Beneficencia do 20 de xuño de 1849, decreto do 14 de maio de 1852. *Gaceta de Madrid*, nº 6537, do 16 de maio de 1852, pp. 2-4. Apéndice documental nº 2.

[160] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 24 de novembro de 1880.

[161] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 1 de abril de 1883.

[162] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 19 de decembro de 1880.

varas de paño color plomo para gorras" e "40 biseras para dichas gorras"[163]. Este dato das gorras con viseira non coincide coas boinas que describe Castro Freire, o que pode indicar que a vestimenta de saír sufrira variacións no transcurso do tempo[164]. En calquera caso, tratábase dun uniforme que diferenciaba ós acollidos do resto da poboación e que evidenciaba a súa condición de asilado da beneficencia pública.

No que ó vestiario das mulleres e as nenas se refire, a prenda máis característica consistía nun pano de cabeza de cor azul para saír, Así, en 1878 adquírense "60 pañuelos grandes azules oscuros de algodón portugueses" e "25 id. más pequeños como los anteriores"[165]. Tamén para saír, había uns vestidos de estameña[166]. Para dentro da Casa e as épocas de menos frío fálase de "chambras de verano" de algodón "de precio el más barato"[167].

As referencias ó mal estado das roupas dos internos son numerosas nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia, onde se trataba para aprobar a súa renovación[168].

Sobre o vestiario dos nenos e adolescentes aporta Castro Freire algunha información ó describir os traxes a que se fixo referencia antes: "prendas y capote con capucha de fuerte paño de ortigosa, boina y zapatones". Este era o traxe que utilizaban cando por distintos motivos saían da casa, que contrastaba coa pobreza da indumentaria doméstica, da que afirma o seguinte: "Dentro del Asilo andan descalzos y con blusas largas, sucias y remendadas"[169].

En canto á alimentación, a ausencia de regulamentos de réxime interno, nos que se especifique a composición das comidas e cantidades de alimentos que correspondían ós acollidos, empregados e demais, volve ser un inconveniente importante. Esta circunstancia limita notablemente a información e obriga a limitarse á información contida na documentación das poxas de alimentos, e a partir dela facer as deducións posibles.

No ano 1879 contrátase a subministración dos seguintes alimentos: Carne de vaca, pan de trigo do país, pan de centeo do país, patacas, fabas brancas, garavanzos, arroz, manteiga de vaca e unto. Estes produtos, en épocas anteriores, nas que as comunicacións co exterior de Galicia eran case inexistentes, tiñan unha orixe autóctona, adquiríndoos os subministradores nas feiras e mercados próximos, pero posteriormente, coa chegada do tren que comunicaba Lugo co porto da Coruña e coa meseta, prodúcese un cambio e facilítase o acceso de alimentos non autóctonos. Así, os subministradores advirten que:

---

[163] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 16 de outubro de 1877.

[164] CASTRO FREIRE, Salvador. *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica*. Lugo: Editorial Celta, 1951. p. 122.

[165] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 20 de decembro de 1878.

[166] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 7 de agosto de 1881.

[167] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 29 de maio de 1879.

[168] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 16 de outubro de 1877.

[169] CASTRO FREIRE, Salvador. *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica*. Lugo: Editorial Celta, 1951. p. 122.

> Si el arroz se admite el de la India, que es el que generalmente se gasta en esta Capital, lo facilitaremos a siete pesetas arroba castellana. Si se admite el unto procedente de los Estados unidos ó del Extranjero, lo facilitaremos tambien á una peseta y seis céntimos.[170]

En canto ós garavanzos, procedían de Castela, por vir xa en medidas desa zona, arrobas castelás.

O pan, alimento que tiña unha gran importancia por ser o alimento máis consumido, ata 1880 contratábase a súa elaboración ós panadeiros da cidade, cocéndose a partir desta data na propia Casa, despois de construír un forno con este fin[171], adquirindo a partir desta data, fariñas e grao tanto de trigo como de centeo. Hai que sinalar que no caso do trigo, a diferenza do que se adquiría para o Hospital Municipal, que era de Castela, era do país, de menor consideración e prezo na época[172].

Estes produtos, que eran os que constituían a dieta básica, complementábanse con pequenas adquisicións de condimentos e demais, que se facían directamente nos mercados. É de sinalar a ausencia de ovos e leite, que posiblemente non formaban parte da dieta pola súa consideración ostentosa no caso dos ovos e falta de tradición no seu consumo no medio urbano nesa época no do leite. A aparición do consumo do leite nas cidades non se produciu ata ben entrado o século XX, e para algúns autores tampouco no medio rural se produciu antes desas datas[173].

Tamén é importante indicar que, no que se refire a verduras e outros produtos de horta, estes consumíanse dos cultivados na propia Casa e na cortiña lindante arrendada, á que xa se fixo referencia, e na que está documentado o cultivo de nabos[174].

En canto á carne de cocho procedente dos que se cebaban na propia Casa, hai que sinalar que a súa incidencia na dieta dos acollidos era moi pequena, xa que o seu número, catro, dos que a metade se destinaban á venda, era moi reducido en relación ó de acollidos. Por este motivo é facilmente deducible que, máis que mellorar a alimentación dos internos, a actividade tivese como finalidade rendibilizar economicamente o seu traballo[175].

É importante sinalar que produtos como o aceite de oliva, tiñan unha consideración suntuaria, non estando, polo tanto, contemplado o seu consumo. Así en 1877, con

---

[170] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas das reunións celebradas os días 28 de xullo de 1879 e 2 de xullo de 1880.

[171] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada os día 31 de agosto de 1880.

[172] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 28 de xuño de 1882.

[173] HERNANDEZ ADELL, Ismael. *La difusión de un nuevo alimento: producción y consumo de leche en España, 1865-1936*. Tese doutoral. Data da súa defensa: 27 de abril de 2012. Resumo. Referencia:https://www.educacion.es/teseo/mostrarRef.do?ref=972117

[174] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 8 de decembro de 1878. Fálase de "90 surcos de nabos procedentes de la cortiña contigua á la casa que lleva en arriendo".

[175] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas das reunións celebradas os días 15 de marzo de 1881, 23 de marzo de 1882, 23 de marzo de 1883 e 6 de febreiro de 1885.

motivo dunha doazón de 39 botellas procedentes da exposición rexional que se celebrara en Lugo, decídese subhastalas e ingresar o importe na caixa da Casa[176].

Tamén está documentada a elaboración de chocolate, aínda que non se especifica de maneira clara se ten como destino o consumo na propia Casa ou a súa comercialización cara o exterior. A posibilidade de que tivera como destino a venta no exterior non é descartable tendo en conta que en 1880 se aproba "que se facilite al Hospital chocolate del que se elabora en la casa de Beneficencia"[177].

Comparativamente co Hospital Municipal, no que se aprecia unha importante mellora no transcurso dos anos en canto a variedade e calidade dos alimentos adquiridos, no caso da Casa de Beneficencia non se aprecia unha evolución similar, senón que se produce un estancamento bastante evidente[178]. A causa de que se produza esta diferenza entre un e outro establecemento puidera ter que ver co carácter terapéutico que para a medicina tiña naquel momento a alimentación.

En canto á alimentación das monxas, unha vez que se instalan para administrar o establecemento en 1879, estaba desvinculada totalmente da dos internos. Tiña lugar nas súas dependencias separadas do resto do establecemento e contaban con prerrogativas que as eximían de todo tipo de control e limitación, recollidas no contrato que no seu momento estableceran coa Xunta Municipal de Beneficencia[179].

O lugar onde tiñan lugar as distintas comidas do día dos acollidos era o refectorio do antigo convento, salvado dos derrubamentos levados a cabo para a construción do edificio do actual museo e hoxe conservado dentro do recinto do mesmo[180]. Tanto as súas dimensións como o número de mesas nel existentes, insuficientes para acoller a tódolos acollidos xuntos, implicaba a organización por quendas, posiblemente agrupados por idades e sexo, tal como estaban xa organizados nos dormitorios e vida diaria. Así, sentados ás mesas cubertas de chapa de cinc a que se fixo referencia no apartado do espazo físico, precedidas dos rezos correspondentes, terían lugar as tres comidas do día.

No que ó ocio e tempo libre se refire, este transcorría e tiña lugar dentro dos límites do antigo convento.As saídas ó exterior eran limitadas e tiñan normalmente como obxectivo a realización dos traballos ós que xa se fixo referencia. O tempo libre dos nenos e adolescentes, que dedicaban a xogos, tiña lugar nos dous claustros do convento, o conservado actualmente e o xa desaparecido, ó que se denominaba "patio del lado Norte" [181].

---

[176] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 18 de xaneiro de 1878.

[177] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 21 de xaneiro de 1880.

[178] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Contratos de alimentos para a Casa de Bª e Hospital. Sig.0558. Convocatoria da poxa pública para a contratación da subministracións de alimentos para o ano 1906.

[179] Artigo nº 18 do contrato para a administración da Casa Municipal de Beneficencia subscrito coa orde das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl. AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 8 de decembro de 1878. Apéndice documental nº 4.

[180] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 17 de decembro de 1880.

[181] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 15 de decembro de 1879.

Sábese tamén que algún verán, un grupo de internos era levado a pasar uns días tomando baños de mar con finalidade terapéutica. En épocas anteriores o lugar a onde eran levados era a illa da Toxa, pero con posterioridade, e debido á mellora que significaba poder viaxar no ferrocarril, levábaselles á Coruña, onde residían e vivían no asilo daquela cidade, abonando o importe correspondente[182].

En canto ás celebracións anuais, unicamente o Nadal contaba con dúas comidas extraordinarias: a cea de Noiteboa e o xantar do día de Nadal. As referencias existentes a estas celebracións dan información de que, de maneira excepcional, nas comidas deses dous días se servía viño para acompañalas[183].

En 1883, tamén se celebra cunha comida especial pagada con cincuenta pesetas polo bispo da cidade, o 25º aniversario do seu nomeamento[184], pero non hai constancia de outras celebracións como podían ser o Antroido ou as festas da cidade. O criterio das monxas fomentando unicamente as festas relixiosas, debía ter moito que ver nesta circunstancia.

A vida dentro dos muros da Casa transcorría de costas ó mundo exterior e as saídas a el reducíanse ó mínimo posible. Nin sequera os internos varóns acudían ás barberías para cortar o pelo, senón que, se ben durante un tempo era un barbeiro da cidade o que periodicamente ia á Casa, se decide que sexa outro interno o que faga ese labor en vista de que "aquel no desempeña su cargo personalmente y manda en su nombre á dos niños de corta edad" [185].

A vida diaria estaba sometida ó rigor das normas en canto a horarios, actividades, rezos e traballos. Esta circunstancia facía que resultase pouco atractiva para os internos, que aceptaban a estancia con resignación no caso dos anciáns e impedidos, como única saída á súa situación, pero que era mal aceptada por parte dos adolescentes que reaccionaban solicitando a marcha do establecemento ou dando saída á súa frustración a través de conflitos e fugas.

6. A ESCOLA DE PÁRVULOS

Na reunión da Xunta Municipal de Beneficencia celebrada o 21 de xuño de 1880, o alcalde, despois de manifestar que tanto el como algún outro membro abrigaban desde facía tempo a idea de establecer na Casa de Beneficencia unha escola de párvulos, presenta ós restantes membros o plano, presuposto e condicións de dito proxecto, cuxo costo ascendía a 1.017, 83 pesetas. A Xunta aproba o proxecto e establece que se proce-

[182] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas das reunións celebradas os días 8 de decembro de 1878 e 7 de agosto de 1881.

[183] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Actas das reunións celebradas os días 15 de deembro de 1879, 17 de decembro de 1880 e 4 de decembro de 1881.

[184] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 4 de mar3o de 1880.

[185] AHPL, Concello de Lugo, Varios de Beneficencia, Solicitudes de ingreso e saída, Relacións de acollidos (1854-1884). Sig. 0842-00. Leg.713. Nota da superiora da Casa de Beneficencia á Xunta de Beneficencia sen data.

da a anunciar a poxa das obras por medio de bando[186].Tamén se determina a parte do edificio na que se instalará, "en uno de los departamentos bajos"[187].

O proxecto, novidoso por canto é o primeiro na cidade e na provincia para este tramo de idade de tres a seis anos, cabe encadralo dentro das iniciativas da corrente liberal propia do século XIX, pero cos matices conservadores propios do período restaurador[188], que se manifestan, por exemplo, no feito de poñela en mans das monxas da orde das "Hijas de la Caridad de San Vicente de Paúl", que xa rexentaban a Casa Municipal de Beneficencia.

A orientación inicial do proxecto era de carácter benéfico e tiña como obxectivo ofrecer unha educación pública e gratuíta ós nenos e nenas pobres da cidade, especialmente a aqueles da clase obreira que polas ocupacións dos seus pais non podían atendelos. Esta orientación recóllese de maneira moi explícita no artigo 6º do regulamento no que se establece de maneira clara:

> Esta Escuela se destina especialmente á la clase artesana que por sus ocupaciones y falta de recursos no pueden atender y educar convenientemente á sus hijos.[189]

No artigo 16 do mesmo regulamento, ademais do número máximo de alumnos, reiterábase o carácter benéfico da escola ó afirmar que se daría preferencia no momento das admisións ós nenos "de las clases más pobres y desvalidas".

Esta finalidade de auxiliar ós pais e nais na tutela e coidados dos fillos materializábase no amplo horario de funcionamento da escola, que ia desde as 7 da mañá no verán e 8 no inverno, ata o anoitecer, podendo os nenos e nenas que o quixesen, traer a comida das súas casas para poder permanecer nela todo o día.

O acto de inauguración, que ten lugar o 1 de decembro de 1880, reviste un marcado carácter relixioso, asistindo unha importante representación do bispado, Cabido da Catedral e Seminario Conciliar. Celébrase ademais unha misa solemne cantada na igrexa de San Francisco,(xa recuperada para as funcións de culto despois de servir durante anos de almacén municipal)[190].

Se ben a dotación material da escola era boa, facéndose as obras necesarias para habilitar o local correspondente na Casa de Beneficencia, a dotación de persoal non o era tanto. A contratación soamente dunha monxa para atender a un cento de nenos e nenas carrexou problemas que se foron agudizando co paso do tempo, ante a imposibilidade de esta de levar adiante a inxente tarefa que se lle encomendara. Así, en 1883, e diante da situación insostible, a superiora da Casa de Beneficencia envía un escrito á Xunta no que expón a situación:

---

[186] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 21 de xuño de 1880.

[187] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 19 de decembro de 1880.

[188] COSTA RICO, Antón. *Historia da educación e da cultura en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004, p.666.

[189] *Reglamento de la Escuela de Párvulos establecida en la Casa de Beneficencia Municipal de esta ciudad*. Lugo: Imprenta á cargo de Juan M. Bravos, 1880.

AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 6 de decembro de 1880.

[190] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 19 de decembro de 1880.

> Vista una comunicacion de la Sra Superiora de la Casa de Beneficencia manifestando que se hallan matriculados en la actualidad en la escuela de párvulos 130. asistiendo ordinariamente unos 80., no habiendo para atender á su instrucción más que una Hermana encargada, y que siendo las esplicaíones de viva voz, se le hacía muy molesto viéndose espuesta a inutilizarse: que la que regenta en la actualidad dicha escuela tuvo que suspender el servicio por algun tiempo por consejo facultativo, á fin de que no llegue el caso de que haya que cerrar la escuela, era de necesidad pedir otra Hermana para auxiliar a la actual.[191]

A Xunta, como viña facendo con todas as reclamacións e peticións da superiora, accede ó solicitado e habilita o presuposto necesario para levala a cabo.

O día 14 dese mesmo mes de abril, chega a Lugo a nova monxa para reforzar os labores educativos na escola[192], abonándose entre outros os gastos da viaxe da mesma[193], co que as deficiencias orixinadas pola incapacidade da única monxa encargada de atender ata ese momento a un número tan elevado de nenos parecen quedar solucionados, quedando a partir dese momento os nenos repartidos en dúas clases atendidas cada unha delas pola monxa correspondente.

O feito de que os nenos que asistían á escola de párvulos procedesen dos niveis sociais máis desfavorecidos da cidade orixinaba que estes viñesen pobremente vestidos e, en moitos casos, incluso descalzos. Para evitar a mala impresión que isto producía nos actos públicos nos que os nenos puideran estar presentes, as monxas, moi coidadosas da imaxe exterior que os establecementos por eles rexentados puidese dar na cidade, solicitan da Xunta permiso para que no taller de zapatería da Casa de Beneficencia, os internos elaboren zapatos "para usar tan solo en los actos públicos, los cuales estarán depositados en el establecimiento"[194].

O feito de que a escola fose a única que existía para nenos de estas idades e a boa imaxe que de ela procuraban transmitir as monxas, fai que as clases acomodadas desexen matricular nela tamén os seus fillos.

En 1883, diante da solicitude do inspector de primeira ensinanza da provincia para que dous fillos seus de 5 e 3 anos de idade fosen escolarizados na escola de párvulos, o alcalde accede á petición e posteriormente leva á reunión da Xunta a proposta de que, do número máximo de cen prazas da escola, se reserve a cuarta parte, 25, para nenos que non tiveran a consideración de pobres e que pasarían a chamarse de pago, abonando a cantidade 1,50 pesetas cada mes.

A nova medida atopábase con dúas dificultades para levala a cabo. A primeira de tipo legal, xa que o regulamento aprobado e publicado en 1880 establecía como obxectivo fundamental e único o de auxiliar ós fillos das clases desfavorecidas e traballadoras, que polas súas ocupacións non podían atender e educar de maneira suficiente ós

---

[191] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 1 de abril de 1883.

[192] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 14 de abril de 1883.

[193] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 12 de maio de 1883.

[194] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 7 de agosto de 1881.

seus fillos. A incompatibilidade legal desta nova medida soluciónase coa reforma do citado regulamento de 1880 que establecía o anteriormente exposto[195].

A outra dificultade tiña que ver coa capacidade. Xa nese momento había 130 nenos e nenas matriculados, superándose o número máximo inicialmente previsto. Isto indicaba a insuficiencia que xa existía para atender tan só ós nenos e nenas das familias menos favorecidas, polo que resultaba totalmente inviable atender tamén ós chamados de pago sen incrementar a capacidade da escola en canto a espazo e dotación de persoal. A solución que se adopta é, ben ó contrario, a de reducir aínda máis as prazas para nenos pobres en favor das que ían ser destinadas ós novos usuarios. Desta maneira, diante do elevado número de nenos xa existente, e para facer sitio para os de pago que se pensaba introducir, tómanse algunhas medidas:

> Enterada la Junta de que en la escuela de párvulos hai matriculados más de cien niños, y de que para llevar a cabo á la mayor brevedad el acuerdo anterior es preciso dar de baja los que escedan de la edad reglamentaria, acordó que segun costumbre se verifiquen exámenes y se den como premios á los niños que lo merezcan pañuelos, libritos y estampas, señalando para dicho acto el Sábado 14. del actual.[196]

A utilización dun establecemento benéfico, concibido para auxiliar ós máis necesitados, por parte das clases acomodadas sen ningún tipo de reparos queda unha vez máis de manifesto. Máis aínda se se ten en conta a contía case simbólica da contraprestación económica polo uso.

[195] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 24 de xullo de 1883.

[196] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 6 de Xullo de 1883.

3

O HOSPITAL MUNICIPAL

1. AS ORIXES DO ESTABLECEMENTO

Xa se viu no apartado correspondente como en 1859 e debido o mal estado no que se atopaba o edificio do antigo Hospital de San Bartolomé, situado nas inmediacións da parte interior da Porta Falsa, se decide o seu traslado a un lateral do antigo Convento de Santo Domingo que, igual que sucedera co de San Francisco, pasara a ser de desfrute municipal despois da desamortización dos bens eclesiásticos.

A suposta mellora que se supón que o cambio debería reportar non era moi grande, especialmente se facemos caso do que escribe Castro Freire sobre o mesmo:

> Los enfermos del viejo Hospital de San Bartolomé van a ser trasladados por fin al Convento de Santo Domingo. Salen de una cochiquera y entran en otra.[1]

Noutro momento e referido á mesma cuestión di:

> Del Hospital, instalado en la planta principal del viejo convento de Santo Domingo, allá en la parte posterior de su Iglesia con la entrada por un callejón, depósito de barreduras, de ese Hospital, preferimos no hablar y damos vuelta a la hoja.[2]

Nesas datas estaba xa en construción, na rúa de San Marcos, o edificio para un novo hospital de carácter provincial, moderno, amplo e con toda clase de comodidades. Pero finalizado este en 1874, decídese instalar nel a sede da Deputación Provincial, e que o Hospital Municipal continúe nas pésimas instalacións ás que fora trasladado no seu momento de forma provisional en tanto se facían as xestións para conseguir a financiamento e o proxecto dun edificio novo. A medida, incomprensible desde calquera punto de vista, dá unha idea bastante precisa da actitude que as institucións en xeral e a Deputación en particular tiñan cara os establecementos benéficos.

A única interpretación que deste feito, en si mesmo totalmente sorprendente, pode facerse é o menosprezo que, aínda que revestido de caridade e filantropía, sentían as clases dirixentes polo mundo da pobreza. O feito de que nesta época as clases acomodadas recibían a atención médica nas súas casas en caso de enfermidade grave, non acudindo ós hospitais máis que aqueles enfermos pobres que non podían costearse esta atención nos seus domicilios, explica a decisión tomada finalmente con relación ó que ia ser o novo edificio do hospital que Lugo precisaba. Na mentalidade imperante naquel momento, o edificio era demasiado confortable para dedicalo ós desvalidos, que pola súa condición debían conformarse con algo máis acorde co concepto de caridade, nun

---

[1] CASTRO FREIRE, Salvador. *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica*. Lugo: Imprenta Celta, 1951, p.97.

[2] CASTRO FREIRE, Salvador. *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica*. Lugo: Imprenta Celta, 1951, p.123.

momento no que aínda quedaban lonxe as formulacións que se orientaban cara o concepto da xustiza social.

A coartada para levar a cabo o cambio de destino do edificio da rúa de San Marcos foi a intención de construír outro o antes posible para o fin inicial de albergar o hospital. Este, como era previsible, nunca se chegou a facer.

O mal estado do edificio do convento de Santo Domingo, no que se atopaba instalado o Hospital, orixinou que en 1880 se falase da posibilidade de trasladalo ó "nuevo edificio adherido á la iglesia de S. Juan de Dios":

> (...) visto el estado deplorable en que se encuentra el local donde hoy se albergan los desgraciados que buscan algun lenitivo á sus dolencias, que por cierto en la mayoria de los casos son víctimas de la insalubridad del sitio donde se hallan;[3].

En 1882, con motivo da chegada das monxas da orde das "Hijas de la Caridad de san Vicente de Paúl", máis coñecidas como "Hermanas de la Caridad", para facerse cargo da administración do Hospital, o alcalde leva ó pleno da corporación municipal a necesidade da construción do novo edificio, que continuaba sen construírse. A demanda, sobre a que realmente non había moito interese, moi posiblemente se facía para dar resposta ás condicións que en realidade poñían as monxas para facerse cargo do decrépito establecemento:

> Dado cuenta de una comunicacion dirigida á la Corporacion por el Sr. Presidente de la Junta municipal de Beneficencia de esta Capital, participando haberse instalado en el Hospital las Hermanas de la Caridad, y haciendo ver la necesidad de un edificio para establecer en él dicho Hospital, por carecer de condiciones higiénicas el en donde hoy se albergan los enfermos; el Aymo. queda enterado y acordó dar un voto de gracias á la junta, por la beneficiosa instalación llevada a cabo[4].

A corporación non destina ningún fondo para este fin nin fai xestión algunha para o proxecto, limitándose a autorizar á Xunta Municipal de Beneficencia para que faga as oportunas xestións para levalo a cabo. Esta decide solicitar o apoio dun grupo de veciños influentes da cidade para tratar de recadar fondos nela, e dos deputados da provincia nas Cortes para que o fagan da administración central[5].

En sesión da Xunta Municipal de Beneficencia celebrada uns días máis tarde, o 24 de maio, xa coa asistencia de algúns veciños influentes que deberían auxiliar á xunta nas xestións para levar a cabo o proxecto, o alcalde fai un resumo da situación manifestando:

> (...) que al encargar á las Hermanas de la Caridad el cuidado de los enfermos que acuden al Hospital de esta Ciudad para cuidar sus dolencias, surgió de nuevo la idea de la construcción de un edificio que reuniera las condiciones necesarias para tal objeto, porque el local habilitado actualmente no tiene las condiciones y menos las de higiene indispensables en los establecimientos de esta clase; idea cuya necesidad está reconocida antes de ahora por las corporaciones municipal y provincial y cuya realización no pudiera llevarse á cabo, apesar del celo desplegado por una y otra, por razones que no son del momento.[6]

---

[3] *Diario de Lugo*, nº 1143, 28 de xullo 1880, p.2.

[4] AHPL. Concello de Lugo, Actas capitulares. Sig. 0127-00. Libro de actas de 1880, 1881 e 1882. Sesión extraordinaria do 27 da marzo de 1882.

[5] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 10 de maio de 1882.

[6] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 24 de maio de 1882.

Avalíanse a continuación os recursos da propia Xunta Municipal que poderían ser destinados para tal fin e os que se recadaron entre os veciños benfeitores:

> (...) cuarenta mil reales ofrecidos por dos personas caritativas, tres mil donados por el Sr. Medina Vítores, cuatrocientos por otro filantrópico hijo de este país residente en Ferrol, doscientos setenta y siete mil quinientos setenta y dos reales ochenta céntimos nominales que posee el establecimiento en títulos del 5 p. % intransferible entregados por el Gobierno en compensacion de los vienes vendidos, cuya conversion y autorizacion para la venta podía solicitarse, los que darían un producto próximamente de setenta mil reales, y finalmente, con la decidida cooperacion del Ayuntamiento de esta Capital, cooperación que no dará todos los resultados que son de esperar porque dada la precaria situación económica de nuestro municipio, no le será posible facilitar todos los recursos apetecibles, razon por la que la Junta había creido conveniente asociarse de los tres invitados y de otros que por motivos especiales no pudieron asistir á esta reunion, para que, con el carácter de Valores auxiliares de la misma, le presten su valiosa ayuda en tan benéfico asunto.[7]

O desinterese de parte dos veciños ós que se pretende implicar xa desde o principio no proxecto e a falta total de apoio económico por parte do concello son evidentes. Con todo, e a pesar do mal comezo, decídese buscar un posible emprazamento, facer os planos e "redactar los documentos que hayan de dirigirse a los Aymos[8], Diputacion, representantes de la provincia en las Cortes, particulares &.ª con el fin de reunir los fondos necesarios para la construccion del edificio de que se trata"[9].

Na reunión seguinte, celebrada o 9 de xullo, apórtanse os planos elaborados polo arquitecto municipal Nemesio Cobreros, e faise unha valoración do estado das xestións acordadas na sesión anterior, que non aporta resultado concreto algún. Nalgún caso porque nin sequera se levaran a cabo como se acordara. Así, no caso das realizadas diante da Deputación, e para podelas apoiar documentalmente, pedíranse os seguintes documentos:

— "Real órden de 30 de Octubre de 1860 por virtud de la cual la provincia percibió del Gobierno la cantidad de 360.000 reales para la construccion de un hospital provincial".

— "El destino que en 1863 se acordó dar al edificio en que se habia invertido aquella cantidad".

— "El acuerdo de la Corporación provincial de 9 de Noviembre de 1869 por el que se dispuso emplear 160.000 pesetas en la construccion de un hospital, invitando a este Aymo. para que contribuyese á la obra con el producto de la venta del papel que le hubiere entregado el Gobierno en compensacion de los bienes vendidos al de Lugo".

— Xustificación documental do acordo da Deputación do 3 de maio de 1880 concedendo ó concello unha subvención de 750 pesetas anuais.

Faise constar que se considera "hasta cierto punto obligatorio para la Diputacion prestar auxilio á esta Junta, toda vez que el hospital de esta ciudad está haciendo las veces del provincial, que con arreglo a las prescripciones legales debiera existir".

---

[7] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 24 de maio de 1882.

[8] Fai referencia ó termo municipal de Lugo e ós limítrofes con este, xa que os enfermos atendidos no hospital non pertencían exclusivamente ó de Lugo.

[9] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. "Actas de acuerdos sobre construccion de un nuevo Hospital municipal". Sesión do24 de maio de 1882.

Establécese finalmente a data do día 18 do mesmo mes de maio para a celebración da seguinte reunión na que se debería continuar avaliando os resultados das xestións realizadas e acordando outras novas para levar adiante o proxecto. Non hai constancia de que se chegara a levar a cabo, nin de que a Deputación, finalmente fixera achega económica algunha ó proxecto.

A seguinte referencia ás xestións para recadar fondos para o proxecto do novo edificio para o hospital é do mes de xullo dese ano[10]. Acórdase neste momento solicitar autorización do Goberno para converter de intransferibles a transferibles as trinta e unha láminas, equivalentes a bens alleados, cun valor nominal de 283.615,46 reais, pertencentes ó Hospital Municipal, con obxecto de negocialos e destinar o importe para axuda dos gastos que ocasione dita obra.

As referencias, como sucede con tódolos proxectos que se van diluíndo no tempo, especialmente se non hai intereses implicados en levalos a cabo, vanse espazando e adquirindo carácter residual. En 1884, a Xunta Municipal de Beneficencia recibe unha carta do herdeiro fideicomisario do falecido bispo que fora da diocese de Lugo, José de los Rios La Madrid, no que comunica que en virtude do testamento deste, ten a disposición da Xunta, ademais de outros bens, "5.000 pesetas con destino á la construcción del proyectado Hospital, las que deberá entregar por terceras partes al principio, medio y final de la obra, siempre que esta se inicie antes de dos años, ó que una vez iniciada no se interrumpa por tiempo ilimitado"[11]. A falta de confianza do bispo, que xa vira o acontecido no caso do seu predecesor, o bispo Peláez, en 1792 co proxecto inacabado da construción do asilo das Pedreiras, na Tolda de Castela, fai que tome ese tipo de precaucións no momento de redactar o seu testamento. As garantías demostraranse totalmente xustificadas co paso do tempo, xa que o proxecto de novo hospital non se leva a cabo, perdendo a Xunta de B.ª a posibilidade de cobrar o importe da herdanza.

Nese mesmo ano de 1884[12], diante da falta de espazo que se viña padecendo, e mentres "el Municipio o la Provincia no resuelva la construccion de un Hospital que lleve cumplidamente lo que requiere la Beneficencia hospitalaria", solicita do concello lle ceda no mesmo convento de Santo Domingo no que está, "los dos lienzos útiles del claustro alto, si no tambien el claustro bajo y su entrada". Resolto desta maneira o problema máis acuciante do espazo, non se fan máis referencias o proxectado novo hospital, quedando indefinidamente instalado alí e definitivamente esquecido o proxecto.

2. O ESPAZO FÍSICO. O CONVENTO DE SANTO DOMINGO

Como xa se dixo no seu momento, os conventos da cidade pasaran co proceso da Desamortización a ser propiedade estatal. O uso destes edificios foi cedido posteriormente ás administracións central, provincial e local, segundo os casos.

No antigo convento de Santo Domingo, no que estaban xa instalados a escola normal de mestres e a escola pública de nenos, cedeuse en 1859 a ala dereita, na parte

[10] AHPL. Concello de Lugo, Actas capitulares. Libro de actas de 1880, 1881 e 1882. Sig. 0127-00. Sesión do 14 de xullo de 1882.

[11] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 18 de abril de 1884.

[12] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 30 de Setembro de 1884.

traseira da igrexa ou capela, a onde se trasladou o hospital desde o seu antigo emprazamento cerca da parte interior da Porta Falsa, como xa se dixo. Para facilitar o seu funcionamento separado do resto, contaba con unha entrada independente da principal do edificio, desde o calello cego adxacente coñecido aínda hoxe e por ese motivo como "Callejón del Hospital". A ala dereita do edificio era en realidade unha ampliación do convento levada a cabo en 1710, tal como se fai constar nunha placa que aínda se conserva nese mesmo lateral do edificio.

Esta parte do antigo convento, da que se ocupan as dúas plantas, principal ou baixa e alta ou primeira, estaba dividida en diferentes estancias que se destinaban ás diferentes dependencias con que contaba o hospital.

O feito de non conservarse planos detallados da distribución e localización das distintas dependencias fai preciso recorrer a outro tipo de documentación que aporte información suplementaria coa que poder levar a cabo a reconstrución de dito espazo.

Os inventarios de efectos, que si se conservan, ó facer a enumeración destes por dependencias, aporta importante información coa que se pode facer unha reconstrución bastante precisa da distribución e as dependencias coas que contaba o establecemento.

En abril de 1882 elabórase un inventario para recoller as pertenzas e utensilios existentes antes da entrega do establecemento ás monxas nese mesmo mes, e outro levado a cabo posteriormente, a finais do seguinte ano económico, aprobado con data de maio de 1883[13].

A distribución orixinal do edificio, no momento da instalación do Hospital no convento de Santo Domingo en 1859, contaba con un roupeiro e tres salas dormitorio na planta alta, mentres que na planta baixa estarían instalados o botiquín, administración, contraloría, despensa, cociña e depósito de cadáveres. Tamén é moi posible que estivese nesta planta o oratorio no que se celebraban os oficios relixiosos. Este oratorio, coa chegada das monxas, no 1882, trasladaríase á planta alta, para estar máis próximo ás súas dependencias[14].

As salas dormitorio, que con frecuencia se fai referencia como enfermerías, estaban identificadas con nomes de santos, conservando as denominacións que esas mesmas habitacións tiñan no antigo emprazamento da Porta Falsa. Había unha de mulleres, á que se denominaba de Santa Filomena, e dúas de homes, a de San Bartolomé e a de San Juan. A de mulleres contaba con 16 camas, e as de homes 17 a de San Bartolomé e 15 a de San Juan. A suma do número de camas, 48, sería a capacidade total aproximada con que contaba o Hospital.

Na sala dormitorio de Santa Filomena, foi onde posiblemente se instalou provisionalmente durante un tempo ás mulleres parturientes da Casa de Maternidade e Expósitos en 1879. Nese ano lévase a cabo a entrega da administración da Casa de Beneficencia Municipal ás monxas da Orde das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl, e, para poder facerlles sitio a elas, ten que abandonar o edificio do exconvento de San Francisco a Casa de Maternidade e Expósitos e instalarse provisionalmente, primeiro no nº 10 da Ruanova, e despois no nº 19 da mesma rúa. Durante o tempo que estivo no

[13] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, inventarios aprobados con data do 3 de xuño de 1882 e 12 de maio de 1883. Sig. 0855-00.

[14] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 14 de xullo de 1882. Na sesión deste día aprobase unha partida orzamentaria especial para levar a cabo o traslado e as oportunas reformas.

primeiro dos dous emprazamentos, e por falta de espazo, as parturientes foron atendidas, por acordo entre o Concello e a Deputación, no Hospital Municipal[15].

Das dúas salas destinadas ós homes, unha delas tiña como finalidade acoller ós enfermos militares, soldados que padecían algún tipo de enfermidade ou sufriran algún accidente. A atención a este tipo de enfermos era aboada polos organismos correspondentes e, como se viu no apartado de ingresos da Xunta Municipal de Beneficencia, representaba unha partida orzamentaria fixa no capítulo dos ingresos do establecemento.

A sala de enfermos civís orixinariamente, no antigo Hospital de San Bartolomé, recibía o nome de sala de San Vicente[16]. Ó cambiar de denominación e pasar a chamarse Hospital Municipal, e para recordar a antiga advocación, a sala de homes pasou a chamarse de San Bartolomé.

Os enfermos recibían a alimentación nas mesmas salas dormitorio, estiveran ou non en condicións de moverse, motivo polo que non existía unha dependencia dedicada a comedor. Alí, nos dormitorios, en mesas de madeira e con pratos, cuncas e tanques de louza, e cubertos de ferro, tiñan lugar as distintas comidas do día.

As camas, que orixinariamente eran de madeira, debido o mal estado que presentaban, renóvanse en 1882 por unhas novas de ferro[17]. Estaban dotadas, ademais das sabas e cabezais, con dous cobertores e unha colcha zamorana, contando ademais con un ouriñal e unha cuspideira de louza para o servizo de cada enfermo.

As salas estaban decoradas con tres cadros a de San Bartolomé, e dous a de Santa Filomena, moi posiblemente con motivos relixiosos.

O roupeiro, que era a dependencia destinada a gardar tanto as roupas de cama como as de vestir dos enfermos, acollía tamén outros útiles como ouriñais, cuspideiras, pratos, cuncas e, incluso, o instrumental para as amputacións e outras operacións cirúrxicas[18].

O botiquín contaba con dúas mesas. Unha, cuberta de cinc, para preparar os medicamentos, e outra, cuberta de ule, para labores de escritorio. No botiquín atopábase instalada tamén unha cama para servizo do practicante que lle correspondese facer a garda pola noite.

A dependencia referida como administración, era a que correspondía ó administrador capelán. Nela, ademais de varias mesas de escritorio, aparecen anotadas unha cama coa súa correspondente mesiña de noite, un armario e unha almofía. No seguinte inventario de maio de 1883[19], xa coa distribución decidida polas monxas, que pasan a rexentalo desde ese momento, esta dependencia pasa a ser referida como "Dependencia del Capellán", mantendo máis ou menos o mesmo mobiliario, incluída a cama. A razón deste cambio de denominación obedece a que, coa chegada das monxas, das que a supe-

[15] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 24 de febreiro de 1879.Sesión do 24 de febreiro de 1879

[16] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Varios de Beneficencia, Sig. 0502-00. Leg. 180. *Reglamento p.ª la administracion interior del Hospital de San Bartolomé*, con data de aprobación do 24 de marzo de 1854. Artigo nº 145.

[17] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 3 de xuño de 1882.

[18] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, inventario do 1 de abril de 1882. Sig. 0855-00.

[19] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, inventario do 30 de xuño de 1883. Sig. 0855-00.

riora desempeña o cargo de administradora, desaparece o posto de "administrador capellán" para quedar unicamente coa condición de capelán.

A contraloría era a dependencia que orixinariamente correspondía ó contralor ou interventor, figura que desaparece coa chegada das monxas, aínda que o espazo permanece, pasando a ser a única dependencia destinada a funcións administrativas. Acollía, entre outras cousas, a documentación do hospital ordenada nun estante e o selo oficial.

A cociña era unha dependencia á que se daba unha especial relevancia no hospital pola dobre condición que tiña a alimentación, que era considerada tamén como un elemento terapéutico máis, especialmente nunha época na que a desnutrición era causa de moitas enfermidades.

O enxoval de que estaba dotada a cociña non era excesivamente numeroso, reseñándose unicamente no inventario do 1 de abril de 1882 dous caldeiros de ferro, unha talla de madeira para a auga, unha balanza e unha romana pequena para pesar os alimentos. Na despensa había tamén unha cuba para o viño e unha aceiteira.

No segundo inventario dese mesmo ano, do mes de decembro, pero aprobado en maio de 1883, percíbese un importante incremento no número de utensilios, posiblemente mandados adquirir polas monxas despois da súa chegada: seis potas bañadas de porcelana de diferentes tamaños, unha chocolateira, catro cazos de folla de lata, dúas tallas pequenas e catro baldes de madeira.

Coa chegada das monxas, ademais, e como xa fixeran dous anos antes tamén na Casa Municipal de Beneficencia, instálase unha cociña de ferro das chamadas "económicas" sostida con carbón[20]. Ata ese momento, o combustible utilizado na cociña era a leña, sen que estea claro se o que existía previamente era unha lareira ou fogóns feitos de pedra ou ladrillo.

O depósito, que cumpría funcións de depósito de cadáveres e quirófano, contiña dous cadaleitos para as defuncións dos enfermos que se foran producindo, dúas padiolas e dúas mesas, unha para as autopsias e outra para operacións.

Na portería instálase coa chegada das monxas, ademais dunha campaniña para os avisos, unha campá máis grande para marcar as actividades do día e moi posiblemente as horas dos rezos e oficios relixiosos.

A chegada das monxas en 1882 para rexentar o establecemento implica que se habiliten varias estancias para o seu uso exclusivo. A súa instalación, como xa se fixera no caso da Casa de Beneficencia, faise en dependencias illadas do resto. Alí dormen, rezan e fan as comidas do día separadas e distanciadas dos enfermos e os traballadores. Poderíase dicir que se crea un pequeno convento dentro do hospital que lles confire un estatus especial con relación ó resto.

Este pequeno convento estaba composto dun dormitorio común, unha sala de recibir, comedor e oratorio.

O dormitorio común contaba con seis camas separadas entre si por cortinas de tela[21], coas súas respectivas mesiñas de noite cubertas de pedra de mármore, igual número de pías de louza para a auga bendita, ademais doutros mobles, como armarios,

[20] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 24 de outubro de 1881.

[21] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg.696. Acta da reunión celebrada o día 8 de decembro de 1878. Apéndice documental nº 4.

cómodas e cadeiras. É de sinalar que aparece anotado tamén nos inventarios un reloxo espertador, o único de todo o establecemento.

A sala de recibir contaba con doce cadeiras e un sofá de rexa e outras doce de palla, un velador e unha mesa.

O comedor estaba amoblado con unha mesa grande para as comidas, un banco corrido e un completo enxoval, diferente do resto do establecemento, como sopeiras, fontes, xerras, copas, vasos etc. Moi posiblemente nesta dependencia estivera instalada unha estufa ou pequena lareira que lles permitiría complementar os menús da cociña do hospital con outros alimentos cociñados por elas, xa que aparecen inventariados dúas tixelas, unha cafeteira, unha chocolateira e un fol para avivar o lume[22].

En 1883, e debido a que ata ese momento se vían obrigadas a utilizar o retrete común do hospital, mándase construír un novo para o seu uso exclusivo, e así consta nas actas da xunta dese momento:

> El Sr. Presidente manifestó que la Sra. Superiora del Hospital le había dicho que en el establecimiento solo habia un retrete ó escusado y por lo tanto (era) de necesidad construir otro para servicio de las Hermanas[23].

A existencia dun único retrete non significaba que tiveran que acudir directamente a el, pois en moitas dependencias aparecen inventariadas numerosas ouriñais de louza, cuspideiras, planchuelas etc., pero reforzaba o carácter independente e o estatus diferenciado das monxas.

As paredes de tódalas dependencias eran branqueadas anualmente, non só como medida estética, senón tamén de profilaxes, xa que o cal tiña a consideración de desinfectante[24]. Para facilitar este branqueo con cal dos teitos, cando menos en algunhas dependencias, como a da administración ou o roupeiro, mellóranse cun ceo raso de barrote e morteiro que ocultaba as vigas e permitía esa operación[25].

En 1884, tal como xa se indicou con anterioridade, faise unha ampliación do espazo dedicado a hospital dentro do antigo convento, solicitando do concello para este fin, entre outros, o espazo dos locais que ata ese momento ocupaba a escola pública de nenos. Na resolución da solicitude, adxudícaselle tamén "el lienzo inmediato en el claustro alto y claustro bajo"[26]. A cesión supera incluso o solicitado inicialmente e abarca "los dos lienzos del claustro alto del exconvento de Sto Domingo, o sean el local que ocupaba la escuela pública de niñas, y el lienzo contiguo á esta; y lo mismo todo el claustro bajo con su entrada por la Plaza".

[22] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, inventario do 31 de decembro de 1882, aprobado con data do 30 de xuño de 1883. Sig. 0855-00.

[23] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 24 de xullo de 1883.

[24] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o día 31 de agosto de 1880 e 27 de setembro de 1881.Tamén aparece recollido no artigo 58 do regulamento de 1854.

[25] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 24 de outubro de 1881.

[26] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 19 de agosto de 1884.

Finalmente, e para non prexudicar a un grupo de monxas ás que se dera acollida provisionalmente e por motivos de caridade no mesmo edificio, renúnciase a ocupar todo o espazo cedido, e así se fai constar na acta correspondente da Xunta:

> (...) prescindiendo de tomár en la galería alta del convento de Sto. Domingo, mitad del lienzo que usan las monjas Agustinas para pasar al coro de la Iglesia[27].

Das causas desta presenza das monxas agostiñas no edificio do antigo convento de Santo Domingo, sendo este de propiedade estatal e uso municipal dá Castro Freire unha aclaración cronolóxica:

> El nuevo Obispo Sr. De los Rios, al enterarse de que en el convento de Santo Domingo se iban a realizar obras para instalar en él los enfermos del viejo Hospital de San Bartolomé, solicitó del Ayuntamiento se le cediese una pequeña parte del edificio para albergue de unas pobres monjas de las exclaustradas hace 23 años del Convento de Recoletas, hoy desaparecido; monjas que vivían de la caridad pública y que deseaban tan solo un refugio donde pasar los últimos años de su vida. El Ayuntamiento accedió a la petición del Obispo y allí, en el piso alto, en la parte comprendida entre la Iglesia y la Plaza de Abastos anidan aquellas pobres monjas, viejas y sin recursos (…)[28].

A caritativa concesión tivo co tempo sorprendentes consecuencias, e a instalación provisional derivou, a través dunha venta levada a cabo por parte do Concello en 1939, acabada de rematar a Guerra Civil, na propiedade exclusiva e total do edificio do antigo convento de Santo Domingo por parte das monxas agostiñas.

A ampliación de 1884 supuxo a creación de novas dependencias, ás máis significativas das cales foron a creación das clamadas "celdas distinguidas", para enfermos de pago, que anticipan xa o inicio dun cambio de mentalidade na concepción das instalacións hospitalarias como asistencia exclusiva a pobres e desvalidos[29].

A subministración da auga, da que era preciso abastecer ó hospital diariamente para cubrir as súas necesidades, pasa por distintas etapas e solucións ó longo da súa existencia.

En 1879 encargábaselle este abastecemento a un carrexador de auga que a transportaba desde a próxima fonte da praza de Santo Domingo, desaparecida nas posteriores remodelacións urbanísticas levadas a cabo. Recibía como remuneración por este traballo a comida e un real diario.

A penuria económica pola que se pasa neste momento e o afán das monxas por economizar gastos en determinadas parcelas fan que se decida prescindir dos servizos do carrexador de auga e encargar deste traballo ós propios enfermeiros[30].

En 1883, e tamén por iniciativa das monxas, que xa fixeran o mesmo na Casa de Beneficencia, acórdase prescindir das contratas para o lavado de roupas e decídese facelo no mesmo establecemento. Para elo cómpranse en Madrid "calderas legiadoras" e, para satisfacer esta nova necesidade de auga, decídese utilizar a do pozo existente no

---

[27] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 23 de marzo de 1885.

[28] CASTRO FREIRE, Salvador. *Lugo y sus hombres. Ensayo se síntesis histórica*. Lugo: Imprenta Celta, 1951, p.96.

[29] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 19 de agosto de 1884.

[30] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 15 de decembro de 1879.

patio do antigo convento, para cuxa extracción se adquire e instala unha bomba manual "de doble efecto"[31].

Constrúese tamén un lavadoiro de pedra do que non se especifica a situación exacta, pero que é fácil supoñer que sería a mesma que a do pozo que o abastecía, no patio interior do convento. Esta situación do lavadoiro fai pensar nunha utilización do patio interior para usos prácticos relacionados coa intendencia do establecemento, e non de esparexemento dos enfermos, que seguramente permanecían confinados nos dormitorios colectivos.

No 1884, e argumentando que polas noites a auga das fontes públicas da cidade se perdía e non se aproveitaba, solicítase do Concello, a través da Xunta Municipal de Beneficencia, permiso para detraer auga da próxima fonte de Santo Domingo mediante unha tubaria e durante unha hora para almacenala nun depósito que se construiría no interior do hospital. Apoiábase a solicitude, entre outras cousas, no argumento de que "la ciencia reconoce la indispensable necesidad de este artículo"[32].

Resumindo todo o que ten que ver co espazo físico e as instalacións do Hospital Municipal, pódese afirmar que xa desde o momento mesmo do traslado do establecemento desde o seu antigo emprazamento ó antigo convento de Santo Domingo en 1859, este non reunía as condicións para dito acollemento, e que, a pesar das pequenas melloras e a ampliación de 1884, en ningún momento da súa permanencia neste emprazamento cumpría nin sequera cos requirimentos mínimos esixibles en función dos reducidos parámetros da época.

3. OS EMPREGADOS E TRABALLADORES

Como sucedía no caso da Casa Municipal de Beneficencia, é preciso distinguir dous períodos ben diferenciados nesta cuestión, separados pola chegada das monxas da orde das "Hijas de la Caridad de San Vicente de Paúl" para rexentar o Hospital Municipal en 1882. A chegada supuxo unha importante remodelación en moitos ámbitos, pero afecta de maneira moi especial no que ten que ver cos empregados e traballadores do establecemento. O seu número, as súas funcións e incluso as súas remuneracións vanse ver afectados neste momento e van significar un cambio nas súas condicións laborais e na súa relación co establecemento en algúns casos. É preciso ver de maneira detallada os distintos cambios que estas remodelacións foron introducindo ó longo do tempo.

Inicialmente, o hospital rexíase por un regulamento de réxime interno aprobado no ano 1854[33], na época na que aínda estaba no antigo emprazamento da Porta Falsa, de onde se trasladaría pouco tempo despois, en 1859 a Santo Domingo. Neste regulamento establecíanse xa cales tiñan que ser os empregados que o atendesen, o seu número en moitos casos, e as súas funcións. Os inicialmente previstos no regulamento estaban concretados da seguinte maneira:

— Un único administrador capelán.

[31] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 20 de xuño de 1883.

[32] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 5 de novembro de 1884.

[33] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Varios de Beneficencia, Sig. 0502-00. Leg. 180. Reglamento p.ª la administracion interior del Hospital de San Bartolomé.

— Un facultativo.
— Un comisario de entradas ou interventor.
— Un enfermeiro maior ou cabo de salas.
— Un número sen determinar de practicantes e enfermeiros.

O administrador capelán. Era elixido segundo o regulamento polo gobernador da provincia a proposta da Xunta Municipal de Beneficencia. Como a esta, á súa vez, lle facía a proposta o alcalde, que ademais a presidía, realmente era el quen tiña o poder de elección. O administrador capelán era, pois, un subordinado do alcalde, a quen tiña que render contas e de quen dependía, primeiro, o seu nomeamento e, posteriormente, a súa permanencia no posto.

A pesar desta dependencia do cargo de administrador da figura do alcalde, non era frecuente que se producisen ceses e novos nomeamentos, nin sequera ó producirse relevos na alcaldía, senón que o máis frecuente era que o administrador sobrevivise ós cambios de alcalde e corporacións sen demasiadas dificultades.

Se ben no regulamento de 1854 non aparecía recollida ningunha potestade do bispado nesta cuestión, sobre todo se temos en conta que estaba redactado nunha época anterior ó período restaurador, na práctica, tendo en conta a condición eclesiástica de quen ocupaba o cargo, é moi posible que aquel tivese bastante que ver na elección inicial e formase parte do conxunto de cargos con remuneración complementaria que se distribuían entre os membros do clero por parte das autoridades eclesiásticas.

As funcións do administrador capelán, de forma teórica e xenérica, consistían en representar o poder da Xunta de B.ª dentro do establecemento, exercer a súa autoridade para o goberno da mesma e velar polo puntual cumprimento das obrigacións do mesmo. Na realidade, este mandado inicial, segundo o establecido polos regulamentos, concretábase nas máis variadas funcións:

— Tiña ó seu cargo os bens do establecemento, é dicir, roupas e utensilios, alfaias da igrexa e os artigos da despensa, da bodega e a cociña.

— Decide sobre os abastos de víveres, utensilios e combustibles, xustificando estes por medio de recibos coa asistencia do interventor e remitindo as contas correspondentes á Xunta Municipal de Beneficencia.

— Entrega ó enfermeiro maior as roupas e vendaxes que fixesen falla nas enfermerías e recolle as que estiveran sucias para entregarllas ás lavandeiras.

— Supervisa as ración diarias de alimentos, a calidade e a correcta elaboración. Comproba, ademais, nos casos necesarios, que as racións especiais de determinados alimentos prescritos polo facultativo, se axusten ó estipulado, facendo entrega deles ó cociñeiro e enfermeiro maior.

— Fai entrega ó practicante maior dos artigos medicinais que non estivesen concertados co boticario da cidade, que os subministraba por contrato.

— Establecíase tamén que para mellor desempeno das súas "continuas e incesantes" funcións, vivira dentro do hospital e dispuxera dunha ración de alimentos e da "asistencia necesaria á súa persoa".

— Como ademais das funcións administrativas, na súa vertente de capelán se encarga das que corresponde a este outro cargo, encárgase de asistir espiritualmente ós enfermos, confesándoos no momento do seu ingreso e administrándolles os demais sa-

cramentos cando o médico o dispuxera, acompañando ó cemiterio os seus cadáveres cando se producira a morte.

O facultativo. As súas funcións desempenábaas inicialmente o médico da cidade, é dicir, o médico municipal, que dependendo do Concello atendía tódalas funcións que lle eran encomendadas por este, das que atender o hospital era unha máis, sen dedicación exclusiva nin en canto a tempo nin a atención ós enfermos que nel se aloxaban. Sen embargo, con posterioridade, as figuras do médico da cidade e do Hospital Municipal eran distintas. En 1882, lévase a cabo unha reestruturación dos postos de traballo e organización do establecemento con motivo da entrega da administración ás monxas da orden das "Hijas de la Caridad" e estúdase a posibilidade de refundir novamente as dúas prazas nunha, pero non se aproba finalmente, manténdose os dous médicos con funcións independentes[34].

O seu cargo gozaba dun certo grao de poder dentro do establecemento, xa que era o xefe inmediato de tódolos empregados que tiñan trato directo cos enfermos e se encargaban da súa asistencia, é dicir, practicantes e enfermeiros, podendo reprender e denunciar ós que incumprisen coas súas funcións ou o fixeran de maneira incorrecta. Neste aspecto compartía funcións co administrador capelán, verdadeiro director do hospital, que, como xa se viu, é o encargado de chamar á orde ós empregados neglixentes, teñan ou non contacto directo cos enfermos. Establecíase neste apartado sobre as funcións do facultativo e de maneira máis concreta que:

> Desplegará una esquisita vigilancia sobre la pericia rectitud y laboriosidad de los practicantes p.ª el desempeño de sus importantes obligaciones, proponiendo la separacion del que sea inepto, inmoral ó negligente[35].

Establecíase tamén no regulamento de 1854, no seu artigo nº 29 que:

> Averiguará con el mayor interés si se cumplen con exactitud sus determinaciones, reprendiendo y denunciando á los que hallare omisos ó negligentes en el cumplimi.to de deberes tan sagrados.

Dentro desta función supervisora do traballo que realizaban os empregados que trataban directamente cos enfermos, o regulamento de 1854 establecía no artigo 33 que o facultativo faría ademais das visitas ordinarias, outras de carácter extraordinario, fora do horario normalmente previsto, coa finalidade de "asegurarse del celo de los empleados que más inmediatam.te cuidan á los enfermos".

Tamén se lle atribuía o médico a potestade de indicar ó alcalde o número de practicantes e enfermeiros que "convenga aumentar ó disminuir en el establecimiento, segun las estancias y el servicio que por ellas deba prestarse á los enfermos (artigo 35).

En canto ás funcións estritamente médicas que tiña asignadas, establecíase a de dar de alta a aqueles enfermos que estaban suficientemente restablecidos das súas doenzas. Tamén emitía os informes para que a alcaldía aceptase as solicitudes de ingreso no hospital (artigo nº 28), aínda que na práctica estas dependían directamente do seu criterio.

O seu labor médico máis importante era o que tiña que ver coas visitas diarias a unha hora predeterminada, e para as que se establecía no artigo nº 24 que "visitará á

[34] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 23 de marzo de 1882.

[35] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Varios de Beneficencia, Sig. 0502-00. Leg. 180. Reglamento p.ª la administracion interior del Hospital de San Bartolomé. Artigo nº 34.

todos los enfermos prescribiendoles los auxilios espirituales y corporales que considere oportunos". Ó final da visita recorrendo as salas dormitorio, firmaba as libretas de alimentos nas que se determinaba o tipo de ración que, en función da súa doenza e estado, correspondía ós enfermos. Tamén firmaba as libretas de receitarios nas que se determinaban os produtos de botica que se lles debería administrar.

A prescrición dos auxilios espirituais implicaba que, ademais das estritamente médicas, cando a morte era inminente ou moi probable, prescribía tamén a administración do sacramento da extremaunción, por parte do capelán.

Tiña adxudicada tamén o facultativo, ademais da función de receitar, supervisar os medicamentos que subministraba o farmacéutico da cidade co que se establecía por contrato o seu abastecemento, rexeitando os que non se ativeran ós criterios esixibles ou fosen adulterados (artigo nº 36).

Tamén estaba establecido que cando o estado dalgún enfermo especialmente grave o requirira,faría visitas fora do horario normal (artigo nº 33)

Ademais de atender ós enfermos ingresados, o facultativo tiña establecido, xa que era tamén médico municipal, atender ás consultas dos pobres que á hora das visitas acudían á porta do hospital (artigo nº 32), alí fora, tanto no antigo da Porta Falsa como no posterior de Santo Domingo, recibirían un pequeno consolo para as súas doenzas, posiblemente máis psicolóxico que real.

Outra función asignada, ademais das intervencións de ciruxía, era a de realizar as autopsias, tanto as clínicas como as xudiciais, procurando no caso destas últimas coordinarse co forense que puidera acudir de fora se esta circunstancia se producira (artigo nº 37).

As súas funcións tamén abarcaban algúns aspectos relacionados coa intendencia hospitalaria. Así, establecíase que lles correspondía firmar os vales de sabas e demais artigos que lles solicitasen os practicantes, o que significaba que ata a decisión de mudar as camas dependía do seu criterio (artigo nº 27). Tamén a supervisión dos distintos utensilios, tanto da enfermería como da cociña estaba teoricamente dentro das súas funcións, dando de baixa aqueles que non reuniran as debidas condicións de salubridade (artigo nº 26). Podía propoñer tamén ó alcalde as obras que, para mellorar as condicións hixiénicas e sanitarias das enfermerías, considerase recomendables (artigo nº 31).

As tarefas que lle correspondían, como se pode observar, eran amplas, numerosas e perfectamente delimitadas. Outra cousa é que na practica, como se irá vendo, se levaran a cabo ou foran usurpadas por outras persoas das que interviñan na asistencia benéfica da cidade.

O interventor ou comisario de entradas. Tiña unha dobre finalidade ou función. Dunha parte fiscalizaba as contas para garantir a súa legalidade e, de outra, colaboraba na administración, contabilidade e bo funcionamento do establecemento.

Da primeira das funcións dá unha detallada descrición o artigo 54 do regulamento de 1854:

> Interviene directamente las cuentas que deba rendir el Administrador firmandolas como tal Interventor y manifestando los reparos que crea justas, y constando en su correspondiente libro de intervencion todo lo que firme bajo este concepto.

Este desempeño recibía en épocas anteriores a denominación de contralor, de aí que a súa oficina, como se viu, recibía a denominación de contraloría.

Tamén tiña entre as súas funcións, presenciar as entregas que o administrador facía dos obxectos da despensa ou almacén ó cabo de salas, enfermeiros ou cociñeiro, inspeccionando o peso dos alimentos, a súa preparación culinaria e a entrega individual das racións ós enfermos. Neste mesmo sentido ten encomendada a tarefa de coidar de que os enfermos estean correctamente atendidos, decatándose das súas queixas e colaborando co administrador para que os empregados encargados dos seus coidados cumpran coas súas obrigacións.

O enfermeiro maior ou cabo de salas. Aínda que regulamentariamente correspondía o seu nomeamento á Xunta Municipal de Beneficencia a proposta do alcalde, tendo en conta que os seus membros os elexía tamén o propio alcalde, significaba que era el realmente quen facía a elección, tendo ademais a potestade de destituílo e facer un novo nomeamento, comunicando unicamente a posteriori a decisión á Xunta (artigos n°s 55 e 57).

A súa situación xerárquica dentro do organigrama do hospital era a de xefe de tódalas enfermerías, mozos de sala e tamén do cociñeiro. Tratábase, pois, dun xefe intermedio entre a autoridade superior do administrador e facultativo, e os subordinados inferiores, salvo os practicantes que rendían contas directamente a aqueles, facultativo e administrador.

Entre as súas funcións está tamén a de asistir á visita diaria que pasa o médico xunto co administrador e interventor ós enfermos, anotando na súa libreta o alimento, as roupas e demais artigos non medicinais que dispuxera aquel, facéndoo tamén das administracións dos sacramentos que se propoñían, no caso de non estar presente o capelán administrador. Antes de que se leve a cabo a visita, con media hora de anticipación, debía pasar revista ás enfermerías para asegurarse de que as camas estiveran ben feitas e os pisos ben varridos. Tamén se establece que entre as súas funcións está a de inspeccionar "si los comunes y orinales se encuentran perfectamente limpios".

Despois da visita, tiña establecido facer entrega das roupas e demais que prescribira o facultativo, ós enfermeiros.

A asignación de funcións tiña un carácter máis teórico que real en moitos aspectos, como demostra o artigo nº 64 do regulamento de 1854, no que se concretaba ata extremos que non resulta crible que se levaran a cabo realmente:

> Presenciará las comidas con libreta en mano pª cerciorarse de que se dá á cada enfermo los alimentos prescriptos en la visita respectiva; se enterará de la cantidad y estado de estos y de si los enfermos los comen, los dejan ó los cambian, dando despues parte al facultativo de todo lo que observe".

Ademais destas funcións organizativas, tiña encomendada a tarefa de manter a orde e a disciplina, para o que se establecía no artigo nº 65 que:

> Visitará las enfermerias en horas extraordinarias p.ª informarse de lo que ocurra y descubrir las faltas que en ellas puedan tener lugar; tanto respecto á la moderacion de los enfermos como á la conducta de los sirvientes encargados de su asistencia.

Os enfermeiros. Estaba establecido que, como nos casos anteriores, fosen nomeados pola Xunta Municipal de Beneficencia a proposta do alcalde, dependendo, pois, unha vez máis, do seu criterio ou interese. O seu número, considerando que cada un deles debía atender unha das salas, debería ser normalmente de tres.

Os enfermeiros eran homes, excepto a que atendía a enfermería de mulleres, a sala de Santa Filomena, que era tamén muller. Debían ser, tendo en conta o tipo de tra-

ballo que estaban obrigados a facer, de constitución forte e estaban subordinados ó enfermeiro maior.

A dedicación dos enfermeiros ó establecemento era plena e absoluta. Non podían residir nas súas casas, senón que vivían no propio hospital establecéndose no artigo 100 do regulamento que:

> No salen por ningún motivo del estableci.to y solo por alg.a grave atencion a la familia, podrá el Administrador permitirles una corta ausencia obligándoles á dejar en su puesto otra persona capaz de sustituirles.

A conciliación coa vida familiar era inexistente e as posibilidades de manter unha relación normalizada co resto dos membros da familia, difícil de concibir.

Da súa alimentación, a diferenza do que sucedía por exemplo co administrador, non se facía cargo o hospital, senón que lle la debían subministrar os seus familiares ou persoas de fora con quen contratasen ese servizo (artigo 101).

As principais obrigacións laborais eran auxiliar e coidar ós enfermos da sala que lles correspondía a cada un deles tutelar, servirlles as comidas e lavar os cacharros que se utilizasen para ese fin, ademais de axudarlles a incorporarse na cama e subir e baixar dela se o precisasen.

Igualmente, era a súa obrigación lavalos, limpalos, enxugalos e axudar a vestir e espirse a aqueles que non poideran facelo sos, "sugetando á los pacientes si estubiesen delirantes" (artigo 109). Tamén debían quentar e administrar os caldos e bebidas quentes a aqueles que así o tiveran prescrito.

Os enfermeiros estaban tamén obrigados a facer a limpeza das salas, debéndoas varrer, así como os corredores, e ventilar a primeira hora da mañá. Tamén debían carretar a auga que se precise.

Outra das obrigacións que tiñan contraídas segundo o regulamento era a de asistir ás autopsias que se practicasen, atendendo a "todo aquello que los facultativos les ordenen", quedando establecido tamén que "Conducirán al campo santo los cadáveres de enfermos (que) fallezcan en el establecimiento".

A consideración laboral dos enfermeiros é das máis baixas de cantos traballan no establecemento. Ademais de vivir nas pésimas condición laborais que supón o ter que permanecer ininterrompidamente, as vinte e catro horas do día e a noite, tódolos días da semana, sen ningún tipo de descanso, a súa remuneración económica era realmente baixa, sendo ata 1882 dunha peseta ó día, pasando a ser a partir deste data de 1,25[36] e de 1,50 en 1885[37]. Estas subidas de soldo non eran gratuítas, senón que se facían a cambio de asumir a carga de traballo que supoñía suprimir al prazas de algúns dos seus compañeiros

Tampouco a estabilidade laboral estaba garantida. Os nomeamentos de enfermeiros sucédense ó longo de todo o período atendendo a criterios de distinto tipo.

En canto ó seu número, se ben, como xa se dixo, regulamentariamente correspondía un por cada sala, na realidade isto soamente se cumpriu ata a chegada das monxas en 1881, suprimíndose pouco despois a praza da enfermeira encargada da sala dor-

[36] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg.696. Acta da reunión celebrada o día 14 de agosto de 1882.

[37] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 23 de marzo de 1885.

mitorio das mulleres[38], e posteriormente, uns meses máis tarde, outro máis dos dous que quedaban, habendo unicamente, a partir deste momento un só enfermeiro para todo o hospital[39]. En 1886 a redución de persoal levada a cabo polas monxas demóstrase imposible de soster, véndose obrigadas a contratar un enfermeiro máis, por resultar insuficiente o único que quedaba para atender tódalas necesidades do centro[40].

Os practicantes. Estaba establecido que fosen nomeados pola Xunta Municipal de Beneficencia despois de avaliar os informes correspondentes sobre aptitude e conduta, aínda que tamén se determina que poden ser despedidos polo alcalde se a súa conduta xustificara este castigo, dando conta da resolución á xunta e propoñéndolle aqueles que puideran substituílos, co informe positivo do facultativo.

De entre os practicantes estaba establecido tamén que se designaría a un para desempenar o posto de practicante maior, que entre outras tería a misión de vixiar o cumprimento das obrigacións dos seus compañeiros e corrixir calquera falta que cometeran. Esta medida puidera estar motivada polo feito de que o superior inmediato dos enfermeiros, o médico, non estaba presente no hospital máis que no momento da visita, polo que, de non ser así, o seu traballo non podería ser suficientemente supervisado. Tiña tamén a misión de distribuír ós demais practicantes as medicinas e vendaxes, comprobando as existencias do cuarto de botica para evitar que faltaran en algún momento.

De maneira xenérica, segundo o regulamento, pódese dicir que son os encargados de levar a cabo as sangrías, aplicacións de sambesugas, de apósitos, revulsivos,lavativas etc., ademais da "propinación de medicamentos interiores en la forma y periodo que se determinen" (artigo nº 70)

En canto ó seu número, en 1882, xusto antes da chegada das monxas, era de dous[41], empeorando pouco despois as súas condicións laborais, xa que pasan de ter praza fixa, con un soldo anual de 273,72 pesetas, a ter a consideración de interinos e ser contratados cando a superiora o considere preciso, con un salario de 1,50 pesetas por día[42]. En 1883, xa soamente queda un en servizo para atender a tódolos enfermos do hospital, e en 1885, auméntaselle o soldo de 1,50 a 1,75 pesetas diarias[43].

As condicións laborais, en canto a horarios e permanencia no establecemento, eran distintas e moito mellores que as dos enfermeiros. De maneira rotatoria debía permanecer un deles de garda polas noites para cubrir calquera urxencia que se puidera presentar cos enfermos ingresados. Desta maneira, a súa estancia no hospital, salvo cando lles correspondía desempenar o servizo de garda, limitábase á da xornada laboral, non estando, como no caso dos enfermeiros, permanente e ininterrompidamente obriga-

[38] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 23 de marzo de 1882.

[39] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 14 de agosto de 1882.

[40] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 18 de xuño de 1886.

[41] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 23 de marzo de 1882.

[42] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 1 de abril de 1883.

[43] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 23 de marzo de 1885.

dos a permanecer no hospital, acudindo ás súas casas tanto para durmir como para as comidas diarias. As condicións económicas, sen embargo, non eran moito mellores que as dos enfermeiros. Así, como se acaba de indicar, o seu soldo ata o ano 1885 era de 1,50 pesetas, incrementándose neste momento ata as 1,75, momento no que os enfermeiros pasan de cobrar de 1,25 a 1,50.

Entre as súas obrigas estaba tamén a de asistir, ó igual que os enfermeiros, ás autopsias que se levaran a cabo no hospital.

En canto ó numero, este reducíase a dous e non sufriu reducións coa chegada das monxas, non se sabe se por ser xa reducido o seu número ou porque o seu traballo non era fácil de suplir polas propias monxas ou por xornaleiros eventuais sen experiencia[44].

O cociñeiro. Como nos casos anteriores, admitido pola Xunta Municipal de Beneficencia a proposta do alcalde, podendo ser cesado por este cando o considere pertinente.

É o encargado de preparar os alimentos dos enfermos que se distribúen nas tres comidas do día: almorzo, comida e cea. Prepara tamén as do administrador capelán, que se elabora a parte. Ademais da elaboración das comidas, correspóndelle a limpeza da cociña e os útiles que nela había, potas, sellas, caldeiros e demais.

Entraba tamén entre as súas funcións a de ir buscar a carne ós postos públicos, así como os restantes alimentos e condimentos que faltaran na despensa, tendo que carretar a auga que se precisase na cociña e partir a leña que fose precisa como combustible. A obriga de partir a leña muda coa reforma que en 1881 fan as monxas instalando a cociña de ferro que se alimentaba con carbón en lugar de leña[45].

Para as preparacións das medicacións e facer as curas era preciso dispoñer de auga quente. O cociñeiro tiña entre as súas obrigas a de tela permanentemente dispoñible na cociña para cando a precisaran os enfermeiros e practicantes[46].

A consideración social e laboral do cociñeiro era baixa e, xa fora do ámbito da cociña e do que tiña que ver co abastecemento de auga e os alimentos, tiña tamén contraída a obriga de facer a cama do administrador capelán, varrer o seu cuarto e limpar os seus mobles.

Nunha época na que a comida escaseaba e a fame era moito máis frecuente que a fartura, os produtos alimenticios tiñan un moi alto valor, e o control que se exercía sobre eles era moi grande. As entregas diarias dos que se precisaban para a elaboración das comidas facíaas o administrador en presenza do interventor, e unha vez na cociña correspondía ó cociñeiro a súa tutela, que tiña determinado no regulamento este aspecto:

> No permitirá la presencia en la cocina de ningun enfermo, ni de otra persona á quien por su destino no corresponda informarse de lo que en ella pase; para mejor lograrlo, tendrá la cocina cerrada por dentro y se informará antes de abrir de quien es la persona que llama[47].

---

[44] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 23 de marzo de 1882.

[45] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 24 de outubro de 1881.

[46] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Varios de Beneficencia, Sig. 0502-00. Leg. 180. Reglamento p.ª la administracion interior del Hospital de San Bartolomé. Artigo nº 137.

[47] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Varios de Beneficencia, Sig. 0502-00. Leg. 180. Reglamento p.ª la administracion interior del Hospital de San Bartolomé. Artigo nº 134. Esta disposición fai pensar

Ademais dos empregados citados ata aquí, cuxas obrigas aparecen recollidas no regulamento de 1854 e que eran cesados e confirmados nas sesións da Xunta Municipal de Beneficencia, existían outros traballadores, dos que pola súa baixa consideración laboral a penas existe constancia documental nin tampouco das súas remuneracións, sendo contratadas sen control da Xunta de Beneficencia polo administrador primeiro e a superiora das monxas despois.

Ata o ano 1882, antes da chegada das monxas, había un porteiro que xunto coa súa familia vivía no mesmo hospital.

Tamén, e para a realización de distintos traballos de baixa cualificación, contratábanse de forma provisional e con remuneracións das que nin sequera consta a súa contía, os servizos de varias serventas, destas, dúas tiñan certa estabilidade e aparece recollida a súa existencia nalgúns documentos[48].

Durante un tempo, antes de 1879, contratábanse os servizos dun carrexador de auga, que subministraba a que se utilizaba nas enfermerías, carretándoa en cántaros desde a lindeira fonte de Santo Domingo a cambio dunha ración de comida e un real diario[49].

Coa chegada das monxas en 1882 para dirixir o hospital, prodúcense, como xa se viu, importantes cambios na súa organización, que afectan á contratación dos empregados e traballadores, tanto no seu número como nas condicións. Algún destes postos de traballo é suplido polas propias monxas, despedindo o empregado ou empregados que facían ese traballo ata ese momento.

Ata o ano 1882, antes da chegada das monxas, o equipo de traballadores do hospital constaba dos seguintes empregados[50]:

— O administrador capelán.
— O interventor ou contralor, tamén chamado comisario de entradas.
— O médico ou facultativo.
— Dous practicantes.
— Tres enfermeiros (dous homes e unha muller).
— Dúas serventas.
— Un porteiro.

Posteriormente, coa chegada das monxas para rexentar o hospital, elas mesmas cobren o posto do porteiro, suplen as funcións do administrador e reducen, por exemplo, o número de enfermeiros. Nalgún caso a supresión prodúcese pola substitución que algunha delas leva a cabo cubrindo o posto e facendo o traballo correspondente, como no caso da portería, pero noutros, como o do carrexador de auga, obrígase ó resto dos traballadores, neste caso os propios enfermeiros, a realizar ese traballo.

---

que a porta da cociña estaría dotada de algún axexador ou portelo que permitiría desde dentro comprobar quen pretendía entrar.

[48] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o día 3 de abril de 1882 e 3 de xuño do mesmo ano.

[49] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 15 de decembro de 1879.

[50] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 23 de marzo de 1882.

O gran cambio que significa a chegada das monxas produciuse non só no que ten que ver co cargo de administrador, senón con todos os empregados e coa estrutura mesma do establecemento. A substitución do administrador capelán pola figura da superiora das monxas da Caridade no 1882, que dende o punto de vista formal non é máis que a substitución dun membro do clero secular por outro do clero regular, foi, sen embargo, moito máis profunda pola acumulación de poder de decisión na figura da superiora, e porque esta, ademais, viña acompañada dun grupo de monxas, totalmente supeditadas á súa autoridade, coas que podía exercer un control que alcanzaba ata os máis pequenos detalles da vida do hospital.

4. O FUNCIONAMENTO E A VIDA DIARIA

Tal como quedou exposto no apartado anterior, a delimitación das funcións de cada un dos cargos e traballadores do hospital estaba recollido no regulamento de réxime interno de 1854. Este regulamento, que con case que total seguridade non era de elaboración do propio Hospital, nin sequera da Xunta Municipal de Beneficencia, senón copia dos que se aplicaban noutros hospitais de outros lugares e que se tomou no seu momento como referencia[51], regulaba de maneira moi precisa non só as funcións dos que traballaban nel, senón o seu funcionamento en xeral e nos seus máis pequenos detalles. Poderíase afirmar que a súa aplicación rigorosa garantía un correcto funcionamento de calquera establecemento no que esta tivese lugar. Sería de destacar incluso a súa modernidade en moitos aspectos, pois, salvando as distancias temporais e as diferenzas terminolóxicas, a estrutura e o organigrama que nel se perfila é basicamente o mesmo que se aplica nos actuais establecementos hospitalarios.

Como xa se indicou en outro apartado, a orixe das persoas ingresadas no Hospital correspondíase cos estratos máis baixos da sociedade. Dunha parte estaban os militares que ocupaban a sala de San Juan, e que é facilmente imaxinable que eran na súa gran maioría soldados rasos ou, como moito, oficiais de moi baixa graduación.

As súas estancias eran cobradas á Intendencia militar de Galicia, na Coruña, a través dun apoderado do Hospital habilitado pola Xunta Municipal de Beneficencia naquela cidade[52]. Os cobros e pagos polas estancias non sempre se levaban a cabo coa axilidade e puntualidade que serían necesarias, producíndose retrasos frecuentes que orixinaban desaxustes nas contas da Xunta en xeral e do Hospital en particular[53].

Se os soldados non pertencían aínda ó exército, senón que eran quintos que, despois de ser rexistrados, non se incorporaran aínda a filas, as súas estancias correspondíalle abonalas ó concello de onde procedesen, o que orixinaba reclamacións diante do Goberno Civil para forzar ós concellos debedores a facer os pagos e saldar as débedas

[51] Baseamos esta afirmación en detalles que delatan esta copia máis ou menos adaptada do regulamento de réxime interno de outro hospital, como o feito de que, por exemplo, se fale de carbón como combustible para as cociñas, cando este non chegou ó Hospital Municipal de Lugo, como se viu, ata o ano 1881, 27 anos máis tarde da súa redacción, e cando este combustible mineral tampouco chegou a Lugo ata que se completou a liña férrea entre o porto de A Coruña e Lugo en 1875.

[52] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 31 de outubro de 1879.

[53] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 1 de abril de 1887.

contraídas por este concepto[54]. O gobernador civil, pola súa parte, tentaba forzar ós concellos debedores a través de circulares no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*:

> No habiendo satisfecho varios Ayuntamientos de la provincia al Hospital municipal de esta ciudad el importe de las estancias causadas por los quintos admitidos en el mismo en clase de enfermos declarados posteriormente exentos del servicio militar, cuya relacion á continuacion se inserta, no obstante las repetidas amonestaciones que para ello se les han dirigido por la Junta municipal de Beneficencia, las cuales han sido tambien secundadas por este Gobierno de provincia, me veo en la necesidad de excitar nuevamente los humanitarios sentimientos de dichas Corporaciones, á fin de que cumpliendo con su sagrado deber, reintegren al mencionado Establecimiento las cantidades que respectivamente le adeudan por el indicado concepto, en atencion á que cuenta con escasos recursos para su subsistencia, y si, como no lo espero, desatendiesen este mi último aviso, les prevengo que transcurrido el plazo de veinte días, que les concedo para hacer efectivos los pagos, se espedirán apremios á costa de los Alcaldes morosos que se hallen en descubierto.[55]

En canto ós enfermos civís que ocupaban as outras dúas salas, a de Santa Filomena no caso das mulleres, e a de San Bartolomé no dos homes, o seu ingreso levábase a cabo a instancias do médico titular da cidade, que o era tamén do hospital orixinariamente, aínda que posteriormente foran distintos, e que asinaba para elo unha proposta impresa que tiña este obxecto[56]. Desta papeleta impresa, coñecida como "baixa", unha vez recibida no hospital, ben no momento do ingreso ou posteriormente se non fora recoñecido aínda polo médico no momento do seu ingreso, asentábanse os seus datos no libro de entradas (artigo nº 152).

Se ben o ámbito do Hospital era municipal, a orixe dos enfermos excedía en moitos casos esa delimitación. A inexistencia, polos motivos que xa se expuxeron, do hospital de ámbito provincial que ocuparía o edificio de San Marcos, obrigaba á Deputación a facerse cargo dos gastos dos enfermos que non eran orixinarios do termo municipal de Lugo, non só os da provincia, senón tamén "de otras Provincias y aun extrangeros[57].

Tamén eran ingresadas e atendidas as mulleres presas que estaban recluídas no cárcere e que con frecuencia non pertencían ó termo municipal. En 1883, o gobernador daba instrucións á xunta para que así fose:

> Se dio cuenta de una comunicacion del Sr. Gobernador Civil de la Provincia fecha 2.del actual, manifestando que habiendo sido nombrado médico higienista de esta Poblacion el Lic. en Medicina y Cirujía D.ⁿ Enrique Rodriguez y Rodrig.ᶻ, se dispusiese lo conveniente para que las enfermas detenidas ó que se detengan en la Carcel pública pasen desde luego al Hospital municipal en tal concepto donde concurrirá aquel para asistirlas, ausiliado de alguno de los practicantes del establecimiento, proporcionando el mismo los medicamentos y alimentos que dicho médico recetara; y la Junta acordó participarle, que no hay inconveniente en que así se verifique en la inteligencia de que al referido facultativo no se le concederá gratificacion alguna por este servicio, por tenerlo yá el establecimiento[58].

---

[54] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 23 de marzo de 1880.

[55] BOPL, nº43, 8 de abril 1880, p. 1. Circular do Goberno Civil de Lugo nº37 con data do 7 de abril de 1880.

[56] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 30 de decembro de 1881.

[57]AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 21 de xuño de 1880.

[58] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 12 de maio de 1883.

A presenza de presos no Hospital é anterior a esta data. Os presos transeúntes que enfermaban eran ingresados nel e atendidos antes de reemprender o viaxe a onde fosen trasladados. En 1880 prodúcese unha polémica co xornal *El Anunciador* da Coruña, que denunciaba que de Lugo chegaban á aquela cidade presos enfermos de enfermidades contaxiosas:

> Repetidas veces se ha ocupado nuestro colega *El Anunciador* de la Coruña del hecho de haber llegado á aquella ciudad varios presos procedentes de esta, segun dice atacados de fiebre tifoidea. En su número del domingo último, vuelve el estimado colega á tratar del asunto y llama la atencion del señor Lequina, gobernador civil de aquella provincia, para que exija de las autoridades de Lugo que no remitan presos en tal estado.
>
> Como se trata de una cuestión que directamente afecta á la salud pública y la laudable insistencia de *El Anunciador* pudiera causar quizá alarma en esta ciudad, haciendo creer á algunos que esta cárcel es un foco de infeccion, hemos de contestar algo al diario coruñés, despues de habernos informado debidamente.
>
> La salud pública en la cárcel de esta ciudad, nada deja que desear, es completamente satisfactoria.
>
> Los presos conducidos transeuntes que llegan á Lugo no ingresan en la cárcel ni son remitidos á parte alguna mientras se encuentran en tal estado; sino que van al hospital municipal y no son enviados á su destino hasta que se encuentran totalmente restablecidos.
>
> Además, los presos que han llegado á la Coruña, ya enfermos ó que allí fueron atacados de fiebre tifoidea, no eran procedentes de esta provincia y sí de las de Castilla.
>
> Segun los informes procurados, en la cárcel de Ponferrada es donde se infeccionan.
>
> La digna autoridad civil de Lugo, celosa en el cumplimiento de sus deberes, no ha descuidado un momento este asunto; pero no puede llegar su celo hasta el extremo de detener en esta ciudad presos que llegan aquí con destino á la Coruña, interin esos desgraciados no presenten síntomas de enfermedad.
>
> Por lo tanto, es excusado todo género de excitaciones: los presos cuando salen de esta ciudad, ván en perfecto estado de salud. Si por el camino, ó llegando al pueblo que van destinados, enferman, eso es imposible evitarlo.[59]

En 1883, tamén se habilita unha habitación para atender a algún enfermo de pago que puidera presentarse[60]. Esta medida supón un primeiro indicio de cambio de mentalidade con respecto ós centros hospitalarios que, ata tempo despois, ben entrado o século XX, non se desprenderían do carácter benéfico para entrar na nova concepción de asistencia médica moderna. Con todo, e a pesar da medida, os enfermos ingresados con esta condición non só son infrecuentes, senón documentalmente case inexistentes. Nin Lugo era unha cidade avanzada en canto a mentalidade e cambios sociais, nin as pésimas instalacións hospitalarias os propiciaban ofertando unha asistencia avanzada e eficaz. Outra cousa tería acontecido, sen dúbida, de haberse instalado o hospital no moderno edificio de San Marcos e dotado dos medios que, xa como hospital provincial, debería incorporar.

No momento do ingreso, o primeiro que se facía co enfermo era espilo, lavalo e cortarlle o pelo (artigo 153). Esta tarefa correspondíalles ós enfermeiros, que gardaban a roupa no roupeiro para "entregarsela despues á su salida, ó depositarla, si lo permite su estado de servicio, en caso de que fallezca el dueño" (artigo 66).

Unha vez aseado, introducíaselle na cama que se lle asignaba, na sala correspondente, que compartía co resto dos enfermos e cuxas características xa se viron no apartado no que se tratou do espazo físico. No momento do ingreso entregábaselle unha camisa de lenzo, que constituía a única vestimenta da que podía dispoñer durante o tempo

[59] *Diario de Lugo*, nº 1115, 23 de xuño de 1880, p.2.

[60] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 4 de marzo de 1883.

de permanencia. Os militares da sala de San Juan, sen embargo, podían facer uso do calzado, gorra e capote do uniforme, se o tiñan.

A cama, que ata 1882 era de madeira, e desde esa data de ferro, estaba equipada cun xergón de tela de terliz, recheo posiblemente de palla ou folla de espiga millo[61], algunhas tamén colchón, dúas sabas de lenzo, dous cobertores, colcha de percal ou zamorana e almofada de terliz coa correspondente funda de lenzo de algodón. As colchas, no caso da sala de San Juan eran de color azul[62].

Ademais de despoxados das roupas que traían, lavados e rapados, os enfermos debían ser confesados obrigatoriamente polo capelán, como máis tardar nos tres días seguintes ó de ingreso, "aunque su estado no revista gravedad" (artigos 15 e 156).

De como transcorría a vida diaria nun día normal dentro do Hospital, existe suficiente información recollida nos regulamentos, coa que se pode facer unha reconstrución bastante aproximada.

As actividades do hospital rexíanse por un dobre horario, de inverno e de verán. Unha hora máis cedo no verán para adaptar estas ó orto solar e aproveitar mellor a luz natural nunha época na que a iluminación artificial, por medio de lámpadas de aceite, e polo tanto de moi baixa intensidade, obrigaba a aproveitar o máis posible a luz solar.

A actividade iniciábase sobre as 5:30 h. no inverno e as 4:00 no verán, horas ás que o cociñeiro chegaba para prender o lume e comezar coas súas tarefas. A primeira destas tarefas consistía en facer o almorzo dos enfermos, sopas, para o cal quentaba a auga, cortaba o pan e quentaba tamén a graxa de porco coa que se facía o refrito que as acompañaba.

Sobre as seis en inverno e as cinco no verán, comezaba o día nos dormitorios comúns dos enfermos, onde o enfermeiro, que tamén durmía alí con eles, no mesmo cuarto, descorría as cortinas das ventás, se xa era día, e comezaba o seu traballo levando a baleirar ó retrete común os ouriñais utilizados polos enfermos durante a noite. Abría as ventás para ventilar e eliminar os malos olores acumulados durante a noite, e varría o chan.

Correspondíalles despois ós enfermeiros, sobre as sete no verán e as oito no inverno, subir da cociña o almorzo para os enfermos que comían en cuncas con culleres de ferro nas mesas do mesmo cuarto ou, se estaban imposibilitados para erguerse, nas súas camas.

Antes do almorzo, os practicantes, que xa se incorporaran a esa hora ó seu traballo, levaban a cabo as curas de aqueles enfermos que por ter feridas ou chagas as precisasen e así as tiveran prescritas (artigo 76), cambiando as vendaxes que fose necesario e substituíndoas por outras xa lavadas.

A administración de tópicos era tarefa dos enfermeiros, así como os caldos e bebidas quentes (artigo 109).

---

[61] Aínda que había algúns colchóns que aparecen referenciados nos inventarios e para os que tamén se compran telas para confeccionar fundas, estes non estaban dispoñibles, nin eran suficientes par todo o mundo. Había algunhas camas que contaban cos dous, xergón e colchón, e outras que contaban unicamente con xergón.

[62] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, inventario do 31 de decembro de 1882, aprobado con data do 30 de xuño de 1883, Sig. 0855-00.

Dedúcese dos regulamentos que o último en erguerse era o administrador capelán, cuxo almorzo preparaba sempre máis tarde o cociñeiro (artigo 127), unha vez que estaba de volta do mercado se lle tocaba recoller a carne de vaca ese día.

Concluído o almorzo, e unha vez axeitados e recollidos os dormitorios, os enfermos debían esperar a visita do médico deitados nas súas camas.

A visita ó hospital era posiblemente a primeira tarefa do día do médico municipal e tiña a súa hora marcada regulamentariamente ás sete no verán e as oito no inverno. Esta, que empezaba pola sala de San Bartolomé, na que estaban os homes civís, levábaa a cabo acompañado do enfermeiro maior, o da sala correspondente, o interventor e o practicante. Tamén podía asistir ás visitas o administrador, pero este non estaba obrigado a facelo se se consideraba que tiña outras ocupacións. Durante a visita, cada un dos acompañantes debía anotar na libreta as prescricións do facultativo en canto a "alimentos, medicina y administración de santos Sacramentos" que facía para cada enfermo.

A visita estaba dotada dun certo carácter ritual e tanto os restantes enfermos da sala como os acompañantes do facultativo estaban obrigados a gardar silencio e a debida compostura (artigo 151). Sen dúbida, tanto para os enfermos como para o resto do persoal, era o momento do día de maior rigor, no que a xerarquía do establecemento se facía visible de maneira máis evidente.

Rematada a visita das tres salas, o médico, antes de marchar, consultaba ós enfermos pobres que non estando ingresados o esperaban na porta do hospital (artigo 143).

Para os enfermos ingresados comezaría un longo período de tedio e inactividade, case que interrompido unicamente polas comidas do día e os distintos rezos que se verían intensificados coa chegada das monxas, se ben o rosario xa aparece recollido nos regulamentos de épocas anteriores[63].As prohibicións de saír dos dormitorios comunais (artigo 158), nin sequera se o tempo o permitise a aqueles que non estivesen postrados, impedíalles pasear polo claustro do antigo convento, que en 1884 pasara a estar dispoñible parcialmente para o Hospital[64]. Unicamente podían ser autorizados a oír misa desde o coro da capela (artigo nº 161). A prohibición engadida de practicar todo tipo de xogos (artigo nº 59) convertería os días nunha sucesión de períodos de fastío e, no inverno, frío.

Cada sala contaba cun único braseiro como sistema de calefacción, cuxas brasas debía recoller o enfermeiro na cociña, pero aquel, incapaz de quentar a enfermería serviría escasamente para quentar ó propio enfermeiro, mentres os enfermos combaterían o frío cos cobertores. Este sistema de calefacción, pobre e pouco eficiente, continuou utilizándose durante todo o período e incluso datas posteriores, coa única novidade do cambio de combustible, que en 1906 era carbón vexetal[65].

Durante o resto da mañá, o cociñeiro facía a cama do administrador e axeitaba o seu cuarto, mentres xa tiña ó lume a carne, que precisaba un longo período de cocción para estar lista para a hora do xantar e da que saían tamén os caldos limpos das dietas

[63] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Varios de Beneficencia, Sig. 0502-00. Leg. 180. Reglamento p.ª la administracion interior del Hospital de San Bartolomé, con data de aprobación do 24 de marzo de 1854. Artigo nº 161.

[64] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 19 de agosto de 1884.

[65] AHPL, Concello de Lugo, Contratos de alimentos para a Casa Municipal de Beneficencia e Hospital de 1906. Sig.0558

para os enfermos. Máis tarde acudía á despensa para, en presenza do administrador e interventor, e xunto cos enfermeiros, atendendo ás anotacións feitas nas libretas no momento da visita do médico, recibir os alimentos que correspondían para facer o xantar (artigo 150), "sopa, huevos, patatas, guisados y otras viandas q. se hayan prescripto á los enfermos" (artigo 129). A continuación, xa na cociña, levábanse a cabo os preparativos para ter todo listo ás once da mañá, que era a hora establecida para a comida de metade do día. No artigo 7 a enumeración dos artigos de carácter alimenticio que prescribía o médico é máis ampla e fala de que o administrador:

> (...) entregará á dho. enfermero mayor las raciones de pan, vino y chocolate q. consten de aquellos; y al cocinero las de carne, jamon, gallinas, fideos, arroz, patatas, grasas y otros artículos que resulten procurando en todo la mayor claridad y exactitud[66].

Á hora do xantar, os enfermeiros recollían na cociña as táboas cos distintos alimentos que despois, xa na sala dormitorio que lles correspondía, serían distribuídos para constituír a ración de cada enfermo en función das prescricións facultativas (artigo 111). Mentres os practicantes marchaban comer ás súas casas, os enfermeiros, pola súa parte, como a súa alimentación non estaba incluída no xornal, pero tampouco estaban autorizados a saír do hospital, comerían alí o que algún familiar lles trouxera, podendo requentala, se fose inverno, no braseiro da sala. Despois deso, fregaba os pratos, cuncas, vasos e cubertos dos enfermos nun barreño con auga traída da cociña ou directamente da fonte de praza.

Despois do xantar iniciábase un período de relativa calma. Tan só na cociña, case sen solución de continuidade, e despois de fregar os potes e demais utensilios, debían iniciarse os preparativos da cea. Antes, os enfermeiros primeiro e as monxas desde que estas toman baixo a súa dirección o centro, dirixían en cada sala o rezo do rosario (artigo 161) e os practicantes facían as últimas curas do día (artigo 76).

A cea tiña lugar a unha hora temperá, as 5 no inverno e as 6 no verán (artigo 131), desenrolándose de maneira similar a como sucedera durante o xantar. Os enfermeiros subían os alimentos sen repartir e alí, no dormitorio, distribuíanse para constituír as distintas racións.

Concluída a cea e recollidas e fregados os cacharros, podía ter lugar a visita do médico que, de ter lugar, tería un carácter menos formal que a da mañá e da que se establece que "solo tiene por obgeto inquirir si hubo novedad, y si se egecutaron las disposiciones de la mañana" (artigo 140).

Rematado o día, iniciábanse os preparativos para pasar a noite. Coa posta do sol e a desaparición da luz natural, os enfermeiros acudían á cociña a prender na chama da lareira as lámpadas de aceite coas que se iluminaban as salas dormitorio. Ademais de prender as lámpadas, os enfermeiros tiñan o cometido de amañalas "cuidando de que no se apaguen y encendiéndolas de nuevo, si por cualquier causa dejasen de lucir" (artigo 117). O rigor e precisión do regulamento chegaba ó extremo de establecer as cantidades de aceite que se podían consumir en cada noite, determinando que no momento de facer a entrega dos alimentos na despensa, pola mañá, se entregaría tamén o aceite a cada enfermeiro a razón de catro onzas por lámpada no verán e cinco no inverno (artigo 7), tendo encomendado o administrador vixiar posteriormente "su inversión".

[66] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Varios de Beneficencia, Sig. 0502-00. Leg. 180. Reglamento p.ª la administracion interior del Hospital de San Bartolomé, con data de aprobación do 24 de marzo de 1854. Artigo nº 7.

A iluminación con lámpadas de aceite, a pesar do seu baixo rendemento lumínico e da pronta chegada de outros sistemas máis modernos, alimentados con derivados do petróleo, que proporcionaban maior luminosidade, continuou manténdose por bastante tempo, e así, nos inventarios de 1882, unicamente aparece inventariado un quinqué, nas estancias das monxas que xa rexentaban o hospital.

De como transcorrían as noites non hai moita información, pero todo parece indicar que non eran un remanso de paz e silencio como nun principio se puidera pensar. Tendo en conta o carácter colectivo dos dormitorios, con enfermos de todo tipo, o descanso por forza tiña que estar interrompido polas toses e lamentos dos enfermos doentes, as exclamacións dos delirantes e os estertores dos moribundos.

A monótona e repetitiva rutina diaria e a nula permeabilidade ás festas e acontecementos do exterior debían igualar os días e as estacións nunha ininterrompida sucesión de xornadas desprovistas de aliciente algún.

Non hai referencias de que, como que sucedía na Casa Municipal de Beneficencia, se elaboraran menús especiais de celebración das festas do Nadal, nin de ningún outro tipo de celebracións que puideran amenizar as estancias dos enfermos nesas ou outras datas. Unicamente hai noticia de que para celebrar o Nadal de 1878 se repartira unha gratificación dunha peseta a cada dos enfermos ingresados, tanto civís como militares[67].

A presenza de enfermos hospitalizados por longos períodos non debía ser infrecuente. Non obstante, a partir dos anos oitenta, xeneralízase a medida de trasladar os enfermos crónicos ou que tiveran doenzas ou lesións incurables á Casa Municipal de Beneficencia, co argumento economicista de "ser en ella menos costosas las estancias[68].

As defuncións non eran infrecuentes, como demostra incluso o feito de que no depósito de cadáveres houbera non un, senón dous cadaleitos de reserva. O lugar de enterramento, desde o traslado do Hospital ó convento de Santo Domingo, era o Cemiterio Xeral, fora do recinto amurallado.

Os enterros, loxicamente, tiñan un carácter moi austero, sen outros acompañantes que o enfermeiro que lle correspondía e o capelán, e neles levábanse a cabo responsos pola alma do falecido pagados con esmolas das persoas piadosas da cidade.

A condución dos cadáveres ó cemiterio desde o Hospital, atravesando o centro da cidade, contaba con certo rexeitamento social, especialmente por parte do *Diario de Lugo*, pouco partidario das manifestacións públicas de relixiosidade. A utilización da condución dos cadáveres como provocación por parte dos curas, en contra do xornal liberal aparece reflectida nalgunhas crónicas:

> Ayer hemos tenido el gusto de presenciar un espectáculo que diferentes veces censuramos sin conseguir otra cosa que perder el tiempo como ahora sucederá.
>
> Un cadaver que era conducido del Hospital al Cementerio, fué colocado en el suelo á pocos pasos de esta Redaccion, para que el señor cura rezase los responsos consabidos.

[67] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 8 de decembro de 1878.

[68] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 16 de outubro de 1886.

> Esta costumbre es impropia de una capital de provincia, y llamamos una vez más la atencion de la autoridad rogándole ponga coto á lo que no dudamos en calificar de abuso, y que sin duda creyendo mortificarnos lo cometen delante de nuestra misma puerta.[69]

Un ano máis tarde a confrontación mantíñase e a irritación do xornal tamén, co engadido de:

> Rogamos una y mil veces á las almas piadosas que ofrendan con los *dos cuartos* al sacerdote que conduce al cementerio los cadáveres procedentes del hospital, no exijan que los responsos, producto de la ofrenda, se echen en mitad de la calle; pues además de que esto, como tenemos dicho hasta la saciedad, es de muy mal efecto en medio de la via pública, parece como que arguye cierta desconfianza por parte del donante de que tal responso no se dirá si él no lo presencia, pues de lo contrario claro está que el cementerio es el lugar más apropósito para actos de esta naturaleza. Entréguense en hora buena los consabidos *dos cuartos* al sacerdote, que éste, cumpliendo como quien es, tendrá sumo cuidado de echar tantos responsos cuantos sean los ofrendantes, lo cual hará, sin duda, aunque solo lo presencie el sepulturero.[70]

5. A ALIMENTACIÓN E OS MEDIOS TERAPÉUTICOS

Separar a cuestión da alimentación do que ten que ver cos remedios terapéuticos aplicados no hospital, como puidera parecer lóxico, non é posible, porque aquela, ata case o final do período, estaba moi vinculada con estes, constituíndo os alimentos en moitos casos un remedio máis.

Tendo en conta esta dobre función dos alimentos, sería importante diferenciar tamén dous tipos de alimentación, unha de carácter básico e que tiña por obxecto a subsistencia, e outra, máis específica, que estaba orientada a curar ou axudar a curar.

A alimentación básica posiblemente non difería moito da que se daba na Casa Municipal de Beneficencia, con diferenzas non demasiado relevantes.

No caso do Hospital, e a diferenza do que sucedía coa Casa de Beneficencia, a Xunta Municipal de Beneficencia só cumpría co requisito formal de convocatoria da poxa de subministracións, no caso da carne de vaca e o pan, quedando o resto fora da convocatoria, polo que por esta vía a información que se pode obter é moi limitada. Unicamente se pode constatar que non se consumía, como na Casa de Bª, pan de centeo, e que o de trigo que se consumía era de dous tipos: do país, para o que se compraba o grao, e o de Castela, que xa viña moído, en forma de fariña. Tendo en conta que no Hospital non se chegou a instalar forno para cocelo, a súa elaboración corría a cargo dos panadeiros da cidade cos que que se contrataba, facéndolles entrega da materia prima.

O regulamento de 1854 dá importante información relacionada con este apartado, que permite facerse unha idea de cal era a situación non só ó inicio do período, senón tamén durante boa parte do mesmo.

A alimentación estaba organizada en torno ás tres comidas principais do día, almorzo, xantar e cea. O almorzo, que como xa se viu, tiña lugar ás sete da mañá no verán e ás oito no inverno, consistía nas sopas de pan de trigo abrandadas en auga quente e condimentadas con un refrito de graxa de porco con allo e pemento (artigo 124).

Para o xantar e a cea, un dos ingredientes era a carne de vaca que se incluía na poxa formal de alimentos que convocaba a Xunta Municipal de Beneficencia e que se cocía nun caldeiro (artigo 126).

---

[69] *Diario de Lugo*, nº 736, 18 de marzo 1879, p. 3.

[70] *Diario de Lugo*, nº 1087, 20 de maio de 1880, p. 3.

A alimentación, sobre todo a do xantar e a cea, non era uniforme para tódolos enfermos, senón que podía variar de uns a outros en función do indicado polo médico nas súas visitas. Para os enfermos que tiñan indicada a dieta, o mesmo que para todos aqueles que aínda non foran recoñecidos polo médico, preparábase na cociña, coa auga da cocedura da carne de vaca, o chamado "caldo de dietas". Noutros casos, ademais da carne cocida, podía ser receitado o xamón, galiña, fideos e arroz, aparecendo as patacas como parte da dieta básica (artigo 7).

Outro dos produtos alimenticios prescritos era o chocolate, que tiñan que elaborar non o cociñeiro, senón os enfermeiros no braseiro da sala dormitorio. Tamén podía ser receitado o viño, de cuxa distribución se encargaba o enfermeiro e para cuxo almacenamento existía unha cuba na despensa.

Durante un tempo, consumiuse chocolate elaborado na Casa Municipal de Bª, o que constituía unha pequena industria para obter fondos e ocupar ós acollidos, xa que na propia Casa non se consumía[71].

En canto ó viño, á hora de entender e xustificar a súa presenza entre os elementos da dieta hospitalaria, convén ter en conta que este era considerado non solo un importante nutriente senón tamén un produto saudable e terapéutico. Este carácter terapéutico forma parte do acerbo cultural galego senón do de todo o ámbito occidental xa desde época antigas, sendo por este motivo frecuente a súa aparición nos réximes alimentarios dos hospitais[72].

As graxas eran outro dos ingredientes básicos, e non aparecen indicios de que se utilizase aceite de oliva ata o final do período, en 1906, cando aparece documentada a compra de "aceite andaluz especial"[73].

Tampouco aparece documentado o consumo de ningún produto lácteo, leite ou queixo, ata esa mesma data, na que aparece anotado "leche de vaca" entre os produtos adquiridos. Nesta data, a gran mellora que supón a capacidade de oferta dos comerciantes da cidade, sobre todo polo importante cambio que supuxo a xeneralización do transporte de mercancías por ferrocarril e a melloría xeral do nivel e as condicións de vida, fai que tanto a variedade como a calidade dos produtos que se consumían no Hospital experimentaron unha mellora que se pode cualificar de espectacular. Non obstante, esta melloría na calidade e, sobre todo, na variedade non se aprecia no caso da Casa de Bª, para a que se seguen adquirindo os mesmo produtos alimenticios que ó inicio do período e incluso etapas anteriores. Isto fai pensar que, máis que por motivacións de tipo social, a mellora na alimentación puidera deberse a consideracións de tipo médico auspiciadas polos facultativos.

Os produtos e as cantidades anuais consumidas, xa maioritariamente medidos polo sistema métrico decimal, moito máis implantado nestas datas, eran os que se rexistran no seguinte cadro.

---

[71] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 21 de xuño de 1880.(p. 51)

[72] CASTRO PÉREZ, Xavier. Historia da dieta popular na sociedade galega. O viño como nutriente e axente terapéutico. En: FIDALGO SANTAMARIÑA, Xosé Antón e SIMAL GÁNDARA, Xesús Simal Eds. *Alimentación e cultura*. *Cuadernos do Laboratorio Ourensán de Antropoloxía social*, nº 3, Serie Cursos e Congresos, 1. Vigo: Universidade de Vigo. Concello de Celanova, 1993, pp. 61-63.

[73] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Contratos de alimentos para a Casa de Bª e Hospital. Sig.0558.

Cadro 1. Produtos alimenticios incluídos na poxa para a subministración de alimentos para o Hospital Municipal durante 1906

Artigos	**Unidade**	**Prezo da unidade para a poxa. Pesetas**	**Consumo calculado durante o ano. Litros/ kilogramos**	**Importe. Pesetas**
Vino tinto del Rivero	Litro	0,50	4000 litros	2000
Jerez seco	idem	2,10	64 litros	134,30
Aceite andaluz especial	idem	1,40	300 litros	420
Leche de vaca	idem	0,25	4000 litros	1000
Fideo rosca amarillo de 1.ª y sémola	Kilo	0,80	250 kilos	200
Arroz extra bomba	Idem	0,60	350 kilos	210
Cacao caracas corriente	idem	5,80	50 kilos	290
Azucar molido	idem	1,20	140 kilos	168
Garbanzos finos	idem	1,40	700 kilos	980
Pimiento dulce extra ó picante	idem	2,40	15 kilos	36
Sal molida ó gruesa	idem	0,15	1000 kilos	150
Jabon sevillano	idem	1,10	200 kilos	220
Gallinas	Idem	2,60	250 kilos	650
Bizcochos	idem	2,00	48 kilos	96
Jamon	Libra gallega (575 gr.)	1,10	202,4 kilos	387,20
Carbon galleta	Quintal (46 kilos)	2,50	2622 kilos	142,50
Carbon de encina	Arroba (11,50 kilos)	1,75	161 kilos	24,50
Almidon Remy	Caja de 400 g.s	0,40	15 cajas	6
Bujias de esperma	Paq.te de 460 g.s	1	10 paquetes	10
Mariposas grandes	Caja	0,50	15 cajas	7,50
Escobas y escobones	uno	0,25	15 escobas	3,75
Huevos	docena	0,90	200 docenas	180
			TOTAL	7315,75

Fonte. elaboración propia a partir dos datos contidos na convocatoria de poxa[74].

Non aparecen no listado as patacas, que se incluían na poxa conxunta que para a Casa de Bª e Hospital convocaba a Xunta Municipal de Bª.

Das racións de "pan, vino y chocolate" e de "carne, jamon, gallinas, fideos, arroz, patatas, grasas y otros", que con carácter terapéutico se recollían no regulamento de 1854, á ampla variedade de produtos que aparecen na convocatoria da poxa de 1906, obsérvase unha diferenza grande, que reflexa a evolución que a vida en xeral sufriu neses anos. Aínda que, como se dixo, posiblemente esta evolución tivera que ver fundamentalmente cos novos criterios médicos, a maior dispoñibilidade de produtos foráneos que a chegada do tren a Lugo supuxo, permitiría esta evolución que de outra maneira non sería posible.

En canto ós medios estritamente clínicos, distintos dos que tiñan que ver coa alimentación, aplicados no Hospital, a información é bastante limitada. Sábese que se practicaban amputacións por aparecer nos inventarios instrumental cirúrxico que tiña esa utilidade, pero non se describen intervencións de outro tipo, aínda que é de supoñer que si se practicasen. Non se conservan tampouco as facturas dos farmacéuticos que subministraban os produtos de botica e que poderían aportar valiosa información ó res-

[74] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Contratos de alimentos para a Casa de Bª e Hospital. Sig.0558 Convocatoria da poxa pública para a contratación da subministracións de alimentos para o ano 1906.

pecto. Os regulamentos de réxime interno aportan algunha información que axuda a recompoñer en parte esta cuestión.

No caso das amputacións é importante sinalar a importancia que tivo a introdución da dinamita para que se incrementaran de maneira importante. O *Diario de Lugo* comentaba en 1880 esta circunstancia:

> Son repetidos los casos en que por la accion de la dinamita quedan imposibilitados varios operarios, pues ya han ingresado cuatro de estas inmediaciones en el hospital municipal de tres años á la fecha, siendo indispensable practicar á todos ellos la amputacion por el tercio inferior del antebrazo, no acaeciendo por consecuencia de la operacion, contratiempo alguno y resultando los interesados completamente curados.
>
> El dia 3 del corriente se presentó otro caso, y fué necesario hacer al individuo la amputacion, que ejecutó con su habitual pericia el médico del establecimiento D. Pedro Ortiz, que practicára todas las anteriores, auxiliándole en esta última el inteligente facultativo D. José Dadin, médico de Sanidad Militar que actualmente se encuentra en esta ciudad en las operaciones de la quinte.[75]

Ademais das amputacións que practicaba o facultativo no depósito de cadáveres, practicábanse sangrías, que correspondía levar a cabo ós practicantes, así como apósitos, revulsivos que se aplicaban nas feridas ou afeccións cutáneas (artigo 70). Tamén se aplicaban samesugas e lavativas. O prezo das samesugas subministradas polo farmacéutico da cidade co que contrataba a subministración de tódolos produtos de botica aparece recollido nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia e era de 25 céntimos de peseta por unidade[76].

As limitacións de todo tipo, así como a falta de medidas de profilaxe e hixiene podían facer que os enfermos, se non morrían, saísen en condicións peores das que presentaban no momento do ingreso. Nos casos en que non se producía a curación senón que adquirían a condición de crónicos, ou quedaban impedidos, trasladábaselles á Casa Municipal de Beneficencia, onde resultaba máis barata a estancia. Nas actas da Xunta Municipal de Bª aparecen recollidos algúns destes casos:

> Por último el Sr. Presidente manifestó que en vista de una comunicacion del médico de Hospital, había admitido provisionalmente en la Casa de Beneficencia en catorce de Julio último á Carmen Castro natural de San Pedro de Soñar en este Distrito, que por consecuencia de una fiebre que tuvo en el Hospital, ha quedado completamente ciega; y la Junta acordó séa admitida definitivamente como acogida[77].

As estancias en dormitorios colectivos e a falta de profilaxe adecuada propiciaban os contaxios, que podían alcanzar proporcións epidémicas, como cando en 1885, diante da aparición de varios casos de varíola entre os ingresados, se autoriza a queima das súas roupas de cama para evitar a continuación da propagación[78].

---

[75] *Diario de Lugo* nº 1105, 11 de xuño de 1880, p. 2. O termo "quinte" vai referido á operación de revisión dos quintos no momento de ser medidos e declarados útiles para o exército.

[76] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 24 de outubro de 1882.

[77] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 19 de agosto de 1884.(p. 252)

[78] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 23 de abril de 1885.(p. 275)

6. A MORTALIDADE

O carácter benéfico que os hospitais tiñan neste momento orixinaba que a mortalidade fose moi elevada. O feito de que os seus internos fosen ingresados cando xa non tiñan capacidade para manter unha vida independente, cousa que sucedía en moitos casos cando alcanzaban unha idade avanzada, ou cando eran vítimas de accidentes ou enfermidades graves facía que fosen numerosos os que terminaban os seus días no establecemento.

Os libros de defuncións ofrecen información sobre o número de persoas que anualmente falecían despois de ingresar e antes de que puideran ser dados de alta.


Cadro 2. Falecidos anualmente no Hospital Municipal de Lugo no período 1875-1905

ANO	Nº DE FALECEMENTOS
1875	54
1876	63
1877	46
1878	42
1879	66
1880	65
1881	49
1882	38
1883	34
1884	30
1885	42
1886	29
1887	47
1888	41
1889	42
1890	54
1891	53
1892	34
1893	40
1894	39
1895	47
1896	59
1897	63
1898	51
1899	62
1900	41
1901	40
1902	33
1903	25
1904	42
1905	43
Total do período 1875-1905	1.414

Fonte: elaboración propia a partir dos datos dos libros de defuncións do Hospital Municipal de Lugo[79].

[79] Cadro elaborado cos datos dos libros de defuncións do Hospital Municipal de Lugo. ADPL. Libros de defuncións do Hospital Municipal de Lugo, Sig. 6902.

Gráfica 1. Número de falecementos rexistrados no Hospital Municipal de Lugo no período 1875-1905



Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos nos libros de defuncións do Hospital Municipal de Lugo[80].

Debido ó carácter limitado das fontes documentais con relación ó Hospital, non é fácil determinar con precisión as causas dos incrementos e diminucións do número de falecidos que se producen ó longo do tempo. A pesar desta circunstancia, hai un aspecto que se reflexa de maneira moi evidente na gráfica e na táboa no que ten que ver coas crises. Os efectos da crise de 1879-1880 reflíctese con un incremento do número de falecementos de máis do 50%. Este feito podería indicar a relación entre as circunstancias que afectaban á alimentación e a gravidade das patoloxías e o estado físico que presentaban os ingresados no Hospital.

7. O FUNCIONAMENTO REAL DO HOSPITAL

Da lectura e análise dos regulamentos de réxime interno poderíase inferir un máis que correcto funcionamento do Hospital Municipal, especialmente no que ten que ver coa organización e o control que de forma xerarquizada se exercía dos labores dos distintos implicados na súa xestión. A descrición minuciosa das obrigas de cada un dos traballadores e persoas vinculadas co establecemento garantirían que o funcionamento fose en todo momento correcto. Sen embargo, a realidade para nada coincidía con esta presunción. A situación era totalmente distinta. A mala calidade das instalacións nas que se viu obrigado a continuar instalado, despois da usurpación do edificio de San Marcos por parte da Deputación, a deficiente motivación dos seus traballadores a causa das pobres remuneracións que recibían, as malas condicións laborais de algúns deles e a limitación dos fondos destinados ó seu sostemento e funcionamento, orixinaron que o funcionamento do Hospital Municipal non fose o que debera nin o que a análise dos regulamentos puidera facer pensar.

[80] Representación gráfica elaborada cos datos dos libros de defuncións do Hospital Municipal de Lugo. ADPL. Libros de defuncións do Hospital Municipal de Lugo, Sig. 6902.

A baixa consideración social dos enfermos, moitos dos cales pertencían a sectores sociais marxinais, pouco proclives a adaptarse á disciplina da vida hospitalaria, derivaba en conflitos cos enfermeiros, que en ocasións non se resolvían polas vías adecuadas e dexeneraban incluso en enfrontamentos físicos, chegando a ser apartado do servizo algún enfermeiro por maltrato ós enfermos[81].

Tampouco no cumprimento das obrigacións relacionadas coa orden e a limpeza eran os enfermeiros cumpridores escrupulosos. Así, en lugar de baleirar os ouriñais de que facían uso os enfermos no retrete común, eran baleirados polas ventás no mesmo calello polo que se accedía ó edificio, facendo que xa o entorno dese unha mala imaxe das condicións nas que se vivía dentro. Na propia Xunta Municipal de Beneficencia intentouse en determinados momentos poñer coto a esta situación que danaba a imaxe do propio Hospital, xa non demasiado boa:

> Que notándose con disgusto y contra todas las reglas de higiene un depósito continuo de inmundicias debajo del arco que dá entrada á los antigüos almacenes de la sal, se proceda inmediatamente a la limpieza de aquel punto, no tolerándose en lo sucesivo, y quedando tambien prohibido el arrojar aguas ni materias inmundas por ninguna de las ventanas del edificio, imponiendose la multa de un dia de haber al depend.te del establecimiento que advertido como será inmediatamente por el Admor. reincida en esta falta[82].

Tampouco os practicantes eran rigorosos no cumprimento das súas obrigacións, e nin sequera respectaban o establecido nos regulamentos en algunhas cuestións. Así, a obrigatoriedade de que sempre houbera un deles de garda polas noites e durante o tempo no que os demais estiveran ausentes, non se cumpría, permanecendo o hospital con frecuencia totalmente desasistido, chegando este tipo de irregularidades ó seo da Xunta Municipal de Beneficencia e aparecendo reflectidas incluso nas súas actas:

> Se acordo manifestar al Sr. Admor. Del Hospital, que estando previsto en el reglamento que uno de los practicantes permanezca continuamente en el establecimiento sin que pueda salir de él de día ni de noche cuando le corresponda el servicio de guardia, exija bajo su responsabilidad el exacto cumplimiento de esta disposicion en lo sucesivo[83].

A actitude dos traballadores, de pouco celo e interese, puidera estar motivada en parte pola baixa remuneración económica que recibían polo seu traballo e o pouco rigor profesional dos que exercían os labores de control e dirección. Así, vese como en 1879, diante da escaseza de recursos económicos, en lugar de recortar outros partidas económicas, óptase pola rebaixa dos soldos dos traballadores, iso si, evitando o cese dos que puideran ser prescindibles:

> El Sr. Presidente hizo presente á la Junta la precaria situacion de los fondos con que hoy cuenta el Hospital con el motivo de no existir en la actualidad casi ningun enfermo de pago, y que en atención á ello creia ser innecesario el numero de empleados que hoy habia, todo lo que ponia á deliberación de la Junta: esta despues de algunas consideraciones sobre el asunto, y teniendo presente la carestia de todos los artículos y que con la supresion de algunos empleados se dejaba desamparadas a sus familias, acuerdan que desde 1º de Enero proximo se les rebaje á todos ellos respectivamente el 20 por % sobre los haberes que hoy disfrutan sin perjuicio de volver á percibirlos por completo cuando las necesidades del Establecimiento lo exijan; acordando asi

[81] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 8 de abril de 1878.

[82] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 4 de decembro de 1881.

[83] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 4 de decembro de 1881.

> bien que desde dicho dia cese el aguador en el percibo de la ración y gratificacion de un real diario que venia disfrutando, quedando este servicio a cargo de los enfermeros.[84]

A medida da rebaixa de soldos transcendeu á prensa con retraso, como feito consumado, e co argumento do descenso do volume de traballo como causa da medida:

> Tambien se nos ha informado que la Junta municipal de beneficencia, atendiendo el escaso número de enfermos que actualmente se encuentra en el Hospital, habia acordado rebajar el 20 por 100 á los sueldos que disfrutan los empleados de dicho asilo. Sí esto es exacto, satisfactorio es sin duda el móvil que impulsó á tomar el citado acuerdo, por más que deploremos la rebaja impuesta á sueldos de suyo exigüos, y mucho más en las actuales circunstancias.[85]

O carácter desmotivador da medida para aqueles ós cales se aplica a rebaixa de salarios é evidente, e a súa consideración como uns "beneficiados" máis da institución ós cales non se dá de baixa por compaixón cara as súas familias, cousa que por outra parte sucedía, moi posiblemente, co resto dos empregados do Concello, non estimulaba en absoluto a profesionalización e o esmero no traballo.

O descontento dos enfermos, tendo en conta todas estas circunstancias, é facilmente presumible, pero tamén hai probas documentais do mesmo. En 1882 danse instrucións desde a Xunta Municipal de Bª ó médico municipal para que pase visita na Casa de Beneficencia coa finalidade de atender ós acollidos que enfermaran, en lugar de ingresalos no Hospital "por convenir así a los intereses morales de los acogidos en aquel establecimiento, y en atencion a los escasos fondos con que cuenta éste"[86].Recoñécese deste xeito que estaban mellor atendidos, aínda estando enfermos, na Casa de Bª que no Hospital.

O descontento e insatisfacción debían de ser xeneralizados en todo o establecemento, tanto entre os empregados como entre os enfermos. O recoñecemento por parte da Xunta Municipal de Beneficencia de que era preferible que permaneceran atendidos na Casa de Beneficencia os acollidos que enfermaran, a que fosen ingresados no Hospital polas peores condicións que ofrecía a vida nel, é bastante ilustrativo de esta circunstancia.

8. A ENTREGA DOS ESTABLECEMENTOS BENÉFICOS ÁS MONXAS DA ORDE DAS "HIJAS DE LA CARIDAD DE SAN VICENTE DE PAUL"

Desde o Concello e baixo a alcaldía do conservador José Castro Freire, inícianse en determinado momento as xestións orientadas a conseguir que os distintos establecementos existentes na cidade pasen a ser dirixidos, como xa se fixera noutras cidades, seguindo unha tendencia moi común neses anos, polas monxas da orde das "Hijas de la Caridad de San Vicente de Paul", máis coñecidas polo nome de "Hermanas de la Caridad", orde que se especializara na administración de centros benéficos de todo tipo, hospitais, casas de beneficencia, de maternidade e de expósitos. Os distintos poderes oficiais favorecían de maneira moi importante a entrega dos centros benéficos á orde

[84] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 15 de decembro de 1879.

[85] *Diario de Lugo* nº 1017, 25 de febreiro 1880, p.3.

[86] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 23 de marzo de 1882.

relixiosa polas distintas administracións, centrais, locais e provinciais[87], que, ó mesmo tempo, lles liberaba de ter que preocuparse dunha parcela administrativa sobre a que non tiñan ningún interese real.

De ese primeiro intento, levado a cabo por iniciativa do propio alcalde, sen participación do resto dos membros da Xunta Municipal de Beneficencia, non se coñece a data exacta,pero si algúns pormenores a través do que el mesmo manifesta en 1877:

> Y por ultimo el Sr. Presidente manifestó á la Junta que antes de ahora se habia proyectado fuese servida la casa de Beneficencia por hermanas de la Caridad, y como no se llevase á cabo esta determinacion por falta de recursos la volvia á suscitar de nuebo en union de otros dos Sres. Vocales de la actual Junta;(...)[88].

Existe pois a constatación dun primeiro intento de entrega da Casa de Beneficencia ás monxas e a aclaración do seu fracaso inicial, que non era outro que a imposibilidade de que a Xunta de Bª puidese afrontar o custe económico que esa operación levaba consigo. Tampouco o alcalde parecía disposto a que o Concello aportase fondos para afrontar o proxecto.

A entrega dos establecementos benéficos da cidade ás monxas non se levou a cabo de forma conxunta e simultánea. O custe financeiro da operación, que como se irá vendo non era desinteresada nin gratuíta por parte das monxas, non permitía que a Xunta Municipal de Bª, cos seus propios recursos económicos, puidera levala a cabo, en tanto que o Concello, promotor da iniciativa a través do seu alcalde, tampouco estaba disposto a comprometer os seus fondos na operación.

Debido a este impedimento de tipo financeiro, a cesión levouse a cabo en varias pasos. Primeiramente faise a entrega da Casa de Beneficencia, que tamén tivo varias fases, con posterioridade, cando xa estaba consolidada a Casa de Beneficencia na súa nova situación e os recursos económicos o permitiron, levouse a cabo a entrega do Hospital. Finalmente, o proxecto era que tamén a Casa de Maternidade e Expósitos, de carácter provincial, seguise o mesmo camiño, pero a súa dependencia, non do Concello, senón da Deputación complicou o proxecto.

8.1. As monxas na Casa Municipal de Beneficencia

Despois das xestións inicialmente levadas a cabo e que non frutificaron por imposibilidades económicas, o alcalde Castro Freire leva a cabo un segundo intento entrevistándose coa rexente xeral da orde en Madrid en 1878. A proposta formal para a súa aprobación na Xunta Municipal de Beneficencia ten lugar na sesión do 8 de decembro dese ano, tomando como base do concerto o contrato modelo que a orde viña establecendo cos distintos concellos e deputacións cos que chegaban a este tipo de acordos para rexentar centros benéficos[89]. A aceptación das condicións é total e non se alega ningún inconveniente por parte da ningún membro da Xunta que puidera recollerse nas

[87] HERNÁNDEZ FIGUEIREDO, José Ramón. *Las Hijas de la Caridad en Ourense. Beneficencia y enseñanza (siglos XIX y XX)*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2007, pp. 69-70.

[88] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 8 de decembro de 1878.

[89] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 8 de decembro de 1878. Articulos generales bajo los cuales se establecen las Hijas de la Caridad en los Establecimientos de Beneficencia. Apéndice documental nº 4.

actas correspondentes, quedando o alcalde formalmente autorizado para firmar o contrato co director da orde, Mariano Joaquin Maller, a primeiros de 1879[90].

O primeiro problema que debe afrontarse para levar a cabo a entrega é o que se deriva da falta de espazo. O antigo convento de San Francisco alberga xa a demasiados establecementos. Ademais da Casa de Beneficencia estaban instaladas alí a Casa de Maternidade e Expósitos e as escolas públicas de nenos. As monxas, ó igual que fixeran noutros lugares onde se instalaran, reclaman dependencias separadas para o seu único desfrute, e iso obriga a formular a necesidade de trasladar a Casa de Maternidade e Expósitos fora do recinto conventual para deixar libres as súas estancias coa finalidade de que se instalen nelas as monxas. As negociacións coa Deputación, de quen dependía a Casa de Maternidade e Expósitos, obrigan a asumir o compromiso da Xunta Municipal de Beneficencia de aboar os gastos do aluguer do local a onde se trasladen[91].

Aínda que a intención inicial é a de que o número de monxas que se van a encargar de dirixir a casa sexa de "ocho por lo menos", acórdase que a fundación inicial "se componga por ahora de cuatro Hermanas en atencion a que en la actualidad no es posible que los superiores concedan mas". O éxito que está obtendo a orde na consecución de contratos para rexentar establecementos benéficos impídelle contar coas monxas suficientes para facerse cargo da Casa de Beneficencia de Lugo.

O día 18 de marzo de 1879 chegan a Lugo as catro primeiras monxas, entre as que ven a que vai ser xa a superiora, Sor María Egües, a quen se lle fai entrega formal nese mesmo día do centro, nomeándoa administradora e cesando no cargo o anterior administrador, D. Antonio Tato, que o era tamén, ademais de capelán, no Hospital Municipal e na Casa de Maternidade e Expósitos[92]. Tamén cesa no posto neste mesmo momento a mestra da escola de nenas, sen que conste de maneira clara se a súa praza pasa a desempenala algunha das monxas que se incorporan, aínda que a coincidencia temporal así o parece indicar[93].

Para oficializar a renovación que se ia levar a cabo e darlle relevancia na cidade, celébrase uns días despois unha misa solemne na igrexa parroquial de Santiago (A Nova) con sermón do cóengo maxistral da catedral, á que son invitadas as autoridades locais e provinciais[94].

No mes de decembro e para axudar provisionalmente, en tanto non se complete a dotación definitiva, chega outra monxa, para o que se acorda que "interin no sea trasladada á otro punto, se le abone el mismo haber y gratificacion que á las cuatro restantes"[95].

---

[90] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696, Acta da reunión celebrada o día 10 de marzo de 1879.

[91] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas o días 24 de febreiro e 3 de marzo de 1879.

[92] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1146-2. A súa firma aparece nos libros da Casa de Maternidade e Expósitos desas datas como administrados capelán.

[93] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta das reunión celebrada o día 31 de marzo de 1879.

[94] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 18 de marzo de 1879.

[95] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 17 de xaneiro de 1880.

A finais de 1880 incorpórase á casa unha nova monxa que ven encomendada coa tarefa xa predeterminada de facerse cargo como mestra da escola de párvulos que vai empezar a funcionar na Casa de Beneficencia. Na sesión do 6 de decembro acórdase dar o máximo relevo social e repercusión pública ó acto de inauguración na que a presenza das monxas se asocia coa mellora que supón a nova escola:

> Habiendo manifestado el Sr. Presidente que yá se hallaba en la Casa de Beneficencia la Hermana de la Caridad que había de regentar la escuela de párvulos, y se estaba por lo tanto en el caso de señalar el dia de la inauguracion y apertura de la misma; la Junta acordó que este acto tenga lugar el domingo 19. del corriente, y que para su mayor magnificencia se celebre una Misa Solemne en la Iglesia de S. Francisco, invitando al efecto al Exmo. é Iltmo. Sr. Obispo, Iltmo. Sr. Gobernador Civil y Secretario, Exmo. Sr. Brigadier Gobernador Militar, Excima. Diputacion Prov.[1], Exmo. Ayuntamiento, Sr. Director del Instituto, Sr. Rector del Seminario, Iltmo. Sr. Dean y Cabildo, Junta de Instruccion primaria, Sres. Curas párrocos de la Capital, Director del,,Diario de Lugo", Director del,,Buscapié", Director de la escuela Normal, Maestro interino de la escuela de niños y Maestra de la escuela de niñas.[96]

Os gastos que orixina a instalación aínda incompleta das catro primeiras monxas, incluídos os custes da viaxe, os 1000 reais por cada unha delas, chamados de primeira fundación, a misa solemne e demais, ascenden á cantidade de 16. 440 reais e 59 céntimos. Os das outras dúas monxas incorporadas máis tarde, suman as 450 pesetas. O custo total en pesetas alcanza as 4.560 pesetas e 14 céntimos. O presuposto de gastos da Casa Municipal de Beneficencia para o ano económico de 1879-80 era de 35.182,75 pesetas[97].

Sobre cando se completou a dotación definitiva, complementada coas novas incorporacións á dotación inicial, non hai data documentada. Sábese, iso si, que esta foi finalmente de nove, incluída a superiora, xa que así aparece recollido no censo de poboación de 1897[98].

Aínda que o baixo coñecemento que existía a nivel público sobre o labor que realizaban as monxas da orde das "Hijas de la Caridad de San Vicente de Paul" nos establecementos benéficos, facía pensar que este tiña un carácter desinteresado, non percibindo compensación económica polo seu traballo, isto no era así na realidade. Os contratos establecían que pola incorporación de cada unha das monxas a ditos establecemento, a orde recibía unha cantidade de 1000 reais en concepto do que se denominaba "gastos de primera fundación".

En concepto de alimentación, o artigo 18 dos contratos establecía que cada unha das monxas percibiría 1,25 pesetas diarias (37,50 pts. ó mes), podendo establecerse como opción que a fixesen a conta dos alimentos da despensa, collendo para elo "lo que necesitare segun su prudencia sin llevar cuenta separada poniendo los gefes su confianza en su delicadeza y rectitud", non tendo, polo tanto, que limitarse á pobre alimentación dos acollidos e cociñando e facendo as comidas nas súas dependencias separadas.

O artigo 17 do mesmo contrato tamén establecía que a superiora percibiría "por meses o trimestres adelantados" a cantidade de 10 pesetas mensuais por monxa, en concepto de "vestido, calzado y demas gastos particulares", "de cuya inversión no dara cuenta la Superiora a otro que al Director General de la Congregación".

---

[96] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 6 de decembro de 1880.

[97] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 18 de xuño de 1879.

[98] AHPL, Concello de Lugo, Censos e padróns, Censo de 1897, Sig. L 0648

Todas estas contraprestacións constituían unha remuneración importante, sobre todo se temos en conta que os enfermeiros do Hospital, por exemplo, percibían nesa época e ata 1882, unha peseta diaria (30 pts. mensuais) sen dereito a alimentación. A todo isto habería que engadir e ter en conta que, ademais, as monxas percibían unha pensión do Estado en función do que estipulaba o concordato de 1851, e que non deixaran de percibir as ordes relixiosas incluso durante o período da I República[99].

Tiñan, ademais de todo isto, dereito a recibir asistencia médica privada, costeando a Casa de Beneficencia cos seus presupostos as medicinas que precisasen, "y aun los baños y aguas minerales que fuesen necesarios para su restablecimiento" (artigo 19). Se a enfermidade deixara impedida a algunha delas para realizar as súas funcións, "estará obligado este (o establecemento) á su manutencion á un cuando se enviare a otra util para desempeñar las obligaciones contraídas" (artigo 11). No caso de falecemento, a casa corría tamén cos gastos do enterro, "que se hará con la decencia correspondiente, celebrándose el oficio de sepultura y una misa cantada y dos rezadas en sufragio de la difunta" (artigo 20). O costo deste tipo de enterros, marcadamente suntuosos, podía acadar sumas importantes. Así, o celebrado en 1892, con motivo da morte dunha destas monxas instaladas na Casa de Bª, tivo un costo para a mesma de 182 pesetas[100], ó que había que engadir os gastos de viaxe da que posteriormente viñera a substituíla.

Desde o momento mesmo da firma do acordo entre o alcalde e as monxas, a capacidade de xestión e decisión da Xunta Municipal de Beneficencia na Casa de Beneficencia primeiro e no Hospital Municipal despois, vese moi diminuída. A dependencia delas con respecto á autoridade dos órganos do Concello é moito menor da que con anterioridade tiñan os administradores capeláns. Nin sequera o nomeamento da que desempeñaría as funcións de directora do centro corresponde ó Concello, reservándose esa potestade o director da congregación, quen se reserva ademais a capacidade de relevalas cando o considere necesario sen render contas a ninguén (artigo 2).

A superiora goza de total autonomía para asignar ó resto das monxas "los empleos que estas hubiesen de desempeñar en el Establecimiento", podendo cambialas segundo o seu criterio, e sen que elas teñan que render contas a ninguén que non sexa ela (artigo 5).

Tamén se establece contractualmente que tódolos empregados e traballadores do establecemento pasan a depender unicamente da superiora, quedando exceptuados só o capelán e, no caso dos hospitais, o médico (artigo 9).

Como se pode ver, non se trata da entrada das monxas a colaborar e aportar o seu traballo para un mellor funcionamento, senón que se trata dunha entrega do establecemento para que o administren baixo o seu único criterio. O Concello, a través da Xunta Municipal de Beneficencia, fai entrega tamén dos medios económicos, pero perdendo boa parte do poder de decisión e xestión destes.

A meticulosidade das monxas en todo aquilo que afecta á imaxe da súa autoridade e independencia do poder municipal chega ó punto de matizar cuestións moi concretas:

[99] CALLAHAN, William J. *La iglesia católica en España (1875-2002)*. Barcelona: Crítica, 2003, p. 32.

[100] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 8 de abril de 1892.

> Si por cualquier defecto fuese preciso avisar o reconvenir á alguna hermana lo comunicarán a la Superiora para que de el aviso por si misma, mas si el aviso se dirigiera a esta (lo) deberan hacer los Gefes y nunca en presencia de las Hermanas ni de la familia (artigo 7).

Establécese tamén, e neste mesmo sentido, que as dependencias das monxas deberán estar separadas do resto do establecemento, con portas cuxas chaves terán unicamente elas "sin que nadie pueda alegar derecho para entrar", (artigo 14). O costo de habilitar, reformar e amoblar estas dependencias corren a conta tamén da Xunta Municipal de Beneficencia. Esta cláusula, pola que era necesario habilitar estancias independentes dentro da Casa de Beneficencia, que non existían previamente e para as que non había espazo dispoñible, obriga a establecer un contrato coa Deputación, polo que esta accedía a trasladar a Casa de Maternidade e Expósitos e deixar o seu espazo libre a cambio de que a Xunta de Bª abonase o costo do arrendamento de outras estancias en outro lugar e os gastos de acondicionamento precisos nesta nova instalación.

O custo do traslado da Casa de Maternidade e Expósitos incrementouse máis do previsto por varios motivos. Inicialmente, a Xunta Municipal de Bª faríase cargo dos custos do aluguer da nova instalación mentres non se construía un novo edificio por parte da Deputación. O edificio non se construíu e os abonos polo aluguer prolongáronse no tempo. O traslado tivo para a Xunta Municipal de Bª un costo de 200 pesetas polo traslado do torno e de 900 anuais polo aluguer durante un período documentado que desde 1877 chega como mínimo ata o ano 1892[101].

A autoridade da superiora, unha vez levada a cabo a entrega do establecemento, non se limita ós aspectos organizativos, senón que, coa aquiescencia do alcalde e demais membros da Xunta Municipal de Beneficencia, supera o establecido no contrato e chega practicamente a tódolos ámbitos. A Xunta de Bª delega na superiora das monxas a toma de decisión sobre a admisión de internos:

> Vista una instancia de Domingo Prieto pobre e impedido vecino de esta Ciudad, pidiendo el ingreso en la Casa de Beneficencia, se acordó remitirla á informe de la Sra. Superiora del establecimiento, para que manifieste si hay local para él en la Casa, y lo demás que se le ofrezca y parezca acerca de sus antecedentes, siguiéndose esta práctica á lo sucesivo.[102]

Tamén na xestión das que puideran considerarse adopcións, aínda que non hai constancia de que se fixesen baixo documento notarial, os informes da superiora pasan a ter carácter definitivo para que a Xunta os aprobe, o que na practica significa poñer nas súas mans o poder de decisión[103].

A xestión levada a a cabo polas monxas na Casa de Beneficencia foi valorada moi positivamente nun primeiro momento pola prensa local. As inversións levadas a cabo para mellorar aspectos materiais do establecemento, así como a presión exercida sobre os traballadores para que cumprisen con maior rigor coas súas obrigas, melloraron a imaxe externa da Casa:

> Apenas hace cinco meses que las Hermanas de la Caridad se hallan al frente de la Casa de Beneficencia de esta Capital, cuando ya aquella se ha transformado completamente: el órden

[101] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas os días: 7 de xaneiro de 1877, 15 de decembro de 1879, 31 de agosto de 1880, 6 de decembro de 1880, 10 de maio de 1880, 8 de abril de 1884, 28 de xuño de 1886, 30 de maio de 1888 e 8 de abril de 1892.

[102] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 3 de novembro de 1883.

[103] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 21 de decembro de 1883.

> más perfecto reina en dicho asilo, y apesar del deplorable estado en que se encuentran sus departamentos, el mayor aseo y limpieza se advierte en ellos: los alimentos ha mejorado de un modo notable y en todos los asilados se nota tal compostura que desde luego revelan la inteligencia que los preside, llegando estos a bendecir la mano bienhechora que en medio de su desgracia ha venido á endulzar su existencia.
>
> De sentir es que las condiciones del local así como los medios de subsistencia con que cuenta dicho establecimiento no correspondan á los esfuerzos que se emplean en mejorarlo; de todos modos nos complacemos en reconocer su estado de mejoramiento y que no dudamos será progresivo atendiendo el celo que para conseguirlo despliega el digno presidente de la Junta de Beneficencia, el cual no omite medio á fin de colocarlo á la altura en que se encuentran los de otras poblaciones.
>
> Sabemos por de pronto que se trata de aumentar el número de camas, en vista del creciente número de solicitudes que hay para ingresar en dicho asilo: tal es el estado de probreza que se advierte en la poblacion; así es que en ninguna ocasion como la presente se hace tan necesario que las personas caritativas ejerzan su benéfica influencia en pró de este establecimiento, contribuyendo con su pequeño óbolo á aliviarlo de la penosa carga que actualmente le abruma, en lo cual hallarán seguramente profunda gratitud, no tan solo por parte de los séres desgraciados que en él buscan su refugio, sino de todas aquellas personas que con incansable afan procuran un lenitivo á sus dolores.[104]

O poder e capacidade de decisión postos en mans das monxas polo Concello foi exercido por estas desde o primeiro momento con decisión e sen demasiados miramentos. As expulsións de acollidos, das que non hai constancia en épocas anteriores, comezan a ser relativamente frecuentes. En 1883 expúlsase ós menores José e Jesús López, fillos naturais de Antonia, veciña da cidade, por ser uns indisciplinados e faltar súa mai ó respecto ás monxas e ós mestres de taller[105], e cos mesmos argumentos tamén, uns meses máis tarde e por motivos similares ó tamén menor Ángel González, autorizando os restantes membros da Xunta para que, atendendo as decisións da superiora, o alcalde "en lo sucesivo obrase con el mismo rigor cuando lo creyese conveniente"[106]. A autoridade e capacidade da superiora das monxas en este ámbito contaba coa cobertura total e incondicional da Xunta Municipal de Beneficencia e o alcalde.

A actitude estrita e ríxida das monxas no goberno da casa orixinou malestar entre os acollidos, que en ocasións se fai patente na aparición de conflitos de todo tipo, que incluso, nalgún caso, transcenderon á prensa local en forma de polémica xornalística. En 1886, salta ós xornais o conflito existente entre as monxas e algúns acollidos, que dexenera en polémica entre os dous xornais locais existentes nese momento na cidade. *El Regional*, denunciaba os problemas que eran xa de dominio público na cidade, dando incluso o nome de algunha das monxas ás que se acusaba de excesivamente estrita e conflitiva:

> Hay censuras que formulamos con mucho disgusto, por la índole de los asuntos y el carácter de las personas á quienes tenemos que dirigirnos; y esto nos sucede hoy.
>
> Se nos dice que los acogidos de la Casa de Beneficencia no son objeto de los buenos tratos que merecen por parte de alguna de las Hermanas que tienen á su cargo el cuidado de dicho establecimiento. Desde que la aludida está en él, hará cosa de unos dos años, ha sido causa de que se saliesen de la Casa más de veinte asilados.
>
> Sobre este asunto llamamos la atencion de la junta de Beneficencia para que haga las averiguaciones necesarias en las cuales mucho puede ilustrarla la Hermana Pilar Garcia.[107]

---

[104] *Diario de Lugo*, nº 846, 30 de xullo 1879, p.3.

[105] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 20 de xuño de 1883.

[106] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 19 de setembro de 1883.

[107] *El Regional*, nº 785, 4 de outubro de 1886, p. 1.

El Eco de Galicia, de tendencia conservadora, terza na polémica días máis tarde defendendo a actuación das monxas e culpando ós internos do conflito:

> Dos veces ha llamado la atención del público El Regional respecto del trato no muy amable que, según el colega ó quien le comunica las noticias, reciben los acogidos en la casa de Beneficencia por parte de las dignas Hermanas de la Caridad.
>
> Grave es el cargo que se hace á estas respetables señoras, á quienes la dulce y divina Religión Católica encomienda el oficio de madres de los desgraciados rechazados por la suya, para que le demos crédito sin tener otros datos en que apoyarnos.
>
> Asi es que prometemos al colega enterarnos para poder hablar despues con más conocimiento de causa. Para fallar un pleito debe oirse á las dos partes, porque también se nos ha dicho que esos acogidos se encuentran de algún tiempo á esta parte en un estado de insubordinación tal, que hasta insultan á las hermanas, instigados acaso por gentes que no son de la casa. Y si esto es cierto, ya comprenderá el colega con cuanta razón obrarán las Madres con los que son sus inferiores y debieran ser además agradecidos.[108]

8.2. As monxas no Hospital

Se ben en 1881 aínda non estaba completada a dotación das monxas previstas para a Casa Municipal de Beneficencia, que seguía sendo de cinco máis unha provisional, inícianse os trámites para formalizar, co mesmo formato contractual, a entrega do Hospital[109].

O día 21 de marzo de 1882 saen de Madrid as catro primeiras monxas da dotación definitiva prevista de cinco, entre as que xa viña nomeada a que desempenaría o cargo de superiora e polo tanto nova administradora do Hospital[110]. Dous días máis tarde da chegada, o 25, celébrase na igrexa de Santiago A Nova, como xa se fixera no caso da Casa de Beneficencia, a misa solemne que formalizaba o traspaso, e elabóranse os inventarios de efectos[111].

O costo da viaxe das catro monxas supón un gasto de 344,75 pts., ó que se suman as 125 de primeira fundación por cada unha, que en total significa uns gastos de 844,75 pts.[112] O da misa solemne, 98,75 pts., os mobles para as novas dependencias que pasan a ocupar, 510 pts.[113] e a instalación do oratorio 244 pts.[114]. En total os gastos da instalación das catro primeiras monxas suman as 1.598, 75 pesetas, sen contar os gastos das obras para acondicionar as dependencias privadas. Os gastos da quinta monxa, que se incorpora máis tarde, supoñen 211,18 pesetas, 125 do concepto de primeira fundación que cobrara a orde e 86,18 pts do viaxe.

---

[108] *El Eco de Galicia*, nº 152, 30 de outubro de 1886.

[109] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 24 de outubro de 1881.

[110] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 23 de marzo de 1882.

[111] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 3 de abril de 1882.

[112] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 10 de maio de 1882.

[113] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 30 de decembro de 1882.

[114] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 14 de xullo de 1882. (p. 128)

A chegada das monxas supón unha reestruturación no apartado dos postos de traballo dos empregados e demais persoal do Hospital, tendo en conta que elas asumen algúns destes cargos e postos de traballo. Suprímese o cargo de administrador, que pasa a ocupar a superiora coa denominación de rectora, quedando este unicamente coa función de capelán. Suprímense tamén as prazas de cociñeiro e enfermeira da sala de mulleres.

Algúns dos postos que permanecen, como os dos dous practicantes, dous enfermeiros e o porteiro pasan a ter carácter interino, posiblemente con intención de ser tamén substituídos algúns deles polas monxas máis adiante e someter á nova autoridade da superiora ós restantes mediante o carácter precario da súa nova situación laboral.

Tamén se suprime o posto de contralor, que coas súas funcións de intervención e supervisión garantía que as contas e os gastos se ativeran ó establecido, evitando que se produciran malversacións.

O 10 de xullo de 1882 chega a Lugo a monxa que faltaba para completar a dotación prevista de cinco, incluída a superiora[115], e iniciase outra fase na reestruturación dos postos de traballo.

Coa intención de desfacerse do porteiro, que gozaba de vivenda no propio Hospital, obrígaselle a desaloxar esta e alugar unha fora do establecemento. Como queira que parte da súa remuneración consistía precisamente nesta dispoñibilidade, fai unha solicitude por escrito á Xunta Municipal de Beneficencia para que, tendo en conta o precario da súa nova situación, se lle recompense economicamente da perda:

> Vista una solicitud de Pedro Lepina portero del Hospital haciendo presente á la Junta que en virtud de órdenes superiores tubiera que desalojar el local que ocupa en el establecimiento su familia habiendo alquilado habitacion para la misma con cuyo motivo su sueldo sufría una baja de un real diario, y suplicando que en atencion á todo esto y teniendo presente los servicios que viene prestando en el establecimiento se le remunerase de la manera que se creyese más conveniente, á fin de poder atender á las necesidades más indispensables de la vida: La Junta en su vista acordó facultar á la Sra, Superiora del Hospital para que en los dias que haga algún trabajo extraordinario en el establecimiento le dé una gratificacion de un real á contar desde 1ºde Julio último, cuyo importe cargará mensualmente en sus cuentas y concepto de Reparación de fincas[116].

A negativa da superiora e a Xunta de Bª, que ratifica en todo as súas decisións, de compensar a perda da vivenda de que dispoñía no Hospital, obriga ó porteiro a buscar outro traballo que lle permita vivir máis dignamente e renunciar á praza de porteiro, recolléndose así na acta da seguinte reunión da Xunta de Bª:

> La Junta tambien quedó enterada de que el portero del Hospital había hecho renuncia de su destino y de que las Hermanas de la Caridad que se hallan al frente del establecimiento han manifestado al Sr, Presidente no era necesaria la provision de esta plaza, por lo que por ahora se declaró suprimida[117].

Como se pode observar, polo proceso seguido, a premeditación para desfacerse do porteiro por parte das monxas parece evidente. Tamén sorprende o cambio de actitu-

[115] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 14 de agosto de 1882.

[116] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 14 de agosto de 1882.

[117] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 24 de outubro de 1882.

de da Xunta de Beneficencia co porteiro, a quen anos antes recoñecía os seus méritos laborais e axudaba economicamente nos seus estudos de mestre de escola:

> Se dió cuenta de una solicitud de Pedro Rodriguez Lepina portero del Hospital municipal, esponiendo que a pesar del sueldo insignificante que disfruta y con el cual atiende á la subsistencia de su madre y hermanos, pudo á costa de grandes sacrificios seguir la carrera de maestro de primera enseñanza en la escuela normal de esta Provincia; que en la actualidad la tiene terminada y no puede obtener el titulo por falta de recursos, por lo que se ve obligado á recurrir á la beneficencia de la Junta en súplica de que se le conceda la cantidad que le es indispensable para el objeto indicado.- Abierta discusion á tenor de la misma, como por ningun Sr. fuese impugnada, la Junta, considerando el estado de pobreza en que se halla el esponente, teniendo presente el buen comportamiento observado por el mismo en el desempeño de su destino; que es cierto que se halla sosteniendo á su madre y hermanos, y que los derechos de espedicion del título ascienden á la suma de noventa y una pesetas setenta y cinco céntimos, acordó espedir libramiento por esta cantidad á favor del Sr. D.[n] Juan Peinó Secretario de la escuela normal de maestros de esta Prov.[a], con cargo al capitulo 11.-Imprevistos de presupuesto de la Casa de Beneficencia[118].

Outros traballadores que sufriron as consecuencias das remodelacións levadas a cabo despois da chegada das monxas ó Hospital foron os enfermeiros. Ademais da supresión da praza da enfermeira que atendía a sala de mulleres, xa no primeiro momento da chegada das monxas, dos dous enfermeiros que quedan atendendo as dúas salas de homes, a de San Bartolomé e a de San Juan, despídese a un deles, "desempeñando todo el trabajo José Torres", concedéndolle, mentres siga facendo el só o traballo dos dous, un incremento de soldo de 25 céntimos por día[119]. A recuperación deste segunda praza de enfermeiro non se leva a cabo, e en 1884 procédese á súa supresión definitiva de forma oficial[120].

Observando todo o proceso da reestruturación laboral levada a cabo, todo parece indicar que o incremento de gastos que representa o pago das remuneracións mensuais das monxas, se intenta compensar en parte recortando o número de traballadores e endurecendo as súas condicións laborais. Este aumento da presión exercida polas monxas sobre os traballadores vese en todo momento avalada pola Xunta de Beneficencia, tal como se pode comprobar co expresado en algunha das súas actas:

> Teniendo presente la Junta las repetidas faltas que cometen algunos empleados del Hospital municipal, acordó también por unanimidad, que á la primera en que incurra cualquiera de ellos en lo sucesivo, sea separado de hecho de su destino.[121]

Outra medida que reforza a autoridade das monxas cara os traballadores é a autorización que fai a Xunta de B.[a] para que a superiora faga directamente os pagos das gratificacións que estes perciban por traballos extraordinarios, sen que a Xunta lles dea aprobación previa como viña sucedendo ata ese momento. Nun primeiro momento autorízase a que se faga coas serventas:

> Se acordó autorizar á la Superiora de las Hermanas de la Caridad del Hospital para que por cuenta del capítulo de,,Camas, ropas, vestuario y útiles de cocina", facilite mensualmente á

[118] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 24 de novembro de 1880. (p. 59). A posibilidade de compatibilizar os estudos do traballo de porteiro viña en parte posibilitado porque a Escola Normal del Mestres e o Hospital compartían o mesmo edificio.

[119] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 14 de agosto de 1882.

[120] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 8 de abril de 1884.

[121] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 19 de setembro de 1883.

> contar desde 1.º del actual, la gratificación que crea conveniente á las sirvientas que hay en dicho establecimiento, cuyo importe cargará en sus cuentas.[122]

Con posterioridade, autorízase a levar a cabo esta mesma medida con relación ós restantes traballadores, incluídos os practicantes[123].

Pódese afirmar que a incorporación das monxas, a pesar da redución do número de traballadores e aumento da carga de traballo dos que quedaban, non significou unha mellora económica global.

Se antes da entrega, o equipo do Hospital estaba composto de:

— Capelán administrador.
— Contralor ou interventor
— Médico.
— Cociñeiro.
— 2 practicantes.
— 3 enfermeiros (dous homes e unha muller).
— 2 serventas.
— 1 porteiro.

Finalizadas todas as remodelacións de persoal, queda da seguinte maneira:

— Capelán.
— Médico.
— 2 practicantes.
— 1 enfermeiro.
— 2 serventas.
— 5 monxas.

O número total permanece inalterado, pero redúcese de maneira evidente o de aqueles que, como os enfermeiros e practicantes, se encargan directamente dos coidados dos enfermos, aumentando o número de monxas, sen que en boa parte dos casos estean claras as súas funcións.

Parece clara a substitución do cociñeiro e porteiro, e tamén a desaparición da figura do contralor ou interventor, que supervisaba todo o relacionado co diñeiro e a distribución de alimentos e produtos de botica. No caso do administrador capelán, a súa figura desdóbrase en dúas. O cargo de administrador pasa a desempenalo a superiora, cos emolumentos que lle corresponden como monxa do establecemento, e o de capelán permanece, percibindo o mesmo que percibía con anterioridade polo dobre cargo, que se compoñía dunha gratificación anual de 270 pesetas, e que en 1884 pasa a ser de 360[124] e un soldo de 1,25 pts. diarias, que se incrementa ata 1,50 en 1885[125].

Sobre as funcións das dúas monxas restantes, que non substitúen directamente as funcións de ningún traballador, cabe pensar que a súa misión no establecemento é a de

[122] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 3 de abril de 1882.

[123] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 3 de xuño de 1882.

[124] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 8 de abril de 1884.

[125] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 23 de marzo de 1885.

supervisar e organizar o traballo dos restantes empregados. Cando se suprime a segunda praza de enfermeiro especifícase a nova situación, sendo a partir dese momento o único que fai ese traballo, sen que lle axude ningunha monxa:

> Considerando que se halla vacante una de las dos plazas de enfermero del Hospital desde el 16 inclusive del pasado mes de Julio y que ínterin no aumente el número de enfermos no hay necesidad de provistarla, desempeñando todo el trabajo el único que ha quedado José A. Torres; se acuerda que en tanto este preste solo el servicio, se le gratifique con veinte y cinco céntimos de peseta diarios á contar desde el día arriba dicho, expidiéndole al efecto mensualmente libramiento con cargo al capítulo de,,Imprevistos del referido establecimiento.[126].

O mesmo sucede no caso do practicante. O que queda debe facer todo o traballo a cambio dunha gratificación:

> Teniendo en cuenta la Junta que el practicante del Hospital D.[n] Ramon Prieto viene prestando solo el servicio en el Establecimiento desde 25. de Septiembre de 1883. en que fué suspenso el otro que había, y que en lo sucesivo tiene que continuár en la misma situacion por haberse declarado en esta fecha cesante este y suprimida la plaza, se acuerda aumentarle su sueldo con 25. céntimos de peseta diarios, que se acreditarán en el presupuesto del próximo año económico de 1885-86., quedando por lo tanto fijado aquél en 1,75. peseta diaria.[127]

Nada se di de como se cubre o traballo que facía o cociñeiro, pero todo parece indicar que as serventas, supervisadas por algunha das monxas, farían ese traballo.

A estratexia das monxas de maquillar o incremento de persoas dependendo do establecemento que supón a súa incorporación, e os gastos correspondentes, suprimindo prazas de enfermeiros e practicantes, orixina que se supere a capacidade de traballo dos que quedan e se deteriore en parte o funcionamento do Hospital en algúns aspectos. Esta situación levou, por exemplo, a que o médico solicitase directamente da Xunta Municipal de Beneficencia a recuperación da praza suprimida de practicante:

> (...) haciendo presente la necesidad de creár otra plaza de practicante en el Hospital, por no ser suficiente el que hay en la actualidad para ausiliarle en sus muchas operaciones que tienen lugar en aquél, habiéndose visto precisado á valerse algunas veces de enfermos convalecientes;[128]

A Xunta de B.ª, evitando contradicir o criterio das monxas, que levaran a cabo a supresión tan só uns meses antes, limítase na mesma reunión a autorizar ó médico para que solvente a situación sen levar a cabo a creación da praza fixa de enfermeiro que solicitara:

> (...) se acordó autorizár al Sr. Ortíz como médico del Establecimiento para que cuando lo considere necesario llame la persona que créa más competente, cuyos servicios se abonarán á razón de 1,75. peseta por cada dia de trabajo, con cargo al capítulo de Imprevistos del presupuesto del Hospital (...)

O criterio profesional do médico vese anulado polo da superiora, incluso contravindo o regulamento de réxime interno do Hospital de 1854, que establecía que o criterio do facultativo sería o que determinaría o número de enfermeiros e practicantes necesarios:

---

[126] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 14 de agosto de 1882.

[127] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 23 de marzo de 1885.

[128] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 18 de xuño de 1886.

> Designará al Alcalde el número de practicantes y de enfermeros que convenga aumentar ó disminuir en el establecimiento, segun las estancias y el servicio que por ellas deba prestarse á los enfermos.[129]

O artigo que establecía que o criterio do médico sería o que se tomaría en consideración para fixar o número de enfermeiros e practicantes no Hospital aparece suprimido no proxecto de regulamento posterior de 1899, do que non consta data de aprobación, pero que pretendería oficializar a superioridade do criterio da superiora das monxas nesta e noutras cuestións[130], adaptando o regulamento de réxime interno ó contrato establecido coas monxas no seu momento.

A firma e posta en vigor do contrato coas monxas para a administración do Hospital supuxo contradicións importantes en canto a potestades co que previamente establecía o regulamento de 1854. Coñecedores desta circunstancia, xa antes da incorporación efectiva das monxas, decídese levar a cabo desde a Xunta Municipal de Beneficencia unha modificación do regulamento vixente:

> Considerando la Junta que en breve serán instaladas las Hijas de la Caridad en el Hospital, y que por lo tanto era preciso reformar bajo esta base el reglamento por que se rige el establecimiento, acordó comisionar á este objeto al vocal de la misma Sr. Sanchez Alvarez. [131]

As actas das reunións seguintes non reflicten nada máis sobre a cuestión. Non constan nin a reforma do regulamento de 1855 nin tampouco a aprobación da mesmas.

No proxecto de regulamento de 1899, ademais da supresión do artigo nº 35, que determinaba o criterio do médico para establecer o número de enfermeiros e practicantes necesarios, levase a cabo a supresión de outros artigos de similares características. Suprímese o artigo 120, que reservaba a potestade do alcalde para levar a cabo a destitución dos enfermeiros e o 121 que igualmente determinaba o criterio do alcalde para determinar o número de enfermeiros que debía haber, unha vez escoitado o criterio do médico. O artigo 138, que igualmente determinaba que o alcalde tiña a capacidade de despedir ó cociñeiro se o consideraba oportuno, desaparece tamén no proxecto de novo regulamento de 1899. A autoridade, non só do médico, senón tamén do alcalde aparece minguada con relación á autoridade das monxas.

O criterio e a autonomía da superiora no goberno do Hospital vese reforzado en practicamente tódolos casos polo alcalde e a Xunta de B.ª, que delegan nela a xestión de moitas adquisicións e contratos segundo o seu criterio. Así, autorízaselle para que por administración, e de maneira graduada, vaia realizando reparacións no edificio, que de outra maneira precisaría a convocatoria pública e a intervención da Xunta de Beneficencia[132].

---

[129] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Varios de Beneficencia, Sig. 0502-00. Leg. 180. Reglamento p.ª la administracion interior del Hospital de San Bartolomé, con data de aprobación do 24 de marzo de 1854. Artigo nº 35.

[130] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0855-00. Leg. 726. Proyecto de reglamento del Hospital municipal. Año 1899

[131] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 24 de outubro de 1881.

[132] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 8 de abril de 1884.

Outro paso importante neste sentido é a designación dun vocal da Xunta para que supervise, sen intervención do resto dos membros, as contas mensuais das superioras do Hospital e a Casa Municipal de Beneficencia[133].

Xa se viu tamén no apartado correspondente ás subministracións como, para reforzar a autonomía das superioras tanto no Hospital como na Casa de Beneficencia, a Xunta saltábase premeditadamente e con todo tipo de subterfuxios a obrigatoriedade legal de facer poxas públicas, para permitir que elas fixeran as adquisicións de maneira autónoma, seguindo o seu criterio e sen someterse a máis control que o de presentar as facturas correspondentes.

O prestixio e influencia social de que gozaban as ordes relixiosas neste momento por parte das clases sociais máis favorecidas é un factor importante a ter en conta á hora de comprender certos mecanismos e reaccións que se producen con respecto a elas.

8.3. As motivacións e os efectos da entrega dos establecementos benéficos

A entrega dos establecementos benéficos ás monxas da Caridade tivo diferentes consecuencias en distintos aspectos da vida dos dous centros.

Xa se viu como no referente ás condicións dos traballadores, as consecuencias non foron positivas. As reducións no persoal contratado orixinaron deficiencias notables que incluso non existían antes, se ben é certo que o rendemento e cumprimento das súas obrigacións, por parte dos que quedaran, mellora notablemente a causa da presión e control que sobre eles exercen as monxas.

Outro aspecto no que si se pode percibir unha mellora significativa é en todo o relativo ó funcionamento da intendencia dos establecementos, que se materializa, por exemplo, na renovación de sabas e cobertores, adquisición de camas novas de ferro, melloras no vestiario dos internos, substitución das lareiras por cociñas de carbón, etc.

Tamén se mellora a xestión dos recursos económicos, levando a cabo determinadas labores que antes se contrataban a terceiras persoas nos propios establecementos, como o lavado de roupas, para o que se constrúen lavanderías na Casa de Beneficencia e no Hospital, ou o forno para o pan que se fai na Casa de Beneficencia.

Un aspecto que é importante sinalar, e que explica en parte as melloras que se producen no que ten que ver coa intendencia e administración dos aspectos materiais, é o feito de que as monxas pertenzan a unha orde especializada na administración e xestión de centros benéficos. As medidas e cambios que introduciron nos establecementos de Lugo foran xa ensaiados en outros centros de outras provincias. Ensaiados e comprobados os resultados. O mesmo sucedía coas propias monxas que, antes de recibir o traspaso dun novo establecemento, pasaban un período de aprendizaxe en algún que xa levara un tempo funcionando. Así sucede, por exemplo, coa superiora que pasa a dirixir inicialmente o Hospital en 1882, e que procede da Casa de Beneficencia de Madrid[134]. Isto, na practica, significaba unha importante,vantaxe con respecto ó persoal que ata o momento dirixía este tipo de centros, os administradores capeláns, sen ningún tipo de formación específica neste campo e con poucas ou nulas referencias con que comparar.

[133] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 10 de novembro de 1885.

[134] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 22 de marzo de 1882.

Sen embargo, non sempre sucedía así, e a gran demanda por parte de moitos concellos para entregarlles ás monxas os seus centros benéficos obrigaba seguramente a que o período de formación non fose grande e a experiencia suficiente. Esta circunstancia pode observarse no caso da superiora do Hospital que, a pesar da experiencia que puidera ter adquirido na Casa de Beneficencia de Madrid, non ten a formación suficiente en cuestións contables:

> (…) un Capellan que desempeñará las funciones propias de su cargo, y á la vez y por ahora auxiliará a las Hermanas en la parte de Contabilidad, llevando la firma en la documentación oficial del establecimiento ante las Autoridades superiores[135].

Sen embargo, unha vez adquirida a experiencia suficiente, e suponse que no seu mellor momento profesional, e trasladada pola orde, e sen que as autoridades municipais poidan obxectar ningún inconveniente, fora de Lugo, enviándose outra nova para relevala[136].

A perda de poder de decisión e xestión por parte do Concello nos seus propios establecementos é outro dos aspectos que convén tomar en consideración. Se ben a tutela destes establecementos fora aceptada sempre de mala gana pola asunción de gastos e responsabilidades que levaba consigo, e a entrega ás monxas supón unha liberación desa carga indesexada, tamén significa a perda do poder de xestión en moitas parcelas deses ámbitos.

Unha cuestión importante a ter en conta para comprender a mellora organizativa que a chegada das monxas supuxo nos establecementos benéficos, e que foi publicitada pola alcaldía e algún xornal da cidade, é o feito de que a superiora contaba coa supeditación total e incondicional das restantes monxas que a acompañaban. Esta supeditación e obediencia incondicional supoñía a posibilidade de exercer un gran control de todo o que tiña que ver coa vida diaria dos establecementos, os aspectos materiais e o rendemento dos restantes traballadores.

Un aspecto organizativo importante que introducen as monxas, e que é importante sinalar, é o que levan a cabo na Casa de Beneficencia intensificando as actividades de carácter petitorio ou mendicante do establecemento como fonte de recursos. Como xa se viu no apartado de ingresos da Xunta Municipal de Beneficencia, as monxas establecían mesas petitorias coincidindo con determinadas celebracións do ano e pedían nas igrexas da cidade[137]. Tamén se organiza un sistema chamado de subscricións veciñais polo que os veciños con capacidade económica entregaban periodicamente unha cantidade de diñeiro.

Outro aspecto que é interesante tomar en consideración no proceso de entrega dos establecementos benéficos é a orixe foránea das monxas que pasan a xestionalos. Das nove que residían na Casa de Beneficencia en 1897, unicamente unha, da Coruña, era galega, sendo as restantes naturais das provincias de Guipúscoa, León (2), Pamplona (2), Palencia, Valencia e Burgos[138]. O descoñecemento da idiosincrasia e a mentalidade das xentes de aquí, ademais de outras cuestións como a mentalidade propia das persoas

[135] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 23 de marzo de 1882.

[136] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 2 de xuño de 1886.

[137] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas os días 8 de abril de 1892 e 24 de marzo de 1893.

[138] AHPL, Concello de Lugo, Censos e padróns, Censo de poboación de 1897, Sig. L 0648

formadas nos conventos, illadas do resto da sociedade, puideran dificultar a súa inserción nos centros, tanto con respecto ó resto do persoal como en relación ós internos, podendo influír no feito de que se produciran, como xa se viu, importantes conflitos.

É importante sinalar que o apoio da Xunta Municipal de Beneficencia, así como do resto das autoridades municipais, á xestión das monxas e ás medidas e reformas que decidiron introducir era total, procurando satisfacer con total xenerosidade tamén as demandas que puideran facer para o seu benestar particular, superando incluso o establecido nos contratos. As actas da Xunta de Beneficencia recollen algún exemplo deste tipo:

> Se acordó autorizar a las Hermanas de la Caridad del Hospital y Casa de Benef.ª, para que en los casos de enfermedades de cualquiera de ellas, pueda designar al profesor en medicina que haya de prestarles su asistencia facultativa, entendiendose que este gasto es por cuenta de la Junta, conforme á las bases de la fundación[139].

O artigo 19 das "bases de la fundación", e dicir, os contratos entre o Concello e a orde, establecen a gratuidade da atención médica que reciban por parte do médico facultativo do establecemento no que prestan servizo, neste caso o médico municipal ou o do Hospital, sen que se recolla ningún dereito das superioras a elixir outros[140]. A xenerosidade total, que se salta incluso normas escritas, contrasta coa actitude restritiva que viña observando a Xunta de Beneficencia co resto dos traballadores e empregados, aos cales, como xa se viu, chegou a rebaixar o soldo.

Convén aclarar a estas alturas da análise que as supostas melloras introducidas polas monxas, fundamentalmente de carácter organizativo e dotacional, puideron terse levado a cabo igualmente en épocas anteriores á entrega, ou posteriores, sen levar a cabo esta. A falta de vontade política para levalas a cabo e a desidia que, tanto por parte das autoridades municipais e a Xunta Municipal de Beneficencia como por parte dos que dirixían e administraban os centros directamente, rodeou á xestión dos centros benéficos da cidade, foi a causa de que isto non fose así.

Tendo en conta todo isto, a dubidosa economía da medida e a posibilidade de introducir as melloras necesarias sen a introdución das monxas, cabe preguntarse cales puideron ser os motivos reais para que esta se levase a cabo.

O longo proceso que, partindo dunha asistencia social de carácter privado e fundamentalmente en mans da Igrexa na Idade Media, chega, xa nas primeiras décadas do século XX,á asunción desta tarefa por parte do Estado como unha parcela máis das súas múltiples funcións, non foi un camiño fácil, senón que estivo sometido ós múltiples avatares políticos do século XIX, que significaron avances e retrocesos nesa tendencia xeral[141]. A Restauración, como período histórico, correspóndese con un deses momentos nos que, de algunha maneira, se desanda en parte o camiño avanzado na etapa anterior.

Se temos en conta que o proceso histórico que se produce é, fundamentalmente, un proceso de secularización da asistencia social, a introdución das monxas da Caridade

[139] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 24 de outubro de 1882.

[140] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg.696. Acta da reunión celebrada o día 8 de decembro de 1878. Articulos generales bajo los cuales se establecen las Hijas de la Caridad en los Establecimientos de Beneficencia. Apéndice documental nº 4.

[141] MAZA ZORRILLA, Elena. *Pobreza y asistencia social en España, siglos XVI al XX: aproximación histórica*. Valladolid: Universidad de Valladolid, 1987, p. 193.

nos establecementos benéficos, dependentes xa do Concello, significa un intento de entorpecelo e un paso atrás nesa evolución.

A actitude conciliadora que os partidos liberal e conservador, que se alternaron no poder durante este período, tiveron coa Igrexa como grupo de presión, coa intención de evitar a confrontación nun caso e por afinidade ideolóxica noutro, tradúcese, entre outras cousas, nun importante crecemento das ordes relixiosas e do papel cada vez maior que desempeñaban na ensinanza[142]. Neste contexto habería que situar a introdución das monxas da Caridade nos establecementos benéficos da cidade. A medida, que xa se puxera en marcha por outros alcaldes noutras cidades, foi acollida con entusiasmo polo alcalde de Lugo, cuxa filiación conservadora o facía aínda máis proclive a interesarse de maneira especial por levala a cabo.

A introdución das monxas da orde xa fora levada a cabo en outros establecementos galegos en datas anteriores. En Ourense, en 1857, xa foran postas ó fronte da Casa de Maternidade e Expósitos e da sección de mulleres do Hospital de Isabel II, dependentes da Deputación e polo tanto de carácter provincial[143].

Tampouco hai que deixar de ter en conta á hora de analizar as motivacións da medida, as presións da Igrexa a nivel local. As considerables achegas económicas que o bispo da diocese facía por conta do "Indulto cuadragesimal predicación", ademais de outras moitas e xenerosas doazóns, facía que este tivese unha moi importante consideración por parte da Xunta de Beneficencia e as autoridades locais.

A vinculación do bispo e a Xunta Municipal de Beneficencia materialízase, por exemplo, nas admisións de acollidos que se levaban a cabo pola súa recomendación, nalgúns casos de fora do termo municipal[144].

A permeabilidade, tanto do alcalde como da Xunta de B.ª, ás suxestións e presións do bispado, moi posiblemente foron un importante factor a ter en conta para entender os motivos da introdución das monxas nos establecementos benéficos municipais.

A vinculación entre o bispado e a Xunta de B.ª incrementouse incluso durante o período co transcorrer dos anos e evidenciouse, por exemplo, nos actos que se celebraron con motivo do falecemento en 1884 do bispo José de los Rios La Madrid:

> El Sr. Presidente manifestó que en el dia de ayer había fallecido el Excmo. Sr. D. José de los Rios La Madrid Obispo de esta Diócesis y se estaba en el caso de dar una prueba del amor, respeto y veneracion con que se distinguía al bondadoso Prelado difunto por su inagotable caridad con los establecimientos municipales de Beneficencia y demas pobres del Distrito, y la Junta, después de acordar se consignase en esta acta haber oido con profundo sentimiento la noticia, dispuso
>
> Que á las 10. del dia de mañana celebre el Capellan de la Casa de Beneficencia una Misa en la Capilla del Palacio Episcopal, ante el cadaver del ilustre Prelado, asistiendo á ella la Junta, las Hermanas de la Caridad de ambos establecimientos y los acogidos en la Casa Asilo.
>
> Que el 29 del actual se celebre una funcion funebre por el eterno descanso de su ánima en la Iglesia de Sto. Domingo, á la que se invitará al Exmo. Ayuntamiento, comisionando para este objeto al vocal de la Junta D. Antonio Teijeiro Párroco de S. Pedro de esta Ciudad.[145]

---

[142] CALLAHAN, William J. *La iglesia católica en España* (1875-2002). Barcelona: Crítica, 2003, pp. 53-56.

[143] HERNÁNDEZ FIGUEIREDO, José Ramón. *Las Hijas de la Caridad en Ourense. Beneficencia y enseñanza (siglos XIX y XX)*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2007, p. 103.

[144] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas das reunións celebradas os días 17 de abril de 1886 e 1 de abril de 1887.

Máis que a formulacións prácticas de mellora material do funcionamento dos centros, había un interese ideolóxico que se pon de manifesto en varios feitos concretos.

A présa coa que se leva a cabo o proceso de transferencia do Hospital, cando aínda non se culminara totalmente o da Casa de Beneficencia, mostra o interese por consumar antes do remate do seu mandato municipal, que se produciría non moito despois, en 1883, algo que de outro modo podería ser interrompido polos seus sucesores. Un temor infundado, por outra parte, se se ten en conta que os seus sucesores acolleron con igual entusiasmo a medida e incluso intentaron influír para que a Casa de Maternidade e Expósitos da cidade, que dependía da Deputación, fose entregada tamén ás monxas da Caridade. A presión sobre a Deputación para que fixese a entrega levouse a cabo de maneira oficial a través dunha comisión nomeada no seno da Xunta Municipal de Beneficencia:

> Por último, teniendo presente la Junta que acaba de fallecer la Sra. Rectora de la Casa provincial de Maternidad y expósitos de esta Capital, y que casi todos los Establecimientos de esta índole se hallan á cargo de las Hermanas de la Caridad, se acordó nombrar una comision compuesta de los Sres. Presidente, Iglesias y Rodriguez Franco, para que interesen con la Comision permanente de la Exma. Diputacion provincial, ponga al frente de aquella la institucion que tan buenos resultados está dando en los Establecimientos municipales de Bnef.ª[146].

A orde das "Hijas de la Caridad" contaban co apoio gobernamental na súa expansión asumindo a administración dos establecementos benéficos polas distintas provincias e localidades do Estado, e ese apoio estaba motivado polo interese en favorecer os intereses da Igrexa[147].

A introdución das monxas nos establecementos benéficos municipais estivo motivada fundamentalmente por cuestións ideolóxicas e foi un reflexo máis do momento político que se viviu nese período. O mundo da pobreza non escapou tampouco ós avatares políticos que se foron sucedendo ó longo do século XIX, véndose afectado por eles fundamentalmente na maneira en que se levaron a cabo os remedios á súa exigua existencia.

[145] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o día 9 de marzo de 1884. (pp. 232-233)

[146] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 22 de decembro de 1885. (pp. 295)

[147] HERNÁNDEZ FIGUEIREDO, José Ramón. *Las Hijas de la Caridad en Ourense. Beneficencia y enseñanza (siglos XIX y XX)*. Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2007, pp. 69-70.

4

A CASA DE MATERNIDADE E EXPÓSITOS

1. O MARCO LEGAL DA EXPOSICIÓN

A Casa de Maternidade e Expósitos, como os restantes establecementos benéficos da cidade, Casa de Beneficencia e Hospital Municipal, estaban regulados polo marco legal que supoñía a Lei de Beneficencia do 20 de xuño de 1849 que se concretaba no Regulamento do 14 de maio de 1852, do que se tratou na introdución xeral.

O Regulamento establecía e obrigaba a concellos e deputacións a asumir a xestión e os custos dos establecementos benéficos existentes no seu ámbito administrativo. Esta obrigatoriedade era asumida de moi mala gana, como xa se veu vendo en apartados anteriores, intentando evitar a carga económica que para os presupostos municipais significaba esta obrigación legal.

O artigo 3º do citado regulamento establecía o carácter provincial das casas de maternidade e expósitos e, polo tanto, a súa vinculación, tanto económica como administrativa, coas deputacións (os concellos, neste caso, quedaban liberados de asumir unha carga non desexada), e no artigo 6º, aínda que sen carácter obrigatorio, establecía que "se procurara" que en cada capital de provincia houbera ademais dun hospital, un orfanato e unha casa de misericordia; outra de maternidade e expósitos.

En varios artigos da lei establecíanse os parámetros e normas de funcionamento das xuntas provinciais de beneficencia, que serían o órgano encargado da maior parte das decisións que afectarían a este tipo de establecementos.

A normativa referida a cuestións básicas do funcionamento das casas de beneficencia e expósitos expúñase nos artigos que van do nº 16 ó 26, recollidos no capítulo terceiro.

Os artigos 17, 18 e 19 fan referencia ás mulleres que acoden a dar a luz a estes establecementos, as chamadas "parturientas", e nos que se establece, por exemplo, que non teñen dereito a ingresar antes do sétimo mes de embarazo, salvo que se costeen a estancia ou teñan algún problema grave de saúde. Tamén se preserva e protexe a estas mulleres en determinados aspectos. Así, o artigo 19 establece que "El descubrimiento de alguna muger en estas casas, no podrá servir de prueba legal contra ella".

O artigo 20 garante o carácter secreto da entrega, sexa esta levada a cabo pola nai ou por mediación de outra persoa, para o que establece que:

> Ninguna persona pública ni privada podrá detener, examinar, ni molestar en medida alguna á los que llevaren niños para entregarlos en las casas de expósitos, ó en los establecimientos municipales, salvas las reglas de sanidad y policía.

O artigo 21 regula o hipotético e pouco probable caso de que un expósito recibise unha herdanza. Os seguintes, 22 e 23, van regular á figura da "prohijación" e os 24,

25 e 26 ós trámites e pasos a seguir nos casos de recuperación dos expósitos por parte de algún dos proxenitores.

En xeral, o establecido pola administración central a través do Regulamento do 14 de xuño de 1852 non é máis que un marco legal que unicamente afecta a cuestións xenéricas, e sobre o que se elaboran os regulamentos de cada establecemento, que concretan xa de maneira máis específica todas as cuestións que afectan ó seu funcionamento. O Regulamento nin sequera establecía o límite de idade dos expósitos ata o que as deputacións debían facerse cargo do custo económico do seu sostemento, decisión que se deixaba ó criterio das comisións provinciais de beneficencia, que decidían ata que idade pagaban ás amas de cría externas pola crianza.

A pesar da falta de concreción das leis xerais, o funcionamento e os regulamentos dos distintos establecementos de expósitos non presentan grandes diferenzas. A falta de formación nestas cuestións das persoas que formaban parte das comisións provinciais de beneficencia, e das deputacións en xeral, nesta materia facía que se copiasen os regulamentos e as liñas xerais de actuación dos establecementos preexistentes, marcando as diferenzas, máis ben, aspectos como a eficacia, a xenerosidade na asignación de medios ou o grao de rigor no cumprimento do establecido nos respectivos regulamentos.

A Casa de Maternidade e Expósitos contou con dous regulamentos de réxime interno. Un provisional que se redactou no momento inicial, en 1844 e outro, xa definitivo que se aproba en 1863.

O carácter provisional do regulamento de 1844 xa aparece advertido no preámbulo que o introduce:

> Mas como en todo Establecimiento naciente las necesidades crecen á proporcion del incremento de aquél, y la experiencia reclama diariamente reformas que son desconocidas en la teoría; la Comisión se ha convencido plenamente de la imposibilidad de redactar por ahora un Reglamento bien acabado y que sirva para todas las situaciones que la Casa de Maternidad pueda ofrecer en los períodos de su existencia: y en conformidad con este pensamiento tiene el honor de someter á la consideracion de la Junta del siguiente proyecto de un Reglamento interino y provisional de la Casa de Maternidad, solo para dar los primeros pasos en la carrera de su infancia; pero cuyos artículos y disposiciones pueda la Junta alterar, modificar, suprimir, ó adicionar segun la experiencia lo haga necesario, quedando por tanto autorizada la misma para las expresadas reformas, hasta que las circunstancias del Establecimiento ermitan efectuar un Reglamento definitivo y permanente. [1]

O regulamento de 1863, moito máis elaborado, extenso e preciso, ten xa un carácter definitivo e trata todos os aspectos do funcionamento do establecemento de maneira concreta. Ofrece importante información sobre todas estas cuestións que resultan moi útiles para coñecer todo estes aspectos, especialmente tendo en conta a escaseza das fontes documentais conservadas[2].

[1] *Reglamento para la Casa de Maternidad de Lugo*. Imprenta de Pujol y hermano, Lugo, 1844. (AMPL, Sig. G-31).

[2] *Reglamento de la Casa de Maternidad y espósitos de la provincia de Lugo*. *Aprobado por real órden de 18 de mayo de 1863,* Imprenta de Soto Freire, Lugo, 1863. (AMPL, Sig. Foll. 34-13, Sección galega).

2. AS DISTINTAS UBICACIÓNS DA CASA DE MATERNIDADE E EXPÓSITOS

En 1816 crease a primeira "inclusa"na cidade por iniciativa do bispo da mesma. Da localización, que inicialmente tiña carácter provisional, non hai constancia documental[3].

Con posterioridade, aparece documentada a súa localización no edificio do antigo convento de San Francisco, compartindo espazo coa Casa de Beneficencia, de carácter municipal.

En 1879, con motivo da chegada das "Hermanas de la Caridad" para administrar a Casa de Beneficencia, a Casa de Maternidade e Expósitos debe abandonar as estancias que ocupaba no edificio para deixalas libres co fin de que estas se instalen nelas[4].

En tanto non estea terminado o novo "Asilo de las Mercedes", a onde se tiña pensado trasladar, cando estivese rematado, ós dous establecementos, a Xunta de Beneficencia Municipal abonaría o aluguer do local onde tiveran que instalarse provisionalmente.

A instalación provisional, que estaba previsto se fixera no nº 19 da Ruanova, non pode levarse a cabo por estar nese momento aínda ocupada a planta alta na que se pensaba levar a cabo. Debido a esta circunstancia, decídese que, mentres non quede libre, se faga unha instalación máis provisional aínda no nº 10 da mesma rúa e que, mentres non se poida ocupar a do nº 19, "las parturientas sean admitidas en departamento especial en el Hospital municipal, en donde se las alimente y cuide bajo la Direccion facultativa de los Sres. Medicos de la provincia"[5].

Os expósitos permanecen no nº 10 da Ruanova desde o 5 de marzo e ata o 5 de agosto de 1879, importando o aluguer polos cinco meses a cantidade de 192,50 pesetas. Nesa última data lévase a cabo o traslado das dúas seccións, a de maternidade, que estaba provisionalmente no Hospital, e a de expósitos, que estaba no nº 10, ó nº 19[6], onde se instala o torno que orixinariamente estaba posto na entrada do antigo convento de San Francisco, debaixo dos soportais que daban á praza contigua.

O contrato de arrendamento acordado co propietario da casa, Ramón María de la Maza, establecía un aluguer de dez reais diarios, que a Xunta Municipal de Beneficencia debía abonar por semestres adiantados. A duración inicial do contrato era de tres anos, ata o 30 de xuño de 1882, pero tamén se determinaba que se consideraba prorrogable nas mesmas condicións se a Xunta Municipal de Beneficencia así o consideraba.

O propietario da casa facía constar, ademais, que se reservaba para o seu uso, e, polo tanto, quedaban fora do arrendamento o espazo que ocupaban:

[3] GARCÍA CONDE, Antonio e LÓPEZ VALCÁRCEL, Amador. *Episcopologio lucense.* Número monográfico da revista *Liceo Franciscano*, ano XLIII. Burgos, 1991, p. 49.

[4] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas. Sig. 0825-00, Leg. 696. Sesión do 3 de marzo de 1879.

[5] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas. Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta do 24 de febreiro de 1879.

[6] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas. Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta do 15 de decembro de 1879.

> las dos tiendas con sus alcobas sitas á la izquierda entrando, que hacen esquina á la calle de la Tineria en la planta baja, una cuadra para caballeria, la panera del patio central y el derecho de entrar á depositar y vender los granos en la epoca conveniente[7].

Ademais do aluguer,a Xunta Municipal de Beneficencia facíase cargo dos arranxos precisos para a instalación e o traslado do torno para a recollida dos nenos polas noites, que tivo un costo de 200 pesetas[8].

Finalizado o período inicial do contrato en 1882, comunícase ó administrador do propietario a prórroga do arrendamento por dous anos máis[9]. O mesmo se fai ó final do novo período, en 1884, prorrogándose novamente por outros dous anos e continuando por ese tempo co pago establecido inicialmente[10].

En 1886, a Xunta Municipal de Beneficencia, cansa de abonar os gastos do arrendamento, que xa sumaban nese momento 695,50 pesetas, e tendo en conta que o Asilo das Mercedes, pola construción do que se estivera esperando, xa estaba rematado, intenta presionar á Deputación Provincial para que, a través da Xunta Provincial de Beneficencia, procedera ó traslado ó novo emprazamento ou se fixera cargo dos gastos de arrendamento na Ruanova. O intento tórnase vano. A situación vivida co Hospital de San Marcos parece repetirse:

> El Sr, Presidente manifesto que en 30 del actuál terminaba el arriendo de la casa nº 19 de la Ruanueva de esta Capital que ocupa la de Maternidad provincial, cuyo alquilér se comprometió á abonár la Junta en 1879 cuando la instalacion de las Hermanas de la Caridad en la Casa de Beneficencia, por estar establecidas aquellas en el locál que en esta ocupan dichas Hermanas, interín no se terminase el Asilo de las Mercedes; que hallándose concluido este, en 15 de Abril último se dirijió al Sr, Presidente de la Excma. Diputación, interesandole se sirviese acordar la Corporacion se trasladase al nuevo edificio la referida casa de Maternidad y expósitos en primero de Julio próximo, ó en otro caso se hiciese cargo del abono del citado alquilér pués la Casa de Beneficencia no podría continuár abonándolo debido a sus escasos recursos.
>
> Y no habiéndose resuelto nada acerca del particulár apesár del tiempo transcurrido; teniendo en cuenta que la Junta no puede prescindír por depronto del pago del alquilér de la casa de que se trata, y que segun las condiciones del contrato, no avisando al dueño ó su apoderado dos meses antes de terminarse el plazo fijado, se entiende que continúa el arriendo por el más tiempo que se necesite y prefije, y sin alteracion del precio.
>
> Se acordó ampliar el arriendo de la indicada casa por un año más, que termina en 30. de Junio de 1.887, por el mismo precio de 2'50. pesetas diarias, y con arreglo á las demás condiciones establecidas en el contrato de 21. De Junio de 1879, sin perjuicio de reproducir las reclamaciones á la Comision provincial, y que este acuerdo se notifique al apoderado del propietario Dn. José Antonio de Prado y Mendez, vecino de San Martin de Caboy, Ayuntamiento de Otero de Rey[11].

Como queira que a Deputación fai caso omiso das reclamacións da Xunta Municipal de Beneficencia para que proceda ó traslado da Casa de Maternidade e Expósitos ó novo asilo das Mercedes, este vese na obrigación de continuar cos pagos polo arrendo indefinidamente[12].

---

[7] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas. Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta do 7 de xuño de 1879.

[8] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas. Sig. 0825-00, Leg. 696. Actas do 31 de agosto e 6 de decembro de 1880

[9] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas. Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta do 10 de maio de 1882.

[10] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas. Sig. 0825-00, Leg. 696 Acta do 8 de abril de 1884.

[11] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas. Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta do 28 de xuño de 1886.

[12] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas. Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta do 30 de maio de 1888.

A renovación do contrato de arrendamento, ante a negativa da Deputación a darlle o destino para o que fora construído ó edificio das Mercedes, que finalmente foi cedido ó Ministerio da Guerra para instalar nel un cuartel, comeza a ser xa un requisito rutineiro, e en 1892 prorrógase unha vez máis:

> Por último, teniendo presente la Junta que en treinta de Junio próximo termina el plazo por el que se há prorrogado el alquiler de la casa numero diez y nueve de la calle de la Ruanueva propiedad del Exmo. Sr. D. Ramon de la Maza, vecino de Santiago, que ocupa la maternidad Provincial; (...) se entendia prorrogado el arriendo por el mas tiempo que necesitase y prefijase la Junta, sin alteracion del precio establecido[13].

A instalación provisional no nº19 da Ruanova tórnase definitiva, e no censo de poboación de 1897 permanece aínda alí[14]. O edificio do Asilo das Mercedes nunca foi utilizado para os fins benéficos para os que fora construído, sendo destinado, despois de múltiples xestións para buscarlle un fin que proporcionase máis beneficios á cidade que os que proporcionaría como establecemento benéfico, a cuartel de artillería.

3. O ESPAZO FÍSICO. AS DISTINTAS DEPENDENCIAS

Se ben as distintas seccións víronse condicionadas, tanto no seu tamaño como, incluso, na súa existencia, polas distintas localizacións, estas eran basicamente as seguintes:

—*Torno*. Situado sempre na fachada, e, polo tanto, posiblemente próximo ó espazo da entrada ou portal. Vinculado a el había un dormitorio para a persoa encargada, a torneira, que durante as noites recibía ós nenos entregados a través del.

—*Departamento de observación*. Nel acollíanse ós nenos recen entregados sobre os que había sospeita de que puideran ser portadores de enfermidade contaxiosa ou que manifestasen algún signo externo dela, como era o caso da sífilis. Contaba cunha cantidade indeterminada de berces numerados, ós que se fai referencia anotando o seu número no momento do ingreso.

—*Departamento de lactación*. Tamén con berces numerados. Nel estaban ó coidado das amas de cría internas durante os poucos días que permanecían no establecemento, antes da súa entrega ás amas de cría externas que, a partires dese momento, os criaban nas súas casas.

—*Sala de alimentación*. Cuarto no que estaban os berces dos nenos que ingresaban con idades que superaban a etapa de lactación e que, polo tanto, non precisaban desta. Xeralmente nenos non ingresados polo torno, senón por orde da Xunta Provincial de Beneficencia. Tampouco permanecían moito tempo nel xa que, aínda con varios anos de idade, adoitaban ser entregados tamén a amas de cría externas para que os criasen nas súas aldeas ou ingresados na Casa Municipal de Beneficencia, especialmente se superaban os sete anos de idade.

—*Sala de parturientes*. Tamén chamada "Sala general" para diferenciala da Sala reservada. Nela daban a luz as mulleres que ingresaban con esta finalidade, permanecendo nela durante o período de convalecencia ata a súa recuperación. Este departamento correspondíase co apartado de "casa de maternidad", que no caso de Lugo estaba unificado xunto coa de expósitos nun único establecemento.

---

[13] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas. Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta do 8 de abril de 1892.

[14] AHPL, Concello de Lugo, Censos e padróns, Censo de 1897. Sig. L 0648-00, pp.78-81.

—*Sala particular*. Destinada ás parturientes chamadas "reservadas", e que, dispoñendo de medios económicos suficientes, podían comprar o seu anonimato abonando os gastos da estancia. Trataríase dunha estancia de pequenas dimensións, cunha ou dúas camas, xa que o número deste tipo de mulleres non era grande, e estaría apartada do resto das estancias para manter o máis posible a discreción coa que se xestionaba este tipo de ingresos.

A partir do ano 1879, en que o establecemento sae do antigo convento de San Francisco, no que compartía espazo e instalacións coa Casa de Beneficencia, e se traslada primeiro ó nº 10 e ó 19 da Ruanova despois, conta tamén coas dependencias destinadas a cociña, despensas e demais.

No emprazamento do nº 19 da Ruanova, no hoxe coñecido como Pazo da Maza, tendo en conta que, como se viu, o propietario deixaba fora do contrato de arrendamento varias estancias da planta baixa, é moi posible que, salvo o torno e a alcoba da torneira, o resto das dependencias e seccións estivesen todas na planta alta.

Se ben no principio aparece algunha referencia a unha sala de enfermería[15], esta sería seguramente a da Casa de Beneficencia.

Non hai rexistrada a existencia do cuarto do capelán e director, pero é explicable tendo en conta que tamén desempeñaba o mesmo cargo no Hospital Municipal, onde residía realmente[16].

4. OS TRABALLADORES DO ESTABLECEMENTO

A pesar da precariedade das fontes documentais que nos poden axudar a esclarecer as dúbidas sobre este apartado, pódese establecer con suficiente exactitude e precisión o número e características dos traballadores que desempeñaban as súas funcións na Casa de Maternidade e Expósitos. Non se conservan os libros de contabilidade do establecemento nin a contabilidade xeral da Deputación de boa parte do período obxecto de estudo, contando unicamente cos resumos xerais de gastos e ingresos publicados no Boletín Oficial da Provincia, pero aínda así sabemos que en 1877 a Casa de Maternidade e Expósitos contaba coas seguintes persoas vinculadas laboralmente con ela[17]:

O director e capelán. Cando menos en teoría, a autoridade máxima na súa vertente de director, e vixiante moral e relixioso na de capelán. Encargábase de bautizar os nenos, facer os rexistros e anotacións nos libros de entradas e saídas dos expósitos e supervisar o funcionamento da casa.

Considerando a nula experiencia e coñecemento que cabe supoñerlle na crianza de nenos, e tendo en conta tamén que simultaneaba este emprego co do mesmo tipo no Hospital Municipal e a Casa Municipal de Beneficencia[18], é probable que tanto a dirección como a organización reais do funcionamento diario recaesen noutras persoas.

[15] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1146-2. Anotación nº 1283, ano 1875.

[16] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig.0855-00. Inventario do Hospital Municipal levado a cabo no ano 1882.

[17] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*, nº 106, 3 de setembro 1878.

[18] O nome do director capelán da Casa de Maternidade e Expósitos aparece tamén no inventario do Hospital Municipal de 1882. AHPL. Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0855-00, e na documentación da Casa Municipal de Beneficencia.

A rectora. Era a verdadeira organizadora e supervisora da actividade diaria da casa. O seu nomeamento correspondía ó Gobernador da provincia, a proposta da Xunta Provincial de Beneficencia, que tamén presidía el. Era a xefa de todo o persoal da casa e a quen se lle consultaba non só aquelas cousas relacionadas coa intendencia, senón que, en ausencia do director capelán, tomaba decisións de todo tipo.

O seu soldo, 1.000 pesetas anuais en 1878, era o máis elevado de cantos se percibían no establecemento nese momento, se ben no seu caso non o simultaneaba co que correspondía a ningún outro emprego.

O escribán. Cabe supoñer que se encargaba dos libros de contabilidade e demais anotacións administrativas. Encargábase tamén dos libros de entradas e saídas do establecemento, aínda que cada un destes rexistros tiñan que ser firmados polo director capelán. Non é posible verificar se tamén os rexistros do chamado libro reservado de parturientes eran feitos por el, aínda que é moi posible que este, pola seu carácter, estivese exclusivamente baixo o control do director capelán.

A torneira. Vivía interna na casa e durmía no cuarto que se correspondía coa parte interior do torno, xa que as entregas de nenos a través del producíase case sempre pola noite.

A serventa. Cumpriría as funcións de cociñar, limpar e demais tarefas propias da vida diaria.

A enfermeira. Tería como función auxiliar ás parturientes no momento de dar a luz e na súa recuperación posterior.

As amas de cría internas. "Nodrizas internas" na súa denominación oficial. Estaban encargadas de aleitar ós nenos recentemente nacidos que ingresaban polo torno ou nacían no establecemento, durante os días que mediaban ata ser entregados ás amas de cría externas.

O seu contrato era temporal e duraba o tempo durante o que mantiñan a capacidade de aleitar. Vivían no establecemento e convivían cos nenos que lles correspondían de maneira continuada as 24 horas do día.

O número de amas de cría no establecemento non era fixo. Variaba entre as tres de que hai constancia en 1878 e as cinco que se documentan en 1905[19].

As remuneracións dos traballadores e rexedores da Casa de Maternidade e Expósitos en 1888, segundo consta nunha memoria elaborada polo gobernador civil nese momento era a seguinte:

[19] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo,* nº 106, 3 de setembro de 1878 e presupostos anuais da Deputación Provincial de Lugo para o ano natural de 1905, publicados tamén no BOPL nº 13, do 17 de xaneiro de 1905, pp. 2 e 3, e nº 14, do 18 de xaneiro do mesmo ano, pp. 2,3 e 4. En1918, segundo os datos publicados tamén no BOPL rexístranse sete amas de cría internas.

Cadro 1. Remuneracións percibidas polos rexedores e traballadores da Casa de Maternidade e Expósitos en 1888

Traballadores	Soldo anual en pesetas
Rectora	995
Director capelán	995
Médico	750
Cirurxián	750
Escribán	625
Porteiro	730
Enfermeira (2)	456,25
Torneira	400
Serventa	300
Amas de cría internas (5)	125

Fonte: elaboración propia a partir da información e datos contidos no informe elaborado polo Goberno Civil en 1880[20].

As amas de cría externas. Residían no medio rural en distintos municipios da provincia. Adoitaban compatibilizar a crianza do neno expósito coa dun fillo propio, se este non falecera, aínda que este podía ter xa finalizado o período de lactación. Trátase do período da vida do expósito menos coñecido, xa que as fontes documentais relativas a el son moi limitadas ou practicamente inexistentes.

O número de amas de cría externas era moi elevado e por este motivo a partida económica correspondente ós seus haberes era a máis importante de todas as que se computaban no capítulo de gastos, podendo superar incluso o 50% do total.

Diferenciábanse dúas categorías en función da idade dos nenos que criaban. A primeira era a que se correspondía coas que criaban expósitos de ata sete anos, pola crianza dos cales cobraban ó principio do período unha cantidade fixa de 60 pesetas anuais, a metade do salario das amas de cría internas. A outra categoría era a das que criaban nenos que superaban esa idade e que cobraban cantidades de inferior contía. En 1878 o número total das dúas categorías era de 412[21]. En 1887 o número total era de 420, repartidas nos dous tramos de idade da seguinte forma: 280 que criaban nenos menores de 7 anos e 140 que o facían cos do segundo tramo de idade, de 7 a 12[22].

A remuneración económica percibida por estas mulleres pode ser considerada de extremadamente baixa. Unha comparativa con relación ás cantidades percibidas de outros establecementos noutros lugares así o mostra.

[20] *Memoria referente á la provincia de Lugo, redactada por el Gobernador Civil*. Tipografía de A. Villamarín, Lugo 1888.

[21] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*, nº 106, 3 de setembro 1878. Presupostos da Deputación Provincial para o ano económico 1878-79.

[22] *Memoria referente á la provincia de Lugo, redactada por el Gobernador Civil. Lugo*: Tipografía de A. Villamarín, 1888.

Cadro 2. Salario mensual en pesetas percibido polas amas de cría externas dos establecementos de expósitos de Barcelona, Pontevedra e Lugo na etapa de lactación

Barcelona	Pontevedra	Lugo
12,5	7,5	5

Fonte: elaboración propia a partir dos datos parcialmente extraídos de RODRÍGUEZ MARTÍN, Ana María[23].

Se xa no caso da casa de expósitos de Pontevedra os emolumentos percibidos polas amas de cría externas se consideran paupérrimos e moi inferiores ós que percibían as amas de cría que eran contratadas nas casas particulares, e causa da baixa categoría e capacidade de aquelas, no caso da de Lugo non queda xa marxe para valoración algunha.

Esta diferenza entre o cobrado polas amas de cría que percibían remuneración económica polos seus servizos nas casas de expósitos de Lugo e Pontevedra, explicaría a gran cantidade de amas de cría externas do sur da provincia de Lugo que criaban nenos procedentes da casa de expósitos de Pontevedra, que preferían acudir alí antes que facelo á de Lugo.

A gran cantidade de amas de cría da provincia de Lugo que levaban nenos da casa de expósitos de Pontevedra, que nalgún momento superaba ás da propia provincia de orixe, resulta altamente rechamante.

Cadro 3. Procedencia por provincias das amas de cría externas contratadas anualmente pola casa de expósitos de Pontevedra

	Provincia de Pontevedra		Provincia de Lugo		
Ano	Número	Porcentaxe %	Número	Porcentaxe %	Total
1873	21	42,9	28	57,1	49
1878	43	69,4	19	30,6	62
1883	58	79,5	15	20,5	73
1888	97	100	-	-	97
1893	70	63,1	41	36,9	111
1898	66	76,7	20	23,3	86
1903	90	78,3	25	21,7	115

Fonte: elaboración a partir dos datos contidos en RODRÍGUEZ MARTÍN, Ana María[24].

Se ben a autora do estudo sobre a casa de expósitos de Pontevedra encontra como explicación a esta desproporcionada presenza de amas de cría da provincia de Lugo recollendo nenos alí, o feito de que "el mercado de expósitos era muy pequeño en Lugo"[25], descoñece o dato de que estas percibían unha remuneración un 50% máis elevada que as que facían o mesmo traballo para a casa de expósitos de Lugo.

[23] Datos parcialmente extraídos de RODRÍGUEZ MARTÍN, Ana María. La inclusa de Pontevedra 1872-1903. *Revista de estudios provinciais*. nº 19. Pontevedra, 2003. p. 189.

[24] RODRÍGUEZ MARTÍN, Ana María. La inclusa de Pontevedra 1872-1903. *Revista de estudios provinciais*. nº 19. Pontevedra, 2003. p.192.

[25] RODRÍGUEZ MARTÍN, Ana María. *Op. cit*. p. 192.

Se o salario estipulado pola casa de expósitos de Pontevedra era baixo e explicaba os fracasos na taxa de supervivencia e a baixa cualificación das amas de cría alí contratadas, no caso da de Lugo é difícil atopar adxectivos que estean por riba do de miserables.

Ó carácter mísero do salario estipulado pola Deputación para as amas de cría externas, únese o retraso nos pagos de que facía gala a institución provincial. A prensa local recolle algunha destas circunstancias que non aparecen reflectidas na documentación oficial. O *Diario de Lugo*, relacionando a situación cunha similar que se vivía na provincia de Ourense, denunciaba en decembro de 1879 a realidade que acontecía na de Lugo:

> Nuestra provincia adeuda á las pobres nodrizas nada más que veintidos meses, no obstante estar prevenido en el Reglamento respectivo que tales atenciones se consideren preferentes.
>
> ¡Bien anda¡ por Dios vivo! La Ordenacion de pagos de la Corporacion provincial![26]

Unhos meses despois, en febreiro de 1880, o *Diario de Lugo* seguía denunciando que a situación continuaba sen resolverse, evitando afondar moito na cuestión porque "no nos atrevemos a hacer comentarios"[27]. Dous meses máis tarde a situación das amas de cría externas permanecía igual e o *Diario de Lugo* atrévese nesta ocasión a denunciar a situación:

> Continúan las nodrizas que lactan los niños pertenecientes á la casa de Maternidad, apelando al préstamo para poder comer, digámoslo claramente.
>
> Hace pocos días una de esas infelices dejaba en prenda, en uno de los almacenes de cereales de esta ciudad, su libreta por un ferrado de grano.
>
> El *Boletín oficial* anuncia el pago de un trimestre á las nodrizas: hace poco se les debian *veintitantos* meses. ¿Cuántos se les quedan debiendo ahora?
>
> Por cierto que nos llama la atencion se les vaya á pagar el último trimestre de 1879. ¿Cuándo se les abonan los otros trimestres atrasados?
>
> Bien pueden consolarse las nodrizas de esta provincia, porque en alguna se les deben á sus colegas más de dos años y medio.[28]

Temos, pois, xa dous factores que explicarían o feito de que as amas de cría do sur de Lugo preferiran recoller nenos na casa de expósitos de Pontevedra antes que na de Lugo, a diferencia salarial de 2,5 pesetas mensuais e o retraso nos pagos. Tampouco é certa a afirmación de que o "mercado" de nenos era moi pequeno en Lugo. Confrontando unicamente os ingresos da casa de expósitos de Lugo cos da de Pontevedra, vese que esa diferenza só se da nos últimos anos do XIX e primeiros do XX. Se se ten en conta ademais a existencia de outra casa de expósitos en Mondoñedo, dependente tamén da Deputación Provincial e sufrindo as amas de cría as mesmas penalidades salariais, pódese deducir que a falta de oferta de nenos non era o factor determinante.

[26] *Diario de Lugo*, nº 968, 25 de deccembro de 1879, p. 1

[27] *Diario de Lugo*, nº 1015, 22 de febreiro 1880, p.1.

[28] *Diario de Lugo*, nº 1056, 13 de abril 1880, p. 2.

Cadro 4. Expósitos entregados a amas de cría externas pola casa de expósitos de Pontevedra e nenos ingresados na de Lugo por anos

Ano	Pontevedra	Lugo
1873	49	105
1878	62	96
1883	73	114
1888	97	79
1893	111	44
1898	86	44
1903	115	49

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos en RODRÍGUEZ MARTÍN, Ana María[29] e os libros de entrada e saída da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo[30].

A extremadamente baixa remuneración e incumprimentos nos pagos ás amas de cría externas da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo, sitúa á Deputación Provincial de Lugo como responsable e causante das fatais consecuencias que os nenos expósitos sufriron.

Dentro das amas de cría externas existían, como se viu, dúas categorías, a das que criaban nenos de 0 a 7 anos e a das que o facían con nenos de entre 7 e 12. A partida orzamentaria no segundo caso era menor, non só porque as cantidades por cada neno fosen máis pequenas, senón porque a taxa de mortalidade que se daba entre os nenos expósitos facía que o número dos que chegaban a esa idade, como se verá no seu momento, era menor.

En 1887 o número de amas de cría externas que criaban nenos de ata 7 anos era de 280 e a remuneración percibida por cada unha era de 5 pesetas mensuais. As que criaban nenos de entre 7 e 12 anos eran xustamente a metade, 140, e a contía do que cobraban era unicamente de 25 pesetas ó ano[31].

En 1905 as categorías eran máis: as que criaban nenos ata un ano de idade, que cobraban 10 pts. mensuais; as que o facían con nenos de un á dous anos, e que cobraban 7,50; as de nenos de 2 á 7 anos, a razón de 5 pts mensuais e as de nenos de entre 7 e 12 anos que cobraban 25 pesetas por ano[32].

O número de amas de cría externas de nenos ata os sete anos en 1878 era de 412, sen que se especifique o que correspondía ás de nenos de idades comprendidas entre os sete e os doce[33].

---

[29] RODRÍGUEZ MARTÍN, Ana María. La inclusa de Pontevedra 1872-1903. *Revista de estudios provinciais*. nº 19. Pontevedra, 2003. p.192.

[30] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos. Sig. 1146-1, 1146-2, 1146-3, 1147-1, 1147-2, 1147-3, 1148-1, 1148-2, 1148-3, 1148-4, 1149-1 e 1149-2.

[31] *Memoria referente á la provincia de Lugo, redactada por el Gobernador Civil. Lugo*: Tipografía de A. Villamarín, 1888.

[32] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo,* nº 13, 17 de xaneiro de 1905, pp 2 e 3, e nº 14, 18 de xaneiro, pp. 2 e 3. Presuposto xeral ordinario da Deputación Provincial de Lugo para o ano 1905.

[33] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo,* nº 106, 3 de setembro de 1878, pp. 1-4. Presuposto xeral ordinario da Deputación Provincial de Lugo para o ano económico 1878-79.

O médico e o cirurxián. Tratábase de postos que non eran de dedicación exclusiva, senón que se compatibilizaban, como sucedía co director capelán, con outros do mesmo tipo nos outros establecementos benéficos da cidade, non existindo por este motivo unha dedicación nin exclusiva nin continuada ó establecemento.

No caso do cirurxián, ademais, tendo en conta que a casa non contaba con departamento para realizar intervencións, posiblemente nin sequera acudira ó establecemento, cobrando unicamente por atender no Hospital municipal a aquelas parturientes ou expósitos que o precisasen. Trataríase, moi posiblemente, dunha función máis teórica que real.

Tendo en conta que durante longos períodos, nos libros de ingresos e saídas de expósitos non se anotaba, no caso dos que morrían, a causa do falecemento, fai pensar que a dedicación e vinculación do médico coa casa tampouco era regular nin rigorosa.

O porteiro. Nun mundo case exclusivamente feminino, case o único home que vivía no establecemento, representaba a figura de forza da casa. Aínda que as súas funcións debían ser amplas e adaptadas ás necesidades da vida diaria, a súa misión máis importante era a de garantir o hermetismo e reforzar a barreira, tanto física como moral, que existía entre a casa de expósitos e o mundo exterior.

5. O FUNCIONAMENTO

O proceso polo que se levaba a cabo o ingreso na Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo dependía en boa medida da modalidade polo que este se levaba a cabo.

No caso dos nenos que entraban por orden da Xunta Provincial de Beneficencia ou, o que é o mesmo, por orden do gobernador da provincia, o ingreso levábase a cabo "por la puerta" ou "por la mano", na terminoloxía empregada nos libros de inscricións, e, nese momento, sempre en horas do día, levábase a cabo a anotación no libro de entradas e saídas no que se rexistraban tamén os antecedentes persoais e, sobre todo, familiares.

Os nenos que ingresaban polo torno facíano sempre en horas da noite e non eran anotados nos libros ata o seguinte día.

No momento da inscrición nos libros de entrada, asignábaselle ó neno un número que o acompañaría ó longo da súa vida, mentres permanecese baixo a tutela deste ou outro establecemento benéfico[34].

Se o neno ou nena viñan sen bautizar, levábase a cabo por parte do capelán o ritual o antes posible. Se non había completa seguridade de que o sacramento fora administrado de forma clara, facíase "sub conditione".

Nesta situación, aleitados polas amas de cría internas se aínda son lactantes, como sucedía na maioría dos casos, permanecían un período de tempo indeterminado, que podía durar uns días.ou varios meses, en función de criterios que non aparecen reflectidos en ningún documento. Este tempo de permanencia no establecemento, antes de ser entregados ás amas de cría externas, incrementarase nos últimos anos do período e, co-

[34] Nalgúns documentos da Casa de Beneficencia referidos a ingresados que procedían da Casa de Maternidade e Expósitos séguese facendo referencia ó número que tiñan naquel establecemento. AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas. Sesión do 24 de marzo de 1893 Sig. 0825, Leg. 696: "(…) y además acordó la Junta el ingreso de José Currais, numº 927 de la Casa de Maternidad".

mo se verá, comportaba algunha vantaxe, pero tamén importantes inconvenientes, relacionados cos contaxios de enfermidades, que desta maneira se vían favorecidos.

O paso seguinte é a entrega ás amas de cría externas, que dado o carácter lactante na maioría dos nenos, implica a capacidade de aquelas para aleitar.

As amas de cría externas, previamente avisadas, recollían os nenos na Casa de Maternidade e Expósitos e levábanos ás súas casas, sempre no medio rural, en aldeas da provincia afastadas moitas veces da capital, o que implicaba un longo camiño de regreso co neno.

A remuneración económica que percibían as amas de cría externas polos nenos que coidaban dependía da idade destes. Considerábanse dous tramos de idade: unha primeira etapa dos cero ós sete anos, momento no que podían ingresar na Casa de Beneficencia Municipal, se a ama de cría renunciaba a continuar coa crianza, ou ben continuar na mesma situación, na casa da ama de cría, nesa segunda etapa dos sete ós doce anos, momento no que a remuneración económica finalizaba por considerarse xa que o rapaz tiña capacidade suficiente para gañarse o seu sustento.

Durante o tempo que permanecen baixo os coidados e a tutela das familias das amas de cría externas, a supervisión e control por parte da institución benéfica era mínima. Os nenos permanecían dispersos polas aldeas da provincia, onde vivían as mulleres que os criaban, e incluso estas non tiñan contacto co establecemento nin sequera nas datas en que cobraban as remuneracións, xa que os pagos levábaos a cabo directamente a Deputación, previo anuncio no Diario Oficial da Provincia [35], sendo case que inexistentes os casos nos que se lle retira o neno á ama de cría por non coidalo correctamente para entregarllo posteriormente a outra[36], e si moi numerosos os casos de nenos que morren en poder das amas de cría.

Cada ama de cría non podía levar nunca máis dun neno, dándose o caso de que os xemelgos eran entregados a amas de cría diferentes, incluso de orixes xeográficas totalmente dispares[37], impedindo que no futuro puideran recuperar algún tipo de vinculación.

Tendo en conta que, como se verá máis adiante, o número de nenos que morrían era elevadísimo, pódese afirmar que o funcionamento do establecemento non era bo e non cumpría sequera coa finalidade básica de garantir a supervivencia dos nenos que recibía. Ben é certo que este problema non era exclusivo da casa de expósitos de Lugo, senón de tódolos establecementos deste tipo nos que se estudou a cuestión da mortalidade, tanto para períodos coincidentes como anteriores. Esta circunstancia universalizaría o problema e permite falar de fracaso xeneralizado das institucións benéficas deste tipo xa no aspecto máis básico e elemental de manter con vida ós nenos expósitos.

---

[35] Na prensa local publicábase en ocasións o aviso para que as amas de cría acudiran a cobrar, coa data determinada na que debían presentarse. *Diario de Lugo* nº 1055, 11 de abril 1880, p. 2. Copiado do Boletín Oficial da Provincia do 8 de abril 1880.

[36] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos. Sig. 1146-2. Anotación nº 1320, ano 1875: "se recojió esta Expósita á la Nodriza por hallarla algo abandonada".

[37] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos. Sig. 1149-3. Anotacións nº 3417 e nº 3418, ano1905. Nenas xemelgas ingresadas polo torno o 16 de agosto de 1905. A primeira delas, nº 3417, lévaa para lactar unha ama de Celeiro, Viveiro, mentres que a outra é levada por outra ama de cría de San Román da Retorta, no concello de Guntín.

6. A FINANCIACIÓN DA CASA DE MATERNIDADE E EXPÓSITOS DE LUGO

A dependencia administrativa da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo tiña un carácter dobre. Por un lado, dependía da Xunta Provincial de Beneficencia, que presidía o gobernador da provincia, e que tomaba decisións na cuestión dos ingresos de nenos, como se verá no apartado correspondente ás modalidades de ingreso. Polo outro, dependía da Deputación Provincial, que tamén tomaba decisións en cuestións relacionadas con determinadas adquisicións e obras de mantemento e reforma. Sen embargo, a dependencia económica, o financiamento, correspondía unicamente á deputación, que debía incluír os gastos totais do seu funcionamento nos presupostos da institución.

Non hai constancia, como sucedía no caso da Casa Municipal de Beneficencia e o Hospital Municipal, de que a Casa de Maternidade e Expósitos contase con doazóns particulares ou rendas fixas, aínda que a non conservación das actas da Xunta Provincial de Beneficencia e o carácter exiguo das fontes documentais conservadas, relacionadas co tema da exposición en Lugo, impide comprobalo e aseguralo.Non sucedía o mesmo no caso da casa de maternidade de Mondoñedo, xa que hai constancia documental de que, ademais dos fondos que recibía dos presupostos da deputación provincial, contaba con asignacións de orixe eclesiástica, como eran as procedentes do chamado *indulto cuadragesimal predicaciones*, que recadaba o bispado e do que por normativa asignaba unha parte ós establecementos benéficos da súa xurisdición eclesiástica[38]. Contaba tamén con ingresos derivados da propiedade de inscricións intransferibles, produto de doazóns, legados e esmolas[39].

Recorrendo ós presupostos provinciais publicados no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*, pódese obter algunha información sobre as contías e porcentaxes que correspondían á Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo de maneira individual nalgúns casos, e conxuntamente coa de Mondoñedo noutros.

Durante o ano 1875, os datos sobre a distribución de fondos da Deputación Provincial de Lugo publicados periodicamente no boletín da provincia, no que ás casas de expósitos da provincia se refire, é dicir, de Lugo e Mondoñedo, totalizan 35.000 pesetas dun total de 194.043,53 que constituíu o total de fondos presupostados pola deputación nese ano. Estas cifras indican que do total gastado, un 18,04% foi destinado ás dúas casas de expósitos, sen que se especifique o que correspondía a cada una delas[40].

Na publicación que no ano 1878 se fai do presuposto da Deputación para o ano económico de 1878-79, os fondos destinados ás dúas casas de expósitos totalizan as 85.685 pesetas, do total de 440.115, 98 que correspondía ós gastos provinciais. Isto representaba un 19,46%. Neste caso os gastos de cada un dos dous establecementos apa-

[38] FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, José María. La Casa Cuna de Mondoñedo. *Estudios mindonienses: anuario de estudios histórico-teológicos de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol*. El Ferrol: Centro de estudios de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol, 1985, T.1 (1985), pp. 409-415.

[39] *Diario de Lugo,* nº 974, 27 de maio de 1879, p.1. Orzamento adicional da Deputación Provincial de Lugo para o ano económico 1878-79.

[40] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*, nº 14, 2 de febreiro de 1875; nº 25, 27 de febreiro de 1875; nº 91, 31 de xullo de 1875; nº 104, 31 de agosto de 1875; nº 143, 30 de novembro de 1875 e nº 156, 30 de decembro de 1875.

recen de maneira separada, correspondendo á Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo a Cantidade de 50.983,75 pts. e 34.671,25 á de Mondoñedo[41].

Xa para a metade do período, en 1890, os presupostos da Deputación Provincial para o ano 1890-91 totalizaban 404.104,77 pts. e ás dúas casas de maternidade e expósitos, conxuntamente, destinábanse 62.433,44 pts., o que neste caso representaba o 15,44%[42].

No 1905, no final do período, a deputación provincial contaba cun presuposto para o exercicio dese ano de 497.507,23 pts., e o apartado que correspondía ás casas de maternidade e expósitos sumaba as 55.955,57 pts, o que representaba o 11,24%. O que correspondía a cada un dos dous establecementos era de 36.497 pts. no caso do de Lugo e 19.458,57 no de Mondoñedo[43].

Convén aclarar que o capítulo de gastos correspondentes ás casas de maternidade e expósitos comprendía, ademais dos gastos de funcionamento, nóminas e demais, os pagos ás amas de cría externas que repartidas polas aldeas da provincia criaban ós nenos que se lles entregaran no seu momento.

Non se observa unha tendencia clara á melloría presupostaría ó longo do tempo, e incluso, se se comparan os datos correspondentes ós anos 1890 e 1905 percíbese unha diminución tanto cuantitativa como porcentual. Isto indicaría que non se deu durante ese tempo unha intención de mellora das condicións de vida dos nenos expósitos. A permanencia no local provisional da Ruanova e a non construción dun edificio definitivo ó longo do tempo reforzan esta idea.

7. O VOLUME TOTAL DE INGRESOS

A Casa de Maternidade e Expósitos, como o seu nome indica, contiña o que, en realidade, noutras cidades eran dous establecementos máis ou menos independentes: a maternidade por un lado e a casa de expósitos por outro, que mantiñan nalgúns casos rexistros administrativos e contables independentes, aínda compartindo a orixe da súa financiación económica e control administrativo[44]. No caso da cidade de Lugo a unión era física, compartindo o mesmo edificio, financeira e administrativa, funcionando a tódolos efectos como un único establecemento.

Esta unificación do que noutras cidades eran dous establecementos nun só reflíctese na existencia dun único libro de ingresos e saídas, no que se anotaban tamén, ademais dos ingresos dos expósitos, os ingresos das mulleres que daban a luz na sala de embarazadas, aínda que levasen con elas o neno unha vez restablecidas e non o deixasen no establecemento como expósito. O volume total de ingresos anotados no libro recolle

[41] BOPL, nº 106, 3 de setembro de 1878, pp. 1-4. Presuposto xeral ordinario da Deputación Provincial de Lugo para o ano económico 1878-79.

[42] BOPL, nº 195, 27 de agosto de 1890. Presuposto xeral ordinario da Deputación Provincial de Lugo para o ano económico 1890-91.

[43] BOPL, nº 13, 17 de xaneiro de 1905, pp 2 e 3, e nº 14, 18 de xaneiro, pp.2 e 3. Presuposto xeral ordinario da Deputación Provincial de Lugo para o ano 1905.

[44] ÁLVAREZ SANTALÓ, León Carlos. *Marginación social y mentalidad en Andalucía occidental: Expósitos en Sevilla (1613-1910)*. Sevilla: Consejería de Cultura de la Junta de Andalucía, 1980, pp. 19-39. A Casa de Expósitos de Sevilla é un exemplo de funcionamento separado.

tamén estes casos que, dado o seu número reducido, tampouco son moi significativos, pero que serán analizados separadamente no apartado correspondente.

O número total de ingresos, os ingresos brutos na casa, danos unha visión global do sector social a analizar, antes de estudalo por partes, mostrando tanto tendencias como reflexos de circunstancias coxunturais.

Aproveitando ó máximo as precarias e limitadísimas fontes documentais conservadas, iniciamos a análise dos rexistros no ano 1860, anticipándonos algo ó período inicialmente previsto, pero buscando tamén que a maior amplitude temporal aporte tamén maior perspectiva.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cadro 5. Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo. Ingresos brutos (1860-1905)


ANO	INGRESOS BRUTOS
1860	-
1861	-
1862 1863	338 conxuntamente nos dous anos[45]
1864	115
1865	108
1866	116
1867	149
1868	125
1869	109
1870	119
1871	101
1872	133
1873	105
1874	101
1875	80
1876	90
1877	72
1878	96
1879	112
1880	120
1881	86
1882	106
1883	114
1884	90
1885	77
1886	84
1887	81
1888	79
1889	82
1890	54
1891	54
1892	56
1893	44
1894	65
1895	47
1896	56
1897	45
1898	44
1899	43
1900	49
1901	54
1902	55
1903	49
1904	49
1905	54
TOTAL	3806

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos nos libros de entrada e saída da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo[46].

[45] O número de ingresos levados a cabo nos anos 1862 e 1863 non aparecen reseñados separadamente, senón que unicamente aparecen de forma conxunta

[46] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos. Sig. 1140. 1141, 1142, 1143, 1144, 1145, 1146-1, 1146-2, 1146-3, 1147-1, 1147-2, 1147-3, 1148-1, 1148-2, 1148-3, 1148-4, 1149-1, 1149-2 e 1149-3.

Gráfica 1. Ingresos brutos na Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo durante o período 1864-1905



Fonte: representación gráfica a partir dos datos contidos nos libros de entrada e saída de expósitos da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo[47]

Unha primeira análise das cifras mostra un importante e estable volume desde o inicio ata o final da década dos 80, iniciándose un claro descenso desde o comezo dos 90 ata o final do período analizado, sen que estean claros os motivos polos que se produce esta diminución.

É moi importante sinalar a claridade coa que se reflexa a crise de subsistencia do bienio 1879-80, cun incremento considerable do número de ingresados e o seu repunte tamén no de 1882-83, anos nos que se deu tamén unha situación de crise[48]. Esta circunstancia permite deducir de maneira clara a vinculación entre a pobreza, as circunstancias coxunturais da subsistencia e o abandono, a chamada exposición, relegando a un segundo lugar as cuestións de rexeitamento social, como se verá no apartado correspondente.

Non se atopa coincidencia co sostido por Enrique Martínez Rodríguez, que desvincula no que se refire a Galicia as crises de subsistencia dos incrementos de ingresos de nenos nos tornos das casas de expósitos:

> Así pues, parece evidente que no era la miseria económica un componente significativo de los abandonos de niños en Galicia, tal como parece haberlo sido en otras latitudes, al decir de J. C. Peyronnet, F. Lebrun, S. Fujita, C. Delasselle, J. P Bardet, J. Damolin, J. Soubeyroux, J. Ramos Martínez o M. Vilar Devís.[49]

[47] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos. Sig. 1140, 1141, 1142, 1143, 1144, 1145, 1146-1, 1146-2, 1146-3, 1147-1, 1147-2, 1147-3, 1148-1, 1148-2, 1148-3, 1148-4, 1149-1, 1149-2 e 1149-3.

[48] POSE ANTELO, José Manuel. *La economía y la sociedad compostelanas a finales del siglo XIX*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela, 1992, p.89.

[49] MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Enrique. Los expósitos del Hospital Real de Santiago, 1651-1840: análisis evolutivo. En: FERNÁNDEZ CORTIZO, C. et al. (eds.). *Universitas. Homenaje a Antonio Eiras Roel*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2002, p. 321.

Eiras Roel, referido á casa de expósitos de Santiago de Compostela, tampouco atopa relación entre as circunstancias adversas e o aumento de entregas de nenos cando afirma que:

> Aínda que a causa do abandono acostuma ser máis a ilexitimidade que a miseria, estes dous factores compleméntanse; por iso, os anos de dificultades agrarias poden determinar, e de feito fano, algún aumento da exposición, non doadamente apreciable en todos os episodios desta natureza, que son innumerables. Pero os anos de auténticas crises agrarias (acompañadas de mortalidade de crise) rara vez repercuten directamente na curva de expósitos, polo dobre motivo da alta mortalidade infantil ordinaria e, máis aínda, do descenso da nupcialidade, a fecundidade e a natalidade neses anos[50].

A relación entre a miseria e os abandonos de expósitos verase con máis detalle no apartado referido ás causas e motivacións das entregas, pero unha simple e superficial análise dos datos estatísticos dos ingresos anuais, desminte, cando menos para o caso de Lugo, a desvinculación das circunstancias económicas do fenómeno da exposición. Os intentos de vinculalo co carácter ilexítimo dos nenos parece aínda máis carente de fundamento, cando menos no que se refire ás clases populares.

Pérez García, pola súa parte, atopa varias coincidencias para o caso de Santiago de Compostela entre a subida do prezo do trigo e o incremento do número de ingresos de expósitos no Hospital dos Reis Católicos[51].

8. AS PARTURIENTES

Como xa se dixo no seu momento, a Casa de Maternidade e Expósitos correspóndese co que noutras cidades eran dous establecementos diferenciados, que en ocasións chegaban a ocupar espazos físicos separados e, incluso, distanciados espacialmente. Esta era a circunstancia, por exemplo, da Casa de Maternidade e Casa de Expósitos de Valladolid, que constituían establecementos independentes[52].

Lugo, unha capital de provincia, pequena, con recursos económicos e materiais limitados, concibiu desde un principio a unificación dos dous ámbitos de actuación nun só, buscando desta maneira a simplificación organizativa e, o que é máis importante, unha maior economía nos gastos. Esta unificación dificulta en parte o traballo de analizar por separado os dous apartados ou ámbitos de actuación da casa por separado.

Ademais dos nenos que ingresaban xa nacidos, ben fose polo torno ou pola porta[53], de forma anónima ou coa identificación da súa nai, o establecemento, na súa versión de casa de maternidade, acollía tamén a mulleres que por distintos motivos acudían para ser auxiliadas no momento do parto, deixando posteriormente o neno ingresado

---

[50] EIRAS ROEL, Antonio. A Casa de Expósitos. En: GARCÍA IGLESIAS, José Manuel (Dir.) e CALVO DOMÍNGUEZ, Marcelina (Coord.). *O Hospital Real de Santiago de Compostela e a hospitalidade no Camiño de peregrinación*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004, pp. 400-401.

[51] PÉREZ GARCÍA, José Manuel. La mortalidad infantil en la Galicia del siglo XIX. El ejemplo de los expósitos del Hospital de los Reyes Católicos de Santiago. En VÁZQUEZ JANEIRO et al. (eds.) *Santiago de Compostela. La ciudad. Las instituciones. El hombre.* Santiago de Compostela: Colegio Franciscano, 1976, pp.178-179.

[52] MAZA ZORRILLA, Elena. *Valladolid: sus pobres y la respuesta institucional (1750-1900)*. Valladolid: Universidad de Valladolid, Secretariado de Publicaciones, Junta de Castilla y León, 1985, pp. 266-267.

[53] Na terminoloxía do propio establecemento "por la mano". Libro de entradas e saídas de 1862.

como expósito ou levándoo con elas. A simplificación en canto ó tipo de mulleres que acudían nestas circunstancias, as súas motivacións ou destino final dos nenos non caben neste apartado, complexo e enigmático en motos aspectos. Intentarase facelo nos apartados correspondentes no seu momento.

A Casa de Maternidade e Expósitos contaba con dous departamentos destinados a acoller a estas mulleres por separación de clases sociais, ou cando menos de dispoñibilidade económica. Un deles, o máis grande e máis utilizado, chamado "sala general de parturientas" e outro, máis pequeno e distanciado, chamado "sala particular" para acoller ás denominadas "parturientas reservadas".

8.1. As parturientes da sala xeral

Na chamada "sala general" ingresaban as mulleres embarazadas próximas ó parto, previa inscrición no libro de ingresos e saídas sen ningunha preservación da identidade. Anotábase o nome e apelidos da muller e a súa domiciliación, e tamén o seu estado civil, así como o nome que se lle poñía o neno ou nena no momento do bautizo.

No momento do parto estas mulleres eran atendidas polas empregadas da casa, das cales unha desempeñaba as funcións de comadroa. Despois de dar a luz, a nai permanecía durante un tempo recuperándose en compañía do recen nacido, ó que aleitaba durante eses días.

A duración da estancia despois do parto non tiña unha periodicidade fixa e viña determinada pola capacidade física e de recuperación da propia recen parida, variando normalmente entre as dúas e as catro semanas.

Chegado o momento de abandonar o establecemento, a nai debía decidir o destino do neno: levalo con ela ou ben renunciar a el e deixalo ingresado como expósito. A decisión, complicada e difícil en moitos casos, non sempre era definitiva e irrevogable, e estaba suxeita a variacións orixinadas polos cambios nas circunstancias que rodeaban a vida da nai[54].

8.2. As parturientes reservadas

Dentro deste apartado encádrase un grupo de parturientes que gozaban dun estatus especial, distinto ó do resto das mulleres atendidas no establecemento, ás que se preservaba a identidade e demais datos persoais de maneira especialmente rigorosa

Trátase de mulleres ás que se lles supón un certo poder económico, que lles permite costearse a estancia no propio establecemento[55]. Este poder económico puidera

[54] Así sucede no caso do ingreso nº 2738 de 1891, que correspondía ó da rapaza Magdalena Gandoira, solteira e oriúnda de "S. Julian de la Puebla, distrito de Láncara", que abandona o establecemento o 20 de novembro do ano 1891 co fillo que tivera nel e que o 6 de xaneiro seguinte devolve "por no poder criarlo", sendo entregado posteriormente a unha ama de cría externa, na casa da cal morre o 3 de outubro de 1893. ADPL, Libros de entradas e saídas de expósitos. Sig. 1148-4.
Outro caso similar é o que se corresponde co ingreso 3388 do ano 1905. A muller dá a luz o 26 de febreiro, marcha co neno o 21 de marzo e o 1 de maio entrégao polo torno.

[55] Na propia inscrición no libro de entradas e saídas se facía constar nalgúns casos esa remuneración o establecemento coa anotación "sin haber gastado nada del Establecimiento por haberse mantenido á su cuenta". Libro reservado. Inscrición do ano 1865. ADPL. Libros de entradas e saídas de expósitos. Sig. 1163-3.

vir da propia muller acollida ou de outra persoa que a protexía e que se facía cargo deses gastos, sen que estes pormenores se especifiquen en ningún momento.

Os pasos que se seguían con este tipo de mulleres eran distintos dos que se levaban a cabo co resto das que acudían a dar a luz no establecemento.

Co fin de garantir xa desde o primeiro momento a reserva da identidade, levábase a cabo un proceso distinto e máis complexo na forma de facer as inscricións e demais rexistros. As anotacións de tipo persoal da parturiente levábanse a cabo no chamado "libro reservado"[56], no que se lles asignaba un número co que se levaba a cabo o rexistro no libro xeral de ingresos e saídas, en substitución do nome e apelidos, evitando desta maneira a súa identificación neste:

> El dia quince del mes de Agosto de mil novecientos cuatro á las once de la noche ha dado á luz en la Sala particular de este Establecimiento una acogida inscrita en el registro de esta Casa con el nº 367, y cuyo nombre se reserva, un niño que fué bautizado el siguiente dia diez y seis en la Capilla de la V.O.T. de esta Ciudad por el Capellan de dicho Establecimiento D. Hermenegildo Fraga, con el nombre de José habiendosele puesto el apellido Perez.[57]

Esta diferenza no trato, máis que a criterios economicistas ou recadatorios, ten, como se verá máis adiante, claras intencións discriminatorias en virtude da condición social. É significativo e bastante indicativo desta intencionalidade o feito de que así como dos libros xerais de ingresos e saídas se conservan todos os tomos que abarcan os distintos períodos, dos de carácter reservado unicamente se conserva un e ademais incompleto[58].

9. OS NENOS EXPÓSITOS

Se ben o termo expósito, que fai referencia ós nenos acabados de nacer, abandonados e/ou entregados a unha institución benéfica, parece delimitar con claridade o concepto, a realidade é moi distinta á hora de abordar un traballo destas características. As distintas circunstancias e variacións que rodean a vida destes nenos e a das súas nais non permite a aplicación deste termo de maneira simple na totalidade dos casos.

En rigor, sería máis preciso falar de nenos ingresados ou nacidos na Casa de Maternidade e Expósitos ou rexistrados nos libros de ingresos do establecemento.

A complexidade e variabilidade das circunstancias que rodean á globalidade dos casos, obrigan a aplicar un criterio clasificatorio que permita abarcar e comprender esa globalidade de maneira ordenada.

9.1. As modalidades de ingreso

Xa desde o momento mesmo do ingreso e rexistro se poden facer distincións claras entre uns e outros casos en función da forma en que ingresan no establecemento,

[56] ADPL. Libro de rexistro de parturientes con carácter reservado. Sig. 1163-3.

[57] ADPL. Libros de entradas e saídas de expósitos. Sig. 1149-2. Ingreso nº 3361, do ano 1904.

[58] No único libro reservado que se conserva, a primeira inscrición, sen numerar, é do ano 1865 e a segunda, xa numerada co nº 497, é de 1914. Isto confirma que existiron outros libros, nos que estarían anotadas as 495 inscricións restantes, das que alguén se apropiou ou destruíu, coa finalidade de ocultar a identidade de estas mulleres de clase acomodada ou, de non selo, de quen as protexía.

delimitándose desta maneira distintas categorías que é imprescindible analizar por separado, dadas as diferenzas e circunstancias que rodean a cada modalidade.

9.1.1. Os nenos nacidos no establecemento

Temos, en primeiro lugar, a aqueles nenos que nacen xa na propia casa por ter ingresado nela súas nais previamente para dar a luz.

A porcentaxe media de nacementos na casa sobre o total dos rexistros estaba arredor do 15 por cento[59]. Esta porcentaxe sobre o total de ingresos sufre un importante incremento na primeira metade do período e permanece estable no segundo. Así temos que en 1875 os nacidos na casa foron o 8,75% do total dos rexistros dese ano, mentres que en 1890 pasan a ser o 18,51%. Este dato podería indicar un maior coñecemento e aceptación por parte de algunhas mais da opción de dar a luz no establecemento en lugar de facelo fora e entregar posteriormente o neno acabado de nacer.

Na segunda metade do período, as porcentaxes mantéñense estables, sen variacións apreciables. No 1890 era do 18,51% sobre o total e no 1905 mantense no 20,37, non reflectindo, polo tanto, ningún factor que puidera influír e que se manifestase en variacións porcentuais.

9.1.2. Os nenos entregados polo torno

O seguinte apartado constituiríano os nenos que ingresaban no establecemento a través do torno. Trátase do sistema de ingreso máis utilizado e que aporta un maior volume de rexistros[60], sen que se poida establecer unha única causa para explicar que sexa así, senón que, como se irá vendo, estas son múltiples e de distinta consideración.

En canto á súa evolución, non se detectan a primeira vista grandes variacións ó longo do tempo, percibíndose unicamente un lixeiro incremento cara a metade do período non suficientemente relevante como para darlle especial consideración[61].

É importante sinalar que a entrega polo torno é, cando menos teoricamente, a forma que reporta maior secreto e anonimato, e que se trata da opción, xunto coa das parturientes reservadas, para os casos que tiñan maior carácter vergonzoso. A posibilidade de que non quedase rexistro escrito da identidade da mai daba a esta opción un maior grado de anonimato, aínda que, como se verá, estas posibilidades non sempre eran utilizadas por ela ou eran abortadas polas investigacións do director capelán.

A práctica totalidade das entregas tiña lugar en horas da noite, o que reforzaba o carácter secreto e a intención de ocultación, adaptándose incluso as entregas ás variacións de luz día-noite das estacións do ano.

Para adaptarse á nocturnidade das entregas, como xa se viu, existía un cuarto lindeiro coa parte interior do torno, no que durmía a muller encargada de levar a cabo a recepción dos nenos nel depositados.

---

[59] A porcentaxe sobre a totalidade dos rexistros dos anos 1875, 1890 e 1905 (inicio, metade e final do período) dá un 14,89%.

[60] A porcentaxe sobre o total de ingresos dos anos 1875, 1890 e 1905 (inicio, metade e final do período) da un 64,36% de ingresos por esta vía.

[61] En 1875 a porcentaxe de nenos ingresados despois de ter sido deixados no torno era do 61,25% sobre o total, no 1890 do 70,37 e no 1905 do 62,96.

Chama a atención o feito de que, se non tódolos anos si a maior parte, se recollan 1, 2 ou incluso 3 nenos mortos, sen que nas anotacións se especifiquen as posibles causas, levándose a cabo os enterramentos sen practicar as autopsias que puideran aclaralo, cando menos en parte[62]. Se morrían no torno unha vez depositados, por falta de dilixencia da torneira, ou eran entregados xa mortos, non é posible determinalo. O que si cabe pensar é que nalgúns casos en que existise a intencionalidade de entregalos en datas próximas e que se estivese ocultando a súa existencia mentres tanto, a morte sobrevida de maneira imprevista significase a asunción pública da maternidade ó levar a cabo o enterramento. Evitar esta circunstancia puidera ser a motivación de depositar o neno morto no torno. Esta hipótese veríase reforzada polo feito de que a práctica totalidade dos nenos recollidos mortos polo torno eran acabados de nacer ou con non moitos días de idade.

No referente ás idades dos nenos que ingresaban polo torno, estas, en contra do que nun primeiro momento se puidera pensar, non se correspondían sempre coa de acabados de nacer ou con poucos días de vida, senón que non son infrecuentes os casos nos que superaban amplamente este estadio.

Cadro 6. Nenos non acabados de nacer entregados polo torno. Algúns exemplos

Nº de rexistro	Ano da entrega	Idade
1450	1876	3 meses
1485	1877	10 meses
2566	1889	2 anos e 5 meses
2590	1889	1 mes e 20 días
2609	1889	5 meses
2643	1890	1 ano e 8 meses
2686	1890	2 anos e 6 meses
2698	1891	3 anos
2717	1891	2 anos
3372	1904	1 ano e 7 meses

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos nos libros de entrada e saída da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo[63]

As causas de que estas entregas se retrasasen tanto poderían ser, como se verá, de varios tipos. Nuns casos dificultades económicas sobrevidas de maneira non prevista, noutros, orixinado polos cambios nas circunstancias persoais da nai.

No referente ás condicións nas que eran depositados os nenos no torno, cabe dicir que adoitaban facelo con unhas roupas mínimas, as que levaban postas, sen que se depositase ningunha máis. As calidades e características destas roupas, que se anotaban no libro de ingreso, dan certas pistas sobre a orixe social da nai, sendo a anotación máis frecuente, nos casos de maior pobreza, de "unos harapos viejos".

[62] Unicamente no caso dos dous nenos recollidos mortos no ano 1891 aparece rexistrada a intervención do xuíz de primeira instancia autorizando os enterramentos.

[63] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos. Sig. 1146-2, 1146-3, 1147-1, 1148-3, 1148-4, 1149-1, 1149-2 e 1149-3.

Tamén son frecuentes sinais que permitían unha identificación posterior, se a nai en algún momento decidía recuperar a custodia do neno. Estas podían consistir en cintas de determinados colores atadas a unha extremidade, medallas ou, incluso, moedas.

Adoitaba acompañar ó neno, tamén, un papel con información acerca de determinadas circunstancias que o rodeaban. Estes papeis, ós que os estudosos denominan cédulas, e que nas inscricións dos libros de entrada se denominaban papeis sen máis, adoitaban ser notas de pequena extensión, normalmente escritas a lapis e que, como se verá máis adiante, podían ser de distintos tipos, atendendo á información de que eran portadoras e á intencionalidade que pretendían.

Orixinariamente as notas achegábanse á inscrición de entrada, aparecendo pegadas na paxina do libro na que se facía o rexistro. Con posterioridade a práctica habitual era a da transcrición do contido da nota baixo o encabezamento de "un papel que dice:".

A información básica e máis frecuente que adoitaban conter as notas tiña que ver con cuestións como a condición de bautizado ou non do neno, o nome que se lle puxera ou se desexaba que se lle puxese cando se bautizase, a data de nacemento e a intencionalidade da mai de recuperalo no futuro.

Os papeis que portaban as notas adoitaban ir, ás veces, cosidas nas roupas ou simplemente metidas entre elas.

9.1.3. Os ingresos por orden da Xunta Provincial de Beneficencia

Neste apartado inclúense os nenos recibidos por orde do Gobernador Civil ou a Xunta Provincial de Beneficencia que el presidía. Tendo en conta que a Xunta só se reunía periodicamente, e os ingresos se facían con carácter urxente, cabe pensar que a Xunta unicamente ratificaba posteriormente o ingresos xa levados a cabo baixo o criterio do Gobernador ou o funcionario encargado destes asuntos. As anotacións no libro de ingresos adoitaban ser "ingresa por la mano" e "de orden del Sr. Governador de la Provincia", no inicio do período, ou "por orden de la Comisión provincial de Beneficencia" en datas posteriores.

O número de nenos ingresados por este apartado era importante ó principio do período, pero descende xa en datas temperás, para manterse así xa ata o final do mesmo[64].

As causas das entregas destas características eran de distintos tipos. Por un lado estaban aqueles nenos que eran abandonados nas rúas ou lugares públicos da provincia, e por outro, os que eran entregados por motivos de orfandade.

Os casos de nenos abandonados en lugares públicos non son numerosos senón máis ben escasos debido ás facilidades coas que se contaba para facelo polo torno[65]. Tendo en conta que case sempre eran nenos acabados de nacer, cabe pensar que puidera tratarse de abandonos feitos por rapazas que ocultaban o embarazo ó entorno familiar e social, e buscaban desfacerse de maneira expedita do neno que delataba a súa materni-

[64] En 1875 a porcentaxe era do 27,50% (22 de 80), en 1890 baixa ó 11,11% (6 de 54) e no 1905 mantense no 16,66% (9 de 54)

[65] En 1875, dos 22 ingresos por este apartado unicamente un éo por abandono (4,54%), no 1890 son 2 de 6 (33%) e en 1905 3 de 9 (33%). Estas porcentaxes, se se toman en conta sobre o total de rexistros de ingreso deses anos, cobran moita menos proporción: 1 sobre 80 rexistros en 1875 (1,25%), 2 sobre 54 rexistros totais en 1890 (3,70%) e 3 sobre 54 en 1905 (5,51%)

dade. Esta hipótese veríase reforzada polo feito de que a práctica totalidade dos abandonos deste tipo procedían de lugares moi afastados de Lugo e Mondoñedo, onde existía a outra casa de maternidade e expósitos na provincia, tal como pode observarse nos seguintes rexistros:

Cadro 7. Procedencia de nenos abandonados na provincia de Lugo nos períodos de 1875-79, 1889-91, 1903-05 e ano 1900

Nº de rexistro	Ano	Lugar	Concello
1413	1876	Sen especificar	Sober
2608	1889	Santaballa	Vilalba
2647	1890	S. Martín de Pantón	Pantón
2673	1890	Sen especificar	Sarria
2696	1890	S. Esteban de Fernandeiros	O Corgo
3152	1900	Ferreiros	Pol
3425	1905	Canabal	Sober

Fonte: elaboración a partir da información contida nos libros de entrada e saída da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo[66].

A iniciativa para levar a cabo a entrega adoitaban tomala os pedáneos e curas párrocos, que frecuentemente procedían o bautismo inmediato do neno, encargándose o alcalde dos trámites diante do Goberno Civil para o ingreso na Casa de Maternidade e Expósitos.

O traslado, que normalmente facía un veciño ou veciña comisionado polo concello, xunto cos trámites, podía facer que transcorresen varios días entre o achado e o ingreso no establecemento:

> En el dia treinta y uno del mes de Octubre de mil novecientos cinco á las siete de la tarde se recibió en esta Casa por orden del Sr. Gobernador Civil de la provincia y por mano de Victoriano González González de Canabal, (Sober), un niño de tres dias de edad, al parecer, que fué encontrado el dia 29. Á las seis de la mañana, en el atrio de la Iglesia parroquial de S. Pedro de Canabal (Sober) en cuya iglesia fue bautizado segun expresó el dicho Victoriano por el Párroco el mismo dia veintinueve á las seis de la mañana con los nombres de José Antonio Miguel de la Cruz.[67]

A baixa proporcionalidade dos abandonos fora do establecemento con respecto ó número total de ingresos pode estar vinculada coa alta aceptación que no medio rural galego existía con respecto ós fillos ilexítimos ou naturais. Esta circunstancia explicaría que fose unha opción pouco contemplada. Os fillos naturais ou ilexítimos durante este período constituían, ademais. un importante volume e sufriron un incremento co transcurso do tempo[68].

Dentro do apartado dos ingresos por orden da Xunta Provincial de Beneficencia ou Goberno Civil, estaban tamén aqueles que se facían por orfandade ou outra desgraza sobrevida, xeralmente á mai. Se a falecida era mai solteira e non había familiares que se fixeran cargo do neno, optábase por este procedemento, pero tamén podían ser fillos lexítimos, nacidos dentro do matrimonio, os que por morte da mai ou dos dous proxenitores, se ingresasen a través das xestións do Goberno Civil:

---

[66] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos. Sig. 1146-2, 1146-3, 1147-1, 1148-3, 1148-4, 1149-1, 1149-2 e 1149-3.

[67] ADPL. Libros de entradas e saídas de expósitos, Sig. 1149-3. Ingreso nº 3425 de 1905.

[68] SOBRADO CORREA, Hortensio. *La ciudad de Lugo en el Antiguo Régimen. Siglos XVI-XIX*. Lugo: Servicio de Publicaciones Diputación Provincial, 2001.p. 346. Evolución da na cidade de Lugo,.

> Se recibió en este establecimiento, previo acuerdo de la Comision provincial del dia seis anterior, un niño que nacio el 4 de agosto de 1886 y fue bautizado en la parroquia de Santiago de Gayoso, dist.º de Otero de Rey, con el nombre de José Ant.º siendo sus padres lejítimos Pedro Fernandez Balboa y Genoveva Quijada, difunta y vecina que ha sido del espresado Santiago.[69]

Esta vía de ingreso, a través dos trámites no Goberno Civil, que se supón debera ser a elixida para os casos de fillos lexítimos, non o era, sen embargo, sempre. Optábase nalgún caso destas características pola entrega más expedita a través do torno, evitándose desta maneira as xestións e trámites burocráticos que implicaba facelo da outra maneira:

> En el dia veinte y dos del mes de Septiembre de mil novecientos cuatro á las siete y media de la tarde se recibió en este Establecimiento por el torno un niño el que según resultado de las averiguaciones practicadas por la Dirección de esta Casa nació el 20 del actual y fue bautizado el siguiente dia 21, en la parroquia de S. Froilan de esta Ciudad con el nombre de Enrique hijo legitimo de José Veiga y Josefa Iglesias, esta difunta, y vecina que fue como aquel lo es de S. Lorenzo de Alveiros, perteneciente á dicha parroquia.[70]

9.2. As causas e motivacións das entregas

Atendendo ás anotacións feitas nos libros de ingreso nuns casos e ás notas que acompañaban ó neno noutros, é posible obter bastante información sobre as posibles causas que motivaran a entrega á Casa de Maternidade e Expósitos. Noutros casos é preciso recorrer a interpretacións e deducións feitas a partir deses datos anotados e das notas transcritas.

En xeral pódese afirmar que as causas varían de maneira apreciable en función da condición social da nai que leva a cabo a entrega. Nos casos de mulleres pertencentes a clases acomodadas, as motivacións de tipo económico non son o factor determinante, senón que prima a condición de fillos naturais ou ilexítimos dos nenos. Sempre nestes casos evidencianse medidas que teñen como finalidade asegurar o secretismo e salvagardar a identidade da mai, incluso cara o capelán director, utilizándose nalgúns casos terceiras persoas para facer a entrega polo torno ou obter información posteriormente sobre o destino e estado do neno.

A orixe xeográfica, imposible de determinar nestes casos de maior reserva da identidade, moi posiblemente fose en ocasións de fora da provincia, recorrendo á opción de facelo nun establecemento que non fose o da súa localidade, coa intencionalidade de reforzar o carácter secreto da entrega e dificultar posibles investigacións que o alterasen. Existen algúns exemplos destas características que se analizarán nos apartados correspondentes.

Neste tipo de entregas non se evidencian case nunca intencións de recuperar posteriormente o neno ou nena entregados, nin se producen tampouco recuperacións posteriores.

Descartadas as motivacións de tipo económico, unicamente se poden atribuír as entregas á falta de aceptación que por parte das clases acomodadas existía cara os fillos non nacidos no seo do matrimonio, e a ocultación destes cando se producían.

---

[69] ADPL. Libros de ingresos e saídas de expósitos. Sig. 1148-4. Rexistro nº 2726, do 26 de xuño de 1891.

[70] ADPL. Libros de ingresos e saídas de expósitos. Sig. 1149-2 e 1149-3. Rexistro nº 3368, do 22 de setembro de 1904.

As motivacións estritamente económicas si aparecen de maneira manifesta nos casos, moito máis frecuentes por outra parte, de orixe social máis baixa. Afirmacións claras e explícitas como "es de una pobre huérfana que no puede atender a su subsistencia"[71], "por falta de recursos de mi querida madre"[72], nos papeis que os acompañaban, ou incluso certificado de pobreza do cura párroco da localidade de orixe[73], evidencian de maneira clara esta motivación para levar a cabo a entrega.

Nalgúns casos esta motivación económica maniféstase renunciando incluso á reserva da identidade[74].

Outro dos motivos que nalgúns casos son causa da entrega é a incapacidade da mai para lactar e a imposibilidade económica de contratar os servizos dunha ama de cría, unicamente ó alcance das xentes cun certo poder económico[75]. Esta circunstancia podía motivar incluso a entrega de fillos lexítimos despois do falecemento da mai no parto ou en datas inmediatamente posteriores, antes de que aqueles superasen a etapa de lactación[76].

Aínda que non se manifeste a condición de pobre nin a súa causalidade na entrega, esta condición evidénciase nas anotacións das roupas que traen os nenos en moitos casos. En moitas destas anotacións, rematábase a enumeración coa matización "todo esto viejo"[77], e noutros anotábase directamente, sen enumeración algunha, que traía unicamente "unos harapos viejos". Cabe pensar que, aínda que non se manifestase, a pobreza extrema fose a causa de moitas destas entregas, sobre todo se temos en conta que o grao de aceptación por parte das clases baixas da maternidade fora do matrimonio, en especial no medio rural, era alta. A presión do entorno social e familiar para que se levase a cabo a entrega na Casa de Maternidade e Expósitos, era, moi posiblemente, moito menor que a que se producía nas rapazas e mulleres das clases máis acomodadas, nas que o grao de aceptación da ilexitimidade era nulo e o seu rexeitamento, total.

9.3. A mortalidade

Para anos anteriores ó período sobre o que se realiza o presente traballo, existe unha referencia escrita no seu momento polo capelán e director da casa de maternidade e expósitos que dá unha idea da importancia e o volume que a cuestión da mortalidade

[71] ADPL. Libros de entradas e saídas de expósitos. Sig. 1146-2. Ingreso nº 1344, do 20 de agosto de 1875.

[72] ADPL. Libros de entradas e saídas de expósitos. Sig. 1146-2. Ingreso nº 1347, do 3 de outubro de 1875.

[73] ADPL. Libros de entradas e saídas de expósitos. Sig. 1149-2 e 1149-3. Ingreso nº 3372, do 24 de outubro de 1904.

[74] ADPL. Libros de entradas e saídas de expósitos. Sig. 1149-2. Ingreso nº 3316, do 25 de xuño de 1903. Neno de tres anos entregado polo torno xunto cun certificado do párroco da aldea de orixe, no arcipreste do de Taboada, no que se especifican con claridade os datos correspondentes á identidade da nai, certificando que "es pobre de solemnidad y careciendo la madre de medios para su educación y alimentación, desea meterlo en la Casa de Beneficencia con intención de sacarlo cuando lo tenga por conveniente".

[75] ADPL. Libros de entradas e saídas de expósitos. Sig. 1149-2. Ingreso nº 3287, do 25 de xuño de 1903, "Un papel que dice: (…) mando al niño á la Casa de Maternidad por no poderlo criar, que no tengo leche y por estar enferma, esto lo pongo para que en el dia que pueda me hagan el favor de devolverlo".

[76] ADPL. Libros de entradas e saídas de expósitos. Sig. 1149-2, 1149-3 e 1146-2. Ingresos nº 3368, do 22 de setembro de 1904, e 1318 e 1319 (xemelgos), do 6 de abril de 1875.

[77] ADPL. Libros de entradas e saídas de expósitos. Sig. 1148-4. Ingreso nº 2697, do 23 de xaneiro de 1891.

acadaba naquel momento, engadindo ademais o dato da consciencia da existencia dese problema por parte de aqueles que tiñan responsabilidade directa sobre o establecemento. A anotación, levada a cabo ó final do libro de entradas e saídas do ano de 1863 di o seguinte:

> Lugo 4 de Marzo de 1865
> De los 200 Espositos ingresados en el Establecim.to desde 6 de Mayo de 1863 hasta 1º de Enero de 1865 han fallecido hasta esta fecha 69 y han sido entregados á sus legítimas Madres tres Espositos
> Resultan existentes 128.[78]

O valor estatístico da anotación é baixo por varias cuestións. Non abarca o ano 1863 completo e, o que é máis importante, está feita cando boa parte dos nenos ós que se refire soamente teñen uns meses de idade e moitos deles morrerían con posterioridade á data da anotación.

A pesar das limitacións que ofrece a información que aporta anotación, o dato que contén é suficientemente revelador. Dos douscentos nenos ingresados desde maio de 1863, sesenta e nove, e dicir o 35%, xa morreran a primeiros de xaneiro de 1865.

Á hora de facer un estudo o máis rigoroso posible sobre a cuestión da mortalidade no período que vai de 1875 a 1905, a primeira dificultade que se presenta ten que ver coa forma de levalo a cabo. Os cálculos das taxas de mortalidade de nenos expósitos vense dificultadas por varias cuestións.

A precariedade das fontes documentais é un dos factores que afectan ós cálculos e recontos. Se ben nos libros de ingresos e saídas se anotaban as mortes cando se producían antes da entrega ás amas de cría externas, no propio establecemento, non está claro que se faga sempre e en tódolos casos despois da entrega a estas e, sobre todo, naqueles casos en que se superase a idade máxima que marcaba o fin da percepción de emolumentos pola crianza. Non se pode esquecer que as anotacións de falecemento e supervivencia nos libros non tiñan como finalidade o coñecemento e control desa realidade, senón a moito máis pragmática de pagar unicamente os gastos daqueles nenos que estivesen realmente vivos, evitando o máis posible a picaresca de que algunhas amas tentasen seguir cobrando con posterioridade a ese falecemento.

Outra dificultade engadida é a que se deriva das distintas idades de ingreso dos nenos. Se temos en conta que as posibilidades de morrer son maiores nos primeiros días e meses de vida, se o ingreso se produce superada xa esa idade, os cálculos poden verse desvirtuados por esta circunstancia. Os nenos de certa idade, xa sufrida unha primeira criba antes da súa entrega, sen que se contabilizase en ningún caso, pasarían a desvirtuar a taxa de mortalidade do establecemento se os incluísemos nos cálculos xunto cos que nacen na casa ou ingresan ó pouco de nacer.

Outro problema que presenta a análise e estudo de tódolos casos rexistrados nas fontes documentais é o enorme volume que presenta. Para levar a cabo esta tarefa de maneira abarcable, optouse por elixir de todo o período a estudar, 1875-1905, tres secuencias temporais, de tres anos consecutivos cada unha, que aporten unha valoración significativa e contrastable. Un período inicial, que comprende os anos 1875, 1876 e 1877, un período intermedio, que abarca os anos 1889, 1890 e 1891, e a parte final que comprende os anos 1903, 1904 e 1905.

[78] ADPL. Libro de entradas e saídas de expósitos correspondente ó ano 1863. Sig. 1144-2.

O primeiro paso para levar a cabo a tarefa de análise, é a tabulación dos datos repartidos en apartados.

Cadro 8. Nenos ingresados por apartados nos anos 1875, 1876 e 1877

Ano 1875

Total de ingresos	80[79]
Nacen mortos	1
Recíbense mortos polo torno	2
Morren antes de cumprir un ano	38
Morren no transcurso do 2º ano de vida	3
Morren despois do 2º ano	0
Vanse coa nai ó nacer	2
Recupéraos a nai/pai antes dos 7 anos	2
Ingresan con máis dun mes de idade	17
Non consta se morren nin se chegan ós 7 anos	1
Chegan ós 7 anos	16

Ano 1876

Total de ingresos	90
Nacen mortos	0
Recíbense mortos no torno	0
Morren antes de cumprir un ano	53
Morren no transcurso do 2º ano de vida	8
Morren despois do 2º ano	1
Vanse coa nai ó nacer	0
Recupéraos a nai/pai antes dos 7 anos	0
Ingresan con máis dun mes de idade	7
Non consta se morren nin se chegan ós 7 anos	0
Chegan ós 7 anos	21

Ano 1877

Total de ingresos	72
Nacen mortos	0
Recíbense mortos no torno	0
Morren antes de cumprir un ano	35
Morren no transcurso do 2º ano de vida	6
Morren despois do 2º ano	1
Vanse coa nai ó nacer	0
Recupéraos a nai/pai antes dos 7 anos	1
Ingresan con máis dun mes de idade	13
Non consta se morren nin se chegan ós 7 anos	2
Chegan ós 7 anos	15

Elaboración propia a partir dos datos contidos nos libros de entrada e saída de expósitos[80].

Tratando de evitar, como xa se dixo, adoptar métodos simplistas de cálculo que leven a resultados erróneos, e tratando de ter en conta unicamente aqueles datos suficientemente documentados e que, ademais, sexan significativos para o que se pretende investigar, vémonos na necesidade de levar a cabo unha selección destes.

Non se toman en consideración para os cálculos das taxas de mortalidade aqueles nenos que, aínda nacendo no establecemento, non quedan nel como expósitos, senón

[79] O número total de ingresos non ten porque coincidir sempre coa suma dos distintos apartados, xa que nalgún caso, un ingreso aparece contabilizado dúas veces. Exemplo: un neno pode ser ingresado máis tarde do mes de idade e ser recuperado antes de cumprir os sete anos de idade.

[80] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos. Sig. 1146-2, 1146-3.

que os levan súas nais despois de recuperarse do parto. Tampouco se contabilizan aqueles nenos que, aínda que ingresados durante un tempo no establecemento, son recuperados por algún dos seus proxenitores antes de cumprir os sete anos, por ser este un dos períodos sobre os que se farán os cálculos da taxa de mortalidade. O motivo de que se fagan os cálculos sobre o período que vai dos cero ós sete anos, é que ata esa idade cando as anotacións do falecemento teñen unha maior motivación administrativa que as fai máis fiables[81].

Tampouco se toman en consideración os nenos que ingresan con máis dun mes de vida, tratando de aproximarse o máis posible ó momento do nacemento no seguimento da supervivencia ou mortalidade. Se se contabilizasen aqueles nenos que ingresan con varios meses, ou incluso anos, de idade, estaríanse desvirtuando os cálculos, xa que estes son en realidade superviventes dunha selección feita xa antes do ingreso.

Na busca de coñecer a mortalidade e supervivencia reais de aqueles nenos sobre os que se tiñan datos anotados nese período dos 0 ós 7 anos, unicamente se toman en consideración aqueles que ingresaron con menos dun mes de vida e permaneceron tutelados e supervisados documentalmente ata esa idade dos sete anos, aparecendo anotada de maneira clara a súa morte ou a súa existencia con vida, rexeitando aqueles casos nos que non se anotan ningunha destas circunstancias. Aínda tomando estas precaucións, existe unha certa distorsión estatística se temos en conta a mortalidade que se produciría nos primeiros dias posteriores ó parto, antes de que se puidera levar a cabo a entrega.

Esta forma de seleccionar os datos lévanos a que, por exemplo, en 1875, de 80 ingresos rexistrados, unicamente se fagan os cálculos sobre 60: 16 nenos que sobreviven ós 7 anos e 44 dos que consta documentalmente o seu falecemento antes de esa idade.

A selección, feita desta maneira, dos casos a contabilizar e estudar achéganos de maneira moito máis realista e rigorosa ó obxectivo de coñecer realmente o problema da mortalidade e supervivencia dos nenos expósitos na Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo.

É importante sinalar tamén que a porcentaxe de nenos mortos de cada ano éo sempre respecto á xeración ingresada nese ano de referencia, seguindo así o sistema utilizado por outros estudosos[82]. Isto quere dicir que se, por exemplo, no ano 1875 constan como mortos 44 expósitos (o 73,33%), estes non foron tódolos expósitos que morreron en 1875, senón os que morreron de tódolos que ingresaron nese ano. A maioría morría, efectivamente, nese mesmo ano, pero outros facíano no ano posterior ou, menos frecuentemente, anos despois.

Para o período inicial, para estudo do cal, como dixemos, se elixiron os anos 1875, 76 e 77, os datos e porcentaxes resultan como se indican.

[81] Ata os sete anos, as amas de cría externas cobraban pola crianza dos nenos unha cantidade maior da que cobraban no período que ia dos sete ós doce anos, sendo ademais neste caso moito menor o número de nenos existentes. Por este motivo, o control administrativo sobre a supervivencia real dos nenos era maior nesta primeira etapa que unha vez entrados na segunda.

[82] ÁLVAREZ SANTALÓ, León Carlos. *Marginación social y mentalidad en Andalucía occidental: Expósitos de Sevilla (1613-1910).*Sevilla: Consejería de Cultura de la Junta de Andalucía, 1980

Cadro 9. Número e porcentaxes de nenos que morren e sobreviven nos anos 1875, 1876 e 1877

Ano 1875

Total	60
Morren	44
Chegan ós 7 anos	16
Taxa de mortalidade	73,33%

Ano 1876

Total	83
Morren	62
Chegan ós 7 anos	21
Taxa de mortalidade	74,69%

Ano 1877

Total	57
Morren	42
Chegan ós 7 anos	15
Taxa de mortalidade	73,68%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos nos libros de entrada e saída de expósitos[83].

Aplicando o meso sistema de cálculo no período intermedio, que comprende os anos 1889, 1890 e 1891, partimos das seguintes táboas de datos:

Cadro 10. Nenos ingresados por apartados nos anos 1889, 1890 e 1891

Ano 1889

Total de ingresos	84
Nacen mortos	1
Recíbense mortos no torno	1
Morren antes de cumprir un ano	22
Morren no transcurso do 2º ano de vida	4
Morren despois do 2º ano	2
Vanse coa nai ó nacer	1
Recupéraos a nai/pai antes dos 7 anos	4
Ingresan con máis dun mes de idade	34
Non consta se morren nin se chegan ós 7 anos	2
Chegan ós 7 anos	13

Ano 1890

Total de ingresos	55
Nacen mortos	2
Recíbense mortos no torno	0
Morren antes de cumprir un ano	20
Morren no transcurso do 2º ano de vida	2
Morren despois do 2º ano	2
Vanse coa nai ó nacer	5
Recupéraos a nai/pai antes dos 7 anos	2
Ingresan con máis dun mes de idade	16
Non consta se morren nin se chegan ós 7 anos	1
Chegan ós 7 anos	7

[83] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos. Sig. 1146-2, 1146-3.

Ano 1891

Total de ingresos	53
Nacen mortos	1
Recíbense mortos no torno	1
Morren antes de cumprir un ano	24
Morren no transcurso do 2º ano de vida	4
Morren despois do 2º ano	2
Vanse coa nai ó nacer	4
Recupéraos a nai/pai antes dos 7 anos	2
Ingresan con máis dun mes de idade	11
Non consta se morren nin se chegan ós 7 anos	0
Chegan ós 7 anos	4

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos nos libros de entrada e saída de expósitos[84].

Levados a cabo os cálculos correspondentes, os resultados son como segue:

Cadro 11. Número e porcentaxes de nenos que morren e sobreviven nos anos 1879, 1880 e 1881

Ano 1879

Total	43
Morren	30
Chegan ós 7 anos	13
Taxa de mortalidade	69,76 %

Ano 1880

Total	31
Morren	26
Chegan ós 7 anos	5
Taxa de mortalidade	83,87 %

Ano 1881

Total	36
Morren	32
Chegan ós 7 anos	4
Taxa de mortalidade	88,88 %

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos nos libros de entrada e saída de expósitos[85].

Polo que respecta ó final do período, para os que se seleccionaron os tres últimos ano, 1903, 1904 e 1905, a tabulación dos datos dos libros dannos os seguintes resultados:

[84] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos. Sig. 1148-3, 1148-4.

[85] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos. Sig. 1148-3, 1148-4.

Cadro 12. Nenos ingresados por apartados nos anos 1903, 1904 e 1905

Ano 1903

Total de ingresos	49
Nacen mortos	0
Recíbense mortos no torno	0
Morren antes de cumprir un ano	9
Morren no transcurso do 2º ano de vida	4
Morren despois do 2º ano	3
Vanse coa nai ó nacer	11
Recupéraos a nai/pai antes dos 7 anos	1
Ingresan con máis dun mes de idade	13
Non consta se morren nin se chegan ós 7 anos	5
Chegan ós 7 anos	3

Ano 1904

Total de ingresos	51
Nacen mortos	2
Recíbense mortos no torno	0
Morren antes de cumprir un ano	8
Morren no transcurso do 2º ano de vida	0
Morren despois do 2º ano	3
Vanse coa nai ó nacer	3
Recupéraos a nai/pai antes dos 7 anos	2
Ingresan con máis dun mes de idade	19
Non consta se morren nin se chegan ós 7 anos	10
Chegan ós 7 anos	4

Ano 1905

Total de ingresos	54
Nacen mortos	1
Recíbense mortos no torno	0
Morren antes de cumprir un ano	16
Morren no transcurso do 2º ano de vida	3
Morren despois do 2º ano	3
Vanse coa nai ó nacer	3
Recupéraos a nai/pai antes dos 7 anos	1
Ingresan con máis dun mes de idade	12
Non consta se morren nin se chegan ós 7 anos	14
Chegan ós 7 anos	1

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos nos libros de entrada e saída de expósitos[86].

Feitos os cálculos correspondentes para este período final e calculada a taxa de mortalidade del, o resultado é como segue:

[86] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos. Sig. 1149-2, 1149-3.

Cadro 13. Número e porcentaxes de nenos que morren e sobreviven nos anos 1879, 1880 e 1881

Ano 1903

Total	19
Morren	16
Chegan ós 7 anos	3
Taxa de mortalidade	84,21 %

Ano 1904

Total	17
Morren	13
Chegan ós 7 anos	4
Taxa de mortalidade	76,47 %

Ano 1905

Total	24
Morren	23
Chegan ós 7 anos	1
Taxa de mortalidade	95,83 %

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos nos libros de entrada e saída de expósitos[87].

Corresponde agora facer unha comparativa entre as tres etapas (inicial, media e final) do período 1875-1905, buscando diferenzas e tendencias. Procede primeiramente facer unha media de cada unha das tres etapas:

Cadro 14. Comparativa de mortalidade e supervivencia entre os períodos 1875-77, 1889-91 e 1903-1905

Anos 1875, 1876 e 1877[88]

Total	200
Morren	148
Chegan ós 7 anos	52
Taxa de mortalidade	74,00%

Anos 1889, 1890 e 1891

Total	110
Morren	88
Chegan ós 7 anos	22
Taxa de mortalidade	80,00%

Anos 1903, 1904 e 1905

Total	60
Morren	52
Chegan ós 7 anos	8
Taxa de mortalidade	86,66%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos nos libros de entrada e saída de expósitos[89].

O primeiro que chama a atención o observar e analizar os resultados é o elevado das taxas de mortalidade. Unha realidade que en outros ámbitos estremece a quen a

[87] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos. Sig. 1149-2, 1149-3.

[88] As medias de mortalidade do período calcúlanse coa suma de falecidos nos tres anos con respecto á suma dos totais.

[89] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos. Sig. 1146-2, 1146-3, 1148-3, 1148-4, 1149-2 e 1149-3.

constata por primeira vez. Expresións como "panorama desolador"[90], "dimensiones dantescas"[91], "espeluznante"[92], aparecen na historiografía especializada que aborda o tema en outros ámbitos xeográficos. Pero esta conmoción ó constatar esa crúa realidade non é exclusiva dos historiadores que a ven desde a perspectiva actual, senón que tamén de moitas persoas coetáneas dos feitos que non deixan de arrepiarse diante desa realidade oculta, e deixan constancia escrita do desasosego que lles produce o ser coñecedores dela e cualificala contundentemente[93].

A segunda evidencia que se observa ó realizar a comparativa das tres etapas do período é o claro incremento da taxa de mortalidade ó longo do tempo. Este incremento é dun 6% entre o inicio (1875-1877) e a etapa intermedia (1889-1891), e dun 6,66% entre esta e a final (1903-1905). Se a avaliación se fai desde o inicio ó final, este incremento, ó longo de todo o período, é dun 12,66%[94]. Este incremento, que se evidencia constante e regular, contradí o que nun principio a lóxica nos levaría a pensar. Atendendo ás melloras que se supón se producen nese tempo en tódolos ámbitos, sanitario, económico, médico, de infraestruturas e de mellora das condicións de vida en xeral, ademais das intencións melloradoras da sociedade en xeral, o previsible sería que repercutisen nunha diminución desa taxa de mortalidade. Esta tendencia á melloría da taxa de supervivencia percíbese de maneira clara e evidente no caso dos expósitos do Hospital dos Reis Católicos de Santiago de Compostela[95]. A mellora das condicións de vida é unha realidade que se percibe en xeral en Europa occidental. A evolución da esperanza de vida no momento de naceer, durante o século XIX nos distintos departamentos franceses apuntan a esta evidencia[96].

No que ó valor en si da taxa de mortalidade se refire, deixando á marxe a cuestión da súa evolución, é importante facer constar que sendo, como se dixo, estarrecedora desde calquera punto de vista, se atopa en parámetros parecidos ós obtidos por outros estudosos en outros ámbitos xeográficos e para períodos similares de tempo.

Se no caso que nos ocupa, referido á Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo, as taxas de mortalidade dos anos analizados van dun 69,76% no ano 1889 ó 95,83 do 1905, no caso da Inclusa de Sevilla, por exemplo, as porcentaxes van do 74% do ano

---

[90] PÉREZ GARCÍA,J. M. La mortalidad infantil en la Galicia del siglo XIX. El ejemplo de los expósitos del Hospital de los Reyes Católicos de Santiago. En:VÁZQUEZ JANEIRO et al. (eds.) *Santiago de Compostela. La ciudad. Las instituciones. El hombre*. Santiago de Compostela: Colegio Franciscano, 1976, p. 183.

[91] ÁLVAREZ SANTALÓ, León Carlos. *Op. cit*. p.157.

[92] DE LA FUENTE GALÁN, Mª del Prado.*Marginación y pobreza en la Granada del siglo XVIII: los niños expósitos*. Granada: Universidad de Granada, 2000. p.232.

[93] PÉREZ GARCÍA, J. M. *Op. cit*. p. 194, recolle a testemuña escrita referida á inclusa de Santiago de Compostela en 1835 por parte da chamada "Junta de Médicos de Galicia y Asturias" que a califica de "pila bautismal y sepulcro de niños". ÁLVAREZ SANTALÓ, León Carlos. *Op. cit*. p. 160, cita pola súa parte a testemuña de R. Ford en "Del Támesis al Guadalquivir", en 1880, sobre a Casa de Expósitos de Sevilla, da que di, entre outras cousas, que é "un sistema organizado de infanticidio".

[94] A forma de calcular a evolución durante o período pode facerse de dúas maneiras. Analizar a diferenza na taxa de mortalidade entre o ano 1875 e 1905 ou facelo entre a media do inicio do período (1875-1877) e a do final (1903-1905). Óptase neste caso pola segunda opción por considerala máis axeitada e rigorosa.

[95] PÉREZ GARCÍA, J.M. *Op. cit*., p. 190.

[96] VAN DE WALLE, Elienne. La mortalité des départements français ruraux au XIXe siècle. En: *Hommage á Marcel Reinhard. Sur la population française au XVIIIe siècles*. París: Société de Démographie Historique, 1973, pp. 581-589.

1895 ó 89 do ano 1865[97]. Máis similares aínda son as cifras referidas ó Hospital dos Reis Católicos de Santiago de Compostela, cuxa taxa de mortalidade flutúa entre o 60% dos anos 1890 e 1892 e o 95% do ano 1888[98].

As taxas de mortalidade da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo eran de nivel similar ás que se atribúen a establecementos deste tipo noutros ámbitos xeográficos, encadrándose dentro da situación de "infanticidio institucional" que se producía, de maneira máis ou menos coñecida fora dos seus muros, en todo o ámbito europeo[99].

Polo contrario, non é nada coincidente cos datos obtidos por outros investigadores noutros ámbitos xeográficos, no que ten que ver coa evolución da taxa de mortalidade ó longo do tempo. Mentres noutros casos se constata unha clara tendencia á diminución da taxa segundo avanza o século XIX[100],ou cando menos mantense nuns parámetros máis ou menos similares, no caso da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo constátase unha tendencia clara e constante de incremento desa taxa de mortalidade. Esta tendencia anómala evidénciase máis aínda se se ten en conta que a porcentaxe anual absoluta máis alta, 95,83%, prodúcese no último ano analizado, 1905, xa dentro do século XX.

Esta tendencia, a todas luces inexplicable se se atende a aspectos lóxicos que afectan á evolución xeral da sociedade durante este período, na que se produce tamén unha diminución da mortalidade infantil[101], sitúanos diante dunha cuestión á que non é fácil dar resposta. O único aspecto sobre o que se podería buscar a causa deste ilóxico incremento da taxa de mortalidade, sería o tamén ilóxico incremento do desinterese da clase política e administrativa, encargada da custodia e tutela do establecemento, na mellora das condicións de vida dos nenos dela dependentes.

A nula mellora das condicións de vida da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo, que permanece ano tras ano provisionalmente nos cuartos arrendados do nº 19 da Ruanova, a onde fora trasladada en 1879 desde o antigo convento de San Francisco, mentres, como ó resto dos establecementos benéficos da cidade, lle eran usurpados os novos edificios para ela construídos das Mercedes, é un exemplo claro da mentalidade coa que se valoraba e afrontaba a realidade dos nenos expósitos. O incremento da ineficacia e desidia, tal como se viu na análise da evolución da Xunta Municipal de Beneficencia de Lugo, na administración e dirección dos establecementos benéficos da cidade, é o único factor que pode explicar esta ilóxica realidade.

---

[97] ÁLVAREZ SANTALÓ, León Carlos. *Op. cit*., p. 163. Taxas de mortalidade: 1865: 89 %; 1875: 78 %; 1885: 81 %; 1895: 74 %.

[98] PÉREZ GARCÍA, J.M. *Op. cit*., p. 184. Taxa de mortalidade entre os 0 e 7 anos: 1886: 84 %; 1888: 95 %; 1890: 60 %; 1892: 60 %; 1893: 88 %; 1894: 87 %; 1895: 87 %.

[99] FINE, Agnès. Enfant et normes familiales. En: DUPÂQUIER, Jacques. *Histoire de la population française*. Volume 3. 1ª edición. París: Presses Universitaires de France, 1988, pp. 436-463 (p.447).

BARDET, Jean Pierre. Enfants abandonnés et enfants assistés á Rouen dans la seconde moitié du XVIII siècle. En: *Hommage á Marcel Reinhard*. *Sur la population française au XVIIIe siècles*. París: Société de Demographie Historique, 1973, pp. 27-29.

[100] PÉREZ GARCÍA, J.M. *Op. cit*., p. 180. Referido ó caso da da mortalidade dos expósitos do Hospital dos Reises Católicos de Santiago de Compostela, conclúe que: "En conjunto podemos afirmar que hemos pasado de una supervivencia del orden de uno por cada 9 niños ingresados a otra que duplica a la de finales del XVIII, ya que se aproxima a 1 de cada 4 niños."

[101] VILLARES PAZ, Ramón e ARTIAGA REGO, Aurora. A Gran Historia de Galicia. Galicia no século XIX, vol. 1, tom. XII *Estancamento económico e mudanzas sociais*. A Coruña: La Voz de Galicia, 2007, p. 30.

No que ás causas directas das mortes dos nenos se refire, a información que ofrecen as fontes documentais limítanse ás referencias contidas nos libros de entrada e saída, nos que se anotaba, xunto coa data do falecemento, a suposta causa do mesmo[102], se este se producía antes da saída do establecemento e da entrega ás amas de cría externas. Nos casos nos que o falecemento se producía despois da saída, xa na casa das amas de cría externas, non se especificaba a causa da morte nin o médico certificaba nin determinaba a causa da mesma.

A inexistencia de medios de análise clínica, propia da época, facía que os diagnósticos se fixeran unicamente a través da observación dos síntomas externos, coas limitacións e falta de fiabilidade que elo comportaba.

As enfermidades e causas máis frecuentemente anotadas son o "muguet", consunción, diarrea e sífilis. Englobando, moi posiblemente, algunhas, como no caso das diarreas, a múltiples procesos infecciosos.

A repetición da mesma causa de morte en datas próximas delata a case que segura existencia de brotes epidémicos e contaxios no propio establecemento. O caso máis ilustrativo desta circunstancia constitúeno as distintas anotacións que se refiren ó "muguet" como causa da morte. O "muguet" era unha enfermidade producida por un fungo que contaminaba as mamilas das amas de cría internas e facía que estas actuaran de transmisoras do mesmo ós distintos nenos que sucesivamente ían aleitando[103].

Obsérvanse dúas situacións deste tipo, unha en 1875 e outra no 1891, que ilustran bastante ben estas circunstancias.

Cadro 15. Defuncións rexistradas en 1875 coa anotación "falleció por muguet"

Data de falecemento	Data de ingreso
30 de xaneiro	20 de xaneiro
2 de febreiro	10 de xaneiro
6 de febreiro	20 de xaneiro
14 de febreiro	26 de xaneiro
10 de marzo	10 de febreiro
25 de febreiro	14 de febreiro
7 de marzo	20 de febreiro
14 de marzo	20 de febreiro
18 de marzo	5 de marzo
25 de marzo	11 de marzo
28 de marzo	8 de marzo
1 de abril	11de marzo
5 de abril	15 de marzo
18 de maio	2 de maio
24 de maio	11 de maio
26 de xuño	6 de xuño
6 de xullo	15 de xuño
12 de agosto	1 de agosto
15 de novembro	11 de outubro

Fonte. elaboración propia a partir das anotacións contidas nos libros de entrada e saída de expósitos[104].

[102] Existen tamén dous libros de partidas de defuncións: ADPL. Sig. A-700 e A-701, e un legaxo de certificacións de bautismo e defunción: ADPL. Sig. A-698. Este último, incompleto e desordenado.

[103] O nome científico do fungo que producía a enfermidade infantil coñecida como "muguet" é o de *Candida albicans*.

[104] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos. Sig. 1146-2.

Cadro 16. Defuncións rexistradas en 1891coa anotación "falleció de muguet"

Data de falecemento	Idade do expósito
3 de agosto	26 días
20 de setembro	14 días
17 de outubro	18 días
23 de outubro	18 días
9 de novembro	10 días
27 de novembro	17 días
1 de decembro	17 días
31 de decembro	25 días

Fonte: elaboración propia a partir das anotacións contidas nos libros de entrada e saída de expósitos[105].

A acumulación de defuncións pola mesma causa en períodos non longos de tempo, a pesares de non permanecer por moitos días no establecemento, delata a existencia de brotes orixinados por contaxios.

A realidade dos contaxios dentro deste tipo de establecementos contradí a opinión de algún estudoso que considera o retraso das datas de entrega ás amas de cría externas e a prolongación da permanencia dos nenos dentro do establecemento, como un gran beneficio para eles ó reducirse a taxa de mortalidade[106]. O inconveniente máis grande deste retraso das entregas ás amas externas sería a maior exposición ós contaxios e enfermidades infecciosas dentro propio establecemento. No caso da Casa de Expósitos de Lugo, onde as melloras, tal como apunta a evolución da taxa de mortalidade, eran presumiblemente inexistentes, a entrega rápida ás amas externas tería evitado, cando menos, a maior parte dos contaxios[107].

A medida de retrasar as entregas dos nenos ás amas de cría externas, alongando a permanencia nos establecementos, pode ser considerado un mecanismo de dobre efecto. Se ben coa medida se evita a entrega a persoas cuxa responsabilidade e honradez se descoñece en parte ou totalmente e sobre as que non é posible exercer supervisión, e se substitúe pola permanencia no propio establecemento durante parte do período crítico dos primeiros meses de vida, supervisada polos administradores e o médico se fose necesario, o inconveniente da exposición ós contaxios anularía todas esas vantaxes e podería producir un dano aínda maior. En calquera dos dous casos a alternativa que podía esperar a estes nenos dificilmente era distinta da morte.

Unha reflexión que, chegados a este punto, cabe facerse é a que ten que ver cos nenos que, tendo súas nais a intención de entregalos, morrían antes de que a entrega puidera ter lugar. É difícil determinar o número ou porcentaxe destes casos, que quedan incluídos dentro da parte oculta da realidade que as estatísticas non poden abarcar, pero que aínda así nos permite intuír e afirmar que o problema da mortalidade destes nenos era aínda maior do que se pode reflectir nos cálculos estatísticos.

Para intuír mellor o anteriormente exposto, pódenos servir como referencia a porcentaxe de nenos que nacendo na sala de parturientes do propio establecemento nacen mortos ou morren no parto, e que roldaba o 14%. Se temos en conta que os partos

[105] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos. Sig. 1149-3.

[106] PÉREZ GARCÍA, J. M. *Op. cit*., p. 191, constata este aspecto referido ó Hospital dos Reis Católicos de Santiago de Compostela no último cuarto do século XIX.

[107] ÁLVAREZ SANTALÓ, León Carlos. *Op. cit*. p. 182. Non constata, no caso dos expósitos de Sevilla, peor trato entre o dispensado dentro e fora do establecemento: "(…) ni la muerte en poder de las amas constituye prueba alguna de peor trato respecto a la institución, ni la muerte en la institución garantiza un cuido superior respecto a los muertos en casa de las amas".

fora do establecemento se farían en condicións moito peores e cun porcentaxe de fracasos maior, é fácil intuír esta parte da mortalidade que escapa ás estatísticas.

Cadro 17. Porcentaxe de nenos nacidos mortos ou que morren no parto na Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo en 1875, 1890 e 1905

1875	1 de 7.- 14,3%
1890	2 de 10.- 20,0%
1905	1 de 11.- 9,0%

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos nos libros de entrada e saída de expósitos[108]

9.4. O destino dos nenos que non morrían

Unha vez visto que a maioría dos nenos vinculados á Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo tiña como destino a morte, cabe preguntarse cal era o dos poucos que non perecían, cando menos antes de cumprir os sete anos.

Dos nenos nacidos no propio establecemento, nas que chamaban "sala general de parturientas" e "sala particular", unha parte eran levados por súas nais cando estas o abandonaban. Como en principio o feito de que acudiran alí unicamente coa a intención de dar a luz non resulta coherente, a interpretación que cabe facer destes casos é a de que, se ben ingresaban coa intención de deixar o neno como expósito, puidera producirse un cambio de actitude durante o período de permanencia que fixera que finalmente o abandono non se levara a cabo.

Se ben a intención inicial sería a de deixar os nenos e reincorporarse elas sen eles á vida diaria, determinadas circunstancias debían influír e motivar o cambio de plans e a decisión final de non deixalo e levalo con elas. Determinar cales podían ser estas circunstancias non resulta tarefa fácil, pero posiblemente o apego xurdido do contacto entre nai e fillo durante os días posteriores ó parto, puidera ser un dos máis importantes.

Case a metade das mulleres, posiblemente rapazas, pois non se especifica a súa idade, sufrían este posible cambio nas súas intencións iniciais de deixar o neno ingresado como expósito e deciden levalo con elas[109]. Pero convén aclarar que esta decisión en moitos casos non era irrevogable, e unha parte destes nenos, obrigadas súas nais moi posiblemente por unha realidade adversa, eran entregados posteriormente polo torno[110].

De calquera maneira, se temos en conta que a porcentaxe de nenos nacidos no propio establecemento sobre o total de rexistros nos libros era, como xa se viu, inferior ó 15%, pódese valorar a incidencia destes casos, nos que os nenos evitaban a condición

[108] ADPL. Libros de ingreso e saída de expósitos dos anos 1875, 1890 e 1905. Sig. 1146-2, 1148-4 e 1149-3.

[109] En 1875, de 6 nenos nacidos vivos, 2 marchan coas súas nais (33,33%).

En 1890, de 8 nacidos vivos, marchan 5 coas súas respectivas nais (62,5%).

En 1905, de 10 que nacen vivos son 3 os que súa nai decide levalos con ela (41,6%).

A media dos tres anos, 10 de 24, é do 41,6%.

[110] Exemplos deste tipo de circunstancias son os ingresos nº 2738 de 1891 e 3388 de 1905, xa citados con anterioridade. ADPL. Libros de ingreso e saída de expósitos. Sig. 1148-4 e 1149-3.

de expósitos por non ser ingresados, como non demasiado importante no cómputo global[111].

9.4.1. As recuperacións

Aínda que, como se verá, a intencionalidade de recuperar o neno por parte da nai, cando as condicións desta mellorasen, aparece con moita frecuencia nos papeis escritos que os acompañaban, esta materialízase en poucas ocasións, e cando se producen adoitaban corresponderse cos casos en que as nais pertencian ás clases sociais máis desfavorecidas e a motivación da entrega era a condición de pobre[112].

En calquera circunstancia, convén deixar claro que os casos de recuperación entre os expósitos típicos (fillos coa condición de ilexítimos ou naturais), eran infrecuentes e aparecen moi esporadicamente. A maior parte das recuperacións prodúcense entre os nenos, fillos lexítimos, que por falecemento da mai en idades temperás de aqueles, son ingresados, como xa se viu, por non poder afrontar o pai ou outros familiares os gastos da crianza cunha ama de cría de pago[113].

Non obstante, convén aclarar que a alta taxa de mortalidade impedía, entre estes nenos, fillos lexítimos entregados con intención de reclamalos máis adiante, que puidesen ser recuperados[114]. A morte como solución final aparece en todos os apartados que teñen que ver coa vida e as circunstancias dos nenos expósitos.

En calquera caso, o carácter infrecuente da recuperación por parte da nai dos nenos expósitos maniféstase tamén en outros ámbitos xeográficos e épocas[115].

Dos que non acadaban a condición de expósitos despois de ingresar no establecemento por calquera das modalidades que xa vimos e non morrían, polo menos no período inicial, case que a súa totalidade eran entregados ás amas de cría externas e trasladados por elas ás súas aldeas de orixe. Sobre como eran as condicións de vida nese novo entorno, os libros de rexistro e a escasa documentación restante que se conserva, ofrecen moi pouca información. É deducible que convivisen con fillos lexítimos da ama de cría, e que a súa situación, tanto afectiva como material, tivese matices máis ou menos evidentes de discriminación con respecto a aqueles.

Se partimos da realidade de que a motivación principal da acollida dos expósitos por parte das amas de cría externas nas súas casas era a remuneración económica que

---

[111] Os datos obtidos, como xa se viu, indicaban que a porcentaxe de nenos nacidos dentro do establecemento era dun 14,89% do total de rexistros, e destes marchaban con súa nai un 41,6%. Destes últimos habería que restar os que reingresaban tempo despois como expósitos.

[112] ADPL. Libros de ingreso e saída de expósitos, Sig. 1149-2 e 1149-3. Ingreso nº 3372 do ano 1904. Nena de 1 ano e 7 meses de idade ingresada polo torno cun certificado de pobreza da mai expedido polo cura párroco de Santa Mª de Marei, no concello do Corgo, e que é recuperada por ela despois de cumprir os 7 anos.

[113]ADPL. Libros de ingreso e saída de expósitos, Sig. 1149-2 e 1149-3. Ingreso nº 3368. Neno de 2 días de idade ingresado polo torno o 22 de setembro de 1904despois de falecer a mai e reclamado por seu pai a punto de cumprir os dous anos e medio, superada a etapa da lactación.

[114] ADPL. Libros de ingreso e saída de expósitos, Sig. 1146-2. Ingresos nº 1318 e nº 1319 de 1875, neno e nena xemelgos recibidos por orde da Xunta Provincial de Beneficencia, despois de falecer súa mai, o 6 de abril de 1875. Os nenos morren pouco tempo máis tarde, o 9 de abril e o 23 de maio respectivamente, sen que a máis que probable recuperación se poida levar a cabo.

[115] ÁLVAREZ SANTALÓ, León Carlos.*Op. cit.*, pp. 102–103.

percibían a cambio, ábrese un importante abanico de posibilidades con respecto ó posible trato que recibían estes nenos. En calquera caso, o que si resulta evidente é o nulo control que sobre esas condicións se levaba a cabo, motivado, entre outras cousas, pola gran dispersión xeográfica de que eran obxecto.

A pesar desta falta de supervisión das condicións de vida dos nenos unha vez entregados para a súa crianza, nalgún caso estas deberon chegar a extremos tales que obrigaron á retirada do neno á ama de cría para entregarllo a outra[116].

A remuneración das amas de cría externas, como xa se indicou con anterioridade, tiña dúas categorías ben diferenciadas en función da idade dos nenos: unha que se refería ó tramo que ia de 0 a 7 anos e outra que abarcaba o período de 7 a 12[117].

As cantidades establecidas como remuneración para os dous tramos de idade eran sensiblemente diferentes, sendo maiores as que correspondían ó primeiro deles. En 1887, a cantidade percibida anualmente polas amas de cría que tiñan ó seu cargo nenos de idades comprendidas entre os 0 e os 7 anos era de 60 pesetas, mentres que ás que o facían con nenos de entre 7 e 12 correspondíanlles unicamente 25. A partida orzamentaria prevista para o primeiro período era de 16.800 pts., mentres que para o segundo era unicamente de 3.500. A diferenza, non viña xustificada soamente polas distintas cantidades percibidas, senón tamén polo distinto número de nenos existentes dunhas e outras idades. Do apartado correspondente ós nenos menores de sete anos, había nese momento 280 en poder das amas de cria externas, mentres que de entre 7 e 12 o seu número era xustamente a metade, 140[118].

O feito de que a remuneración percibida da Deputación fose menor no período posterior ó cumprimento da idade de 7 anos do neno, podía facer que o interese da familia de acollida diminuíse e buscase, aínda que non era frecuente, a maneira de devolverllo ó establecemento, que, á súa vez, o ingresa na Casa Municipal de Beneficencia, abonando, como xa se viu noutros apartados, os gastos correspondentes a este[119].

A idade dos sete anos era un límite establecido en moitos países para determinados cambios legais no que tiña que ver cos expósitos. En Portugal, ó chegar a esa idade, deixábase de aboar ás amas de cría pola crianza dos nenos e considerábase que podían ser alimentados a cambio do traballo que desenrolaban, pasando a recibir salario polo traballo a partir dos doce anos[120].

---

[116] ADPL, Libros de entradas e saídas de expósitos, Sig. 1146-2. Ingreso nº 1320. Socorro Troitiño. Nacida na sala xeral de embarazadas o 6 de abril de 1875. "El 14 de Noviembre de 1875 se recojió ésta Exposita á la Nodriza por hallarla algo abandonada". Entrégaselle o 14 de decembro dese ano a outra ama de cría externa.

[117] Nos presupostos anuais da Deputación provincial diferenciábanse claramente os dous tramos de idade e partidas orzamentarias correspondentes. Así, para o ano económico de 1878-1879, a cantidade asignada para o primeiro tramo de idade quintuplica a do segundo. BOPL, nº 106 do 3 de setembro de 1878.

[118] *Memoria referente á la provincia de Lugo, redactada por el Gobernador Civil*. Lugo, Tipografía de A. Villamarín, 1888.

[119] ADPL, Libros de entradas e saídas de expósitos, Sig. 1148-3 e1148-4. Ingreso nº 2634 de 1889. Nena recollida polo torno, que cumpre a idade de sete anos en poder da súa ama de cría e que posteriormente pasa a ser ingresada na Casa Municipal de Beneficencia.

[120] LOPES, María Antonia. Crianças e jovens em risco nos séculos XVIII e XIX: o caso português no contexto europeu. Coimbra: Almedina, 2004, separata de *Criaças e Jovens em Risco: da Investigaçao à intervençao*, pp. 48-49.

9.4.2. As adopcións

O Regulamento do 14 de maio de 1852 que desenrolaba a execución da Lei de Beneficencia de 1849 prevía e recollía a figura do "prohijamiento" dos nenos expósitos, prevendo incluso algunhas circunstancias concretas:

> Los niños expósitos o abandonados que no fuesen reclamados por sus padres, y los huérfanos de padre y madre, podrán ser prohijados por personas honradas que tengan posibilidad de mantenerlos, todo a discreción de la Junta provincial de beneficencia; pero este prohijamiento no producirá mas efecto que el que determinen las leyes.[121]

Con todo, as adopcións, na acepción actual do termo[122], eran inexistentes naquela época. Non hai nin un só caso de adopción dun neno ó pouco de nacer con renuncia da percepción da remuneración correspondente por parte da ama que o levaba.

Se ben nos presupostos anuais da Deputación provincial, no apartado "Casa de Expósitos de Lugo", nalgunha ocasión, entre o total das partidas, aparece unha baixo o epígrafe de "Gastos de escrituras de prohijacion de expósitos"[123], estas, na realidade, non tiñan lugar, aparecendo unicamente de maneira moi esporádica, practicamente testemuñal, e xa moi ó final do período, anotadas nos libros de rexistro[124].

A práctica inexistencia de adopcións reais entre os nenos expósitos ou hospicianos é recollida tamén por outras investigacións en outros ámbitos xeográficos[125].

Son máis frecuentes os casos que se puideran chamar de adopcións informais, xa que non hai constancia de que tiveran lugar amparadas baixo escritura notarial ou calquera outro documento escrito, aparecendo unicamente a anotación "fue prohijado por su nodriza al cumplir los 12 años, ou a máis concisa e frecuente aínda de "Cumple la edad de doce años en poder de su nodriza"[126].

Feita esta última anotación nos libros ó cumprir os nenos os 12 anos, o que sucedía a partir dese momento é xa unha incógnita. Na maioría dos casos, unha vez rematado o período remunerado da tutela do expósito, este permanecía na familia de acollida, moi posiblemente, aportando o seu traballo ou o salario gañado fora do ámbito familiar como xornaleiro.

Se temos en conta que os nenos eran acollidos por familias con poucos recursos económicos, que precisaban da remuneración que esta acollida lles reportaba como un

---

[121] Regulamento do 14 de maio de 1852 para a execución da Lei de Beneficencia do 20 de xuño de 1849. Artigo nº 22.

[122] Diccionario da RAE. Termo adoptar: Recibir como hijo, con los requisitos y solemnidades que establecen las leyes, al que no lo es naturalmente.

[123] BOPL, nº 106, 3 de setembro de 1878. Presuposto xeral ordinario para o ano económico 1878-1879.

[124] ADPL, Libros de entradas e saídas de expósitos, Sig. 1148-3 e 1148-4. Ingreso nº 2589 de 1889. Nena entregada polo torno e "prohijada" pola ama de cría externa e o seu marido cando cumprira xa os doce anos en "escritura otorgada ante el Notario de esta Capital D. Candido Pena Lopez el 9 de Noviembre de 1902".

[125] PALOMARES IBAÑEZ, Jesús María. La asistencia social en Galicia a finales del siglo XIX: el hospicio de Santiago. *Actas do Congreso internacional de estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*. Tomo I. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e intercambio científico, 1986, pp. 331-332.

[126] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-3 e 1148-4. Ingresos nº 2606 e 2608 de 1889, Sig. 1148-4. Ingreso nº 2689 de 1890 e nº 2698 de 1891.

complemento necesario para a economía doméstica e que, ademais, estarían en situación de desvantaxe con respecto ós fillos propios da unidade familiar, pódense intuír as condicións da súa existencia.

É fácil supoñer que permanecerían nese ámbito rural no que foran reintroducidos, formando parte das clases máis desfavorecidas: xornaleiros e xornaleiras que non tiñan nada propio e que sobrevivirían do seu traballo mentres a súa saúde e as forzas lle lo permitisen[127].

9.4.3. Os ingresos na Casa Municipal de Beneficencia

Xa se viu no apartado correspondente ó establecemento municipal, como eran ingresados nel os nenos maiores de sete anos tutelados pola Xunta Provincial de Beneficencia. Tamén se viu como os pagos que por este concepto facía a Deputación provincial constituían un capítulo importante dos ingresos de aquela[128].

O número de nenos procedentes de Casa de Maternidade e Expósitos que ingresaban na Casa Municipal de Beneficencia era considerable, e a repercusión económica no capítulo de ingresos desta moi importante[129].

No caso frecuente daqueles nenos que, despois de ser criados polas súas amas de cría nas aldeas da provincia, eran devoltos á Xunta Provincial de Beneficencia e ingresados na Casa Municipal de Beneficencia, deixando a amigos e coñecidos no ámbito rural anterior, tendo que adaptarse sos a un novo contexto, fai pensar nun momento difícil nunha xa de por si complicada traxectoria vital.

Se temos en conta que a práctica totalidade dos nenos expósitos eran entregados ás amas de cría externas, cabe preguntarse quen eran estes nenos que pasaban a ela ó cumprir os sete anos ou por ser maiores desa idade.

Unha parte importante destes constituíana, como se acaba de ver, aqueles nenos que, ben por algunha circunstancia persoal que afectaba á vida da ama de cría ou ó feito de diminuír considerablemente a contía da percepción ó cumprir os sete anos, eran devoltos á Xunta Provincial de Beneficencia. Outra parte constituíana aqueles nenos que, sendo fillos lexítimos, eran ingresados por orde da Xunta Provincial de Beneficencia ó sucederlles algún contratempo ás súas familias e tiñan cumpridos os sete anos, idade mínima para poder ingresar na Casa Municipal de Beneficencia, se antes non foran reclamados por algún familiar, momento no que se levaba a cabo o ingreso, abonando o importe correspondente pola estancia se o neno procedía de fora do termo municipal de Lugo[130].

---

[127] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1146-3 Ingreso nº 1499 do ano 1877. Neno entregado polo torno. Nese ano lévao unha ama de cría externa do termo municipal de Guntín e cumpre os 12 anos na súa casa. En 1930 (a primeiros de xullo), con 53 anos de idade, ingresa na Casa Municipal de Beneficencia, onde se supón finaliza os seus días.

[128] Aparecen tamén estas partidas nos presupostos anuais da Deputación como "Gastos de Expósitos de Lugo". BOPL, nº 106, 3 de setembro de 1878.

[129] AHPL, Conello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0825, Leg. 696. Estado comparativo dos ingresos e gastos da Casa Municipal de Beneficencia de Lugo. O importe das cantidades aboadas ou debidas pola deputación provincial entre os anos 1877 e 1882 en concepto de pago polas estancias dos expósitos supoñía entre un 20 e un 25% dos ingresos totais da Casa Municipal de Beneficencia.

[130] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-4 Ingreso nº 2726 de 1891. "Se recibió en este establecimiento, previo acuerdo de la Comisión provincial del dia seis anterior, un niño que nacio el

No caso dos nenos devoltos despois de ser entregados ás súas amas de cría externas e pasar anos nas aldeas a onde foran levados, hai que dicir que sobre as causas destas devolucións non se recollen en moitos casos as motivacións na documentación conservada. Entre estas causas, como xa se dixo, non é descartable que estivera como unha das máis importantes, a diminución da percepción ó cumprir esa idade de sete anos, ou a proximidade da súa finalización definitiva ós doce[131].

As condicións de vida destes nenos no establecemento eran en todo iguais ás dos que tiñan, como se viu no seu momento no apartado correspondente á Casa Municipal de Beneficencia, outros nenos de distinta procedencia, coa diferenza esencial de que os que non procedían da Casa de Maternidade e Expósitos podían ter algunha esperanza fundada de ser recuperados por súas nais, xa que algúns mantiñan algún contacto máis ou menos esporádico con elas e sabían da súa existencia. Os expósitos, na súa gran maioría, nin mantiñan contacto algún coa que fora a súa nai, nin sabían sequera se existía.

A esperanza íntima e secreta de que algún día aparecese súa nai a recollelos e rescatalos da casa, se non tivera lugar antes, iríase desvanecendo, e a aceptación da crúa realidade que o azar da existencia lle deparara iríase impoñendo.

A presenza de nenos na Casa Municipal de Beneficencia era moi numerosa e superaba amplamente o centenar, acadando os menores de 16 anos o 64% dos internos existentes en 1877[132]. O cambio que supoñía para a maioría destes nenos, que procedían das familias que os acolleran anteriormente nun ambiente rural, no caso dos expósitos, ou nas súas propias familias, no caso dos que ingresaban por orden da Xunta Provincial de Beneficencia en idades máis tardías, era enorme.

Os nenos entregados ás amas de cría externas, aínda tendo que asumir as moi posibles condicións discriminatorias ou desiguais que se producirían con relación ós fillos daquelas, contaban, cando menos, co mínimo amparo que supoñía unha substituta de pago da figura materna e un núcleo familiar que, aínda non sendo o propio, lles aportaba o máis parecido a unha familia. No caso dos nenos que ingresaban por orden da Xunta Provincial de Beneficencia, procedentes das súas propias familias, o contraste podía ser aínda maior. Nin o trato cos traballadores e traballadoras da casa, primeiro, nin as monxas, despois, tiñan parecido coa figura da mai ou o entorno familiar.

A chegada o antigo convento de San Francisco, masificado pola presenza numerosa de nenos e anciáns, supoñía un cambio enorme nas súas condicións de vida. O carácter disciplinario da organización da vida diaria nada tiña que ver coa vida en liberdade dos nenos nas aldeas. A rutina horaria en canto a horas de erguerse e deitarse, comer

---

4 de Agosto de 1886 y fué bautizado en la parroquia de Santiago de Gayoso, dist.º de Otero de Rey, con el nombre de José Ant.º siendo sus padres lejitimos Pedro Fernandez Balboa y Genoveva Quijada, difunta y vecina que ha sido del espresado Santiago.

En 4 de agosto de 1892, ingresó en la Casa de Beneficencia por haber cumplido la edad de siete años".

[131] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1146-2. Ingreso nº 1348 de 1875. Neno recibido polo torno o 11 de outubro. Lévano para aleitar unha ama de cría externa e o seu marido. Cumpre os 7 anos con eles e o 4 de decembro de 1888 é devolto ó establecemento e ingresa na Casa Municipal de Beneficencia. Ingreso nº 2634 de 1889, Sig. 148-3 e 1148-4. Nena recollida polo torno e que cumpre os 7 anos en poder da súa ama de cría, e que en data sen especificar pasa a ser ingresada na Casa Municipal de Beneficencia.

[132] AHPL, Concello de Lugo, Censos e padróns. Censo de 1877, Sig. L 0640. Dun total de 219 persoas acollidas no establecemento, 141 eran menores de 16 anos nese momento.

e desenrolar as actividades diarias, sería algo novo nas súas vidas. Non desaparecerían totalmente, sen embargo, os traballos e labores na terra. A Casa de Beneficencia contaba con leiras arrendadas nas que cultivaban verduras e outros produtos para abastecer a cociña e tamén alimentar os cochos que alí se criaban.

O carácter relixioso que desde a súa chegada en 1879 imprimiran as monxas á vida diaria do establecemento, traducíase en misas, rosarios e oracións diarias, que, xunto co rigor disciplinario, endurecían a vida cotiá e xeraba o rexeitamento dos rapaces ó chegar á idade da adolescencia.

A vida rutineira e triste que se desenvolvía entre as paredes do antigo convento de San Francisco, no que permanecían descalzos e mal vestidos, soportando os rigores dos longos e fríos invernos de Lugo, poden dar unha idea da dureza das súas condicións de vida. O illamento do resto da sociedade luguesa, da que permanecían segregados, saíndo en contadas ocasións do recinto conventual no que permanecían recluídos, e para cuestións estigmatizantes como eran o aluguer de cadeiras na Praza Maior, reforzado ese carácter estigmatizador pola existencia dun uniforme para as saídas, engadían unha nota dramática máis a esas circunstancias.

As clases para aprender a ler e escribir impartidas por un interno adulto formaban parte da rutina diaria na primeira infancia. As de xastrería e zapatería impartíanse máis adiante e constituían a opción formativa do propio establecemento.

A saída a aprender un oficio fora do establecemento con algún artesán era outra opción formativa e, naqueles casos nos que tiñan lugar, tería a consideración de feito case que festivo. O entrar na sociedade exterior e saír do mundo hermético no que vivían recluídos constituía unha desexada e gozosa novidade. Ese mundo exterior estáballes vetado ata ese momento e abríaselles agora pouco a pouco, de maneira condicionada e atendendo a moitas máis normas e condicións que ó resto dos rapaces da súa idade e distinta condición.

Sobre as posibilidades reais de integración na sociedade, tanto desde o punto de vista laboral como social, as fontes documentais tampouco son moi pródigas á hora de aportar información, aínda que si un pouco máis xenerosas que no caso dos nenos supostamente "prohijados" polas familias que os acolleran.

Sábese que o exército era unha das opcións baralladas polos expósitos baróns, e a súa biografía pasa neste momento polo abandono da cidade e o traslado a outros ámbitos xeográficos a onde serían destinados, diluíndose desta maneira a súa traxectoria biográfica.

Un caso ilustrativo desta situación é o do ingresado nº 235 do ano 1866, recollido polo torno o 23 de febreiro dese ano acabado de nacer, e ó que non acompaña ningún papel na entrega que aporte información sobre el[133]. Bautízaselle ó día seguinte co nome de Florencio e dezasete días máis tarde, o 12 de marzo, lévao "para lactar" María López, muller de Manuel López, veciños de Santa Cruz de Grolos, concello de Guntín.

A seguinte anotación no libro de entradas e saídas é a que corresponde ós sete anos, que significaba o cambio na contía percibida pola crianza: "Cumplio el 22 de febrero de 1873 y continua en poder de su nodriza quien asi como su marido ofrecieron prohijarle".

[133] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1144-3 e 1144-4. Ingreso nº 235 do ano 1866.

A "prohijación", que, como xa se viu, non implicaba obriga algunha contraída por escrito, dura pouco e a seguinte anotación di que "En 17 de Enero de 1876 fue devuelto este Expósito por el marido de su Nodriza y pasó a la Casa de Beneficencia".

A última anotación correspóndese co momento no que acaba de cumprir os quince anos: "En 16 de Marzo de 1881, previa orden de la Comision provincial, salió de dicha Casa con el fin de Sentar plaza en el Ejercito"[134].

A non conservación das actas da Xunta Provincial de Beneficencia, en cuxo seno se tomaban as decisións que afectaban a estes nenos procedentes da Casa de Maternidade e Expósitos que terminaban acollidos na Casa Municipal de Beneficencia, impide coñecer con precisión o seu destino unha vez superada a idade regulamentaria de acollida no establecemento. Se tomamos como referencia o que sucedía cos rapaces e rapazas que estaban tutelados pola Xunta Municipal de Beneficencia e dos que si coñecemos o destino de algúns por conservarse as actas neste caso, podemos supoñer con bastante aproximación cal era este.

Moi frecuentemente as nenas eran levadas en idades comprendidas entre os doce e quince anos como criadas nas casas da cidade ou arredores sen remuneración económica algunha e coa contraprestación única da alimentación, vestido e estancia en ditas casas[135].

A situación de indefensión destas rapazas, carentes de respaldo familiar algún e tendo que enfrontarse coas circunstancias de abuso de todo tipo a que quedaban expostas a partir deste momento, marcaría a súa existencia futura.

No caso dos rapaces, ademais de ser entregados para traballar como criados nas casas da cidade[136], podían facelo tamén para aprender algún oficio con algún artesán tamén na cidade[137].

A expulsión por mal comportamento ou actitude problemática podía dar lugar á expulsión do centro, especialmente despois de que o establecemento pasara a ser dirixido polas monxas la orden das "Hijas de la Caridad", e case sempre no caso dos rapaces[138]. Tamén o abandono voluntario ou as fugas se producían en algúns casos[139]. O futuro vital que esperaba nestes casos a estes rapaces, tendo en conta as circunstancias persoais que caracterizaban a súa existencia e as características da sociedade do momento, con poucas posibilidades de supervivencia, non podía ser moi prometedor.

---

[134] É de reseñar que non fala de solicitude ou desexo do expósito, senón de orden da Xunta Provincial de Beneficencia. A non conservación das actas impide confirmar e aclarar esta cuestión. Tamén se observa que, a pesar de estar ingresados nun establecemento municipal, non é a Xunta Municipal de Beneficencia a que ten a tutela e poder de decisión sobre estes nenos e adolescentes, senón a Xunta Provincial que abona as súas estadías.

[135]. AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825, Leg. 696. Sesións do 21 de setembro de 1885, 18 de febreiro de 1886, 5 de decembro de 1888.

[136] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825, Leg. 696. Sesión do 19 de decembro de 1886.

[137] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825, Leg. 696. Sesión do 8 de novembro de 1881.

[138] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825, Leg. 696. Sesiós do 20 de xuño e 19 de setembro de 1883, 23 de abril de 1885 e 3 de febreiro de 1888.

[139] *Diario de Lugo*, nº 574, 3 de setembro de 1878, p. 3.

Existe constancia documental tamén de que a emancipación definitiva dos expósitos dos establecementos benéficos na idade adulta non sempre terminaba de materializarse. Por causas que non é fácil determinar con exactitude, como poden ser deficiencias de tipo psíquico ou secuelas producidas en algunhas personalidades a causa da dureza das condicións da vida sufridas, algúns destes nenos non chegaban a integrarse na etapa adulta de maneira definitiva na sociedade exterior e a súa biografía é un continuo ir e vir de entradas e saídas nos establecementos deste tipo, sobre todo na Casa Municipal de Beneficencia.

Un caso moi ilustrativo destas características é o que se corresponde co ingresado nº 927 do ano 1871, de nome José Corrales ou Currais, segundo as dúas versións do apelido que aparecen nos distintos documentos, Corrales na Casa de Maternidade e Expósitos e Currais na Casa Municipal de Beneficencia.

> Num 927.
> Jose Corrales García
>
> En el dia diez del mes de Noviembre de mil ochocientos setenta y uno a las diez de la noche se recibio por el torno un niño de cinco años de edad al parecer, llamado José Corrales Garcia, segun se espresaba en el papel que trajo; y no constando estar bautizado lo fue subconditione el siguiente dia en la Capilla de esta Casa por el Director y Capellan de la misma D Rosendo Fernandez con dicho nombre segun consta en su partida que obra en el archivo de la Direccion de mi cargo, y se halla registrado al folio 76 y núm. 927 del libro de bautizados que se halla á cargo del Capellan de la casa.
>
> Trajo las ropas y señas siguientes: Una camisa de algodon, un pantalon y chaqueta de paño, un chaleco de lana, un sombrero blanco, unas medias de lana y unos zuecos – Y además una cinta de seda encarnada con un feston negro
>
> y con él fueron entregados los documentos y objetos que á continuacion se expresan: Un papel que dice,,José Curral,, bautizado en Madrid; siendo su padre José Currales, y su madre Francísca Garcia. Yá se dirá la parroquia. Se desea saber su paradero por que tiene cierta herencia y alguien de Lugo quiere reclamar el niño para que no se la coman al infeliz.
>
> Reconocido pasó á la sala ó Departamento de Alimentacio^{n} donde ocupa la cuna Núm. 5,, y esta a cargo de la nodriza interna Manuela Avelaira.
>
> Y para que conste firmo la presente fecha ut supra
>
> Lo llevó Angela Moreda y Lopez, viuda y vecina de Sta Mª de Otero, Distrito de Castro de Rey en 21,, de Diciembre de 1.871; y concluye en 11,, de Octubre de 1.873
>
> Cumplió el 11 de Octubre d 1873 y se halla en poder de su nodriza con el fin de prohijarlo
>
> El 30 de Marzo de 1875 se recogió este Exposito á su nodriza y pasó á la Casa municipal de Beneficencia.
>
> En 17 de Noviembre de 1889,, se fugó de la Casa municipal de Beneficencia en que se hallaba.
>
> En 14 de junio del siguiente año ingresó nuevamente en dicha Casa, en vista del acuerdo tomado por la Comisión provincial en sesion del dia 12, anterior[140].

En 1893, con 26 anos, segundo consta nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia ingresa novamente, evidenciándose a súa situación de inadaptación social e dificultade de integración[141]. Esta apreciación sobre as grandes dificultades que acompa-

[140] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1145-3. Ingreso nº 927 de 1871.

[141] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825, Leg. 696. Sesión do 24 de marzo de 1893. "(…) Y además acordó la Junta el ingreso de José Currais, numº 927 de la Casa de Maternidad, aunque con las condiciones puestas por la Comisión provincial".

ñaban a estes nenos ó longo da vida e as case que nulas posibilidades con que contaban para ascender de estrato social é asumida de forma xeral en todos os ámbitos de estudo. Os expósitos son vítimas primeiro da morte e despois da inadaptación[142].

Aínda nos casos nos que os antigos expósitos lograban a integración laboral e unha aceptable adaptación social, non estaban libres de recaer ó final da vida novamente baixo a tutela dos establecementos benéficos. Os libros de defunción do Hospital Municipal ofrecen algún exemplo destas características.

> El dia nueve de Enero de mil ochocientos noventa y nueve, recibió sepultura eclesiástica en el cementerio general de esta población el cadáver de Antonio Exposito, guardia de consumos, que falleció el dia anterior en este Hospital á las cuatro de la mañana de tisis pulmonar. Recibió los Santos Sacramentos, y demas auxilios espirituales, no se sabe el nombre de sus padres, por proceder de la casa-inclusa de esta Ciudad, era soltero y de sesenta años de edad. Se aplicaron por su alma cuatro misas rezadas y las preces señaladas en el Ritual. (…)[143]

10. OS PAPEIS OU NOTAS

Coñecidos na historiografía especializada como cédulas, óptase neste caso pola máis pragmática de papeis, utilizada tamén nos mesmos libros de asento: "Un papel que dice:".

Trátase basicamente dun anaco de papel, escrito xeralmente a lapis (nos casos nos que se conservan os orixinais son moi poucos os que están escritos a pluma), nos que se escribe algunha información sobre o neno que se entrega anonimamente polo torno. Este papel podía ir cosido ás roupas do neno ou ben introducido nalgún peto ou dobras destas.

Dos rexistros anotados, unicamente ó principio, en 1860, se conservaba o orixinal, que se pegaba con engrudo na folla correspondente do libro de entradas e saídas na que se facía a inscrición. Xa en datas posteriores, en lugar desta práctica, facíase unha transcrición do seu contido, desbotándose o orixinal, salvo nalgún caso esporádico, moi pouco frecuente, no que aparece o papel pegado na folla do rexistro.

O papel ou cédula non acompañaba a tódolos expósitos que ingresaban na Casa de Maternidade e Expósitos. Evidentemente non o facían no caso dos que nacían xa nela, nin os que ingresaban "por la mano" por orden do gobernador ou Xunta Provincial de Beneficencia, pero tampouco entre os que o facían polo torno era práctica xeneralizada, aínda que si frecuente. A pouca importancia dada a esta cuestión dos nenos que ingresaban sen ningún tipo de papel nalgúns estudos resulta rechamante e só pode explicarse como estratexia para evitar restarlle relevancia ó apartado dos nenos que si o traían, os que se dedica a maior parte das análises[144].

O reconto levado a cabo no caso da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo revela que eran moitos os nenos que non portaban papel algún que aportase información

---

[142] MAZA ZORRILLA, Elena: *Pobreza y asistencia social en España, siglos XVI al XX: aproximación histórica*, pp. 20-21. "(…) a tenor de la elevada mortalidad que caracteriza secularmente a estas criaturas y las graves dificultades para los -afortunados- supervivientes, de adaptación e inserción social".

[143] ADPL, Hospital municipal. Libro de defunciones. Sig. 692. A falta de conservación dos libros de entrada e saída de expósitos dos anos anteriores a 1861 (tería que ter nacido no 1839) imposibilita coñecer máis datos da súa estancia na Casa de Maternidade e Expósitos.

[144] DE LA FUENTE GALÁN, María del Prado, *op. cit.*, p. 213.

algunha sobre o neno que se depositaba no torno de forma anónima, e cuxa vida se ia desenvolver na carencia absoluta de referencias sobre a súa orixe.

Elixíronse tres anos do período a estudar. O ano 1875 como o de inicio, o de 1890 como o intermedio e o de 1905 coa intención de detectar posibles evolucións e variacións.

Cadro 18. Número e porcentaxes de expósitos recibidos polo torno que traen papel nos anos 1875, 1890 e 1905

Ano	Nº de ingresados polo torno	Traen papel	Non traen papel
1875	52	32 (61,53%)	20 (38,46%)
1890	38	21 (55,26%)	17 (44,74%)
1905	34	29 (85,29%)	5 (14,71%)

Fonte: elaboración propia a partir da información contidas nos libros de entrada e saída de expósitos[145].

Obsérvase en primeiro lugar un importante descenso do número e porcentaxe de nenos que ó final do período non traen papel ó ser deixados no torno. A xeneralización da práctica de acompañar ó neno con una nota explicativa de algún tipo parece xeneralizarse neste momento. Non é descartable que a mellora dos niveis de alfabetización ó longo do período puidera ter que ver con esta circunstancia.

Nalgúns casos esporádicos, a nota manuscrita é substituída por unha partida de bautismo que aporta información sobre a identidade e aveciñamento da nai, ou incluso algún certificado de pobreza[146].

Tamén se dan algúns casos illados nos que, non traendo ningún papel que os acompañe, traen algún sinal que permita no futuro identificalos en caso de reclamación. Estes casos posiblemente respondan a persoas sen capacidade de escribir e que non queren recorrer á axuda dos párrocos ou outras persoas con capacidade de facelo. Estes sinais adoitaban consistir en cintas de colores, medallas ou escapularios[147]. Tamén é frecuente que, aínda que porten un papel con información, traian algún destes sinais, ós que tamén se fai referencia na nota explicativa.

A presenza ou non do papel posiblemente tivese relación con varias cuestións. Unha destas cuestións sería, moi posiblemente, o grao de ignorancia ou coñecemento do funcionamento do mundo da exposición en xeral e da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo en particular.

Unha rapaza que vivise nunha aldea, aínda que non fose excesivamente afastada da cidade, informada de que podía facer entrega do fillo que non podía criar, tal vez non coñecese máis detalles que o da posibilidade da propia entrega. Sen embargo, entre os habitantes da propia cidade, onde todo se sabe e todo se fala, ou se pode preguntar, sería máis coñecida esta opción ou posibilidade. Esta pode ser, en parte, a explicación de que os nenos abandonados fora do establecemento, nas aldeas ou vilas, non aporten papel

[145] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1146-2, 1148-4 e 1149-3.

[146] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1146-2. Ingreso nº 1252 de 1875.- Non trae papel, pero si partida de bautismo e un certificado de pobreza da mai firmado polo alcalde de Sarria. Ingreso nº 3395 de 1905.- Non trae papel, pero si partida de bautismo expedida polo párroco de San Martín de Ferreirúa, no concello de Brollón. Ingreso nº 3415 de 1905.- Non trae papel, pero si unha partida de bautismo expedida polo párroco de Santa María de Vilafíz, na Pobra de San Xiao.

[147] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-4. Ingreso nº 2650 de 1890: "En la mano derecha una cinta blanca". Ingreso nº 2682 de 1890: "Un escapulario de la Virgen del Carmen". Ingreso nº 2689 de 1890: "Y pendiente del cuello una medalla de metal".

algún, aínda sendo imposible coñecer a orixe dos nenos que viñan acompañados de papel se quen o escribía quería ocultalo.

A presenza o papel pode ser considerado como un indicador do grado de coñecemento do funcionamento da casa e os seus costumes, e tamén pode dar información sobre o nivel socioeconómico de quen facía a entrega e o estrato social de pertenza.

Outra cuestión a formularse é a de quen escribe realmente esas notas. Se temos en conta o baixo nivel de alfabetización que existía nese momento, cabe pensar que a maioría desas mais non tiñan capacidade para escribir as notas que acompañaban ós seus fillos.

A sospeita de que os curas párrocos puideran ser os autores materiais de bastantes desas notas manuscritas parece bastante razoable se temos en conta que a maternidade fora do matrimonio, polas súas connotacións morais, era unha cuestión que se supoñía entraría dentro das súas preocupacións. Ademais, o bautismo, se se producía, ofrecía ós curas párrocos a posibilidade de intervir directamente.

A sospeita de que os autores de boa parte das notas que acompañaban ós expósitos entregados polo torno fosen os curas párrocos dos lugares de orixe aparece apuntada tamén para o caso do Alto Minho portugués[148].

De calquera xeito, o feito de que a gran maioría das notas estean redactadas referíndose á mai en terceira persoa non parece unha cuestión retórica, senón que ten moito que ver co feito de que non era ela quen as escribía.

A medida que se intúe un progresivo ascenso na escala social ó analizar as notas, percíbese unha máis probable autoría da mai e un incremento na súa extensión e cantidade de datos apuntados, aínda que, como se verá, tamén maior reserva da identidade e das precaucións para defendela[149].

En calquera caso, os papeis, como documentos a estudar, polas características especiais que presentan, ofrecen tamén dificultades especiais que complican o seu estudo.

Estas notas que acompañaban a parte dos nenos entregados nas casas de expósitos foron obxecto de análise por diferentes estudosos como fonte de información desde o punto de vista da mentalidade social do momento. Trátase, á hora de analizar estes documentos, de tentar traspasar o muro que separa ós nenos de quen os entrega para tratar de coñecer, á súa vez, algo sobre esas persoas: a súas intencións, inquedanzas, motivacións e demais.

Os textos escritos nestes papeis, o que se di neles, é considerado a mentalidade declarada, é dicir, o que os que fan a entrega declaran e asumen, aínda que non sempre sexa verdade ou non se corresponda totalmente con ela. Trátase da información que os que fan a entrega están dispostos a asumir ou a entregar xunto co neno. O resto da información, non manifestada de maneira explícita no papel, e que se pode deducir, sospeitar ou adiviñar a través doutros camiños, como pode ser xustamente o contrario: a

[148] FONTE, Teodoro Alfonso da. *No limiar da honra e da pobreza*. *A infancia desvalida e abandonada no Alto Minho (1698-1924).* Vila Praia de Áncora: Ancorenses Cooperativa de Ensino (Universidade do Minho), 2004, p. 334.

[149] Son varias as cuestións que permiten intuír a orixe social e económica, tales como a calidade das roupas que traen os nenos ou o propio estilo e detalles da redacción das notas.

ausencia premeditada de determinada información, forma parte da mentalidade intuída[150].

A diversidade que caracteriza ás notas, estandarizada nalgúns casos pero moi grande noutros, obriga a facer un intento clasificatorio que permita comprendelas mellor, atendendo a esa diversidade que dificulta facelo de maneira global.

Despois de ver a maneira de afrontar esta diversidade por parte de outros autores e analizar os seus modelos clasificatorios, ocórrensenos dúas maneiras de facelo.

En primeiro lugar analizámolos en función da súa forma, tendo en conta o aspecto máis evidente, que é o da súa extensión. Clasificámolas atendendo a este criterio en dous grupos: concisas e extensas.

No segundo achegamento, máis completo e complexo, éntrase a analizar a intencionalidade ou finalidade das notas. O que se supón que pretendía conseguir quen escribía ou ditaba esa nota. Este aspecto, coas súas múltiples graduacións e matizacións, lévanos a un terreo moi amplo e non facilmente abarcable que se irá vendo e desentrañando dentro do posible.

Diante da necesidade inevitable de reducir a un número razoable de aspectos a totalidade das notas, elíxense estes aspectos segundo a súa funcionalidade:

As notas para conseguir un trato preferente.
As notas para aliviar a conciencia da mai.
As notas como elemento identificador.
As notas para despistar ou enganar.
As notas multiintencionais.

Poderíanse engadir outros apartados, pero parece razoable considerar estes como suficientes, tendo en conta que neles están incluídos a maioría dos aspectos manifestados nos papeis analizados neste traballo, evitando caer nos particularismos excesivos, moi tentadores por outra parte se se atende ó suxerinte da temática.

10.1. Os papeis segundo a súa extensión

Lévase a cabo esta primeira clasificación atendendo ás directrices que para este apartado seguiu no seu momento Álvarez Santaló á hora de estudar os expósitos de Sevilla e que foron seguidas tamén por outros autores de traballos posteriores deste tipo[151].

En realidade, o intento clasificatorio debería ter en conta tamén a non existencia de papel algún. Sería o grao cero de información aportada na entrega e podería quedar desta maneira:

-Os nenos que non portan papel algún. Información cero ou inexistente.
-Os nenos que portan unha nota concisa. Información básica ou mínima.
-Os nenos que traen unha nota explicativa ou extensa. Grao máximo de información

[150] ALVAREZ SANTALÓ, León Carlos, *op. cit.*, pp. 191-193 e 203.

[151] DE LA FUENTE GALÁN, María del Prado. *Marginación y pobreza en la Granada del siglo XVII: los niños expósitos*. Granada: Universidad de Granada, 2000 p. 256. FERNÁNDEZ UGARTE, María. *Expósitos en Salamanca a comienzos del siglo XVIII*. Salamanca: Diputación de Salamanca, 1988, p.153. TARIFA FERNÁNDEZ, Adela. *Marginación, pobreza y mentalidad social en el Antiguo Régimen: los niños expósitos de Úbeda (1665-1788).* Granada: Universidad de Granada, 1994, p. 316.

No primeiro grupo estarían todos aqueles nenos cuxa orixe forma parte da gran nebulosa de misterio que abarca o mundo dos expósitos e na que non é posible penetrar. Pouco ou nada se sabe e pouco ou nada é posible intuír. Serían os máis desamparados entre os desamparados; os que, se saían vivos do labirinto de morte que constituía a exposición, non recuperarían nin o máis pequeno trazo da propia identidade e levarían con eles o estigma do máis alto grao de abandono.

Tendo en conta que o obxectivo deste apartado é a análise dos papeis en si, limitarase esta a ter en conta ós nenos que os traian, deixando para outro apartado a todos aqueles que, aínda sendo nalgúns momentos moi numerosos, quedan fora pola imposibilidade material de poder estudar o que non existe.

10.1.1. As notas concisas

Sábese, por aqueles casos nos que se conserva o orixinal, que estas notas estaban escritas nun fragmento de papel de pequenas dimensións. Normalmente non superaban os dez centímetros en ningún dos seus lados, e a información de que eran portadores limitábase a cuestións básicas que tiñan que ver con tres aspectos moi concretos: a idade, se estaban ou non bautizados e o nome que se lles puxera ou se desexaba que levaran. En realidade, os tres aspectos estaban vinculados á cuestión central do bautismo.

A cuestión do bautismo cobraba gran importancia nas notas que acompañaban ós nenos que portaban este documento, xa que era unha das primeiras advertencias que se facían. Este dato posiblemente tivese bastante que ver, máis que coas inquedanzas relixiosas da nai, coa condición de quen en moitos casos redactaba e escribía as notas, o que podería considerarse como un indicio máis da mediación dos curas párrocos, sobre todo nos casos das mais máis desfavorecidas socialmente. O feito de que o administrador do establecemento tivese tamén a condición de sacerdote facía que a cuestión do bautismo fose considerada de capital importancia, ata tal punto que boa parte das indagacións e comprobacións que se levaban a cabo tiñan que ver con este aspecto, como se verá máis adiante. Cando existía algunha dúbida sobre a condición de bautizado do neno, facíase "sub conditione"[152] por parte do propio administrador capelán na pía bautismal da capela do convento de San Francisco.

Nalgúns casos, nos que a entrega do neno se facía pouco despois do parto e non dera tempo sequera a bautizalo, advertíase de que unicamente levaba "agua de socorro", o que equivalía a un bautismo de urxencia levado a cabo por se sobreviña a morte neses primeiros momentos, seguramente debido a un parto difícil, por unha persoa que non tiña a condición de sacerdote, normalmente alguén que axudaba no parto.

A cuestión do nome entra máis no terreo do intento de establecer un vínculo entre a mai e o fillo. Se a mai abandonaba o neno, esta reservábase a única potestade que lle queda sobre el, que é a decisión sobre o nome que o acompañará o resto da súa vida. Esta elección, aínda que non se manifeste, pode ter que ver co feito de manter un mínimo fío condutor da nai co fillo. En caso de intentar recuperalo posteriormente, o nome, xunto coa data da entrega, podería permitir a identificación.

[152] O bautismo *sub conditione* era o que se levaba a cabo baixo a condición de que non o fora xa previamente, facéndose de maneira precautoria por se este non tivera lugar antes. En contraposición a este estaba o bautismo *absolute*, para o cuxa administración era imprescindible ter a certeza de que non fora administrado xa con anterioridade.

Non son excesivamente frecuentes os papeis que se limitan única e estritamente a estas cuestións básicas relacionadas co bautismo no caso dos expósitos de Lugo. A frecuencia coa que se manifesta a identidade da mai fai que se obrigue a non considerar a nota como concisa e que esta pase a ter, segundo este criterio, a consideración de extensa, aínda cando, en realidade, tanto pola extensión propiamente dita como polo volume da información, apenas hai diferenza. A case nula reserva da identidade da nai que se percibe por parte das que pertencen ás clases menos favorecidas, no caso de Lugo, fai que unha boa parte das que terían que ser consideradas como concisas, entren xa na categoría de explicativas.

10.1.2. As notas explicativas

A extensión da nota explicativa non tiña porque ser necesariamente maior que a da considerada concisa. A mera manifestación da identidade da mai, cousa que, como xa se dixo, era frecuente no caso da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo, xa implicaba esta consideración e remite a este outro apartado.

A extensión ou tamaño do soporte físico, o papel en si mesmo, tampouco tiña que ser obrigatoriamente maior que o da nota concisa. Un papel de pequeno tamaño podía conter esta información con moi poucas palabras, pero noutros casos, non frecuentes, iso si, desbordaba estes límites e podía ocupar máis dunha folla completa e adoptar o formato de carta dirixida ó establecemento ou, incluso, ó propio neno para que a lese cando fose adulto. A variedade de formatos, características e información aportada por este tipo de notas é moito maior que o das concisas e obriga a remitirse a dous bloques informativos fundamentais que fagan manexable a maior variabilidade casuística. Teríamos, en primeiro lugar, a información sobre os proxenitores e, en segundo, as promesas de recuperación cos seus diversos matices e pormenores.

No que á información sobre os pais se refire, temos, en primeiro lugar, a cuestión da reserva ou recoñecemento da identidade. Hai notas nas que, aínda dando información sobre eles, non se especifica a identidade, e outros casos nos que se fai de maneira clara e explícita, coa declaración dos nomes e apelidos:

> Ingreso nº 2731
> Un papel que dice: Jesus Lopez hijo de Francisca Lopez vecina de S.ta Marta de Fijós nació y se bautizó el dia 20, de Junio de 1891

Este recoñecemento da identidade ten relación con certas características de quen fai a entrega. É moi frecuente nos casos de entregas de fillos lexítimos, dos que xa se viu algún exemplo e dos que frecuentemente a causa era o falecemento da mai no parto ou pouco despois, non tendo o pai viúvo medios para afrontar os gastos da crianza.

Nos casos dos fillos non lexítimos, é dicir, os ilexítimos e os naturais, obsérvase unha diferenza importante en función da orixe ou condición social. Aínda que esta cuestión da reserva da identidade en función da orixe social merece un tratamento especial nun apartado específico, que se fará máis adiante, pódese adiantar que esta manifestación da identidade da mai é exclusiva de aqueles casos nos que esta ten unha orixe social humilde, non dándose nunca nos casos nos que se percibe unha orixe acomodada, nos que, pola contra, se ve un especial interese en ocultar esa identidade e se toman,

incluso, todo tipo de precaucións tendentes a evitar que esa identidade poida ser investigada e desentrañada[153].

Dentro do bloque informativo das notas que fai referencia ós proxenitores, e habendo ou non declaración da identidade destes, pódese manifestar outro tipo de información sobre eles cando se informa da causa da entrega. Teríamos en primeiro lugar aqueles casos nos que se afirma que a causa é a pobreza extrema da mai, tal como xa se viu no apartado referido ás causas das entregas. Esta pobreza extrema adoita declararse nos casos de mais solteiras, xa que a pobreza sen máis, nos casos dos fillos lexítimos, non era considerada causa suficiente para o abandono nin social nin legalmente[154].A pobreza estaba considerada como causa da entrega se se producía a morte de algún dos dous proxenitores e esta podía ser aducida como argumento.

A enfermidade alegada como causa aparece tamén unicamente cando existe un só proxenitor.

Dentro deste apartado referido ó bloque informativo sobre os proxenitores, vinculado ás causas aducidas para o abandono nas notas, algún autor fala de aquelas nas que se alega a ilexitimidade como causa dese abandono[155]. No caso dos expósitos de Lugo non se pode considerar esta cuestión por non aparecer esta condición de fillo natural ou ilexítimo como argumento alegado como causa da entrega en ningunha das notas revisadas nos períodos estudados. Cabe preguntarse se a diferenza de mentalidade existente nas clases populares con respecto á ilexitimidade entre Galicia e outros ámbitos xeográficos está detrás desta outra diferenza nas notas que acompañan ós expósitos.

Se se ten en conta que todo o século XIX é un período no que se produce un importante incremento de nacementos de nenos fora do matrimonio ata acadar cifras que axudarían a ver estes casos como menos anómalos e mellor aceptados pola sociedade en xeral, poderíase entender que non sexa utilizado este argumento como causa da entrega[156]. Se moitas mais solteiras criaban ós seus fillos, e o seu entorno os aceptaba sen estigmatizalos en exceso, non hai motivo para que este feito en exclusiva fose utilizado como argumento ou causa. É evidente que o feito de que non sexa argumentado non exclúe totalmente a posibilidade de que a condición de fillo fora do matrimonio puidera estar detrás de algunha das entregas.

No caso das entregas de fillos de mulleres de certo nivel social, descartada a falta de recursos económicos como causa, si se pode pensar que fose a condición de fillo fora do matrimonio o motivo, e tamén se pode entrever nas notas que acompañan ós

[153] A condición social da mai pode manifestarse de maneira explícita na propia nota, especialmente nos casos de pobreza, ou deducila en moitos outros a partir de outras cuestións como son as características das roupas que trae o neno ou as características da redacción da propia nota.

[154] De non facerse a entrega polo torno, a posibilidade de entregar algún neno na Casa de Maternidade e Expósitos tiña que ser valorada e aprobada pola Xunta Provincial de Beneficencia que presidía o gobernador da provincia, non estando aberta esta posibilidade a calquera que o solicitase sen alegar motivos que esa comisión debería considerar fundados.

[155] DE LA FUENTE GALÁN, María del Prado, *op. cit*. p. 259. Refire os "relatos que alegan la ilegitimidad como móvil de la exposición". ALVAREZ SANTALÓ, León Carlos, *op. cit*., pp. 214-216: "Casos de reconocimiento de ilegitimidad - móvil".

[156] PÉREZ GARCÍA,J. M. La mortalidad infantil en la Galicia del siglo XIX. El ejemplo de los expósitos del Hospital de los Reyes Católicos de Santiago. En VÁZQUEZ JANEIRO et al. (eds.) *Santiago de Compostela. La ciudad. Las instituciones. El hombre*. Santiago de Compostela: Colegio Franciscano, 1976, p. 176.

nenos desta orixe social, e das que se verá algún exemplo no apartado referido á intencionalidade dos papeis.

O outro bloque informativo importante nas notas explicativas é o que vai referido, se existe, á intención de recuperar o neno.

Xa se tratou anteriormente dos poucos casos nos que os nenos que acadaban a condición de expósitos eran posteriormente recuperados e sacados do establecemento. Sen embargo, a manifestación desa intención, aínda cando non se materialice despois, si aparece con relativa frecuencia nas notas explicativas. Este contraste entre os casos de intencionalidade manifestada de recuperación e as recuperacións reais levadas a cabo servirá para intentar avaliar no seu momento cuestións como o grao de sinceridade manifestada nos papeis e a veracidade do que se manifesta.

A complexidade que rodea á cuestión das recuperacións fai que sexa necesario un apartado no que se intente aclarar algúns aspectos que teñen que ver con esta realidade.

10.2. Os papeis segundo a súa intención

Se temos en conta que a entrega a través do torno ten como finalidade facilitar que esta poida levarse a cabo de forma secreta e sen verse obrigada a persoa que a leva a cabo a responder a pregunta algunha, resulta aparentemente contraditorio que estas notas existan e cabe facerse a pregunta do por qué e para qué de elas. Tanto unha como outra cuestión non ofrecen unha soa resposta, senón varias, e estas constitúen en si unha clasificación máis do documento como tal e unha forma máis de interpretación desde outro punto de vista.

A primeira pregunta á que é importante dar resposta é a de por qué alguén que pode facer a entrega de forma totalmente anónima o fai sen utilizar ese recurso e se molesta ademais en aportar información sobre si mesmo. A resposta non pode ser a mesma para tódolos casos. Nuns casos a motivación está no feito de que para esas mulleres non era importante preservar a súa identidade e si o era, sen embargo, asegurarse de que o neno fose correctamente identificado en caso de decidir recuperalo máis adiante, e de que esta posible recuperación non fose obxecto de ningunha traba, por levar recoñecida de maneira explícita a maternidade.

Outra resposta, aínda que poida resultar sorprendente, podería ser xustamente a contraria. A nota tería como finalidade reforzar o carácter secreto e anónimo da entrega, e para elo, considerando que o torno podería non ser suficiente garantía, recórrese a dar información inexacta, ou directamente falsa, para neutralizar posibles indagacións. A falta de veracidade de algún dos datos de algunha das notas está documentada pola posterior anotación do capelán advertindo diso.

10.2.1. As notas con intención de conseguir un trato preferente

Aínda que a exposición constituía un acto de abandono e desvinculación con respecto á supervivencia dun fillo, percíbese en algunhas das notas unha intencionalidade máis ou menos evidente de intentar axudar a que este teña o maior éxito posible no novo entorno do establecemento, primeiro, e en compañía da ama de cría externa, despois. Que o neno entregado fose atendido con certa preferencia e entregado a unha ama de cría mellor podía influír, evidentemente, na futura supervivencia. Trataríase dunha

manobra tendente fundamentalmente a ese obxectivo. Para logralo, ou tentar conseguilo, obsérvanse varias estratexias que comparten esa mesma finalidade.

A maneira máis directa e efectiva de intentar conseguir un trato preferente para o neno entregado é prometer abertamente unha recompensa económica para aquelas persoas que van tratar con el ou que poden tomar decisións sobre el. Evidentemente, máis que a promesa, sería efectiva a entrega da recompensa, pero se as condicións económicas reais non a permiten, a promesa sería o único recurso. Con todo, e na medida das modestas posibilidades de que dispoñían, tamén hai algún exemplo de pequenas entregas de moedas con este fin. Así se pode ler nunha das notas: "lleva una cinta encarnada con dos reales en una bolsa"[157]. Pero máis efectiva que unha pobre recompensa económica pode ser a promesa dunha de moita maior contía, aínda que esta non se leve a cabo nunca, así como a recuperación do neno ou nena, tamén prometida:

> (...) hagan VD.el favor de mirar por esa y saber para donde va, hagan el favor de cuidarla, que yá pagará la recompensa: pues luego vá ser pedida, es hija de buenos padres;[158]

Unha anotación posterior no libro di que cumpriu a idade de doce anos en poder da súa ama de cría externa.

A advertencia de "es hija de buenos padres", que aparece con relativa frecuencia, estandarizada baixo esa expresión, ten unha dobre finalidade. Por unha parte, destacar ó neno ou nena do resto, de ese conxunto de nenos de orixe turbia que se supón constituía a poboación das inclusas, e, por outro, evitarlle as prevencións que sobre o seu estado sanitario puidera haber, especialmente no referente á sífilis, evitando o período de corentena no departamento de observación que se levaba a cabo cando había algunha sospeita de que puidera ser portador de algunha enfermidade contaxiosa.

A sífilis, transmitida ó feto pola nai durante o embarazo, era unha das enfermidades máis frecuentes anotadas como causa de morte nos libros, e o seu carácter de enfermidade de transmisión sexual, máis común nos contextos de prostitución e promiscuidade, levaba consigo unha connotación especialmente negativa. Evitar isto era un dos obxectivos expresados máis ou menos abertamente en algunhas das notas: "(...), se ruega al Sr. Ador que no se ponga en observacion que es de confianza"[159].

Tentaría evitarse con este tipo de advertencias que durante o período de observación fosen aleitados unicamente con leite de vaca, e pasasen directamente ó chamado departamento de alimentación, no que eran aleitados polas amas de cría internas:

> Un papel que dice:
>
> En el año de 1889 nació este niño, se llama Antonio y nació el 5 de Febrero. nació ciego de un ojo y del otro poco vé, la madre no tiene leche pero se le puede dar el pecho que es sano.[160]

A intencionalidade de conseguir un trato preferente para o neno, ademais de con promesas de recompensa e afirmacións sobre a boa condición social dos pais, facíase mediante mostras de relixiosidade que puideran ser valoradas positivamente por aqueles que dirixían o establecemento. A condición sacerdotal do director, entre outras cousas, podería favorecer esa circunstancia.

---

[157] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-4. Ingreso nº 2658 de 1890.

[158] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-3 e 1148-4. Ingreso nº 2606 de 1889. Outra promesa similar de diñeiro: nº 2619 de 1890.

[159] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-3 e 1148-4. Ingreso nº 2597 de 1889.

[160] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-3 e 1148-4, Ingreso nº 2590 de 1889.

Se quen fai a entrega manifesta a súa condición devota, cabe supoñer que se trate dunha persoa virtuosa que puntualmente tivo un tropezo e que, ademais, teña unha orixe social de certo nivel, descartando que o neno tivera a súa orixe nos ámbitos máis marxinais.

Unha das maneiras de mostrar esa relixiosidade do entorno orixinal do neno era utilizar os signos externos máis evidentes e visibles dela, como eran as medallas, cruces e escapularios, ós que se facía referencia nas propias notas, e que poderían servir tamén como marcas de identificación se se levase a cabo a recuperación.

> Este niño nació el dia 10 de Mayo de 1890 á las 10 de la mañana, vá sin bautizar se suplica se le ponga Jesus, lleva al cuello una medalla de las Hermitas y un Cristo, se hechó a las 10, de la noche del mismo dia, este niño será reclamado[161].

As declaracións de bautismo podían ser interpretadas tamén como unha demostración de relixiosidade. A dirección do establecemento, coñecedora de que puidera tratarse dunha manobra, sen que fose certo, facía indagacións que puidesen confirmar a veracidade e, diante da dúbida, aplicaba o bautismo *sub conditione*. A preocupación por esta cuestión indica claramente a prevalencia das cuestións relixiosas sobre os aspectos funcionais do establecemento:

> En el dia catorce del mes Febrero de mil ochocientos noventa y uno á las diez de la noche se recibió en este establecimiento por el torno una niña de tres años de edad al parecer; y no constando haber sido bautizada, lo fué subconditione el siguiente dia diez y siete en la Capilla de la V.O.T. de esta Ciudad[162] por el Director y Capellan de dicho Establecimiento D. Rosendo Fernandez con el nombre de Faustina.[163]

10.2.2. As notas como artificio para aliviar a conciencia da mai

Tendo en conta a circunstancia de que o abandono dun fillo é un dos acontecementos nos que a expresión "contra natura" ten unha máis clara aplicación, é fácil entender o carácter traumático que en boa parte dos casos puidera ter.

Os conflitos éticos, morais e psicolóxicos que en moitos destes casos puideran desatarse no proceso previo á toma da decisión, poderían facer preciso recorrer a algún mecanismo no que apoiarse para poder levar a cabo a entrega e, de algunha maneira, poder minimizar as secuelas psicolóxicas que isto puidese levar consigo.

A nota podería ofrecer un apoio neste proceso a través de varios mecanismos. O máis elemental é o de darlle a ese neno unha identidade máis ou menos parcial. A nota evita que sexa un neno entregado desprovisto totalmente dela, co cal se evita, á súa vez, a crueza da entrega sen máis.

Tamén se poden considerar como parte desta actitude de tranquilizar a conciencia as explicacións sobre as causas da entrega, sexan estas a pobreza ou as imposibilidades de calquera condición ou índole, aínda sendo certas. Pero, sen dúbida, o mecanismo máis claramente utilizado para esta finalidade de alivio das conciencias, sería o de facer explícita na nota a intención de recuperar o neno máis adiante. É perfectamente comprensible que no momento de tomar a difícil decisión se aferre á idea de que non é definitiva, senón temporal, e que, polo tanto, non é un abandono en si.

---

[161] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-4. Ingreso nº 2668 de 1890.

[162] As siglas V.O.T. refírense á Orde Terciaria, de San Francisco, á que pertencera no seu momento o convento e a capela na que estaba instalada a pía bautismal.

[163] ADPL. Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-4.Ingreso nº 2698 de 1891.

Este carácter de artificio psicolóxico da manifestación da intención de recuperación no futuro podería explicar en parte a elevada porcentaxe de promesas de rescate que non se levan a cabo. Se ben é certo que moitos deses nenos recibidos cunha nota na que se afirma que serán recuperados morren pouco tempo despois sen dar lugar a comprobar a autenticidade desas promesas, tamén é verdade que entre os que non morren son, como xa se viu no seu momento, escasísimos os casos nos que esas promesas se materializan.

Se ben é verdade que as promesas incumpridas de recuperación puideran ter o obxectivo anteriormente apuntado de tentar conseguir un certo trato preferente, xa que o neno deixaría de ter a baixa consideración dos que non serían recuperados nunca, e, ademais, alguén en algún momento podería valorar os coidados recibidos, non o é menos que o alivio moral e psicolóxico que aportaría, podería ser aínda máis importante en moitos casos.

Aínda que moi pouco frecuente, hai unha modalidade de nota que entra de maneira moi clara neste apartado. Trátase das notas ou cartas dirixidas ó propio neno e nas que se fai un certo despregamento retórico deste mecanismo. A presenza deste tipo de notas é ineludiblemente un claro indicador da orixe social acomodada da mai. O dominio do xénero epistolar e a utilización de recursos retóricos complexos non estaban ó alcance das clases populares, entre as que a elevada porcentaxe de analfabetismo imposibilitaría en moitos casos incluso a escritura dunha simple nota concisa.

10.2.3. As notas como elemento identificador para unha posterior recuperación

A entrega a través do torno sen máis comportaba o anonimato da entrega, a ocultación da identidade da nai, pero tamén levaba consigo que os nenos carecesen de identidade. Para identificalos, o establecemento asignáballes un número e, posteriormente, ó levar a cabo o bautismo, un nome. Se ben as roupas e outros sinais que puideran levar se anotaban no libro de entradas, a forma estandarizada para facilitar a identificación, e moi posiblemente fomentada polo establecemento, consistía en facer entrega dunha nota que se gardaría ou se transcribiría ós libros, servindo de contrasinal se máis adiante se levaba a cabo a reclamación. Esta intencionalidade da nota como elemento identificador para unha posterior recuperación maniféstase ás veces nas propias notas con expresións como "el niño guarda el papel para que en el dia que pueda que me hagan el favor de devolverlo"[164]. Tamén se facía referencia en algunha ocasión, especialmente nos casos en que se advirte unha máis elevada orixe social e mellor coñecemento dos mecanismos de funcionamento deste tipo de establecementos, á conservación dunha copia da nota para contrastar coa entregada, no momento da reclamación[165]. Esta fórmula serviría para descartar a posibilidade máis pequena de que se producira unha confusión con calquera outro expósito á hora de identificalo.

Outro aspecto das notas que se orientaba a esta intencionalidade indentificadora era a anotación das marcas que levaba o neno: cintas de colores, medallas, escapularios e/ou a descrición das roupas:

> Un papel que dice,, El dia 26,, de Mayo de 1891, nació el dia 17,, del mismo una niña bautizada en la parroquia de Santiago y le pusieron de nombre Aurora, lleva una medalla de la

[164] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1149-2. Ingreso nº 3287 de 1903.

[165] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1146-2. Ingreso nº 1317 de 1875: "(...) procurando conservar este documento, que servirá para confrontar con otro igual en un todo".

> Pastoriza en la mano derecha, un pañuelo á la cabeza, pañuelo de color al cuello con camisa y bayeta de muletón blanco, y será echada á las 11,, de la noche del dia 26,, de Mayo de 1891,, y con el tiempo será reclamada y se llama la niña Aurora Linares.[166]

En calquera caso, as medidas adoptadas polo propio establecemento eran suficientes para levar a cabo a identificación posterior con bastantes garantías se fose precisa, xa que no propio libro de ingresos se anotaba a descrición destes sinais e tamén das roupas. As anotacións nos papeis, máis que para a recuperación en si, que como xa se dixo case nunca tiña lugar, servían para reforzar a suposta intencionalidade manifestada, xa que era posible a recuperación incluso sen o auxilio da nota.

10.2.4. As notas para desinformar ou enganar

Nalgunhas ocasións, a intencionalidade da nota non é a de informar, senón todo o contrario, reforzar o anonimato e o carácter secreto da entrega.

Se o carácter secreto da exposición estaba garantido teoricamente pola utilización do torno, que tiña como finalidade precisamente iso, debería chegar con non aportar información algunha para que este se producira. Non obstante, é frecuente atoparse con algunha inscrición na que se fai constar que algunha das afirmacións que contén o papel que trae o neno/a, non é certa

A pregunta que cabe facerse nestes casos é a de cal podería ser a intencionalidade desa falta de veracidade do que se afirma.

Non parece coherente, en principio, que, se non é necesario achegar nota algunha nas entregas, esta se faga precisamente cando se ten a intención de ocultar a identidade do neno e os seus proxenitores. A única explicación que se pode atopar a esta aparente incoherencia é a de que se pretenda ocultar de maneira aínda máis efectiva a identidade, primeiro, da mai e despois, e posiblemente máis importante en moitos casos, do pai.

As faltas de veracidade van referidas case sempre á cuestión do bautismo e, especialmente, á parroquia na que este tivera lugar.

A inscrición bautismal levaba consigo a identidade da mai, e o cura párroco era ademais posuidor de toda a información arredor dela, incluída a posible identidade do pai. Se a dirección do establecemento contactaba coa parroquia de procedencia da mai, cousa que como se verá sucedía con moita frecuencia, a garantía de anonimato que proporcionaba o torno, desaparecía.

> En el dia nueve del mes de Junio de mil novecientos setenta y cinco á las once de la noche se recibió en este establec^to^ por el torno una niña de un mes de edad al parecer, bautizada en la parroquia de S. Pedro de esta Ciudad con el nombre de Maria Juana según se espresaba en el papel que trajo; y no resultando ser esto cierto lo fue sub conditione el siguiente dia doce en la Capilla de esta Casa por el Director y Capellan de la misma D. Rosendo Fern^ez^ con dicho nombre.[167]

[166] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-4. Ingreso nº 2711 de 1891.

[167] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1146-2. Ingreso nº 1317 de 1875. A "Capilla de esta Casa", á que fai referencia, é a da actual igrexa de San Pedro, capela do antigo convento de San Francisco.

Esta intencionalidade de confundir á dirección da Casa de Maternidade e Expósitos dificilmente lograba o seu obxectivo, xa que a capacidade da dirección para facer comprobacións contactando cos curas párrocos, especialmente no que se refire ás parroquias da cidade e arredores, era moi grande e permitía neutralizar cando menos boa parte delas.

10.2.5. As notas con varias intencións e alta complexidade

En ocasións as notas apuntan a máis dunha finalidade, podendo consistir en diferentes combinacións das distintas intencións enumeradas nos apartados anteriores. Hai notas que buscan identificar ó neno e conseguir ó mesmo tempo un trato preferente, outras que buscan aliviar o complexo de culpa e conseguir esa mesma mellora das atencións recibidas. Outras buscan despistar o máis posible sobre a identidade dos proxenitores, pero non renuncian tampouco a ese mellor trato ou á posibilidade de identificar ó neno se no futuro cambiasen de intención.

O incremento no número de intencións leva tamén a un aumento no grao de complexidade da nota, aumentando tamén, loxicamente, a súa extensión. Analizar en profundidade algún destes papeis podería entrar incluso xa dentro do ámbito sociolóxico ou lingüístico, pola variedade de matices que se manifestan e se intúen.

Quizá o exemplo máis representativo destas características, dos analizados durante os anos estudados, tanto pola súa extensión como pola súa complexidade, sexa o referido a unha entrega levada a cabo en xaneiro de 1890[168]. No libro de entradas e saídas enuméranse as roupas que trae o neno e que denotan xa inicialmente a orixe acomodada dos proxenitores, que se ve confirmada polas características xerais das notas que o acompañan, tanto por aspectos formais como a redacción e vocabulario empregado, como por outros indicios apuntados nas mesmas, como son a destreza e dominio do xénero epistolar.

O grao de complexidade maniféstase xa de entrada no desdobramento en dúas notas distintas, unha dirixida ó establecemento, e outra que ten como destinatario ó propio neno, coa finalidade de que lle sexa entregada cando chegue á idade adulta. As notas van introducidas no interior dun escapulario, que en si mesmo é tamén unha manifestación de relixiosidade, da que cabe deducir o desexo de gañarse a consideración e as simpatías da dirección da casa.

No papel destinado ó establecemento dise textualmente:

> Se ruega encarecidamente al Sr. Administrador ó encargado de ese establecimiento de caridad: se digne guardar el escapulario que lleva pendiente de su cuello, el recién nacido, y que cuando la edad del mismo se lo permita, se lo entreguen con el escrito q^{e} para el contiene. Tambien se le suplica que al bautizarle le pongan el nombre de Juan, si es niño, y si es niña Juana. Y siendo posible que no lo den á criar fuera de ese asilo, a no ser que alguna Sra de mucha confianza de la misma Ciudad, lo llevase con el fin de ejecutar una obra laudable. Pero cuidando siempre de conservar las señas del recién por si pueden recojerlo algún dia. Adviertiendo que el mismo solo lleva el bautismo natural ó sea agua de socorro.
>
> Todo esto se pide y ruega sin ningún derecho, pero se pide en favor de la desgracia y á favor de la caridad cristiana, por amor a Jesus crucificado. [169]

[168] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-4. Ingreso nº 2671 de 1890.

[169] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-4. Ingreso nº 2671 de 1890.

Por outra parte, a transcrición que do papel destinado ó neno, totalmente independente do anterior e intencionalmente tamén distinto, se fai no libro de entradas di o que sigue:

> Hijo de mis entrañas! Las tristísimas circunstancias que rodean á tu desventurada madre, la hacen entregarte en ese asilo de caridad, llamado Inclusa, con el mas profundo dolor de mi alma: dolor que tal vez me produzca la muerte. Nunca, nunca hijo mio, por mucho que la situación varie, podré disfrutar de tu cariño ni tu del mio: ¡que es tan grande como mi amargura!!! Pero siempre, siempre rogaré por ti al Dios de las misericordias: sobre todo para que no se borren de tu alma los sentimientos religiosos que heredas de tus padres á pesar de su caída. Si tu padre vive dentro de 6 ú ocho años tal vez pueda recojerte y mirar por ti: antes tal vez no le sea posible. La Purísima Virgen de la Concepcion que llevas pendiente de tu cuello, te proteja y cubra con su maternal manto. Recibe el ultimo abrazo de tu desolada madre que se despide de ti hasta el Cielo; y lejos de murmurar contra mi compadece mi triste suerte y ruega por mi. ¡Adios!!!. El cielo te vendiga, como yo te vendigo. Conserva si quieres este escrito, pero cuida de no enseñarlo nunca, por que aunque va desfigurada, puede conocerse la letra. ¡Tu desdichada madre! [170]

A propia autora ou autores das notas separan nos dous papeis as súas intencións. Mentres o segundo papel, destinado ó propio neno, ten por finalidade aliviar o complexo de culpa da mai, no primeiro, destinado ó establecemento, manifesta, por un lado, a intención de dar unha identidade e singularizar ó neno, e, por outro, a intención de lograr un trato de privilexio para el.

A intención identificadora manifféstase na existencia mesma do escapulario e as propias notas, e tamén na indicación "cuidando siempre de conservar las señas". Súplese a falta de identidade que supón o carácter secreto e totalmente anónimo deste tipo de entrega coa creación dunha nova identidade: o neno de ricas roupas que traía un escapulario e unha carta na que se dicía...

O interese por manter o carácter secreto da entrega e preservar totalmente a identidade dos proxenitores impide darlle uns apelidos, como sucedía noutros casos nos que a reserva da identidade era prioritaria. Esta ausencia de identidade, con nome e apelidos, súplese dándolle unha identidade que non compromete, pero chea de matices e adornos. Tamén se podería falar dunha identidade imaxinada ou suxerida, a que se imaxinarían no establecemento coa lectura das cartas: un neno fillo dunha muller misteriosa, de familia rica que...

A intencionalidade de mellorar o trato todo o posible con respecto ós restantes nenos dificilmente se pode evidenciar de maneira máis clara a través das distintas indicacións que se fan sobre o que se debe facer co neno e como se ten que tratar. Aínda que suavizadas pola matización final "Todo esto se pide y ruega sin ningún derecho", constitúen practicamente unha lista de instrucións a cumprimentar polo establecemento, redactada por alguén acostumado a dar ordes.

O coidado por preservar a identidade da mai é constante ó longo dos dous textos. A falta de inscrición bautismal constitúe unha precaución engadida para evitar que a través dela se poidan facer indagacións.

Todo nas notas está perfectamente medido e calculado, e forma parte dunha planificación levada a cabo con moita antelación. Este aspecto da antelación evidénciase no feito de que as notas foron redactadas e escritas xa antes do momento do parto, cando non coñecían aínda o sexo que tería o neno cando nacese.

[170] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-4. Ingreso nº 2671 de 1890.

A falta de intencionalidade real de recuperar ó neno delátase na pouca convicción da expresión "por si pueden recogerlo algun dia", que non fai máis que insinuar esa posibilidade, sen asegurar nada.

No que ten que ver coa intencionalidade de calmar a conciencia, contida no segundo papel, é importante sinalar que, aínda recorrendo a toda clase de recursos retóricos que enxalzan e magnifican a dor que para a mai supón o abandono, este contrasta coa frialdade que se transloce da renuncia materna a recuperación algunha e das indicacións claras para que a caligrafía non poida chegar a revelar a súa identidade. Incluso a posible recuperación paterna ofrece pouca credibilidade. A contradición que supón a carta mesma, dirixida ó neno para serlle entregada "cuando la edad del mismo se lo permita", e a indicación da posible recuperación "dentro de 6 ú 8 años", desvirtúa a credibilidade da intencionalidade real.

Hai varios indicios que apuntan a unha posible orixe foránea da entrega. A orixe foránea de algúns dos nenos ingresados polo torno será analizada nun apartado específico, por crer que este tipo de entregas, procedentes de outras cidades e provincias, deben ter un tratamento a parte.

A expresión "Sr. Encargado o Administrador de la Inclusa", a quen vai dirixida a primeira das notas, ademais de inexacto, demostra dúbida. Nin a dúbida nin a inexactitude se corresponden con alguén que tivese certo coñecemento dos establecementos da cidade e os cargos das persoas que os representan. A ambigua denominación de "ese establecimiento de caridad", en lugar do nome oficial, reforza esa circunstancia.

O neno morre dous meses máis tarde da entrega no propio establecemento. A intención de obter un trato preferente lograra inicialmente o seu fin, xa que non fora entregado, como se solicitara, a ningunha ama de cría externa. Isto indica, á súa vez, a actitude de maior consideración que o establecemento, ou as persoas que o dirixían, tiñan para con aquelas persoas que evidenciaban unha clara orixe acomodada, ás que consideraban que pertencían ó seu mesmo grupo social, en detrimento das que pertencían ás clases populares. En calquera caso, é posible que este trato preferente fose a causa directa da morte. A permanencia no centro, sen ser entregado a unha ama de cría externa, tendo en conta o elevado grao de contaxio de enfermidades infecciosas que alí se producía, e que xa se viu con anterioridade, representaba un risco máis en contra das posibilidades de supervivencia.

A diferenza no trato por parte dos que dirixían o centro en función da orixe social, analizárase con máis detalle máis adiante, no apartado 10.4.2, correspondente á mentalidade do establecemento. A actitude distinta en función do grupo social de orixe do expósito, merece ese tratamento á parte.

10.3. A cambiante intención das mais de recuperar o fillo

Se ben con anterioridade xa se constatou a enorme desproporción existente entre a abundancia de casos nos que se manifesta a intención de recuperar o neno máis adiante e os poucos que teñen efecto no transcurso do tempo, retómase agora esa cuestión, que se amosa complexa, e na que se mesturan moitas outras que á súa vez dan lugar a distintas interpretacións. A cuestión da recuperación é o punto de confluencia de moitas forzas que actúan no fenómeno da exposición. Cuestións psicolóxicas, como o complexo de culpa; económicas, como a pobreza que as imposibilita; sociais e familiares, a través do grao de aceptación ou rexeitamento cara a maternidade non lexítima; administrativas, segundo a existencia de axudas ou non para a crianza do propio fillo... Todo

isto e máis fan da cuestión da recuperación un aspecto da exposición de difícil aprehensión e non fácil comprensión.

Xa desde o primeiro momento, entre as parturientes que dan a luz na casa de maternidade se puido ver o carácter imprevisible do paso seguinte no momento de abandonar a mai o centro. Se ben o feito en si de acudir a dar a luz levaba implícita a intención de deixalo posteriormente no establecemento, o cambio de actitude materializábase nalgúns casos coa marcha da mai co neno. Pero este cambio na decisión non sempre era o último que se produciría e, nalgúns casos, como xa se viu, podían acudir de novo á casa para entregalo con posterioridade ou, incluso, depositalo anonimamente no torno.

Xa entre os nenos que ingresaban polo torno se observou o mesmo fenómeno de inestabilidade e carácter imprevisible do que faría a mai no futuro, de se a recuperación anunciada nas notas escritas tería correspondencia real co rescate prometido. Aínda que, como xa se dixo, o gran número de recuperacións anunciadas e non levadas a cabo ten moito que ver coa intención de buscar un mellor trato para o neno e co mecanismo de tranquilizar a propia conciencia, prometéndose a si mesma rescatalo no futuro, non deixa de sorprender esta realidade. Para dificultar aínda máis a comprensión do fenómeno e engadirlle un maior grao de complexidade, constátase a existencia de recuperacións que non foron anunciadas ou prometidas anteriormente. A recuperación podíase producir repentinamente, sen que fose expresada esa intención no momento da entrega, no papel que acompañaba ó neno[171].

Un caso especialmente ilustrativo deste tipo de circunstancias, nas que o cambio de idea da mai ó longo do tempo pode chegar á niveis de contradición dificilmente comprensibles, é o que se corresponde co rexistro nº 1333, no que se anota o ingreso polo torno levado a cabo o día 9 de xuño de 1875 dunha nena acompañada dunha nota na que, ademais de non manifestar intención algunha de recuperación, se falsean os datos referidos ó bautismo, do que parece deducirse un desexo de ruptura da vinculación da mai coa expósita. Sorprendentemente, sete anos máis tarde, a mai, xa casada e co recoñecemento legal da nena como filla propia por parte do marido, leva a cabo a recuperación:

> En el dia nueve del mes de Junio del mil ochocientos setenta y cinco á las once de la noche se recibió en este establec^to^ por el torno una niña de un mes de edad al parecer, bautizada en la parroquia de S Pedro de esta Ciudad con el nombre de Maria Juana según se espresaba en el papel que trajo; y no resultando ser esto cierto lo fue sub conditione al siguiente dia doce en la Capilla de esta Casa por el Director y Capellan de la misma D Rosendo Fern^ez^ con dicho nombre
>
> (…)En 13 de Marzo de 1882 se recojió esta Expósita á su nodriza con el fin de entregarla á su madre Josefa Ramona Gonzalez Albarez muger en la actualidad de Leon Celestino Felix Iglesias y oriunda de S. Juan de los Baos, distrito de Fonsagrada, quien la reconoció como hija suya.[172].

A altísima taxa de mortalidade que sufrían os nenos expósitos imposibilita facer un cálculo da proporción entre os nenos que portaban unha nota indicativa da futura recuperación e as recuperacións reais. Moitos destes nenos, dos que se prometía o futuro

[171] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-3 e 1148-4. Ingreso nº 2619 de 1889. Neno entregado polo torno acabado de nacer, sen que se manifestase intención algunha de rescate no papel que o acompañaba. O 13 de novembro de 1892, previa autorización da Xunta Provincial de Beneficencia, reclámaselle á súa ama de cría externa para entregarllo a súa nai, aveciñada na Rúa do Sol de Lugo, que o reclamara.

[172] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1146-2. Ingreso nº 1333 de 1875.

rescate, morrían ó pouco de ingresar na casa ou ben pouco máis tarde en poder das amas de cría externas. Non sabemos cantos destes nenos poderían ser recuperados se a morte non abortase esa posibilidade, nin se sabe cantas mais ó acudir a solicitar a recuperación dos seus fillos se atoparon coa triste noticia de que faleceran. Si hai, sen embargo, moitos casos de expósitos que, existindo a promesa de rescate e non morrendo, non foron recuperados como se prometera.

> Un papel que dice,,Se encarga al Sr̄ Admor de la Maternidad de esta localidad, tenga á bien el anotar en sus libros el dia que esta recién nacida entra en el Establecimiento como igualmente el dia que sale de él pª su criazion, y el sitio á donde es destinada, pues será reclamada, no se bautizó y de nombre se desea que se le ponga M.ª Josefa Fortuna, es echada el dia 6, de Setiembre de 1.890 á las 11 de la noche, es gracia que se desea. Hay una rubrica.
> Cumple la edad de doce años en poder de su nodriza.[173]

Convén indicar tamén que, incluso sen manifestar a mai por escrito as súas intencións futuras, nin existir sequera nota algunha, percíbese nalgúns casos a intención de non deixar totalmente pechada esa opción. Así se ve como nun ingreso polo torno que ten lugar o 30 de xuño de 1891, aparece un neno ó que unicamente acompaña "En la pierna derecha una cinta de alpaca negra"[174], que serviría de marca de identificación no caso de xestionar o rescate no futuro. Similares características danse no caso dos ingresos nº 1304 e 1348 do ano 1875, ambos entregados polo torno sen papel algún. No primeiro deles, despois da descrición das roupas, anótase: "Y en la mano izquierda una pieza de un pendiente de metal amarillo", e no segundo, "Una medalla de metal"[175].

Sabido é xa que o carácter traumático da entrega facía que moitas mulleres precisasen dalgún mecanismo psicolóxico a que aferrarse. Superado o momento crítico, cando un tempo despois xa se fose encaixando e asumindo como un contratempo máis da vida, o compromiso iría perdendo forza.

Outro factor que puidera ter influencia e explicar en parte esta enorme desproporción entre recuperacións prometidas e reais, podería ter que ver coas escasas posibilidade de mellora económica para as mais.

Está comprobada a vinculación entre os momentos de dificultade económica e o incremento de expósitos en distintos ámbitos xeográficos[176], que no presente traballo, como se verá con detalle no apartado correspondente, vese moi ben representada no caso da crise de subsistencia de 1880. Pódese comprobar como durante o período que vai do ano 1877 ó ano 1881, coincidindo cos anos en que se produciu con maior intensidade a crise, se incrementou de maneira apreciable o número de ingresos e rexistros na Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo.

---

[173] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-4. Ingreso nº 2689 de 1890.

[174] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-4. Ingreso nº 2721 de 1891. Neste caso, ademais poderíase deducir a condición de analfabeta da mai e, especialmente, o desexo de non acudir a ningún cura párroco ou outra persoa letrada que a auxiliasen para escribir a nota.

[175] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1146-2. Ingresos nº 1304 e 1349, ambos de 1875.


[176] PÉREZ GARCÍA,J. M. La mortalidad infantil en la Galicia del siglo XIX. El ejemplo de los expósitos del Hospital de los Reyes Católicos de Santiago. En VÁZQUEZ JANEIRO et al. (eds.) *Santiago de Compostela. La ciudad. Las instituciones. El hombre*. Santiago de Compostela: Colegio Franciscano, 1976, pp. 178 e 179. O autor fai incluso unha comparativa entre as oscilacións do prezo dos cereais e o número de ingresados, atopando algunhas correlacións.

Cadro 19. Número de ingresos brutos na Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo durante o período 1877-85

1877	72
1878	96
1879	112
1880	120
1881	86
1882	106
1883	114
1884	90
1885	77

Fonte: elaboración propia a partir dos rexistros contidos nos libros de entrada e saída de expósitos no período 1877-1885[177].

Gráfica 2. Número de ingresos brutos na Casa de Maternidade e Expósitos durante o período 1877-85



Fonte: elaboración propia a partir dos rexistros contidos nos libros de entrada e saída de expositos no período 1877-1885[178].

Ademais da coincidencia coa crise de 1880, durante os anos 1878, 1879 e 1880, obsérvase a total coincidencia tamén co repunte que se produciu nos anos 1882 e 1883.

Se a vinculación entre as circunstancias da economía e o incremento ou diminución das entregas de nenos existía, loxicamente tamén cabe concluír que as circunstancias económicas influían na "retrocesión" ou non da entrega a través da recuperación.

A nula melloría económica que na Galicia interior en xeral, e na provincia de Lugo en particular, se producía nese período, e que se manifestaba nas correntes migratorias, puidera ter que ver tamén con este fenómeno. Manifestacións como "Si en adelante la suerte le es prospera no dejará de recojerla para su compañia"[179], ou similares, apuntan a esta vinculación do rescate coa melloría das circunstancias da mai. Se as circunstancias, condicionadas á súa vez por unha conxuntura económica nada favorable, non melloraban, o rescate non chegaba.

[177] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1146-3, 1147-1 e 1147-2, 1147-3 e 1148-2.

[178] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1146-3, 1147-1 e 1147-2, 1147-3 e 1148-2.

[179] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1146-2. Ingreso nº 1344 de 1875.

Pódese concluír que hai tres aspectos que inflúen na alta taxa de recuperacións anunciadas e non levadas a cabo: o carácter de mecanismo psicolóxico no momento da entrega, a estratexia de intentar conseguir un mellor trato e as baixas expectativas de mellora económica real do momento. Todo isto fai que a correlación entre o desexo manifesto de recuperación e a recuperación efectiva sexa practicamente inexistente, o mesmo que o número de recuperacións levadas a cabo.

10.4. O carácter anónimo das entregas segundo a condición social

Á hora de analizar os papeis que acompañaban ós nenos nas entregas polo torno obsérvanse de maneira moi evidente diferenzas con respecto á pretensión de anonimato en función da clase de pertenza, tanto por parte de quen facía a entrega como por parte de quen a recibía.

É moi frecuente que mentres nos papeis que acompañaban ós nenos cunha evidente orixe social acomodada se percibe unha reserva total da identidade da mai, recorrendo a tódolos mecanismos necesarios e posibles para reforzala, nos casos das entregas que teñen unha orixe social máis modesta faise, con moita frecuencia, renuncia desta posibilidade de preservar o carácter secreto da entrega ou, incluso, o que ó máis significativo, manifestación clara da identidade da mai. Esta diferenza na forma de actuar que se percibe a través das notas ten relación directa coa diferenza de mentalidade que existía entre as clases populares e acomodadas con respecto á consideración da cuestión da ilexitimidade.

Outro aspecto sobre o que se observan importantes diferenzas é o que ten que ver coa actitude de respecto ó carácter secreto das entregas por parte do establecemento segundo a orixe social de quen as fai. Se ben no caso da identidade das mais das que se percibe unha orixe socioeconómica alta, ou cando menos non modesta, se respecta e se protexe ese carácter secreto, no das clases que non o son non se observa esa actitude, violando incluso ese carácter secreto de maneira manifesta.

É preciso, polo tanto, analizar a mentalidade con respecto ó secreto da entrega desde dous puntos de vista: o de quen fai esa entrega, as mais e o seu entorno, por un lado, e o de quen a recibe, o establecemento, por outro.

10.4.1. A mentalidade das mais e o seu entorno

Se ben normalmente a manifestación da identidade vai asociada á intención real de recuperación, prodúzase esta ou non, hai casos nos que se declara esa identidade sen que se manifeste a intención de recuperación. A identidade da mai e, incluso, do seu entorno máis inmediato pode aparecer sen que esta teña por finalidade facilitar un rescate posterior cuxa intencionalidade non se manifesta, nin se fan constar sinais de identificación.

> Sr- Administrador de la Beneficencia de Lugo. Muy Sr mio esta niña nació ayer 17, y biene sin bautizar y ruego á V. se sirva ponerle de nombre Elena Lopez es hija de Josefa Lopez y el abuelo Juan Lopez. Julio 17, de 1891.- Hay una rubrica.[180]

[180] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-4. Ingreso nº 2727 de 1891. O feito de que non veña bautizado descarta a mediación do párroco e restrinxe a influencia ó entorno social máis próximo da mai. A identificación do avó apunta á condición de fillo ilexítimo ou natural.

Outro caso que corresponde a este tipo de características é o que se corresponde cun neno de quince días de idade recibido polo torno en xuño de 1891, e que no asento no libro de entradas, despois de enumerar as roupas que trae, se anota a precisión de "todo esto viejo".

> Este niño va bautizado, hijo de Josefa Carballo, natural de S. Juan de Torres, Aym̄o̅ de Nogales, fué padrino José Rodriguez le puso de nombre José M.ª este vecino de S.ta M.ª de Vilaleo Aym̄o̅ de Lancara.[181]

Esta actitude de asunción da identidade, manifestándoa de maneira explícita, dáse sempre en casos de mais pertencentes ás clases menos favorecidas. Nos casos nos que se detecta unha condición acomodade, tanto a través das descricións das roupas como por outros aspectos, a manifestación da identidade non só non se produce senón que as prevencións para que isto poida ser coñecido a través de investigacións posteriores, son moi grandes.

Esta diferenza tan clara entre un e outro estrato social evidencia tamén unha diferenza importante no que respecta á cuestión da mentalidade. O tabú social que significa a maternidade fora do matrimonio non ten a mesma intensidade en tódolos ámbitos sociais. Ten unha moito maior intensidade en aqueles sectores que se consideran a si mesmos como mostra máis importante, perfecta e representativa do sistema social, entre outras consideracións, porque a súa propia preeminencia depende dese carácter exemplar. No caso de Galicia, ademais, dábase de maneira máis evidente aínda esa distinción na mentalidade. No rural galego a condescendencia con respecto á sexualidade fora do matrimonio era moi elevada. Nas cidades a moral era máis estrita, pero nestas, a poboación non acomodada, ben pola orixe ou por mentalidade, era máis rural que urbana[182].

A condescendencia por parte das clases populares con respecto á maternidade non lexítima, posiblemente foi en aumento ó longo do século XIX, perdendo forza a súa condición de estigma social e aumentando a súa aceptación. Isto podería deducirse do progresivo incremento da taxa de ilexitimidade que en Galicia se produce durante este tempo[183].

Con relación ó incremento da taxa de ilexitimidade en Galicia durante o século XIX, conviría aclarar que se trata dun fenómeno sobre o que non existen demasiados datos estatísticos, pero que parece non coincidir con ese mesmo incremento en Europa, nin no momento nin nas causas. Mentres en Europa, especialmente en Francia e Inglaterra, ese incremento se produciu no XVIII e primeiros do XIX, en Galicia parece que se deu máis tardiamente. Tampouco as causas parece que coincidan, xa que para o caso europeo se relaciona co forte incremento da emigración do campo ás cidades, circunstancia que en Galicia non se produciu[184].

---

[181] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-4. Ingreso nº 2697 de 1891.

[182] BARREIRO FERNANDEZ, Xosé Ramón. *Historia de Galicia*. A Coruña: Editorial Gamma, 1984, tom. IV, pp. 165-167.

[183] PÉREZ GARCÍA,J. M. La mortalidad infantil en la Galicia del siglo XIX. El ejemplo de los expósitos del Hospital de los Reyes Católicos de Santiago. En VÁZQUEZ JANEIRO et al. (eds.) *Santiago de Compostela. La ciudad. Las instituciones. El hombre*. Santiago de Compostela: Colegio Franciscano, P. 176. Fala de "aumento brutal de la ilegitimidad en el S. XIX".

[184] ANDERSON, Bonnie S. e ZINSSER, Judith P. *Historia de las Mujeres: Una historia propia*. Vol. 2. Barcelona: Editorial Crítica, 1991. p. 279.

10.4.2. A mentalidade do establecemento

Cando se fala de mentalidade do establecemento con relación ó secreto das entregas, fundamentalmente referido ó respecto ou non deste, hai que referirse á que manifestan os xestores, que son os que fan as anotacións nos libros, máis exactamente o capelán e director da mesma, e non á dos traballadores no seu conxunto, que non tiñan na súa gran maioría acceso á documentación nin poder decisorio algún sobre estas cuestións.

Xa se viu no apartado correspondente ás parturientes de carácter reservado como o establecemento articulara un mecanismo de inscrición tendente a reforzar o secreto da identidade destas mulleres de maior poder adquisitivo ou, cando menos, protexidas por alguén de maior estatus social e económico.

A desaparición do libro ou libros chamados reservados tamén é en si mesmo un dato revelador da actitude diferenciada que se tiña con un e con outro sector social, pero a articulación do mecanismo en si faino de maneira aínda máis clara e evidente, sen a máis mínima dúbida e sen disimular esa dobre maneira de tratar.

No que ás entregas polo torno se refire, esta dobre actitude con respecto á identidade da mai tamén se percibe de maneira moi evidente segundo pertenza esta ós sectores sociais máis favorecidos ou non.

Se a condición social non era acomodada, senón que se correspondía coas clases populares, ben fosen da cidade ou do medio rural, sempre que houbera algún indicio que puidera permitir as investigacións que levasen a coñecer a identidade da mai, esta, aínda que non fose manifestada de maneira voluntaria, facíase constar nas anotacións do libro de entrada.

> Un papel que dice,, (…) una niña bautizada en la parroquia de Santiago y le pusieron de nombre Aurora (…) y será echada á las 11. de la noche del dia 26 de mayo de 1891, y con el tiempo será reclamada y se llama la niña Antonia Linares.[185]
>
> No libro de entradas anótase:
>
> (...) una niña que, según se espresaba en el papel que traía y resulta de las averiguaciones practicadas por la Direccion de esta Casa, (…) siendo la madre Antonia Linares, oriunda de Carballedo, distrito de Fonsagrada.

A capacidade indagatoria do director capelán era moi grande. A colaboración neste ámbito dos párrocos, non só da cidade senón de toda a diocese, e incluso máis aló, permitíalle contar cunha importantísima rede de información, sen dúbida a máis completa do momento se contamos coas limitacións que aínda tiñan os sistemas policiais nese período. A consideración que en todo o relacionado coas casas de expósitos tiñan os propios párrocos como parte das súas funcións, tal como se viu no referente ás amas de cría externas, era moi importante[186]. Se ademais temos en conta que todo o que tiña que ver cos fillos non lexítimos era unha cuestión sensible na que ó seu labor de vixilancia moral se refería, entenderase mellor esta importante capacidade para indagar.

---

[185] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-4. Ingreso nº 2711 de 1891.

[186] RODRÍGUEZ MARTÍN, Ana María. La inclusa de Pontevedra 1872-1903. *Revista de estudios provinciais*, nº 19. Pontevedra: Deputación de Pontevedra, 2003, pp. 189 e 194. A vinculación entre os párrocos do sur da provincia de Lugo e a casa de expósitos de Pontevedra, levando a cabo labores de selección de amas de cría externas e de supervisión do seu labor como amas, aparece recollida no traballo. No caso da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo, aínda que a escasa documentación conservada non permite documentala, é perfectamente deducible polas anotacións sobre a falsidade ou veracidade do contido dalgúns dos papeis que acompañaban ós nenos.

Esta capacidade para indagar e comprobar podía chegar ó extremo de corrixir a data de nacemento e bautismo que a mai equivocadamente anotara no papel co que facía a entrega[187].

Non se constata ningún caso no que, sendo a mai de orixe social acomodada, se investigue e se revele a súa identidade, se ben é certo que as precaucións para evitar esas indagacións, de levarse a cabo, puideran non dar sempre resultado.

Se ben a actitude do establecemento, diferente con respecto a un e outro grupo social, puidera ser interpretado nun principio como unha actuación en consonancia coa actitude que tiña cada un deses sectores con relación a esa cuestión da reserva da identidade, a existencia de casos nos que, sen manifestala en ningún momento, se investiga e se fai constar nos libros, violando o carácter secreto que o torno garantía, demostra a existencia dunha actitude discriminatoria máis profunda, que admite varias interpretacións.

A motivación para que o establecemento e os que o dirixían actuasen desa maneira discriminatoria, puidera ter bastante que ver co desexo de protexer a esa clase social referencial, da que se consideraban parte, colaborando na ocultación da existencia de fillos fora do matrimonio tamén neste sector social, que á súa vez evidenciaría a existencia dunha dobre moral no que á forma de vivir a sexualidade se refire. Tentaríase de axudar a ocultar a contradición de que o estrato social referencial predicaba a sexualidade dentro do matrimonio, bendicido pola igrexa, pero, en moitos casos e de maneira oculta, rompía todos os convencionalismos que delimitaban esa cuestión.

Que esta similitude entre estratos sociais nas cuestións que tiñan que ver coa sexualidade se fixeran públicas e recoñecidas rompía co paradigma da superioridade moral e o carácter referencial que se supoñía tiñan os que gobernaban a sociedade desde todos os ámbitos: económico, político e relixioso.

Se a interpretación se leva un pouco máis aló, poderíase falar incluso dunha forma de dominio do sector social que exercía o poder dende distintos ámbitos con respecto ás cases populares, ás que se consideraba que era necesario manter baixo control tamén neste ámbito.

A conclusión que cabe obter de todo isto é que o Estado, a través da lexislación, establecía un sistema de auxilio máis ou menos igualitario, mentres que as clases máis favorecidas, na práctica, adaptábano ós seus intereses e utilizábano en beneficio propio, reforzándose e amparándose fronte ós menos favorecidos.

11. A PROBABLE ORIXE FORÁNEA DE ALGÚNS EXPÓSITOS

Se ben a distribución ó longo do territorio dos establecementos de expósitos buscaban unha certa proximidade xeográfica á maior cantidade posible de localidades e ámbitos territoriais, evitando os inconvenientes que os longos traslados ocasionaran no pasado, e vinculando o financiamento destas á deputación do seu ámbito provincial, hai indicios de que a orixe xeográfica dos nenos recibidos non necesariamente coincidía con esa distribución en tódolos casos.

[187] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-4. Ingreso nº 2731 de 1891. No papel declárase como día de nacemento e bautismo o 20 de xuño e no libro anótase que "segun resulta de las averiguaciones practicadas por la Dirección de esta Casa nació el veinte y uno de Junio ultimo y fue bautizado al siguiente dia (…)".

En 1879 prodúcese unha polémica entre xornais a causa da suposta existencia dunha trama organizada para levar nenos que correspondería ingresar na casa de expósitos de Lugo á de Ourense.

O *Diario de Lugo*[188] responde a unha noticia aparecida no xornal *El Telegrama*[189] denunciando que "en esta capital hay varias mujeres que por la retribucion de 40 reales se encargan de transportar niños de esta provincia á la Inclusa de Orense, llegando a tomar tanto incremento esta punible industria que en una sola noche han ingresado cuatro expósitos en dicha Inclusa de la citada procedencia."

En pouco tempo a polémica xornalística, tan frecuente naquela época, abarca xa a varios xornais galegos máis[190], e uns días máis tarde, cando o tema se vai vendo esgotado, O *Diario de Lugo*, diante da afirmación de que ese tráfico existe "por más que sea dudoso para algunos", despois de reiterar o seu descoñecemento da existencia desa realidade, aceptaba que "cuando nuestros colegas lo dicen algo debe haber"[191].

Parece claro que o traslado de expósitos dun punto a outro, que existira na época en que o hospital de Santiago de Compostela recibía os da práctica totalidade de Galicia, non desaparecera totalmente e subsistía agora en menor número, por distintos motivos e de forma clandestina.

Non tódolos nenos ingresados nas casas de expósitos galegas parece que o fosen na que por ámbito xeográfico lles correspondía, senón que, en ocasións, o eran en establecementos situados en localidades doutras provincias.

Xa se viu no exemplo analizado no apartado 10.2.5., correspondente ás notas con varias intencións e alta complexidade, como a través de varios indicios se percibía de maneira bastante evidente a orixe foránea da entrega e a condición social elevada de quen a levaba a cabo de maneira indirecta[192].

O feito de que se dean estes casos, nos que se renuncia á maior comodidade e economía que representa a entrega do expósito no establecemento máis próximo. para facelo noutro máis afastado, nunha época na que as vías e medios de comunicación dificultaban moito os traslados, asumindo todas esas dificultades e gastos, leva a facer varias preguntas. A máis inmediata é a que se refire ó móbil, á causa desa custosa e, en principio, pouco práctica medida. Non se atopa outra que non sexa a de reforzar, unha vez máis, o carácter secreto da entrega e burlar a capacidade indagatoria dos que dirixían as casas de expósitos.

A segunda cuestión que cabe formularse e a de quen eran os que estaban interesados en levar a cabo esta manobra de evasión de esa capacidade escrutadora, da que en realidade era obxecto toda a sociedade. Se, como xa se viu ó analizar os papeis que acompañaban a algunhas entregas, a reserva da identidade era moito maior e máis frecuente nos casos vinculados cos sectores sociais máis acomodados, xa hai un primeiro indicio. Se, ademais, se constata que podía comportar un costo económico que non esta-

[188] *Diario de Lugo*, nº 776, 4 de maio de 1879, p. 2.

[189] Xornal que se deduce se editaba en Ourense, pero do que non se conservan exemplares nas hemerotecas, polo que non foi posible localizar o artigo no seu formato orixinal.

[190] Faise referencia tamén a *El Trabajo* de Ourense e a *Las Noticias* de A Coruña no *Diario de Lugo,* nº 776, do 4 de maio dese mesmo ano, p. 2.

[191] *Diario de Lugo*, nº 784, 14 de maio de 1879, p.2.

[192] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1148-4. Ingreso nº 2671 de 1890.

ría ó alcance das mulleres de condición social máis modesta, senón era co respaldo de alguén de máis alta condición, pódese concluír que, moi posiblemente, ou un ou os dous proxenitores destes nenos transportados desde outras provincias terían unha condición social acomodada.

Entre as notas conservadas dos nenos entregados polo torno da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo, atópase algunha que se correspondería con esta tipoloxía. Trataríase de nenos procedentes, case con total seguridade, de localidades de fora da provincia e cunha clara condición social acomodada. Así se ve no caso dunha nena acabada de nacer, recibida polo torno o 31 de marzo de 1875[193], e que trae as roupas seguintes: "Una camisa de hilo con puntilla, una chambra y una gorra de percal, un pañal de lienzo, una faja y dos muletones". Trae un papel cuxa transcrición di o que sigue:

> C.T.J. (Iniciais da nena) Se suplica encarecidamente á las hermanas de la Caridad, y demas personas encargadas del cuidado de los recien nacidos de la Casa Hospicio de la ciudad de Lugo, atiendan con el cuidado posible á la niña que se deposita hoy fecha en dicho establecimiento, á la cual se desea que en la pila bautismal se le pongan los nombres de Carmen, Teresa y Juliana= Como en su dia se presentará persona comisionada al efecto á las hermanas de la Caridad de la expresada casa, para adquirir noticias de la referida niña, se recomienda á estas madres el mejor cuidado posible; procurando conservar este documento, que servirá para confrontar con otro igual en un todo, que presentará la persona encargada por los interesados, a quien se suministraran cuantas noticias pida, de la referida niña. Hoy 31, Marzo de 1875. M.P.A. Hay una rubrica: Se hechó á las once de la noche. C.T.J.—El espresado papel venia incluido en un sobre que decia: A.- A las hermanas de la Caridad de la Casa Hospicio de Lugo.- M.P.A.

A orixe foránea da entrega ven apuntada por varios indicios:

— A innecesaria e reiterada precisión de "de Lugo" que aparece tanto no texto principal como no sobre que contén a nota.

— A inexacta denominación do establecemento como "Casa Hospicio" pola que non era coñecido nin oficial nin popularmente na cidade.

— A crenza equivocada de que a Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo se atopaba xestionada polas monxas da Caridade, cando estas nin sequera chegaran aínda á cidade para facerse cargo da Casa de Beneficencia. A confusión é explicable porque si estaban ó fronte xa das casas de expósitos de algunha das capitais galegas[194].

A orixe social acomodada ven suxerida por varias cuestións que así a indican:

— A calidade e variedade das roupas que trae a nena no momento da entrega, ás que non acompaña a precisión de "todo esto viejo", que si aparece noutros moitos casos.

— A capacidade para "comisionar" persoas que executen as súas instrucións.

— O ton desinhibido e incluso esixente da redacción da nota, propio de alguén afeito a que se cumpran os seus desexos.

Son de destacar, ademais, as extremadas precaucións tomadas para realizar a entrega, sen deixar ningún cabo solto polo que alguén puidera chegar á identidade dos proxenitores.

A entrega nunha localidade afastada xeograficamente da de orixe; a utilización de persoas que median no proceso, evitando trasladarse eles persoalmente; a ausencia da inscrición bautismal; a renuncia a levar a cabo algún dia a recuperación, que é firme e

[193] ADPL, Libros de entrada e saída de expósitos, Sig. 1146-2. Ingreso nº 1317 de 1875.

[194] Unha delas era a casa de expósitos de Pontevedra. RODRÍGUEZ MARTÍN, Ana María, *op. cit*., p. 183. Aínda que non especifica a data na que se fan cargo do establecemento, referencia documentalmente a súa presenza xa en 1878 (p. 190). A Lugo non chegarían ata o ano 1879 e só para facerse cargo da Casa Municipal de Beneficencia e non da de maternidade e expósitos.

invariable, xa que a nena cumpre os doce anos na compañía da súa ama de cría. Todas elas son características que se dan nestes casos de probable orixe foránea e condición acomodada. Percíbese ademais, de maneira moi evidente, a intencionalidade de conseguir un trato preferente en base a esa condición social, deixando aberta a opción de facer un seguimento do trato que se lle dá.

O traslado de nenos para ser entregados en establecementos distintos ó que existía na propia cidade parece deducirse que era unha opción elixida naqueles casos nos que o carácter secreto se quería garantir de maneira especial, e que esta elección adoitaban levala a cabo persoas de orixe social acomodada, en cuxo entorno a condición de tabú da maternidade fora do matrimonio era máis forte, e as que dispoñían dos medios económicos para levalo a cabo desta maneira.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5

A CRISE DE SUBSISTENCIA DE 1879-80

1. INTRODUCCIÓN

Se a maioría das crises de subsistencia vinculadas á meteoroloxía, en outros ámbitos xeográficos, están motivadas pola escaseza de choivas, é dicir, da seca, en Galicia prodúcense, case sempre, polo motivo contrario. Longos períodos ininterrompidos de choivas que asolagan os campos e podrecen as colleitas nos períodos próximos á maduración e recolección. A aseveración de que en Galicia a fame entra nadando calou na historiografía como unha verdade incuestionable, e os estudos e comprobacións que neste tema se van facendo confirman cada vez máis esta afirmación. Xa para períodos anteriores, confrontando as rogativas pedindo choivas, "ad petendam pluviam", e as que pedían que parara de chover, "pro serenitate temporis", se percibe como estas duplican en número a aquelas[1]. Nos últimos vinte e cinco anos do século XVII, por exemplo, en Mondoñedo, celebráronse rogativas para que parara de chover en 1677, 1679, 1680, 1687, 1690, 1692, 1697 e 1698, e por causa da seca unicamente en 1685 e 1689[2]. Se a isto engadimos que as secas en Galicia podían orixinar unha diminución das colleitas, pero moi dificilmente a súa total destrución, como si sucedía co exceso de chuvia, podemos confirmar o binomio exceso de chuvias - fame.

No caso da crise que se desencadeou en Lugo, a fame de 1880, foi este exceso de choivas a causa directa que a orixinou. A conxunción de dous anos seguidos de choivas intensas durante a primavera e verán de 1878 e 1879 orixinou que a colleita de 1878 se vise moi reducida, diminuíndo notablemente as reservas alimenticias que debían ser consumidas durante o que restaba dese ano e a maior parte de 1879, e que, o que é máis grave, se viran en moitos casos xa reducidas a cero as que terían que ser consumidas durante a segunda metade de 1879 e primeira de 1880, momento no que a fame coa súa imaxe máis crúa se fai visible.

No que ó ámbito xeográfico da crise se refire, hai que sinalar que aínda que as precipitacións que destruíron as colleitas, moi posiblemente, se produciron en todo o noroeste peninsular, afectando á maior parte do territorio galego, a crise non aparece rexistrada de igual maneira en todo el, manifestándose de maneira máis clara e contundente na provincia de Lugo, e, dentro dela, nunhas zonas máis intensamente que noutras.

---

[1] FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo. ¿En Galicia el hambre entra nadando? Rogativas, clima y crisis de subsistencia en la Galicia litoral sudoccidental en los siglos XVI-XVIII. Santiago de Compostela: *Semata*, nº17, 2006, Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, nº17, pp. 259-298.

[2] SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto, *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*. Barcelona: Editorial Crítica, 1994, p. 130.

A pregunta que cabe facerse, diante desta desigual manifestación da crise, é a de cal puido ter sido a causa de que mentres nunhas zoas se manifestase de maneira tráxica, noutras se manifestase de maneira moito menos dramática.

Descartada unha irregular distribución das choivas que puidese facer que estas se desencadeasen unicamente nas zonas nas que se produciu a fame, foi preciso buscar outros factores, non meteorolóxicos, que puidesen ser determinantes nesta desigual distribución xeográfica da catástrofe, e atopámola na diferente dependencia dos produtos agrarios para a alimentación entre unhas zoas e outras de Galicia. Mentres as provincias de Pontevedra e A Coruña, máis próximas ó mar, eran cultivadoras de millo, do que dependía non só a alimentación animal, senón tamén a humana, a través da elaboración do coñecido como "pan de boroa", na provincia de Lugo e boa parte da de Ourense, as xentes dependían do centeo e, en moita menor medida, do trigo, para a elaboración do pan, sendo o pan de centeo a base da alimentación das clases populares. Esta diferenza na dependencia alimentaria e nos cultivos determinou a diferente intensidade no reparto xeográfico da fame en 1880[3].

A necesidade da planta do centeo de madurar e secarse na propia espiga antes da recolección no mes de xullo e agosto fai que, se no mes ou meses anteriores o tempo non é o suficientemente seco e soleado, non se produza a maduración. Se ademais as chuvias son intensas, as canas que terman das espigas déitanse polo peso da auga da choiva e a acción do vento, e o grao podrece na espiga, perdéndose a colleita. Esta parece ter sido a causa directa da perda das colleitas que desembocou na gran fame de 1880.

Estudos referidos a épocas máis próximas á da crise confirman esta coincidencia entre o tipo de cereal cultivado e as zonas máis afectadas. Está constatado que, por exemplo, tanto nas zonas de agras de Lugo como nas montañas setentrionais e o extremo suroriental de Galicia, o cultivo do millo era descoñecido ou moi escaso[4]. A alternativa da pataca como substituto do centeo, nas zonas nas que tamén se cultivaba, viuse truncada pola aparición dunha enfermidade que provocaba a podremia unha vez recollidas.

2. AS ANOMALÍAS CLIMÁTICAS DOS ANOS 1878 E 1879

Para a confirmación desta hipótese foi preciso, en primeiro lugar, buscar datos climáticos deses anos. A busca de rexistros fiables para esas datas, en principio, non é fácil. Pódese dicir que se corresponden co período arcaico da meteoroloxía, non só en Galicia senón en toda Europa. A presenza dunha rede de observatorios regularmente distribuídos e coordinados era inexistente. Para o territorio español non é ata máis ou menos a metade do XIX, cando a partir dun decreto se organiza a creación de vinte e tres estacións dependentes da *Dirección General de Instrucción Pública*. Estas estacións, das que ó cabo non foi posible crear nin a metade das inicialmente previstas, estaban situadas nas universidades e nos institutos de ensino medio, a cargo dos correspondentes profesores de física.

A coordinación destes poucos e modestos observatorios, dispersos e repartidos de maneira irregular pola xeografía, era baixa, ata que en 1860, coa creación da *Junta*

[3] SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto: *op. cit*., p. 139, e SOBRADO CORREA, Hortensio. *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2001, pp. 247-258.

[4] SOTO FERNÁNDEZ, David. *Historia dunha agricultura sustentábel. Transformacións produtivas na agricultura galega contemporánea*. Noia (A Coruña): Xunta de Galicia, Consellería de Medio Rural, 2006, pp. 94-95.

General de Estadística, se comeza a remunerar o traballo destes profesores e a financiar o mantemento e renovación do instrumental meteorolóxico. Pero non é ata o ano 1887 que se crea o *Instituto Central de Meteorología* e un pouco despois, en 1893, comeza a publicación do *Boletín Meteorológico*[5]. Estamos, pois, aínda nunha etapa case prehistórica da meteoroloxía galega, o que dificulta de maneira importante a tarefa de atopar rexistros fiables que nos aclaren a xéneses dos sucesos climáticos que culminaron na catástrofe vital do ano 80.

Ata o ano 1884, aínda que contaba con instrumental desde 1875, non se instala no instituto de Lugo o observatorio que lle correspondería crearse, segundo a normativa vixente nese momento, no edificio que ocupaba e ocupa actualmente a Deputación Provincial e que fora construído como novo hospital orixinariamente. Do retraso e falta de dilixencia con que se levaba a cuestión do observatorio da idea o feito de que en 1880 aínda non se levara a cabo nin a máis mínima xestión para a instalación. O *Diario de Lugo* publica unha recensión da reunión semestral da Deputación na que se trata o tema en na que se acorda:

> Efectuar el estudio de un proyecto de Observatorio meteorológico situado en el Palacio provincial, á cuyo efecto se encargará al Arquiteto provincial de la formacion del presupuesto correspondiente, y se examinará qué aparatos científicos del Gabinete de física del Instituto pueden utilizarse, para despues acordar la Diputacion lo que considere necesario. [6]

Á dificultade de non existir rexistros dos anos 78, 79 e 80 da provincia de Lugo, hai que engadir a de que nas provincias galegas nas que si entraran en funcionamento nesas datas os observatorios, en xeral, e salvo algunha excepción, a continuidade das medicións ata comezar o século XX non sempre é completa, polo que as series de datos presentan moitas disconinuidades ou mesmo, como sucede nalgún caso, uns valores que ofrecen serias dúbidas sobre o seu rigor e veracidade.

Diante da imposibilidade de acudir a rexistros climáticos de Lugo para esas datas, recorremos ós xeograficamente máis próximos dispoñibles. Os datos conservados e que no seu momento se tomaron na estación meteorolóxica da Coruña, situada no instituto de ensino medio, son o suficientemente precisos e aparentemente fiables como para poder utilizalos como referencia aproximativa que permita aclarar os pormenores dos acontecementos climáticos deses anos.

Tamén resultan unha referencia válida e fiable os datos que se conservan recollidos polo observatorio da Universidade de Santiago de Compostela. A falta de concordancia entre uns e outros en algunhas referencias concretas fan dubidar, non obstante, da súa fiabilidade puntual. Con todo, aportan suficiente luz sobre as anomalías climáticas deses ano e permíten confirmar algunhas hipóteses.

---

[5] DIAZ-FIERROS VIQUEIRA, Francisco (Coordinador): *Historia da metoroloxía e da climatoloxía de Galicia*. Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela. 2008, pp. 33-40 e 36 - 37.

[6] *Diario de Lugo* nº1090, 12 de xuño 1880, p. 1. Recensión da reunión semestral da Deputación celebrada o día 8 de maio. Non se conserva a acta correspondente.

Cadro 1. Valores climatolóxicos normais. A Coruña. Calculados a partires dos datos obtidos entre os anos 1971 e 2000

	T	*R*	*DR*
Xaneiro	10,4	128	14
Febreiro	10,9	102	14
Marzo	11,7	79	12
Abril	12,5	85	13
Maio	14,4	80	11
Xuño	16,7	42	7
Xullo	18,7	30	5
Agosto	19,2	35	6
Setembro	18,2	68	8
Outubro	15,6	110	12
Novembro	13,0	114	14
Decembro	11,5	135	15

T: Temperatura media mensual/anual (ºC)
R: Precipitación mensual/anual media (mm.)
DR: Número medio mensual/anual de días de precipitación superior ou igual a 1mm.

Fonte: Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino.
Agencia Estatal de Meteorología. (aemet.es)


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cadro 2. Serie de precipitacións de Santiago de Compostela, Universidade, en mm. no período 1877-80[7]


	1877	1878	1879	1880	Valores normais de precipitacións
Xaneiro	368,3	64,9	199,1	80,06	259
Febreiro	**25,5**	50,5	**504,5**	341,1	223
Marzo	128,3	90'1	171,6	72,8	145
Abril	**227,2**	**201,2**	**220,4**	164,3	141
Maio	202,6	**201,0**	41,6	68,3	147
Xuño	65,5	60,7	**197,7**	89,8	82
Xulio	53,2	**61,7**	30,4	64,2	39
Agosto	**106,5**	**206,0**	37,2	56,2	57
Setembro	93,7	29,0	**203,1**	147,7	127
Outubro	**91,0**	221,3	148,2	351,2	194
Novembro	250,1	157,7	91,7	174,6	200
Decembro6	13,4	**449,0**	56,5	293,1	281
ANUAL	1775,3	1793,1	1902,0	1903,9	1886


Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos en OTERO TURNES, Eva Mª e RECAREY PÉREZ, Montserrat. Datos de precipitación en Santiago de Compostela (Universidade) e os valores normais de precipitacións en Santiago de C. Aeroporto. (calculados a partir dos datos obtidos entre os anos 1971 e 2000) (aemet.es). En negriña os datos máis significativos.


Gráfica 1. Medias mensuais de precipitacións de Santiago de Compostela no período 1877-1880 (mm.).



[7] Tanto os datos desta táboa como os das inmediatamente seguintes de:OTERO TURNES, Eva Mª e RECAREY PÉREZ, Montserrat. Datos de precipitación e temperatura, mensuais, dos observatorios históricos. Outros documentos históricos. Anexo (CD). En: Díaz-Fierros Viqueira, F. (Coord.). *Historia da meteoroloxía e da climatoloxía de Galicia*, Consello da Cultura Galega.Santiago de Compostela 2008. Corriximos, á vista dos orixinais, algúns erros detectados na translación dos datos de temperaturas mensuais da Coruña no ano 1879, dos orixinais ás táboas contidas no CD que acompaña á publicación.







Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos en: Díaz-Fierros Viqueira, F. (Coord.). *Historia da meteoroloxía e da climatoloxía de Galicia* (CD).

Cadro 3. Estación da Coruña. Datos meteorolóxicos dos anos 1877, 1878, 1879 e 1880

	1877			1878			1879			1880		
	Precip.	Días de choiva	Temp.	Precip.	Días de choiva	Temp.	Precip.	Días de choiva	Temp.	Precip.	Días de choiva	Temp.
Xaneiro	189	-	8,7	49	11	**5,07**	123	21	9	41	8	9,6
Febreiro	20	-	7,8	36	6	**7,34**	**312**	27	**7,69**	183	18	10,7
Marzo	114	-	6,6	34	9	**8,10**	**146**	17	**7,92**	44	8	12,4
Abril	144	-	9,3	103	18	11,07	**195**	**24**	**10,04**	142	21	11,1
Maio	110	-	11,8	81	14	**12,30**	84	13	**11,58**	22	7	13,5
Xuño	25	-	15,4	67	8	15,11	45	11	16,11	42	10	15,3
Xulio	30	-	15,6	23	4	**16,93**	35	3	**16,75**	7	3	**16,9**
Agosto	23	-	16,8	49	9	**17,10**	5	4	18,45	15	6	19,4
Setembro	54	-	13,8	7	3	**15,49**	**110**	**13**	**15,53**	64	9	19,1
Outubro	68	-	11,0	-	-	14,72	80	15	**13,42**	99	23	16,3
Novembro	132	-	9,6	185	16	**7,07**	77	**9**	**9,31**	104	16	**11,1**
Decembro	95	-	7,0	323	27	**6,05**	41	7	**5,1**	160	14	**9,5**
ANUAL			11,08			11,20			11.73			-

Temperaturas en ºC e precipitacións en mm.

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos en: Díaz-Fierros Viqueira, F. (Coord.). Historia da meteoroloxía e da climatoloxía de Galicia (CD). En negriña os datos máis significativos.

Cadro 4. Serie de temperaturas de Santiago de Compostela. 1877-1880 (ºC)

	1877	1878	1879	1880	1881	NORMAIS
Xaneiro	9,5	8,3	9,2	7,8	6,8	7,4
Febreiro	9,1	9,6	8,1	9.1	10,1	8,2
Marzo	8,7	10,1	**8,7**	12,3	12,1	9,5
Abril	11,4	13,0	**9,4**	9,7	12,3	10,6
Maio	13,3	13,2	**11,8**	13,3	14,4	12,9
Xuño	17,7	16,0	**15,1**	**14,3**	16.2	16,0
Xulio	19,0	18,9	**16,4**	**17,1**	20,9	18,5
Agosto	18,7	18,2	18,7	19,1	19,5	18,6
Setembro	16,3	17,3	15,8	18,0	16,8	17,0
Outubro	13,6	14,4	13,6	15,3	13,1	13,4
Novembro	11,3	**7,9**	10,7	9,3	12,6	10,2
Decembro	8,4	**7,8**	**6,4**	-	7,5	8,4
ANUAL	13,08	12,99	**11,99**	-	13,55	12,6

Valores climatolóxicos normais. Santiago de Compostela. Aeroporto. Período 1971-2000. Temperatura media mensual-anual (ºC).

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos en: Díaz-Fierros Viqueira, F. (Coord.). Historia da meteoroloxía e da climatoloxía de Galicia (CD), e AEMET: Valores climatolóxicos normais. Santiago de Compostela. Aeroporto. Período 1971-2000. Temperatura media mensual-anual (ºC). En negriña os datos máis significativos.

Dos datos climáticos seleccionados de entre os conservados, e que reproducimos neste mesmo apartado, podemos resaltar algúns aspectos especialmente significativos.

Xa no transcurso do ano 1877 obsérvanse certas anomalías climáticas que puideran ter transcendencia nas colleitas dese mesmo ano. Un mes de febreiro anormalmente

seco, cunhas precipitacións rexistradas de tan só 25,5 mm. fronte ós 223 que lle corresponderían, en Santiago e de 20,0 na Coruña, cando o normal serían 102. Posteriormente, nos meses de marzo, abril e maio, os datos da Coruña móstrannos un nivel alto de precipitacións, con 114 mm. fronte ós 79 que serían normais en marzo, 144 mm. en abril fronte ós 85 que lle corresponderían nun ano normal, e 110 en maio, cando o normal serían 80.

Ordenados e tabulados os datos de 1878 para poder analizalos e facer comparacións, observamos como nese ano se rexistran importantes anomalías que incidirían negativamente na diminución das colleitas dese ano e do seguinte 1879. Así vemos como nos meses de febreiro e marzo se detecta unha importante seca tanto nos datos da Coruña como nos de Santiago de Compostela. Obsérvase como no caso da Coruña, en febreiro caen 36 mm. de choiva, fronte ós 102 que serían normais, e no de marzo 34 fronte ós 79 que lle corresponderían.

No caso de Santiago, en febreiro rexístranse soamente 50,5 mm. cando o normal serían 223 e en marzo 90,1 fronte ós 145 considerados como norma. A falta de chuvias nestes meses non favorecería a sementeira de cultivos como o das patacas, que se facía nesta época do ano.

Tamén se observa nos datos conservados na Universidade de Santiago de Compostela para este mesmo ano de 1878, un importante exceso de chuvias: 206 mm. fronte ó normal de 57 no mes de agosto, o que repercutiría moi negativamente nas zonas da montaña nas que a colleita do centeo se retrasa con relación ás zonas máis baixas. Isto explicaría en parte o feito de que a fame se declarase xa nos concellos da montaña de Lugo, Pedrafita, Samos etc. no inverno do 1878-79, como se verá, anticipándose a outras zonas de Galicia case un ano.

No mes de setembro o tempo cambia radicalmente e producese unha moi importante ausencia de precipitacións: 29 mm. en Santiago, fronte ós 127 que se consideran normais, e 7 mm. na Coruña, cando o normal son 68. Esta seca no momento da sementeira dos nabos, trigo e centeo para o seguinte ano, moi posiblemente impediu a xerminación e repercutiu nunha mala colleita meses máis tarde, xa no 1879, nas zonas nas que máis dependían destes produtos.

O ano 1878 remata cun novo cambio de tendencia, inmerso en abundantes choivas. En decembro as precipitacións alcanzan os 323 mm. na Coruña e os 449 en Santiago de Compostela, sendo as normais 135 e 281 respectivamente.

Xa no 1879,despois dunha breve tregua no mes de xaneiro, as precipitacións moi por riba do normal volven a ser a tónica dominante durante os meses de febreiro, marzo e abril, cuns valores en febreiro de 312 mm. que triplican os102 considerados normais na Coruña e 504,5 que duplican os 223 normais de Santiago de Compostela.

As chuvias anormalmente intensas continúan durante o mes de marzo. Así, na zona da Coruña rexístranse uns valores de 146 mm., cando o normal para este mes é de 79, e tamén durante o mes de abril, no que se rexistran 195mm. fronte ó normal de 85 na Coruña e 220,4 fronte ó normal de 141 en Santiago.

O mes de abril, ó igual que os dous anteriores, continúa rexistrando un moi elevado nivel de precipitacións, con 24 días de chuvia rexistrados na Coruña e uns valores de 195 mm. fronte ós 85 normais, ó mesmo tempo que en Santiago de Compostela se rexistran 220,4 mm. fronte ós 141 considerados como normais.

As referencias documentais que describen como se viviron estas anomalías climáticas do inverno 1878-1879 e primavera de1879 confirman a súa magnitude.

O rexistro contido nunha carta escrita desde O Pino (A Coruña) o día 3 de maio reflexa o sucedido:

> En Enero hubo 20 dias lluvias, 8 nublados y 3 de sol. En Febrero 26 de lluvias, 2 nublados y ninguno de sol. En Marzo 14 de lluvias 3 nublados y 14 de sol. Y en Abril 28 de lluvias, 1 nublado y 1 de sol.
>
> Total general de los cuatro meses, 76 de lluvia, 14 nublados y 19 de sol.[8]

Os datos da carta coinciden con bastante precisión cos rexistrados polo Instituto da Coruña, confirmando a súa fiabilidade, sobre os que mantíñamos ata este momento certas reservas polo elevadísimo das súas cifras. As pequenas diferenzas en canto a número de días de chuvia son explicables, ademais de pola distancia xeográfica, polo feito de que os días con máis de 1 mm. de precipitación pasarían a ser considerados días de chuvia no rexistro meteorolóxico, mentres que na observación non especializada serían días nubrados.

A descrición que nunha carta escrita, neste caso dende Pedrafita, se fai de como se viviron esas anomalías tamén é sumamente ilustrativa.

> Desde Noviembre último hasta Abril del año actual ha nevado y llovido constantemente sin que un solo dia se viesen las cumbres de este histórico puerto libres del primero de los meteóros citados, y aún hubo dias y semanas enteras que en tal cantidad se ha cernido, que su enorme peso hizo crugir y derrumbarse las techumbres de algunas casas, dejando expuestas á la intemperie más rigorosa á las infelices familias que las habitaban. Tocamos el fin de Mayo, y desde hace tres dias nieva copiosamente, viéndose coronadas por el blanco tapiz las crestas de los montes y aún las pequeñas llanuras que existen.[9]

As consecuencias imaxinables destes tres meses ininterrompidos de choivas son a imposibilidade de facer a sementeira das patacas e trigo tremesiño, ou ben, de facela, de que esta se estragase antes de nacer.

A combinación da seca no momento da sementeira do trigo e centeo a final do 1878 co exceso de choivas nos meses de febreiro, marzo e abril de 1879, explicaría a diminución substancial das colleitas para o inverno de 1879-1880, que unido ás minguas que en moitas zonas xa se producira no ano anterior, daría lugar á gran fame de 1880.


Ademais das abundantes precipitacións, obsérvanse nestes anos un importante descenso das temperaturas, que non é fácil determinar se son causa ou efecto de aquelas.


As comparacións das temperaturas rexistradas na Coruña naquelas datas coas que se consideran normais para os distintos meses do ano, ilustran de maneira clara esa evidencia, e as gráficas elaboradas con eses datos fano de maneira aínda máis perceptible.


[8] A carta foi publicada no xornal *El Popular*, do que non nos foi posible atopar referencias e do que foi reproducida polo *Diario de Lugo* o día 16. (*Diario de Lugo* nº 796, 16 de maio de 1879, p. 2). Apéndice documental nº 5.


[9] Carta escrita en Pedrafita o 29 de maio de 1879 e publicada no *Diario de Lugo*, nº 800, do 2 de xuño de 1879, p. 1.

Gráfica 2. Temperaturas rexistradas na Coruña durante os anos 1877-1880 e normais mensuais (ºC)










Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos en: Díaz-Fierros Viqueira, F. (Coord.). Historia da meteoroloxía e da climatoloxía de Galicia (CD).

Gráfica 3. Datos das temperaturas medias anuais para A Coruña durante o período 1867-2004



Fonte: *Historia da meteoroloxía e da climatoloxía de Galicia*. Datos das temperaturas medias anuais para A Coruña durante o período 1867-2004. En liña vermella (grosa) a media móbil decenal[10]. Obsérvase claramente o enorme descenso das temperaturas durante o período 1877-80 que orixinou a crise de subsistencia.

O que demostran os datos climáticos conservados deses anos é que se inicia xa no 1877 cun importante desaxuste dos parámetros normais, que se incrementan de maneira aínda máis importante durante o 1878 e 1879, traendo como consecuencia a diminución ou destrución total das colleitas, que á súa vez produce a fame que alcanza o grao máximo na primavera de 1880.

Este diagnóstico sobre a orixe da fame na climatoloxía dos anos 1878 e 1879, iniciada no 1877, aparece xa nalgunhas fontes documentais da época. En maio de 1879 o xornal *El Imparcial* de Madrid, facéndose eco das noticias que chegaban de Galicia e antes de que se evidenciasen de maneira aínda máis clara as do 1879, referido ós labregos da provincia de Lugo dicía:

> Dos años ha que el temporal les arrebata las cosechas; y en el último puede decirse muchos de estos terrenos, ya porque lo poco que han producido no pudo recogerse, ó se ha recogido sin sazón.[11]

Nesas mesmas datas, maio de 1879, relatando o sucedido ata o momento en Pedrafita, reiterábase exactamente a mesma hipótese.

> En los años anteriores últimos, efecto de los recios y crudos Temporales, ha sido muy insignificante la cosecha de dichas especies, y casi nula en el presente;[12]

Nunha pequena publicación da *Junta Municipal de Beneficencia y Socorros* coas contas das medidas levadas a cabo, faise un diagnóstico similar a finais de 1880:

> Dos años de escasas cosechas y la pérdida casi completa de la Última en la mayor parte de los distritos de esta Provincia (...)13

[10] CANCELO, Javier e DIAZ-FIERROS, Francisco. As medidas instrumentais. En: DIAZ FIERROS VIQUEIRA, Francisco (Coord.). *Historia da meteoroloxía e da climatoloxía de Galicia.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2008, p. 205, fig. 8.2.

[11] *EI Imparcial*, nº 4645, 16 de maio 1879, p. 3

[12] *Diario de Lugo*, nº 800, 2 de xuño 1879, p. 1. As especies ás que se refire son o centeo, patacas e nabos, que constituian os cultivos esenciais da zona da montaña de Lugo.

A conclusión, axudándose dos diagnósticos feitos xa na época, non ofrece dúbidas e estes confirman que máis que dos efectos catastróficos da climatoloxía dun ano, hai que falar dos efectos acumulativos de tres anos consecutivos anormalmente adversos.

A data de 1877 como a de inicio da crise confirmarase na análise da evolución dos prezos que se levará a cabo no apartado correspondente. O incremento nos prezos dos cereais que se produce durante a segunda metade de 1877 confirma que as anomalías que se observan ó analizar os datos climáticas dese ano, repercutiron negativamente xa nas colleitas que se recolleron ese verán[14].

Se ben as anomalías climáticas de 1877 se poden considerar como causantes parciais dos efectos que se manifestan no 1880, de non vir seguidas das que se produciron nos dous anos seguintes, non pasaría de ser un mal ano "normal" dos moitos que se produciron en moitas outras ocasións e que se soportaban sen o dramatismo que se alcanzou nesta ocasión. As anomalías de 1877 si significaron entrar nos dous anos seguintes de 1878 e 1879, moito máis difíciles, nunha situación de dificultade en canto a reservas alimentarias.

3. A CAUSA DAS CAUSAS

Constatado que a causa fundamental da crise de subsistencia que se evidenciou en 1880 foron as anomalías climáticas producidas durante 1878 e, fundamentalmente, 1879, cabe preguntarse cal puido ter sido a causa de que estas se produciran.

Tendo en conta que fenómenos volcánicos concretos, con determinadas características, poden actuar como axentes climáticos, foi esta unha das posibilidades tomadas inicialmente en consideración.

Son numerosos os exemplos de erupcións volcánicas que tiveron lugar en épocas históricas e que foron seguidas de períodos de diminución da luz solar a causa das partículas e gases expulsados á estratosfera e capas altas da atmosfera. Nalgúns casos, a estes períodos de escurecemento, que en xeral non eran de moita duración, seguían épocas de varios meses ou poucos anos con temperaturas menores do normal, nas que as colleitas se estragaban ou perdían. En rexións moi dependentes da súa produción agrícola, unha caída importante de rendementos era a miúdo suficiente para provocar fames e disturbios sociais que moitas veces eran máis mortíferos que as propias erupcións volcánicas[15].

A non proximidade xeográfica de Galicia a zona algunha de carácter volcánico non exclúe a posibilidade real da relación. A erupción do volcán Tambora en 1816 en Indonesia xerou un descenso das temperaturas en todo o Hemisferio Norte.

A hipótese da orixe volcánico para a crise de 1880 atópase cunha dificultade esencial que practicamente a descarta. Non se coñece erupción algunha destas caracte-

---

[13] *Junta Municipal de Beneficencia y Socorros de Lugo. Sus cuentas. 1880*. Lugo: Imprenta á cargo de Juan M. Bravos, 1880, p. 3.

[14] As táboas e gráficas sobre a evolución de prezos do apartado 5.1.1., sobre a evolución dos prezos dos cereais durante os anos 1877, 1878 e 1879, ilustran e completan esta cuestión.

[15] FUSTER CASAS, José María. *Vulcanismo y cambio climático*. Resumo de conferencia. REAL ACADEMIA DE CIENCIAS Exactas. Físicas. Naturales. Consultado o 5 de xullo 2014. Dispoñible en: http//www.rac.es/ficheros/doc/00348;pdf

rísticas en datas inmediatamente anteriores. As máis próximas temporalmente son a posterior do Krakatoa (Indonesia) en 1883 e a xa citada do Tambora en 1816.

Existe, sen embargo, unha clara coincidencia temporal con outro desencadeante meteorolóxico de gran importancia: o fenómeno de El Niño, coñecido na terminoloxía especializada como El Niño – Southern Oscillation (ENOS). No bienio 1878 - 1879 tivo lugar un dos cinco máis grandes fenómenos deste tipo coñecidos, que coincide exactamente coas anomalías climáticas que orixinaron a crise de 1880.

As anomalías climáticas xeradas polo ENOS de 1878-79 desencadearon mortaldades masivas na India, China e Brasil, e fondas crises noutros países como Corea, Vietnam, Filipinas e importantes zonas do sur e norte de África[16].

En realidade o ENOS de 1878-79 coincide non só coa crise no Noroeste peninsular, senón que coincide tamén coa perda das colleitas en Irlanda e Gran Bretaña nesas mesmas datas[17].

Os campesiños británicos e irlandeses que estaban sufrindo polo impacto que tiveran as importacións estadounidenses e pola caída dos prezos do millo e o gando, perderon varias colleitas consecutivas a causa dos veráns fríos e inusualmente húmidos de 1878 e 1879. Posiblemente a peor secuencia climática desde principios do século XIV. Centos de miles de xornaleiros e campesiños marxinais foron expulsados das súas terras, o que pechou o último capítulo do drama da extinción dos pequenos propietarios (*yeomen*) ingleses. En Irlanda provocou unha nova ondada de emigración transatlántica e unha década de revoltas agrarias[18].

A pesar do anteriormente exposto, sen embargo, non hai unanimidade á hora de vincular ambos fenómenos, O ENOS de 1878-79 e as anomalías climáticas en Europa neses mesmos anos. Mentres algúns estudosos as tratan como parte da mesma conxuntura agrícola global, outros negan a existencia dunha conexión significativa entre o ENOS e o clima de Europa Occidental[19]. Sosteñen que a produción agrícola do noroeste de Europa está fortemente influída pola chamada Oscilación do Atlántico Norte (OAN), que sería posiblemente a causante dos veráns fríos e húmidos que na historia europea veñen asociados coas perdas das colleitas e as grandes fames (en lugar de coa seca, como sucede en outras latitudes).

Deixando á marxe cuestións técnicas de interpretación meteorolóxica, é evidente a coincidencia temporal das anomalías climáticas de 1878-79 que asolaron Galicia, as do ENOS deses mesmos anos e as circunstancias meteorolóxicas de Irlanda e Gran Bretaña que desencadearon tamén unha crise similar.

4. A CRONOLOXÍA DOS ACONTECEMENTOS

Aínda que en maio de 1879 se produce unha rebaixa por parte do Concello de Lugo das tarifas sobre a introdución de cereais na cidade e se solicita do Goberno cen-

[16] DAVIS,Mike. *Los holocaustos de la era victoriana tardía. El Niño, las hambrunas y la formación del tercer mundo*. Valencia: Publicacions de la Universitat de Valencia, 2006. pp. 109-135.

[17] Xa se verán no seu momento as referencias de prensa que falan desta circunstancia e dos rebrotes nacionalistas irlandeses que orixinara.

[18] DAVIS, Mike: *op. cit*. p. 129.

[19] DAVIS, Mike: *op. cit*. pp. 300-302.

tral a a aprobación da libre importación de cereais, non é ata a primavera de 1880 que na documentación municipal aparecen referencias claras ó drama que se estaba vivindo desde tempo atrás en determinadas zonas de Galicia e especialmente da provincia de Lugo, afectando incluso ó propio termo municipal. A reacción institucional,como se verá, non se manifesta ata que as consecuencias se evidencian de maneira dramática, e o que é máis importante, ameazando o orden e a tranquilidade da cidade. Ata ese momento as referencias documentais temos que buscalas na prensa da época e noutro tipo de fontes.

4.1. Marzo de 1879. Primeiras evidencias

Si, como xa dixemos, o ano 1877 foi climatoloxicamente adverso, con consecuencias negativas nas colleitas que serían consumidas na segunda metade dese ano e primeira do 1878, foi despois deste, moito máis desastroso nas referencias climáticas, cando as consecuencias orixinaron a alarma que se fai visible nos xornais dese ano.

As primeiras evidencias na prensa de fora de Galicia fanse eco xa das adversidades climáticas dese inverno e os cortes nas comunicacións que producen as grandes nevadas dese inverno.

> En Lugo, segun noticia oficial, siguen las grandes nevadas, faltando tres correos de esta Córte, o sean desde el 21, 22 y 23 inclusives, que se encuentran detenidos en Astorga. En el resto de la provincia las comunicaciones penosas e impracticables.[20]

O nove de maio é ese mesmo xornal o que anuncia que "Ha quedado restablecido el servicio del correo para Galicia por el camino de Brañuelas á Lugo"[21]. O tramo Brañuelas-Lugo era o que estaba sen completar no traxecto ferroviario Madrid-A Coruña e que aínda había que facer en dilixencia (coche correo) ata que se completou o trazado anos máis tarde.

A gran cantidade de precipitacións, que triplicaron os valores normais para o mes de febreiro e que xa vimos ó analizar os rexistros climáticos, materialízanse en forma de nevadas nas zonas da montaña e producen grandes crecidas nos ríos.[22]O *Diario de Lugo* do 6 de marzo fai un repaso das noticias que recolle dos xornais de outras localidades galegas neses días e fala das consecuencias que en Ourense ten o desbordamento do Miño, o Barbaña e o Lonia.

> La gran crecida del dia 21 ha llegado a rebasar la marca que indica hasta donde subieron las aguas del Miño en el año 1868.

As consecuencias das crecidas do Miño afectan tamén ó seu curso baixo e aparecen tamén reflectidas na prensa:

---

[20] *La Iberia*. 26 de febreiro de 1879, p. 2.

[21] *La Iberia*. 9 de maio de 1879, p. 3.

[22] As precipitacións rexistradas no observatorio da USC para o mes de febrero de 1879 son de 504,5 mm. Recollidos fronte ós 223 considerados como normais para este mes. No instituto de E.M. da Coruña anótanse 312 mm. fronte ós 102 que corresponden de media para este mes nesta cidade. Rexístrase tamén un só día sen chuvia no mes: 27 días de precipitacións para unha media normal de 14.

O mes de marzo continúa sendo especialmente anómalo nos rexistros. En Santiago caen durante este mes 171,6 mm. en forma de precipitacións fronte ós 145 considerados normais, o que significaría unha anomalía moderada, pero na Coruña os rexistros conservados indican 146 mm. cando o normal para este mes tería que ser79. É importante sinalar non só os valores deste mes senón a importancia que estes teñen como efectos acumulados, tendo en conta as precipitacións xa caídas no mes anterior.

> Dias pasados tomaron tal importante altura las aguas del rio Miño frente á la ciudad de Tuy, que inundó en ambas márgenes una extensión mayor de 100 metros, causando innumerables destrozos. Desde hace cuarenta años no se recuerda una tan notable avenida.[23]

De como se viviu o exceso de choivas na Coruña remítese ós efectos nos edificios en forma de desprendementos:

> Se ha desmoronado parte de la muralla del jardín botánico del Instituto de La Coruña, y amenaza ruina un trozo de fachada.

No exemplar do día seguinte dáse conta da perda de vidas humanas como consecuencia das crecidas:

> Desgraciadamente confírmase la pérdida en el rio Miño, sitio denominado Fendelle, de una barca de pasage, pereciendo las ocho personas que conducia. Aparecieron cadáveres, que fueron sepultados en la parroquia de Vide.[24]

Poucos días antes o mesmo xornal, *Diario de Lugo*, publicara xa un extenso artigo baixo o título de *Realidades*, dedicado a analizar e preocuparse pola situación que se estaba xa vivindo e, o que é máis importante, a que se aveciñaba como consecuencia do que xa sucedera. A análise do xa acontecido é claro e coincidente co xa sinalado sobre as causas:

> Perdida casi totalmente la cosecha en el pasado año, imposibilitada la siembra en el presente, y por lo tanto, perdida tambien su cosecha, negro y temible se presenta el porvenir en 1879.[25]

Un pouco máis adiante, despois de resaltar a difícil situación que estaban pasando as familias dos pescadores debido á sucesión de temporais tamén na costa, fai unha cuantificación do número de mortes directas causadas polas inclemencias:

> Cincuenta y cinco víctimas ha causado en estos últimos dias el temporal;

Dá conta tamén da escaseza de produtos alimenticios que se percibe xa nas feiras e o elevado prezo que alcanzan os poucos que hai, facendo un diagnóstico das causas:

> Explícase esto fácilmente: la escasez de produccion y las privaciones que experimenta por las causas ya conocidas é indicadas la poblacion rural son causa de que aumenten -quizá en exceso - los precios de sus mercancias, apoyados en la necesidad en que se encuentran los habitantes de las ciudades de provistarse de los alimentos necesarios para el sustento.

Chama a atención o prognóstico que con gran anticipación fai xa do que finalmente sucedería:

> Y adelantando un poco en conjeturas es probable que dentro de poco las poblaciones se verán inundadas de infelices á quienes tales contingencias dejan sumidos en la miseria y sin más medio de sustento que la caridad pública.

Cabe preguntarse cómo é posible vaticinar con tanta anticipación o que sucedería un ano máis tarde e que constituiría un dos episodios máis dramáticos da historia recente da cidade. A única resposta razoable é que xa se tiña constatado con anterioridade a relación existente entre a escaseza de alimentos no campo e o aumento de pobres mendicantes nas vilas e cidades.A referencia da crise de 1853, que permanecía aínda na mente dos que a viviran, permitíalles intuír o que podería suceder máis adiante. Pouco

[23] *Diario de Lugo*, nº 726, 6 de marzo 1879, p. 2. "Noticias de Galicia".

[24] *Diario de Lugo*, nº 727, 7 de marzo 1879, p. 2. Existen dous Vide: San Xoan de Vide, no concello de Baños de Molgas (Ourense) e Sta Mª de Vide, no concello de As Neves (Pontevedra). Tendo en conta que polo 2º pasa o rio Miño, seguramente se refira a este.

[25] *Diario de Lugo*, nº 722, 1 de marzo 1879, p. 1. "Realidades". Apéndice documental nº 6.

podían imaxinar, non obstante, as proporcións que este fenómeno chegaría a acadar nesta ocasión.

O 4 de marzo o *Diario de Lugo* fai referencia ós danos causados na comarca de Navia de Suarna polas precipitacións incesantes e a crecida do río.[26]

Os xornais de Madrid seguen facéndose eco de cando en vez das noticias que sobre o problema dan os xornais galegos ou reproducíndoas directamente:

> El temporal de lluvias que desde hace tres meses todo lo esteriliza. Pudriéronse ya en los semilleros los gérmenes de las más ricas y productivas hortalizas, se consideran perdidas las cosechas del centeno, el maiz y la patata, y no sabemos lo que sucederá con la del vino si á la actual brotacion suceden hielos, como es de temer.[27]

É importante destacar que xa non se fala da colleita perdida no ano anterior, senón da perda da que tería que ser consumida no ano seguinte e as consecuencias que se aveciñan para ese futuro inmediato.

A partir deste momento as referencias xornalísticas divídense en dous tipos: as que falan das calamidades presentes, orixinadas polas anomalías climáticas do ano anterior de 1878 e as que se lamentan das do presente de 1879 e prognostican xa a fame que se aveciña para o 1880.

As chuvias ininterrompidas e os temporais afectaban non só ós labradores e pescadores. Os obreiros que en número de 300 traballaban no novo tramo do ferrocarril de Lugo a Sarria[28] vense afectados pola interrupción dos traballos a causa dos temporais e sen os salarios correspondentes[29]. Fala tamén da melloría que neses días se produce no tempo, pero que debeu ter moi corta duración, porque as noticias relacionadas cos temporais non tardan en aparecer de novo. O 21 dáse conta do varamento do vapor inglés *Memphis* na Coruña, cerca do castelo de San Antón e o derrubamento da maior parte da fachada da igrexa de San Félix de Monfero[30], e uns días máis tarde queda interrompida a vía férrea que une A Coruña e Lugo a causa dos desprendementos.[31]

O problema da gran demanda de cereais nas feiras, por esgotamento do pouco que quedaba nas casas da precaria ou nula colleita de 1879, comeza a aparecer nos xornais. Aparecen así xa noticias relacionadas coa falta de millo na provincia de Pontevedra.[32]Este dato indicaría que aínda que as zonas con menor dependencia do centeo, cultivadoras de millo, quedaban menos afectadas pola crise, non se libraron totalmente dela.

Pero quizás o máis relevante deses días é a publicación en *La Ilustación Gallega Y Asturiana*, e reproducido despois no *Diario de Lugo*, dun longo artigo de Manuel

[26] *Diario de Lugo*, nº 724, 4 de marzo 1879, p. 1.

[27] *Siglo Futuro*, Madrid, 15 de marzo 1879, p. 3. Reproduce un fragmento dun artigo publicado previamente nun xornal de Ourense do que non cita o nome.

[28] *Diario de Lugo* nº 733, 14 de marzo 1879, p. 2.

[29] *Diario de Lugo*, nº 734, 15 de marzo 1879, p. 2.

[30] *Diario de Lugo* nº 739, 21 de marzo 1879, p. 2.

[31] *Diario de Lugo* nº 746, 30 de marzo 1879, p. 1.

[32] *Diario de Lugo* nº 740, 22 de marzo 1879, p. 3. Reproduce o previamente aparecido no xornal de Vilagarcía *El Eco de la ría de Aros*a.

Murguía sobre a situación mísera que se vivía xa e que el percibía preocupante polo que anunciaba.[33]

No que ó contido do artigo se refire, atopamos un diagnóstico sobre as causas coincidente cos que viñemos vendo ata este momento:

> Una escasa cosecha que los infelices labradores no tuvieron posibilidad de recoger íntegra, unas lluvías torrenciales que no permitieron llevar á cabo á su hora las faenas agrícolas propias de la estacion, la imposibilidad en que se vieron las poblaciones marítimas de buscar en las ganancias del mar, lo que la tierra les negaba, pondrán bien pronto á la numerosa y trabajadora poblacion gallega en trance análogo al que sufrió en 1853.

O artigo ten unha clara orientación política que se manifesta na maior parte do texto, incitando ás corporacións a arbitrar medidas para axudar a paliar as consecuencias do desastre climático. Propón como medida máis importante iniciar os reparos dos estragos causados polas chuvias e con elo, cos xornais pagados ós obreiros, propiciar que as familias teñan un sustento:

> Las grandes avenidas de los rios destruyeron puentes que no es posíble dejar sin reemplazo si las poblaciones rurales no han de quedar incomunicadas con los centros de consumo; los caminos vecinales, las carreteras provinciales, en una palabra, las vias terrestres de comunicación que se hallan en un estado tristísimo, no han de permanecer así; los ferro-carriles en construccion pueden proporcionar jornales á los que sin ellos se verán obligados á mendigar su sustento y el de sus familias[34].

Chama a atención que incite a que sexan as corporacións municipais as que leven a cabo estas medidas, aínda recoñecendo a falta de recursos destas, e non propoña a solicitude de axudas especiais á administración central, que adoitaba ser o procedemento que se seguía en circunstancias deste tipo.

A referencia comparativa que reitera para concluír o artigo ten tamén certa importancia que merece a pena analizar:

> Lo que pasó en 1853 ha sido una gran desgracia y una gran leccion. (La desgracia puede renovarse pero la leccion no debe repetirse.) [35].

A crise de 1853 como referencia para facer vaticinios e propoñer medidas é evidente e vai estar detrás de moitas das análises que irán xurdindo ó longo de todo o proceso. A pesar da certeza que demostra, non se imaxinaba as verdadeiras dimensións do que se aveciñaba. As proporcións reais da crise superarían ás de 1853 e as comparacións faranse, como se verá, para resaltar a maior envergadura da de 1880.

Outro aspecto a destacar é a pregunta que se fai sobre cal sería o momento no que as distintas administracións decidirían emprender medidas para axudar a paliar a situación:

> ¿se espera á que el hambre se enseñoree de nuestros campo(s) y arroje sobre las ciudades aquellas desgraciadas multitudes macilentas y tristes que sin pan ni hogar vienen á buscarlo entre gentes no más hartas ni más felices que ellas? [36]

---

[33] *La Ilustración Gallega y Asturiana*, nº7, 10 marzo 1879, pp.1-2 e *Diario de Lugo* nº 736, 18 de marzo 1879, p. 1. Apéndice documental nº 7.

[34] *La Ilustración Gallega y Asturiana*, nº7, 10 marzo 1879, pp.1-2, e *Diario de Lugo*, nº 736, 18 de marzo 1879, p. 1. Apéndice documental nº 7.

[35] *La Ilustración Gallega y Asturiana*, nº7, 10 marzo 1879, pp.1-2 e *Diario de Lugo* nº 736, 18 de marzo 1879, p. 1. Apéndice documental nº7.

[36] *La Ilustración Gallega y Asturiana*, nº7, 10 marzo 1879, pp.1-2 e *Diario de Lugo* nº 736, 18 de marzo 1879, p. 1. Apéndice documental nº 7.

Sobre como a realidade deu resposta a esta pregunta falarase cumpridamente máis adiante e analizaranse os seus máis importantes aspectos.

4.2. Abril. Sen apenas noticias

Durante o mes de abril prodúcense moitas menos referencias nos xornais das que se produciran durante o mes anterior. O *Diario de Lugo* dá conta do que posiblemente fose un dos primeiros delitos motivados pola falta de alimentos rexistrados na prensa. Unha rapaza aldeá é detida e recluída no cárcere do Campo Castelo acusada de roubar un bolo de pan. O suceso xa é relacionado na propia recensión coa crise de subsistencia e as dificultades que sufre moita xente a causa dela:

> Tal es la situacion de los habitantes de los campos que no será éste el último hurto que se cometa.[37]

A escaseza de millo diante do crecemento da demanda, agora xa referido a Galicia en xeral, incrementando aceleradamente os prezos, aparece tamén reflectido, aínda que coa cando menos aparente contradición da exportación desde o porto de Vilagarcía de 152.428 quilos ó prezo de 12 reais e cuarto o ferrado,mentres no mercado de Lugo se vende a entre 14 e 14,50[38]. O paradoxo da coexistencia da exportación coa crise é evidente, pero convén recordar que a abundancia na produción de cereais dera lugar noutros momentos, como as décadas de 1830 e 1840, a que se exportasen cereais desde Galicia, sobre todo trigo e millo[39].

No climático dáse conta dunha breve melloría o día 4, que non parece que fora máis que unha breve tregua sen transcendencia. As crónicas dos xornais confirman os datos de precipitacións que xa foron analizados no apartado climático de Santiago de Compostela e A Coruña. En Vigo non poden celebrarse as procesións de Semana Santa e en Tui "el lujo y la pompa se mezcló con el lodo y el agua"[40].

As precipitacións, segundo os rexistros climáticos conservados, continúan sendo moi intensas neste mes de abril. En Santiago rexístranse 220,4 mm., cando o normal terían que ser 141, e na Coruña 195, fronte ó normal para este mes de 85.[41]

En Lugo a feira mensual de gando, que estrea novo recinto, vese deslucida non só polo tempo intempestivo senón tamén polo mal estado en que os temporais deixaron os camiños polos que teñen que transitar xentes e gando.[42]

4.3. Maio. Enganosa calma

O mes de Maio entra con aparente bo tempo. A burguesía das cidades alégrase do cese das chuvias e a crónica desde Vigo do correspondente do *Diario de Lugo* así o debuxa:

---

[37] *Diario de Lugo*, nº 759, 15 de abril 1879, p. 3.

[38] *Diario de Lugo*, nº 748, 2 de abril 1879, p. 3, e nº 760, 16 de abril 1879, p. 2.

[39] CARMONA BADÍA, Joám. *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)*. Barcelona: Ed. Ariel, 1990, p. 30.

[40] *Diario de Lugo* nº 765, 22 de abril 1879, p. 3, "Cartas desde Vigo".

[41] DIAZ-FIERROS VIQUEIRA, Francisco: *op. cit*. CD que acompaña á obra.

[42] *Diario de Lugo*, nº762, 18 de maio de 1879, p. 3.

> El mes de Mayo ha cambiado los nubarrones de Abril por un celaje alegre y transparente y una temperatura propia de lo avanzado de la estacion,
>
> Sin duda las señoritas que en el templo elevan sus plegarias cuando ofrecen sus ramitos de flores, han hecho votos para que veamos el sol que tiempo hacia nos olvidara y á ellas por lo visto debemos agradecer esta transformacion atmosférica que permite á la música animar el paseo con sus melodias.[43]

A percepción dos campesiños do interior non é tan alegre nin optimista. Orixinado pola falta de radiación solar durante moito tempo, ademais de outros factores, prodúcese un arrefriamento xeneralizado, que se manifesta nos rexistros conservados se se comparan coas temperaturas consideradas normais para eses meses..

Cadro 5. Relación comparativa entre as temperaturas medias rexistradas e as normais nos meses de febreiro, marzo e abril de 1879

	A Coruña		Santiago de Compostela	
	Rexistrada	Normal	Rexistrada	Normal
Febreiro	7,69	10,9	8,1	8,2
Marzo	7,92	11,7	8,7	9,5
Abril	10,04	12,5	9,4	10.6

Fonte. elaboración propia a partir dos datos contidos en: Díaz-Fierros Viqueira, F. (Coord.). *Historia da meteoroloxía e da climatoloxía de Galicia* (CD), e aemet.es

A apertura de claros cos ceos despexados, neste contexto de arrefriamento xeral, nas zonas do interior, onde o efecto suavizante do mar non podía actuar, deu lugar a un descenso das temperaturas mínimas nocturnas que se traduciu na presenza de xeadas fora da época considerada normal.

> Dicen de Rivadavia (Orense).
>
> «La helada ya hizo sentir su devastadora influencia en los viñedos, el maiz no puede sembrarse el ganado perece por falta de alimentacion, (…)»[44]

A tregua nas chuvias, que non nas baixas temperaturas, que se producira nos primeiros días, dura pouco. Só o necesario para que os efectos destrutivos das xeadas faga os seus efectos:

> Casi a mediados de Mayo, vuelve á recrudecerse el invierno, según el frio intenso que se ha dejado sentir estos últimos dias, y como consecuencia de ello la nieve que á intervalos se vió descender.(…)
>
> ¡Ojalá que esto no sea precursor de grandes calamidades![45]

O correspondente en Vigo do *Diario de Lugo*, en carta escrita o día 11, describía os temporais de chuvia e vento que de novo apareceran con forza:

> Las esperanzas consoladoras que el laborioso agricultor abrigaba en dias pasados con motivo del cambio atmosférico que dejaba entrever un verano fructifero y reparador de las necesidades que por desgracia han calado hondas raices en la clase proletaria, fueron reemplazadas por el más negro pronóstico.
>
> Y la verdad que ya se empieza á notar la devastadora huella del hambre que nos espera si el destino no varia lo rudo de la estacion.[46]

[43] *Diario de Lugo* nº 778, 7 de maio de 1879, p. 2.

[44] *Diario de Lugo* nº 775, 3 de maio 1879, p. 3. Reproducido dun xornal de Ourense do que non cita o nome.

[45] *Diario de Lugo* nº 780, 9 de maio 1879, p. 3. Local.

No pleno do Concello de Lugo celebrado o día 1 de maio, motivado pola gran subida nos prezos do centeo, trigo e millo nos mercados, causado pola escaseza que xa se manifesta, acórdase rebaixar as tarifas dos dereitos de consumos que pagan os grans que entran na cidade[47].

Acórdase tamén solicitar ó goberno central a supresión do imposto á importación de cereais doutros países.[48] Esta idea non é orixinal da corporación de Lugo, pois víñase falando dela na prensa de Madrid desde facía un tempo como medida para frear a carestía de prezos. Será un tema recorrente durante meses e dará lugar a longas e intensas polémicas nos xornais.

Tómase tamén o acordo de crear unha comisión, á que se denomina "de subsistencias", composta polo alcalde e tres concelleiros, para que investiguen "con prudencia y sin causar alarma" as existencias de cereais que hai na cidade, "tanto en poder de tratantes como en el de particulares". Ademais deste "importante servicio" autorízaselle para que adopte "cuantas medidas sean precisas y necesarias segun vayan exigiendolo las circunstancias" [49].

A data do pleno do Concello do 1 de maio marca a referencia da primeira reacción institucional. Unha reacción totalmente defensiva, de observación do que está sucedendo e sen medidas activas, se temos en conta que a rebaixa nos dereitos de consumos é de insignificante eficacia e a solicitude de supresión do imposto á importación de cereais, simplemente testemuñal. A data é indicativa da primeira constatación oficial do problema que xa levaba meses alarmando a outros sectores da sociedade galega, pero non aínda da aprobación de medidas activas para combatelo.

A data do 16 de maio tamén ten transcendencia. Nese día, a prensa de Madrid faise eco da crise de subsistencia con certa extensión, circunscribíndoa xa ó ámbito da provincia de Lugo. *El Imparcial* dese día[50] reproduce o que di ter copiado de *El Clamor de Galicia*[51] de Lugo. Dá conta das primeiras vítimas mortais a causa da fame na zona montañosa do sur da provincia, onde "el espectro del hambre paséase con aterrador semblante", e fai un resumo das causas: trece meses de continuas chuvias e dous anos coas colleitas malogradas, sendo a última, a de 1878, "casi nula en muchos de estos terrenos, ya porque lo poco que han producido no pudo recogerse, ó se ha recogido sin sazón". Resalta tamén o efecto acumulativo das anomalías climáticas continuadas xa desde moi atrás, cando despois de describir a crueza do inverno vivido, con amplas zonas da montaña "sepultadas bajo espesas capas de nieve", afirma que non se atopaban "como otras veces preparados para tan larga y ruda prueba" [52].

---

[46] *Diario de Lugo* nº 784, 14 de maio 1879, p. 2. Correspondencia. Crónica desde Vigo.

[47] AHPL, Concello de Lugo, Actas capitulares, sesión do 1 de maio de 1879, Sig. 0126-00.

[48] A solicitude ó goberno central trascenderá á prensa de Madrid: *Siglo Futuro*, 12 de maio 1879, p. 3.

[49] AHPL, Concello de Lugo, Actas capitulares, sesión do 1 de maio de 1879, Sig. 0126-00.

[50] *El Imparcial*, 6 de maio 1879, p. 3. Apéndice documental nº 8.

[51] *El Clamor de Galicia:* xornal de corta vida, como a maioría dos que se editaron en Lugo no s. XIX, e do que non se conservan exemplares. De tendencia conservadora, facía de contrapeso ó porgresista *Diario de Lugo* mentras durou. SOTO GUTIERREZ, Juan. *As Estrelas Fugaces*. Lugo: Ediciones Bolanda, 2012, pp. 34-35.

[52] *El Imparcial*, 6 de maio 1879, p. 3. Apéndice documental nº 8.

A carta que constitúe o centro do artigo iniciase coa denuncia, xa non de medidas para combater o problema senón, o que é máis importante aínda, de que non hai "quien levante enérgica voz en favor de sus infelices moradores" [53].

Os días 17 e 18, o *Diario de Lugo* leva á sección editorial da primeira páxina dous extensos traballos sobre o tema.

No primeiro de eles,[54] facendo referencia ó que se dicía no que se publicara no mesmo xornal o día 1 de marzo baixo o título de *Realidades*, afirma o seguinte:

> Desgraciadamente no eran infundados los temores que entonces manifestamos, ni exagerada tampoco la alarma de que nos haciamos eco.

Fai referencia tamén ó que facía poucos días publicara "nuestro colega local"[55], referíndose ó artigo reproducido por *El Imparcial* o día anterior, aportando o dato de que a carta que contiña fora escrita polo cura párroco de Santa María do Mao (concello do Incio), D. Pedro González.

Trata tamén dunha carta escrita desde Mondoñedo e publicada nun xornal da Coruña do que non cita a cabeceira, relatando o que alí está acontecendo, e onde se ve "á los labradores recorrer las calles de quella ciudad implorando el auxilio de la caridad". Engadindo que nos concellos de A Pastoriza, Foz e Cospeito se viven circunstancias parecidas. Afirma ademais que de Chantada chegaban noticias similares ó mesmo xornal da Coruña. Remata o editorial coa reivindicación de que o Goberno rebaixe os aranceis á importación de cereais do estranxeiro e se condonen as contribucións ós labradores.

O editorial do día seguinte[56], ocupando a maior parte da primeira páxina, dá conta das referencias que a prensa de Madrid fai neses días da situación que se vive nas provincias galegas[57], incitando a que estas continúen e se incrementen:

> (…) á la prensa de Madrid nos dirigimos impetrando su poderoso apoyo para que a las altas esferas del Poder llegue la noticia de la grave y profunda crisis que afecta á nuestro desdichado país; á la prensa de Madrid nos dirigimos para que con nosotros pida al Gobierno urgente y eficaz remedio por la opinion general ya indicada.[58]

A cuestión do temor ós desordes públicos que a situación pode chegar a provocar, aínda negándoa, aparece insinuada:

> No tememos nosotros á las masas desbordadas, como indican aquellos que al servicio de su mala y perdida causa ponen hasta las desdichas de la humanidad; no tememos nosotros los excesos de la multitud, no. Tememos, sí que llegue el dia en que esta ciudad, como otras muchas de Galicia se vea invadida por grupos de paisanos nuestros, hambrientos y haraposos; por gran número de madres que no tienen con que alimentar á sus pequeñuelos; tememos eso, y tememos más aún no poder aliviar su desesperada situación. [59]

---

[53] *El Imparcial*, 6 de maio 1879, p. 3. Apéndice documental nº 8.

[54] *Diario de Lugo* nº 787, 17 de maio de 1879, p. 1. Apéndice documental nº 9. "LA CUESTION DEL DIA".

[55] Nova referencia a *El Clamor de Galicia*, e ó mesmo artigo que reproducira *El Imparcial*.

[56] *Diario de Lugo*, nº 788, 18 de maio 1879, p. 1. Apéndice documental nº 10.

[57] *Siglo Futuro*, 7 de maio 1879, p.3, é unha delas.

[58] *Diario de Lugo*, nº 788, 18 de maio 1879, p. 1. Apéndice documental nº 10.

[59] *Diario de Lugo*, nº 788, 18 de maio 1879, p. 1, Apéndice documental nº 10.

Os xornais recollen estes días tamén a noticia do envío dunha carta por parte dos panadeiros de Vigo ó rei solicitando se liberalice a importación do estranxeiro de trigos e fariñas panificables, diante dos aumentos de prezos das nacionais, que lles impiden ter algún beneficio ó existir un prezo máximo para o pan[60]. A solicitude non pretende que se autoricen novos prezos máximos, que considerarían desastrosos, senón reducir os prezos da materia prima e non ter que pechar os fornos.

O día 29, o *Diario de Lugo* publica outro extenso editorial na primeira páxina[61]. Reitera unha vez máis as advertencias sobre o que se aveciña e denuncia o beneficio que da situación están obtendo os latifundistas do centro e sur da Península a causa do ascenso dos prezos dos cereais. Esta cuestión e o conflito de intereses que encerra cobrará gran importancia co paso dos meses a medida que a crise se agudice e será tema de debate nos xornais non só de Galicia, senón tamén de Madrid e outros lugares. Insta tamén a que os representantes galegos nas Cortes soliciten cando menos a condonación por un ano das contribucións directas ós labradores de Galicia, incapaces de facer fronte ó seu pago a causa da situación.

4.4. Xuño. Primeira repercusión nas Cortes

O mes de xuño é menos prolífico en canto a referencias de prensa tanto local como estatal do que fora o mes anterior. A diminución nas dúas ó mesmo tempo é lóxica se temos en conta que, con frecuencia, os xornais de Madrid fanse eco do que previamente se publica nos de Galicia, e o cansazo nesta última empeza a ser evidente.

O *Diario de Lugo* dedica novamente o dia 7 o editorial da primeira páxina a tratar de maneira extensa a situación,.co expresivo título de *La miseria*[62], tratando unha vez máis de reavivar a atención dos responsables políticos.

Reproduce unha extensa carta firmada por J.D. González relatando o que está sucedendo na comarca do Cebreiro, que considera aínda máis grave do que se contara en días anteriores que sucedía nos concellos de Becerreá, A Fonsagrada, Quiroga, Sarria, Mondoñedo e Vilalba, citando tamén como moi afectados ós limítrofes de O Courel, Triacastela, As Nogais e Vega de Valcárcel, este último xa na provincia de León.

Dá conta tamén de como xa durante o inverno, empuxados pola fame, moitos habitantes das aldeas abandonaran as súas casas "marchando á las provincias inmediatas de Castilla con sus familia á implorar la caridad pública" [63].

Analiza o estado das colleitas de centeo e patacas que corresponderá recoller nos meses vindeiros e que considera moi diminuídas polos rigores da climatoloxía.

Pide axuda tamén ó *Diario de Lugo* para que exhorte a outros xornais, especialmente ós de Madrid, a dar conta da gravidade da situación, nun intento de obter do Estado algún tipo de axuda "siquiera sea para que se les releve del pago de la contribucion mientras subsisten las circunstancias anormales que van expuestas" [64]. Solicita tamén a

[60] *Diario de Lugo*, nº 789, 20 de maio 1879, p. 1.

[61] *Diario de Lugo*, nº 796, 29 de maio 1879, p. 1. Apéndice documental nº 11.

[62] *Diario de Lugo*, nº 800, 3 de xuño 1879, p. 1. Apéndice documental nº 12.

[63] *Diario de Lugo*, nº 800, 3 de xuño 1879, p. 1. Apéndice documental nº 12.

[64] *Diario de Lugo*, nº 800, 3 de xuño 1879, p. 1, Apéndice documental nº 12.

axuda das distintas corporacións municipais, da Deputación provincial e dos deputados no Congreso que resultaran electos polos distritos afectados.

O xornal de Madrid *La Iberia* faise eco o día 6 do comentado uns días antes polo tamén madrileño *La Unión* sobre unha carta que lle foi enviada desde Samos[65]. O autor, neste caso, xa é consciente de que é preferible escribir directamente ós xornais de Madrid na busca da maior repercusión posible para chamar a atención sobre a gravidade da situación que se vive na zona. Os xornais recollen da carta os aspectos máis rechamantes e resaltan que "a tal estado de pobreza han llegado los labradores, que la mayor parte no comen más que ortigas" e que "todos los hombres útiles marchan del país en busca de un pedazo de pan" [66]. Para evitar isto último en particular e mellorar a situación en xeral, propón e solicita que se presuposten e aceleren as obras no ferrocarril e nas estradas, como un medio de que ás familias chegue, a través dos xornais dos obreiros, algún remedio.

O día 10, o *Diario de Lugo* ocupa cun novo editorial, unha vez máis, boa parte da primeira páxina[67]. Esta vez, e seguindo o proceso inverso, a prensa local comenta a carta desde Samos salientada previamente pola prensa de Madrid. Faise a pregunta de qué fixo o Goberno ata o momento e respóndese que nada "salvo presenciar estoicamente la invasion y progresos de la miseria". A pesar desa indolencia e a negativa a adoptar medida algunha da súa competencia, como a autorización da libre importación de graos e fariñas, o editorial aférrase á esperanza en que se poida lograr que o Goberno reaccione:

> No creemos que el Gobierno supiese que hay en Galicia tan gran número de familias á quienes la miseria azota, tan extensas comarcas asoladas, no creemos que se mostrase tan apático ni tan negligente en el cumplimiento del más sagrado de sus deberes. Por lo mismo, juzgamos indispensable insistir un dia y otro en nuestras quejas hasta conseguir que se nos oiga. [68]

Nese obxectivo de lograr concienciar ó Goberno central da gravidade da situación, propón una estratexia a seguir:

> Excitamos á las autoridades y corporaciones á que den conocimiento á la superioridad de lo que acontece, á que expongan la verdadera situacion de Galicia, especialmente de esta provincia. Creemos que esto es deber de esas autoridades y esas corporaciones, que tienen más altos fines que cumplir que el único y exclusivo de obedecer ciegamente las órdenes de Madrid.
>
> Repetimos lo que en otro articulo dijimos: si pudiesen caber preferencias en cuestiones como esta, ninguna region reclamaria con más derecho que Galicia. [69]

Formula a continuación "que los representantes de esta provincia y los de Galicia toda" no Congreso, se reúnan e poñan de acordo para levar adiante as xestións precisas para lograr do Goberno algún tipo de medida ou axuda directa. Non será, como se irá vendo, ata case un ano máis tarde, en maio de 1880, cando estas reunións teñan lugar.

---

[65] *La Iberia* nº 6922, 6 de xuño 1879, p. 2. A recensión publicada previamente en *La Union*, non nos foi posible localizala.

[66] *La Iberia* nº6422, 6 de xuño 1879. A recensión publicada previamente en *La Union*, non nos foi posible localizala.

[67] *Diario de Lugo*, nº 806, 10 de xuño 1879, p. 1.

[68] *Diario de Lugo*, nº 806, 10 de xuño 1879, p. 1.

[69] *Diario de Lugo*, nº 806, 10 de xuño 1879, p. 1.

O día 27, acádase un novo fito no lento proceso de difusión da situación que se vive en Galicia. O deputado nas Cortes polo distrito electoral de Becerreá, Juan Bautista Neira,[70] presenta no Congreso a solicitude para a condonación das contribucións dos labregos do termo municipal de Pedrafita, "en atencion á que la miseria lo ha invadido por completo". Na defensa da medida solicitada, pronuncia un breve discurso no que dá conta da dramática situación que se vive alí, onde se contabilizan xa 285 casas abandonadas e 1200 veciños, a terceira parte dos habitantes do concello, que marcharon "á implorar la caridad"[71]. O discurso, xunto coa notificación oficial solicitando axuda,non tivo resposta algunha.

Da "comisión de subsistencias"creada polo concello de Lugo o día 1 de maio para avaliar as existencias de trigo e centeo na cidade, nada se sabe tampouco. Nas actas dos plenos celebrados con posterioridade, durante os meses de maio e xuño, unicamente aparecen cuestións que nada teñen que ver con ela. Elección do representante municipal a quen corresponde facer a ofrenda en representación do antigo Reino de Galicia na celebracións do Corpus[72], declaración de prófugos dos recrutas que non se presentan, aprobación de pagos de pequenas obras e reparacións, son os temas que ocupan as actas destes meses.

As eleccións municipais celebradas nesas datas e a constitución da nova corporación repercuten de maneira moi importante na actividade municipal.[73]

4.5. Xulio. Reiteradas demandas de axuda

O mes iniciase e transcorre no mesmo ambiente de desalento que os anteriores. Repítense as reivindicacións propoñendo e solicitando medidas paliativas, continúan acumulándose as noticias sobre o drama que se vive en distintos puntos da provincia, pero nada, nada que signifique a máis mínima medida de cantas se barallan, se leva a cabo.

O empeoramento das condicións de vida e o incremento da pobreza fai que se incremente o número de solicitudes para ingresar na Casa Municipal de Beneficencia, sen que o número de prazas poida facer fronte a esa demanda:

> Sabemos por de pronto que se trata de aumentar el número de camas, en vista del creciente número de solicitudes que hay para ingresar en dicho asilo: tal es el estado de probreza que se advierte en la poblacion; así es que en ninguna ocasion como la presente se hace tan necesario que las personas caritativas ejerzan su benéfica influencia en pró de este establecimiento, contribuyendo con su pequeño óbolo á aliviarlo de la penosa carga que actualmente le abruma, en lo cual hallarán seguramente profunda gratitud, no tan solo por parte de los séres desgraciados

[70] Juan Bautista Neira y Arias de la Torre. Deputado polo distrito de Becerreá nas eleccións de 1879.VARELA ORTEGA, José (Dir.).*Geografía del caciquismo en España (1875-1923)*. Madrid: Marcial Pons Historia, 2001, p.746.

[71] O discurso foi reproducido íntegramente no *Diario de Lugo*, nº 835, 16 de xulio de 1879, p. 1, e comentado en moitos outros de Galicia, Madrid e outras cidades con posterioridade. A data da solicitude e o seu correspondente discurso, é o da notificación oficial ó Congreso.

[72] AHPL, Concello de Lugo, Sig 0126-00. Sesións do 17 de maio e 11 de xunio de 1879.

[73] AHPL, Concello de Lugo, Sig 0126-00. Sesión extraordinaria do 1 de xuño de 1879, coa aprobación definitiva da lista de concellais electos, e ordinaria do 26 de xunio nomeando alcalde a José Castro Freire, que xa o fora no periodo anterior.

> que en él buscan su refugio, sino de todas aquellas personas que con incansable afan procuran un lenitivo á sus dolores. [74]

Nun extenso editorial que se publica novamente no *Diario de Lugo*[75], dáse conta por primeira vez do incremento de mendigos na cidade. Denúnciase non só a falta de resposta da administración central, senón tamén a responsabilidade dos alcaldes dos distintos concellos afectados, por non tramitar os necesarios e previos expedientes para que, a través da Deputación, cheguen á administración central e se poida solicitar de forma oficial a exención de impostos para os labregos das zonas máis afectadas e as axudas do chamado "fondo de calamidades públicas," recollido dentro dos presupostos xerais do Estado, e do que se destinou neses días unha partida para socorrer ós braceiros sen traballo de Alacante

Nesa mesma liña e diante da gravidade da situación, esta vez nos concellos de Becerreá, Navia, e Cervantes, onde "muchas familias abandonan sus casas y labranzas y huyen a la desbandada, unos para entregarse á la mendicidad y otros en busca de trabajo á las Castillas", reclama a medida inmediata de continuar as obras interrompidas da estrada que uniría Becerreá con Asturias, e conclúe cunha clara exhortación:

> Señores alcaldes de Becerreá Cervantes y Navia vuestros distritos son los más interesados en el asunto; vuestra debe ser la iniciativa. [76]

Recolle e comenta tamén a noticia de que o ministro de Facenda rexeita a aprobación da medida para liberalizar temporalmente a introdución de cereais, co argumento contrario á realidade de que a colleita que se aveciña vai ser abundante. Laméntase e argumenta:

> Concedamos –que es mucho conceder- que esas cosechas se presenten abundantes. Entretanto ¿qué comen los hambrientos; de que se han de alimentar las numerosas familias á quienes ha azotado cruelmente la miseria?
>
> Si S.E. recorriese estos dias las calles de Lugo y viese el gran número de pobres que las invaden; si S.E .visitase algunos ayuntamientos de esta provincia y viese la miseria que en ellos reina, ¿tendria valor para dar á esos desdichados, como único consuelo, la esperanza de que las próximas cosechas serán abundantes? [77]

O día 24, *O Diario de Lugo* faise eco do publicado na prensa de Valladolid sobre a colleita de cereais en Castela, próxima a ser recollida. Non só non é certo o afirmado polo ministro de Facenda en canto á súa abundancia, senón que se incita ó concello de esa cidade para que tome medidas diante da previsible escalada de prezos e falta de abastecemento "que ameaza tomar grandes proporciones en el próximo invierno"[78].

A actividade municipal continúa mediatizada pola constitución da nova corporación[79] e a incompatibilidade dun dos concelleiros electos.[80]

---

[74] *Diario de Lugo*, nº 846, 30 de xullo 1879, p. 3.

[75] *Diario de Lugo*, nº 831, 14 de xullo 1879, p. 1.

[76] *Diario de Lugo*, nº 831, 14 de xullo 1879, p. 1.

[77] *Diario de Lugo*, nº 831, 14 de xullo 1879, p. 1.

[78] *Diario de Lugo*, nº 842, 24 de xullo 1879, p. 2.

[79] AHPL Concello de Lugo, Actas,Sig. 0126-00. Sesión inaugural do 1 de xullo de 1879.

[80] AHPL Concello ce Lugo, Actas. Sig. 0126-00. Sesión do día 3 de xullo de 1879.

Da causa da non celebración dos plenos ordinarios que correspondía levar a cabo entre os dos días 17 e 31, o propio alcalde fai constar que non tiveran lugar por "falta de asuntos urgentes que tratar"[81].

4.6. Agosto. Sen noticias da fame

O mes de agosto era xa no tramo final do século XIX un período de letargo na cidade. A burguesía acomodada trasladaba a súa residencia a outros lugares, casas nas súas aldeas de orixe ou outras localidades de veraneo, e o mesmo facían os cargos políticos e demais forzas vivas da cidade. Algo similar sucedía posiblemente nas principais vilas da provincia. Este paréntese na vida de aqueles que tiñan a responsabilidade de buscar algunha saída ó problema da crise de subsistencia e de aqueles que, cando menos, podían denunciala e dala a coñecer noutros ámbitos, orixina e explica a sorprendente ausencia de noticias relacionadas coa cuestión, tanto na prensa local como na galega ou de Madrid. Non é ata que o mes se aproxima ó seu final que se albisca de novo algunha referencia na que se retome o problema e cobre vida a crúa realidade.

O día 25, *El Imparcial* de Madrid dá conta do encontro celebrado no Ferrol, con motivo das festas locais, uns días antes, entre políticos e xornalistas unidos nunha comida[82]. Nela fálase, entre outras cousas, da grave situación que se vive en Galicia:

> De los discursos pronunciados se desprende que el estado del país es tristísimo. En la provincia de Lugo hay pueblos que se alimentan de la yerba del campo, la mendicidad se extiende de pavorosa por toda la comarca, y la miseria domina. [83]

Neste contexto prodúcese un feito de transcendental importancia, que explica a gran repercusión que nos principais xornais de Madrid vai ter a situación que se vive en Galicia en xeral e na provincia de Lugo en particular nos meses vindeiros:

> (...) y los periodistas de Madrid contrajimos el compromiso de presentarle uno y otro dia en las columnas de los periódicos á ver si llega el remedio. [84]

Os efectos deste compromiso son inmediatos. O mesmo diario *El Imparcial* publica o dia 31 un extenso artigo, titulado *Galicia*, na primeira páxina, dando conta da situación[85]:

> En la Ulla, en uno de los mas grandes centro productivos de Galicia, es el pan articulo de lujo, la miseria enfermedad crónica, el hambre calamidad diaria; en los pueblos montañosos de la provincia de Lugo la yerva es el cotidiano alimento de los naturales, y basta fijar la vista en los periódicos de Orense para comprender que la desgracia ha llegado á las riberas del Miño. En la Limia, en los distritos de Bande, Celanova y Carballino la cosecha no ha llegado ni al 6 por 100 de lo que se recoge otras veces; falta maiz, tan indispensable en aquellas comarcas; el centeno adquiere precio excesivo, la patata no llega ni como manjar regalado á las mesas los dias de fiesta, y para colmo de males, la filoxera avanza sobre ambos Riberos.
>
> Y como si esto no bastara, la emigracion de antiguo arraigada en Galicia, aumenta, y el ánimo sufre la mas triste impresion cuando contempla el espectáculo que ofrecen los pueblos gallegos. [86]

---

[81] AHPL Concello de Lugo, Actas. Sig. 0126-00. Sesión ordinaria do 31 de xullo de 1879.

[82] *El Imparcial*, 25 de agosto 1879, p. 1. *Cartas del Ferrol.*

[83] *El Imparcial*, 25 de agosto 1879, p. 1. *Cartas del Ferrol.*

[84] *El Imparcial*, 25 de agosto 1879, p. 1. *Cartas del Ferrol.*

[85] *El Imparcial*, 31 de agosto 1879. p. 1. *Galicia.*

Na sesión municipal ordinaria do Concello de Lugo celebrada o día 14, constátase o paulatino descenso que se ven producindo na recadación por "consumos y cereales" que gravan a entrada destes produtos na cidade e que diminuíu de maneira alarmante desde o comezo do mes. A pesar de resultar evidentes as causas e motivacións, crease outra comisión para estudar "las causas de la disminucion del impuesto y proponer al Ayuntamiento los medios de evitar aquella"[87]. Das indagacións e constatacións da anterior comisión creada o 1 de maio, nada continúa sabéndose.

No último pleno do mes, celebrada o día 28, debátese sobre a oportunidade da celebración das próximas festas do San Froilán, das que se aproximan as datas. A proposta dun concelleiro de non destinar fondos municipais para este fin polas moitas débedas do concello e atendendo a "que el año era calamitoso y no se estaba para festejos," conta só con seis votos a favor fronte ós doce que aproban destinar dez mil reais para a súa celebración.[88] A prensa dá conta das deliberacións sobre o tema, aínda que a cuestión non suscita moito interese.[89]

4.7. Setembro. Sen logros concretos

Con motivo de reiniciarse a actividade política despois das vacacións de agosto e tamén da actividade xeral, prodúcese un incremento das referencias de prensa neste mes. Nuns casos para denunciar de maneira reiterada a realidade existente, noutros para demandar, tamén de maneira reincidente, medidas das administracións e noutros para lamentarse da tardanza de aquelas e a pasividade de estas

O día 4, o xornal de Madrid *El Globo* publica un extenso artigo na primeira páxina, no que advirte das penurias que se aveciñan coa chegada do próximo inverno "por lo menos en la mitad de la Península", centrándose na especialmente difícil situación nas zonas máis afectadas de Galicia, para as que reclama a reacción do Goberno.[90]

O día 6, O *Diario de Lugo* replica a un comentario de dubidoso gusto publicado nun xornal da Coruña que non identifica, que pon en dúbida a veracidade das informacións que afirman que en algunhas zonas as xentes se ven obrigadas a alimentarse con herbas recollidas no campo.[91]

No mesmo xornal publícase o día 11 unha recensión do previamente publicado en *El Imparcial* o día 25 de agosto, asumindo o compromiso en pro da defensa de Galicia diante da crise.[92]

O día 7, *El Liberal* de Madrid dá conta do acordo do Concello de Ourense para pedir ó Goberno central a supresión dos aranceis sobre a importación de "trigos extrajeros"[93]. En realidade trátase dun acordo da Deputación Provincial, en sesión celebrada o día 2, polo que se eleva unha exposición ó ministro de Facenda solicitando a aprobación

[86] *El Imparcial*, 31 de agosto 1879. p. 1. *Galicia.*

[87] AHPL Concello de Lugo, Sig. 0126-00. Sesión ordinaria do 14 de agosto 1879.

[88] AHPL Concello de Lugo, Sig. 0126-00. Sesión ordinaria do 28 de agosto 1879.

[89] *Diario de Lugo*, nº 872, 30 de agosto 1879, pp. 2-3 e nº 873, 31 de agosto 1879, p. 3.

[90] *El Globo*, 4 de setembro 1879, p. 1.

[91] *Diario de Lugo*, nº 878, 6 de setembro 1879, p. 2.

[92] *Diario de Lugo*, nº 881, 11 de setembro 1879, p. 2.

[93] *El Liberal*, 7 de setembro 1879, p. 3.

da libre introdución de cereais estranxeiros "como uno de los medios de remediar la inmediata penuria que espera á los habitantes de esta provincia por la escasez de sus cosechas"[94].

O día 17, dáse conta do traslado de 50.000 kg. de centeo desde A Coruña por parte dos almacenistas intermediarios de cereais para ser vendido nos mercados de Lugo, co fin de paliar en parte a escaseza da que se vén dando conta desde fai meses. Pon en dúbida a efectividade que esta operación poida ter para aliviar a carestía e a fame.

> Prescindiendo que cincuenta mil kilógramos de centeno no llegan para aliviar la miseria de un solo pueblo suponemos que con esta remesa vendrá también otra de dinero para que los que, por no tenerlo, dejaban de comprar pan y comian yerba, puedan comprarlo ahora.
>
> Por que si no viene dinero la situacion es la misma.[95]

O día 18, novamente, o *Diario de Lugo* publica un editorial baixo o título *La miseria en Galicia*, aparentemente copiado de outro xornal, posiblemente de Ourense, polas referencias que fai a comarcas de aquela provincia, no que se repite o esquema reiterado de describir a situación e reclamar axuda da administración central.[96]

O día 19 é *El Imparcial*[97] quen novamente trata o tema, comentando o publicado días antes en *La Concordia* de Vigo, lamentándose da pouca atención que o Goberno presta ó escrito nos xornais, "sobre todo tratándose de un periódico de provincia", e dándolle ánimos nesa tarefa de demandar axuda:

> No desmayen, sin embargo, los diarios de Galicia. En su auxilio acudirá la prensa independiente, repitiendo quejas de ese millon de españoles que en aquellas provincias, á pesar de su incansable laboriosidad, se ven amenazados por no tener un pedazo de pan que llevar á la boca al entrar el invierno próximo. [98]

Resalta tamén o temor do xornal de Vigo de que a non tardar moito suceda "lo que nunca ha sucedido en Galicia, que la miseria engendre crímenes en medio de los que siempre han sido buenos padres de familia". Reclama finalmente, argumentando extensamente con datos numéricos, a conveniencia de suprimir temporalmente os impostos ós cereais.

O día 23, promúlgase o Real Decreto da mesma data (R.D. do 23 de setembro de 1879), polo que o Ministro de Fomento, conde de Toreno, adxudica de forma directa, saltándose por dilatorias as formalidades da poxa, atendendo á urxencia que demandaba a grave situación en Galicia, varios tramos do ferrocarril entre Lugo e Monforte[99].

O real decreto vai ter máis transcendencia polo texto do preámbulo que o acompaña, no que o ministro fai un recoñecemento da difícil situación que vive Galicia, que polos beneficios reais que aportaron as pretendidas obras. A realidade foi que por distintas circunstancias, entre elas a falta de fondos, as obras non se levaron a cabo e o efecto que se buscaba, como atenuadoras da crise, non se produciu.

---

[94] *Boletín Oficial da Provincia de Ourense*, 12 de novembro 1879.

[95] *Diario de Lugo*, nº 886, 17 de setembro 1879, p. 2.

[96] *Diario de Lugo*, nº 887, 18 de setembro 1879, p. 1.

[97] *El Imparcial*, 19 de setembro 1879, p. 1.

[98] *El Imparcial*, 19 de setembro 1879, p. 1.

[99] *Gaceta de Madrid*, 23 de setembro 1879, pp.969-970. Apéndice documental nº 13.

A parte do preámbulo no que o ministro xustifica a promulgación do decreto e que será citado en múltiples ocasións en editoriais de prensa e discursos parlamentarios, é aquela na que fai un recoñecemento da grave situación que vive Galicia e da necesidade de axuda que presenta nesas circunstancias:

> A tan importantes consideraciones se une la triste circunstancia de la falta casi absoluta de cosechas en las provincias del Noroeste de España, en las que al desarrollarse la miseria en la clase trabajadora, tan numerosa en ellas como sufrida en medio de sus desgracias, suele ser efecto inmediato, cuando el suelo no le proporciona el sobrio sustento con que se satisface, emigrar allende los mares, privando á la patria de sus brazos para buscar en lejanas tierras mejor fortuna, que casi siempre se trueca, si no en la muerte, que diezma á los emigrantes, por lo menos en la más triste y penosa vida, de la que es deber de todo Gobierno, cuando tenga los medios adecuados, apartar á los que á ella por desdicha suya se ven arrastrados. [100]

O día 25, o *Diario de Lugo*[101] publica unha vez máis un extenso artigo baixo o título de *Subsistencias,* no que fai un balance do pouco conseguido ata o momento:

> Hoy por hoy, cábenos la seguridad de que, merced á la digna conducta de varias corporaciones y al apoyo de parte de la prensa de Madrid, es conocida en los centros oficiales la crisis que aflige á Galicia.
>
> Las reclamaciones de los periódicos regionales son secundadas por la prensa independiente que comprendiendo la inminencia del conficto llama la atencion del poder para que vea de atajarle, procurando el pronto remedio que lo apremiante de las circunstancias aconseja: falta, pues, tan solo el buen deseo. [102]

Tal como indica, efectivamente, a primeira fase do proceso poderíase considerar culminado en condicións normais. A crise fora xa suficientemente publicitada a través dos xornais e as demandas para socorrela feitas polas canles oficiais. A demanda máis clara e concreta feita ó Goberno estaba sobre a mesa do ministro de Facenda: a supresión, ou cando menos redución, dos impostos sobre a importación de cereais. Pero a resposta non chegaba e a negativa do ministerio parecía evidente. Diante dela, o artigo conclúe:

> ¿En qué se funda, pues, el señor ministro de Hacienda?
>
> Lo ignoramos: solo sabemos que cada dia que pasa el mal se agrava y el remedio se hace más dificil. [103]

Quizá resulte importante destacar que no artigo se argumenta que nesa primeira fase de dar a coñecer a crise e demandar solución, non estiveran unicamente, como cabería pensar, xornais de adscrición ideolóxica liberal, aínda que debían selo na súa gran maioría, senón que incluso algún de filiación conservadora, como a do Goberno nese momento, se sumara á causa, e reproduce un fragmento do publicado en *El Mundo Político* no que se critica ó Goberno por non ter dado ningunha resposta ás solicitudes de supresión ou redución dos aranceis sobre as importacións de grans, única medida que considera minimamente efectiva para paliar a situación.

Ó día seguinte, 26, publícase no *Diario de Lugo*[104] un novo artigo no que se reproduce parte do que previamente se publicara nun xornal de Madrid do que non cita a

[100] *Gazeta de Madrid*, 23 de setembro 1879, pp.969-970. Apéndice documental nº 13.

[101] *Diario de Lugo*, nº 893, 25 de setembro 1879, pp.1-2.

[102] *Diario de Lugo*, nº 893, 25 de setembro 1879, pp.1-2.

[103] *Diario de Lugo*, nº 893, 25 de setembro 1879, pp.1-2.

[104] *Diario de Lugo*, nº 894, 26 de setembro 1879, p. 2. Apéndice documental nº 14.

cabeceira. Este xornal recibira desde varios puntos da provincia de Lugo varias cartas transmitindo a cada vez máis preocupante situación e denunciando un dos seus efectos: o incremento da emigración a América, que se detecta nos portos galego.

O redactor do Diario de Lugo remata o artigo cun amargo lamento:

> Seis meses hace que la prensa gallega dió la voz de alerta, y no obstante, ninguna medida salvadora se ha adoptado.
>
> Por lo tanto, la crisis seguirá su paso y...paciencia. [105]

Ó día seguinte, 27, un novo editorial dedicado á crise ocupa boa parte da primeira páxina do *Diario de Lugo*.[106] Repróchase unha vez máis ó Goberno central a falta de medidas diante do avance imparable da crise.

Analízase a medida que si aprobou o ministro de Fomento, conde de Toreno, no Real Decreto do 23 de setembro, de facía uns días, quen a adoptara en recoñecemento á gravidade da situación que se vivía en Galicia, e que consistía en presupostar varios tramos do ferrocarril do Noroeste para que as obras, en forma de xornais, axudaran a aliviar a situación.

Considérase a medida insuficiente e pídese unha vez máis que se leve a cabo a que se considera máis importante de liberar as importacións de cereais. Critícase a negativa a adoptala do ministro a quen correspondía, o marqués de Orovio, ministro de Facenda, ó que se lle achaca falta de sensibilidade coa situación de Galicia:

> Así, pues, para que lo hecho por el señor ministro de Fomento, no sea estéril, es preciso que su compañero de Hacienda ponga de su parte lo que debe para que la obra sea completa, y para que por los hechos se conozca que, al fin, ha interesado al Gobierno el presente y el porvenir de la region gallega, «tan sufrida en medio de sus desgracias.»
>
> Si así no sucede, si el marqués de Orovio continúa sordo á los clamores, no de Galicia, sinó de España entera, la situacion en nada mejorará y la crisis acentuándose más cada dia llegará á producir hondos quebrantos. [107]

No que á actividade municipal se refire, constátase a aparición dunha evidencia máis do agravamento da crise. Diante do aumento dos prezos dos cereais e fariñas, cuestión xa mencionada anteriormente, os panadeiros, limitados polos prezos oficiais máximos do pan, imposibilitados para a súa elaboración nesas condicións, están a recorrer á utilización de fariñas adulteradas.

Sorprende, non obstante, que este problema, que como vimos se daba xa no mes de maio en Vigo[108], tardase tanto en producirse en Lugo.

O Concello, diante da situación, acorda o día 11 crear unha nova comisión que inspeccione as fariñas "proponiendo á la vez que se obligue á los horneros[109] y panaderos á que pongan marca con sus iniciales en el pan pª exigir en su día la responsabilidad

---

[105] *Diario de Lugo*, nº 894, 26 de setembro 1879, p. 2. Apéndice documental nº 14.

[106] *Diario de Lugo*, nº 895, 27 de setembro 1879, p. 1. Apéndice documental nº 15.

[107] *Diario de Lugo*, nº 895, 27 de setembro 1879, p. 1. Apéndice documental nº 15.

[108] Carta dirixida polos panadeiros de Vigo ó Rei solicitando a liberalización da importación de grans e fariñas panificables diante do aumento inasumible dos nacionáis, que lles impedían continuar coa sua actividade. *Diario de Lugo*, nº 789, 20 de maio 1879, p. 1.

[109] A distinción entre forneiros e panadeiros débese a que non todos os panadeiros tiñan forno propio, senón que os máis modestos cocían en fornos que non eran da sua propiedade.

que proceda respecto á la adulteracion de la especie, su mala elaboración y el peso legal"[110]

Na sesión ordinaria do día 18, apróbase, esta vez dirixida directamente ó ministro de Facenda,[111] unha nova solicitude "pidiendo por un tiempo limitado la libre introduccion de cereales extrangeros á fin de prevenir y hacer frente á la escasez que comienza á sentirse en las provincias de Galicia con motivo de la malísima cosecha de cereales." O acordo é recollido pola prensa de Madrid.

Prorrógase tamén o acordo de 1 de maio sobre a rebaixa dos gravames de consumos e cereais nas portas da muralla, "considerando que la caristia de los cereales es cada vez mayor debido á la escasísima cosecha que acaba de recojerse."

O balance do mes de setembro, a pesares das moitas noticias, recensións e editoriais recollidas na prensa, segue sendo pobre. Tan só a concesión dalgún novo tramo do ferrocarril no traxecto que falta por completar entre Lugo e Brañuelas podería ser considerado como un logro, pero en realidade, tendo en conta que as obras xa se están levando a cabo, trátase máis ben dunha medida de pouca efectividade. Se a isto engadimos que finalmente, como veremos máis adiante, por esgotamento dos presupostos, non se levou a cabo, pódese comprender que nin sequera iso se logrou.

O panorama a finais de setembro continúa sendo desolador. O inmobilismo e inoperancia das administracións resultan sorprendentes e desconsoladores.

4.8. Outubro. As inundacións do Levante

Pasados os tres días de celebración das en aquela época chamadas feiras do San Froilán, de cuxa falta de lucimento dá idea a falta de crónicas sobre elas, imponse a realidade cotiá e o *Diario de Lugo* continúa dando conta de maneira regular e continuada da gravidade da situación e das noticias que arredor dela se van xerando.

O día 7, dá conta dun novo fenómeno que se está producindo nas zonas rurais[112]. Diante da extrema necesidade das xentes, que non teñen con que alimentarse, prestamistas sen escrúpulos recorren as aldeas con afán especulativo "ofreciendo dinero á un 150 por ciento" a cambio de hipotecar as terras.

O fenómeno dos prestamistas que, aproveitándose da extrema necesidade dos pequenos propietarios rurais, impoñen intereses impagables e cláusulas abusivas para terminar facéndose coa propiedade das terras, vai xurdir en distintas zonas rurais galegas, en especial nas máis intensamente afectadas pola crise.

No mesmo xornal do día 7, en carta escrita o día 3 polo correspondente en Madrid, dáse conta dun novo paso na xestión da crise. Trátase das divisións dentro do Goberno conservador con relación á tan solicitada exención de impostos á importación de cereais, diante da intransixencia reiterada do ministro de Facenda para aprobala:

> El hecho es perfectamente cierto; pues públicamente en centros oficiales se critica acervamente el espiritu de intransigencia de que hace alarde el marqués de Orovio en una cuestion que tiende á hacer ménos penosa á las clases más necesitadas la horrible crísis alimenticia, que en muchas partes deja sentir ya sus terribles efectos, y que además puede afectar al orden público

[110] AHPL, Concello de Lugo, Actas capitulares. Sig.0126-00. Sesión do 11 de maio de 1879

[111] A solicitude feita polo Concello o día 1 de maio fora dirixida naquela ocasión ó Goberno de S.M.

[112] *Diario de Lugo*, nº 903, 7 de outubro 1879, p. 1. Apéndice documental nº 16.

> si a tiempo el Gobierno no procura el remedio que todo el mundo demanda de voz en grito. Y sin embargo el ministro de Hacienda permanece impasible ante semejantes clamores que dice que califica de patrañas.
>
> Esta tarde en los pasillos del Congreso dos hombres importantes de la comunion conservadora, hablando del asunto, manifestaban que no podían explicarse la razon del por qué el Sr. Orovio persiste en su temeraria actitud de no querer sacrificar nada en bien de la inmensa mayoria de la nacion, cuando todo lo sacrifica para hacer el bien á una docena de bolsistas, únicos á quien protege á manos llenas, como vulgarmente se dice. [113]

As cuestións do temor que subxace no fondo a que se desencadeen protestas que afecten ó orde público e a existencia dunha minoría que preme en contra da exención para continuar beneficiándose dos elevados prezos, quedan perfectamente apuntadas.

O seguinte día publícase na primeira páxina un novo artigo sobre o mesmo tema[114], recollendo o publicado previamente, esta vez nun xornal progobernamental, no que se dá conta das deliberacións no Consello de Estado sobre a cuestión da rebaixa dos aranceis á importación dos cereais e das manobras do ministro de Facenda para retrasar a decisión coa promesa "de presentar un proyecto de ley con este objeto tan pronto como se abran las Cortes". O artigo remata cun comentario pesimista:

> El Sr Orovio tiene poca prisa, como se ve. En cambio, el pueblo que se muere de hambre desea que termine su situacion angustiosa. Pero el Sr Orovio manda y el pueblo obedece y ayuna. [115]

No mesmo xornal, o correspondente en Madrid, en carta escrita o día 4, confirma o xa exposto no xornal do día anterior sobre a división do Goberno na cuestión da rebaixa de aranceis, recollendo informacións xa publicadas:

> (…) que el presidente del Consejo de Ministros no es de los que menos han abogado por la rebaja de los derechos arancelarios que pagan los trigos y harinas, llegando hasta el punto de hacer comprender al marqués de Orovio que su intransigencia podria producir una crisis parcial. [116]

O día 10 publícase na primeira páxina un novo artigo criticando o subterfuxio do ministro de Facenda para retrasar a aprobación da rebaixa de aranceis, coa promesa do proxecto de lei con ese obxectivo cando se abran as Cámaras.[117]

Ó día seguinte reproduce un artigo[118] publicado previamente en *El Eo*[119], no que se dá conta da situación e o resultado das colleitas naquela zona da Mariña:

> La escasísima cosecha de trigo en esta comarca había sido en parte compensada con la abundante de patatas, pero las últimas lluvias, que ya llegaron tarde para salvar el maiz, han dado lugar (a) que las patatas recolectadas se pudran, desvaneciendo la esperanza de comer con ellas en el invierno nuestros pobres labradores.
>
> Esta nueva calamidad hace más precaria el estado aflictivo del pais, que se ve amenazado de espantosa miseria, si el Gobierno no condona las contribuciones á los pueblos más perjudi-

[113] *Diario de Lugo*, nº 903, 7 de outubro 1879, p. 2.

[114] *Diario de Lugo*, nº 904, 8 de outubro 1879, p. 1.

[115] *Diario de Lugo*, nº 904, 8 de outubro 1879, p. 1.

[116] *Diario de Lugo*, nº 904, 8 de outubro 1879, p. 2.

[117] *Diario de Lugo*, nº 906, 10 de outubro 1879, p. 1.

[118] *Diario de Lugo*, nº 907, 11 de outubro 1879, p. 2.

[119] PÉREZ DE CASTRO, José Luis: Historia y análisis profesional de "El Eo", bisemanario ribadense. *Boletín da Real Academia Galega*, nº 321-328, 1957, pp.179-217.

> cados, y si no se emprenden las obras públicas donde pueda ganar el sustento la clase jornalera. [120]

A cuestión dos tributos que soportaba o campesiñado será unha cuestión recorrente durante todo o proceso da crise. A crise incrementou as dificultades para facer os pagos, que xa de por si viñan significando unha dificultade para a viabilidade de moitas pequenas explotacións agrarias. O sistema tributario instaurado polo liberalismo asfixiaba os labregos galegos. As cargas sobre a enfiteuse e a actividade agraria representaba un 40% dos ingresos brutos dos campesiños, ó que había que sumar entre un 25 e un 30% polas contribucións rústicas, cédula persoal e taxas municipais[121].

Con todo, convén ter presente que as comarcas próximas á costa, e as do interior con menor altitude, foron menos degradadas pola crise que as zonas de montaña do interior, tal como se foi vendo e se irá comprobando máis adiante. O impacto limitado das crises nas zonas agrarias de tipo litoral durante o século XVIII está constatada nalgúns estudos[122]. Esta circunstancia ter que ver, ademais de coas condicións climáticas derivadas da altitude, co desenrolo agrario acadado en cada zona. Aínda que nalgúns aspectos o sector agrario galego permanecía case sen cambios desde a Idade Moderna, na segunda metade do século XIX prodúcese unha evolución desigual, permanecendo as zonas máis altas ancoradas no pasado e sen que lle afectasen apenas os cambios que se produciron noutras partes de Galicia[123]. A diferenza na capacidade de incorporar novas técnicas de cultivo e produtos reflíctese tamén na evolución da poboación, sendo moito menor o incremento nas zonas montañosas do interior no período que vai de mediados do XVI a mediados do XIX[124].

A importancia da altitude aparece tida en conta de maneira moi evidente na cuestión difusión do cultivo do millo en Galicia, verificándose a súa expansión de maneira plena e rápida nas zonas que non superan os 300 m. de altitude e de maneira máis lenta a partir de ese límite[125]. Incluso dentro dunha mesma comarca, as diferenzas de altitude entre aldeas ou parroquias poden significar diferenzas na dispoñibilidade de determinados alimentos como o millo ou as castañas[126]. De maneira xenérica pódese afirmar que a introdución do cultivo do millo afectou, antes ou despois, ó sistema agrario de boa parte de Galicia, pero foi no litoral e nos vales abrigados onde co paso do

[120] *Diario de Lugo*, nº 907, 11 de outubro 1879, p. 2

[121] BREY, Gerardo. La sociedad gallega (1874-1936). En: DE JUANA, Jesús e PRADA, Julio (coords.). *Historia contemporánea de Galicia*. Barcelona: Ariel, 2005, pp. 169-202. (p. 172)

[122] SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto. Una nueva mirada sobre la historia rural de la montaña lucense. En: FERNÁNDEZ CORTIZO, C. et al. (eds.). *Universitas. Homenaje a Antonio Eiras Roel*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2002, 397-409.

[123] VILLARES PAZ, Ramón e ARTIAGA REGO, Aurora. A Gran Historia de Galicia. Galicia no século XIX, vol. 1, tom. XII *Estancamento económico e mudanzas sociais*. A Coruña: La Voz de Galicia, 2007, pp. 196 e 221-223.

[124] SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto. O hábitat no noroeste peninsular nos ss. XVI-XIX. *Semata*, Ciencias Sociais e Humanidades, 1997, núm. 9 : Espacios rurais e sociedades campesiñas. ISSN 1137-9669, pp. 174-193.

[125] PEREZ GARCÍA, José Manuel. Aproximación al estudio de la penetración del maíz en Galicia. En: EIRAS ROEL, Antonio (coord.). *La Historia social de Galicia en sus fuentes de protocolos*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela, Secretariado de Publicaciones, 1981, pp. 117-159.

[126] SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto. *Economía rural antigua en la montaña lucense. El concejo de Burón*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela, Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Santiago, 1979, pp. 35-36.

tempo, as súas vantaxes en canto a rendementos e capacidade de alimentar a máis xente por unidade de superficie cultivada se deixaron sentir. Nas aldeas luguesas e ourensás situadas fora dos vales máis protexidos, o centeo era a materia prima do pan do que se alimentaban as xentes hasta excedida a metade do século XX. Na Galicia interior, exceptuando os vales abrigados, a renovación agraria veu fundamentalmente da man da pataca[127], pero este cultivo, como se verá no seu momento, viuse afectado en 1879 por unha enfermidade que orixinaba a súa podremia unha vez recollidas.

O día 12, o *Diario de Lugo*, non se sabe se produto da confusión que en Madrid se vive en canto ás informacións procedentes do entorno do Goberno ou da imposición dos desexos sobre a realidade, anuncia na primeira páxina a concesión da tan solicitada medida:

> El ministro de Hacienda parece que ha cedido al fin en la cuestion arancelaria en lo relativo a subsistencias.[128]

O rumor, evidentemente, era falso e os feitos non tardaron en desmentilo.

O día 17, un novo editorial ocupa boa parte da portada do *Diario de Lugo* baixo o título de "El clamor general", no que fai un resumo de todo o acontecido no que ten que ver coa crise no que vai do ano 1879:[129]

> Abiertas aun las Córtes, algunos diputados de esta provincia presentaron á aquella, esposiciones de ayuntamientos en las cuales se hacia presente el mal estado del país, originado por la escasez de cosechas durante dos años de terribles y crudos temporales, suplicando condonaciones y moratorias para el pago de contribuciones.
>
> Los dignos diputados que tales ruegos apoyaron, adujeron en apoyo de la justicia de estos datos fidedignos, tomados en el pais, y que nadie podía desmentir. Supo entonces el país entero que en la provincia de Lugo habia ayuntamientos en los cuales numerosas familias se habian visto obligadas por la miseria á cerrar sus viviendas, lanzándose á implorar la caridad pública: que las yerbas del campo eran en algunos pueblos el único alimento de la mayoria de los habitantes.
>
> Nuestro colega local *El Clamor de Galicia* hacia constar, bajo la fé de respetables sacerdotes, que era horrible la miseria en algunos distritos, y casi diariamente se excitaba á aquel periódico y á nosotros para que llamásemos la atencion de la prensa á fin de que esta alzase su voz en demanda de pronto remedio con que conjurar la próxima y amenazadora crísis.
>
> Ya en mayo el ayuntamiento de Lugo, obrando con un acierto y prevision que no nos cansamos de aplaudir, acordó rebajar los derechos de introduccion de los cereales y harinas en la ciudad, y en una de sus últimas sesiones pror(r)ogó.dicha rebaja ínterin cesasen las causas que aconsejáran la adopcion de aquella prudente medida. Acuerdo reciente es tambien de dicha Corporacion pedir al Gobierno la libre introduccion de cereales en atencion á la pérdida casi absoluta de las cosechas en Galicia y á la clase labradora.
>
> Los precios corrientes de los granos en los mercados de esta ciudad indican que la escasez continúa. En el último mercado el precio mínimo de la fanega de trigo fué de *noventa y tres reales*, y el de la de centeno de *setenta y cinc*o.
>
> En Vigo, según los datos que publica un colega, el ferrado de trigo cuesta *veinte reales*; el de centeno *catorce*; *quince* el de maiz y *diez y ocho* el de cebada.
>
> La cosecha de vino en la comarca del Ulla ha sido desdichada; pésima en granos, y las patatas se pudren, como lo indica el *Faro de Vigo* y lo confirman las noticias que nosotros recibimos de varios pueblos de la provincia:

[127] SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto. La introducción del maíz y la patata en Galicia. En: RODRÍGUEZ GALDO, María Xosé (dir.). *Galicia e América: cinco siglos de historia*. Santiago de Compostela:Xunta de Galicia. Consellería de Relacións Institucionais, 1992, pp. 202-207.
[128] *Diario de Lugo*, nº 908, 12 de outubro 1879, p. 1.
[129] *Diario de Lugo*, nº 912, 17 de outubro 1879, p. 1.

> «La cosecha de patata que se habia presentado bien resultará dentro de poco nula, porque casi todas se pudren despues de recogidas no obstante los cuidados que se emplean para su conservacion.
>
> Apuntes para el porvenir que espera a Galicia en el año que corre»
>
> La emigracion aumenta; las quejas son continuas y cada vez más desgarradoras: cuantas noticias se reciben y leen en los periódicos llevan al ánimo el desconsuelo, y auguran un triste porvenir para esta vieja patria, víctima de las discordias de sus hijos. [130]

Fai a continuación unha crítica ós sectores sociais e políticos que tratan de ocultar a gravidade e o dramatismo da situación que se vive:

> ¿Es así como sirven los intereses de Galicia los que se titulan sus defensores y muestran enojo cuando no se les concede el primer puesto, no de hecho que no han sabido ganarlo, sino de nombre? [131]

Denuncia desta maneira a existencia dunha certa campaña, cando menos no ámbito político e posiblemente xornalístico, para contrarrestar as denuncias do que sucede e as demandas de medidas para remedialo:

> Refutacion séria no merecen las afirmaciones que niegan lo que autorizadas voces han expuesto en el seno de la Representacion nacional; lo que al Gobierno han dicho corporaciones oficiales que cuidadosas del bien de sus administrados procuran recabar de aquel el remedio á las calamidades que á estos afligen; lo que, en fin, la prensa gallega dice uno y otro dia, conocedora de las necesidades del país; lo que el mismo ministro de Fomento ha expuesto a la consideracion de D. Alfonso en la exposicion de un decreto.[132]
>
> No se comprende en que fundan su actitud los que la han adoptado contararia á lo que las circunstancias aconsejan, y á lo que Galicia tiene el derecho de exigir de los que se titulan sus defensores, y de patriotismo hablan constantemente, patriotismo que todos conocen y en el que ninguno confia. [133]

A existencia de sectores sociais resistentes a unha verdadeira toma de medidas que palíen a situación presente e eviten o desastre futuro, do que será vítima prioritaria Galicia, está apuntada.

O día 14 dáse conta dunha moción, presentada o día anterior no pleno do Concello de Santiago de Compostela, contendo unha serie de medidas elaboradas pola xunta de beneficencia de aquela cidade, para tentar remediar a crise[134]. O *Diario de Lugo* dá conta dela días máis tarde con maior detalle incluso que o xornal santiagués[135]. Aparecen recollidas en catro puntos. No primeiro proponse solicitar do Goberno central "cuando no la supresion total, mientras dure la presente calamidad pública, al menos la baja á la mitad de tarifa de los derechos de introduccion y de consumo impuestos á los artículos de primera necesidad."

No segundo punto propón que se ofreza de maneira transitoria unha prima ós especuladores, coa esperanza de que "atraerá las subsistencias por el incentivo del lucro". Medida que a realidade irá impoñendo como unica posible, como se verá no seu mo-

---

[130] *Diario de Lugo*, nº 912, 17 de outubro 1879, p. 1.

[131] *Diario de Lugo*, nº 912, 17 de outubro 1879, p. 1.

[132] Refírese ó texto do decreto do ministerio de Fomento presupostando os tramos de ferrocarril no traxecto Lugo-Brañuelas, e no que se expón a gravidade da situación e a motivación do decreto para axudar a remediala.

[133] *Diario de Lugo*, nº 912, 17 de outubro 1879, p. 1.

[134] *Gaceta de Galicia*, nº 221, 14 de outubro1879, p. 1.

[135] *Diario de Lugo*, nº 913, 18 de outubro 1879, pp. 1-2.

mento. A prima, ademais, terminarana pagando os propios consumidores e cobrarana non solo os almacenistas, senón tamén o Estado en forma de aranceis á importación.

No terceiro propón que se facilite traballo "á las clases menesterosas", empregándoas en tarefas como "la recomposicion de calles, arreglo de caños que conducen las aguas potables ó en otros trabajos perentorios de que tanta necesidad tiene la poblacion"

No cuarto e último punto, proponse a recuperación do que antigamente foran os pósitos municipais, nos que se faría abasto de cereais e outros produtos agrícolas, coa finalidade de asegurar a subministración "durante los meses de mayor miseria" de sementes para os labradores, que en moitos casos non tiñan.

Pose Antelo, dando conta de estas propostas, clasifícaas en sete medidas e engade que a Deputación Provincial, en data de 21 de setembro, aproba un plan de carreteiras coa finalidade de atenuar os efectos da crise. Engade ademais unha conclusión bastante esclarecedora sobre a efectividade de todas estas medidas:

> De las medidas propuestas por la comisión municipal y de las carreteras aprobadas por la Diputación poco o nada se llevó a la práctica. La miseria se generalizó entre las clases humildes del municipio compostelano. [136]

Con todo, e tendo en conta incluso a baixa ou nula efectividade real de todos estes pasos dados polo Concello de Santiago, contrasta coa inexistencia de propostas similares, aínda que foran meramente xestuais, do Concello de Lugo, que manifesta unha actitude de evitación do problema.

O día 19 o *Diario de Lugo*[137] publica un novo editorial no que critica, unha vez máis, a continuada intransixencia do ministro de Facenda, que se resiste incluso ás presións de outros membros do Goberno que o incitan "á que tome acuerdo respecto á la introduccion de los cereales extranjeros, á cuyo efecto el ministro de la Gobernación pide nuevos datos del resultado de las cosechas á los gobernadores".

Conclúe afirmando que "Entre tanto el hambre tiene espera porque la hace esperar el señor ministro de Hacienda, empeñado en juzgar la situacion del país por la despensa de su casa" [138].

A solicitude do ministro da Gobernación demandando ós gobernadores datos sobre a última colleita de cereais e as necesidades que se calculaba serían necesarias ata a recollida da seguinte, xa fora cursada facía semanas. O gobernador de Lugo á súa vez, cursara a demanda de información ós concellos da provincia o día 8 e o Concello de Lugo dá lectura á carta e redacta a resposta no pleno ordinario do día 16, no que se manifesta que a colleita actual foi "de las más escasas que se recuerdan en toda clase de cereales pues apenas llegó á cojerse una cuarta parte del término medio de un año regular", e cifra as necesidades en 28.000 hectolitros de centeo, 12.000 de trigo e 10.000 de millo[139].

---

[136] POSE ANTELO, José Manuel. *La economía y la sociedad compostelanas a finales del siglo XIX*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela, 1992, pp. 89-90.

[137] *Diario de Lugo*, nº 914, 19 de outubro 1879, p. 1.

[138] *Diario de Lugo*, nº 914, 19 de outubro 1879, p. 1.

[139] AHPL, Concello de Lugo, Actas, Sig. 0126-00. Sesión do 16 de outubro de 1879. A equivalencia en unidades de peso, tendo en conta que o hectolitro equivale a 75 kg de cereal, sería: 2.100 toneladas de centeo, 900 de trigo e 750 de millo. A equivalencia de 75 kg por hectólitro aparece, entre outros, en *El Imparcial*, 19/09/1879, p. 1, "Una contribución de mil trescientos millones de reales".

O día 21, outro extenso editorial na primeira páxina tratando a cuestión é publicado no *Diario de Lugo*[140], dando conta dos movementos que en torno á cuestión da exención de impostos á importación de cereais se seguen producindo. A sociedade de Zaragoza *El Fomento de la Produccion Nacional*, formada moi posiblemente polos latifundistas cerealeiros da rexión, tramitara un escrito dirixido ó ministro de Facenda pedindo que non se leve a cabo a "supresion ó rebaja de los derechos que pagan los trigos extranjeros á su importacion en la Península". Recolle tamén parte do publicado sobre a cuestión en distintos xornais de Madrid e a polémica mantida entre *El Siglo*, contrario ás exencións fiscais, e *La Época*, partidario delas.

A opinión do propio xornal, e do autor do editorial, é clara. Sostén que:

> (…) lo importante ahora es dar pan barato al país y evitar los rigores del hambre. Y aunque á los acaparadores de granos no les vendria mal una subida de precios mayor que la presente, nos parece más dignas de atencion las necesidades públicas, aquellas que tocan á la inmensa mayoría de los ciudadanos. [141]

E aclara tamén que o mantemento da carestía non vai ser útil ós labradores galegos, xa que moi poucos deles van ter excedentes "de que aprovecharse, ántes bien, habrá muchos á quienes la mala cosecha última obligará á comprar el pan".

O día seguinte, 22, un novo editorial ocupa boa parte do *Diario de Lugo*[142]. Recolle en primeiro lugar o publicado no ultimo número de *El Eo*. Esta vez xa con datos máis amplos sobre a colleita dos distintos produtos agrícolas de consumo humano na comarca, que cualifica de desconsoladores. No que a cereais se refire, calcula que a colleita de trigo foi menor "en dos terceras partes que la del año último" (que tamén fora mala segundo se viu no seu momento). De millo calcula que escasamente se recolleu para o consumo de catro meses, o que equivale a unha terceira parte do que sería normal. De fabas e patacas afirma que foi "casi nula". No caso das patacas, máis que pola diminución nas cantidades recollidas, aínda que tamén, pola perda da capacidade de conservación, que fai que podrezan pouco tempo despois de ser recollidas.

É importante sinalar dúas cuestións que poden ser de gran interese cando se trate de explicar as diferenzas de intensidade da crise de subsistencia en distintas zonas de Galicia. Cando fala de millo afirma que "este grano constituye el alimento de gran parte de la poblacion rural", evidentemente referíndose á da Mariña luguesa e proximidades. Afirma despois que "pocos son los terrenos en aquella comarca en que se produce centeno y cebada". As diferenzas nas dependencias alimentarias dos distintos cereais vai explicar en gran medida a intensidade das carencias padecidas polos habitantes dunhas e outras zonas[143].

Cuantifica *El Eo* a colleita de trigo e millo nun ano normal na zona en 6.000 e 7.000 hectolitros, sendo a deste ano de 2.000 e 1.800 respectivamente. Anuncia, á vista dos datos, que de non adoptarse medidas por parte das distintas administracións, "el invierno y primavera próximos será grande la miseria en este país, (resultando imposible el pago de contribuciones)" e, apuntando a un chanzo máis na escalada do problema, "pudiendo dar lugar á conflictos, cuyo resultado será dificil de prever".

---

[140] *Diario de Lugo*, nº 915, 21 de outubro 1879, p. 1.

[141] *Diario de Lugo*, nº 915, 21 de outubro 1879, p. 1.

[142] *Diario de Lugo*, nº 916, 22 de outubro 1879, p. 1. Apéndice documental nº 18.

[143] SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto: *La vida cotidiana en la Galicia de Antigua Régimen*. Editorial Crítica. Barcelona. 1994, p. 130.

O día 29[144], utilizando como referencia o publicado previamente en *La Crónica de Leon*, O *Diario de Lugo* da conta da situación de miseria que tamén se vive na zona das montañas de aquela provincia e o día 31[145] fai un novo repaso da situación nas provincias galegas despois de recollidas as colleitas:

> De esta provincia ya hemos dicho en números anteriores que son escasas; pues la única abundante que es la de patatas, resulta casi nula, pues todas se pierden. [146]
>
> En Ourense, la de centeno y trigo muy mala, hasta el punto de que solo represente el 17 por 100 de una de las ordinarias. Maiz se aprecia en un 66 por 100, no habiendo en varios puntos llegado á sazon todavía. Patatas y castañas regular. Vino, en las riberas del Sil y Miño, es inferior á la del año anterior; en Verin es buena. Los pastos, bien pero el ganado baja mucho en los mercados por no haber contrataciones. El año es, pues, malo.
>
> Y en Pontevedra, segun nuestras noticias y las de la prensa de dicha provincia, es tambien poco satisfactorio el resultado de las cosechas. [147]

Si durante o tempo transcorrido do mes de outubro ata este momento, o tema da crise estaba facéndose presente nos xornais de maneira regular como unha cuestión de debate, unha circunstancia imprevista vai ter unha gran incidencia, tanto no que se refire á súa presenza nos xornais como á súa importancia como tema de debate político e administrativo, ensombrecendo a súa relevancia.

Durante os días 14 e 15 prodúcense importantes inundacións no Levante. A crecida, coñecida como *de Santa Teresa* empezou o 14 de outubro coa avenida do río Guadalentín, que ó unirse co Segura, tamén en crecida, ocasionou o día 15 a inundación de toda a chamada *Vega Baja* de Murcia ata o mar[148].

Como consecuencia, ademais dos importantes danos materiais, produciuse unha importante cantidade de vítimas mortais, da que o número exacto aínda hoxe non parece que fose precisado. Se ben nas crónicas xornalísticas da época se fala de máis de mil mortos, as valoracións dos estudos máis actuais moderan en distintos graos as valoracións antigas. Así vemos como nalgún caso se pasa a falar de "casi un millar de víctimas"[149], outros evitan dar cifra algunha e falan de "gran número de pérdidas humanas"[150] e algún autor, apartándose totalmente desas magnitudes, fala de unicamente trece mortos na zona de Lorca, unha das máis afectadas.

Os datos pluviométricos de caudal dos ríos, manexados nos informes oficiais da época, tamén son postos hoxe en dúbida, achacando os danos ocasionados, máis que a unhas magnitudes extraordinarias de precipitacións, a unha inadecuada ocupación do

---

[144] *Diario de Lugo*, nº 922, 29 de outubro 1879, p. 1. "Miseria en Leon".

[145] *Diario de Lugo*, nº 924, 31 de outubro 1879, pp. 1-2.

[146] *Diario de Lugo*, nº 924, 31 de outubro 1879, pp. 1-2.

[147] *Diario de Lugo*, nº 922, 29 de outubro 1879, p. 1. "Miseria en Leon".

[148] LÓPEZ BERMUDEZ, Francisco. Inundaciones catastróficas, precipitaciones torrenciales y erosión en la provincia de Murcia. *Papeles de Geografía,* nº 8, 1979. Murcia: Universidad de Murcia, pp. 49-91, (p. 54).

[149] CALVO GARCÍA-TORNAL, F. La inundación de octubre de 1879 en el Bajo Segura. Magnitud y efectos inducidos. *Estudios Geográficos*, Vol. 62, nº 242, 2001. Madrid: Instituto de Economía y Geografía Aplicadas, pp.7-77.

[150] CONESA GARCÍA, Carmelo. Inundaciones en Lorca (Murcia): Riesgo y exportación. *Papeles de Geografía (Física)*, nº 10, 1985. Murcia: Departemento de Geografía Física, Universidad de Murcia, pp.33-47.

territorio, con edificacións que interrompían a circulación natural da auga. Fora destas zonas habitadas inadecuadamente, algún autor minimiza incluso as perdas agrícolas, que tendo en conta a época do ano en relación co ritmo de cultivo, non puideron ser moi elevadas e estimando incluso que a inundación incrementou as reservas hídricas subterráneas e favoreceu a renovación da fertilidade do solo mediante a gran cantidade de sedimentos aportados, de maneira que a medio prazo os efectos foran sen dúbida beneficiosos.[151]

Con todo, o que si realmente resulta destacable das inundacións é o tratamento informativo que se deu delas nos medios da época e a resposta institucional, e particular de todo tipo, que se obtivo para socorrer ós afectados. Trátase dun dos primeiros acontecementos deste tipo que transcenden ós xornais no ámbito internacional, desencadeando un amplo movemento de solidariedade, precursor dos que na actualidade teñen as crises asociadas a desastres naturais. Aportáronse axudas económicas desde trinta e tres países, tódalas provincias españolas e as colonias. Foi unha das primeiras catástrofes que tivo un tratamento moderno no sentido publicitario e de mercadotecnia recadatoria de axudas, conseguindo polarizar e atraer o foco de atención dos medios de comunicación e das distintas administracións.

Os efectos deste gran éxito informativo e organizativo foron desastrosos para os afectados pola crise de subsistencia en Galicia e para os que dedicaban os seus esforzos a publicitala e recadar axuda. A perda de relevancia na prensa, na loita por chamar a atención sobre o que aquí sucedía e o que se aveciñaba, foi ensombrecida pola aparición abrumadora en todos os sentidos das inundacións no Levante.

A reacción do Estado central, mobilizando á súa vez ós poderes locais e provinciais para socorrer ós afectados polas inundacións no Levante foi inmediata. E tras deles tomaron a iniciativa para axudar ós afectados, a Igrexa e a sociedade civil.

Chama a atención como incluso en Lugo, epicentro da crise, a cuestión das inundacións no Levante se puxo por diante, en canto a relevancia e urxencia, de todo o que se padecía aquí.

O día 26 convócase un pleno extraordinario no Concello[152] para tratar exclusivamente a cuestión, en virtude da Real Orden do día 18 de outubro, pola que se insta a tódolos concellos de España a que "contribuyan según sus recursos al alivio de las victimas de la inundacion ocurrida en los dias catorce y quince del actual en las provincias de Almeria, Alicante y Murcia". Informa tamén a alcaldía de que coa mesma data do 18 de outubro, se publicara un real decreto no que se dispón a obrigatoriedade de "abrir en las capitales de provincia una suscriccion para el socorro de aquellos desgraciados" Con esta finalidade, establécese a creación dunha xunta que organice a subscrición e recade as axudas. A xunta, composta por unha lista de 24 persoas relevantes da cidade e autoridades, queda encabezada polo bispo e seguida polo gobernador da provincia. Acórdase tamén que o concello faga unha achega de 2.000 pesetas con cargo ó capítulo de imprevistos do presuposto, por non haber suficiente no de calamidades.

Da organización das axudas que se estaba levando a cabo noutros lugares xa dera conta o *Diario de Lugo* facía varios días,[153] coas recadacións feitas por xornais de

[151] CALVO GARCÍA-TORNAL, F.: *op. cit*. p. 24.

[152] AHPL Concello de Lugo, Actas. Sig. 9126-00. Sesión extraordinaria do 26 de outubro de 1879.

[153] *Diario de Lugo*, nº 916, 22 de outubro 1879, p. 2

Madrid e as doazóns do rei, os ministros e outros persoeiros importantes da vida pública e económica da capital.

O efecto que para a xestión da crise en Galicia tivo a irrupción da cuestión das inundacións foi nefasto. O propio *Diario de Lugo* o anticipara cando comentaba que "esta terrible catástrofe hace olvidar por un momento la importante cuestion de subsistencias y el triste estado en que se encuentra la gran mayoria de los habitantes de España"[154]. Sen embargo, a actitude do xornal móstrase ambivalente. Un día máis tarde[155] demanda da comisión creada polo Concello máis celeridade para levar a cabo a subscrición, a organización de algún espectáculo benéfico e a apertura dunha subscrición pública máis.

O día 28[156], sen embargo, critica a decisión do Concello de doar 2.000 pesetas, cantidade que considera desproporcionadamente elevada, atendendo a unha serie de circunstancias que expón detalladamente:

> Y en este estado de cosas, el Ayuntamiento, en un arranque de generosidad, acuerda contribuir con la cantidad de *ocho mil reales*, que estamos seguros no tiene de donde satisfacerlos. Para sostener la casa de Beneficencia, el Ayuntamiento de Lugo, excita al vecindario, pide limosna, y por otro lado, dá á su vez limosnas de *ocho mil reales*. [157]

Considera na súa argumentación que "cien duros hubieran sido cantidad bastante para los desdichados de Levante, para quienes dá toda España"[158]. Recorda tamén o agravio comparativo coa situación que xa se estaba vivindo aquí:

> Y con esto formará paralelo la desdichada situacion de varios Ayuntamientos de la provincia, muchos de cuyos habitantes por falta de verduras comen ortigas y otras yerbas, teniendo además otros sobre sí el embargo y venta de vienes para pago de contribuciones. [159]

O día 31[160] ábrese unha subscrición na redacción do xornal, colaborando coa comisión do Concello, e publícanse os nomes dos primeiros doantes. Na mesma páxina aparecen os nomes e as cantidades aportadas para socorrer a unha familia de Friás, que perdera a casa nun incendio dous días antes. Mentres que os donativos para as inundacións de Murcia se contabilizan en pesetas, os destinados á familia de Friás, faise en reais e céntimos. A diferenza evidencia tamén o diferente orixe dos donativos. Mentres as clases acomodadas e pertencentes ós sectores próximos ós poderes colaboran coas inundacións de Murcia, de maior repercusión social, as clases populares fano axudando ós afectados máis próximos de Friás. A publicación nos xornais locais dos importes dos donativos días máis tarde, son un indicativo desta circunstancia[161].

---

[154] *Diario de Lugo*, nº 918, 24 de outubro 1879, p. 2.

[155] *Diario de Lugo*, nº 919, 25 de outubro 1879, p. 2.

[156] *Diario de Lugo*, nº 921, 28 de outubro 1879, p. 2-3.

[157] *Diario de Lugo*, nº 921, 28 de outubro 1879, p. 2-3.

[158] Esta cantidade (500 pesetas) foi a aportada polo Concello de Santiago. *Diario de Lugo*, nº 924, 31 de outubro 1879, p. 2.

[159] *Diario de Lugo*, nº 921, 28 de outubro 1879, p. 2-3.

[160] *Diario de Lugo*, nº 924, 31 de outubro 1879, p. 1. Nos días seguintes iranse publicando os donativos para as dúas suscrpcións.

[161] *Diario de Lugo*, nº 938, 18 de novembro 1879, p. 1. Lista de donativos para os afectados de Friás. *Diario de Lugo*, nº 941, 21 de novembro 1879, p. 2. Lista dos donativos para os afectados polas inundacións do Levante.

Dáse conta tamén do acto solemne que o día 29 se levou a cabo no salón de plenos do Concello da constitución oficial da comisión creada o día 26. Fórmana, o gobernador civil, gobernador militar, alcalde, deán, o senador conde de Pallares, Manuel Estevez como deputado en Cortes, Vicepresidente da Comisión provincial, o párroco de San Pedro, o director do Diario de Lugo, tres concelleiros, o residente do Círculo de las Artes, o director do Instituto e D. Antonio Rodríguez Franco.

Nos discursos e intervencións pronunciados durante o acto, a cuestión da crise aflora como cuestión de fondo en varias intervencións. O deputado Manuel Estevez manifesta o seu pesimismo con respecto ás posibilidades reais de recadar axudas, tendo en conta a situación na que se encontran "nuestros paisanos que se hallan en la actualidad sin tener que comer en muchos puntos".

Máis explícita aínda resulta a intervención do conde de Pallares que, atendendo á gravidade da situación que aquí se vive, propón "que la suscricion se hiciese á la vez que para los inundados de Levante, para nuestros paisanos, que han de necesitar nuestros auxilios tanto como aquellos dentro de poco". O gobernador, aínda recoñecendo a preocupante situación, rexeita a proposta por saírse da iniciativa promovida polo Goberno.

De todo o alí exposto, sen dúbida o máis relevante e sorprendente foi a afirmación, na intervención do conde de Pallares describindo a gravidade da situación, vaticinando que "dentro de pocos meses acaso veremos invadida la poblacion por un sin número de pordioseros que hará precisa la cooperacion de todos para atender á su subsistencia". Os meses foron efectivamente poucos, exactamente catro, como se verá.

4.9. Novembro. Creación de máis comisións

A cuestión da excesiva xenerosidade do Con cello de Lugo ó destinar 8.000 reais para os damnificados das inundacións do Levante, continúa coa chegada das noticias do aportado por outros concellos. O Concello da Coruña destina para o mesmo fin 4.000 reais e o de Santiago e Pontevedra 2.000.[162]

O día 3, *Siglo Futuro*[163] de Madrid comenta e critica a decisión do recente consello de ministros de manter os dereitos sobre as importacións de cereais e relaciónao directamente coa crise en Galicia:

> Continuarán comiendo yerba los desgraciados habitantes de algunas aldeas de Lugo; sufrirán la más espantosa miseria los de Orense; carecerán de los elementos más necesarios muchos labradores de Pontevedra y la Coruña, y continuará sobre los granos extrajeros pesando en su totalidad el derecho arancelario

O día 4, reproduce o *Diario de Lugo*[164] un extenso editorial, publicado en *El Correo Gallego* de O Ferrol, expoñendo a grave situación que vive Galicia e que veñen denunciando os xornais das catro provincias, e demandando, unha vez máis, a iniciativa dos concellos e deputacións para atallar "el tristísimo porvenir que se avecina". Remata a exposición facendo as preguntas de "¿Qué hacen los Ayuntamientos y las Diputaciones de Galicia a favor del país? ¿Cuáles son las medidas adoptadas para conjurar la tormenta que se cierne sobre nuestras cabezas?

[162] *Diario de Lugo*, nº 925, 1 de novembro 1879, p. 3.

[163] *Siglo Futuro.* 3 de novembro 1879, p. 3.

[164] *Diario de Lugo*, nº 926, 4 de novembro 1879, p. 1.

O día 6 un novo editorial incide sobre o tema[165]. Baixo o título de "Medidas necesarias", aprémase ás autoridades da provincia para que abandonen a apatía e o desinterese e aceleren os trámites para iniciar o antes posible as obras dos tramos do ferrocarril concedidos polo Ministerio de Fomento coa finalidade de dar traballo e paliar a crise. Solicita ademais novas obras para neutralizar no posible os efectos crecentes da crise nos meses vindeiros.

Ó día seguinte publícase un novo editorial, esta vez cun titular aínda máis explícito: "Cumplid vuestro deber"[166]. Incita nesta ocasión ós deputados e senadores pola provincia de Lugo a mobilizarse en Madrid para conseguir do Goberno a atención diante da gravísima situación que se vive cada vez de maneira máis evidente:

> No pueden los representantes de la provincia de Lugo ignorar cuál es la situacion de sus distritos: no pueden ignorar que la miseria reina en gran parte de ellos, que las subsistencias escasean, que se carece de recursos y que el porvenir se presenta sombrio.
>
> Y siendo esto así, conociendo los señores diputados y senadores la realidad de las cosas, sabiendo como saben que ni con las más negros colores podria pintarse el desesperado cuadro que ofrecen algunos ayuntamientos como Caurel, Triacastela, Cebrero, Samos y otros muchos; no pueden permanecer indiferentes ante la miseria pública, ánte la miseria de aquellos que les han confiado la defensa de sus intereses, y que dentro de poco, si así continúa la marcha de los acontecimientos, no necesitarán defensores por haberse quedado sin intereses.
>
> Es necesario que nuestros diputados y senadores llamen con ahinco y tenacidad la atencion del Gobierno y de las Cámaras acerca de la triste situacion de esta provincia, de Galicia entera: que digan á uno y a otras cual será el porvenir de este país ántes de un año si no se acude al remedio de las calamidades que hoy le afligen.

Diante da indiferenza do Goberno central, insensible ás demandas de axuda, incita a perseverar nestas sen desmaio:

> No es tarea de un día: es tarea eterna si eternamente el Gobierno permanece sordo á la voz de la verdad.
>
> Todo lo espera hoy el país gallego de la iniciativa de sus diputados y senadores, de los que ha designado para que le amparen y protejan, defiendan sus intereses y pidan para él justicia.[167]

Fai un repaso resumido das xestións xa feitas polos representantes electos da provincia en Madrid, axudados pola prensa:

> Abiertas aún las Cámaras, ayuntamientos de esta provincia expusieron á la consideracion de ellas el lastimoso estado en que se encontraban: celosos diputados digeron á la Representacion nacional que las familias rurales de Lugo habian abandonado sus casas á centenares, lanzándose á implorar la caridad por carecer de sustento. La prensa publicó comunicaciones de diferentes pueblos en las que se le rogaba llamase la atencion acerca de la situacion en que se encontraban muchísimos habitantes del campo que por carecer de otro alimento tenian como principal las ortigas y otras yerbas.

Retoma finalmente a incitación do principio do editorial, non se sabe con canta verdadeira esperanza, para que se insista coa máxima intensidade na tarefa de solicitar a cada vez máis urxente axuda:

---

[165] *Diario de Lugo*, nº 928, 6 de novembro 1879, p. 1.

[166] *Diario de Lugo*, nº 929, 7 de novembro 1879, p. 1. Apéndice documental nº 17. "Cumplid vuestro deber".

[167] *Diario de Lugo*, nº 929, 7 de novembro 1879, p. 1. Apéndice documental nº 17. "Cumplid vuestro deber".

> Reflexionen nuestros diputados y senadores, y es indudable que su conciencia les aconsejará consagrarse por entero á recabar del Gobierno y de las Cámaras atencion, nada más que atencion para las miserias y desdichas que agovian á esta provincia, que es imposible que despues de conocer verdaderamente su estado se dejen de adoptar medidas salvadoras.

Resulta evidente que a actitude do xornal é a de insistir en repetir as xestións que xa se demostraran infrutuosas. Insistir como único recurso ante unhas circunstancias para as que non se ven outras opcións

O mesmo discurso do conde de Pallares de dous días atrás evidenciaba a falta de fe nas xestión que poidan facer os representantes pola provincia, incluído el mesmo, diante da indiferenza do Goberno e apunta ó inexorable avance cara o desastre[168].

No mesmo xornal[169] polemízase uns días máis tarde con *El Correo Gallego* de O Ferrol, que publicara uns días atrás un artigo en contra das reivindicacións de supresión arancelaria para as importacións de cereais no que chegara a afirmar que "afortunadamente no existen temores ni aún sospechas fundadas de que pueda sobre venir una crisis alimenticia". A loita para conseguir axuda non conta unicamente coa indiferenza do Goberno central, senón incluso coa oposición de algún xornal galego.

A certeza de que era en Lugo onde coincidían a maior incidencia da crise, especialmente na zona da montaña, coa maior indiferenza por parte das administracións locais, provinciais e dos representantes nas Cortes, faise evidente. En carta do correspondente en Santiago de Compostela publicada no *Diario de Lugo* do mesmo día, sen dúbida alertado desta realidade, propón que se cree aquí unha "junta de personas influyentes" que "excitasen el sentimiento de la caridad" para que "diputaciones y ayuntamientos, sociedades de recreo, compañias teatrales y todo el mundo en fin" axudasen a remediar o problema da fame en Galicia, "principalmente en las montañas de esa provincia". Tamén se da conta de que o claustro de profesores da Universidade de Santiago acordara conceder un día de soldo para socorrer ós afectados polas inundacións do Levante.

O día 6 ten lugar en Madrid unha reunión de senadores e deputados galegos para tratar "de los asuntos que afectan al país que representan"[170]. Despois de estudar a utilidade de solicitar que os vapores-correo de Filipinas atraquen nalgún dos portos galegos e de tentar buscar solución ós problemas que retrasan as obras do ferrocarril entre Ourense e Monforte, por iniciativa de Eduardo Gasset y Artime debátese sobre "la situación aflictiva en que hoy se hallan las provincias de Galicia", onde a perda das colleitas xunto coa diminución das exportacións de gando vacún a Inglaterra son a causa "de la miseria mas terrible." Acordan diante desta situación nomear unha comisión que procure a intervención do Goberno para mellorar a situación de Galicia en xeral, e especialmente de Lugo e Ourense, "provincias hoy muy castigadas por las desgracias"[171].

O papel que Eduardo Gasset y Artime (Pontevedra 1832-Madrid 1884), xogará durante a xestión da crise, será de gran importancia e transcendencia. Posiblemente participara do compromiso adquirido no mes de agosto no Ferrol para levar a cabo unha campaña a favor da difusión da crise e a busca de axudas para remediala. A súa dobre

[168] *Diario de Lugo*, nº 924, 31 de outubro 1879, pp.2-3. Discurso do conde de Pallares no acto de promoción da subscrición para os afectados polas inundacións no Levante que tivera lugar o día 29 no salón de plenos do Concello.

[169] *Diario de Lugo*, nº 929, 7 de novembro de 1879, p. 1.

[170] *Diario de Lugo*, nº 932, 11 de novembro 1879, p. 1.

[171] *El Imparcial*, 7 de novembro 1879, p. 3.

condición de deputado e propietario do xornal *El Imparcial* deulle un importante protagonismo na política de Madrid e Galicia durante a Restauración[172].

O día 8 publícase unha carta escrita desde Samos o día 4[173], na que se relata a situación na comarca e as pésimas condicións nas que se atopan as xentes para subsistir. Do que se considera unha colleita normal no termo municipal: 6.000 hectolitros de centeo, 600 de millo, 200 de trigo e 100 de avea, avaliase o recollido en 1.000 hectolitros de centeo, 100 de millo, 70 de trigo e 30 de avea. Faise a pregunta de cómo con esa mísera colleita se poden alimentar 6.839 habitantes do distrito.

Diante da ruína dos cereais, tíñase algunha esperanza en que as colleitas das patacas e das castañas axudaran a remediar, cando menos en parte, a falta dos cereais, pero as patacas podrecen pouco despois de apañalas e os castiñeiros, afectados polas xeadas tardías da primavera, apenas dan froito, "de modo que familias enteras tendrán dentro de poco tiempo que abandonar sus hogares y dedicarse á la mendicidad; pues es solo el único recurso que tienen para librarse de morir de hambre".

A comparación coas inundacións do Levante en canto a graos de desgraza xurde na mesma carta cando afirma que "la subscrición para los desgraciados de Murcia y demás provincias inundadas, dará malos resultados en este distrito, pues si mal quedaron aquellos estos tampoco no están muy bien y sin tener, que es lo peor, más personas que en las regiones del poder se acuerde(n) de su malísima posicion y de la miseria en que se halla este pais"

A mesma cuestión comparativa se transluce noutra noticia na que se informa, no mesmo xornal, de que o Concello de Sarria, tendo en conta as circunstancias polas que atravesa a provincia, "que harán en breve necesario todo auxilio", acordara non contribuír con cantidade algunha dos fondos municipais á subscrición nacional para as desgrazas do Levante, engadindo que por idénticas razóns o de Chantada reducía a súa achega a 125 pesetas.

O día 9 publicase un editorial[174] dando conta e valorando moi positivamente a iniciativa do Gobernador da provincia de dirixir unha memoria ó ministro de Fomento expoñendo cal é o estado da provincia e a urxente e gran necesidade que hai de atendela, fomentando e desenrolando as obras públicas que dependen dese ministerio, "para proporcionar así sustento á las muchas familias que de él carecen, sumidas en la más espantosa miseria por consecuencia de la casi absoluta falta de cosechas".

O domingo, día 9, celébrase no Teatro unha chamada función "lírico-dramática", organizada coa finalidade de recadar fondos para socorrer ós afectados polas inundacións de Murcia, Lorca, Orihuela "y otros pueblos del Levante de España"[175]. O festival benéfico obtén un gran éxito que se recolle na extensa crónica do *Diario de Lugo* do día 11. O gobernador, José María Guzmán, fai pública unha carta de agradecemento, tanto ás persoas que colaboraron na organización como a aquelas que asistiron como espectadores[176].

---

[172] BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. *Historia Contemporánea. Política (Siglo XIX)*, vol. VII de Galicia. Historia. A Coruña: Hércules Ediciones, 1984, pp. 438-440.

[173] *Diario de Lugo*, nº 930, 8 de novembro 1879, pp. 2-3. Apéndice documental nº 19.

[174] *Diario de Lugo*, nº 931, 9 de novembro 1879, p. 1.

[175] *Diario de Lugo*, nº 931 (p. 2) e 932 (p. 2-3) do 9 de 11 de novembro respectivamente.

[176] *Diario de Lugo*, nº 933, 12 de novembro 1879, p. 1.

A constatación de que a crise continúa orixinando un importante incremento da emigración a América aparece de maneira regular na prensa[177]. Cabe pensar que os que emigran son aqueles que, aínda que empuxados pola necesidade, conservan a capacidade económica que supón o poder pagarse o pasaxe en barco. Moitos, por falta de recursos, non poden sequera optar a esa alternativa.

Rematadas as subscricións, tanto para a familia do barrio de Friás que perdera a casa a causa dun incendio como para os afectados polas inundacións do Levante, fanse públicas as contas de ambas recadacións[178]. O apoio institucional e das forzas vivas da cidade fai que a subscrición para a familia de Friás se vexa desprazada tamén do foco de atención e se traduza no resultado dunha recadación de moito menor contía. A suma do recadado na provincia para os afectados polas inundacións, incluído o recadado no festival benéfico e donativos do Concello e Bispado de mil reais cada un, e de cen pesetas dos profesores e empregados do Instituto de ensinanza media, acada a cifra de 7.280,57 pesetas, mentres que a cantidade recadada para a familia de Friás non chega ós 900 reais.

O dia 15 prodúcese a primeira reacción oficial da Deputación provincial diante da crise. Na sesión celebrada ese día dáse lectura e apróbase unha proposición do deputado provincial Santiago Basanta Olano para que se dirixan cartas ós representantes da provincia no Senado e no Congreso e ó senador vitalicio, conde de Pallares, coa finalidade de que de común acordo, actuando como comisión, xestionen diante do Goberno as medidas que no seu "ilustrado criterio" consideren máis oportunas "para atenuar y aliviar hasta donde sea posible la miseria del país y salvar su terrible situación"[179].

Sobre motivación ou motivacións que orixinaron que se tomase esta iniciativa, cando xa existía unha comisión similar pero de ámbito galego, non hai constancia algunha. Non se sabe se a adscrición ideolóxica de uns e outros foi a motivación ou se trata dun intento novo, en vista de que a comisión a nivel galego non obtén resultados positivos nas súas xestións. A comisión, accedendo á suxestión da Deputación, constituíuse e chegou a entrevistarse co ministro de Fomento, aínda que sen resultados concretos. O presuposto para o exercicio económico 1879-80 estaba esgotado e non sería posible financiar as obras xa adxudicadas no tramo ferroviario entre Lugo e Monforte ata que entrase en vigor o de 1880-81, non antes de agosto de 1880 como moi cedo.[180]

Se rechamante resulta a tardanza en reaccionar diante do problema da crise, máis rechamante resulta aínda o contido da proposta: pedir algo moi parecido ao que xa se fixera e non destinar ningunha cantidade dos fondos provinciais nin tomar iniciativa propia algunha. O día 6 dese mesmo mes xa se levara a cabo unha reunión en Madrid de deputados e senadores galegos, creando unha comisión para levar a cabo xestións sobre a crise[181]. A proposta da Deputación de Lugo resulta máis simple e ambigua incluso que

[177] Diario de Lugo, nº 935, 14 de novembro 1879, p. 2. Carta do correspondente na Coruña.

[178] *Diario de Lugo*, nº 938, 18 de novembro 1879, p. 1 e nº 941, 21 de novembro 1879, p. 2.

[179] ADPL. Actas da Deputación Provincial, Sig. 3975-3. Sesión do 15 de novembro de 1879. Tamén a súa recensión no *Diario de Lugo*, nº 938, 18 de novembro 1879, p. 3.

[180] *Diario de Lugo,* nº 1065, 23 de abril 1880, p. 2. Transcrición da interpelación de José M. Pardo Montenegro ó ministro de Fomento o 17 de abril e resposta deste.

[181] *Diario de Lugo*, nº 932, 11 de novembro 1879, p. 1.

a proposta que neses mesmos días se levaba a cabo na Deputación da Coruña[182], moito máis ampla, e que abarcaba catro liñas de actuación:

1) A través dos senadores en Cortes pola provincia, elevar unha exposición "pidiendo auxilio de fondos para socorrer á los labradores" ou ben se lles libere do pago dos últimos trimestres da contribución territorial.

2) Que a provincia "levante un empréstito" e destine os fondos de calamidades a establecer bancos agrícolas ou pósitos "a fin de que los campos no queden sin sembrar y de prestar á los labradores para el consumo".

3) Que a propia Deputación contrate obras nas carreteiras provinciais e solicite do ministro de Fomento que faga o mesmo coas do Estado.

4) Que o Gobernador inicie subscricións "invitando á los Señores Cardenal Arzobispo y R. Obispo de Lugo y Mondoñedo, coadyuven y secunden con el clero parroquial, á remediar la situacion de las familias de los labradores más necesitados".

Non consta que esta proposta, elevada por un grupo de membros da Corporación provincial coruñesa, fose finalmente aprobada e,menos aínda, que se traducira en medidas efectivas.

Dáse conta nestes días de que os trámites levados a cabo polo Concello de Pedrafita, a través do deputado nas Cortes por Becerreá Juan Bautista Neira no mes de xullo, solicitando axuda do Goberno, se atopaban paralizados. Remitida polo Ministerio de Facenda a documentación para ser informada pola Administración económica da Provincia de Lugo no mes de setembro, permanece sen resposta desta desde esa data[183].

Na sesión do Congreso dos Deputados do día 21, a cuestión da libre introdución de cereais entra en forma de proposición como tema de debate, sendo finalmente rexeitada a súa aprobación por 99 votos e apoiada unicamente por 14[184]

Chama a atención o dato exposto no debate de que, en caso de saír adiante a proposta, non sería a primeira vez que a libre introdución de cereais se adoptase como medida extraordinaria diante de determinadas circunstancias, sendo unha das ocasións máis recentes nas que isto sucedeu o ano 1869.

O *Diario de Lugo* publica o día 26 en primeira páxina un extenso editorial sobre o fracasado intento no Congreso do día 21[185].

A proposición fora presentada polo deputado liberal Segismundo Moret[186], sen que a iniciativa dos deputados galegos reunidos días antes tivese aparentemente nada que ver. O escaso apoio de 14 votos fai pensar que nin sequera contou co apoio de moi-

[182] *Diario de Lugo*, nº 942, 22 de novembro 1879, p. 2.

[183] *Diario de Lugo*, nº 942, 22 de novembro 1879, p. 1.

[184] *Diario de Lugo*, nº 944, 25 de novembro 1879, p. 2.

[185] *Diario de Lugo*, nº 945, 26 de novembro 1879, p. 1. Apéndice documental nº 20.

[186] Segismundo Moret y Prendergas (Cádiz 1833-Madrid 1913). Político liberal de moi longa traxectoria, ministro en múltiples ocasións e elemento activo de boa parte dos acontecementos máis importantes do último cuarto do século XIX e principios do XX. A proposición presentada nesta ocasión será coñecida como proposición Moret.

tos deles, aínda sendo Galicia a máis afectada pola decisión e a quen podía ser máis útil a aprobación da norma[187].

A oposición máis firme á proposta de libre introdución levouna a cabo o ministro de Facenda, Orovio[188], que xa viñera opoñéndose incluso á opinión de outros membros do Goberno. O argumento esgrimido foi unha vez máis a suficiente existencia de grao no interior do territorio, apoiándose nos supostos informes dos gobernadores provinciais. A realidade era totalmente contraria ó que se esgrimía. A entrada de grans estranxeiros, tal como sucedía en Lugo, aínda pagando os aranceis correspondentes, contradicía os datos e os argumentos nos que se apoiaba o ministro. A realidade, como xa se vira en moitos casos, era que se quería beneficiar os intereses dos grandes produtores de cereais e garantir os beneficios dos almacenistas acaparadores, evitando o menoscabo que para eles puidera ocasionar o descenso nos prezos que produciría a importación sen trabas arancelarias[189].

O editorial do *Diario de Lugo*, ademais de poñer en dúbida os datos esgrimidos polo ministro de Facenda, lamentaba e subliñaba o menosprezo e a marxinación que supoñía para Galicia, inmersa na crise, a actitude do Goberno:

> Y aunque sea verdad que en el resto de España las cosechas fueron regulares –cosa que dudamos- eso no es razon suficiente para que se vea con negligencia cómo la miseria invade una considerable porcion del territorio, donde habita poblacion numerosa, la que más fielmente cumple todos los deberes á que están obligados los ciudadanos. [190]

Aporta tamén un dato obxectivo recollido polo gobernador provincial na memoria enviada ó Goberno, na que se cuantifica en medio millón de hectolitros a falta de cereais para cubrir as necesidades da provincia para alimentar ós seus habitantes.

Arguméntase que non pode ser o descoñecemento a causa da marxinación que supón para Galicia a falta de medidas, tendo en conta o manifestado polos deputados galegos xa noutras ocasións no Congreso:

> Sabido es desde hace tiempo, y en el Congreso lo han manifestado celosos diputados de esta provincia, que en algunos distritos han abandonado sus viviendas millares de individuos hostigados por la miseria, y que en otros las ortigas y otras yerbas son el único alimento de los desdichados habitantes. [191]

Os prezos acadados polos cereais nos mercados esgrímense como outro dato obxectivo, medidor da falta de existencias e da gravidade da situación:

> A ochenta y seis reales la fanega de centeno; á noventa y seis y noventa y ocho la de trigo; á catorce reales el ferrado de maiz; y así los demás cereales, bien escasos todos por cierto;

[187] Esta hipótese confirmarase posteriormente. *Diario de Lugo*, nº 950, 2 de decembro 1879, p. 1: "¡Hasta diputados gallegos votaron contra ella!" (Contra a coñecida como "proposición Moret")

[188] Manuel Orovio Echagüe (Alfaro, La Rioja 1817 - Madrid 1833), político conservador, varias veces ministro durante os reinados de Isabel II e Alfonso XIII. Terá un papel protagonista na xestión da crise pola súa decisiva e frontal oposición á medida da exención de impostos á importación de cereais.

[189] GARCÍA SANZ, Ángel. Revolución liberal, proteccionismo cerealista y desrrollo del capitalismo agrario en Castilla y León en el siglo XIX. *Anales de estudios económicos y empresariales*, Nº 2, Valladolid, 1987, pp.. 121-146.

[190] *Diario de Lugo*, nº 945, 26 de novembro 1879, p. 1. Apéndice documental nº 20.

[191] *Diario de Lugo*, nº 945, 26 de novembro 1879, p. 1. Apéndice documental nº 20.

> pues en ayuntamientos como el de Sarria, no ha sido posible á los pobres labradores adquirir grano para la siembra por no haberse presentado ninguno en el mercado. [192]

Apúntase tamén ó agravamento que supón o pago inaprazable das contribucións rústicas, que produce remordementos ós propios recadadores diante dos casos de extrema necesidade nos que se ven obrigados a actuar:

> Recaudadores de contribuciones nos han rogado llamemos con insistencia la atencion del Gobierno hacia este estado de cosas para que procure acudir al socorro de tanta desdicha, pues privados los labradores de todo recurso, imposibilitados de satisfacer los tributos, se dan muchos casos en que los agentes recaudadores se ven precisados, en cumplimiento de un triste y penoso deber, a dejar á un padre infeliz sin pan que dar á sus hijos, y en la más completa ruina. [193]

A chegada de xentes empuxadas pola fame ós núcleos urbanos apúntase como outro elemento indicador da agravación da crise, véndose as vilas e cidades "invadidas de infelices habitantes del campo que imploran una limosna, y cuyo aspecto conmueve, tan impresa llevan en su faz la horrible marca del hambre".

No que a Lugo se refire, onde este fenómeno se ven dando desde fai meses, o seu incremento vai mostrando o empeoramento progresivo da situación e anunciando o que producirá nos meses vindeiros:

> Estos dias es considerable el número de pordioseros que circula por la poblacion, y en su mayoria son habitantes del campo que si hasta ahora han podido permanecer en él, no pueden hacerlo hoy que los rigores del invierno vienen á hacer más desesperada su situacion, añadiendo un eslabon más á la ya larga cadena de sus infortunios. [194]

Posiblemente atendendo á suxestión da Deputación do día 15, dáse conta da reunión dos deputados nas Cortes pola provincia de Lugo "para escogitar los medios á fin de combatir el hambre y la miseria que dominan el país"[195]. Temos, pois, xa dous grupos de parlamentarios galegos facendo xestións para conseguir axuda para atender ós afectados pola crise. O grupo dos deputados das catro provincias galegas que lidera o deputado liberal Gasset y Artime e o agora constituído polos pertencentes unicamente á provincia de Lugo que liderará o conservador conde de Pallares. Cabe supoñer que os constituídos pola provincia formarían parte tamén da comisión de toda Galicia. Con tanta capacidade de xestión posta en marcha, cabería pensar que se obterían pronto algúns resultados. A realidade, como se verá, non vai ser esa e nin uns nin outros van aportar moito máis do conseguido ata ese momento, que era pouco máis que nada. A creación de dúas comisións orixinará ademais, como se verá máis adiante, descoordinación e máis fragmentación, buscándose finalmente solucións non só provinciais, senón incluso locais.

Tamén celebra reunións para tratar da crise de subsistencia a *Sociedad económica de Amigos del País* de Santiago de Compostela, elaborando unha lista de medidas orientadas a corrixila[196]:

— Solicitar a rebaixa dos dereitos de introdución de cereais estranxeiros á metade do importe ata ese momento.

---

[192] *Diario de Lugo*, nº 945, 26 de novembro 1879, p. 1. Apéndice documental nº 20.

[193] *Diario de Lugo*, nº 945, 26 de novembro 1879, p. 1. Apéndice documental nº 20.

[194] *Diario de Lugo*, nº 945, 26 de novembro 1879, p. 1. Apéndice documental nº 20.

[195] *Diario de Lugo*, nº 949, 30 de novembro 1879, p. 1.

[196] *Diario de Lugo*, nº 950, 2 de decembro 1879, p. 1.

— Supresión do imposto de consumos sobre cereais que cobraban os concellos sobre os grans que entraban nas cidades e vilas.

— A creación de pósitos para garantir o abastecemento.

— O fomento das obras públicas para xerar emprego, ocupar ós máis necesitados e axudar ás súas familias.

— Constitución dunha "Junta preventiva", presidida polo Cardeal e que tería como obxectivo "remediar los males que puedan sobrevenir."

A reiteración das medidas propostas por uns e outros, sen apenas variación, a non ser por algunha idea como a da presidencia por parte do Cardeal coa intención de implicar á Igrexa, é xa unha constante, á que ademais hai que engadir o tamén reiterativo resultado de non obter ningún resultado efectivo.

O último día do mes, domingo 30, ten lugar no Teatro de Santiago de Compostela, de maneira similar á que se celebrara en Lugo e noutras cidades, unha velada "lírico dramática" a beneficio dos afectados polas inundacións de Murcia.

A asistencia foi moi numerosa e o resultado económico moi positivo, recadándose 4.153 reais libres de gastos, que se remitirían ó bispo de Cartagena[197].

4.10. Decembro. Máis noticias de toda Galicia sobre o agravamento da situación

Unha vez máis publica na primeira páxina o *Diario de Lugo* un artigo, copiado nesta ocasión da *Gaceta de Galicia*, dedicado a denunciar a situación da crise baixo o significativo titular de *¡Sin pan!*[198]. Apúntase á marxinación que para Galicia supón a non aprobación da rebaixa ou supresión dos aranceis á importación de cereais, fronte ós intereses dos territorios cerealeiros, ou máis especificamente, dos seus beneficiarios directos, interesados en manter os prezos elevados:

> Pero hay cuatro provincias por lo menos en que no comen pan de trigo las tres cuartas partes de su población: hay 1.500.000 habitantes de España para los cuales les es indiferente que el trigo valga 14 reales ferrado, pues ni aún á este precio les es dado comer pan blanco, y donde la produccion del maiz y centeno que constituye su alimento, quizá unico, con unas pocas berzas y unto, es en el año actual tan reducida que no basta para cubrir las necesidades de cuatro meses.

Ponse como exemplo da boa xestión da crise a Gran Bretaña, onde se vive unha situación similar, pero onde se autorizara a libre importación de cereais de outros países como fórmula para paliar os efectos, e pídese que aínda que non se permita beneficiarse das importacións libres a aqueles que consumen pan de trigo, "al ménos téngase en cuenta la situacion de esa gran parte del pueblo gallego que no tiene bastante maiz y centeno para desafiar los rigores con que este año les amenaza, y que por efecto tambien del gran descenso en los precios del ganado que constituia su industria, no cuenta ni con una peseta para comprarlo".

Esta formulación de reivindicar a exención de aranceis para o centeo e o millo como máis efectivo para os intereses de Galicia que o que representaría o do trigo, resulta novidosa e responde a un razoamento lóxico. Dado que as clases populares gale-

[197] O programa do festival publícase na prensa local neses días: *Gaceta de Galicia* do 29 de novembro e 3 de decembro de 1879. O *Diario de Lugo*, nº 954, 6 de decembro 1879, publica unha crónica do seu correspondente naquela cidade.sobre o mesmo.

[198] *Diario de Lugo*, nº 951, 3 de decembro 1879, p1. Reproducido da *Gaceta de Galicia* de Santiago de Compostela do 25 de novembro de 1879.

gas, as máis deprimidas pola crise, non foron nunca consumidoras de pan de trigo senón que o consumían de centeo e millo, o abaratamento destes vailles resultar de moita maior importancia do que puidera resultar o do trigo, que non formaba parte da súa dieta tradicional. A medida da exención arancelaria, de ter transcendido á clase política con esta formulación, reducida ó centeo e millo, non debería ter tido a oposición dos latifundistas cerealeiros, produtores de trigo e cebada fundamentalmente, pero nunca chegou a formularse desta maneira polos representantes galegos nas Cámaras.

Debuxa a continuación a desolación que se desprende do panorama que observa:

> Sin pan, sin ganado, sin vino en algunas comarcas, sin castaña, y abrumados por insostenibles cargas, presas en su mayor parte de los usureros, pues pocos labradores en Galicia hay que no estén empeñados, ¿qué va á ser del habitante de nuestros campos allá en los meses de Marzo y Abril?

Chama a atención unha vez máis a precisión de algúns vaticinios. Efectivamente, como se irá vendo, será neses meses cando se desencadearán os efectos máis visibles da crise.

Remata o editorial cunha resignada conclusión: "Esta es Galicia".

Dous días máis tarde, un novo editorial sobre a cuestión arancelaria dos cereais ocupa a maior parte da primeira páxina do *Diario de Lugo*[199]. Baixo o título "Los proteccionistas del hambre", analiza unha vez máis o fracaso do día 21 de novembro no Congreso da proposición Moret. Sorprende en primeiro lugar a extensión do artigo e a abundancia de datos e información da sesión do Congreso do día 21, na que se debateu a cuestión, que expón. Nin sequera nos xornais de Madrid se salientara de maneira tan pormenorizada nin ocupara tanto espazo. A proximidade xeográfica ó epicentro do drama e o compromiso do xornal con el son as únicas explicacións para que isto fose así e para que con reiterada insistencia o problema da crise apareza unha e outra vez nas súas páxinas.

Analiza e rexeita algúns dos argumentos esgrimidos polos chamados proteccionistas durante as intervencións. Así, diante da tese de que a libre importación provocaría unha competencia ruinosa para os agricultores autóctonos, argumenta que esta non se produciría, tendo en conta que as existencias de grans non estaban xa desde facía tempo en poder dos produtores senón en mans dos acaparadores, que coa escaseza obtiñan un moito maior beneficio, sendo a eles a quen se beneficiaba realmente coas medidas proteccionistas:

> De esta victoria obtendrán pingües ganancias los acaparadores y negociantes de cereales: entre tanto el país empobrecido comerá pan caro, y serán muchísimas las familias que no han de comerlo caro ni barato.

Destaca tamén a frustración que se desprende do feito de que o Congreso rexeitara a libre importación a pesares de apoiala a maioría dos xornais de España, incluso moitos de ideoloxía proteccionista e contrarios o librecambismo.

Despois de enumerar varios dos argumentos e datos que deberían ter servido de base á aprobación da libre introdución e que non foran tidos en consideración, conclúe que:

> Tan vasto, y completo expediente fué completamente estéril, ante la intransigencia de un proteccionismo recalcitrante que en medio de frases patrióticas y de protextas de amor á la produccion nacional, envuelve la ruina de la escasa riqueza del país, y es causa de un miserable y

[199] *Diario de Lugo*, nº 953, 5 decembro 1879, p. 1.

> aflictivo porvenir, no solo para las clases proletarias sinó tambien para la clase media y para toda la poblacion rural.

Diante da gravidade das consecuencias que pode provocar a decisión, suscita a cuestión da responsabilidade de aqueles que a tomaron:

> Si existiese un tribunal superior encargado de juzgar los yerros de los Gobiernos y autorizado para exigir las responsabilidades en proporcion á las consecuencias de aquellas, sería curiosa y tremenda á un mismo tiempo la acusacion motivada por este asunto. Pero no existe más juez que la opinion pública y el fallo de esta es ineficaz en sus efectos.

Á mala noticia do fracaso da proposición de libre importación, únese a tamén desalentadora que se refire ó capítulo de obras públicas do ministerio de Fomento para o ano económico de 1879-80, que se atopa esgotado desde o mes de setembro. A noticia, aínda que extraoficial, ten importantes implicacións, xa que imposibilitaría obter financiamento para levar a cabo obras públicas que xerasen empregos entre a poboación afectada pola crise. Imposibilita tamén que se executen os tramos adxudicados do ferrocarril entre Lugo e Monforte polo ministerio de Fomento co obxectivo de axudar a paliar a crise. As xestións dos deputados galegos, tanto os que se organizan agrupados cos das restantes provincias galegas como os que o fan como representantes da de Lugo, contan xa, antes de iniciarse, cun moi importante inconveniente:

> Negada la libre introduccion de cereales, agotado el capítulo de obras públicas ¿qué podrá hacer el Gobierno por los infelices habitantes de Galicia?[200]

Uns días máis tarde reproduce un "suelto" de *El Lerez*, de Pontevedra, dando conta de situación extrema que se vive nas aldeas da parte máis montañosa do interior da provincia, "en alguna de las cuales les falta hasta el grano de la siembra"[201].

A cuestión das inundacións do Levante continúa acaparando a atención dos medios non só nacionais senón tamén internacionais. Os correspondentes dos xornais españois en París, influíndo nos seus colegas franceses, conseguen que a asociación da prensa de aquel país organice un festival para recadar fondos para os afectados, que terá lugar o día 18 de decembro no Hipódromo de París[202].

A magnificencia e brillantez da festa aparece reflectida nas crónicas dos xornais dos días posteriores. O *Diario de Lugo*[203] reproduce o día 23 a crónica extensa que publicara uns días antes *El Imparcial*[204] coa transcrición dos despachos telegráficos enviados polo correspondente especial do xornal relatando os actos.

O xornal de Madrid publicara tamén uns días antes, ocupando dúas páxinas completas, as listas de donativos e nomes dos doantes do que se recadara nas inscricións feitas na capital[205], e o día 17 daba conta do anuncio da "Junta popular de socorros de Madrid" para sacar a poxa a construción de duascentas barracas na "Vega de Murcia" para os afectados[206].

---

[200] *Diario de Lugo*, nº 952, 4 de decembro 1879, p. 1.

[201] *Diario de Lugo*, nº 956, 10 de decembro 1879, p. 1.

[202] *Diario de Lugo*, nº 958, 12 de decembro 1879, p. 2. Dá conta da iniciativa. A data inicial prevista era a do día 14.

[203] *Diario de Lugo*, nº 966, 23 de decembro 1879, p. 1. O día 25 publica unha crónica máis resaltando o éxito do acto: *Diario de Lugo*, nº 968, 25 de decembro 1879, p. 2.

[204] *El Imparcial*, 19 de decembro 1879, p. 2.

[205] *El Imparcial*, 16 de decembro 1879, pp. 5-6.

[206] *El Imparcial*, 17 de decembro 1879, p. 4.

O resultado económico da festa do Hipódromo da París, unha vez feitas as contas e descontados os gastos, publícase nos xornais e avaliase nuns 60.000 "duros"[207]. Organízase tamén en París a preparación dunha publicación en dobre edición, francés e castelán, conmemorativa dos actos celebrados e destinada a continuar recadando fondos coa súa venda. A portada é debuxada por Gustavo Doré e conta con colaboracións dos mellores escritores franceses do momento, Víctor Hugo e Alejandro Dumas fillo entre outros. A publicación coñecida por "París-Murcia" véndese en Lugo xa nos últimos días do ano[208].

As noticias sobre a crise de Galicia contrastan coas que se refiren ás dos afectados polas inundacións do Levante. Os efectos continúan agravándose e as axudas non chegan. O *Diario de Lugo* comenta o publicado por *El Trabajo* de Ourense sobre o agravamento da situación nas comarcas montañosas de aquela provincia, onde os labradores esgotaran xa a diminuída colleita prevista para todo o inverno, véndose moitos deles obrigados a caer nas mans de prestamistas usureiros que lles cobran intereses entre o 40 e o 100%[209]. O de Ourense transmite a idea de que "la situacion desesperada no puede sostenerse mucho y que es inminente una emigracion general".

A emigración como alternativa á crise que se viña manifestando no gran incremento dos embarques para América nos portos galegos, estimulada polos vendedores de pasaxes que recorrían as feiras e aldeas, choca cunha dificultade engadida. Moitos destinos migratorios non poden, pola situación económica ou as súas propias limitacións, absorber o gran fluxo que orixina a crise en Galicia. *El Eco de Galicia* da Habana publica un dramático artigo, pedindo se lle dea a máxima difusión, no que alerta dos perigos que esperan a aqueles que buscan encontrar en Cuba algo mellor que o que están sufrindo en Galicia. A advertencia é clara: "No vengais á Cuba, gallegos, porque venís á la muerte y á la desgracia"[210].

A percepción de que non hai saídas á crise xeneralízase. Se algunha noticia aparece é para engadir un grao máis de preocupación e desalento. A interrupción das exportacións de gando vacún a Gran Bretaña continúa sen resolverse, orixinando a caida dos prezos e a falta de demanda nas feiras[211]. A actividade decae nos mercados e feiras e a xente deixa de acudir a elas.

As diferenzas de prezos entre os distintos puntos da península é obxecto de comentario na prensa. *La Época* publica un comentario sobre os datos estatísticos feitos públicos recentemente acerca dos prezos do trigo, que chama a atención tamén doutros xornais, e no que se afirma que o hectolitro de trigo "cuesta en Córdoba 20 pesetas, en Salamanca y en Medinaceli 23 y 24, y en Avila, Granada, Gerona, y Pamplona 25, llega á 27 en Burgos y á 30 pesetas y media en Lugo"[212]. As estatísticas colocan a Lugo como

[207] *Diario de Lugo*, nº 968, 15 de decembro 1879, p. 2.

[208] *Diario de Lugo*, nº 971, 30 de decembro 1879, p. 2.

[209] *Diario de Lugo*, nº 963, 18 de decembro 1879, p. 1. O artigo comentado de *El Trabajo* fora publicado por aquel o 13 de decembro 1879, p. 2.

[210] O artigo, seguindo o rogo de darlle a máxima difusión, foi publicado e comentado polo *Diario de Lugo* o 20 de decembro de 1879, p. 1.

[211] *Diario de Lugo*, nº 966, 23 de decembro 1879, p. 1.

[212] *La Época*, 3 de decembro 1879, p. 2. Reproducido posteriormente en *La Iberia*, 4 de decembro, 1879, p. 2. e *Diario de Lugo*, nº 957, 11 de decembro 1879, p. 2.

o lugar onde o prezo do trigo alcanza os máximos de toda a Península, indicio significativo da profundidade e gravidade da crise que se vive aquí.

Tamén a través da prensa de Madrid chegan noticias de que a recente sementeira do cereal en Castela, para a colleita que corresponderá ser recollida o ano que ven, foi boa e ofrece boas perspectivas. En Galicia os auspicios non son tan optimistas, xa que "sucedió en varias comarcas que los labradores no han podido comprar ni aún para la sementera"[213]. A falta de alimentos continúa empuxando xente os núcleos de poboación e a cidade de Lugo vese "invadida por los infelices que imploran la caridad pública"[214].

Remata o ano e é época de balances. En canto ó que ten que ver cos resultados obtidos de todas as xestións iniciadas, de todas as campañas na prensa levadas a cabo, non pode ser máis desmoralizador, e o desánimo percíbese nos que, cansos de loitar, non ven ningún logro. A prensa de Madrid limítase xa nos últimos días a reproducir un breve solto resumindo o que se vive aquí, pero xa sen a extensión nin a atención dedicadas nos meses anteriores.[215]

O mesmo *Diario de Lugo* non pode evitar o balance desmoralizador o último día do ano:

> En vano clama la prensa; en vano acuden al Gobierno y á las Cortes nuestras corporaciones; en vano algunos celosos diputados llaman la atencion de aquel y aquellas hácia tan grave crisis.[216]

4.11. Xaneiro de 1880. O inicio das importacións dos EEUU

O cambio de ano non significa un cambio nas circunstancias nin no estado das xestións para aliviar a crise. O parón que orixinan as celebracións do Nadal, coa inactividade política e das administracións, colabora incluso a que todo permaneza máis estancado.

Chega a noticia, referida ós últimos días de decembro, da iniciativa da Deputación Provincial da Coruña para elaborar un informe e facer unha solicitude ó ministro de Facenda[217]. Exponse no informe a grave situación que viven moitas comarcas da provincia e solicítase do ministro a "reduccion de los derechos arancelarios que satisfacen los cereales extrajeros", A falta de resposta que esa mesma demanda, feita por outras administracións locais, provinciais, representantes nas Cortes e xornais, tivera ata ese momento, fai concluír ó *Diario de Lugo* cunha nota de escepticismo ó afirmar que cre que a celosa Corporación provincial da Coruña "ha perdido un pliego de papel sellado".

Chegan novas a través de *La Crónica de Leon* de que tamén en aquela provincia os efectos da crise se manifestan de maneira preocupante. Demanda o xornal leonés a implicación do gobernador e as corporacións de aquela provincia[218].

---

[213] *Diario de Lugo*, nº 964, 20 de decembro 1879, p. 1,

[214] *Diario de Lugo*, nº 963, 18 de decembro 1879, p. 1.

[215] *La Iberia*, 26 de decembro 1879, p. 3; *Diario oficial de avisos de Madrid*, 26 de decembro 1879 e *El Globo* 22 de decembro 1879, p. 3, entre outros, publican case sen variación: "la miseria amenaza tanto en algunas regiones de Galicia, que en la provincia de Lugo no hay ni yerba para los escasos ganados que han quedado".

[216] *Diario de Lugo*, nº 972, 31 de decembro 1879, p. 1.

[217] *Diario de Lugo*, nº 973, 1 de xaneiro 1880, p. 1.

[218] O artigo foi reproducido e comentado no polo *Diario de Lugo*, nº 975, 4 de xaneiro 1880, p. 1.

Tamén de Europa chega algunha noticia dos efectos da crise naquelas latitudes, que como xa vimos non é un fenómeno exclusivo de Galicia, aínda que posiblemente si foi un dos lugares onde os efectos se manifestaron de maneira máis intensa. De cómo se vive a crise en Irlanda dan conta os xornais de Madrid a partir das noticias recollidas dos xornais ingleses e, sobre todo, das crónicas que envían os correspondentes de aqueles xornais en Londres. A crise ten alí unha importante repercusión política, debido á cuestión candente do separatismo de Irlanda, "donde la miseria es el mas poderoso auxiliar de los enemigos de Inglaterra"[219].

Dos éxitos publicitarios e recadatorios obtidos cos actos organizados para socorrer ós afectados polas inundacións do Levante, continúan publicándose noticias. A subscrición aberta a nivel nacional alcanza xa a suma de 1.879.977 pesetas[220].

Sempre se afirmou que as crises son tamén, aínda que en menor medida, unha ocasión para facer negocios e enriquecerse. A crise de subsistencia de 1880 non foi unha excepción. Comezaron a facer negocio os acaparadores que, prevendo a escaseza e a subida de prezos que se aveciñaban, almacenaron grandes cantidades de centeo, trigo e millo. Fixeron tamén negocio os prestamistas que prestaron cartos a intereses moito máis elevados do normal ós labradores que precisaron comprar o cereal co que alimentarse e pagar as contribucións. Obtiveron importantes beneficios os comisionistas e as empresas navieiras, que recorrendo as aldeas e as feiras vendían pasaxes para América a aqueles que empuxados pola miseria creron que alí poderían vivir en moito mellores circunstancias. Finalmente, minguadas posiblemente as existencias dos almacenistas acaparadores e convertidos os labradores que antes eran produtores en consumidores, abríase a posibilidade de organizar rendibles importacións de cereais do estranxeiro. Se ben o feito de manterse o Goberno ignorando todo tipo de demandas para a eliminación dos impostos á importación foi unha circunstancia que non o propiciou durante un tempo, a mingua das existencias almacenadas e a suba continua de prezos nas feiras e mercados converteron esa posibilidade nunha importante opción de negocio.

A primeiros de xaneiro o *Diario de Lugo*[221] inicia a publicación dun anuncio no que se da conta da chegada ó porto da Coruña do buque noruegués *A. O. Ubinguer* procedente dos Estados Unidos cun cargamento de cereais para o almacenista lugués D. Pedro Fernández Dominguez. Consta o cargamento de 7.000 fanegas de centeo, 3.000 de millo "y el resto de trigo"[222]. Os lugares de venta van ser a propia cidade de Lugo, na rúa da Raiña 16, e Rábade, "en la casa ex-cuartel de la Guardia civil, inmediata á la Estación".

Unha semana máis tarde anúnciase que xa se encontra depositado nos almacéns de Lugo e Rábade o contido do cargamento de cereais[223] e dáse conta tamén da descarga

[219] *El Imparcial*, 30 de xaneiro 1880, p. 1. Recolle tamén a impresión que teñen algúns observadores sobre as repercusións que pode ter: "se cree que pasarán de treinta los diputados separatistas que elegirá Irlanda en las próximas elecciones de miembros de la Cámara de los Comunes." Tamén se publica unha crónica sobre a fame en Irlanda e a pouca colaboración dos ingleses nas subscricións organizadas para socorrer ós afectados que aparece en *El Liberal*, 7de xaneiro 1880, p. 1.

[220] *Diario de Lugo*, nº 974, 3 de xaneiro 1880, p. 3.

[221] *Diario de Lugo*, nº 977, 8 de xaneiro 1880, p. 1. Tamén en días posteriores.

[222] A composición e proporcións da importación confirma o tipo de destiñatarios a quenes estaba orientada a operación mercantil: os labradores do medio rural fundamentalmente e os xornaleiros das vilas e ciudades.

[223] *Diario de Lugo*, nº 983, 15 de xaneiro 1880, p. 1.

levada a cabo na Coruña dun novo cargamento, neste caso transportado polo vapor *Maria*, composto de 3.000 fanegas de centeo, 2.000 de trigo e 2.000 millo. O cargamento adquirido por un almacenista distinto do anterior, ten como destino Rábade. A afirmación que se fai no comentario que acompaña á noticia de que "este cargamento y el recibido por el Sr. Fernandez Dominguez de Lugo, son suficientes para abastecer la provincia de cereales en las presentes circunstancias", non se axustará á realidade e repetiranse varias veces ó longo dos próximos meses as descargas deste tipo no porto da Coruña.

Publícase tamén nestes días, coincidindo coas descargas no porto da Coruña, a noticia da rebaixa temporal nas tarifas no tramo ferroviario da Coruña a Lugo para o transporte de cereais. Aínda que a rebaixa se anuncia como unha concesión da empresa do ferrocarril, atendendo á gravidade da situación, posiblemente tivese que ver máis coas negociacións mantidas polos almacenistas importadores, atendendo ó gran volume da mercancía transportada[224].

A aparición das importacións de cereais sen a supresión dos aranceis introduce un novo beneficiario da crise: o propio Estado. Os prexudicados: os consumidores, a quen se lles repercute no prezo final o importe do imposto pagando un prezo máis elevado.

Prodúcese durante estas semanas unha reactivación da cuestión, xa debatida en outros momentos, do incumprimento do Real decreto do 23 de setembro de 1879, polo que o Ministerio de Fomento presupostaba de maneira urxente, atendendo á grave situación que se vivía en Galicia, varias obras públicas co obxectivo de axudar á poboación afectada pola crise. A iniciativa, levada a cabo no plano xornalístico e da iniciativa política, parece ser froito dun plan coordinado para tentar revitalizar a cuestión diante do agravamento da situación ó non lograr ningunha medida de importancia que a atenúe.

O día 10, o *Diario de Lugo* publica un extenso editorial ocupando a case totalidade da primeira páxina. Exponse como non chegou a materializarse a construción dos tramos do ferrocarril concedidos no seu momento ó amparo do Real decreto e a frustración e desencanto que ese incumprimento ven xerando nos meses transcorridos.

O intento, unha vez máis, de reactivar a cuestión e conseguir que os contratos para os xornaleiros comecen a facerse efectivos, maniféstase co compromiso de insistir e "dar rienda suelta á la pluma hasta que lo acordado por los más elevados poderes del Estado se cumpla".

Uns días máis tarde reproduce un artigo na mesma liña, publicado previamente en *El Independiente*, no que se denuncia o incumprimento da disposición ministerial e se achaca á administración central a responsabilidade dos efectos que para a poboación máis necesitada ten este incumprimento: "¡Qué inmensa responsabilidad para quien sea el culpable de lo que sucede!"[225].

Dous días máis tarde, o 15, reproduce outro artigo copiado tamén de *El Independiente*[226] e redactado á súa vez coas informacións recollidas dos xornais galegos, incidindo unha vez máis nas consecuencias do incumprimento do real decreto do 23 de setembro para a que chama "La Suiza Española", de cuxas aldeas "emigran casi en su

[224] *Diario de Lugo*, nº 982, 14 de xaneiro 1880, p. 1. A noticia fora recollida de *El Eco Coruñés*.

[225] *Diario de Lugo*, nº 981, 13 de xaneiro 1880, p. 1.

[226] *Diario de Lugo*, n º 983, 15 de xaneiro 1880, p. 1.

totalidad sus moradores, para buscar en otro suelo, en otros paises un pedazo de pan que llevarse á la boca".

Publícase tamén nestes días nun xornal de Madrid a noticia de que xornaleiros de Lugo sen traballo piden ser contratados para ir a Murcia a ocuparse nas tarefas de reconstrución despois das inundacións, en traballos de "edificación y cultivo"[227]. O Diario de Lugo comenta a información na edición do día 14, sen poder confirmar a súa autenticidade nin determinar a súa procedencia[228].

El Imparcial publica o día 16 un amplo artigo sobre a mesma cuestión do incumprimento do real decreto, que reproduce o *Diario de Lugo* na súa edición do día 22[229], co engadido do agradecemento "á mucha de la prensa madrileña" polo apoio mostrado, destacando o labor levado a cabo polos xornais *La Patria*, *El Acta* e *El Mundo Político*.

Remata o mes con outro extenso editorial do *Diario de Lugo* no que unha vez máis se enumeran os pasos levados a cabo en todo o proceso do real decreto ata o momento presente[230]. Laméntase e pon como exemplo da decepción que a situación produce, a realidade das obras do tramo ferroviario entre Vilar de María e Sarria, no que unicamente se dá traballo a 70 braceiros.

No plano da actividade política e parlamentaria, o intento frustrado de rexicidio sufrido por Alfonso XII o 30 de decembro significa un entorpecemento máis nas xa de por si lentas e pouco resolutivas xestións levadas a cabo neste ámbito.polos representantes electos.

O feito de que o autor do rexicidio frustrado tivese nacido en Lindín, parroquia de Mondoñedo, orixinou unha importante actividade da clase política da provincia. Concellos, Deputación e representantes electos en Madrid levan a cabo toda clase de xestións e actos de desagravio[231].

O día 3 de xaneiro, unha comisión de senadores e deputados pola provincia entrevístanse co monarca e transmítelle a inmensa pena que senten a causa de "la accion llevada á cabo por un hijo de aquella provincia"[232].

Na sesión do Senado do día 14, aínda sen facer mención expresa ó decreto do 23 de setembro, interpélase ó ministro de Fomento para que dea impulso ás obras públicas xa iniciadas, como forma de levar recursos e medios de subsistencia que conteñan a miseria e eviten a emigración.

A resposta do ministro de Fomento, na mesma sesión, abre aínda máis a incerteza e indecisión cando afirma que o Ministerio baralla dúas alternativas para afrontar o problema. A obvia, e a única considerada ata este momento, de activar e desenrolar as

---

[227] *La Correspondencia de España*, 9 de xaneiro 1880.

[228] *Diario de Lugo*, nº 982, 14 de xaneiro 1880, p. 1.

[229] *El Imparcial*, 16 de enero 1880, p. 2, e *Diario de Lugo*, nº 989, 22 de xaneiro 1880, p. 1.

[230] *Diario de Lugo*, nº 997, 31 de xaneiro 1880, p. 1.

[231] O acusado de atentar contra o rey, Francisco Otero Gonzalez, nacera na parroquia de Lindín, no concello de Mondoñedo, en 1860. Non constaba que tivera filiación política algunha e si signos de desequilibrio síquico. CONSEGLIERI, Ana e VILLASANTE, Olga. Un regicida frustrado: la imbecilidad de Otero, según Esquerdo. *Frenia. Revista de Historia de la Psiquiatría*, 2007, Vol. 7, Nº 1, pp. 283-310.

[232] *La Correspondencia de España*, 4 de xaneiro 1880, p. 4.

obras do Ferrocarril do Noroeste e a ata daquela descoñecida de "trasladar las familias afectadas á otros puntos de la Península"[233].

O *Diario de Lugo* comenta a sesión plenaria na edición do día 27, reivindicando a opción da reactivación das obras ferroviarias fronte ó traslado da poboación afectada, e reproducindo un comentario de *El Lerez* de Pontevedra no mesmo sentido[234].

Un factor importante que desviou nestes momentos a atención da prensa sobre a crise e que o seguirá facendo de maneira importante durante o mes de febreiro é a cuestión da adxudicación da explotación da liña férrea do Noroeste a unha empresa francesa, en detrimento de outras propostas defendidas por outros grupos de presión e económicos e que desembocou en enfrontamentos entre xornais defensores de uns e outros.

4.12. Febreiro. Continúan as xestións infrutuosas

Transcorridas case as dúas primeiras semanas sen que nada sobre a cuestión da crise transcendese, ben fose pola axitación que na prensa provoca a concesión da explotación do tren que uniría a Galicia coa meseta ou polo cansazo e desánimo que a falta de logro algún nas xestións levadas a cabo ata o momento xerara, non é ata mediados de mes que se manifesta algún movemento neste sentido.

A comisión de senadores e deputados pola provincia de Lugo creada no mes de novembro entrevístase co ministro de Fomento "acerca del triste estado de calamidades y miseria en que se encuentra nuestra provincia"[235].

A entrevista, ó contrario do sucedido coa mantida pola comisión de similar composición co rei, con motivo do atentado, non tivo transcendencia algunha na prensa de Madrid e os resultados da mesma foron, ademais, totalmente nulos. O Goberno nada pode facer neste momento e só se compromete cos representantes da provincia a que se leven a cabo as poxas para a construción das carreteiras de Chantada e Quiroga no exercicio económico vindeiro, que comeza a partir de xullo. A recensión do *Diario de Lugo* conclúe de maneira expresiva: "Entre tanto, como dicen nuestros paisanos; o que non ten pan, xa cenou".

Esgotadas as esperanzas para lograr a libre introdución de cereais suprimindo os impostos ós de procedencia estranxeira e levándose a cabo xa moitas importacións pagando e repercutindo no prezo final os aranceis que lles corresponden, xurde unha iniciativa similar, pero neste caso referida á importación de patacas.

A primeira iniciativa deste tipo lévaa a cabo a Deputación Provincial da Coruña, elevando ó Goberno central un escrito solicitando "la libre introducción de la patata extranjera, ó al menos una rebaja en los derechos de importación"[236]. O prezo e a escaseza nos mercados é o motivo da proposta, e o *Diario de Lugo*, considerando que a pataca é "el segundo pan" na provincia, incita á Deputación de Lugo a que "a la mayor brevedad posible" tome un acordo igual.

[233] *El Imparcial*, nº 1009, 15 de xaneiro 1880, p. 2. Extracto da sesión do senado do día 14 de xaneiro.

[234] *Diario de Lugo*, nº 993, 27 de xaneiro 1880, p. 1.

[235] *Diario de Lugo*, nº 1006, 12 de febreiro 1880, p. 1.

[236] *Diario de Lugo*, nº 1007, 13 de febreiro 1880, p. 2.

O emprazamento á Deputación de Lugo repítese na edición do día 21 nun extenso editorial na primeira páxina baixo o título de "La libre introducción de la patata"[237].

Explica en primeiro lugar que a orixe do problema está en que sen ter sido a colleita de patacas do 1879 mala, o feito de que estas podreceran debido a unha enfermidade, orixinara a súa escaseza e carestía, precisamente nun momento no que tan necesario sería que suplisen, cando menos en parte, a case total perda da colleita de cereais. Esta circunstancia, unida ó fracaso das xestións para obter a libre introdución de cereais e fariñas a causa da negativa do Goberno, que houbera feito abaratar os prezos e rompería as estratexias comerciais dos acaparadores e latifundistas, fai que a situación dos labradores sexa desesperada polo elevado prezo a que teñen que pagar para alimentarse non só o centeo senón tamén as patacas, oprimidos ademais polo fisco, que inexorablemente esixe o pago dos tributos.

Chegados a esta grave situación, da que non se atopa saída, pois nin a alternativa das obras públicas dá a máis mínima esperanza de axuda, é necesario, cando menos, intentar conseguir a axuda que puidera aportar a libre importación para a pataca, e para elo sería importante o paso previo da implicación e mobilización das corporacións, especialmente a provincial.

As incitacións do *Diario de Lugo* para que a Deputación de Lugo, seguindo a iniciativa levada a cabo pola da Coruña, se manifestase a través dun acordo plenario dirixido ó Goberno central, non dan resultado. A Deputación nin sequera celebra reunións plenarias durante estes meses[238].

Con todo, e a pesar de non contar coa implicación cando menos da totalidade das corporacións provinciais, o día 19, na sesión plenaria do Congreso debátese a cuestión a través da iniciativa dos deputados pola provincia de Lugo, Gonzalez Villarino e, especialmente, Cándido Martinez, quen tomando como punto de partida a solicitude feita pola Deputación da Coruña e a realidade de que en Galicia "la miseria ha llegado á ser aterradora"[239], demanda do ministro de Facenda se dea curso a esta demanda urxente, a libre descarga de patacas do estranxeiro nos portos de Galicia.

A intervención de Gonzalez Villarino, menos relevante por limitarse a actuar de apoio á do deputado por Mondoñedo Cándido Martínez, toca un aspecto importante como é o da discriminación que sufre Galicia, non xa nas circunstancias normais senón incluso nas dramáticas que se viven nese momento, lamentándose de que "mientras se acude justamente á socorrer á otras provincias, para las de Galicia solo haya palabras y ofrecimientos, cuando son las mas necesitadas y las mas pobres de España"[240]. O minis-

[237] *Diario de Lugo*, nº 1014, 21 de febreiro 1880, p. 1.

[238] A última sesión plenaria de 1879 ten lugar o 27 de decembro e a primeira de 1880 non ten lugar ata o día 28 de abril. ADPL, Actas dos anos 1879 e 1880, Sig. 3975/3 e 3976/1.

[239] *El Imparcial*, 20 de febreiro 1880, p. 2. "Congreso. Extracto de la sesión del dia 19 de febrero de 1880". As recensións e extractos da sesión parlamentaria aparecen en case todos os xornais de Madrid do día seguinte:

La Discusion, 20 de febreiro 1880, p. 2-3.

La Época, 20 de febreiro 1880, p. 1 e 4.

La Iberia, 20 de febreiro 1880, p. 2.

El Liberal, 20 de febreiro 1880, p. 2.

El Globo, 20 de febreiro 1880, p. 2.

[240] *El Imparcial*, 20 de febreiro 1880, p. 2.

tro de Facenda, que tantas veces rexeitara a rebaixa dos aranceis ós cereais, resposta unha vez máis de maneira non demasiado esperanzadora e nada comprometida, que examinaría a solicitude e ditaría unha resolución "que armonice los varios y complicados intereses que hay en este asunto"[241].

A intervención no Congreso dos deputados e as posteriores referencias xornalísticas reactivan a cuestión na prensa de Madrid ata o punto de xerar algunha polémica entre xornais. Os reproches ó Goberno conservador feitos por *El Imparcial*[242] son respostadas en *La Época*[243], rexeitando esa responsabilidade gobernamental, aínda recoñecendo a gravidade da situación vivida en Galicia, e afirmando que o Goberno procuraría atender cos seus medios e facultades ó auxilio daquela rexión, "ya con obras públicas, ya con procedimientos indirectos".

A actitude de defensa do Goberno, xa sen citar a *El Imparcial* nin atacalo directamente, maniféstase tamén no artigo *El estado de Galicia* publicado ó día seguinte[244]. É evidente que a adscrición ideolóxica ou partidista dos diferentes xornais inflúe no enfoque que do mesmo problema teñen uns e outros á hora de responsabilizar ou desculpar ó Goberno. A crise de subsistencia non se librou de verse inmersa na loita política e a confrontación partidista.

A intervención no Congreso acada unha importancia aínda maior na prensa galega nos días posteriores. O *Diario de Lugo* reproduce de maneira íntegra as intervencións dos deputados da provincia e dedica un extenso editorial na primeira páxina a enxalzar a figura do deputado por Mondoñedo, a pesar da diferenza ideolóxica que os separa[245].

Prodúcese por estas datas un episodio que abarca ó campo xornalístico, no que se orixina, e ó político, cara o que deriva. *La Gaceta de Galicia* de Santiago de Compostela publica a finais de xaneiro un extenso editorial titulado "Ahora o nunca"[246] no que fai un detallado recorrido polos distintas circunstancias que levaron a Galicia á situación dramática que se vive nese momento, dirixíndose ó presidente do Goberno, Cánovas del Castillo, en demanda de apoio para que interveña en axuda das dúas reivindicacións en marcha nese momento: a exención ou redución do imposto á importación de cereais para Galicia, cuxa medida "no arrogaria el menor perjuicio á la produccion nacional de cereales, que ha sido por lo general deficiente en el pasado año y dificil de traer á Galicia por la falta de vias de comunicación" e o incremento e desenrolo das obras públicas "para remediar inmediatamente las apremiantes necesidades que ya se nos han venido encima".

Un exemplar do xornal santiagués contendo o extenso e detallado editorial foi enviado a Cánovas del Castillo acompañado de carta con data do día 26, que responde tamén en carta con data do día 30 de xaneiro e que se publica no xornal do día 13 de

[241] *La Época*, 20 de febreiro 1880, p. 2-3. "CONGRESO. 19 de Febrero".

[242] *El Imparcial*, 20 de febreiro 1880, p. 1. "EL HAMBRE EN GALICIA".

[243] *La Época*, 21 de febreiro 1880, p. 2.

[244] *La Época*, 22 de febreiro 1880, p. 2.

[245] *Diario de Lugo*, nº 1017, 25 de febreiro 1880, p. 1-2. Sección editorial:"VOTO DE GRACIAS", e p. 2-3. "CONGRESO,19 de Febrero".

[246] *Gaceta de Galicia*, nº 301, 24 de xaneiro 1880, pp. 1-2. Apéndice documental nº 21.

febreiro[247].En ela asegura estar preocupado pola situación das provincias galegas e cuxas angustias se propón que o Goberno atenda "en la medida que los recursos consientan."

Dunha maneira máis concreta propón, como forma de remedio máis apropiada, tendo en conta que estes males "necesitan auxilios prolongados", o desenrolo da execución das obras do ferrocarril do Noroeste, tantas veces xa prometidas, "por el gran número de hombres que en ella podrán ocuparse". Asegura a continuación a rapidez na adxudicación e que pronto afluirán a Galicia capitais e traballo suficientes "para sacarla del mal estar que ahora siente, y conseguir situacion próspera y desahogada".

Posiblemente Cánovas descoñecía no momento de redactar a carta, ou o descoñecía quen lla redactase, que a proposta de activar as obras do ferrocarril do Noroeste como forma de remedio xa fora tida en conta para a aprobación do real decreto do 23 de setembro de 1879, que permanecía paralizado sen chegar a executarse nos camiños burocráticos entre a administración e a empresa adxudicataria.

O *Diario de Lugo*, no comentario que sigue á publicación da carta e despois de valorar positivamente a atención de contestar, afirma que hai xa "un almacén de buenas palabras y de inmejorables propósitos", pero que o que fan falla son feitos: "Diputados y senadores: corporaciones y ministros, todos prometen, todos han de hacer. Entre tanto, sigue su curso la procesion". Só ó final manifesta un indicio de esperanza: "¡Ojalá en esta ocasion, suceda lo contrario!" [248].

Por outra parte, as importacións de cereais, sen exención nin redución de impostos de clase algunha, continúan levándose a cabo. O almacenista Fernández Dominguez anuncia nestes días que espera "el desembarco de pedidos de gran consideracion"[249].

Sobre a transcendencia que estas importacións, levadas a cabo aínda pagando a totalidade das cargas impositivas, tiveron para frear a escalada de prezos que se viña producindo durante todo este tempo nos cereais, e especialmente no centeo, nas feiras e mercados, trátase no editorial "SUBSISTENCIAS", publicado tamén nestes días polo *Diario de Lugo*[250], no que se afirma que de non terse levado a cabo "el centeno llegaria á venderse á ciento setenta reales fanega, y así en proporcion la cebada y el trigo". É tan grande a desesperación e gravidade da situación, que da consideración de beneficiados para os importadores se pasa á de benfeitores que axudaron ás xentes a sobrevivir.

4.13. Marzo. Desacougo e frustración

Ningún cambio distinto ó que se produce no calendario marca diferenza algunha entre un e outro mes. A falta de noticias que impliquen un cambio real nas condicións da crise continúa sendo a tónica dos días. O *Diario de Lugo*[251] resume nun novo e extenso editorial o desacougo e frustración en que se sinte somerxido calquera observador preocupado pola realidade ó ver e ler o acontecido ata o momento, e a realidade que, lonxe de mellorar, empeora por momentos. Despois de dar resposta á pregunta que se

[247] *Gaceta de Galicia*, nº 316, 13 de febreiro 1880, p. 1. A carta foi reproducida no *Diario de Lugo*, nº 1010, 17 de febreiro 1880, p. 1-2. Apéndice documental nº 22.

[248] *Diario de Lugo*, nº 1010, 17 de febreiro 1880, pp. 1-2.

[249] *Diario de Lugo*, nº 1016, 24 de febreiro 1880, p. 1. Tamén números seguintes.

[250] *Diario de Lugo*, nº 1019, 27 de febreiro 1880, p. 1.

[251] *Diario de Lugo*, nº 1022, 2 de marzo 1880, p. 1. "SUBSISTENCIAS". Apéndice documental nº 23.

fai de por qué a miseria é "completa y absoluta en muchos distritos de esta provincia y aterradora en las restantes?", que resume na combinación das anomalías climáticas que destruíron as colleitas e o fisco, "implacable" aplicando os impostos que cualifica de "exhorbitantes", enumera os fracasos lexislativos que ata o momento impediran poñer remedio algún a tan dramática situación: O fracaso da activación das obras públicas e a non autorización da libre importación para os cereais.

Da crueza e gravidade da situación que se vive nas aldeas apunta que unicamente se coñece unha parte, a máis visible, mentres que outra permanece descoñecida e oculta, o que lle fai exclamar que "¡Cuán léjos estamos de figurarnos la exacta situacion de la poblacion rural!". A realidade irá mostrando o acertado da observación nos seguintes meses, a medida que esa parte oculta se vaia facendo visible de maneira alarmante.

Dáse conta nestes días da marcha para Madrid do senador vitalicio conde de Pallares. A nota de despedida no Diario de Lugo tamén ten carácter premonitorio cando desexa que a súa presenza na alta cámara sexa fecunda en resultados para Galicia, "y de esta provincia que hoy más que nunca necesita el apoyo de sus hijos leales"[252].

Das xestións sobre a exención de impostos para a importación de patacas para Galicia circula a noticia extraoficial de que o ministro de Facenda informara favorablemente ó de Fomento nos trámites para habilitar á aduana do porto da Coruña para aplicar a exención de impostos, esperándose a resolución favorable dos trámites en pouco tempo[253]. As fontes da noticia reveláronse fidedignas e, efectivamente, poucos días máis tarde transcende que as aduanas dos portos de A Coruña e Ferrol foran autorizadas oficialmente para as descargas procedentes "de puntos no infestados"[254].

A relativamente sinxela tramitación da libre importación de pataca contrasta de maneira moi evidente coa resistencia pertinaz durante meses a facer o mesmo no caso dos cereais, evidenciado na obcecación e atrincheiramento do ministro de Facenda, resistindo incluso as presións dentro do propio Goberno. A diferenza entre como se resolveron un e outro proceso confirma unha vez máis a defensa ata as últimas consecuencias que se fixo nesta cuestión dos intereses dos latifundistas e negociantes, que utilizarían todos os mecanismos de presión para que isto fose así.

Con todo, as descargas de cereais do estranxeiro e a súa venta, pagando todos os impostos que lles correspondían, continuarán a bo ritmo. O almacenista Fernández Dominguez anuncia que "se han recibido los pedidos que se estaban esperando"[255], mentres que outro, H. Pina, con almacén en Rábade, anuncia na mesma páxina que está a punto de recibir 600 fanegas de centeo e que se encontra disposto a negociar a adquisición de 400 máis "para atenuar en lo posible las difíciles circunstancias que afligen al pais". Anuncia tamén que abrirá depósitos nos primeiros días de abril en Lugo e a Pobra de San Xiao[256].

O incremento no número de almacéns e depósitos indica o grao de efervescencia existente en torno ós cereais neste momento e o elevado enriquecemento que para algúns se está producindo.

---

[252] *Diario de Lugo*, nº 1023, 3 de marzo 1880, p. 2.

[253] *Diario de Lugo*, nº 1027, 7 de marzo 1880, p. 1.

[254] *Diario de Lugo*, nº 1035, 17 de marzo 1880, p. 2.

[255] *Diario de Lugo*, nº 1037, 19 de marzo 1880, p. 1.

[256] *Diario de Lugo*, nº 1043, 27 de marzo 1880, p. 1.

A pesar das descargas continuas, os prezos dos cereais nas feiras e mercados non descenden e unicamente impiden que alcancen prezos aínda máis elevados: "No obstante los almacenes de granos y harinas que surten al consumidor en esta capital, continúan sosteniéndose firmes los elevados precios de los mercados"[257].

Sobre o estado real das xentes nas aldeas nestes momentos, ofrécennos información algunhas cartas publicadas en algún xornal. Aínda que o desánimo e a falta de esperanza fai que o seu número diminúa notablemente, esporadicamente publícase algunha. O *Diario de Lugo* reproduce parte dunha, escrita desde Mondoñedo, que non deixa lugar a dúbidas sobre a evolución da situación en aquel concello, no que "la miseria se deja sentir cada dia más". A cobiza dos que denomina "magnates faneguinos" fai que continúen acaparadas importantes cantidades de gran nas tullas "hasta tanto que el trigo no llegue á tomar el precio que ellos desean"[258].

A *Gaceta de Galicia*[259] de Santiago de Compostela publica unha carta similar, enviada desde Sobrado, que tampouco ofrece dúbidas sobre a situación dramática que tamén se vive alí:

> ¡El hambre! asuela estas montañas. ¡El hambre! se cierne por encima de las familias, que jamas la sintieron;y las que despues de vender todo lo que tenian, de empeñar las mezquinas cosechas á usureros implacables, resisten como mártires hasta el último estremo, porque tienen vergüenza de pedir una limosna y porque no pueden dejar los campos ni los ganados abandonados á sus parceros.[260]

Os editoriais dos xornais transmiten cada vez dunha maneira máis evidente a sensación de falta de esperanza en lograr respostas efectivas á cada vez máis grave situación. O *Diario de Lugo*[261], nun novo e desesperanzado editorial négase a claudicar, aínda recoñecendo a ineficacia de canto se leva feito, afirmando que:

> Es en valde cuanto se haga para conseguir que la atencion del Gobierno se fije en el estado de nuestro país. No podemos quejarnos ahora de nuestros colegas de Madrid: la situacion de Galicia les ha inspirado sentidas quejas, tan estériles como las nuestras.[262]

E resume, unha vez máis, os atrancos que impiden algunha saída efectiva á situación:

> El ministro de Fomento no dispone de recursos para impulsar las obras públicas hasta que se vote el presupuesto del próximo ejercicio; el de Hacienda no puede perdonar contribucion alguna, aunque su negativa arruine para siempre al contribuyente; para el de Gobernacion, las catástrofes que acontecen en Galicia, por más que arrasen los campos y suman en la ruina á millones de familias, no son calamidades públicas.[263]

A actitude dos xornais en canto ó número de artigos, editoriais e noticias publicados e á súa extensión, diminúe a causa da esterilidade do empeño desenrolado que

[257] *Diario de Lugo*, nº 1033, 14 de marzo 1880, p. 1.

[258] *Diario de Lugo*, nº 1027, 7 de marzo 1880, p 1. O fragmento da carta desde Mondoñedo reproducido, foi tomado do publicado por un "estimado colega", do que non cita a cabeceira.

[259] *Gaceta de Galicia*, 10 de marzo 1880, p. 1.

[260] *Gaceta de Galicia*, 10 de marzo 1880, p. 1.

[261] *Diario de Lugo*, nº 1032, 13 de marzo 1880, p. 1. "El hambre en Galicia".

[262] *Diario de Lugo*, nº 1032, 13 de marzo 1880, p. 1. "El hambre en Galicia".

[263] *Diario de Lugo*, nº 1032, 13 de marzo 1880, p. 1. "El hambre en Galicia".

apunta o *Diario de Lugo* de maneira clara. *El Siglo Futuro*[264] de Madrid comenta as noticias que saen na prensa de Galicia e outros xornais copian del de maneira rutineira.

Son os xornais galegos, aguilloados pola proximidade ó drama, e especialmente o *Diario de Lugo*, máis premido aínda pola que xa é unha presenza física crúa nas rúas da cidade, os que desenrolan unha actividade máis intensa.

O día 30, xa rematando o mes, un novo e extenso editorial do Diario de Lugo[265] pinta con cores aínda máis crúas a paisaxe de moitas aldeas da provincia:

> Amigos nuestros que acaban de hacer un viaje por la provincia nos dicen que los caminos presentan un espectáculo desconsolador, tan considerable es el número de desdichados labriegos que privados de todo sustento imploran la caridad pública. Aflije y aterra ver las mujeres escuálidas con sus hambrientos hijos en los brazos, revelando en su angustiado aspecto y en su vaga mirada la horrible miseria de que son víctimas.[266]

4.14. Abril. A invasión de famentos en vilas e cidades

O mes de abril é un momento clave na evolución da crise. Os efectos visibles comezan a manifestarse de maneira alarmante co incremento do número de persoas famentas que acoden a vilas e cidades próximas ás zonas máis afectadas. Esta presenza física diante dos ollos dos que só tiñan referencias verbais ou escritas do que sucedía nas aldeas, vai desencadear unha serie de acontecementos de vital importancia en todo o proceso nos vindeiros meses de maio, xuño e primeiras semanas de xullo.

La Ilustracion Gallega y Asturiana[267] comenta a situación en algunhas zonas da provincia de Lugo, que xa empeza a ser destacada como máis dramática dentro da xa de por si dramática de Galicia en xeral:

> Son desconsoladoras las noticias que nos comunican de Lugo. Tanto en Otero de Rey como en el partido judicial de Villalba, el hambre con todos sus horrores reina en absoluto en aquellas infortunadas comarcas.[268]

Resalta o agravamento da situación que supón a coincidencia da crise cun período de falta de exportacións de gando vacún, que obriga ós campesiños a caer nas mans da usura.

A caída das importacións de gando, especialmente a Inglaterra, foi un factor agravante da crise. A posibilidade de recorrer á venda das vacas na feira para poder comprar pan, viuse imposibilitada pola caída dos prezos e a falta de demanda. Os estudos sobre esta cuestión nestes anos confirman esta caída nas exportacións e nos prezos da carne de vaca[269].

---

[264] *El Siglo Futuro*, 22 de marzo 1880, p. 3. Este mesmo artigo aparece reproducido integramente en *La Iberia*, 23 de marzo 1880, p. 3 e fragmentariamente en *La Union*, 23de marzo 1880, p. 1.

[265] *Diario de Lugo*, nº 1045, 30 de marzo 1880, p. 1. "SITUACION DEL PAIS". Apéndice documental nº 24.

[266] *Diario de Lugo*, nº 1045, 30 de marzo 1880, p. 1. "SITUACION DEL PAIS". Apéndice documental nº 24.

[267] *La Ilustracion Gallega y Asturana*, nº 10, 8 de abril 1880, p. 10-11. Apéndice documental nº 25.

[268] *La Ilustracion Gallega y Asturana*, nº 10, 8 de abril 1880, p. 10-11. Apéndice documental nº 25.

[269] GARCÍA-LOMBARDERO E VIÑAS, Xaime. Evidencias dunha crise agraria en Galicia: Precios e exportación de gando a remates do século XIX. En: *Revista galega de estudios agrarios*, nº 1, 1979. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Xunta de Galicia, 1979, pp. 53-68.

Chama a atención a consciencia do momento clave que se está a vivir no longo proceso da crise:

> Dias de prueba son los actuales para la provincia de Lugo, que experimenta como ninguna las consecuencias de la pérdida de las cosechas del pasado año; [270]

Resalta ademais o carácter de evitable das consecuencias da crise, cando menos en boa parte, o afirmar que:

> (...) con una poca prevision y alguna más caridad, ya que no se hubieran evitado por completo, serian ménos y más soportables, sin duda alguna, las desgracias que afligen á aquellos infelices montañeses.[271]

O artigo é citado uns días máis tarde polo *Diario de Lugo*[272] nun novo e extenso editorial, comentando algúns parágrafos, en especial o que se refire ó carácter evitable da traxedia, afirmando que:

> (...)si cuando la prensa gallega dió la voz de alarma y previno al Gobierno lo que iba á suceder, estas reclamaciones se hubieran atendido, no ubiera llegado la situacion de la poblacion rural al desesperado extremo que ofrece actualmente.[273]

Recorda ademais o vaticinio feito con moita anticipación desde esas mesmas páxinas:

> Hace próximamente un año nosotros lo dijimos y hemos tenido la triste suerte de no equivocarnos: dijimos que no tardaria el momento en que los hambrientos y estenuados labradores invadiesen las ciudades y vagasen por los caminos implorando la caridad pública[274].
>
> Así sucede hoy: los caminos están inundados de infelices: los pueblos invadidos de miserables.
>
> El aspecto que presenta la capital por cuyas calles circulan en grupos numerosos las madres con sus hijos, es el aspecto de todos los pueblos de esta provincia. [275]

Resalta que, como consecuencia das adquisicións dos almacenistas, o problema non é actualmente de falta de existencias senón de incapacidade económica dos labradores para adquirilas, empobrecidos e con dificultades para pagar as contribucións.

Remata o editorial cunha incitación máis a que os representantes da provincia no Congreso e Senado se mobilicen, tomando como base reivindicativa a memoria que fai meses enviara o gobernador da provincia ó ministro de Fomento expoñendo a situación e cuantificando as necesidades[276].

---

[270] *La Ilustracion Gallega y Asturana*, nº 10, 8 de abril 1880, p. 10-11. Apéndice documental nº 25.

[271] *La Ilustracion Gallega y Asturana*, nº 10, 8 de abril 1880, p. 10-11. Apéndice documental nº 25.

[272] *Diario de Lugo*, nº 1058, 15 de abril 1880, p. 1. "Lo que hace falta". Apéndice documental nº 26.

[273] *Diario de Lugo*, nº 1058, 15 de abril 1880, p. 1. "Lo que hace falta". Apéndice documental nº 26.

[274] Refírese ó publicado no *Diario de Lugo*, nº 722, 1 de marzo 1879, p. 1. "Realidades". "Y adelantando un poco en conjeturas es probable que dentro de poco las poblaciones se vean inundadas de infelices á quienes tales contingencias dejan sumidos en la miseria, y sin más medio de sustento que la caridad pública."

[275] *Diario de Lugo*, nº 1058, 15 de abril 1880, p. 1. "Lo que hace falta". Apéndice documental nº 26.

[276] A memoria á que se fai referencia, fora enviada polo gobernador da provincia en outubro ou primeiros días de novembro ó ministerio de Fomento. Nela, despois de describir o estado en que se encontra a provincia a causa da crise, enumera as carencias nese momento e fai unha estimación das cantidades de cereal que serían precisas para garantir a subsistencia da poboación nos meses vindeiros.Hai referencias de prensa a ela: *Diario de Lugo*, nº 931, 9 de novembro 1879, p. 1.

O novo intento pola vía parlamentaria suxerido ten lugar o día 17 coa interpelación no Congreso ó ministro de Fomento polo deputado por Lugo José M. Pardo Montenegro.

Parte dun resumo da situación referido non a Galicia en xeral senón á provincia de Lugo en particular, seguindo a estratexia que iniciara a comisión de representantes da provincia de centrar en ela as demandas e reivindicacións, desligándose das demandas para toda Galicia que seguía a comisión de representantes galegos[277]:

> El estado de miseria en que hoy se encuentra la provincia de Lugo á causa de la escasez de cosechas en el último año, es indescriptible, excede á toda ponderacion, especialmente en la parte que se conoce con el nombre de la Montaña, donde el labrador ni siquiera recolectó la simiente que depositó en la tierra. En cartas que diariamente recibo de la circunscripcion de Lugo, por la que tengo la honra de ser diputado, me dicen que los cereales, importados casi todos del extrajero, alcanzan allí precios fabulosos; que los ganados, que eran la principal industria del país, ni se venden, ni tienen precio, por falta de exportacion; que de aquellos infelices y sufridos labradores los que tienen algunas propiedades las venden á precios insignificantes para comprar un pedazo de pan, siquiera sea este malo y negro, puesto que es de cebada, y que los que tienen propiedad alguna, como les pasa á los simples colonos, que son los más, se ven obligados muchos de ellos á demandar la caridad pública para no morirse de hambre, resultando de aquí que las enfermedades y defunciones aumenten de dia en dia.[278]

Solicita do ministro unicamente que, sendo consciente por anteriores xestións de que o presuposto vixente para obras públicas no exercicio económico de 1879-80 estaba esgotado, se lle dera preferencia ás obras aprobadas cando entrara en vigor, o de 1880-81.

A resposta á interpelación, que non fora feita exclusivamente por este tema senón como complemento a outra relacionada coa construción da ponte dos Peares, entre Pobra de Brollón e Monforte ("Y ya que estoy de pié, no quiero dejar de dirigir un segundo ruego al señor ministro de Fomento"), é breve, pero, se fose certa, esperanzadora:

> la situacion de aquel país cambiará muy pronto, porque en esta misma semana habrá obras de importancia que ocuparán muchos braceros en aquella provincia.[279]

A consciencia e convicción de que Galicia non contara coa consideración que debera na cuestión da crise aparece con frecuencia nas crónicas xornalísticas e nalgúns discursos parlamentarios, pero case sempre sen superar o ámbito da lamentación. O *Faro de Vigo* publica neses días un editorial que ten xa un carácter de reproche e que fai seu tamén o *Diario de Lugo*[280] baixo o expresivo título de "*¡Justicia!"*:

> Galicia tuvo la desgracia de sentar sus reales en un apartado rincon de la península, a cien leguas de esa gran esponja que se llama Madrid, distancia suficiente para que se extingan por completo los ecos de treinta publicaciones que se consagran á defender los intereses de la region. [281]

Censura despois abertamente:

---

[277] O texto da interpelación e a resposta do ministro de Fomento son reproducidos integramente no *Diario de Lugo*, nº 1065, 23 de abril 1880, p. 2, e comentado no nº 1063, 21 de abril 1880, pp. 1-2 e en *La Época*, 18 de abril 1880, p. 1.

[278] *Diario de Lugo*, nº 1065, 23 de abril 1880, p. 2.

[279] *Diario de Lugo*, nº 1065, 23 de abril 1880, p. 2.

[280] *Diario de Lugo*, nº 1065, 23 de abril 1880, p. 1.

[281] *Diario de Lugo*, nº 1065, 23 de abril 1880, p. 1.

> Solo una vez hemos elevado nuestra sentida queja al Gobierno, cuando nuestros campos nos han negado el pan, pidiendo la condonacion de un semestre de contribucion, y no tuvimos la suerte de ser oidos, solo una vez Galicia llamó á las puertas de la proteccion y fué desairada.[282]

A imaxe dos campesiños que angustiados pola fame se alimentan de herbas tivo desde o primeiro momento da crise gran difusión entre os xornais de Madrid. Igualmente nestes días a noticia recollida polo *Diario de Ferrol* acerca dun abade que sorprende a un campesiño roubando nun dos seus prados a herba que, cociñada con sal e algo de fariña, constituía o alimento da súa familia, circula de uns a outros xornais[283].

A cuestión das herbas consumidas como alimento durante a crise polas xentes apremadas pola fame suscita algunhas preguntas. A máis importante ten que ver co tipo e variedade das plantas escollidas como alimento. Aínda que das noticias e testemuñas conservados puidera deducirse que eran consumidas indiscriminadamente, isto seguramente non era así, e as plantas consumidas correspondían con variedades e especies moi concretas. A terminoloxía popular referida ó termo "herba da fame" ofrece pistas bastante ilustrativas sobre este aspecto. As leguminosas pertencentes á familia *vicia* aparecen entre as documentadas con con ese nome de "herba da fame" [284].

Nun ton máis rigoroso e menos sensacionalista, *La Iberia* de Madrid publica un artigo de certa extensión na primeira páxina baixo o titular "Situacion de Galicia"[285] no que, unha vez máis e dunha maneira que comeza a resultar excesivamente reiterativa, se pinta o irresoluto panorama:

> Las provincias gallegas estan siendo víctimas de una miseria espantosa que va sembrando el luto y la desolacion por aquel honrado, pacífico y laborioso vecindario. Empezó la provincia de Lugo dando claras y evidentes muestras de que el mal tenia profundas raices, y como si la region gallega estuviese preparada con mano hábil para sufrir el azote del hambre, ésta fué estendiéndose á las cuatro provincias de igual suerte que el incendio se comunica por una superficie de pólvora. [286]

Expón o pesadume que causan as noticias que chegan "de aquel país", especialmente as que se refiren ós veciños das parroquias que "abandonan sus hogares en todas direcciones, huyendo de una muerte segura, porque el país se halla completamente agotado". Transcribe finalmente un texto publicado orixinariamente na *Gaceta de Galicia* de Santiago de Compostela sobre a imposibilidade dos labregos nas circunstancias do momento de facer fronte ás contribucións do Goberno central.

As consecuencias da crise no centro e sur da provincia da Coruña empuxa a un grupo de cidadáns influentes de Santiago de Compostela, co apoio do xornal *El Porvenir* de aquela cidade, a organizar unha colecta co fin de socorrer ós labradores das comarcas máis afectadas. Dirixen con este fin cartas ós xornais de dentro e fora de Galicia expoñendo a situación e pedindo axuda[287].

---

[282] *Diario de Lugo*, nº 1065, 23 de abril 1880, p. 1.

[283] O *Diario de Lugo* a comenta baixo o título Un drama, no nº 1052, 8 de abril 1880, p. 1, e *La Época* o 17 de abril 1880, p .3.

[284] GARCÍA MARTÍNEZ, Xosé Ramón. Guía das plantas de Galicia. Vigo (Pontevedra): Edicións Xerais de Galicia, 2008, 2ª edición, pp. 188, 189 e 190.

[285] *La Iberia*, 6 de abril 1880, p. 1.

[286] *La Iberia*, 6 de abril 1880, p. 1.

[287] O *Diario de Lugo* reproduce a carta integramente e comenta o contido, nº 1069, 28 de abril 1880, p. 1. *El Imparcial* publica un breve solto, 27 de abril 1880, p. 3, que á súa vez aparece copiado ó día seguinte en *Siglo Futuro*, 28 de abril 1880, p. 3.

> La precaria situacion de los labradores en los distritos de Mesia, Sobrado, Vilasantar, Curtis, Toques, Boimorto, Mellid, Arzúa y Frades, que efecto de las malas cosechas y falta de valor en el ganado, se hallan hoy reducidos al triste dilema de, ó abandonar sus casas y tierras, ó morirse de hambre; han impulsado á los que suscriben á iniciar una suscricion con el fin de socorrerlos.[288]

O *Diario de Lugo* manifesta sentir non poder colaborar coa campaña que patrocina *El Porvenir,* diante da situación máis próxima que se vive na provincia de Lugo, da que recibe constantemente cartas expoñendo a dramática situación que por todas partes se vive e demandando unha axuda que non son capaces de atender:

> Bien sentimos no poder por nuestra parte cooperar á esa hermosa obra, cuya iniciacion es ya un título á la consideracion pública para los firmantes de la atenta circular; pero la situacion de la provincia de Lugo en general es aun más triste que la que denuncia la excitación precedente.
>
> Un año hace que en algunos distritos de esta provincia gran número de familias abandonaron sus miserables viviendas para implorar la caridad pública, y actualmente todas las comarcas sufren el mismo azote; en todos los distritos existe espantosa miseria, y la capital se vé invadida por desdichados, hasta el extremo de que el Municipio se está ocupando en buscar algun remedio de conjurar tan terrible crísis.
>
> Las cartas que diariamente recibimos acusan una calamidad general, y en esta situacion comprenderá muy bien la digna comision que esa carta nos dirige, que cuantos socorros aquí puedan arbitrarse todos serán escasos ante la importancia de las necesidades á que hay que atender.[289]

4.15. O último intento de lograr unha solución conxunta para Galicia

Sen que aparentemente teña relación, ou cando menos vinculación directa, cos plans do Concello a través da Xunta de Beneficencia, o día 5 de maio prodúcese unha nova intervención do conde de Pallares no Senado dirixida ó ministro de Fomento nun novo e, non sabemos ata que punto, desesperado intento por conseguir a reactivación das obras públicas que se viñan demandando desde facía meses para axudar a paliar os efectos da crise e que foran aprobadas en boa parte no Real decreto do 23 de setembro de 1879[290].

A reivindicación non se fai aínda motivada polo que sucede na cidade de Lugo, nin se enfoca sequera á provincia, senón que trata da situación xeral que se vive en Galicia, para a que trata de reivindicar a axuda.

Inicia a intervención cunha pormenorizada enumeración das obras públicas aprobadas xa, pero cuxa execución, por diferentes motivos, non se levara a cabo ou se encontraba paralizada.

Fai a continuación unha breve referencia ó estado actual de Galicia, remitíndose ás intervencións xa levadas a cabo tanto no Senado como no Congreso:

> Yo no voy a disertar largamente sobre el estado de las provincias de Galicia; cumplidamente lo hicieron en esta Cámara y en la otra los dignos representantes de aquel país: solo diré que hay en aquellas provincias centenares de familias que hasta ahora habian podido vivir con su trabajo y hoy vagan por los campos y las poblaciones implorando la caridad y encontrando, por la necesidad, cerradas puertas que siempre habian estado abiertas al menesteroso.[291]

---

[288] O *Diario de Lugo*, nº 1069, 28 de abril 1880, p. 1.

[289] O *Diario de Lugo*, nº 1069, 28 de abril 1880, p. 1.

[290] O texto íntegro da intervención e a resposta do ministro de Fomento foron reproducidos no *Diario de Lugo*, nº 1080, 12 de maio 1880, pp. 1-2. Apéndice documental nº 27.

[291] *Diario de Lugo*, nº 1080, 12 de maio 1880, pp. 1-2. Apéndice documental nº 27.

Leva a cabo unha comparación coa crise de subsistencia que tamén sufriu Galicia no ano 1853, recorrendo ós prezos acadados polo trigo e centeo en aquel momento e no actual para resaltar a maior gravidade da que se está padecendo en 1880, e recorda que naquela ocasión se aprobara un real decreto coa asignación de fondos para axuda directa dos máis necesitados[292].

Pinta coas cores máis tráxicas o panorama que se vive en Galicia, recorrendo á cuestión, poucas veces citada, das mortes que se están producindo a causa da fame, aportando o dato de que nos xulgados municipais do interior, os rexistros por defunción incrementárase nun 50% sobre os que normalmente se viñan rexistrando en outros anos considerados normais e compara incluso a mortalidade rexistrada a causa das inundacións ocorridas no Levante coa que non se coñece pero se está producindo en Galicia:

> Pues comparando las víctimas que en Galicia habrá en el fin del año antes de que se recoja la nueva cosecha con las de Levante, sin duda quintuplicará la cifra, con la diferencia de que los que allí murieron, todos sabemos sus nombres, porque muchos periódicos los han publicado, mientras que en las provincias de Galicia la mayor parte mueren fuera de su domicilio demandando la caridad y sin que lo sepa siquiera el sacerdote que los acompaña á la sepultura.[293]

A comparación en canto á consideración do Goberno cara os afectados polas inundacións e a indiferenza cara os que sofren a falta de alimentos en Galicia repítese noutro momento do discurso:

> Llama mucho más la atencion, y es naturalmente por la clase de catástrofe, lo que pasó en las provincias de Levante; pero tambien llama mucho la atencion el cuidado con que se acude á remediar aquellas desgracias, mientras que para las provincias de Galicia hasta la fecha no se ha tomado otra disposicion que la de librar de derechos á la introducción de la patata. [294]

Concreta as demandas ó Goberno en dúas liñas de actuación. En primeiro lugar a necesidade de acudir en auxilio dos afectados con axudas directas en forma de "recurso extraordinario", e en segundo lugar coa activación das obras públicas para paliar os efectos "despues de la urgencia del momento", dado que para paliar os efectos que xa se viven non basta "para esto con activar las obras públicas"[295].

A resposta do ministro de Fomento na mesma sesión do senado, en canto ó compromiso para adoptar medidas concretas, limítase á promesa de activar as obras do tramo ferroviario entre Monforte e Ourense e ó pronto anuncio da poxa para a construción da ponte dos Peares. Manifesta que o Goberno, que non ten apatía neste asunto, ocupouse da cuestión da falta de colleitas que afecta a España pero que é esta unha cuestión complexa na que "no podria atender á una zona, porque acaso hubiera inferido daño á otra zona, con la adopcion de medidas que no pueden ser generales", en posible referencia á cuestión da exención de aranceis á importación de cereais. Remata cunha promesa

---

[292] No ano 1853, a gran crise anterior á de 1880, o goberno central levara a cabo un socorro en metálico para os afectados e o financiamento de obras públicas co mesmo fin, dos que se encargou ós concellos. En Lugo a contía económica que se repartiu entre os necesitados do termo municipal acadara os 20.074 reais: AHPL. Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828-00, Leg. 699.

[293] *Diario de Lugo*, nº 1080, 12 de maio 1880, pp. 1-2. Apéndice documental nº 27.

[294] *Diario de Lugo*, nº 1080, 12 de maio 1880, pp. 1-2. Apéndice documental nº 27.

[295] A referencia á crise de 1853 en canto á forma de remediar este tipo de situacións é frecuente nos discursos do conde de Pallares. Efectivamente, o que reclama é que se poñan en practica as medidas tomadas naquel ano, consistentes no reparto de cantidades de diñeiro entre os máis necesitados para que puideran comprar alimentos e o financiamento de obras públicas que lles proporcionaran salarios. AHPL. Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828-00, Leg. 699: Año 1853. "Distribucion de 32.274 reales. 20.074 en socorro de pobres de las parroquias rurales y 12.200, para obras publicas. (…) facilitados para socorrer la miseria publica en el año ultimo de 1853".

vaga e claramente evasiva ó afirmar que no relativo a Galicia, "lo mismo que á las demás provincias de la Monarquía, ha hecho y hará todo cuanto sea compatible con el estado del Tesoro y lo que la ley de presupuestos dispone".

A contrarréplica do conde de Pallares á respostas do ministro de Fomento, esgotados os argumentos humanitarios, toca a cuestión da xustiza distributiva en función do recadado en Galicia en concepto de impostos polo Goberno central, fronte ó invertido nela. Diante das dificultades que o Ministerio de Fomento pon para destinar as 361.000 pesetas que supoñerían as obras do tramo de 17 km. da estrada comprendida entre Meixaboi e Ourense, pide que se faga unha comparativa entre o custo das obras financiadas nos últimos anos nas provincias de Lugo e Ourense e os 60 millóns de reais que por contribucións pagan as dúas provincias.

A intervención remata coa esperanza resignada de que as palabras da súa intervención teñan algún eco no vindeiro consello de ministros e, se teñen algún efecto, "sea bastante a tiempo para robar algunas víctimas á la miseria".

A intervención do conde de Pallares no Senado apenas ten eco na prensa de Madrid[296]. A pouca repercusión e practicamente nulos resultados do apoio prestado durante os meses anteriores parecen ter xerado a desmoralización en todos os ámbitos, incluída a prensa,

O Diario de Lugo[297], ademais da reprodución que fai da intervención no Senado, dedica, no mesmo número do día 12 de maio, o editorial da primeira páxina á cuestión, encomiando o novo intento do senador vitalicio e comentando algunha das cuestións esgrimidas na exposición, como o agravio comparativo coas inundacións do Levante:

> Una explosion de caridad estalló en la Península al ocurrir la catástrofe de Levante: el Gobierno estimuló por todos los medios la caridad pública para remediar las terribles consecuencias de un accidente imprevisto. Y en cambio no se preocupa de la suerte de dos millones y pico de habitantes, cuya desgracia no seria tan sensible si oportunamente y atendiendo previsoras indicaciones se hubiesen adoptado las prudentes medidas que las circunstancias aconsejaban. [298]

Critica a falta de concreción e compromiso do ministro de Fomento na súa resposta, diante da gravísima situación que se lle acaba de expoñer:

> A las ambigüedades del señor ministro de Fomento, que contesta por formulario y todo lo remite al mes de Julio (como si pudiera decirse al hambre *¡espera!*) contestó el señor conde de Pallares concretando aun más la cuestion, recordándole nuevamente la conducta del Gobierno en 1853, conducta que dista bastante de la que ahora se observa con el cada vez más desdichado y cada vez más paciente pueblo gallego. [299]

Esta será a última ocasión na que os deputados e senadores galegos formulen e intenten unha solución global para Galicia. A partir deste momento, as demandas e as medidas que se adopten terán carácter local e circunscribiranse fundamentalmente á cidade de Lugo e o seu termo municipal, motivado todo elo pola presión exercida unicamente pola presenza física e masiva de xentes famentas nas rúas da cidade. Outras localidades, como é o caso de Mondoñedo, en similares circunstancias, conseguirán algunha exigua axuda puntual da administración central, pero será fundamentalmente en

[296] *El Imparcial* unicamente cita a intervención no extracto da sesión que publica ó día seguinte, 6 de maio 1880, p. 2, e *La Iberia* fai o mesmo no que el publica. 6 de maio de 1880, p. 2.

[297] *Diario de Lugo*, nº 1080, 12 de maio 1880, p. 1, "UN APLAUSO MAS".

[298] *Diario de Lugo*, nº 1080, 12 de maio 1880, p. 1, "UN APLAUSO MAS".

[299] *Diario de Lugo*, nº 1080, 12 de maio 1880, p. 1, "UN APLAUSO MAS".

Lugo onde, polo motivo antes apuntado, se organice de maneira máis enérxica o socorro de aqueles cuxa presenza se intenta evitar.

5. A PRECIPITACIÓN DOS ACONTECEMENTOS. A RESPOSTA INSTITUCIONAL

O mes de abril de 1880 marca un novo punto de inflexión no longo proceso da crise en Galicia, que neste momento, a causa do seu agravamento, pasa a circunscribirse á provincia de Lugo en canto a consideracións oficiais e xornalísticas, e á cidade de Lugo pola invasión de xentes social e economicamente desafiuzadas que nela se produce.

O balance en canto á resposta institucional ata este momento, desde o inicio do proceso de dalo a coñecer e demandar axuda, é simple. Unicamente a rebaixa no imposto de consumos para a entrada de cereais na cidade de Lugo, en maio de 1879[300], e a concesión da libre importación para a pataca polos portos de A Coruña e Ferrol, en marzo de 1880, constitúen o bagaxe do que se conseguiu despois dunha ardua tarefa de demandas e xestións.

A efectividade e grao de compromiso de ambas medidas é dubidosa e baixo respectivamente. No caso da rebaixa de impostos de consumos, limítase ó ámbito da cidade de Lugo e é unicamente unha rebaixa, non unha supresión. Con respecto á concesión para a libre importación de patacas, non hai datos de que estes previsibles desembarcos se levaran a cabo, si que os hai pola contra de que continuaron os de cereais, pagando os correspondentes aranceis.

A lista de demandas de axuda denegadas e xestións fracasadas é máis numerosa e de moita maior transcendencia que a de logros acadados. Non se concedeu ningunha axuda directa da administración central procedente do chamado "fondo de calamidades", como si sucedeu no caso de outras circunstancias graves acaecidas noutros puntos da xeografía estatal, e fracasouse nas xestións feitas para lograr o que si podería significar un importante paliativo para a crise, como eran a libre importación de cereais e a activación de obras publicas nas provincias galegas.

A libre introdución de grans fracasou como medida de axuda, como se viu, pola negativa reiterada do Ministerio de Facenda a autorizala, atendendo ás presións interesadas dos negociantes e latifundistas cerealeiros, e significou primeiro a escalada de prezos ata niveis elevadísimos nunca acadados e o mantemento destes durante moito tempo. Este encarecemento orixinou a ruína dos máis pobres e o empobrecemento dos que o eran menos, que non podían facer fronte ó mesmo tempo ó pago de contribucións e rendas e á compra de alimentos a tan altos prezos, que en circunstancias normais eles mesmos producían.

En canto á cuestión da activación das obras públicas, púidose comprobar ó seguir o proceso como non foi a negativa da administración central, neste caso o ministerio de Fomento, senón a falta de provisión real de fondos para levalas a cabo e os atrancos burocráticos que levou consigo todo o proceso, a causa real de que non se levara a cabo.

Cabe preguntarse por qué despois dun esforzo tan intenso e organizado incluso en determinados momentos, o balance é tan pobre tendo en conta a gravidade da situación real orixinada pola crise. Non se atopa ningunha explicación que non leve á baixa

[300] AHPL, Concello de Lugo, Actas capitulares, Sesión do 1 de maio de 1879, Sig. 0126-00.

consideración de que é obxecto Galicia e os seus habitantes no ámbito da nación española en ese momento. As comparacións reiteradas que no ámbito dos editoriais xornalísticos de dentro e fora de Galicia se fan co tratamento dado ós afectados polas inundacións do Levante, reforzan esa hipótese e fan ver que xa naquel momento esa percepción existía en distintos ámbitos.

No seguimento cronolóxico dos acontecementos vese como ata abril de 1880 a actitude dos poderes locais, provinciais e estatais ven sendo de inhibición e espera. Esperábase posiblemente a que, pasado un tempo e recuperadas as colleitas, a situación volvese á normalidade, aínda que o custo fose a ruína dunha parte da poboación e incluso a morte a causa da fame ou das enfermidades causadas pola desnutrición de moitos deles. O único factor que podía facer cambiar a actitude dos distintos poderes era o perigo de inestabilidade social e a conflitividade que puidera producirse.

As noticias sobre a presenza moi numerosa de xentes desafiuzadas social e economicamente en moitas vilas e cidades galegas, a onde acoden desde as aldeas empuxadas pola fame, demandando axuda, son frecuentes durante os meses anteriores. O incremento en número a medida que os limitados recursos de moitas familias se van esgotando é outro factor importante a ter en conta.

Xa neste momento, no mes de abril, as referencias ó número elevado de "pordioseros" na cidade de Lugo increméntanse de maneira considerable[301]. A conflitividade de momento só aparece esporadicamente entre os necesitados, para os que non hai esmolas suficientes. O *Diario de Lugo* demandaba da autoridade "asi municipal como gubernativa" máis vixilancia nas rúas da cidade:

> Y hacemos esta indicacion porque ayer á las once de la mañana en la Calle del Castillo promovieron algunos pobres un escándalo que duró largo rato por cuestión de la limosna. Además del vocerío y de las frases y ademanes groseros, fué golpeada una infeliz por sus compañeros[302].

A invasión de pobres e o medo ó estoupido da violencia alarman ás autoridades municipais, que inician unha serie de xestións dirixidas a paliar non os efectos da crise, intento no que se fracasara de maneira evidente, senón os efectos derivados da presenza masiva dos afectados nas rúas da cidade.

Era coñecido o feito de que a reacción violenta das xentes formaba parte do proceso lóxico das crises de subsistencia cando estas acadaban un alto nivel de gravidade. Un exemplo desta circunstancia, por exemplo, é o que sucedera coa crise de 1789 en Castela, na que a falta de trigo que ocasionara a subida do prezo do pan desembocara no motín de xuño dese ano en Valladolid[303].

Sen que teñan relación directa coas fames, pero si coa subsistencia, son bastantes os exemplos en Galicia de conflitividade social, suficientes para xerar o medo a que as reaccións incontroladas e violentas puideran producirse tamén neste caso, máis xustificadamente aínda tendo en conta a gravidade das circunstancias[304]. En datas relativamen-

---

[301] *Diario de Lugo*, nº 1058, 15 de abril 1880. p. 1.

[302] *Diario de Lugo*, nº 1068, 27 de abril 1880, p. 1.

[303] MAZA ZORRILLA, Elena. *Valladolid: sus pobres y la respuesta institucional. (1750-1900)*, Valladolid: Universidad de Valladolid, Junta de Castilla y León, 1985, pp. 43-49.

[304] FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo. Asistencia e organización. A conflictividade social en Galicia desde o Antigo Réxime ao Franquismo. En: FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo(dir.). *Terra e progreso. Historia agraria da Galicia contemporánea*.Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2000, pp.129-162.

te próximas, en 1870, producíranse importantes motíns en contra do pago de impostos ou o embargo forzoso de algún veciño, no mes de marzo na vila ourensá de Maceda, en maio en Palas de Rei, en xullo en varias aldeas de A Estrada e no de outubro en parroquias de Sarria[305].

O alcalde, como presidente da "Junta municipal de Beneficencia"[306], sen que a cuestión sexa comunicada nin debatida previamente nos plenos do concello[307], decide tratar do problema alí, na reunión que se celebra o día 18[308], tomándose o acordo de publicar nos vindeiros días un bando da alcaldía contendo as primeiras medidas tendentes a controlar e canalizar a situación.

Nunha nova reunión, o día 24[309], tómase a decisión de que, partindo da previamente existente "Comision municipal de Beneficencia", se cree unha máis específica que se chamará "Comision municipal de Beneficencia y Socorros", co engadido a aquela de algúns vocais máis, coa finalidade de:

> (...) adoptar algunas medidas á causa del sin número de pordioseros que desde hace dias y huyendo del hambre que les acosa en sus respectivos domicilios y procedentes de distintos Distritos municipales de la Prov.ª se aglomeran en esta capital.[310]

Teñen como pretensión estas medidas, adoptadas por esta xunta especial, "evitar que estos infelices perezcan de necesidad" e evitar tamén "otros males que al pueblo puedan ocasionar".

Na práctica, este cambio consistiu simplemente na reconversión temporal da Xunta Municipal de Beneficencia, co engadido "y Socorros" e de seis vocais máis, para atallar o problema.

Acórdase en primeiro lugar e para controlar a situación que, unha vez se consiga o diñeiro suficiente para levalo a cabo, se alimente ós "menesterosos" que pululan pola cidade con "una sopa por la mañana y un rancho por la tarde y la cantidad necesaria de pan en ambas comidas", e que a partir de ese momento quede prohibida a mendicidade pública.

Coa finalidade de conseguir os fondos necesarios para levar a cabo o proxecto deséñase un plan coas seguintes actuacións:

— Solicitar axuda ó bispo da cidade para que se sirva contribuír "con la suma que le sea dable".

— Solicitudes de achegas económicas ó Concello de Lugo e Deputación provincial.

---

[305] ARTIAGA REGO, Aurora. La sociedad gallega (C. 1775-1874). En: DE JUANA, Jesús e PRADA, Julio (coords.). *Historia contemporánea de Galicia*. Barcelona: Ariel, 2005, pp.57-82 (pp.79-80).

[306] Nalgúns documentos denominada *Junta Local de Beneficencia*, para diferenciala da *Junta provincial de Beneficencia*, que presidía o gobernador da provincia.

[307] Na acta da sesión celebrada o día 15 de abril non aparece referencia alguna a esta cuestión. AHPL, Concello de Lugo, Actas capitulares, Sig.0127-00.

[308] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00. Acta da reunión celebrada o día 18 de abril de 1880.

[309] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00.Acta da reunión celebrada o día 24 de abril de 1880.

[310] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00.Acta da reunión celebrada o día 24 de abril de 1880.

— Dirixir cartas os deputados no Congreso pola circunscrición de Lugo e ós senadores pola provincia, para que actúen á súa vez en dúas direccións, solicitando de "S.M.y de la Real familia" algún auxilio e do ministro da Gobernación "alguna cantidad" por conta do denominado "Fondo de Calamidades públicas".

A solicitude de axuda ó bispado pódese considerar un residuo da mentalidade do Antigo Réxime. O papel que a Igrexa desempenou nas crises de subsistencia no pasado foi moi importante, levando a cabo un papel protagonista na organización da asistencia ós famentos que, por exemplo, acudiron a Santiago de Compostela durante a crise de1768-69[311]. No caso da crise de 1880 a iniciativa xa non é da Igrexa, que se limita a colaborar con un donativo, senón da sociedade civil. O tránsito ó novo réxime, polo menos neste aspecto é evidente.

Na sesión plenaria ordinaria do concello celebrada o día 29, trátase finalmente a cuestión e o alcalde informa de que a Xunta Municipal de Beneficencia se estaba ocupando de "procurar recursos" para socorrer en canto puidera ós moitos esmoleiros que deambulan pola cidade "a fin de que los vecinos no fuesen molestados en las calles y plazas"[312]. Noméanse seis concelleiros para auxiliar á Xunta Municipal de Beneficencia nas tarefas que vaia ter que levar a cabo e acórdase facilitarlle a cantidade de 5.000 pesetas, con cargo á partida de Imprevistos do presuposto vixente do Concello,.para poder inicialas.

En reunión celebrada nese mesmo día pola Xunta de Beneficencia[313], deséñanse xa as liñas de actuación que se pensan levar a cabo e as medidas que se van tomar coa intención de:

> (...) ebitar aglomeracion de pobres en el Pueblo y ebitar las consecuencias que á la salud pública pueda hacer y a procurar que no se combiertan en bagos y no abandonen sus casas. [314]

Acórdase, nunha segunda liña de actuación, que ós pobres do medio rural do distrito municipal que aínda non abandonaron as súas casas se lles repartirá un "socorro en especie" consistente inicialmente en mil ferrados de millo.

Para organizar o reparto da axuda, decídese convocar de maneira urxente ós curas párrocos, pedáneos e un veciño por cada unha das parroquias, coa finalidade de que elaboren a lista de "pordioseros" que deberán recibir a axuda.

Unha vez elaboradas as listas de necesitados, e para levar a cabo o reparto da axuda en especie, constituiríanse unhas xuntas parroquiais formadas polo cura párroco, o pedáneo e tres veciños que a Xunta Municipal de Beneficencia nomearía, e que farían ese reparto tendo en conta as listas elaboradas previamente "y á las que tendran formalmente que sujetarse". Nesas listas iría establecida "la cantidad de especie que á cada vecino pordiosero haya de darsele con arreglo á la fam.ª que tenga".

Coa finalidade primordial de evitar a invasión de pobres na cidade e conseguir que regresasen ás súas casas o maior número posible dos que xa deambulaban por ela, establécese que as xuntas parroquiais conservarán no seu poder as cantidades de especie

---

[311] MEIJIDE PRADO, Antonio. El hambre de 1768-1769 y la obra asistencial del estamento eclesiástico compostelano. Tom. 10, nº 2 *Compostellanum*, abril-junio de 1965. Santiago de Compostela: Centro de Estudios Jacobeos, pp. 213-256.

[312] AHPL, Concello de Lugo, Actas capitulares. Sig. 0127-00. Sesión do 29 de abril de 1880

[313] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta do día 29 de abril de 1880.

[314] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta do día 29 de abril de 1880.

"que hubieren de entregar á los que abandonaron sus lugares para por diosear entregandoselo cuando se presenten en la Parroq.ª". Remitirán tamén cada oito días lista nominal dos individuos a quen entregaran o socorro "especificando los que se hayan ausentado de la Parroq.ª despues de haber recibido aquel".

O día seguinte, 30 de abril, celébrase nova reunión, ca xa oficial denominación de "Comisión Municipal de Beneficencia y Socorros"[315], para concretar en todo o posible os pasos a seguir e valorar os resultados das primeiras xestións.

O alcalde dá conta da entrevista mantida por el e tres vocais máis co bispo da cidade, e do resultado da mesma concedendo 20.000 reais como auxilio. Comunica tamén a concesión por parte do propio Concello, na sesión plenaria do día anterior, da mesma cantidade. Acórdase que, contando xa con estes fondos iniciais, se dea comezo o antes posible ó socorro alimenticio dos pobres que deambulan pola cidade, establecéndose como data de inicio o próximo 5 de maio e que as dúas comidas previstas inicialmente, sopa pola mañá e rancho pola tarde, se distribúan no claustro baixo da Casa de Beneficencia[316].

Con relación á composición das racións alimenticias, cuestión sobre a que a Xunta xa tiña experiencia por ser responsable das do Hospital e Casa de Beneficencia, establece algúns criterios relacionados co tipo de pan e demais ingredientes das comidas que se elaborarán.

Concrétanse tamén algúns aspectos da axuda en especie ós necesitados das parroquias do municipio, da que se reitera que ten por finalidade "evitar la aglomeracion escesiva de pobres y las consecuencias que á la salud pública pudiese esta traer", estimándose de maneira máis precisa os mil ferrados de millo, calculados inicialmente como necesarios, en 1.114.

Apróbase finalmente o bando da Alcaldía para a súa publicación, prohibindo a mendicidade nas rúas da cidade unha vez que se inicie a subministración de alimentos na Casa de Beneficencia.

A falta de sintonía entre o Concello e o único xornal da capital desde a desaparición facía meses de *El Clamor de Galicia*, faise notar na falta de referencias sobre as xestións levadas a cabo por aquel. Non é fácil precisar a medida en que o secretismo co que en meses anteriores se tratara de levar todo o que tivera que ver coa crise puido tamén influír. O día 30, finalmente fai o Diario de Lugo unha vaga referencia ás xestións cando afirma que:

> (...)es tan considerable el número de pobres que a toda hora asedian al transeunte y llaman á la puerta del vecino implorando la caridad, que el señor alcalde no ha podido menos de peocuparse de tan interesante asunto, sometiendo al juicio del Ayuntamiento los medios más oportunos[317].

Chegan antes e con maior detalle as referencias ó que en similares circunstancias se fai en outros lugares. O correspondente do *Diario de Lugo* en Santiago de Compostela escribe desde alí o día 2 de maio dando conta de que a "Junta de caridad" creada para mitigar a fame naquela parte leva recadados máis de 15.000 reais e engadindo, en parte

[315] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0825-00. Leg. 696, Acta do día 30 de abril de 1880.

[316] Aínda sen especifícalo, todo fai pensar que serán as cociñas do establecemento. despensas e demais infraestruturas, as utilizadas para elaborar os alimentos.

[317] *Diario de Lugo*, nº 1071, 30 de abril 1880, p. 1. "SOCORROS Á LA MISERIA". Apéndice documental nº 28.

por esa falta de información, que "sin duda Lugo espera á que una legion de hambrientos llame á sus puertas para socorrerlos"[318].

O bando da Alcaldía publícase oficialmente o día 4 de maio[319] e consta de catro puntos. No primeiro anunciase a prohibición prevista de "pordiosear" nas rúas, prazas "y arrabales de esta capital". No segundo establece a obrigatoriedade de presentarse ás oito da mañá no "claustro bajo"[320]da Casa de Beneficencia para recibir "alimento necesario para su sustento". No terceiro determínase o socorro en especie que se distribuirá nas parroquias do municipio e, finalmente, no cuarto faise a advertencia de que aqueles que unha vez socorridos se encontren practicando a mendicidade "serán entregados á las autoridades competentes para la aplicación de la pena que impone el Código".

5.1. As xestións dos deputados e senadores por Lugo en Madrid

Tomada a decisión na reunión da Xunta Municipal de Beneficencia do 24 de abril de dirixir cartas ós deputados no congreso pola circunscrición de Lugo e ós seus senadores pola provincia, pedíndolles que medien, á súa vez, solicitando axuda do Rei por un lado e polo outro do ministro da Gobernación para que destine algunha cantidade de diñeiro da partida orzamentaria do seu departamento destinada a calamidades públicas, o alcalde José Castro Freire non as redacta e firma ata o día 6 de maio.

As cartas recíbense en Madrid o 9, e nese mesmo día o conde de Pallares escribe carta de resposta ó alcalde, comunicándolle de maneira dilixente que "Hoy mismo citaré y nos reuniremos mañana los Diputados y senadores á quienes está dirigida"[321]. Promete escribir de novo en poucos días dando conta das xestións que logren realizar.

O conde de Pallares, senador vitalicio e a estas alturas xa un político de longa traxectoria[322], vai ser o encargado de coordinar e dirixir as xestión que nos seguintes días se levarán a cabo por encargo da Xunta de Beneficencia e por propia iniciativa, tendentes a lograr toda a axuda posible para lograr financiar o plan de actuación deseñado na cidade.

O mesmo día 9 responden tamén ó alcalde o deputado Luciano Pérez Batallón e o senador Benito de Ulloa y Rey, e o día 10 Felipe Gonzalez Villarino, quen confirma que:

---

[318] *Diario de Lugo*, nº 1074, 4 de maio 1880, p. 2.

[319] Os bandos da Alcaldía de eses anos non se conservan entre a documentación arquivada do Concello de Lugo. O do 4 de maio foi publicado no *Diario de Lugo*, nº 1075, 5 de maio 1880, p. 3. Apéndice documental nº 29.

[320] A denominación "claustro bajo" fai referencia ó claustro románico do antigo convento de San Francisco, hoxe no interior do Museo Provincial. Recibía ese nome para distinguilo de outro máis, existente no mesmo edificio, derribado a mediados do século XX cando se levou a cabo a construción do actual museo. Finalmente, e debido a gran cantidade de xentes socorridas, utilizáronse ambos claustros, aparecendo a palabra "claustro" en plural na documentación e nas reseñas xornalísticas.

[321] AHPL. Concello de Lugo, Beneficencia, Sig.0828-00, Leg. 699. Carta do conde de Pallares ó alcalde de Lugo, José Castro Freire con data do 9 de maio de 1880.

[322] VEIGA ALONSO, Xosé Ramón. *O Conde de Pallares e o seu tempo.1828-1908: aproximación ó activismo das élites na Galicia decimonónica*. Lugo: Diputación Provincial de Lugo, 1999. Tamén: *Progreso, Prensa e Ferrocarrís en Galicia. A actividade do Conde de Pallares (1855-1883)*. Lugo: Servicio de Publicaciones. Diputación Provincial de Lugo, 1996.

> (...) ya para esta tarde estamos citados en el Congreso, los Diputados de la Circunscripcion, á fin de gestionar del Gobierno de S.M. algún auxilio a favor de las extremas necesidades que en esa Capital y sus pueblos adyacentes, se padecen.[323]

O día 11, tal como prometera, o conde de Pallares escribe unha segunda carta dando conta da reunión do día anterior, da que refire que:

> (...) despues de discutir largamente sobre los medios mas conducentes á obtener el resultado que se propone esa junta de socorros, inspirandose todos en el mayor deseo, hemos acordado por unanimidad conferenciar con el Sr. Presidente del Consejo de ministros, á cuyo efecto ayer mismo me dirigí a él por encargo de todos, pidiendole hora.[324]

Comunica tamén que "El Imparcial de hoy en su segunda plana publica la noticia, aunque equivocada en el dia de la reunion, y en la primera se ocupa de su objeto".

En efecto, o xornal de Madrid publica na primeira páxina un extenso artigo baixo o título de "El hambre en Lugo"[325], no que describe unha vez máis o panorama desolador da provincia e a situación tensa que se vive na capital:

> Ha llegado á darse el triste caso de que la autoridad se vea (vio/veía) precisada á tomar medidas para que la aglomeracion de pordioseros no agravara la situacion producida por el hambre. A muchos de ellos se les han entregado exíguas cantidades para que abandonen la ciudad y vuelvan á sus lugares, donde les espera el hambre y la miseria mas espantosa.[326]

Trata tamén de axudar ó bo éxito das xestións dos senadores e deputados lugueses:

> No dudamos que el gobierno responderá a estas excitaciones. Bastaria para esta seguridad no sólo el deber en que se encuntra, sinó la circunstancia de que dentro del gabinete se encuentran los señores Bugallal y Duran y Lira, hermanos de aquellos á quienes agobia la miseria, y el marqués del Pazo de la Merced, hijo adoptivo de Galicia.
>
> Es demasiado terrible el cargo y censura que habrian de alcanzar olvidando lo que pueden hacer en beneficio de su país, para que no estemos seguros de que su influencia habrá de servir por mucho para devolver la vida á esa pobre y olvidada provincia de Lugo, de quien hoy hace presa la miseria.[327]

Na segunda páxina anuncia a reunión que levarán a cabo nese mesmo dia os representantes por Lugo "convocados por el señor conde de Pallarés" para tratar das xestións para resolver a situación urxente que afecta á cidade de Lugo, deixando ó marxe, para mellor ocasión, todas as xestións que se iniciaran cando aínda non había tanta presa:

> Antes de dar paso alguno, se presentarán al Presidente del Consejo de ministros, de cuya iniciativa esperan grandes resultados. El desarrollo de las obras comenzadas, y paralizadas hace tiempo por falta de fondos, la ejecucion de otras, cuyos estudios y presupuestos están ultimados, el impulso que la empresa del Noroeste puede dar á las adjudicadas recientemente, y el envio de una guarnicion á Lugo, y en una palabra, todo cuanto ha podido sugerir el celo de sus representantes, será puesto á discusion y estudiado mas detenidamente cando se haya dominado la grave situacion del momento.[328]

---

[323] AHPL. Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828-00, Leg.699. Carta de Felipe Gonzalez Villarino ó alcalde de Lugo con data do día 10 de maio de 1880.

[324] AHPL. Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828-00, Leg.699. Carta do conde de Pallares ó alcalde de Lugo con data do día 11 de maio de 1880.

[325] *El Imparcial*, 11 de maio de 1880, p.1. "EL HAMBRE EN LUGO". Apéndice documental nº 30.

[326] *El Imparcial*, 11 de maio de 1880, p.1. "EL HAMBRE EN LUGO". Apéndice documental nº 30.

[327] *El Imparcial*, 11 de maio de 1880, p.1. "EL HAMBRE EN LUGO". Apéndice documental nº 30.

[328] *El Imparcial*, 11 de maio de 1880, p. 2.

Ó día seguinte, 12 de maio, o conde de Pallares escribe nova carta ó alcalde de Lugo[329] anticipándolle o resultado da entrevista con Cánovas del Castillo e demais, que comunicará oficialmente, tamén por carta, á Xunta de Beneficencia ó día seguinte, neste caso firmada por todos os deputados e senadores que interviñeran na xestión:

> Anticipo á V. La noticia de que hoy hemos conferenciado los senadores y los diputados por la circunscripcion con el Presidente del Consejo de Ministros, al cual debemos la atencion de discurrir con nosotros por espacio de casi una hora sobre los medios de acudir á la calamidad que aflige á ese país, deplorando la contrariedad de los pocos á que puede recurrirse en los momentos actuales en que estan casi agotados los presupuestos de los respectivos ministerios en todos sus capitulos.
>
> Vimos despues al Sr. Ministro de la Gobernacion el cual nos ofreció girar cuatro mil pesetas del fondo de Calamidades. Pasamos despues á la direccion de Obras públicas y el Sr. Baron de Covadonga, á pesar de grandes dificultades nacidas de la escasez de recursos, dispondrá que se inviertan inmediatamente veinte y cinco mil pesetas del fondo de obras por administracion en la carretera de Fonsagrada en los trozos 1º y 2º despues de pasado el Chanca porque desde la poblacion á ese rio no estan aprobados los estudios.[330]

Comunica o compromiso adquirido de que ó día seguinte sairán as ordenes para emprender as obras "inmediatamente".

Anuncia tamén o conde de Pallares ó alcalde que citou de novo a todos os senadores e deputados por Lugo para o mediodía do día seguinte no Senado coa finalidade de falar co "Mayordomo mayor Jefe de Palacio como paso previo para ver al Rey".

A carta colectiva do día trece, escrita de puño e letra polo mesmo conde de Pallares, pero dirixida á Xunta de Beneficencia e firmada por todos os senadores e deputados, expresa ademais as dificultades que se están atopando pola circunstancia "de hallarnos en el penúltimo mes del ejercicio del presupuesto", que imposibilita obter "de fondos del Tesoro algunas cantidades". Con relación á posibilidade, ata ese momento non tomada en consideración, de organizar unha subscrición popular con apoio de xornais da capital e demais, consideran que tería poucas posibilidades de recadar por coincidir "inmediatamente despues de la realizada con tan extraordinario éxito en favor de las provincias de Levante".

Outra cuestión que foi tratada na entrevista, aínda que sen reflectir nas cartas, e que si comenta días despois o *Diario de Lugo*, é a posibilidade de recuperar o diñeiro recadado en Lugo para os afectados polas inundacións do Levante, coa finalidade de destinalo agora a socorrer ós afectados nesta cidade, moito máis necesitada neste momento. Da iniciativa, proposta polo mesmo Presidente do Goberno, Cánovas del Castillo, como sucedeu con outras propostas, non chegou a saberse máis nada[331].

O balance teórico do logrado ata ese momento para axudar á Xunta de Beneficencia contén as 4.000 pesetas do Ministerio de Gobernación e as 25.000 para activar as obras xa iniciadas da carreteira da Fonsagrada comprometidas pola Dirección de Obras Públicas. Da entrevista co Rei para que el e a súa familia axudaran a socorrer ós afectados na cidade, non se producirán máis noticias. Todo indica que despois da entrevista

---

[329] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828-00, Leg.699. Carta do conde de Pallares o alcalde de Lugo con data do 12 de maio de 1880.

[330] *El Imparcial*, 11 de maio de 1880, p.1. "EL HAMBRE EN LUGO". Apéndice documental nº 30.

[331] *Diario de Lugo*, nº 1085, 18 de maio 1880, p. 1: "Ofreció a dicha comision el señor Cánovas interesarse cerca de la Junta de socorros para las provincias de Levante -que ha reunido la suma de 32 millones de reales,- para que siquiera se nos devuelva la cantidad con que al alivio de sus hermanos contribuyó esta provincia".

que mantiveran para pedir desculpas polo feito de que o autor do atentado frustrado do 30 de decembro fose nacido na provincia de Lugo, non foron recibidos máis.

O día 14 o alcalde Castro Freire envía un telegrama ó conde de Pallares agradecendo as xestións anticipadas na carta do día 12:

> En nombre Junta doy gracias a V. y dignisimos compañeros pr eficaz gestion y ruego redoblen esfuerzos cerca Director Obras Publicas[332].

O 15 de maio o gobernador da provincia escribe carta dirixida ó alcalde na que dá conta dun telegrama que nese día lle enviara o Ministro de Gobernación, no que se advirte que "convendria que se emplease el mayor número de pobres posible en obras de utilidad pública, embellecimiento ó desmonte"[333]. A interpretación que parece desprenderse de esa advertencia é a de que as 4.000 pesetas concedidas do fondo de calamidades non van destinadas a financiar a adquisición e distribución de alimentos que organiza a Xunta de Beneficencia para socorrer a fame, senón que teñen que servir para financiar ese tipo de obras, nas que se empregaría ós necesitados.

O alcalde responde ó gobernador en carta datada o día 17[334] que "a penas hay obras de esta clase" e que a única na que poderían empregarse "bastantes brazos" sería no derribo da "crujia ruinosa" do edificio de A Nova[335]. Solicita ó gobernador que transmita telegraficamente ó ministro de Gobernación que, visto o seu último encargo, está disposto a levar a cabo o citado derribo "a no ser que en su superior ilustracion disponga lo contrario".

A matización ministerial xera estupor e indignación no *Diario de Lugo*, que unido á pouca ou case nula información que recibe do Concello deu lugar a imprecisións e desmentidos. O día 20 publica un editorial sobre a cuestión[336] expoñendo primeiro o carácter exiguo e forzado da axuda:

> Por fin las desgracias de la provincia de Lugo hirieron las fibras de la sensibilidad ministerial con toda la violencia necesaria para conseguir una limosna de cuatro mil pesetas.[337]

Critica despois a suposta predestinación da axuda:

> Tal vez la Junta de Beneficencia invertiria esos *veinte mil reales* en lo que exigen las apremiantes circunstancias,en dar de comer á esos hambrientos; quizá la Junta creeria que esa cantidad no podia emplearse en otra cosa juzgándola insignificante.
>
> Pero el telegrama del ministro de la Gobernacion ha venido a desvanecer ese error.

---

[332] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828-00, Leg.699. Copia do impreso entregado na oficina de Telégrafos contendo o texto orixinal.

[333] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828-00, Leg. 699. Carta orixinal co membrete do Goberno Civil de Lugo con data do 15 de maio de 1880 e firmada polo gobernador.

[334] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828.00, Leg. 699. Copia da carta enviada polo alcalde José Castro Freire ó gobernador da provincia.

[335] Refírese ó antigo mosteiro do que formaba parte a iglesia que hoxe leva ese nome, situado a carón das rúas de San Pedro e da Raiña. O mosteiro pasara despois da Desamortización a ser de propiedade estatal. O espacio que ocupaba, ocúpano hoxe, además da iglesia de A Nova, os edificios do ministerio de Facenda e Correos.

[336] *Diario de Lugo*, nº 1087, 20 de maio 1880, p. 1. "VEINTE MIL REALES". Parte da información errónea de que a contía da axuda procedente do Fondo de Calamidades,de 4.000 pesetas fora incrementada posteriormente a 5.000.

[337] *Diario de Lugo*, nº 1087, 20 de maio 1880, p. 1. "VEINTE MIL REALES".

> (...) jamás pudimos figurarnos que *cinco mil pesetas* destinadas para matar el hambre de una multitud, lleguen para obras de utilidad pública, para desmontes y hasta para obras de embellecimiento.[338]

O editorial remata coa constatación do menosprezo que cara a Galicia, non só nesta difícil situación, veñen manifestando a administración e os poderes centrais:

> Recordamos cómo se nos ha tratado siempre: recordamos que hace poco un consejero de la Coruña manifestaba que el Gobierno ignoraba el estado de este pais, no obstante que hacia ya un año sonara en la Cámara la voz de nuestros dolores; recordamos muchas cosas más, y solo pudimos exclamar:
>
> ¡Pobre Galicia![339]

Dous días máis tarde[340] matízase a cuestión coa aclaración de que a recomendación para que o Concello empregase o maior número de pobres, feita polo ministerio da Gobernación, era de tipo xenérico e non se refería á axuda concedida do Fondo de Calamidades Públicas. En realidade, e tendo en conta que resulta pouco coherente enviar unha recomendación de tipo xenérico a través dun telegrama, cabe pensar que posiblemente se tratara dunha rectificación do propio ministerio diante da perplexidade que xerara a pretensión.

Matiza tamén que non é exacto que a cantidade inicialmente destinada de catro mil pesetas fose ampliada a cinco mil, como informara, e que esta é a cantidade que "ofreció pero no envio". Si houbo unha ampliación, de aí a confusión, na cantidade de 25.000 pesetas do ministerio de Fomento para as obras da carreteira da Fonsagrada, que finalmente se ampliaría a 30.000 no momento de aprobar o acordo. A falta de información por parte da Xunta de Beneficencia e a Alcaldía, xeraran os retrasos informativos e inexactitudes do xornal.

O día 12 de maio celébrase nova reunión da Xunta de Beneficencia[341], na que o alcalde transmite ós restantes membros os resultados das xestións realizadas polos deputados e senadores en Madrid. Informa tamén de outras, relacionadas coa posibilidade de elaborar o pan que se subministre na Casa de Beneficencia ós necesitados que alí se socorresen coa sopa e rancho, nos fornos que o exército tiña na cidade para o seu servizo. Tómanse tamén algúns acordos relacionados co reparto da axuda que se ten decidido levar a cabo para auxiliar ós necesitados que permanecen aínda nas parroquias rurais do termo municipal.

As dificultades para que se poñan en marcha as obras dos tramos 1º e 2º da carreteira de Lugo a Oubiaño, pasando por A Fonsagrada, a conta do prometido polo ministerio de Fomento, non tardan en aparecer.

En carta dirixida polo alcalde ó conde de Pallares o día 17[342], dá conta de que o enxeñeiro xefe en Lugo non recibiu aínda instrución algunha desde Madrid para a activación das obras en cuestión e que en elas, en todo caso, dificilmente "pueden emplearse mas de 100 operarios". Suxírelle o enxeñeiro xefe que xestione o tramo de Lugo á Chanca, que el cree que está aprobado e presupostado, como forma de empregar a máis

[338] *Diario de Lugo*, nº 1087, 20 de maio 1880, p. 1. "VEINTE MIL REALES".

[339] *Diario de Lugo*, nº 1087, 20 de maio 1880, p. 1. "VEINTE MIL REALES".

[340] *Diario de Lugo*, nº 1089, 22 de maio 1880, p. 1. Apéndice documental nº 31.

[341] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas. Sig. 0825-00, Leg. 696. Sesión do 12 de maio de 1880

[342] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg.696. Carta de José Castro Freire ó conde de Pallares con data do 17 de maio de 1880, copia.

xente. Pídelle ó conde de Pallares intente aclarar estes aspectos e acelerar os trámites para o inicio das obras.

O feito de que para levar a cabo as xestións en Madrid se convocase ós deputados pola circunscrición electoral de Lugo e non os que correspondían a toda a provincia, como se fixera cos senadores, xera entre aqueles certo malestar que non tarda en manifestarse.

En carta do día 11 o correspondente en Madrid do *Diario de Lugo*[343] dá conta de que esta circunstancia "produce resentimientos y consecuencias perjudiciales al buen éxito de las gestiones". Facéndose eco dos comentarios que circulan polo "Salon de conferencias del Congreso" comenta que a causa da exclusión dos deputados dos restantes distritos da provincia provén "de haberse dirigido una carta por el alcalde de Lugo á un senador vitalicio que promovio la reunion".

Diante da publicación das desavinzas que a exclusión de parte dos deputados xerara, o alcalde, a quen se responsabilizara da xestión, envía unha carta ó xornal expoñendo as consideracións polas que as xestións se fixeran da maneira que agora orixinan susceptibilidades[344].

Expón que tratándose dun socorro de carácter local, "por más que su aplicación se haga extensiva á los pordioseros que acuden de diversos puntos de la provincia", considera lóxico que a petición de axuda se dirixira ós representantes da capital e entre eles ó conde de Pallares, "hijo de este pueblo". Argumenta tamén que se ben é consciente de que "la miseria aflige por igual á los demás pueblos de la montaña", era coñecedor de que a Deputación provincial, "á quien incumbe la representacion de la provincia", invocara no seu momento a colaboración de todos os deputados e senadores da provincia nas dúas cámaras coa finalidade de conseguir axuda do Goberno "para atenuar las fatales consecuencias de situacion tan angustiosa"[345].

A falta de sintonía e o desencontro permanecen no tempo. A marxinación de que se supón se sentiron vítimas os deputados dos restantes distritos da provincia, en moitos dos cales se vivían situacións similares ou peores, fixo que cada un deles, se podía, buscase, como veremos, solución individual á súa situación, levando a cabo distintas xestións diante da administración central.

O malestar dos deputados dos restantes distritos da provincia non debeu quedar diluído coas explicacións do alcalde, e poucos días máis tarde o *Diario de Lugo* aborda a cuestión de novo e fai un chamamento nun editorial para que superen as diferenzas e traballen xuntos, co fin de salvar a grave situación[346].

> Sean cualesquiera los motivos que existan para mostrarse en disidencia -pues nosotros respetamos el criterio de todos- les rogamos tengan presente la situacion en que se encuentran esta ciudad y su provincia; les rogamos reflexionen que la víctima de todos esos dualismos es el pais, que debíera, por el contrario, resultar ganancioso de la union de todos ellos.

[343] *Diario de Lugo*, nº 1082, 14 de maio 1880, p. 2. "CORRESPONDENCIA".

[344] *Diario de Lugo*, nº 1083, 15 de maio 1880, p. 3. "REMITIDO".

[345] Refírese ó acordo tomado pola Deputación en sesión do 15 de novembro de 1897. ADPL, Libros de actas, Sig. 3975. O resultado desa "incitación" da Deputación provincial ós senadores e deputados da provincia de Lugo foi a creación dunha comisión que levou a cabo xestións diante do ministro de Fomento, pero estas fracasaron, como xa se veu indicando, diante da dificultade de estar agotados os fondos orzamentarios para o exercicio 1879-80, sendo preciso esperar a que entrasen en vigor os do exercicio 1880-81, non antes de agosto de 1880.

[346] *Diario de Lugo*, nº 1085, 18 de maio 1880, p. 1. "CONVIENE UNIRSE".

> Ante la importancia de la mision que en estos momentos tienen que desempeñar, los representantes de Lugo deben deponer cualquier diferencia que los separe por este ú otro motivo y encaminar unidos su esfuerzo al fin que todos apetecemos, para alcanzar el resultado que de ellos esperan sus conciudadanos y electores.[347]

A hipotética unión de todos os representantes galegos para levar adiante unha demanda conxunta e enérxica fronte ó menosprezo e o agravio comparativo da administración central, quedou rota en anacos cada vez máis pequenos. A actitude a partir deste momento non vai ser reivindicar, senón pedir esmolas.

5.2. As xestións directas da Xunta Municipal de Beneficencia e Socorros

Ademais da solicitude de axuda ós deputados e senadores pola provincia, na reunión celebrada o día 24 de abril, acordárase solicitar axuda ó bispo da cidade, Concello e Deputación Provincial.

O resultado da xestión co bispo, despois da entrevista persoal mantida polo alcalde e tres membros da Xunta, foi a concesión dunha axuda económica de 20.000 reais. A axuda concedida polo Concello en sesión do día 23 importaba a mesma cantidade. Estes 40.000 reais foron os fondos iniciais con que nun primeiro momento puido contar a Xunta de Beneficencia para o comezo das actividades de socorro, especialmente a axuda alimentaria na Casa de Beneficencia ós desprazados que deambulaban pola cidade.

No que respecta á axuda de 20.000 reais concedida polo Concello, é importante sinalar que se se fai unha comparativa coa axuda que no mes de outubro anterior concedera para socorro dos afectados polas inundacións no Levante, e que alcanzara a suma de 8.000 reais, dificilmente se pode considerar unha axuda proporcional, tendo en conta a proximidade, urxencia e implicación que caracterizaba esta outra cuestión. Se a esta consideración engadimos o feito de que a axuda do Concello se reduciu finalmente dos 20.000 reais a 2.500 pesetas, tal como aparece reflectido na contabilidade xeral da Xunta de Beneficencia, a valoración da actitude municipal dificilmente pode ser cualificada como proporcionada[348].

A doazón do bispo, a diferenza do que sucedeu co Concello, viuse incrementada de maneira moi importante, aparecendo na contabilidade final dúas partidas, unha de 2.000 e outra de 2.500 pesetas, totalizando as dúas os 18.000 reais.

5.2.1. A solicitude de axuda á Deputación Provincial

En canto á axuda solicitada á Deputación, non hai constancia nos libros de actas de que nestes meses de celebren reunións plenarias[349]. Sen embargo, o *Diario de Lugo* dá conta da celebración o día 8 de maio dunha da "Corporacion provincial en su reunion

[347] *Diario de Lugo*, nº 1085, 18 de maio 1880, p. 1. "CONVIENE UNIRSE".

[348] En acta redactada e firmada polo interventor da *Xunta Municipal de Bª y Socorros* o 30 de xuño de 1880, faise constar que "Debe hacerse notar también que el Eximo. Ayuntamiento há destinado para este benéfico objeto la cantidad de 20.000 reales, de los que tan solo han ingresado en la Depositaría en 21. de Mayo, 10.000. creyendo que no habrá necesidad de cobrar los otros 10.000, atendida la circunstancia que queda para el mes entrante, que la época va muy adelantada, y que afortunadamente se presenta por ahora una buena cosecha." AHPL. Concello de Lugo, Beneficencia, Actas, Sig. 0825-00, Leg. 696.

[349] Os libros de actas da Deputación Provincial non reflicten reunións plenarias neste período. ADPL, Libros de actas, Sig. 3975.

semestral"[350] e de parte dos acordos tomados nela. Entre eles o de atender a solicitude da Xunta Municipal de Beneficencia e concederlle "la suma de 1000 pesetas para auxilio de los menesterosos que actualmente reciben socorro en esta capital". A contía da axuda non pode menos que ser considerada reducida se se ten en conta a magnitude do drama que se vive nese momento. A invitación, que no seu momento fixera para que os deputados e senadores pola provincia fixesen xestións para recadar fondos, contrasta coa pouca dispoñibilidade que ela mesma mostra para axudar a resolver cando menos o problema urxente da invasión de desprazados na cidade. A contía da axuda aparece reflectida na contabilidade que de todo o proceso fixo a Xunta de Beneficencia[351], confirmando que, polo menos, fora feita efectiva. Cousa que en caso contrario non sería de estrañar, se temos en conta os retrasos nos pagos polas estancias na Casa de Beneficencia de aqueles nenos que, por proceder da Casa de Maternidade e Expósitos, lle correspondía facer.

A contía das axudas, tanto a do Concello de Lugo como a da Deputación Provincial, xunto cos pormenores de como se levaron a cabo, dan a medida real e exacta da actitude e consideración que ambos tiñan cara o mundo da pobreza en xeral e da crise de subsistencia que se vivía nese momento en particular.

5.2.2. Solicitude de axuda ó bispo de Mondoñedo

Aínda que non estaba recollida entre as xestións que se tiña intención de levar a cabo, na acta da reunión que a Xunta de Beneficencia celebrou o 24 de abril, enviouse carta de solicitude de axuda ó bispo de Mondoñedo. A atenta resposta que este dirixe á Xunta de Beneficencia de Lugo, con data do 12 de maio, é altamente ilustrativa da situación que en aquela vila e arredores se vive tamén[352]. Resposta, como é lóxico, que se prestaría moi gustoso e ata se contemplaba favorecido e honrado en poder colaborar para remediar os problemas dos pobres que na cidade de Lugo sofren a miseria, pero que se vía nun gran conflito pola gran necesidade e invasión de pobres demandando axuda que na vila de Mondoñedo se producía igualmente. Ata tal punto era grave e preocupante a situación e grande a carencia de medios, "aún más qe. en Lugo", que se pensara en recorrer á Deputación Provincial "existente en esa" e "a familias de esa Capital de Prov.ª implorando auxilio". Despedía a carta coa promesa de que se "en adelante disminuyese esta situación tan precaria y dolorosa, contribuiria con suma complacencia".

5.2.3. Petición a El Imparcial *para que organice unha colecta*

En nome seu e da Xunta de Beneficencia, o alcalde Castro Freire dirixe unha carta ó director e propietario de *El Imparcial*, Eduardo "Gasette" y Artime o 17 de maio[353].

---

[350] *Diario de Lugo*, nº 1080, 12 de maio 1880, p. 1.

[351] *Junta Municipal de Beneficencia y Socorros de Lugo.* Sus cuentas. *1880.* Lugo: Imprenta de Juan M. Bravos, 1880.

[352] AHPL. Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828-00. Leg. 699. Carta do bispo de Mondoñedo con data do 12 de maio de 1880.

[353] AHPL.Beneficencia. Actas, Sig.0825-00, Leg. 696. Carta do alcalde, Castro Freire, ó director de *El Imparcial*, Eduardo Gasset y Artime, con data do 17 de maio de 1880.

Dá en primeiro lugar as grazas "por el interés que el primero entre todos los periódicos de la Corte há demostrado en favor de este desgraciado pais que V. conoce perfectamente" e faino partícipe da situación na cidade que el coñece tamén e "para que pueda juzgar el estado en que nos hallamos, bástele saber que en el dia de ayer há habido que dar alimentación á 1.032. desgraciados".

Pasa a continuación a expoñerlle que, tendo en conta o éxito "nunca visto" da colecta que o seu xornal organizara para socorrer ós afectados polas inundacións das provincias do Levante, iniciara outra campaña igual "en favor de los desventurados gallegos", axudando deste xeito a "los esfuerzos de los Diputados de esta circunscrpcion y Senadores de la Prov.ª, y esté V. seguro que en el corazón de los Lugueses, ocupará siempre un lugar privilegiado".

Non sabemos se por coincidir co criterio que ós deputados e senadores que o visitaran expuxo Cánovas del Castillo, de considerar a colecta demasiado próxima no tempo á realizada para os damnificados do Levante, ou por ser Gasset y Artime coñecedor da ruptura entre os deputados da provincia, o certo é que a idea non tivo a resposta que o alcalde de Lugo demandaba. *El Imparcial* non só non organizou a demandada "subscripcion", senón que os editoriais e artigos sobre a fame en Lugo desapareceron das súas páxinas.

5.2.4. As subscricións para recadar fondos noutras cidades

Ademais do intento fracasado para que coa axuda de *El Imparcial* se organizase unha colecta para recadar fondos non só en Madrid senón tamén achegas de lectores noutras provincias, a Xunta de Beneficencia, a través do alcalde, buscando a axuda de lugueses con certo grao de influencia residentes noutras localidades, busca a maneira de que estes leven a cabo esa tarefa.

Para organizar estas subscricións era necesario, ademais da axuda de algunha ou algunhas persoas con relevancia social e influencia política, a axuda dalgún xornal que lles dera publicidade e ademais fose publicando con certa frecuencia o nome dos doantes e as cantidades aportadas. A vaidade e afán de figurar adoitaban estar detrás deste tipo de actos recadatorios en gran medida.

Non sabemos exactamente a cantos residentes influentes noutras cidades se lles chegou a solicitar a organización de subscricións, xa que non se recolleron nas actas as decisións para levalas a cabo nin se conservan as copias das cartas enviadas, pero si coñecemos as que se levaron a cabo e tiveron un certo éxito, as do Ferrol e Bilbao.

No caso da colecta que se levou a cabo en Ferrol, a Xunta de Beneficencia dirixe o día 17 de maio cartas a varios lugueses residentes naquela cidade "rogándoles tengan la bondad de procurar abrir en aquel pueblo una suscricion para alivio de los menestorosos". Os destinatarios das cartas, á súa vez, dirixiron outra conxunta a un dos xornais da cidade, que finalmente abriu a subscrición[354].

Ademais deso, os lugueses residentes, constituídos en comisión, redactaron e enviaron unha carta a veciños de aquela cidade solicitando a axuda económica e dando explicacións acerca dos motivos que os impulsaran a levar a cabo a iniciativa:

[354] *Diario de Lugo*, nº 1090, 23 de maio 1880, p. 1. Os xornais existentes no Ferrol en ese momento eran *El Correo Gallego* e *Diario del Ferrol.*

> De nadie es desconocida la horrible miseria que se viene sintiendo en nuestras montañas de donde el hambre arroja á los labradores, que cubiertos de harapos, bajan á las ciudades para mendigar un pedazo de pan que dar á sus hijos.
>
> A Lugo, es á donde afluyen en mayor número esos desgraciados, y la Junta de Socorros organizada en aquella capital, nos excita para que hagamos un llamamiento á la caridad de este pueblo, siempre, siempre humanitario y compasivo, fiando en que una vez más no será Ferrol sordo á la voz de la desgracia como no lo ha sido nunca ningun infortunio[355].

O propio *Diario de Lugo*, durante o tempo no que se leva a cabo a subscrición, colabora publicando periodicamente as listas co resultado das doazóns que se van producindo e os nomes dos doantes[356].

O monto total do recadado e rexistrado na contabilidade da Xunta de Beneficencia, contabilizado en dúas achegas foi de 2.526 pesetas.

O 17 de xuño, unha vez finalizada a subscrición, os membros da comisión organizadora dirixen carta á Xunta de Beneficencia dando conta do resultado e facendo patente a colaboración prestada polos xornais do Ferrol, e a xenerosidade dos habitantes de aquela cidade, que non conseguiran esgotar nin as subscricións que en datas recentes se fixeran con anterioridade, "ni la presencia en las calles de esta poblacion de esos infelices, compañeros de desgracia de aquellos, para quienes íbamos a implorar la caridad"[357].

O mesmo *Diario de Lugo*, no comentario que acompaña á publicación da carta, fai énfase nesta última cuestión ó afirmar que:

> (...) es preciso tener en cuenta que aquella comarca es víctima de la miseria, que tambien allí el hambre ha pasado su planta aniquiladora, es preciso tener en cuenta que los míseros habitantes de las montañas próximas á la bella ciudad cuyos muros acarician las olas del mar, bajaron á la poblacion, abandonando su albergue, á implorar la caridad pública.[358]

O artigo de agradecemento foi reproducido días despois no *Diario del Ferrol*[359].

No que á subscrición levada a cabo en Bilbao se refire, é importante sinalar que esta se levou a cabo a través da mediación de Manuel Sánchez Guardamino, lugués de nacemento, de orixes vascos e que se establece en San Sebastián na última fase da súa vida, pero mantendo importantes vínculos económicos, políticos e persoais coa súa cidade de nacemento[360]. O xornal que neste caso deu publicidade, aínda que non de maneira moi intensa, e recolleu os donativos foi *El Noticiero Bilbaino*. O 22 de maio o xornal vasco daba a noticia de ter entregado ó Sr. Guardamino a cantidade de 4.000 reais, produto parcial da cantidade recadada ata ese momento "para los pobres de Lugo", para suplir a mesma cantidade que "hacia algun tiempo que habia ordenado al ad-

---

[355] O contido das cartas enviadas polo grupo de lugueses organizadores da subscrición é reproducida polo *Diario de Lugo*, nº 1093, 27 de maio 1880, p. 2. "SOCORROS Á LA MISERIA".

[356] *Diario de Lugo*, nº 1094, 29 de maio 1880, p. 2; nº 1096, 1 de maio 1880, p. 1; nº 1098, 3 de xuño 1880, p. 1; nº 1099, 4 de xuño 1880, p. 1; nº 1100, 5 de xuño 1880, p. 1; nº 1103, 9 de xuño 1880, p. 1; nº 1106, 12 de xuño 1880, p. 1; nº 1107 13 de xuño 1880, p. 1; nº 1110, 17 de xuño 1880, p. 2; nº 1111, 18 de xuño 1880, p. 1.

[357] *Diario de Lugo*, nº 1115, 23 de xuño 1880, p. 1.

[358] *Diario de Lugo*, nº 1115, 23 de xuño 1880, p. 1.

[359] *Diario de Lugo*, nº 1118, 27 de xuño 1880, p. 1. Afírmase esta cuestión.

[360] SALGADO GARCÍA, Fernando. "Los Guardamino de Lugo". *La Voz de Galicia*. 23 de decembro de 2012. Suplemento Mercados, nº 779, p. 20.

ministrador que tiene en aquella afligida provincia que adelantase" coa finalidade de "socorrer las necesidades mas apremientes de aquellos pobrecitos"[361].

O *Diario de Lugo* daba conta tamén da achega do Sr. Guardamino de 600 reais na subscrición levada a cabo en Lugo[362]. Días máis tarde ampliaría a información dando a coñecer que:

> Además de haber remitido el señor Guardamino la cantidad de 600 reales á la Junta de Beneficencia de esta capital, encabezó con *dos mil* la lista de suscricion abierta en Bilbao para socorro de los pobres de Lugo[363].

O importe do recadado en Bilbao segundo a contabilidade final da Xunta de Beneficencia, contabilizado en dúas partidas, ascendeu á cantidade de 2.260 pesetas.

5.2.5. As xestións diante do Ministerio da Guerra

A organización do reparto de alimentos ós desprazados que acudiran á cidade mendigando axuda atopouse coas dificultades de abastecer de pan a unha tan grande cantidade de persoas. A capacidade do forno instalado na Casa de Beneficencia e incluso dos panadeiros da cidade[364], empuxou á Xunta de Beneficencia a facer xestións para conseguir que os fornos, que o exército tiña instalados nela para o seu propio servizo, elaborasen, subministrándolles a fariña e a leña necesarios, o pan para subministrar no reparto de alimentos.

Inicialmente encargárase a elaboración ó panadeiro da cidade Manuel Fuentes, pero suponse que o gran volume ó que tiña que facer fronte cada día imposibilitaba que o pan tivese a calidade necesaria e "si bien es de harina de trigo, está casi siempre elaborado en malas condiciones"[365].

O día 12 de maio o gobernador militar de Lugo envía carta ó alcalde Castro Freire en resposta á que el lle enviara previamente, comunicándolle o oficio que recibira do capitán xeral de Galicia, accedendo á solicitude "respecto á la elaboracion de pan para los pobres en la Factoria de Subsistencias Militares"[366]. O alcalde dá conta do resultado da xestión á Xunta de Beneficencia na reunión que ten lugar nese mesmo día.

Para dar formato legal á medida e cumprir cos requisitos necesarios, o capitán xeral de Galicia envía un comunicado o día 14 de maio ó ministro da Guerra. Este non resposta formalmente ata o día 17 de xullo, comunicando que dera conta ó rei da comunicación que se lle dirixira participando ter disposto se facilitasen os fornos e obreiros que o exército ten en Lugo ó concello da capital "para que pueda cocer el pan con que socorre á los numerosos pobres que por efecto de la miseria que aflije á aquella provincia se aglomeran en la referida ciudad"[367].

---

[361] *El Noticiero Bilbaino*, 22 de maio 1880, p. 1 e p. 2.

[362] *Diario de Lugo*, nº 1101, 5 de xuño 1880, p. 1.

[363] *Diario de Lugo*, nº 1109, 16 de xuño 1880, p. 3.

[364] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas, Sig. 0828-00, Leg.699.

[365] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas, Sig. 0828-00, Leg.699. Sesión do 12 de maio de 1880.

[366] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828.00, Leg.699. Carta orixinal do gobernador militar da provincia de Lugo ó alcalde José Castro Freire con data do 12 de maio de 1880.

[367] *Recopilación de reales órdenes y circulares de interés general para la Guardia Civil expedidas en todo el año de 1880*, Boletín Oficial de la Guardia Civil, Madrid 1880, p. 122.

Enumera a continuación unha serie de consideracións e limitacións que contiña a real orden e que había que ter en conta para levar a cabo o servizo, e recomendando ademais "que el indicado servicio de Lugo cese lo antes posible" e advertindo "que en lo sucesivo no se dispongan por las autoridades militares de los distritos prestaciones de servicios análogas sin que préviamente y en cada caso se solicite del Gobierno".

5.3. A subscrición en Lugo

Na reunión da Xunta de Beneficencia que ten lugar o 12 de maio, apróbase a designación feita polo alcalde "de las personas de la Poblacion que hubiesen de encargarse de la colecta ó suscricion en los diferentes barrios de la Ciudad"[368].

A imposibilidade de organizar unha subscrición en Madrid para recadar fondos naquela capital e incluso noutras provincias, fixo que se recibiran en Lugo donativos de lugueses residentes alí, algúns deles dos mesmos senadores e deputados pola provincia, e que eran recibidos directamente pola Xunta de Beneficencia. O *Diario de Lugo* dá conta a finais de maio de algúns destes donativos, sen levar aínda unha contabilidade do que se vai recadando[369]. Poucos días máis tarde a noticia era que "varios vecinos recorren hace dias las casas del pueblo en demanda de auxilio"[370].

Xa a mediados de xuño a subscrición aparece organizada e iniciase a publicación das listas cos nomes dos doantes e as cantidades aportadas. A actitude de desinformación e distanciamento cara o xornal, mantida durante este tempo polo Concello e a Xunta de Beneficencia, cambia interesadamente a partir deste momento pola necesidade de que se publiquen as listas de doantes e se dea publicidade e recoñecemento á subscrición[371].

O importe e contabilidade separada do que correspondía estritamente ás achegas dos cidadáns de Lugo non se levou a cabo en ningún momento, contabilizándose conxuntamente co aportado por diferentes organismos e doazóns de outros orixes xeográficos, como foran o importe do "Fondo de Calamidades Publicas" do Ministerio da Gobernación, as achegas do Concello, Deputación e demais.

O importe da recadación levada a cabo unicamente entre as persoas residentes na cidade, descontados da contabilidade todos os restantes conceptos que non cumpren ese criterio, alcanza a cantidade de 7.057, 94 pesetas.

Con todo, resulta rechamante o feito da tardanza na organización da subscrición, sobre todo tendo en conta as datas nas que se se dirixe a carta a *El Imparcial* e ós lugueses residentes no Ferrol. Incluso, o tempo no que se desenvolve a subscrición levada a cabo en Bilbao.

---

[368] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas, Sig. 0825-00, Leg. 696.

[369] *Diario de Lugo*, nº1093, 27 de maio 1880, p2.

[370] *Diario de Lugo*, nº1095, 30 de maio 1880, p. 4.

[371] A publicación das listas e resultados da subscrición levouse a cabo a partir deste momento no *Diario de Lugo* durante os meses de xunio e xullo:
nº 1106, 12 de xuño, p. 1.
nº 1112, 19 de xuño, p. 1.
nº 1115, 23 de xuño, p. 1.
nº 1125, 7 de xullo, p. 1.
nº 1128, 10 de xullo, p. 1.

Á subscrición aberta en Lugo fixeron doazóns persoas non residentes na cidade, algunhas dela con vínculos persoais ou familiares con ela. Non son moi numerosas, pero si alcanzan unha contía importante, xa que globalmente suman as 2.425 pesetas.

En total son catorce as achegas foráneas contabilizadas, e delas a metade, sete, proceden de persoas residentes en Madrid, dúas de Bilbao, unha de Zaragoza (a do arcebispo de aquela cidade), unha de Valladolid, outra de Ortigueira e dúas de Mondoñedo.

A orixe social e poder económico dos doantes é elevado en xeral, sendo as achegas máis pequenas de 25 pesetas, acadando as máis elevadas as 500. O valor medio delas é de 173, 21 pts., o que indica claramente a orixe non popular das achegas, cuestión esta que contrasta coas feitas polos residentes en Lugo, moito máis numerosas, loxicamente, pero de importe moi inferior cada unha delas.

A contía do recadado ó final de todo o proceso, contabilizado nas contas oficiais da Xunta de Beneficencia, foi de 26.547,56 pesetas. Se temos en conta que o que corresponde unicamente ó aportado por cidadáns de Lugo é de 7.057,94 pesetas e o comparamos coa recadación para os afectados polas inundacións do Levante, que acadara as 7.280, 57, pódese deducir que a implicación na cidade foi baixa e pouco comprometida.

5.4. A función benéfica no Teatro

De maneira similar a como se fixera con motivo de recadar fondos para os afectados polas inundacións do Levante, organizouse no Teatro municipal un festival benéfico co obxecto de obter fondos con destino á Xunta de Beneficencia. A preparación e as referencias na prensa durante os días anteriores foron moito menores do que o foran na ocasión anterior, limitándose moitas das actuacións e interpretacións a unha repetición das levadas a cabo naquela.

O acto tivo lugar o día 17 de xaneiro de 1880 e a difusión limitouse ó seu anuncio e á publicación do programa no *Diario de Lugo* o día anterior, coa aclaración de que o importe do recadado se destina "al socorro de los pobres cuyo número asciende á mil doscientos, segun saben ya nuestros lectores"[372].

Dous días máis tarde publícase unha crónica sobre as actuacións que tiveran lugar, valorando cada unha das interpretacións, sen que neste caso se fale de éxito rotundo no que a asistencia e recadación se refire[373].

O importe do recadado por este concepto, segundo consta na contabilidade final de todo o proceso foi de 278,62 pesetas "como mitad del producto líquido"[374].

[372] *Diario de Lugo*, nº 1109, 16 de xuño 1880, p. 3.

[373] *Diario de Lugo*, nº 1113, 20 de xuño 1880, pp. 2-3. "EL CONCIERTO DEL JUEVES".

[374] Non hai constancia, entre o publicado polo *Diario de Lugo*, do importe do recadado na función do mesmo tipo levada a cabo no seu momento a beneficio dos afectados polas inundacións do Levante, que permita facer unha comparación.

5.5. O socorro alimenticio na cidade

5.5.1. A composición das racións alimenticias

Na reunión da Xunta de Beneficencia celebrada o 24 de abril, quedara establecido que o socorro alimenticio tería lugar no "claustro bajo" da Casa de Beneficencia e que consistiría en dúas comidas, unha pola mañá, ás 8 h., como se anunciara no bando da alcaldía do 4 de maio, e outra pola tarde. Establecíase tamén na reunión da Xunta dese día que a comida da mañá consistiría en "sopa", a da tarde en "rancho" e que ambas comidas se completarían coa "cantidad necesaria de pan".

En canto á composición das comidas e os ingredientes que deberían formar parte delas, a Xunta botou man da experiencia que xa tiña na cuestión das subministracións do Hospital e, en especial, da Casa de Beneficencia[375].

Na reunión celebrada pola Xunta de Beneficencia o 30 de abril xa se tomaran algunhas determinacións no tocante a esta cuestión, decidíndose que o pan que se subministrase fose de trigo "casi al mismo precio que el de centeno" e que o rancho da tarde se elaborase con arroz, fabas, castañas secas e demais "que pueda proporcionarse". Tamén se determina que a graxa sexa "el tocino ó unto del país ó de América, pues este en nada puede perjudicar la salud por sufrir una alta temperatura al derretirse antes de mezclarlo en la sopa y el rancho".

Tal como se recolle nas actas, o prezo do centeo, principal alimento dos habitantes do rural, acadara, a causa da súa escaseza, prezos moi elevados xa nesas datas, aproximándose moito ó do trigo. Esta cuestión dos incrementos da evolución dos prezos durante o transcurso da crise, analizarase con máis detalle no apartado sobre o encarecemento dos cereais, dentro das consecuencias da crise.

En informe redactado e dirixido o 30 de xuño de 1880 polo alcalde e o interventor á Xunta de Beneficencia fanse constar os produtos consumidos nas cociñas da Casa de Beneficencia para elaborar as comidas dos socorridos nos 56 días que levaban ata ese momento: 41.071 ½ libras galegas de pan de trigo, 187 @ e 11 libras de arroz, 27 @ e 20 ½ libras de touciño, 112 @ e 19 libras de fabas brancas e de color, 27@ e 4 libras de castañas secas e 8 quintais de sal. Consumíronse ademáis nas cociñas 32 carros de leña e téndose adquirido algúns útiles "y vasijería de hoja de lata, madera y barro para el servicio"[376].

Das listas de produtos consumidos e as poucas explicacións que as acompañan pódese deducir con bastante aproximación en que consistían as comidas que se subministraron ós desprazados. Salvo o arroz, produto non consumido de forma tradicional no medio rural, o resto aproxímase bastante ó que se consumía tradicionalmente entre as xentes do medio rural[377].

Cabe pensar que as castañas secas entrarían a formar parte do caldo que se daba como primeira comida polas mañás, ás oito, dado que non hai constancia da adquisición de verduras, e que se completaría cun rustrido de graxa de porco e pemento doce, e o correspondente pan.

---

[375] É moi posible que a opinión e criterio das monxas da orde das "Hermanas de la Caridad", que dirixían xa a Casa de Beneficencia, pesase de maneira importante nesta cuestión.

[376] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas. Sig.0825-00, Leg.696.

[377] SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto. *A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850*. Santiago de Compostela: Servicio de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1992, pp. 98-114.

En canto ó rancho que se subministraba pola tarde, trataríase dun cocido, tamén sen patacas nin verduras, no que entrarían as fabas, arroz, o compango de touciño e a ración de pan. A ausencia de verduras e patacas puidera ter relación coa orixe non galega das monxas que rexentaban a Casa de Beneficencia, que traerían os costumes culinarios das súas zonas de orixe e non serían proclives á incorporación de algunhas das que existían aquí[378].

5.5.2. A posta en marcha e desenrolo

Tal como se decidira na reunión da Xunta de Beneficencia do día 30 de abril e se publicara no bando da alcaldía do día 4 de maio, iniciase o día 5 o reparto de alimentos ós necesitados que acudiran á cidade en demanda de axuda e a quen, a partir dese momento, se lles prohibe a práctica da mendicidade. Varios meses despois de que se iniciase a chegada de famentos á cidade, pero solo unhas semanas máis tarde de que se considerase unha ameaza para a o orde, dáse de comer ós que non teñen. As primeiras evidencias de chegada de xentes á cidade empuxados pola falta de recursos orixinada pola crise datan do mes de xullo de 1879[379], o que significa que a medida do reparto de alimentos tardou case un ano en facerse efectiva, antes de que o seu incremento fose percibido como unha ameaza para o orde público.

O Diario de Lugo dá conta de cómo transcorreu ese primeiro día do reparto de alimentos na súa edición do día 6[380]:

> Ayer á las ocho de la mañana, segun estaba anunciado por bando de la Alcaldía, comenzó el socorro á los pobres del casco y radio de la Capital, en los cláustros de la casa de Beneficencia, y eran las once, y todavia se veian hacinados en el pátio de la misma un gran número, despues de haber recibido ya socorro, quinientos por lo menos.
>
> El espectáculo que ofrecia aquella multitud de hambrientos, cubiertos de harapos, es imposible de describir: el cuadro de miseria que se aprecia á nuestra vista, nos causó profunda pena é hizo que se agolpasen á nuestra imaginacion ideas desconsoladoras. [381]

Puntualizaba tamén con relación ó número e proporcións dos socorridos que "si se tiene en cuenta que los que se albergaban en aquel lugar es solo una parte muy mínima de los que existen en el término municipal, acrece nuestro espanto".

A cuantificación numérica dos socorridos nese día, efectivamente, superaba os cincocentos afectados. Na contabilidade de racións alimenticias repartidas para ese día constan 590 pola mañá e 601 pola tarde. A esaxeración que puidera desprenderse da descrición do xornal está totalmente descartada. As cifras, con todo, eran moi inferiores ás que se foron rexistrando en datas posteriores[382]. O feito de que nese primeiro día non

---

[378] A orixe non galega da totalidade das monxas que entraran a rexentar o establecemento quedou reflectido no apartado correspondente da Casa de Beneficencia. Nos censos de poboación deses anos faise constar o lugar de nacemento de cada unha delas.

[379] *Diario de Lugo*, nº 871, 14 de xullo 1879, p. 1.

[380] *Diario de Lugo*, nº 1076, 6 de maio 1880, pp. 2-3. "SOCORRO Á LA MISERIA". Apéndice documental nº 32.

[381] *Diario de Lugo*, nº 1076, 6 de maio 1880, pp. 2-3. "SOCORRO Á LA MISERIA". Apéndice documental nº 32.

[382] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia. Estado numérico de los socorros suministrados á pobres en la casa de Beneficencia de esta Ciudad, por la Junta especial, desde 5 de Mayo de 1880. Sig. 0828-00, Leg.699.

todos os afectados estivesen informados debeu supoñer que parte dos que se atopaban na cidade e arredores non se achegasen ese día á Casa de Beneficencia. Posiblemente se a crónica fose escrita en días posteriores, nos que o número chegou a duplicarse, lle resultaría difícil atopar adxectivos axeitados á situación que alí se vivía. Con todo, as previsións da Xunta de Beneficencia deberon verse desbordadas desde o primeiro momento. A utilización dos dous claustros para o reparto, cando estaba previsto facelo só nun deles, demostra esa circunstancia.

Uns días máis tarde, destacaba na primeira páxina o exclamativo titular de "¡¡1.052!!"[383], dando conta da alarma que esa cifra lle producía:

> A esta cifra ha llegado ya el número de pobres socorridos diariamente en la casa de Beneficencia, y en esta progresion amenaza alcanzar á tal extremo que será ya de todo punto imposible proporcionarles alimento.[384]

A dificultade para atopar palabras que describan a situación maniféstase de maneira evidente: "La imaginación más fantástica no encontraria frases con qué pintar, siquiera aproximadamente, la realidad de la situacion".

Neses primeiros días, o *Diario de Lugo* fai tamén algunhas críticas con relación á organización e forma de levar a cabo os socorros alimenticios[385]. Advirte á Xunta de Beneficencia de que "están percibiendo socorro personas cuya situacion no les obliga á mendigar" e que é preciso procurar que "algunos egoistas no causen perjuicio á verdaderos necesitados".

Outra cuestión que aborda é a de que, a pesar da existencia dos socorros, continúa practicándose a mendicidade na cidade, incumpríndose a prohibición manifesta que contiña o bando da alcaldía do día 4. A existencia da mendicidade era unha cuestión primordial para a burguesía e autoridades da cidade, xa que o obxectivo dos socorros non era combater a fame senón as molestias e a presenza dos que a practicaban, ademais da ameaza latente das posibles revoltas en que puidera desembocar a situación.

Atendendo a esta demanda de facer efectivo o cumprimento da prohibición de practicar a mendicidade, publicase un novo bando o día 22[386], incidindo na intención de "tratar con todo el rigor de la ley á los infractores" e encargando ós axentes municipais "la más esquisita vigilancia".

A cuestión do pan, que preocupara ós organizadores desde un principio polo elevado volume necesario, queda inicialmente resolto grazas ás xestións levadas a cabo co capitán xeral de Galicia a través do gobernador militar en Lugo. Na reunión da Xunta de Beneficencia do día 12, coñecida xa a autorización, determínase "que empiece á elaborarse inmediatamente en la factoría militar", tendo en conta a baixa calidade do que subministraba o panadeiro que o viña elaborando ata ese momento[387].

---

[383] *Diario de Lugo*, nº 1086, 19 de maio 1880, p. 1. Apéndice documental nº 33.

[384] *Diario de Lugo*, nº 1086, 19 de maio 1880, p. 1. Apéndice documental nº 33.

[385] *Diario de Lugo*, nº 1084, 16 de maio 1880, p. 1.

[386] O bando da alcaldía do día 22 non se conserva entre a documentación histórica do Concello, pero foi reproducido no *Diario de Lugo*, nº 1090, 23 de maio 1880, p. 1.

[387] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Acta, Sig. 0825-00, Leg.696.. Reunión do 12 de maio de 1880.

No *Diario de Lugo* dábanse algunhas referencias máis sobre as vantaxes que reportaba a medida, comentando que o pan "a más de ser de excelente calidad, se obtiene al económico precio de veintiocho maravedises la libra gallega de veinte onzas"[388].

Xa a finais de mes dá unha cifra aínda máis avultada que as anteriores do número de afectados, anunciando terse chegado ós 1.224 socorridos nun só día na Casa de Beneficencia[389]. Advirte tamén da previsión de que o número non descenderá significativamente "cuando ménos ínterin no transcurra el mes de Junio próximo". Os cálculos apuntaban a que era preciso esperar á chegada da nova colleita de centeo e trigo que correspondía recoller no mes de xullo, momento no que se esperaba que as xentes abandonasen a cidade para regresar ás súas aldeas de orixe.

Dá conta tamén da incidencia que toda esta situación tivo na celebración que neses días tivo lugar do Corpus. Da multitudinaria asistencia de xente que na cidade se producía nese día desde as aldeas, conta que "Este año tambien acudió; mas fué á pedir limosna". Da pobre iluminación festiva que tivo a cidade nese día conclúe que "era muy propia de un pueblo donde se socorre diariamente á más de mil pordioseros".

A primeiros de xuño, a noticia era que se socorría a 1.018[390] desprazados, e a mediados de mes informaba de que o seu número "no baja desde hace dias de milciento" e de que xa se tiña chegado a "cerca de mil trescientos"[391].

5.5.3. A cuantificación dos socorridos

Unha das cuestións importantes a ter en conta para avaliar a magnitude do problema que desencadeou a secuencia de acontecementos que desembocaron nos socorros prestados na cidade e nas aldeas do municipio, é a de determinar o número de persoas que, despois de abandonar os seus fogares nos lugares de orixe, acoden á capital empuxados pola fame.

As persoas encargadas de elaborar os rexistros das asistencias levadas a cabo durante este tempo na Casa de Beneficencia procuraron levar unha contabilidade o máis precisa posible do número de racións entregadas cada día en cada reparto, sen que o número de persoas asistidas, e moito menos existentes na cidade en condición de desprazados, formase parte das súas prioridades.

A primeira cuestión que se formula é a da conversión deses recontos de asistencias diarias no número de persoas socorridas, que indicaría á súa vez a cantidade de persoas en situación de extrema necesidade que había na cidade deambulando polas rúas nese momento.

A cuantificación levada a cabo dos socorros contaba cos seguintes apartados: dia do mes ó que se refería, socorros repartidos pola mañá, á tarde e total dese día. En outra columna especificábase o total de racións completas (maña e tarde) repartidas nese día.

[388] *Diario de Lugo*, nº 1086, 19 de maio 1880, p. 3.

[389] *Diario de Lugo*, nº 1095, 30 de maio 1880, p. 4.

[390] *Diario de Lugo*, nº 1100, 5 de xuño 1880, p. 2. A noticia facía referencia ó número de desprazados que se socorrera na Casa de Beneficencia o día 3 de xuño.

[391] *Diario de Lugo*, nº 1105, 11 de xuño 1880, p. 3.

Cadro 6.
Cuantificación dos socorros subministrados na Casa de Beneficencia

Mes	Día	Mañá	Tarde	Total do día	Total de racións diarias completas
Maio	5	590	601	1191	595 ½
	6	595	783	1378	689
	7	768	879	1637	818 ½
	8	823	885	1708	854
	9	829	957	1784	892
	10	841	875	1716	858
	11	743	867	1610	805
	12	749	870	1519	809 ½
	13	633	889	1522	761
	14	658	950	1608	804
	15	749	849	1598	799
	16	773	1041	1814	907
	17	908	1041	1949	974 ½
	18	777	1012	1789	894 ½
	19	701	989	1690	845
	20	841	902	1825	911 ½
	21	783	947	1730	865
	22	779	980	1759	879 ½
	23	857	1024	1881	940 ½
	24	645	772	1417	708 ½
	25	691	914	1605	802 ½
	26	964	1191	2155	1077 ½
	27	1268	977	2245	1122 ½
	28	686	905	1591	795 ½
	29	967	982	1949	974 ½
	30	730	980	1710	855
	31	797	845	1642	821
	Totais	21.233	24.887	46.120	23.060
Xuño	1	759	977	1736	868
	2	782	980	1762	881
	3	760	1018	1778	889
	4	834	1048	1882	941
	5	845	1079	1924	962
	6	1164	1266	2430	1215
	7	878	1194	2072	1036
	8	990	1113	2103	1051 ½
	9	999	1188	2187	1093 ½
	10	948	1254	2202	1101
	11	1020	1189	2209	1104 ½
	12	942	1168	2110	1055
	13	997	1149	2146	1073
	14	908	1277	2185	1092 ½
	15	931	1207	2138	1069
	16	960	1189	2149	1074 ½
	17	1017	1254	2271	1135 ½
	16	995	1270	2265	1132 ½
	19	1021	1295	2316	1158
	20	1017	1298	2315	1157 ½
	21	970	1322	2292	1146
	22	979	1304	2283	1141 ½
	23	1093	1277	2370	1185
	24	989	1271	2280	1140
	25	962	1368	2330	1165
	26	993	1282	2275	1137 ½
	27	1317	1344	2661	1330 ½
	28	995	1255	2250	1125
	29	1105	1336	2441	1220 ½
	30	940	1260	2200	1100
	Totais	29110	36452	65562	32781
Xullo	1	893	1154	2047	1023 ½
	2	789	1120	1909	954 ½
	3	790	1119	1909	954 ½
	4	960	1191	2151	1075 ½
	5	825	1129	1954	977
	6	997	920	1917	958 ½
	7	860	954	1814	907

	8	793	994	1787	893 ½
	9	275	415	690	345
	10	332	326	658	329
	11	345	362	707	353 ½
	12	337	360	697	348 ½
	13	326	332	658	329
	14	329	335	664	332
	15	313	323	636	318
	16	280	255	535	267 ½
	17	259	255	514	257
	18	253	253	253	253
	19	234	203	437	218 ½
	20	218	212	430	215
	Totais	10408	11959	22367	11310

Fonte: elaboración propia, feita a partir dos datos contidos nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia e Socorros.[392]

Os socorros da mañá e tarde anotados corresponden ó número de racións repartidas en cada unha das comidas, nunca coincidentes, sendo unhas veces maior o número das repartidas pola tarde e outras o da mañá. O total correspóndese sempre coa suma das dúas cantidades anteriores, do número da mañá máis o da tarde, e o total de racións completa dese día obtense de dividir o total de socorros do día entre dous. Este total carece de valor á hora de coñecer o número de persoas socorridas en cada día, xa que se trata da media entre as dúas cantidades, que resulta sempre inferior ó número de socorridos xuntos nunha das dúas sesións. Aínda que este total é o elixido pola Xunta de Beneficencia para a publicación que unha vez rematado todo se fai da contabilidade[393], o seu valor elíxese unicamente co criterio de reflectir a cantidade de alimentos repartidos, sen que o número de persoas socorridas sexa o que se pretenda constatar.

Contrastando os números anotados nos rexistros coas cifras dadas na prensa ou outros documentos das persoas socorridas neses días, non sempre atopamos coincidencias ou correspondencias exactas.

A cifra de 1.052 persoas socorridas nun mesmo día publicada polo *Diario de Lugo* o día 30 de maio non se corresponde con ningunha das anotadas ata ese momento nos rexistros, sendo incluso inferior ás de algúns dos días[394]. Igualmente sucede cos 1.224 socorridos o día 27[395] de maio, que non coinciden nin coas 1.268 racións da mañá nin coas 977 da tarde, nin coas 1.122 ½ do total de racións completas dese día.

Tampouco coincide a cifra manexada polo alcalde en carta ó conde de Pallares do 17 de maio cando lle comunica que "ayer hemos alimentado 1032 hambrientos". Esa mesma cifra aparece na carta que dirixe ó director de *El Imparcial* coa mesma data, na que tamén afirma que "en el día de ayer há habido que dar alimentacion á 1.032 desgraciados"[396]. Nas anotacións correspondentes ó día 16 aparecen rexistradas 773 racións pola mañá e 1.041 pola tarde, e no total de racións completas, 907.

[392] "Estado numérico de los socorros suministrados á pobres en la casa de Beneficencia de esta Ciudad", por la Junta especial desde 5 de mayo de 1880. AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828-00, Leg. 699.

[393] *Junta Municipal de Beneficencia y Socorros de Lugo. Sus cuentas. 1880*, Lugo: Imprenta á cargo de Juan M. Bravos,1880, p. 29.

[394] O día 26 de maio hai anotados 1.191 racións pola tarde e o día 27, 1.268 pola mañán.

[395] *Diario de Lugo*, nº1095, 30 de maio 1880, p. 4.

[396] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig.825-00, Leg. 696. Cartas do alcalde de Lugo ó conde de Pallares e a Eduardo Gasset y Artime con data do 17 de maio de 1880.

Si hai coincidencia coa cifra dada polo *Diario de Lugo* para o día 3 de xuño: "A 1018 ascendió anteayer el número de pobres socorridos en la Casa de Beneficencia"[397]. Nas anotacións dese día aparecen 760 pola mañá e 1.018 pola tarde.


Este criterio de tomar como referencia do número de socorridos, e polo tanto tamén do número documentado de desprazados existentes na cidade, a maior das cantidades rexistradas pola mañá ou pola tarde, será o que seguiremos para a avaliación do mesmo ó longo de todo o proceso, por resultar o máis apropiado e próximo ó número real.

Sigue tamén este criterio do número maior dos rexistrados cada día, pola mañá e pola tarde, cando afirma que a cantidade de socorridos "no baja desde hace dias de mil ciento"[398].

Sempre, salvo moi raras excepcións, o número de socorridos pola tarde é superior ó dos que o foron pola mañá, chegando a superar esta diferenza o 30% en bastantes casos[399]. Unicamente é superior en número a cifra de socorridos pola mañá o 27 de maio (1268 pola mañá e 977 pola tarde) e os últimos días nos que se leva a cabo o socorro no mes de xullo.

Esta maior asistencia á comida da tarde con respecto á da maña pode deberse a varios motivos. O maior poder nutritivo da comida subministrada pola tarde puidera ser un dos motivos que propiciasen esta diferenza. Outra das cuestións que puidera ter relación, posiblemente fose o lugar de pernoctación. Se ben moitas das persoas que deambulaban pola cidade durmirían nela, en rúas, soportais, cortellos etc, outra parte delas, debido á gran saturación de xentes en estas condicións que existía, buscarían acubillo nas aldeas próximas á cidade, onde a existencia de pendellos, palleiras e demais construcións anexas ás casas de labranza, lles facilitaría a posibilidade de conseguir onde abeirarse pola noite. A distancia ó centro da cidade dificultaría á estas persoas acudir a horas tan temperás ata a Casa de Beneficencia, sobre todo tendo en conta que unicamente recibirían como alimento unha cunca de caldo e pan.


Gráfica 4. Número maior de socorridos cada dia durante os 77 días en que se levaron a cabo




[397] *Diario de Lugo*, nº 1100, 5 de xuño 1880, p .2..

[398] *Diario de Lugo*, nº 1105, 11 de maio 1880, p. 3.

[399] A cifra de 1.254 socorridos pola tarde do día 10 de xuño é un 32% maior que a da mañán: 948.





Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos nas actas da Xunta Municipal de Beneficencia e Socorros.[400]

Á hora de analizar a evolución do número de asistidos durante os 77 días nos que se levou a cabo o socorro, obsérvanse varias cuestións significativas para comprender o que sucedeu durante ese tempo.

O primeiro que se observa de forma evidente é o forte e continuado incremento de persoas que acoden á Casa de Beneficencia durante os primeiros dez días en que se leva a cabo o socorro. Entre o 5 e o 14 de maio, pásase de 601 a 950 asistidos. Este incremento de máis dun 50%, que leva consigo á súa vez incrementos diarios de máis dun 10%, pode moi ben explicarse polo tempo que levaría ás xentes afectadas decatarse da posta en marcha do socorro. A falta de difusión das noticias, que levara ó *Diario de Lugo* a informar mal e con retraso, é claro indicio da incidencia que esta cuestión puido ter en que tardase en acudir unha parte importante dos afectados a ser socorridos, sobre todo se ademais se ten en conta o baixo índice de alfabetización existente no medio rural, que lles permitise decatarse do contido do bando da alcaldía do día 4 de maio.

Entre o 16 e o 27de maio prodúcese unha estabilización das cifras entorno ós mil afectados atendidos cada día, cun repunte puntual os días 26 e 27, con 1.191 e 1.268 respectivamente, motivado moi posiblemente polos efectos do bando da alcaldía do día

[400] "Estado numérico de los socorros suministrados á pobres en la casa de Beneficencia de esta Ciudad", por la Junta especial desde 5 de mayo de 1880. AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828-00, Leg. 699.

22, no que se incidía nas medidas represivas para aqueles que practicasen a mendicidade no termo municipal. Esta cuestión ten certa importancia porque confirmaría que non todas as persoas que acudiran á cidade de Lugo empuxadas pola fame estaban acudindo á Casa de Beneficencia para ser socorridos, e que os rexistros das asistencias non reflicten a verdadeira magnitude, nin sequera dos que deambulaban pola cidade e aldeas próximas.

Outra cuestión que se pode deducir é a de que unha parte destas xentes preferiría proporcionarse o sustento mendigando a acudir á Casa de Beneficencia para ser socorrida. As longas esperas motivadas pola masiva asistencia, que desbordarían a capacidade organizativa do establecemento, tería tamén a súa influencia. Esta circunstancia indicaría que a asistencia á Casa de Beneficencia sería o último recurso en caso de fallar o único que lles quedaba xa nese momento de mendigar.

Despois do repunte dos días 26 e 27 de maio, prodúcese un lixeiro e breve descenso que dura só ata o tres de xuño, momento no que se produce novamente un incremento importante que vai manterse xa durante un mes, ata o 5 de xullo, con cifras sempre por riba do millar e cos rexistros máximos de todo o período, que superaban amplamente os 1.300.

Un factor importante que influíu na evolución das cifras de socorridos é a decisión tomada pola Xunta de Beneficencia para limitar os socorros a partir do día 9 de xullo:

> Y en su vista se acordó que desde el dia nueve solo se de socorro á los ciegos y demás visible y legítimamente impedidos, a cuyo efecto se avise al Sr. médico de la Ciudad para los reconocimientos que haya que practicar. Que asimismo se socorra á todos los que se dediquen á trabajos públicos dispuestos por la Junta y á los hijos de estos que por su edad ú otras circunstancias no sean aptos para el trabajo"[401].

A decisión adoptada vai significar unha redución maior do 50% do número de socorridos repentinamente, pasando do máximo do día 8 de 994 socorridos a 415 un día máis tarde, o día 9, deixando de socorrer bruscamente a máis de 500 persoas.

Finalmente, o día 20 de xullo prodúcese a suspensión definitiva de tódolos socorros.

No que ás características e condición social das xentes que acudiron á cidade e finalmente foron socorridos se refire, as fontes documentais son extremadamente parcas en información. Aínda que cualificados na maior parte da documentación do Concello, incluída a da propia Xunta de Beneficencia, co termo despectivo de "pordioseros", considéraselles en outros casos "honrados y laboriosos labradores"[402]. O conde de Pallares na súa intervención no Senado do 5 de maio de 1880 falaba de "familias que hasta ahora habian podido vivir con su trabajo"[403].

Sabemos que, de entre o total de persoas que chegaron a cidade en busca de axuda, unha parte importante eran mulleres e nenos, tal como describen algunhas das crónicas xornalísticas.

---

[401] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas, Sig. 0835-00. Leg. 696. Acta sen data. A presenza de nenos entre os socorridos era moi numerosa, como se poderá comprobar, pero unicamente se continuará alimentando ós que eran fillos dos que realizaban traballos para o Concello.

[402] *Junta Municipal de Beneficencia y Socorros de Lugo. Sus cuentas. 1880*. Lugo: Imprenta á cargo de Juan M. Bravos, 1880, p. 3.

[403] *Diario de Lugo*, nº 1080, 12 de maio 1880, pp. 1-2.

A propia redacción da acta na que se decide a suspensión dos socorros, excepto para aqueles que estaban desenrolando traballos e para os cegos e impedidos, tamén aporta información sobre esa parte de xentes con discapacidades que, con anterioridade á crise, sobrevivirían integradas nas súas familias nalgúns casos ou practicando a mendicidade noutros.

Establecer porcentaxes ou cantidades sobre o número de mulleres ou persoas con discapacidades resulta, dada a escaseza de documentación que aporte información sobre esas cuestión, imposible. No que á porcentaxe de nenos se refire, si se pode deducir o seu monto a partir dun dato reflectido como advertencia na contabilidade final dos socorros:

> La notable diferencia que se advierte entre las 67.151 raciones suministradas y las 52.788 libras de pan consumidas consiste en que muchos de los socorridos eran niños, y á estos, conforme á acuerdo de la Junta, no se les facilitaba mas que media racion de pan además del rancho[404].

A afirmación de que "muchos de los socorridos eran niños" xa nos anticipa unha importante referencia sobre o seu volume. A advertencia mesma permite concretalo moito máis. A diferenza entre as 67.151 racións subministradas e as 52.788 libras de pan, tendo en conta que a ración de pan dun adulto era dunha libra e a dun neno de media, lévanos a poder calcular que se repartiron 30.726 racións a nenos, o que á súa vez leva ó resultado de que un 45,75% dos socorridos tiñan esa condición[405].

5.5.4. Os traballos realizados polos socorridos

O auxilio alimenticio subministrado diariamente na Casa de Beneficencia non era gratuíto para a totalidade das persoas socorridas, senón que aquelas consideradas útiles debían proporcionar unha contraprestación consistente na realización de traballos nas obras e reparacións que o Concello determinase.

Na pequena memoria que acompaña ás contas da Xunta de Beneficencia e Socorros, publicadas unha vez finalizado todo o proceso, dáse conta do obxectivo e intencionalidade que se pretendía:

> Teniendo presente la acertada recomendacion del Gobierno de S.M., y para que la limosna no fuese un incentivo para la holgazaneria, procuró tambien la Junta abrir algunas obras públicas en que podian emplearse, cuando el tiempo lo permitiese, los menesterosos útiles.[406]

A recomendación a que se refire é a que, a través do Gobernador, fixera o ministro de Gobernación no momento de conceder a axuda de 4.000 pesetas procedentes do Fondo de Calamidades públicas. Advertía da conveniencia de que se empregara o "mayor número de pobres posible" en obras "de utilidad publica, embellecimiento ó desmonte". A advertencia daría lugar, como xa se viu, a distintas interpretacións, xerando a reacción airada do *Diario de Lugo* ó entender que a mísera axuda de 4.000 pesetas tiña como obxectivo pagar os gastos das obras. Máis sorprendente resultou a verdadeira de pretender, como finalmente sucedeu, que alimentados con esa axuda realizasen esas obras gratuitamente. Nada tiñan que ver estes traballos coas pretendidas obras do ferro-

[404] *Junta Municipal de Beneficencia y Socorros de Lugo. Sus cuentas. 1880*. Lugo: Imprenta á cargo de Juan M. Bravos, 1880, p.5.

[405] 67.151 racións - 52.788 libras de pan = 15.366 libras, o que supón 30.726 racións destinadas a nenos, o 45,75% do total das racións.

[406] Junta Municipal de Beneficencia y Socorros de Lugo. Sus cuentas. 1880, pp.4-5.

carril nin coas da carreteira á Fonsagrada, que si eran remuneradas e das que nada se soubo neses meses.

O listado dos traballos realizados, coas súas medidas, aparece recollido na contabilidade impresa de todo o proceso a que se ven facendo referencia:

— Construción dunha carreteira paralela á Ronda do Miño e un caño de desaugue na mesma, de 228 metros de lonxitude.

— Desmonte e explanación dos cubos da muralla desde a Porta Nova á do Miño. 630 metros cadrados.

— Construción dunha carreteira coas súas cunetas no camiño antigo da Coruña. 235 m. de lonxitude

— Explanación e e amaño da marxe dereita da carreteira de Madrid desde a Porta Falsa á da Estación. 152 m. de lonxitude, 456 de superficie.

— Desmonte de dous cubos da muralla e transporte na mesma carreteira de Madrid, na Ronda de Castela. 106 m. de superficie e 56 m.cúbicos de volume.

— Transporte de aréa para o paseo da muralla, deixándoa disposta en varios puntos da mesma. 24 m. cúbicos.

— Explanación e limpeza de escombros da "Plazuela de San Fernando". 430 m. cadrados.

— Desmonte e transporte de terras na cañaría paralela á carreteira da Coruña. 35 m. de lonxitude e 15 m. cúbicos de volume.

— Transporte de escombros do patio da Casa de Beneficencia. 42 m. cúbicos.

— Construción dun muro de peche no patio da Casa de Beneficencia. 16 m. cúbicos de volume.

— Transporte de escombros e materiais dun muro divisorio que se derribou na Casa de Beneficencia. 11 m. cúbicos de volume.

— Limpeza e transporte dos camiños e cadros do cemiterio xeral. 670 m. cadrados. 9 m. cúbicos de volume.

— Desmonte e transporte detrás da Capela de San Roque. 14 m. cúbicos.

— Terraplén no calexón da Ramela. 26 m. cúbicos.

— Derribo e transporte dos escombros dunha caseta ruinosa na rúa de entrada ó Hospital municipal. 21 m. cúbicos.

— Transporte de escombros nun local do Cuartel de Cabalería. 9 m. cúbicos.

— Derribo dun forno e amoreamento dos materiais no barrio do Falcón. 36 m. cúbicos.

— Transporte de escombros existentes ó pé da fonte da Madalena. 7 m. cúbicos.

— Transporte dos abastos de cuarzo para a carreteira da Ronda do Miño. 7,5 m. cúbicos.

— Transporte dos escombros e pedra existente á veira da Porta da Estación. 4 m. cúbicos[407].

As obras, considerando o seu número e proporcións, en ningún momento poden ser consideradas como ocupacionais ou de entretemento, senón que si poden considerar-

[407] Poidera estar relacionado co derribo dos dous cubos laterais da porta da Estación levado a cabo en 1875, e do que o traslado dos escombros estaba sen completar aínda nese momento. ABEL VILELA, Adolfo. *A muralla romana de Lugo na documentación dos séculos XVI ao XX*. Lugo: Diputación de Lugo, Sevicio de Pulicacións, 2011, p. 338.

se un moi rendible negocio para o Concello, tendo en conta ademais a procedencia do diñeiro co que se adquiriron os alimentos que constituían o único pago a aqueles que os realizaron.

A consideración de que debían realizar traballos aqueles a quen non se lles proporcionaba sequera un lugar para pasar a noite e se alimentaba unicamente coas dúas comidas regulamentarias ó día, evitando que esa "limosna" fose "un incentivo para la holgazaneria", é un claro indicador da mentalidade que existía detrás da organización que se levou a cabo para solucionar o problema que xerou a invasión de vítimas da crise na cidade.

A prórroga que o 9 de xullo se concede unicamente ós necesitados que estaban realizando traballos, para poder continuar recibindo o socorro alimenticio, mostra a actitude de desexar extraer o maior beneficio posible desas xentes e da organización dos socorros.

Nin sequera o gasto xerado pola adquisición de ferramentas, e aboadas cos fondos recadados, podería ser considerado como tal, tendo en conta que estas, unha vez finalizados os traballos, pasaron a ser propiedade do Concello[408].

5.5.5. O final do socorro na Casa de Beneficencia

Na evolución das cifras de socorridos diariamente, non se observa unha diminución do seu número o suficientemente significativo como para poder ser interpretada como a causa da suspensión dos socorros a partir do día 9 de xullo, salvo para aqueles casos que xa se viron e que supuxo deixar de dar alimentos dun día para outro a máis de cincocentas persoas. A lixeira caída que se percibe desde o máximo de 1.322 do 21 de xuño ós 920 que corresponden ó 6 de xullo non pode ser interpretada como un signo claro de que as causas que orixinaran o éxodo dos afectados pola crise á cidade estiveran desaparecendo, pero si no que se refire ás posibilidades de que o número continuase incrementándose.

Exorcizado o medo a que o número de persoas famentas vagando pola cidade chegase a ser insoportable e especialmente a que as reaccións que se puideran producir pola súa parte desembocasen en conflitos de impredicibles consecuencias, a continuación dos socorros carecía de motivación.

A decisión da suspensión tómase nos primeiros días de xullo[409]. A colleita nova de centeo e trigo, aínda que se aproximaba a época da recolección, non podería ser consumida aínda. A continuación dos que realizaban traballos para o Concello a cambio da comida demostra a necesidade de que os socorros alimenticios continuasen durante algún tempo máis. Si a posibilidade de obter algún tipo de traballo remunerado nalgún sitio existise, estas persoas non terían continuado traballando unicamente pola comida.

Outra cuestión que non xustifica a suspensión dos socorros é a prórroga que nos primeiros días de xullo fai o concello da medida de redución do dereito de consumos

[408] "la mayor parte de las herramientas compradas para los trabajos de obras publicas, se hán entregado, concluidas aquellas, en los almacenes del Municipio para que puedan utilizarse en lo sucesivo, excepto algunas que se han destruido por el huso.", Junta Municipal de Beneficencia y Socorros de Lugo. Sus cuentas. 1880, p.5.

[409] A acta que recolle a resolución non ten data, pero todo indica que se celebrou a primeiros de mes, cando a decisión xa se avaliara con anterioridade.

para a introdución de fariñas e cereais na cidade ata finalizar o mes[410]. Se a prórroga se leva a cabo, evidentemente, é porque o Concello consideraba que a crise permanecía, aínda que a quen se pretendía beneficiar era ós almacenistas importadores que vendían as súas mercadorías no interior da cidade.

A motivación lóxica na que se podería pensar para xustificar esta decisión sería o esgotamento dos recursos cos que se financiaba a compra, elaboración e distribución de alimentos. A revisión das contas, sen embargo, descarta esa hipótese.

No momento da toma da decisión da suspensión dos socorros, os recursos económicos estaban moi lonxe de verse esgotados. As cantidades de diñeiro recadadas a través das diferentes vías polas que se levou a cabo permitirían sen ningunha dificultade continuar coa distribución de alimentos mentres o número de necesitados non descendera de maneira máis evidente e a colleita nova de centeo e demais estivera en condicións de ser consumida.

A contabilidade levada a cabo, e publicada pola propia Xunta de Beneficencia unha vez finalizado todo o proceso, mostra un importante superávit que descarta o esgotamento dos recursos como causa da toma da decisión.

Tampouco cabe pensar que aínda que finalmente houbera superávit, este non fose visible ata rematar o proceso. No informe que os tres vocais comisionados elevan á xunta o 30 de xuño, xa se fai constar que aínda quedaban 34.737,70 reais "para gastos del mes de Julio"[411].

Descartados como motivacións o descenso claro no número de persoas que demandaban a axuda e tamén o esgotamento dos recursos que a financiaban, cabe preguntarse polas verdadeiras causas que motivaron a suspensión.

Analizadas todas as posibles causas, todo leva a pensar que a verdadeira intencionalidade da medida puidera estar relacionada co que finalmente sucedeu. Moi posiblemente se buscou a maneira de evitar en todo o posible gastar a totalidade do diñeiro recadado para destinalo a outros fins distintos e, ó mesmo tempo, suprimindo a subministración de alimentos, forzar o abandono da cidade por parte dos necesitados nun momento no que xa se consideraba desaparecida a ameaza da falta de control da situación. O feito de facelo en dúas fases, primeiro rexeitando ós que non aportaban a contraprestación do seu traballo e despois, uns días máis tarde, ó resto, facilitaría a posta en práctica da medida, evitando o impacto que podería supoñer facelo todo ó mesmo tempo.

Cabe preguntarse que sería de ese importante número de persoas que aínda había na cidade, arredor dos mil antes da posta en práctica da medida. Se ben as colleitas de centeo e trigo nos seus lugares de orixe non estaban aínda na fase de maduración necesaria para a a súa recolección, en Castela, onde o ciclo dos cereais é máis precoz, si faltaría menos. A marcha cara a Castela de boa parte das xentes que de algunha maneira se viron rexeitadas na cidade, para ir traballar de xornaleiros nas segas, puido ter sido a opción elixida por moitas delas.

---

[410] *Diario de Lugo*, nº 1123, 4 de xullo 1880, p. 1. AHPL,Concello de Lugo, Actas capitulares, Sesión do 27 de xuño de 1880. Sig. 0127-00.

[411] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia e Socorros, Sig. 0825-00, Leg.696. Informe dirixido á Xunta Municipal de Beneficencia con data do 30 de xuño de 1880.

5.6. Os socorros nas aldeas do municipio

O plan do Concello de Lugo para combater a ameaza e molestias que supoñían a presenza masiva de xentes famentas na cidade organizárase, en boa medida, en base á experiencia da aínda recordada crise de 1853. Nesta ocasión, e tendo en conta a experiencia pasada,deseñouse o plan en dúas liñas de actuación. A primeira tiña como obxectivo canalizar e controlar a esas masas de xentes que xa estaban na cidade desprazadas dos seus lugares de orixe, e a segunda pretendía evitar que esa chegada de xentes procedentes das aldeas continuara producíndose, incrementando desa maneira o número e magnitude dos que xa acudiran previamente.

Se ben o Concello non tiña capacidade para auxiliar con medidas de axuda ós necesitados que habitaban en todas as zonas de onde acudían estas xentes, cando menos ia facelo en todo o ámbito rural do seu termo municipal. O obxectivo desta segunda liña de actuación era fixar a estas persoas no seu ámbito de orixe, evitando que abandonasen as súas casas para acudir á cidade, e estimular que parte dos que xa viñeran regresasen para facerse cargo da axuda que lles correspondería no reparto.

Xa na acta da reunión da Xunta de Beneficencia do 29 de abril establecese claramente que para "ebitar aglomeracion de pobres en el Pueblo" e para que "no abandonen sus casas", tómase o acordo de que "a los pobres del distrito Rural se les reparta un socorro en especie"[412].

O obxectivo prioritario e único desta medida non é o de socorrer a necesidade desas persoas, senón evitar a súa presenza na cidade e as consecuencias que iso puidera ocasionar. Determínanse tamén os pasos a seguir para levar a cabo o socorro en especie, que consistirá no reparto de cantidades determinadas de millo entre as familias necesitadas e que se avalía nun total de 1.000 ferrados.

Na reunión do día seguinte, 30 de abril, concrétanse algunhas das medidas acordadas o día anterior. A cantidade global necesaria de millo precísase en 1.114 ferrados e en cada parroquia constituirase unha subcomisión composta polo cura párroco, o pedáneo e dous veciños, que deberán xestionar e organizar o reparto da axuda, confeccionando en primeiro lugar unha lista dos necesitados a socorrer e presentala "inmediatamente" no Concello[413].

Na seguinte reunión do 12 de maio dáse conta da existencia na alcaldía das listas de necesitados elaboradas nas parroquias, e comisiónase a tres vocais da xunta "encargándoles la urgencia posible, tanto en la adquisicion del maiz cuanto en las demás operaciones necesarias hasta el repartimiento de aquella cantidad"[414]. As demandas de acelerar os trámites son totalmente procedentes se se ten en conta que desde o inicio do proceso, na reunión do día 18 de abril, leva transcorrido case un mes sen que se vexa aínda próxima a data do reparto dos socorros.

[412] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas, Sig. 0825-00, Leg. 696. Reunión do 29 de abril de 1880.

[413] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas, Sig. 0825-00, Leg. 696, Reunión do 30 de abril de 1880.

[414] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas, Sig. 0825-00, Leg. 696, Reunión do 12 de maio de 1880.

5.6.1. As cambiantes normas e directrices sobre o reparto

A pesar de que nun principio se estableceron unha serie de medidas e procedementos concretos e minuciosos sobre a forma en que se debería levar a cabo todo o proceso do socorro, antepoñendo incluso o rigor no procedemento á urxencia vital da situación, as circunstancias, falta de colaboración e insuficiente implicación da propia xunta, levaron a que a normativa fose cambiando no transcurso dos días para adaptarse ás circunstancias, ata dexenerar na improvisación e falta de control manifestas.

Na reunión da Xunta de Beneficencia do día 29 de abril acórdase, entre outras medidas, que, ademais do pedáneo e o párroco, se convoque a un veciño, sobre o que non se determinan condicións nin características algunhas, para que conxuntamente elaboren as listas cos nomes dos necesitados de axuda que había en cada parroquia. A comisión que en cada parroquia tería que posteriormente levar a cabo o reparto efectivo do millo, ademais dos citados párroco e pedáneo debería contar neste caso con tres veciños que a Xunta de Beneficencia nomearía seguindo criterios que tampouco especifica.

Na reunión do día seguinte, establecese, sen embargo, que o número de veciños que colaborarán co pedáneo e o párroco para elaborar as listas será de dous.

A revisión das listas de necesitados nas parroquias depara algunha sorpresa e platea un problema imprevisto. Os tres vocais comisionados para adquirir e organizar o reparto do millo atópanse con que, ademais de que algunhas parroquias non aportan suficiente información, en outras as listas traen anotados "mas número de pobres que de vecinos"[415]. Coa finalidade de evitar "las quejas justas que de una distribucion personal pudiera resultar", tómase a determinación de desbotar as listas polas que se esperara varios días e elaborar unhas novas nas que se toma como referencia para determinar a cantidade de millo que lle corresponderá a cada parroquia o número de veciños contribuíntes que hai nela. A proporción establecida é que por cada veciño contribuínte asignaráselle á parroquia medio ferrado de millo, e o total asignado será repartido entre os necesitados na medida e maneira que decida cada comisión parroquial, para o que se establece ademais que os tres veciños que entrarán a formar parte dela serán "los tres mayores contribuyentes", é dicir, os máis ricos da parroquia.

As comisións parroquiais quedan desde este momento liberadas de aterse a normativa algunha para levar a cabo a distribución, establecéndose unicamente a obrigación de remitir posteriormente "relacion nominal de los individuos que hayan sido y la cantidad que á cada uno se ha facilitado recursos", firmada polos cinco membros que a compoñen.

Esta decisión ten unha gran transcendencia, xa que supón abrir a porta á "distribucion personal"que se pretendía evitar inicialmente e as queixas subseguintes. Supón, en definitiva, adxudicar ás comisións parroquiais toda a capacidade de decisión.

Outra cuestión importante que se introduce é a desigualdade das cantidades percibidas polos socorridos, dependendo o seu volume da parroquia a que pertenzan.

Si, como se pretendía nun principio, se asignase a cantidade de millo a repartir en cada parroquia en proporción ó número de veciños pobres declarados previamente, todos os asistidos, de todas as parroquias, percibirían cantidades iguais. A introdución

[415] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas. Sig.0825-00, Leg.699. Informe con data do 2 de xuño de 1.880, remitido á Xunta de Beneficencia polos tres membros desta comisionados para organizar o reparto.

da referencia do número de contribuíntes, desvinculado do de necesitados, desvirtúa a relación e dá lugar á disparidade nas cantidades percibidas por cada socorrido nas diferentes parroquias.

5.6.2. A adquisición do millo para o reparto

A adquisición do millo, tendo en conta en primeiro lugar a súa importante volume[416], presentaba algúns problemas. Non era posible levar a cabo a adquisición nas feiras locais, ademais de pola escaseza que había nelas, por non ser esta unha zona de produción de millo. A propia elección dese cereal como alimento a distribuír choca cos costumes alimenticios da zona, onde o pan era tradicionalmente de centeo e nunca de millo, como sucedía con outras zonas de Galicia con menor altitude.

As motivacións polas que se elixiu este cereal fronte o centeo, ou incluso o trigo, aínda que non aparecen especificados na documentación da Xunta de Beneficencia ou nas actas do Concello, parece obedecer a cuestións estritamente económicas. O menor prezo e maior rendemento do millo puido ter sido a motivación desta elección. O inconveniente máis importante desta elección, ademais do de non coincidir cos costumes alimenticios da zona, radicaría en ter que levar a cabo unha elaboración sensiblemente distinta á que viñan facendo coa fariña de centeo.

Seguindo o sistema que en ocasións se utilizaba para a adquisición dalgunhas subministracións na Casa de Beneficencia, óptase por seguir o procedemento de poxa pública.

O prego de condicións publícase cun día de antelación soamente ó do da poxa[417], e nel acláranse algunhas cuestións relacionadas coas características que ten que presentar o grao e a forma en que deberá ser entregado e cobrado.

Especifícase que os 1.114 ferrados deberán ser "de maiz amarillo, seco y bien acondicioando sin mezcla de otro grano ní otra sustancia extraña". Aclárase tamén a cuestión das unidades de peso que se tomarán como referencia, nun momento no que o sistema métrico decimal non se atopaba na práctica aínda suficientemente implantado. Establécese desta maneira que cada ferrado debe pesar "25 libras gallegas ó sean 20 onzas" e que se farán as entregas "por este peso y no por medida".

En canto ó prezo, establece que o máximo das poxas, a partir do que se farán as ofertas, sería de "12 reales y ½ ó sean 3 pesetas 125 milésimas" por ferrado.

A entrega de millo non se fará á Xunta de Beneficencia senón directamente ás xuntas parroquiais, que deberán recollelo aportando os sacos necesarios no almacén que o contratista deberá ter na cidade e transportalo con medios propios. A Xunta de Beneficencia evita deste xeito ter que mediar entre o almacenista e o necesitados, deixando todos os labores en mans do almacenista e as xuntas parroquiais, limitándose unicamente a un control burocrático do proceso.

---

[416] O peso dos 1.114 ferrados é equivalente a 16.013 kg. As equivalencias das unidades de medida máis utilizadas na documentación estudada son as seguintes: ferrado = arroba = 25 libras galegas = 14,375 kg., libra = 575 gramos = 20 onzas, onza = 28, 76 gramos. Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañadas, Termos libra e ferrado. FERNÁNDEZ JUSTO, María Isabel. *La metrología tradicional gallega. Aportación a los estudios sobre el medio rural.* Madrid: Instituto Geográfico Nacional, 1986. Tom. I.

[417] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas, Sig. 0828.00, Leg.699. Prego de condicións con data do día 3 de xuño de 1880.

Os destinatarios lóxicos da poxa son os negociantes importadores que, como se veu observando, desenrolaban xa unha importante actividade económica desde facía meses, incentivada pola demanda de cereais que a crise xerara, e que unha vez máis van resultar beneficiados pola desgraza.

Sabemos polos anuncios e noticias da prensa, que operaban cando menos dous almacenistas distribuidores de cereais importados. Hilario Pino en Rábade e, o máis importante aínda, Pedro Fernández Domínguez, que tiña almacéns tamén en Rábade e na rúa da Raiña en Lugo[418].

Da gran capacidade económica que tiñan este tipo de negociantes e os moi importantes volumes de mercadorías que manexaban, dá idea a noticia que a primeiros de maio reproducía o *Diario de Lugo*:

> Sabemos que se está desembarcando en la Coruña un cargamento de granos, consistente en unos seis mil sacos, en su mayor parte de maiz y centeno, con destino á los almacenes del Sr. Fernandez Dominguez, quien se propone dejarlos surtidos durante la primera quincena de Mayo para una larga temporada, á fin de que en ningun caso escaseen las subsistencias.[419]

Á poxa, que se celebra no despacho do alcalde o día 4 de xuño, presentan ofertas dous ofertantes, Ramón Nicolás Soler e o previsible Pedro Fernández Domínguez. Por presentar ambos ofertas superiores ó máximo establecido no prego de condicións de 12,5 reais por ferrado ou arroba, imposibilítase o remate da poxa. O primeiro fai a oferta "á catorce reales la @ gallega, y el Fernandez Dominguez el mismo peso á trece reales menos cuartillo con la condicion de pagarla en plata ú oro"[420].

Para poder aceptar formalmente unha segunda oferta e darlle formato legal á transacción, anúnciase o día 5 unha nova poxa para o día seguinte, esta vez co prezo máximo especificado na oferta considerada máis vantaxosa de 12,75 reais por ferrado ou arroba feita polo almacenista Fernández Domínguez, a quen se lle adxudica finalmente nese prezo coa expresada condición de que o pago ser fixera en prata ou ouro[421].

O prezo no mercado de Lugo neses días do millo era de 80-82 reais a fanega, o que equivale a 13,3-13,5 reais o ferrado[422]. A diferenza é de tan só 0,55 reais, un 4,15% menor o da poxa que o do mercado de Lugo.

As estatísticas oficiais de prezos para o mes de xuño de 1880[423] rexistran un prezo medio do millo para ese mes de 26,02 pesetas por hectolitro, o que equivale a 13,83 reais o ferrado.

Unha diferenza tan reducida entre o prezo o por menor no mercado de Lugo e o prezo de almacenista da poxa, tendo en conta, ademais do volume, o feito de non existir transporte algún, dado que hai que recollelo no mesmo almacén, indica un marxe de

---

[418] *Diario de Lugo*, nº1043, 27 de marzo 1880, p. 1; nº 1092, 26 de maio 1880, p. 1 e nº 1108, 15 de xuño 1880, p. 4.

[419] *Diario de Lugo*, nº1073, 2 de maio 1880, p. 1.

[420] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828-00, Leg. 699. Repartimiento de 1.114 ferrados de maíz. Acta de remate con data do 4 de xuño de 1880.

[421] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas, Sig. 0828.00, Leg. 699. Convocatoria da poxa con data do 5 de xuño e acta de remate con data do 6 de xuño de 1880.

[422] *Diario de Lugo*, nº 1102, 8de xuño 1880, p. 3. Prezos no mercado do día anterior.

[423] BOPL nº 90, 27 de xullo 1880, p. 2. Precio-medio que han tenido en esta provincia los artículos de consumo.

beneficio moi elevado. Trataríase dunha moi lucrativa operación comercial. Cabe preguntarse se a actitude de transixencia por parte da alcaldía carecía ou non de algún tipo de interese na operación.

5.6.3. O reparto nas parroquias

O primeiro paso para levar a cabo o reparto efectivo do millo era organizar a retirada do mesmo polas parroquias, do almacén da rúa da Raíña.

O sistema previsto establecía que os empregados do almacenista farían a entrega ó representante de cada parroquia da cantidade que se lle indique "en papeleta firmada por lo menos por dos individuos de la Comision respectiva y con el sello del Aymo."

Estas papeletas firmadas como xustificantes da entrega polo encargado de cada parroquia quedarían en poder do almacenista para presentar no seu momento diante da Xunta de Beneficencia para o cobro.

Establécese tamén o horario das entregas, que deberán ter lugar nos días establecidos entre as 9 da mañá e as 5 da tarde,.e algunha outra cuestión como que o almacenista non terá obrigación "de entregar sacos, pero sí de tener los mozos necesarios para el peso y la entrega."

Os días que se establecen para levar a cabo a retirada en Lugo das cantidades preestablecidas son o 10, 11, 12 e 13 de xuño, asignándoselle a cada parroquia unicamente un destes días.

A falta de dilixencia que se ven observando en todo o proceso dos socorros continúa ata o último momento. O envío das notificacións ós pedáneos das parroquias, comunicándolles a cita para a retirada das cantidades que lles corresponden, non se produce ata o último momento. A que corresponde á parroquia de Orbazai envíase o día 9, comunicándolle que para facerse cargo dos 19 ½ ferrados que lle foron asignados no reparto "nombre á un individuo de la misma con caballeria ó carro y sacos que venga el día 10 del actual"[424]. Nas notificacións enviadas ós pedáneos recórdase a obrigatoriedade da constitución das xuntas parroquiais, a composición das mesmas e a liberdade coa que poden actuar no reparto: "Esta bajo su responsabilidad repartirá la cantidad de maíz que les ha correspondido entre sus vecinos mas necesitados", debendo unicamente redactar, firmar os cinco membros e enviar ó Concello "lista nominal en que conste la cantidad con que á cada uno hayan socorrido".

As entregas ás parroquias, tal como estaba previsto e confirma o *Diario de Lugo*, iniciase o 10 de xuño no almacén do negociante Fernández Domínguez da rúa da Raíña[425].

Os informes coas listas nominais dos perceptores nas parroquias aportan algunha información de como estas se levaron a cabo. O redactado pola xunta parroquial de Santa María de Muxa sintetiza en poucas liñas o proceso:

> (...) hemos acordado en cumplimiento de la Circular de la Junta municipal de Beneficencia y Socorros, proceder a designar dos individuos acreedores de la limosna, llamados Antonio Trigo y Domingo Antonio Sanchez, para que fuesen en el dia de la fecha con carro y sacos á buscar la cantidad de 16 ferrados de maiz que han tocado á esta parroquia, y seguidamente hemos hecho la

[424] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas, Sig. 0824-00, Leg. 699. Pliego de condiciones para la pública subasta de 1114 ferrados de Maiz. 3 de xunio de 1880.

[425] *Diario de Lugo*, nº1105, 11 de xuño 1880, p. 2.

> distribucion del reparto, entre los vecinos mas necesitados que por orden de lugares á continuacion se expesan.[426]

A que se podería considerar presidencia compartida das xuntas parroquiais, entre o pedáneo e o cura párroco, xerou seguramente non poucos conflitos, dos que algúns transcenderon ás fontes documentais. A maior capacidade e formación dos párrocos, ademais da, nalgúns casos, maior ascendencia sobre os veciños, propiciou que aqueles se apropiaran en ocasións da dirección do proceso, que levaron a cabo segundo o seu único criterio. A acta enviada pola parroquia de Adai é moi indicativa desta situación cando especifica que "los que suscriben se han reunido en Junta bajo la presidencia del Sor. Cura párroco"[427], relegando a figura do pedáneo á dun vocal máis, sen relevancia algunha e supeditado á figura de aquel.

O informe redactado na parroquia de Santa Comba reflexa a mesma circunstancia cando el mesmo afirma que o reparto "se ha hecho vajo la presidencia del Sor. Cura y los vecinos que mande reunir para dicha junta".

Nalgúns casos a usurpación de funcións non conta coa submisión do pedáneo, que se nega a referendar o reparto levado a cabo e se desvincula del. Cando se lle reclama por escrito ó de Ombreiro a entrega da lista de veciños socorridos e cantidades entregadas a cada un, este comparece no Concello para manifestar que non pode entregar lista ningunha "porque el no hizo la distribucion del maiz á los pobres de la parroquia y si el Sr. Cura sin contar con el compareciente, y por lo tanto el será el que deba darla"[428]. Pola súa parte o párroco, na lista de socorridos que el elabora pola súa conta, fai constar que "No firma el Pedaneo porque no se le reparte a su madre la limosna a que no es merecedora".

Na usurpación de funcións que algúns párrocos levaron a cabo, desprazando ós pedáneos do reparto, o Concello non dá mostras de avalar a autoridade que, como representantes seus, deberan ter. Esa aceptación da autoridade do representante da Igrexa por riba da do representante do Municipio puidera interpretarse como unha manifestación máis do espírito restaurador que impera no momento, e en especial no que ten que ver coa resposta institucional ó mundo da pobreza.

Nalgún caso o desencontro non se produce entre o párroco e o pedáneo, senón entre este e os veciños. Os distintos cambios introducidos pola Xunta de Beneficencia na normativa que ia regular a forma de levar a cabo o reparto deron lugar a distintas interpretacións e malentendidos, e nalgún caso á apropiación de parte do millo a distribuír. Os socorridos "pobres y vecinos de San Juan de Tirimol" dirixen un escrito ó alcalde no que lle expoñen que "el pedaneo de esta parroquia ha recibido la limosna que ese Aymo destino á dha. parroquia y sin dar cumplimiento a las ordenes de V. hizo por si la distribucion bastante escandalosa". Alegan que ademais de non atender "a las necesidades mas urgentes", os ferrados usados como medida non tiñan as 25 libras que indi-

[426] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas, Sig. 0828-00, Leg. 699. Lista nominal remitida polo cura párroco de Santa María de Muxa.

[427] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas, Sig. 0828-00, Leg.699. Informe redactado o 20 de xuño en Adai.

[428] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828-00, Leg. 699. "Manifestacion del Alcalde de barrio de Hombreiro". 9 de xullo de 1880.

caba a normativa, senón que "las que figuran con un ferrado no fueron mas que diez y seis libras y los que figuran con medio 8"[429].

Con todo, e tendo en conta o gran número de parroquias, a gran cantidade de xente socorrida e a renuncia que no seu momento se fixo á elaboración previa das listas de necesitados, deixando practicamente en mans de párrocos e pedáneos dispoñer sobre o reparto ó seu libre criterio, non son moitas as referencias a este tipo de conflitos. Tampouco hai referencias sobre o grado de satisfacción dos socorridos, que é evidente que o foron tarde, mal e insuficientemente.

Unha das cuestión que se formula á hora de estudar a documentación conservada é coñecer os criterios utilizados nas parroquias para facer as reparticióǹs, pero incluso unha cuestión tan simple como determinar a proporcionalidade entre as cantidades asignadas e o número de persoas da familia destinataria, non resulta fácil de determinar. As listas da distribución aportadas polas parroquias e elaboradas máis para cumprir co requisito da normativa do reparto que polo afán de mostrar transparencia e equidade, non dan conta de criterio algún.

A inexistencia dunha lista previa que permitise establecer a cantidade que correspondería recibir a cada persoa socorrida en cada familia, en función do seu número de membros, facilitou, como se verá, a falta de proporcionalidade entre unhas e outras parroquias xa desde o punto de partida, ó recibir a cantidade global a repartir en función do número de contribuíntes e non do de necesitados, como sería lóxico e estaba previsto inicialmente.

A utilización deste criterio foi o que se tivo en conta para establecer a cantidade dos 1.114 ferrados que era necesario adquirir, ó determinar ½ ferrado por cada contribuínte e sendo estes 2.228. Descontáronse dos cálculos e das listas de parroquias perceptoras, as de Piugos, San Lázaro, Albeiros, San Pedro Fiz de Muxa e as dúas da capital, tendo en conta que se tomara a determinación de que os seus necesitados puideran recibir socorro no reparto diario de comida na Casa de Beneficencia[430].

O reparto do que a cada parroquia corresponde, en función do número de veciños contribuíntes, dá tamén unha idea da súa demografía e capacidade económica. Tamén se mostra de maneira clara a falta de igualdade entre o percibido entre os socorridos en función da parroquia á que pertenzan.

[429] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828-00, Leg.699, Escrito dos veciños de San Xoán de Tirimol, dirixido ó alcalde con data do 26 de xuño de 1880.

[430] Así se especifica no informe que os membros da Xunta de Beneficencia comisionados para o reparto do millo dirixen a aquela o 2 de xuño, xunto coa lista de parroquias e cantidades, na que especifican que "se excluyen de este reparto las parroquias de Piugos, San Lázaro, Alveiros, S. Pedro Felix de Muja y las dos de esta Capital, en atención á que los pobres de las mismas son socorridos en la casa de Beneficencia de la misma diariamente en especial". AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828-00, Leg. 699.

Cadro 7.Distribución do millo ós veciños das parroquias do municipio de Lugo

Parroquias	Veciños contribuíntes	Veciños perceptores	Millo distribuído en ferrados
Adai	30	24	15
Santa María Alta	75	34	37 ½
Báscuas	16	9	8
San Xoán do Alto	34	23	17
San Mamede dos Anxos	29	16	14 ½
San Miguel de Bacurín	34	30	17
Santo Domingo de Bazar	22	9	11
Benade	40	31	20
Santa Eulalia de Esperante	37	18	18 ½
Santa María de Fixós	11	11	5 ½
Bocamaos	35	19	17 ½
Hombreiro	36	25	18
Gondar	35	25	17 ½
Labio	52	34	26
Santa Eulalia de Bóveda	38	53	19
Mazoi	21	7	10 ½
Lamas	18	10	9
Santa María de Bóveda	106	53	53
Meilán	85	54	42 ½
San Vicente do Burgo	42	32	21
San Pedro de Calde	55	22	27 ½
San Pedro de Mera	32	40	16
Montedemeda	25	22	12 ½
San Xoan do Campo	97	82	48 ½
San Pedro de Santa Comba	88	60	44
Santo Estebo de Camoira	30	15	15
Sta. María de Muxa	32	14	16
S. Salvador de Muxa	18	12	9
Carballido	44	24	22
San Salvador de Outeiro	35	26	17 ½
Orbazai	39	19	19 ½
San Andrés de Castro	41	29	20 ½
San Vicente de Pedreda	75	48	37 ½
Coeo	65	39	32 ½
San Xoán de Pena	41	30	20 ½
Coeses	82	64	41
Pias	42	38	21
Santa Eulalia de Cuiña	28	15	14
San Martiño de Piñeiro	15	8	7 ½
San Martiño de Poutomillos	16	17	8
Prógalo	17	15	8 ½
Saa	42	31	21
Recimil	23	16	11 ½
Saamasas	16	4	8
Sta. Cristina de San Román	35	20	17 ½
Ribas de Miño	39	29	19 ½
San Pedro de Soñar	47	61	23 ½
Santa María de Teixeiro	53	30	26 ½
San Pedro de Romeán	49	22	24 ½
San Xoán de Tirimol	77	25	38 ½
San Xulián de Rubiás	29	25	14 ½
Santa María de Torible	15	9	7 ½
Vilachá de Mera	47	25	23 ½
San Vicente do Veral	43	24	21 ½

Fonte: elaboración propia a partir do listado que redacta o Concello e as listas que cada parroquia envía coas anotacións das entregas levadas a cabo en cada unha delas[431].

[431] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828-00, Leg. 699.

A falta de proporcionalidade da cantidade real de millo entregado con relación ó número de perceptores é evidente. Onde o número de veciños contribuíntes é alto e o de perceptores baixo, estes perciben maior cantidade que onde o número de ambos se aproxima.

Non hai que descartar que o reparto do millo nas parroquias fose utilizado como moeda de cambio pola trama que o clientelismo tiña estendida neste período no medio rural. A utilización dos recursos públicos como medio remunerador do apoio recibido en forma de votos é perfectamente coñecida[432]. As ramificacións que o clientelismo tiña establecido no medio rural chegaba ata a vida familiar de cada unha das parroquias[433].

Outra cuestión importante á hora de valorar a equidade do reparto é o que ten que ver co número de membros da unidade familiar do perceptor. Un reparto equitativo non debería deixar de lado esta cuestión, xa que, loxicamente, de non ser así, o que corresponde a cada membro da unidade familiar vai variar en función de formar parte dunha familia con moitos ou poucos membros.

En case ningún caso se especifica o número de individuos por familia nos informes remitidos ó Concello. Na lista que entrega a comisión de San Vicente do Veral, sen embargo, si se fai contar este tipo de información, aclarando ademais que o reparto se levou a cabo a razón de 5 libras por persoa (1 libra=575gr.). O da xunta parroquial de Santa Eulalia de Esperante é outro dos escasos casos no que se especifica tamén o número de membros da unidade familiar e o que se asigna por cada un, neste caso ¼ de ferrado (6,25 libras = 3.593 gr.), resultando socorridas 18 casas cun total de 69 persoas.

A actitude da Xunta de Beneficencia de desentenderse do reparto nas parroquias deu lugar a que este se levase a cabo das maneiras máis dispares. En Santa Marta de Fixós simplificaron ó máximo o proceso, facendo o reparto entre todos os veciños contribuíntes (non se fala de necesitados) a partes iguais, ½ ferrado, ó marxe do número de membros das familias que houbera en cada casa.

No caso de Santa María de Muxa, dedúcese da lista presentada que optaron por un sistema consistente en establecer unha cantidade fixa de medio ferrado para aqueles necesitados sen familia que vivían sos, como é o caso de María Veiga, do Lugar de Piñeiro, que recibe esa cantidade, e un ferrado e medio para as familias mais numerosas, establecéndose a cantidade dun ferrado para as familias intermedias[434]. Os núcleos familiares presentaban unha gran variedade numérica na súa composición, incrementándose nalgunhas ocasións con residentes na casa incluso sen parentesco, como sucedía no caso dos criados, ademais de tíos, tías ou irmáns solteiros. Esta composición variada estaba vinculada e condicionada pola capacidade económica e a condición social das familias, e de maneira especial polo sistema hereditario[435].

---

[432] VILLARES PAZ, Ramón. Restauración y dictadora en Galicia (1874-1930). En: DE JUANA, Jesús e PRADA, Julio (coords.). *Historia contemporánea de Galicia*. Barcelona: Ariel, 2005, pp. 203-257.

[433] VEIGA ALONSO, Xosé Ramón. Parentes, amigos e favores. As redes informais do caciquismo. En: FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo; NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M; ARTIAGA REGO, Aurora; BALBOA, Xesús, (eds.). *Poder local, élites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1997, pp. 353-371.

[434] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828-00, Leg. 699. Informe da xunta parroquial de Santa María de Muxa con data do 10 de xuño de 1880.

[435] SOBRADO CORREA, Hortensio. *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2001, pp. 71-86. Cadro 7, p.85.

A información que a propia Xunta de Beneficencia emite unha vez rematado o proceso é limitada e concisa, sen especificar nada sobre como foi feito o reparto nas parroquias:

> Los pobres labradores de las parroquias más distantes de la Capital, no podian concurrir a ella á participar en este socorro, ni era conveniente separarlos de sus casas, y para auxiliarlos, y á evitar á la vez que abandonasen sus cortos bienes dejándolos incultos, acordó la Junta repartirles, como se hizo, por medio de sub-comisiones parroquiales compuestas de los respectivos Párrocos, Alcaldes de barrio y dos vecinos, la cantidad de *mil cinto catorce ferrados de maiz*, remitiendo á la Junta las relaciones nominales de los socorridos en cada parroquia[436].

O socorro ó que fai referencia a memoria, que non podían concorrer a recibir os veciños das parroquias máis afastadas, era o do reparto de alimentos na Casa de Beneficencia. A ocultación de que a unica intención do reparto do millo nas aldeas era evitar que viñeran máis xentes necesitadas á cidade percíbese tamén de maneira bastante evidente. Por outra parte, os continuos cambios normativos da propia Xunta de Beneficencia levárona a ser vítima da súa propia ineficacia. Os veciños que formaron parte das xuntas parroquiais non foron dous como afirma, senón tres, como se viu, os tres de maior poder económico da parroquia.

En canto á valoración e importancia do socorro, convén recordar, como xa se viu, a tardanza en levalo a cabo, que unido á tardanza en iniciar todo o proceso, orixinou que se levara a cabo cando unicamente faltaban dous meses para a recollida da nova colleita. O reducido da axuda tamén é outra cuestión destacable. Os 2,875 kg. Entregados en San Vicente do Veral por persoa para alimentarse durante o tempo que faltaba para a nova colleita, indica o reducido monto da axuda real que chegou ás xentes de algúns lugares. Nos poucos casos nos que se puideron determinar as cantidades que corresponderon por persoa, estas varían de maneira importante.

Cadro 8. Cantidades de millo percibidas por persoa nas parroquias de San Vicente do Veral, Santa Eulalia de Esperante e Santa María de Muxa

San Vicente do Veral. Axuda por persoa…… 2,875 kg.

Santa Eulalia de Esperante…….. 3,595 kg.

Santa María de Muxa…….. 7,187 kg.

Fonte: elaboración propia a partir do listado que redacta o Concello e as listas que cada parroquia envía coas anotacións das entregas levadas a cabo en cada unha delas[437].

O custo económico do socorro ós necesitados das parroquias limítase ó importe pagado polos 1.114 ferrados de millo nas condicións que o contrato marcaba na súa redacción, entre elas a de que tiña que facerse efectivo en moedas de prata e ouro. Tódolos demais conceptos, como o trasporte e o reparto en si, corrían a cargo dos veciños das parroquias a quen ía destinado.

O importe anotado na contabilidade feita unha vez rematado o proceso foi de 3.550,87 pesetas, un 18,46% do importe total de 19.233, 90 pesetas de todos os apartados do proceso dos socorros levados a cabo.

No que ten que ver coa lentitude e retraso de todo o proceso, é importante sinalar que desde a reunión da Xunta de Beneficencia celebrada o día 18 de abril ata o momento no que se leva a cabo a entrega do millo ós necesitados, entre o 10 e o 15 de xuño, transcorren case dous meses, un tempo a todas luces excesivo se se ten en conta a ur-

[436] *Junta Municipal de Beneficencia y Socorros de Lugo. Sus cuentas. 1880*. Lugo: Imprenta á cargo de Juan M. Bravos, Lugo 1880, p. 4.

[437] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0828-00, Leg. 699.

xencia e gravidade da situación. Incluso desde o punto de vista pragmático do Concello, a quen unicamente preocupaba evitar a presenza de xentes acuciadas pola fame na cidade, o fracaso resulta evidente. As xentes que non tiñan que comer non tiveron durante ese tempo outra alternativa que evitase que acudiran á cidade ou a outros lugares a mendigar.

Un reparto de alimentos, que se produce tan só un mes antes da recollida da nova colleita, mostra claramente o fracaso da medida e a baixa capacidade organizativa do Concello.

5.7. A contabilidade xeral de todo o proceso

Nos apartados nos que se trata de como se recadaron os fondos para financiar a organización dos socorros, púidose ver xa como estes se foron concretando e as cantidades que por cada un deles foron entrando a formar parte do haber con que contou a Xunta de Beneficencia para organizar as dúas liñas de actuación que levou a cabo.

De maneira resumida, no que ós ingresos se refire, as contas foron da maneira que se indica no cadro adxunto.

Cadro 9. Ingresos da Xunta de Beneficencia e Socorros para todo o proceso de socorro dos afectados pola crise no termo municipal de Lugo

Achega do bispo de Lugo	4.500,00 pts.
Achega do Concello de Lugo	2.500,00 pts.
Achega da Deputación Provincial de Lugo	1.000,00 pts.
Achega do Fondo de calamidades públicas do Ministerio da Gobernación	4.000,00 pts.
Subscrición organizada no Ferrol	2.526,00 pts.
Subscrición organizada en Bilbao	2.260,00 pts.
Subscrición organizada en Lugo	7.057,94 pts.
Achegas de xentes de fora de Lugo	2.425,00 pts.
O concerto benéfico no Teatro	278,62 pts.
TOTAL:	26.547,56 pts.

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos na contabilidade da Xunta Municipal de Beneficencia e Socorros de Lugo[438].

A partida de ingresos máis importante é a que procede da subscrición levada a cabo en Lugo entre os propios residentes, xa que significa o 26,58% da totalidade dos ingresos recadados. Se a estes ingresos engadimos as achegas do Bispado, Concello, Deputación e os beneficios obtidos no certame benéfico no Teatro, vese que os recursos procedentes da propia cidade acadan o 57,77% (15.336,56 pts.), superando os recursos de orixe foránea como foron a achega do Ministerio da Gobernación, as subscricións en Bilbao e Ferrol e demais achegas con orixe fora de Lugo, que significaron un total de 11.211 pts.

A contabilidade evidencia tamén o rotundo fracaso das xestións levadas a cabo diante da Administración e Goberno centrais, dos que que unicamente proceden as 4.000 pts achegadas do fondo de calamidades públicas do Ministerio da Gobernación.

[438] *Junta Municipal de Beneficencia y Socorros de Lugo. Sus cuentas. 1880*. Lugo: Imprenta á cargo de Juan M. Bravos, Lugo 1880.

Globalmente analizados os datos en canto á procedencia dos fondos, fannos ver unha orixe maioritariamente vinculada ó concepto da caridade. Se confrontamos os que teñen este carácter caritativo cos que poidan ser considerados como compensación distributiva a través dos fondos das administracións, vese como estes son claramente inferiores.

As achegas procedentes das administracións estatal, provincial e local significan unicamente o 28,25% (7.500 pts) fronte ó 71,75% (19.047,56 pts) que supoñían os fondos asociados á concepción caritativa da entrega.

No que ós gastos se refire temos dous capítulos importantes: o relativo ós gastos vinculados coa distribución de alimentos levada a cabo na cidade e o que significou o reparto do millo ós necesitados das aldeas do municipio. Un terceiro apartado correspondería a gastos xerais non vinculados directamente coas dúas anteriores.

No que ten que ver cos gastos da distribución de alimentos na cidade, están, en primeiro lugar, os gastos ocasionados pola adquisición dos alimentos utilizados para elaborar as comidas e o combustible necesario para elo. As cantidades son máis fáciles de determinar que o seu costo por aparecer recollidas na acta final da Xunta de Beneficencia "y Socorros", en tanto que os costos aparecen espallados en numerosas partidas, moitas veces mesturados con outros conceptos.

En canto ás cantidades, vese como de maneira clara e resumida se afirma que nas 67.151 "raciones de pan y rancho" subministradas, se empregaron as cantidades seguintes:

Pan.....	52.738 libras galegas (30.353 kg.)
Arroz.....	272 @ e 2,5 libras (3.911,43 kg.)
Fabas.....	114 @ e 15 libras (1.647,37 kg.)
Castañas secas.....	28 @ e 4 libras (404,8 kg.)
Touciño.....	27 @ e 20,25 libras (409,76 kg.)
Unto.....	4 @ e 12 libras (64,4 kg.)
Sal.....	40 @ (575 kg.)
Leña.....	47 carros

A diferenza de cómo se procedeu no caso da adquisición do millo para o socorro dos necesitados nas aldeas do termo municipal, en poxa pública cando menos formalmente, a un só provedor e a un único prezo, a adquisición dos produtos que foron destinados ás cociñas da Casa de Beneficencia fíxose de forma aleatoria, a distintos provedores e prezos, posiblemente deixando, como xa se facía para as propias subministracións do establecemento en moitas ocasións, que as monxas que o rexentaban actuasen segundo o seu criterio sen limitación algunha. As anotacións, moitas veces mesturando uns conceptos con outros, imposibilita nuns casos a determinación dos custes de moitos destes produtos e dificulta de maneira importante o de outros.

Ademais dos gastos orixinados pola compra dos produtos destinados ás cociñas para a elaboración das comidas, hai rexistrados gastos do persoal que traballara nelas. Así vemos como se anotan gastos de xornais pagados para a elaboración do pan nos fornos militares, que demostrarían que este non foi elaborado integramente por persoal da factoría de subsistencias militares ou ben que cobraban o traballo levado a cabo[439].

Tamén se reflexa outra partida de 262,50 pts. en concepto de "gratificación" concedida pola Xunta de Beneficencia "á varios individuos por los trabajos extraordinarios que prestaron en los meses de Mayo, Junio y Julio", que correspondían a pagos a

[439] Aparecen dúas partidas, unha de 188,12 pts. e outra de 206, 87 en concepto de "leña, sal y jornales".

empregados que xa traballaban para o Concello ou Casa de Beneficencia e que recibiron complementos por levar a cabo estes labores extraordinarios.[440]

Globalmente, o gastado en todo o relacionado coa subministración de alimentos na Casa de Beneficencia alcanza a cifra de 14. 928,15 pts. Se repartimos este importe entre as 67.151 racións completas, que según a contabilidade se subministraron durante os setenta e sete días que durou o socorro alimenticio, dá un importe medio de 22,23 céntimos de peseta, que se supón custou alimentar diariamente a cada socorrido.

En canto ós gastos contabilizados que non poden ser incluídos dentro do apartado correspondente ó socorro na Casa de Beneficencia nin do que se levou a cabo nas parroquias, e que se poden clasificar como gastos xerais ou de xestión, aparecen dúas partidas en concepto de adquisición de "cestas y herramientas para obras ejecutadas en varios caminos y paseos por pobres socorridos", que totalizan 449,13 pts. (253,36 e 195,77). Nelas faise constar que os xustificantes correspondentes ós dous cargos acompañan á conta rendida polo alcalde "al Gobierno de S.M. de la inversión de las 4.000 pts. que se facilitaron del fondo de calamidades públicas"[441].

Tamén se inclúen neste apartado de gastos varios de difícil clasificación os que se corresponden con cantidades libradas a dous impresores da cidade, Antonio Villamarín e Juan M. Bravos, que totalizan 248,75 pts. en concepto de papel "membretado", impresión das contas xerais da propia Xunta de Beneficencia e unha libreta.

O último gasto deste tipo, tamén de difícil catalogación, correspondese con 57 pts. que o alcalde tivo que pagar por unha letra xirada pola comisión que no Ferrol organizara a subscrición para recadar fondos naquela cidade, en concepto de gastos ocasionados para levala a cabo.

O apartado de gastos varios totaliza con todos estes conceptos a cantidade de 754, 88 pts.

A contabilidade conxunta de gastos nos tres apartados quedaría resumida no seguinte cadro.

Cadro 10. Gastos da Xunta de Beneficencia e Socorros para todo o proceso de socorro dos afectados pola crise no termo municipal de Lugo

Gastos relacionados coa subministración de alimentos na Casa de Beneficencia	14.928,15 pts.
Importe dos 1.114 ferrados de millo distribuídos nas parroquias do municipio	3.550,87 pts.
Gastos varios	754,88 pts.
TOTAL GASTOS	19.233,90 pts.

A confrontación entre os totais dos ingresos e gastos dá como resultado un superávit de 7.313, 66 pts.

[440] Nunha acta da Xunta de Beneficencia de 1884 dise que en 1880, finalizados os traballos que orixinaran os socorros, "se había retribuido á los empleados que prestaran servicios extraordinarios con aquel motivo". AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia., Actas de las Juntas locales de Beneficencia 1856-1893. Sig.0825-00.

[441] Convén recordar aquí a recomendación do ministro da Gobernación para que os socorridos se empregaran en realizar traballos de "utilidad pública, embellecimiento ó desmonte". Carta do gobernador da provincia ó alcalde de Lugo con data do 15 de mayo de 1880. AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia. Sig. 0828-00, Leg. 699.

Cadro 11. Superávit da Xunta de Beneficencia e Socorros unha vez rematado o proceso contable

Total de ingresos	26.547,56 pts.
Total de gastos	19.233,90 pts.
Superávit	7.313,66 pts.

Desta maneira aparece recollido no balance final firmado polo depositario da Xunta de Beneficencia e Socorros de Lugo con data do 29 de novembro de 1880. Este resultado indica que unicamente se gastou un 72,45% dos fondos no fin para o que foran recadados.

5.8. O proxecto de creación do Monte de Piedade e Caixa de Aforros de Lugo

Suspendida a subministración de alimentos na Casa de Beneficencia o 20 de xullo, rematado o reparto de millo nas parroquias e feito o balance contable do proceso, non se convoca á Xunta de Beneficencia ata o día 29 de novembro[442].

Sobre o que sucedeu neses catro meses a propia acta da reunión dá algunha información. Comprobado o sobrante de todo o proceso, o Concello ve a posibilidade de destinar ese diñeiro ó sostemento dos establecementos dependentes da propia Xunta de Beneficencia, evitando desa maneira ter que destinar fondos propios a ese fin. Trataríase directamente dunha apropiación máis ou menos legal deses cartos por parte da Xunta de Beneficencia e indirectamente do Concello. A redacción da acta explica que, rematadas as contas e constatado superávit, pasáronselle aquelas a unha "comision censora" para consultarlle a legalidade do que se pretendía facer:

> La Comision, si bien entendió que procedía distribuir á los pobres necesitados de las cincuenta y tantas parroquias del Municipio incluso las de la Capital, expuso la imposibilidad de realizarse un reparto por el trabajo ímprobo que suponía la clasificacion de aquellos, otros inconvenientes, y los conocidos gastos que vendrían á mermar la suma repartible y que en este caso conceptuaba preferible se destinasen las 7.313 pesetas 66 céntimos á los establecimientos municipales de Beneficencia de esta Capital para atender á sus muchas y diarias necesidades, puesto que en ellos se alimentaba á los pobres acogidos, y tambien socorría y cuidaba á los enfermos igualmente pobres, de cuyo modo quedaba cumplida la voluntad de los donantes, y la aplicación de tal sobrante á dichos establecimientos no declinaba del objeto de sus donativos. [443]

A interpretación que no Concello se facía da vontade dos doantes non coincidía coa que verdadeiramente tiñan, a moitos dos cales, decatados do que se pretendía facer, non gustou e enviaron unha carta ó alcalde manifestando o seu desacordo. Na carta, que foi lida na reunión da Xunta de Beneficencia do 29 de novembro, expoñen:

> (...) que dicho sobrante en ningun fin ni objeto más util y loable podía emplearse que en fundar un Monte de Piedad y Caja de Ahorros, en donde los laboriosos y honrados artesanos podrían depositar el óvolo de sus economías y encontrar recursos á un módico interés en los momentos supremos de la vida en que una enfermedad ó desgracia pueden ocasionar la ruina de una familia sin recursos[444].

Ademais da carta, algún membro da propia Xunta de Beneficencia, asinante tamén da carta, completa a argumentación alegando que se ben se recoñecía a penuria pola que viñan atravesando os establecementos benéficos da cidade, sabido era que "conforme á

[442] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión do día 29 de novembro de 1880.

[443] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión do día 29 de novembro de 1880.

[444] AHPL. Concello de Lugo, Beneficencia, Actas de las Juntas locales de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da sesión do 29 de novembro de 1880.

la Ley, el Ayuntamiento tenía obligación de cubrir el déficit que resultase en los respectivos presupuestos" e que polo tanto "el destinar estos fondos á los referidos Asilos, no era, si bien se mira, más que hacer un favor al Municipio, y de este modo se contrariaba el deseo yá manifestado por un gran número de personas que habían contribuido con sus limosnas á socorrer á los pobres", considerando máis coherente destinar eses fondos á fundación dun Monte de Piedade e Caixa de Aforros "que arrancasen del poder de la usura á la clase menesterosa".

A intencionalidade do Concello na utilización dos fondos era evidente. A actitude restritiva con respecto ós gastos durante todo o proceso tiña como finalidade salvagardar o maior porcentaxe posible dos fondos recadados para liberarse, tamén o máis posible, do gasto que legalmente tiña que asumir no sostemento dos establecementos benéficos. A reacción dos veciños contribuíntes na subscrición abortaba, cando menos temporalmente, a iniciativa municipal.

A proposta de investir os cartos sobrantes na creación dun Monte de Piedade e Caixa de Aforros na cidade é finalmente aprobada, pero coa puntualización de que a propiedade destes fondos "y los intereses que devenguen correspondian á la Casa de Beneficencia y Hospital".

Para levar a cabo o proxecto establécese a intención de crear unha comisión que se encargue de xestionar todo o proceso, comunicando ós asinantes da carta que poden designar representantes na mesma.

A cuestión da xustificación do gasto das 1.000 pesetas que a Deputación aportara para os socorros deu lugar tamén, segundo se recolle na acta, a "una ligera discusión". Que existise un superávit a conta do seu donativo xerara malestar na institución provincial, con quen o Concello mantiña disputas económicas polos pagos das estancias dos nenos expósitos que ó cumprir os sete anos pasaban a ser tutelados na Casa de Beneficencia.

A idea da creación da Caixa de Aforros e Monte de Piedade en Lugo, sen dúbida, tiña moito que ver coa publicación uns meses antes no Boletín Oficial da Provincia[445] dunha circular que, atendendo ó disposto na lei do 29 de xuño dese mesmo ano, mandaba promover ós gobernadores provinciais a creación desas institucións. O caso de Lugo encaixaba de cheo nesa iniciativa debido a que, a diferenza do que sucedía en outras localidades galegas, non se creara na provincia aínda ningunha destas institucións de carácter económico e social.

En calquera caso, o Concello non renunciou á súa intención inicial de apropiarse dos fondos sobrantes dos socorros. Nunca creou a comisión que debería levar a cabo a iniciativa da fundación da Caixa de Aforros e Monte de Piedade, e deixou que o pouso do tempo fose facendo esquecer o proxecto.

En 1884, case que catro anos despois, retómase a cuestión nunha das reunións da Xunta de Beneficencia na que se presenta unha proposta na que, tendo en conta que "no se había creado dicho Monte de Piedad y Caja", se consideraba que se estaba no caso de

[445] BOPL nº 84, 13 de xuño 1880, pp.1-2. A circular, ademais dunha serie de normas e condicións polas que debían regularse, reproduce distintos modelos de formularios contables que as caixas debían cumplimentar para o seu control administrativo.

que os cartos sobrantes pasasen "a los establecimientos de Beneficencia harto necesitados de recursos para atender á sus apremiantes necesidades cada dia más crecientes"[446].

Fanse algúns preparativos para darlle forma legal á operación nunha reunión que ten lugar o 28 de maio e, finalmente, lévase a cabo, nunha sesión extraordinaria convocada especialmente para este fin, a aprobación definitiva da medida pola que as 7.313,66 pesetas se destinan "a cubrir las atenciones del Hospital y Casa de Beneficencia, dejando el reparto al arbitrio de la Junta municipal encargada de su administracion, para que aplique á cada establecimiento la cantidad que créa más conveniente, teniendo en cuenta las necesidades y situacion económica de cada uno"[447].

Aínda que, a diferenza do que sucedera en 1880, neste momento xa non se produciron reaccións de cidadáns en contra da apropiación dos fondos por parte do Concello, non debeu sentar ben nin sequera entre os traballadores de este. Así vemos como neses días un "Guardia Municipal y Ordenanza de la Alcaldía y Secretaria del Exmo. Ayuntamiento", informado da inminente entrega dos fondos sobrantes, envía un escrito á Xunta de Beneficencia solicitando a compensación económica que lle correspondía e que os restantes funcionarios recibiran no seu momento, con motivo de levar a cabo os socorros de 1880, "por el mucho trabajo que esto le ocasionara"[448].É moi posible que a intención inicial de non reclamar a compensación que lle correspondía mudase ó ver o novo destino dos fondos sobrantes.

O fracaso da iniciativa de creación dunha caixa de aforros e monte de piedade supuxo un importante prexuízo para a cidade, tendo en conta a importancia que para o desenrolo económico e social tiveron estas institucións nos lugares onde se crearon. Lugo, a causa da actitude e manobras do Concello, viuse postergada con respecto a outras capitais de provincia, como a Coruña que contaba cunha institución deste tipo desde o ano 1876, ou a cidade de Santiago de Compostela que, a pesar de non ser capital de provincia, constituíuna nese mesmo ano de 1880[449].

A premeditada e prexudicial medida por parte do Concello de Lugo significou un retraso de 17 anos na creación da caixa de aforros e monte de piedade, non sendo ata 1897 que finalmente, moi modestamente e con moi poucos fondos, se constitúe e empeza a funcionar.

6. AS CONSECUENCIAS DA CRISE

Se as anomalías climáticas foron a causa que desencadeou a perda das colleitas que á súa vez orixinou a escaseza que constituíu a crise, esta tivo unha serie de consecuencias que se foron expoñendo de maneira circunstanciada á hora de analizar o desenrolo dos acontecementos. A importancia e transcendencia destas consecuencias precisan dunha análise máis detallada.

---

[446] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas, Sig. 0825-00, Leg. 696,Acta da sesión do día 6 de febrero de 1884.

[447] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas. Sig. 0825-00, Leg.696, Acta da sesión extraordinaria do día 2 de xuño de 1884.

[448] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Actas. Sig, 0825-00, Leg.696. Acta da sesión do 19 de agosto de 1880.

[449] SAGREDO FERNÁNDEZ, Félix e outros. *Historia de una insititución gallega: La caja de Ahorros Monte de Piedad de La Coruña y Lugo (1876-1976).* A Coruña, Caja de Ahorros y Monte de Piedad de La Coruña y Lugo, 1976, pp. 54-55 e 95-98.

Analizaranse neste apartado, separadamente, as que podemos considerar como consecuencias máis importantes tendo en conta as circunstancias dramáticas que as acompañaron: a carestía dos alimentos, os desprazados e a mortalidade.

Se ben o encarecemento dos prezos podería parecer un elemento anterior e, ademais, causante das outras consecuencias, na análise de todas elas compróbase que se desenrola simultaneamente cas demais, non podendo considerarse propiamente como un causante delas, senón máis ben unha consecuencia máis que á súa vez, loxicamente, reforzaría os outros efectos.

6.1. A carestía dos alimentos

6.1.1 O encarecemento dos cereais

Son numerosas as referencias na prensa e nos discursos políticos ó encarecemento das fariñas e cereais que se produciu durante todo o proceso da crise, repercutindo de maneira moi importante na economía das clases máis desfavorecidas, que no caso dos labregos de moitas zonas viron como as alzas dos prezos lles dificultaba suplir a mingua das colleitas propias coa adquisición nas feiras.

A análise da evolución dos prezos durante eses anos aporta, ademais do coñecemento dunha das consecuencias da crise, unha visión detallada, mes a mes e incluso semana a semana, do empeoramento das condicións de vida.

A reacción case que inmediata que se produce coa subida ou baixada dos prezos nos mercados cando se dá unha variación no nivel de existencias proporciona un medidor preciso non só da súa dispoñibilidade senón tamén neste caso, por tratarse de produtos básicos, do grao de dificultade pola que atravesaban as xentes e a gravidade das súas condicións de vida en cada momento do proceso da crise.

As fontes documentais para o estado dos prezos neses anos son de dous tipos. Por un lado as estatísticas oficiais que os gobernos civís elaboraban de maneira regular, mensualmente, e que posteriormente se publicaban nos diarios oficiais de cada provincia, e por outro, as referencias que dos prezos acadados no mercado local se publicaban en algúns xornais, non sempre de maneira regular.

Para o seguimento xeral dos prezos e a súa evolución recorremos ás estatísticas oficiais pola súa maior regularidade, e para as comprobacións sobre a veracidade e fiabilidade destas e a observación de algunhas cuestións concretas, ás referencias xornalísticas.

Unha dificultade engadida á hora de analizar e contrastar os datos é a falta de uniformidade na utilización de medidas de peso e capacidade. Nun momento de implantación do sistema métrico decimal aínda non consolidada, a pervivencia de unidades de medida anteriores como o ferrado, a arroba ou a fanega, con variacións dunha zona a outra, dificulta e complica en ocasións as comparacións de distintas fontes[450]. A utiliza-

[450] Para a determinación do valor das distintas unidades de peso e capacidade previas á implantación do sistema métrico decimal recorreuse a bibliografía que aportase información o respeto. Para elo tomáronse en consideración e seguíronse, fundamentalmente, as seguintes obras de referencia: Gran Enciclopedia Galega, Silverio Cañadas, Termos libra e ferrado. FERNÁNDEZ JUSTO, María Isabel. *La metrología tradicional gallega. Aportación a los estudios sobre el medio rural.* Madrid. Instituto Geográfico Nacional, 1986. Tomo I.

ción de medidas referidas ó volume en lugar das de peso para os cereais en moitos casos, constitúe unha dificultade engadida máis.

O primeiro paso para obter unha visión clara dos datos e levar a cabo a súa análise é a tabulación e a representación gráfica dos mesmos.

Cadro 12. Prezo medio mensual do trigo, cebada, centeo e millo no mercado de Lugo durante os anos 1877, 1878,1879 1880, expresado en pesetas por hectolitro

1877	Trigo	Cebada	Centeo	Millo
Xaneiro	19,51	11,42	12,84	23,56
Febreiro	19,04	11,22	13,00	17,13
Marzo	19,22	14,42	13,00	17,51
Abril	20,46	11,65	13,08	18,81
Maio	21,17	12,86	13,72	20,69
Xuño	22,08	10,65	13,38	19,99
Xullo	21,65	11,19	13,19	20,22
Agosto	22,46	12,18	16,75	20,94
Setembro	21,89	12,37	16,65	20,93
Outubro	23,33	14,27	17,62	20,47
Novembro	24,90	15,02	18,21	22,09
Decembro	26,41	14,75	18,81	22,84


1878	Trigo	Cebada	Centeo	Millo
Xaneiro	27,12	15,34	19,28	23,56
Febreiro	26,88	14,88	19,13	24,75
Marzo	27,22	14,35	18,92	24,19
Abril	27,84	14,98	19,58	27,60
Maio	30,47	15,81	22,84	29,51
Xuño	32,37	15,22	23,78	29,51
Xullo	30,23	14,75	20,62	26,90
Agosto	25,13	15,79	19,38	27,42
Setembro	25,95	16,65	20,13	-
Outubro	25,70	17,60	20,30	24.75
Novembro	25,32	16,52	19,93	22,66
Decembro	26,18	15,23	20,13	20,94

1879	Trigo	Cebada	Centeo	Millo
Xaneiro	27,60	15,22	20,55	22,09
Febreiro	29,28	15,92	21,32	24,96
Marzo	29,28	15,58	21,18	26,88
Abril	30,23	16,41	21,98	29,87
Maio	30,27	16,76	22,66	29,13
Xuño	28,32	16,41	20,85	28,56
Xullo	29,04	15,22	21,57	29,76
Agosto	29,71	16,17	23,99	30,47
Setembro	29,28	16,17	24,19	30,47
Outubro	29,51	16,36	24,37	29,98
Novembro	29,99	15,69	24,58	28,32
Decembro	33,06	15,45	25,70	29,27


1880	Trigo	Cebada	Centeo	Millo
Xaneiro	32,73	15,41	27,03	30,27
Febreiro	32,36	14,03	26,58	30,95
Marzo	32,36	15,68	25,06	30,70
Abril	33,11	16,94	24,87	31,22
Maio	32,98	15,59	24,21	28,97
Xuño	32,82	13,56	25,55	26,02
Xullo	30,65	13,33	22,88	24,88
Agosto	19,11	14,19	14,51	22,84
Setembro	19,38	14,39	13,24	-
Outubro	20,38	14,53	13,96	-
Novembro	20,71	13,33	13,96	18,56
Decembro	20,56	12,84	14,02	17,32

Fonte: elaboración propia a partires dos datos publicados polo Goberno Civil no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* durante os anos 1877, 1878, 1879 e 1880.


Gráfica 5. Prezos medios mensuais dos cereais durante os anos 1877, 1878, 1879 e 1880 no mercado de Lugo




1878


35
30
25
20
15
10
5
0
Xaneiro
Febreiro
Marzo
Abril
Maio
Xuño
Xullo
Agosto
Setembro
Outubro
Novembro
Decembro
Trigo
Cebada
Centeo
Millo


1879


35
30
25
20
15
10
5
0
Xaneiro
Febreiro
Marzo
Abril
Maio
Xuño
Xullo
Agosto
Setembro
Outubro
Novembro
Decembro
Trigo
Cebada
Centeo
Millo



Fonte: elaboración propia a partires dos datos publicados polo Goberno Civil no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* durante os anos 1877, 1878, 1879 e 1880.

Gráfica 6. Representación gráfica conxunta dos prezos medios mensuais dos cereais no mercado de Lugo durante o período 1877–1880



Fonte: elaboración propia a partires dos datos publicados polo Goberno Civil no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* durante os anos 1877, 1878, 1879 e 1880.

Deixando a un lado os datos referidos ós prezos da cebada, cuxo cultivo en Galicia non acadaba niveis apreciables e a súa incidencia na alimentación humana era case que nulo, pero que servirá de referencia importante para algunhas cuestións, e centrándonos na evolución dos prezos dos outros tres, dos que o centeo é o máis importante por constituír o alimento principal da maioría da poboación, obsérvanse varias cuestións a ter en conta.

En primeiro lugar é de destacar un incremento nos prezos durante a segunda metade de 1877. Este dato confirma que as anomalías que se observaban ó analizar os datos climáticas dese ano, repercutiron negativamente xa nas colleitas que se recolleron ese verán[451].

No momento mesmo de saída ó mercado da nova colleita, cando correspondería producirse un abaratamento, a diferenza entre os meses de xullo e agosto móstrannos un encarecemento do 24,16% no prezo de centeo. Se a comparativa se fai entre xaneiro e decembro, o encarecemento é aínda maior.

Cadro 13. Incremento de prezos dos cereais entre xaneiro e decembro de 1877

Trigo.....35,36%
Centeo.....46,49%
Millo.....45,47%
Cebada.....29,15%

Fonte: elaboración propia a partires dos datos publicados polo Goberno Civil no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* durante o ano 1877.

Se a análise comparativa se leva a cabo entre xaneiro de 1877 e o mesmo mes do ano seguinte, as diferenzas resultan aínda máis evidentes e a demostración de que a crise se iniciou xa no verán de 1877 tamén.

Cadro 14. Incremento de prezos dos cereais rexistrado de xaneiro de 1877 a xaneiro de 1878

Trigo.....39,00%
Centeo.....50,15%
Millo.....50,06%
Cebada.....34,32%

Fonte: elaboración propia a partires dos datos publicados polo Goberno Civil no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* durante os anos 1877 e 1878.

O ano 1878 non mostra grandes diferencias na evolución dos prezos. Nos meses de xullo e agosto non se produce o descenso que unha colleita normal debera producir, senón que a chegada dunha colleita deficitaria mantén as alzas producidas no ano anterior.

[451] As anomalías rexistradas durante a primeira metade de 1879 foron, un mes de febreiro anormalmente seco, cunhas precipitacións de 25,5 mm., fronte ós 223 que lle corresponderían, en Santiago e de 20,0 mm. na Coruña, cando o normal que lle correspondería serían 102. Nos meses de marzo, abril e maio prodúcense chuvias anormalmente abundantes, que os datos tomados na Coruña mostran cuns rexistros de precipitacións de 114 mm. fronte ós 79 que serían normais en marzo, 144 fronte a 85 en abril e 110 fronte a 80 en maio.

Cadro 15. Variacións nos prezos dos cereais entre xaneiro e decembro de 1878

Trigo.....-4,47%
Centeo.....+4,40%
Millo.....-11,13%
Cebada.....-0,78%

Fonte: elaboración propia a partires dos datos publicados polo Goberno Civil no Boletín Oficial de la Provincia de Lugo durante o ano 1878.

A evolución nos prezos confirma a mala colleita dese ano, orixinada como se viu no apartado climático por uns meses de febreiro e marzo anormalmente secos e unha precipitacións no mes de agosto que triplicaron o normal[452] e que dificultarían a recolección.

Se se fai unha análise da evolución dos prezos entre o momento da recolección do ano 1878 e a da do ano seguinte, en agosto de 1879, obsérvase como os prezos non só non baixaron senón que se incrementaron considerablemente, mostrando un empeoramento da colleita de 1878 con relación á de 1877.

Cadro 16. Diferenza dos prezos entre agosto de 1878 e agosto de 1879 en pts. por hectolitro

	Agosto 1878	Agosto 1879	DIFERENZA%
Trigo	25,13	27,71	+ 18,22
Cebada	15,79	16,17	+ 2,40
Centeo	19,38	23,99	+23,78
Millo	27,42	30,47	+11,12

Fonte: elaboración propia a partires dos datos publicados polo Goberno Civil no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* durante os anos 1877, 1878, 1879 e 1880.

Se se analizan os datos do ano 1879 de maneira independente, pódese ver como os efectos da desastrosa colleita dese ano reflíctense xa desde o primeiro momento na evolución entre o final da colleita vella e o inicio da nova, é dicir, entre xullo e setembro, período no que o prezo do centeo se incrementa nun 12,14%.

As características climáticas dese ano, que se viron xa no seu momento, foron marcadamente adversas. Ó final de 1878, cunha extremada pluviosidade, seguen uns meses de febreiro, marzo e abril de 1879 con precipitacións que chegan nalgúns casos a triplicar os valores normais[453]. Os efectos destas precipitacións extremadamente elevadas na saída do inverno e comezo da primavera, combinadas cun arrefriamento xeral, significaron o impulso final cara a catástrofe que se produciría meses máis tarde e que se manifesta xa na inmediata subida de prezos dos meses de agosto e setembro.

As variacións de prezos entre xaneiro e decembro de 1879, aínda partindo de unhas cifras xa moi elevadas, reflicten a tendencia clara á alza, que se corresponde co empeoramento grave das condicións de vida.

[452] Os rexistros da Universidade de Santiago para o mes de agosto de 1878 son de 206 mm., cando o normal nese mes é de 57, o que supón un valor 361,4% máis elevado do que lle correspondería en condicións normais.

[453] Os rexistros da Coruña indican que se recolleron no mes de febreiro dese ano 312 mm. de choiva, fronte ós 102 que serían normais.

Cadro 17. Variación nos prezos entre xaneiro e decembro de 1879. Prezos en pts. por hectolitro

	Xaneiro	Decembro	Variación%
Trigo	27,60	33,06	+19,78
Centeo	20,55	25,70	+25,06
Millo	22,09	29,27	+32,50
Cebada	15,22	15,45	+1,51

Fonte: elaboración propia a partires dos datos publicados polo Goberno Civil no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* durante o ano 1879.

Os elevados incrementos nos prezos, acumulados ós que xa se produciran en 1877 e 1878, dan unha idea clara do extremadamente graves que estaban sendo as condicións de vida nese momento.

Si a comparativa se fai entre os prezos en xaneiro de 1877e decembro de 1879, as cifras e porcentaxes son aínda máis elocuentes.

Cadro 18. Variación nos prezos entre xaneiro de 1877 e decembro de 1879. Prezos en pts. por hectolitro

	Xaneiro de 1877	Decembro de 1879	Variación%
Trigo	19,51	33,06	+69,45
Centeo	12,84	25,70	+100,15
Millo	15,70	29,27	+86,43
Cebada	11,42	15,45	+35,28

Fonte: elaboración propia a partires dos datos publicados polo Goberno Civil no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* durante os anos 1877 e 1879.

O centeo, alimento de maior consumo entre a poboación galega, xunto co millo nas provincias atlánticas, duplicara o seu prezo no transcurso da crise xa en decembro de 1879, antes de que esta se agravase aínda máis durante a primeira metade de 1880.

Sorprendentemente, e contradicindo aparentemente a lóxica, os prezos non soben durante a primeira metade de 1880. As referencias estatísticas móstrannos non só unha estabilización senón incluso unha leve diminución do valor dos cereais, a pesar de que as condicións de vida atravesaron durante estes meses os peores momentos.

Cadro 19. Variación nos prezos entre xaneiro e xullo de 1880. Prezos en pts. por hectolitro

	Xaneiro 1880	Xullo 1880	Variación%
Trigo	32,73	30,65	-6.36
Centeo	27,03	22,08	-15,36
Millo	30.27	24,88	-17,78
Cebada	15,41	13,33	-13,50

Fonte: elaboración propia a partires dos datos publicados polo Goberno Civil no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* durante os anos 1877 e 1879

A explicación a este descenso nos prezos no peor momento da crise atópase nas importacións que a partir do mes de xaneiro levan a cabo, principalmente dos Estados Unidos, negociantes que viron na situación unha excelente oportunidade de negocio[454]. Tamén a liberación dos stocks que os chamados acaparadores levaron a cabo antes da chegada da nova colleita puido ter**p** que ver neste proceso.

Cabe facer a pregunta de ata onde puideron ter chegado os prezos de non ser interrompida a súa escalada polo efecto das importacións, aínda pagando estas os impos-

[454] A primeiros de xaneiro fondea na Coruña o barco noruegués A. O. Ubinguer cun cargamento de 7.000 fanegas de centeo, 3.000 de millo e unha cantidade indeterminada de trigo, e uns días máis tarde atópanse depositadas en almacéns de Rábade e Lugo para a súa venda. *Diario de Lugo*, nº 977, 8 de xaneiro 1880 e nº 983, 15 de xaneiro do mesmo ano.

tos arancelarios correspondentes. O propio *Diario de Lugo*, consciente desta circunstancia, afirmaba que "á no ser por la importación de granos y harinas extranjeros los precios, llegarian á su último limite"[455].

Con todo, os prezos e a escaseza acadados en 1880, con non ser os que se terían producido noutras circunstancias, tiveron importantes repercusións. As actas da Xunta Municipal de Beneficencia deses meses conteñen algunha mostra referida a esta circunstancia. Se se dá por certo o que din referente á adquisición dos produtos alimenticios para os establecementos benéficos:

> Visto que no se han presentado licitadores en las subastas intentadas para el suministro de artículos alimenticios para los acogidos de la Casa de Beneficencia, y considerando que dada la miseria que aflige al país, los subidos precios que tienen los artículos de primera necesidad por efecto de la falta de las últimas cosechas no habrá quien adquiera este compromiso.[456]

Tamén é procedente facer a pregunta de onde puideron quedar contidos os prezos se, como se pedira reiteradamente, se autorizase a importación libre de impostos.

Se, como se percibe nas análises, a importación, aínda gravada con impostos, tivo o efecto de frear a escalada de prezos e incluso facelos descender, é evidente que a supresión dos aranceis e importación en maiores proporcións e en datas anteriores tería producido un efecto moito maior, contendo os prezos e atenuando a escaseza nos mercados.

Os efectos dos desaxustes climáticos deses anos, ademais de escaseza en moitas zonas do planeta, orixinara imprevistos aumentos nas colleitas en outras. Nos EE.UU. recóllese en 1878 a maior colleita de trigo da que se tivera noticia nunca ata ese momento, 400 millóns de bushels, chegando a ser utilizado o gran como combustible[457]. Os efectos da libre importación, se ben puideran ter efectos prexudiciais moi importantes nos beneficios dos almacenistas que acaparaban cereais do interior, tamén poderían ter producido efectos moi beneficiosos para as xentes que pasaban por dificultades, especialmente en Galicia.

A análise dos prezos máximos acadados, a data na que se produciron e a revalorización ou incremento de prezo producido teñen tamén certo interese. Se ben se aproxima ós valores xa calculados para decembro de 1879, polo seu carácter de máximos ilustran bastante ben a magnitude das cifras.

Cadro 20. Prezos máximos acadados en 1880 e revalorización con relación ós de xaneiro de 1877. Prezos en pts. por hectolitro

	Xaneiro 1877	Prezo máximo	Data	Incremento%
Trigo	19,51	33,11	Abril 1880	69,70
Centeo	12,84	27,03	Xaneiro 1880	110,51
Millo	15,70	30,95	Febreiro 1880	97,13
Cebada	11,42	16,94	Abril 1880	48,33

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* e elaborados polo Goberno Civil durante os anos 1877 e 1880.

O maior incremento no prezo produciuse no considerado alimento dos pobres. O centeo acada un máximo do 110,51% sobre o prezo inicial de xaneiro de 1877, do que

[455] *Diario de Lugo*, nº 1025, 5 de marzo 1880, p. 1.

[456] AHPL, Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Acta da reunión celebrada o 2 de xullo de 1880.

[457] WALFORD, Cornelius. *Famines of the world: past and present*. London: Harrison and sons, 1879, p. 299.

se deduce facilmente que as clases populares foron prexudicadas en moita maior medida. O incremento, tamén moi importante, do millo ten a mesma explicación. O millo, que non formaba parte tradicionalmente da dieta na comarca de Lugo, foi demandado como substituto do centeo durante a crise.

No caso do trigo cabe pensar que o incremento no seu prezo se produciu, en boa medida, porque as subidas experimentadas polo centeo favoreceron que moitos dos que o consumían tradicionalmente se pasasen a consumir aquel ó aproximarse os prezos de ambos. Os beneficiados deste cambio serían os produtores e negociantes do centro e sur da Península, zonas cerealeiras produtoras non de centeo senón de trigo.

Se en xaneiro de 1877 o gran de trigo valía un 51,14% máis que o de centeo, en xaneiro de 1880, coas subidas de prezos, esa diferenza reducírase ata o 21,08%.

Os prezos acadados polo trigo nos distintos puntos da Península indican claramente cales foron as zonas máis afectadas pola crise. En decembro de 1879 *La Época* de Madrid publicaba e comentaba os datos estatísticos correspondentes ó mes anterior.

> La diferencia de precio en el trigo es notable en la Peninsula. Mientras el hectogramo[458] cuesta en Córdoba 20 pesetas, en Salamanca y Medinaceli 23 y 24, y en Avila, Granada, Gerona y Pamplona 25, llega a 27 en Burgos y á 30 pesetas y media en Lugo, ó sea 11 pesetas de Andalucia á Galicia.[459]

A pesar de que a forte implantación do ferrocarril xa nese momento permitía o rápido transporte dun punto a outro das mercancías, atenuando as diferenzas de prezos, as referencias indican claramente a distribución dos efectos da crise e as zonas que resultaron favorecidas e prexudicadas pola mesma. Os prezos van aumentando de sur a norte na mesma medida na que o fai a intensidade da crise, e Lugo aparece como o punto no que esta acadou maior gravidade. A análise da bibliografía sobre a cuestión e as series estatísticas sobre os prezos deses anos confirman esta circunstancia[460].

Unha análise a parte merece a cuestión da cebada, na que o incremento no prezo foi moito menor que no resto dos cereais. A practicamente nula utilización para a alimentación humana, salvo circunstancias excepcionais, explica este menor incremento do prezo. A utilización case que exclusivamente para a alimentación das cabalarías, e non en tódolos casos, facía que o seu consumo e a súa demanda fose moitísimo menor que a do resto dos grans.

As importacións de cebada que os almacenistas levaron a cabo, xunto coas de centeo, trigo e millo, tiveron un dobre e importante efecto. Por un lado, influíron no propio prezo da cebada atenuando o seu incremento, pero indirectamente fixérono tamén co do centeo. De non haber suficiente cebada no mercado, parte do centeo destinado ó consumo humano tería sido desviado para alimentar as cabalarías da burguesía, exército, garda civil, servizo de dilixencias, etc., facendo que o prezo deste tivese subido aínda máis e a escaseza fose maior. Un comentario aparecido no *Diario de Lugo* nesas datas analizando esa circunstancia, referida ó consumo de cebada que facía a empresa de dilixencias que unía Lugo con Brañuelas e distintos puntos de Galicia, ilustra moi ben esa relación:

---

[458] Errata ó confundir hectogramo con hectolitro. Unha mostra máis da falta de practica no uso do sistema métrico decimal e das novas unidades de peso e capacidade.

[459] *La Época*, 3 de decembro 1879, p. 2.

[460] SÁNCHEZ-ALBORNOZ, Nicolás. *Los precios agrícolas durante la segunda mitad del siglo XIX*. Vol. I. Trigo y cebada. Madrid: Servicio de Estudios del Banco de España, 1975, pp. 64-111.

> La empresa ferro-carrilana que tanto consumo hace de cebada para sus ganados, hubiera adquirido en el año último centeno en vez de aquel grano, si el Sr. Fernandez[461] no le hubiera facilitado más de diez y seis mil fanegas del primer artículo.
>
> De no ser así, consumiendo la ferro-carrilana centeno para los tiros, este cereal hubiera alcanzado tal precio que no sería posible adquirir ni una fanega, y llegaría el momento de no haber absolutamente existencias.

Os incrementos de prezos producidos durante os anos 1878, 1879 e 1880 afectaron de maneira importante ós datos estatísticos deses anos no que ten que ver coa variabilidade e que aparece reflectida nos estudos de prezos deses anos.

No período que vai de setembro de 1876 a agosto de 1880 no partido xudicial de Lugo a variación entre os prezos máximo e mínimos supón un 88% de alteración entre extremos para o trigo. Para o centeo esa mesma alteración no período que vai de setembro de 1876 a xuño de 1881 foi dun 140%[462].

6.1.2. A fiabilidade das cifras

Unha cuestión importante a ter en conta á hora de analizar os datos estatísticos utilizados é o seu grao de veracidade e rigor. Tendo en conta que as fontes documentais das que proceden correspóndense con datos estatísticos oficiais, que o incremento nos prezos chegou a ser espectacular e que non tería nada de estraño que esta circunstancia se tratase de ocultar, é preciso e aconsellable facer algunhas comprobacións que aclaren este aspecto.

Para valorar o rigor ou a posible modificación dos prezos dos cereais durante ese período nas estatísticas oficiais, contamos coa axuda que nos proporcionan os listados de prezos acadados no mercado local que publicaba o *Diario de Lugo* periodicamente. O contraste entre uns e outros acláranos con bastante fiabilidade esta cuestión.

Tendo en conta a amplitude do período temporal que comprende a crise, seleccionamos para a comprobación aquel no que os prezos foron máis elevados e no que, por este motivo, de existir, se debería ter producido a modificación das cifras máis probablemente. O período seleccionado é o comprendido entre xaneiro e abril de 1880.

Se ben os listados de prezos, tanto das estatísticas oficiais como dos publicados polo *Diario de Lugo*, comprenden non só os cereais senón tamén outros moitos produtos alimentarios, seleccionamos unicamente o do centeo por ser este o que máis pode interesar neste caso.

[461] Refírese a Pedro Fernández Domínguez, o almacenista importador que subministrara tamén as 16 toneladas de millo que adquiriu a Xunta de Beneficencia para distribuír entre os necesitados nas aldeas do municipio.

[462] LÓPEZ TABOADA, Xosé Antonio. *Precios do trigo, centeo e millo na segunda metade do século XIX en Galicia*. Bilbao: Xunta de Galicia, Consellería de Presidencia, Servicio Central de Publicaciones, 1986, pp. 43 e 73.

Cadro 21. *Diario de Lugo*. Prezos do centeo no mercado en reais por fanega. 1880

XANEIRO

Número, data de publicación e páxina	Prezo do día anterior
974, 3 de xaneiro, p. 3	84-86
979, 10 de xaneiro, p. 2	88-90
985, 17 de xaneiro, p. 3	85-86
991, 24 de xaneiro, p. 3	85-86
997, 31 de xaneiro, p. 2	83-84

Prezo medio do mes: 85,71 rs./fanega= 27,05 pts./hl.

FEBREIRO

Número, data de publicación e páxina	Prezo do día anterior
999, 4 de febreiro, p. 3	83-84
1003, 8 de febreiro, p. 1	83-84
1011, 18 de febreiro, p, 3	84-85

Prezo medio do mes: 83,83 rs./fanega= 26,46 pts/hl.

MARZO

Número, data de publicación e páxina	Prezo do día anterior
1026, 6 de marzo, p. 3	80-82
1029, 10 de marzo, p. 3	80-82
1032, 13 de marzo, p. 3	78-80
1035, 17de marzo, p. 3	78-80
1044, 28de marzo, p. 1	78.80

Prezo medio do mes: 79,8 rs./fanega.= 25,18 pts./hl.

ABRIL

Número, data de publicación e páxina	Prezo do día anterior
1048, 3 de abril, p. 3	78-80
1051, 7 de abril, p. 3	78-80
1057, 14 de abril, p .3	78-80
1061, 18 de abril, p. 1	78-80
1067, 25 de abril, p. 1	78-80

Prezo medio do mes: 79,00 rs./fanega = 24,93 pts. /hl.

Fonte: elaboración propia a partir dos datos publicados no *Diario de Lugo* durante o ano 1880

Unha cuestión que en principio dificulta o contraste simple dos datos é a das diferentes unidades de peso/capacidade utilizadas. Mentres que os datos utilizados polo Goberno da provincia aparecen xa transformados ó sistema métrico decimal, pesetas por hectolitro, os publicados no Diario de Lugo fano nas unidades de medida de uso tradicional, reais por fanega. Para as equivalencias necesarias temos en conta o valor da fanega de Lugo de 79,20 litros[463]. Trasladamos desta maneira os datos publicados polo Diario de Lugo ás unidades de capacidade utilizadas nas estatísticas publicadas no BOPL.

[463] FERNÁNDEZ JUSTO, María Isabel. *La metrología tradicional gallega. Aportación a los estudios sobre el medio rural*. Madrid: Instituto Geográfico Nacional, 1986. Tomo 1 p. 294.

Cadro 22. Confrontación dos prezos publicados no *Diario de Lugo* e no *Boletin Oficial de la Provincia de Lugo* durante os meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril de 1880. Prezos medios mensuais

1880	*Diario de Lugo.* Prezos no mercado.	*Boletin Oficial de la Provincia de Lugo.*
Xaneiro	27,05 pts./hl. (85,71 rs./fan)	27,03 pts./hl.
Febreiro	26,46 pts./hl. (83,83 rs/fan.)	26,58 pts./hl.
Marzo	25,18 pts/hl. (79,80 rs/fan.)	25,06 pts./hl.
Abril	24,93 pts/hl. (79,00 rs/fan.)	24,87 pts./hl.

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* e *Diario de Lugo* durante o ano 1880.

O contraste das cifras das dúas fontes documentais, unha vez feitas as equivalencias, descarta a manipulación dos datos con intención de ocultar os prezos verdadeiros, e a alta similitude fai pensar, incluso, na posibilidade de que o informador do *Diario de Lugo* fose o propio funcionario do Goberno da provincia encargado de recoller os datos no mercado. A ideoloxía, diverxente da do Goberno nese momento, descarta unha conivencia para levar a cabo a ocultación dos elevados prezos acadados.

Outra cuestión interesante a determinar, unha vez contrastada a veracidade das cifras, é a de comprobar tamén a das que se esgrimiran no seu momento nos discursos políticos.

Sen dúbida, o discurso máis importante deste tipo, con referencias ós prezos, foi o que pronunciou no Senado o 5 de maio de 1880 o conde de Pallares, e no que afirmaba que os prezos dos cereais chegaran en Lugo "á 85 rs. La fanega de centeno y á 108 la de trigo"[464].

Aínda que sería comprensible certo grao de esaxeración, tendo en conta o obxectivo do discurso de lograr do goberno central axuda para paliar a situación dramática que se vivía nesas datas, esta non existiu

Se se analizan os prezos acadados polo trigo no mercado de Lugo nesas datas, entre xaneiro e abril de 1880, confírmase que, efectivamente, o prezo máximo de 108 rs. por fanega se acadou os días 2 e 9 do mes de xaneiro e 24 de abril[465], manténdose o resto do tempo invariable entre os 102 e 105 rs./fan.

No que ós prezos do centeo se refire, non só non houbo esaxeración algunha, senón que o prezo máximo esgrimido no discurso, de 85 rs./fan., fora superado xa en datas anteriores varias veces. Acadáranse xa os 86 rs.nos mercados do 3, 16 e 23 de xaneiro e de 90 rs. o 9 do mesmo mes[466].

6.2. O incremento migratorio transoceánico

É perfectamente lóxico e deducible que outra das consecuencias desta, como de outras moitas crises de subsistencia, sexa un aumento do número de persoas que emi-

[464] *Diario de Lugo*, nº 1080, 12 de maio 1880, p. 2.

[465] *Diario de Lugo*, nº 974, 3 de xaneiro, p. 3; nº 979, 10 de xaneiro, p.2, e nº 1067, 25 de abril de 1880, p. 1.

[466] *Diario de Lugo*, nº 974, 3 de xaneiro, p.3; nº 979, 10 de xaneiro, p.2; nº 985, 17 de xaneiro, p.3, e nº 991, 24 de xaneiro de 1880, p.3.

graron empuxados pola necesidade extrema que se orixinou[467]. Constatalo e, sobre todo, cuantificalo é o obxectivo deste apartado, para o que se atopan importantes dificultades.

A vinculación entre a crise e o incremento migratorio resulta tan evidente que incluso se recoñece en algúns documentos oficiais. O propio ministro de Fomento, conde de Toreno, no preámbulo do decreto no que adxudicaban varios tramos do ferrocarril entre Lugo e Monforte para paliar a situación, afirmaba que cando as dificultades para subsistir aumentan "suele ser efecto inmediato" delas "emigrar allende los mares"[468].

O impedimento máis importante á hora de cuantificar o número de persoas que se viron obrigadas a emigrar como consecuencia da crise de subsistencia radica na falta de datos estatísticos que recollan o número de persoas que saíron ó estranxeiro neses anos, non só para o caso de Galicia en particular senón para todo o territorio español en xeral.

Se ben noutros países levábanse a cabo xa desde tempo atrás rexistros de emigración, en España non é ata o ano 1882 que este tipo de controis se empezan a facer. Esta circunstancia orixina o paradoxo de que o estudo de algúns aspectos da emigración galega deses anos se leva a cabo a partir dos rexistros estatísticos de outros países, como é, por exemplo, o da emigración galega a través dos portos portugueses[469].

A inexistencia de rexistros para períodos anteriores a 1882 fai que se teña recorrido a métodos de estimación a partir de datos indirectos recollidos en outro tipo de rexistros.

Unha destas fontes indirectas utilizadas para o estudo do fenómeno migratorio galego foron os censos de poboación, dos que se tiñan en conta datos como a porcentaxe de ausentes e de mulleres solteiras e casadas como indicadores dun determinado grao de incidencia migratoria[470].

Outra fonte documental indirecta a partir da que se ten estimado a importancia e variacións do fenómeno migratorio en determinadas comarcas son os rexistros de defuncións ou libros de defuntos das parroquias, contabilizando as chamadas actas fúnebres por ausentes[471]. O número, porcentaxe, incremento e descenso de anotacións de parroquianos falecidos noutros lugares da pe a deducir e estimar niveis e características do fenómeno migratorio nas localidades de orixe.

Os expedientes e listas de quintas levadas a cabo polos concellos son outra fonte documental estudada con frecuencia para avaliar o fenómeno migratorio, a falta de re-

---

[467] RODRIGUEZ GALDO, María Xosé. *Crises agrarias e emigración na Galicia do século XIX*. Vigo: Caja de Ahorros Municipal de Vigo, 1979, p.5.

[468] Real decreto do 23 de setembro de 1879: *Gaceta de Madrid*, nº 277, 23 de setembro, 1879, pp. 969-970. Reproducido parcialmente no *Diario de Lugo*, nº 895, 27 de setembro 1879, p. 1.

[469] FERNANDES RODRIGUES, Henrique. Emigracação galega para o Brasil através de Viana do Castelo (1838-60); Analise a alfabetização e ao perfil sócio-profissional. En: EIRAS ROEL, (Edr.). A. *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992, pp. 177-183.

[470] EIRAS ROEL, Antonio. Para una comarcalización del estudio de la emigración gallega. La diversificación intrarregional a través de los censos de población (1887-1920). En: EIRAS ROEL, A. (Edr.). *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia,1992, pp. 7-31.

[471] REY CASTELAO, Ofelia e PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco. Movimientos migratorios en el municipio de A Cañiza, siglos XVII al XIX. En: EIRAS ROEL, A. (Edr.). *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992, pp.33-44.

xistros máis específicos. As anotacións como ausentes dos mozos que correspondía inscribir cada ano son utilizados como datos útiles para determinar as porcentaxes e variacións do fenómeno no lugar onde se levaron a cabo[472].

Os estudos sobre emigración feitos a partir dos censos de poboación e padróns de habitantes son tamén numerosos. As anotacións como ausentes volven ser, como no caso dos expedientes de quintas, un dato a partir do que se estiman volumes e porcentaxes de emigrados[473].

Existen estudos que utilizan fontes aínda máis indirectas, como os expedientes de soltería, as actas de matrimonio e os rexistros de defunción, nas que se facía constar a ausencia temporal da parroquia das persoas ás que se facía referencia.

Os traballos que seguen esta metodoloxía de investigación, a partir de fontes indirectas, presentan grandes inconvenientes para o obxectivo que se pretende neste apartado de confirmar o incremento migratorio orixinado pola crise de subsistencia dos anos 1879-80, e cuantificalo da maneira máis precisa posible.

Deixando a un lado que este tipo de fontes dan como resultado final unha cuantificación estimada en función de determinados cálculos, e non de datos rexistrais precisos, atopamos ademais algúns outros inconvenientes para o obxectivo que se pretende.

A primeira e máis importante dificultade á hora de facer un seguimento dos anos previos, durante e posteriores á crise, reside na inexistencia de traballos que fagan este tipo de cálculos de maneira anual continuada, sendo o máis frecuente que se fagan en períodos quinquenais ou decenais, limitándose incluso algúns, como sucede cos estudos feitos a partir dos censos, ós anos puntuais en que se levan a cabo sen ter en conta outro tipo de periodicidades.

Para atopar traballos nos que as estimacións dos cálculos migratorios se fagan anualmente e de maneira consecutiva, vémonos obrigados a recorrer a aqueles que están feitos abarcando o ámbito de todo o territorio español[474].

Os primeiros datos relevantes deste tipo nos que se manifesta a tendencia deses anos son os que se refiren á emigración española a Cuba, nos que de maneira estimada e para o período de 1877 a 1881 se calcula ano a ano o número de persoas que emigraron con ese destino.

---

[472] DEL VALLE GONZALEZ, Soledad. La emigración en la comarca de Dozón según los expedientes de quintas. En: EIRAS ROEL, A. (Edr.) *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992, pp. 71-75.

[473] RAMA PATIÑO, Mª Luz. El seguimiento del fenómeno migratorio en el municipio de Carballo a través de los padrones de habitantes (1860-1920). En: EIRAS ROEL, A. (Edr.). *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal.* Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992, pp.123-127.

[474] Mesmo para casos en que non se busca a periodicidade anual senón, polo contrario, global, se recorre ás estimacións globais para toda España. Así vemos como Eiras Roel para as estimacións referidas a Galicia leva a cabo os seus cálculos a partir dos existentes para o estado español: EIRAS ROEL, Antonio. La emigración gallega a las Américas en los siglos XIX y XX. Nueva panorámica revisada. En: EIRAS ROEL, A. (Edr.). *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992, pp. 185.

Cadro 23. Persoas que emigraron a Cuba desde España no período 1877-81

Ano	Nº de persoas
1877	10.660
1878	10.783
1879	15.109
1880	12,085
1881	11.319

Fonte: elaboración propia a partir das estimacións de YAÑEZ GALLARDO, César. *La emigración española a América (siglos XIX y XX). Dimensión y características cuantitativas*[475].

O incremento migratorio a Cuba que se produce segundo estes datos en 1879 con relación ó de 1878 é dun 40% e do 11% en 1880, tamén sobre a cifra de 1878. En total, nos dous anos de 1879 e 1880, tomando como referencia a media de 1877 e 1878, prodúcese un incremento migratorio de 6.320 persoas, que poderían ser contabilizadas como causadas pola crise. Ese incremento correspondería unicamente á emigración transoceánica a Cuba procedente de todo o territorio español. Se temos en conta que Galicia é a zona de España que máis emigrantes aportou a América en xeral nos séculos XIX e XX[476] e que no caso de Cuba ese predominio era aínda maior, poderíase deducir que a maioría desas 6.320 persoas que emigraron a Cuba empuxados pola crise terían saído de Galicia, deixando á marxe os que xa viñan saíndo tradicionalmente de maneira regular antes dese momento.

Sobre a importancia e volume da emigración galega transoceánica neses anos pode darnos unha referencia a estimación feita pola *Sociedad de Amigos del País* de Santiago de Compostela en 1881, que situaba a cifra dos que saían de Galicia anualmente neses momentos entre os 15.000 e os 20.000 por ano, cifra superior ou equivalente ás estimacións actuais para todo o territorio español [477]. Outras referencias da época, ou pouco posteriores, subliñan o papel de Galicia na emigración a América e o seu peso nos volumes totais[478].

Por outra parte, é importante sinalar que nas estimacións para o territorio español das persoas que emigraron con destino a outros puntos de América non se evidencia de maneira tan clara o incremento que se percibe no caso de Cuba para eses anos. A explicación podería estar no feito de que as zonas máis afectadas pola crise de subsistencia, Galicia e Asturias sobre todo, tiñan xa nese momento unha clara orientación migratoria cara a illa de Cuba, sendo por este motivo lóxico que fose alí onde se percibise o incremento de maneira máis clara.

[475] Os datos corresponden ás estimacións feitas por YAÑEZ GALLARDO, César. *La emigración española a América (siglos XIX y XX). Dimensión y características cuantitativas*. Colombres, Asturias: Fundación Archivo de Indianos, 1993, pp. 48-49.

[476] YAÑEZ GALLARDO, César: *op. cit*. pp. 16 e 240.

[477] PARGA SANJURJO, J.A. et al. *Informe contestando al interrogatorio del gobierno de S.M. sobre las causas y las medidas que pueden aconsejarse para evitar los males que trae al país la emigración*. Santiago de Compostela: Sociedad Económica de Amigos del País, 1881. p. 16. Citado e referenciado por HERNÁNDEZ BORGE, Julio e DURÁN VILLA, Francisco R. Guia bibliográfica de emigración galega. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións, 1992. p. 33.

[478] As estimacións feitas xa en 1910 sobre a emigración europea polo estudoso sueco G. Sundbarg. (Den svenka och europeiska folköknings –och omfly- ttining-statistiken, Estocolmo, 1910. p. 68), citado por YAÑEZ GALLARDO, C.: *op. cit*. p. 141, atribúen á maior parte da emigración española a América do período 1871- 1882 unha orixe galega.

Nas estimacións da emigración global a América desde España, sumando a de todos os países de destino, detéctase tamén un incremento, aínda que non de maneira tan clara como no caso de Cuba, coincidente coa crise de 1879-80. Na estimación pesa de maneira importante a específica para a illa de Cuba.

Cadro 24. Migración española a América nos anos 1877 a 1881

Anos	Nº de persoas
1877	12.783
1878	15,083
1879	19.442
1880	16.442
1881	17.440

Fonte: elaboración propia a partir das estimacións de YAÑEZ GALLARDO, César. *La emigración española a América (siglos XIX y XX). Dimensión y características cuantitativas*[479].

Se as estimacións son bastante demostrativas en canto ó número de persoas que emigraron ó outro lado do Atlántico empuxadas pola crise de subsistencia, as referencias de prensa son aínda máis elocuentes e reflicten aspectos e matices que as cifras por si soas non poden transmitir. O *Diario de Lugo* publicaba a finais de 1879[480] un editorial, dos numerosos que publicou sobre a crise, enfocado neste caso cara a cuestión migratoria. Apunta a outros beneficiados máis da crise, os comisionistas que obteñen importantes beneficios da situación crítica das xentes:

> Las miserias de estos son explotadas la mayor parte de las veces por negociantes sin conciencia que lanzan a un horrible porvenir a millares de infelices, solo por el mezquino aliciente del *tanto por ciento* que en el precio de cada pasage les conceden las empresas de vapores.

Reproduce ademais, a modo de advertencia, un artigo publicado en *El Eco de Galicia* da Habana, publicación dirixida ós galegos en Cuba, que neste caso pretende chegar ós galegos que aínda permanecían aquí:

> La emigracion espantosa que se está llevando a cabo en nuestro país, está llamando la atencion de todo el mundo.
>
> No hay un solo día que los vapores no vengan cargados de gallegos, ávidos de conquistar una fortuna que no es más que una ilusion.
>
> Este país está en tan horribles condiciones como aquel. Las gentes no tienen en que ocuparse. Reina la miseria y la desconfianza, y cuantos llegan vienen sólo a reforzar las turbas de mendigos que pululan por las calles.
>
> Nuestras autoridades gallegas deben poner mano sobre esta cuestion. La prensa debe levantar un clamor general, que llegue á todos los confines de la tierra.
>
> No vengais á Cuba, gallegos, porque venís á la muerte y á la desgracia.
>
> Desoid á los miserables que os engañan con falsas promesas y tesoros imaginarios.
>
> Gallegos, no salgais de Galicia.

Os intereses e estratexias do goberno de Madrid, sen embargo, tiñan unha orientación contraria. O Ministerio da Gobernación publica por esas datas unha circular na que trata de dirixir o fluxo migratorio precisamente cara a illa de Cuba, en previsión da inminente abolición da escravitude que alí ia producirse, evitando "sino en absoluto, en lo posible el que abandonen la Península muchos de sus hijos que, alucinados con iluso-

[479] Os datos corresponden ás estimacións feitas por YAÑEZ GALLARDO, César. *La emigración española a América (siglos XIX y XX). Dimensión y características cuantitativas*. Colombres, Asturias: Fundación Archivo de Indianos, 1993. pp. 115-120.

[480] *Diario de Lugo*, nº 964, 20 de decembro 1879, p. 1.

rios beneficios, van á prestar sus trabajos á otros paises", tratando de orientar "dichas corrientes de emigracion hacia la isla de Cuba, como el interés nacional reclama"[481].

A circular coas normas publícase no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o 6 de maio de 1880 coa instrución engadida do gobernador ós alcaldes de que lle dean a maior publicidade posible e o *Diario de Lugo* reprodúcea parcialmente e a comenta dous días máis tarde[482].

O incremento migratorio orixinado pola crise encaixou perfectamente nos plans do goberno central de incrementar o volume de man de obra europea para suplir a previsible falta orixinada pola supresión da escravitude africana.

6.3. Os desprazados

Baixo o concepto de desprazado incluímos a todas aquelas persoas, adultos e nenos, que se viron obrigados a abandonar o seu lugar habitual de residencia empuxados pola falta de alimentos.

Aínda que conceptualmente caberían dentro deste apartado todos aquelas persoas que durante este período temporal emigraron a outros países polo mesmo motivo, déixanse fora por ser xa obxecto de análise no apartado anterior.

As primeiras evidencias de que as xentes empuxadas pola falta de alimentos estivesen abandonando as súas casas prodúcense, como era previsible, nas zonas que se manifestaron como máis afectadas pola crise. Naquelas comarcas nas que a colleita foi máis corta, manifestáronse antes o seu esgotamento e os seus efectos. Os concellos da montaña de Lugo foron desta maneira os primeiros en sufrir e evidenciar este problema, e sería neles tamén, aínda que non nos únicos, nos que esta circunstancia se daría con maior intensidade.

Non foi ó esgotarse a colleita recollida en 1879 cando se producen os primeiros abandonos de casas, senón un ano antes, ó esgotarse a recollida en 1878, diminuída de maneira importante xa polas inclemencias meteorolóxicas en determinadas zonas especialmente sensibles.

Na primavera de 1879, en carta escrita o 29 de maio desde Pedrafita, dáse conta xa de que moitos veciños, vendo morrer os seus animais de frío e fame, e temendo sufrir eles a mesma sorte, "abandonaron sus hogares y sus estériles tierras, marchado á las provincias inmediatas de Castilla con sus familias á implorar la caridad pública"[483].

Na reunión celebrada no Concello de Lugo para organizar a recollida de fondos para os afectados polas inundacións no Levante, en outubro dese mesmo ano, o representante da Deputación expón a limitada dispoñibilidade do organismo provincial que representa en base a que a provincia pasa por un difícil momento e que "en Ayuntamientos como Caurel, más de cincuenta labradores han abandonado sus hogares hostigados por la miseria"[484].

---

[481] Circular do Ministerio da Gobernación do 30 de abril de 1880.

[482] BOPL, nº 55, 6 de maio de 1880. Circular nº 144. *Diario de Lugo*, nº 1077, 8 de maio 1880, p. 1.

[483] *Diario de Lugo*, nº 800, 2 de xuño 1879, p. 1

[484] *Diario de Lugo*, nº 924, 31 de outubro 1879, p. 2-3.

Se ben os primeiros casos de abandonos de casas se produciron xa en 1879 nas comarcas máis sensibles, como eran as zonas montañosas de maior altitude, en 1880 o fenómeno xeneralízase e afecta xa a amplas zonas das catro provincias.

No discurso pronunciado polo conde de Pallares no senado o 5 de maio, afirma que "hay en aquellas provincias centenares de familias que hasta ahora habian podido vivir con su trabajo y hoy vagan por los campos y las poblaciones implorando la caridad"[485].

Ademais das zonas nas que se produce o abandono do fogar, ofrece interese coñecer os lugares a onde se dirixían estas xentes ás que a fame levaba dun lugar a outro.

Aínda que posiblemente o fenómeno foi xeral e se produciu en maior ou menor medida en todas as vilas e cidades galegas, non en todas se lle deu a debida importancia, nin de todas existen rexistros documentais.que o recollan.

Se ben o caso máis documentado, como xa se expuxo no seu momento, e o que posiblemente se manifestou de maneira máis evidente, foi o de Lugo, existen referencias da chegada de desprazados en algúns outros lugares.

Mondoñedo foi unha das vilas nas que está rexistrada a presenza masiva de xentes desprazadas desde as aldeas. O correspondente do *Diario de Lugo* na vila describe o que alí sucede na primavera de 1880:

> La multitud de pobres que de las inmediaciones á esta ciudad acuden solicitando una racion de pan, de que carecen, los numerosos grupos de hombres que abandonan precipitadamente sus hogares para obtener productos en las siegas de Castilla, mientras que sus esposas é hijos imploran llenos de dolor y de miseria la caridad pública, convierten la poblacion en un campamento de indigentes y necesitados para quienes ya no es suficiente, por su considerable número, la caridad de este filantrópico vecindario"[486].

Unha descrición de similares características fai o bispo de Mondoñedo polas mesmas datas en carta dirixida á Xunta de Beneficencia de Lugo[487].

Monforte foi outra das grandes vilas ás que acudiron moitas das xentes que abandonaran as súas casas empuxadas pola fame. A proximidade xeográfica ás zonas máis meridionais da montaña luguesa propiciaría ademais que esta chegada superase con moito as posibilidades de acoller un número razoable de xentes mendicantes. En carta escrita o 29 de maio dáse conta xa da desbordada situación que se vive alí:

> A todas horas del dia se ven las calles invadidas de multitud de pordioseros que solicitan con llanto en los ojos un pedazo de pan para el hijo de sus entrañas.[488]

Sería importante cuantificar o número de desprazados que se produciu, senón en toda Galicia, cando menos na provincia de Lugo, pero trátase dunha tarefa complexa por varios motivos. Non existen rexistros estatísticos das persoas que abandonaron o fogar en cada un dos concellos, nin existen tampouco recontos das persoas chegadas ás localidades de destino. Unicamente os métodos estimatorios nos permiten facerse unha idea da magnitude que puido chegar a ter este fenómeno.

---

[485] *Diario de Lugo*, nº 1080, 12 de maio 1880, p. 1-2.

[486] *Diario de Lugo*, nº 1088, 21 de maio 1880, p. 2.

[487] AHPL, Concello de Lugo, Beneficencia, Sig. 0825-00, Leg. 696. Carta do bispo de Mondoñedo á Xunta de Beneficencia de Lugo con data do 12 de maio de 1880.

[488] *Diario de Lugo*, nº 1099, 4 de xuño 1880, p. 3.

Das estimacións referidas ó número de persoas chegadas a vilas e cidades, a máis accesible e viable é a que se refire á cidade de Lugo. Os rexistros do número de racións alimenticias distribuídas cada un dos días dos meses de maio, xuño e xullo de 1880 son unha referencia bastante aproximada do número de persoas que había cada un deses días vagando pola cidade sen ter que comer.

A análise das cifras das comidas distribuídas, como se viu no seu momento, mostra importantes variacións entre uns días e outros, o que é indicio da elevada inestabilidade e gran mobilidade desas persoas, que posiblemente sufrisen importantes renovacións motivadas polas idas e vindas que en importante porcentaxe se produciron ó trasladarse con frecuencia dun lugar a outro.

Tendo en conta estas circunstancias, o número máximo de racións rexistradas na tarde do 25 de xuño, que acadou as 1.368, ben puidera duplicarse á hora de estimar o número total dos que pasaron pola cidade ó longo deses tres meses nos que se levaron a cabo os socorros e as anotacións.

No que a rexistros nos lugares de orixe se refire, a referencia numérica coñecida máis concreta é a que contén o discurso pronunciado o 27 de xuño de 1879 no Congreso polo deputado Juan Bautista Neira, que, referíndose á difícil situación no termo municipal de Pedrafita do Cebreiro, fala de 1200 veciños que abandonara xa nesas datas as súas casas, o que representaba un terzo da poboación do concello[489]. Se temos en conta que un ano máis tarde ese porcentaxe ben puido incrementarse ata alcanzar o 40% da súa poboación, ou incluso máis, poderemos ter xa unha idea máis global das persoas que se puideron ver afectadas por esta circunstancia.

Se os concellos máis afectados chegaron, moi posiblemente, a ver desprazada a súa poboación en porcentaxes próximos ó 50%, non sería desproporcionado estimar nun 10% a media da provincia. Iso significaría, tendo en conta que o seu número de habitantes nese momento era de 410.810[490], que arredor de 40.000 persoas poderían ter resultado desprazadas dos seus fogares pola crise, incluíndo aqueles que optaron pola emigración transoceánica.

Cabe preguntarse cales foron os lugares cara onde se desprazaron todas estas persoas na súa busca da supervivencia. Unha parte, a menos capacitada para levar a cabo grandes recorridos, composta por anciáns, mulleres con fillos e nenos, optarían por lugares xeograficamente menos afastados. As vilas e cidades máis próximas serían as elixidas. No caso de aquelas persoas con maior capacidade física para os recorridos longos a pe, cabe pensar en lugares moito máis afastados xeograficamente, saíndo incluso fora de Galicia en boa parte.

Tendo en conta que a intensidade dos danos ocasionados polas anomalías climáticas foi maior no noroeste peninsular e diminuíu cara o leste e centro, ó ir perdendo intensidade os frontes de precipitación, que irían avanzando nesa dirección, é moi posible que seguise ese mesmo recorrido parte da poboación desprazada na busca de zonas menos afectadas. Esa ruta coincide ademais coas vías de comunicación máis importantes e formaba parte da que anualmente seguían os segadores que se desprazaban ó interior peninsular.

---

[489] *Diario de Lugo*, nº 835, 16 de xullo 1879, p. 1. Reproduce íntegro o contido da intervención levada a cabo o 27 de xuño nas Cortes.

[490] Datos estatísticos publicados repetidamente no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*.

Para determinar ata onde puideron ter chegado as persoas que optaron por insistir nesa busca da supervivencia, temos a referencia que *El Noticiero de Bilbao* fai á presenza de mendigos procedentes de Galicia.na provincia de Biscaia:

> Dos sentimientos enteramente opuestos, cuales son la tristeza y la alegria, esperimentamos al ver la muchedumbre de mendigos que vaga por Vizcaya procedentes en su mayor parte de Asturias, de Galicia, de las merindades de Castilla y de la provincia de Santander.[491]

6.4. A mortalidade

A cuestión da mortalidade causada pola crise aparece citada no transcurso da mesma en moi escasas circunstancias e case sempre fora de Galicia. A consideración desta realidade como un tema tabú parece percibirse na evitación continuada, que contrasta coa reiteración con que se tratan outros aspectos como a proliferación de xentes mendigando e o abandono do fogar en moitas zonas, ou a máis anecdótica dos labregos que se alimentaban con herbas.

En ocasións aparece a insinuación que bordea a realidade, como cando se afirma que "aterra ver las mujeres escuálidas con sus hambrientos hijos"[492], pero raramente se pasa esa fronteira.

As poucas pero claras e contundentes afirmacións que se producen en circunstancias puntuais descartan a hipótese de que non existise consciencia de que esta realidade se estivese producindo e reforza mais ben a posibilidade de que estivese tendo lugar unha ocultación da parte mais dramática da crise.

Existen evidencias que confirman que xa na primavera de 1879 se sabía que se estaban producindo defuncións causadas pola escaseza de alimentos. En maio *El Imparcial* reproduce e comenta fragmentos do previamente publicado en *El Clamor de Galicia* de Lugo, no que se afirma que "hasta algunas personas han sido ya víctimas del terrible azote"[493].

Non será ata un ano máis tarde que se faga referencia á cuestión. O xornal de Madrid *La Iberia*, na recensión que fai da reunión que no Congreso manteñen os deputados e senadores da provincia de Lugo, recolle a afirmación de que en ela a miseria é tan grande "que se han dado algunos casos de muerte por hambre"[494]. Froito desas reunións, o deputado por Lugo José M. Pardo Montenegro, nunha interpelación ó ministro de Fomento reclamando axuda no Congreso para paliar a situación que se vive na provincia, fai outra referencia cando afirma que "las enfermedades y defunciones aumentan de dia en dia"[495].

A referencia máis clara e directa producirase unhas semanas máis tarde, esta vez no Senado, na intervención do conde de Pallares, cando nun intento último por conseguir, tamén do Ministerio de Fomento, axuda en forma de inversións para Galicia, che-

[491] *El Noticiero Bilbaino*, nº 1764, 2 de maio 1880, p. 1.

[492] *Diario de Lugo*, nº 1045, 30 de marzo 1880, p. 1. "SITUACION DEL PAIS".

[493] *El Imparcial*, nº 4645, 16 de maio 1879, p. 3.

[494] *La Iberia*, 11 de maio 1880, p. 3. Tamén *Siglo Futuro*, 12 de maio 1880, p. 3.

[495] O discurso é pronunciado no Congreso o 17 de abril de 1880 e foi reproducido íntegramente no *Diario de Lugo*, nº 1065, 23 de abril 1880, p. 2.

ga a afirmar que en xulgados municipais do interior se está rexistrando hasta un 50% máis de defuncións das producidas en anos normais[496].

A evitación e ocultación da cuestión da mortalidade parece clara, evidenciándoa unicamente cando é imprescindible utilizala como argumento para solicitar axuda.

A constatación inequívoca de que se estaba producindo unha mortalidade maior do que se consideraba normal evidenciábase, ademais de nos rexistros dos xulgados municipais, nas estatísticas que a partir deles levaban a cabo os gobernos civís, que en 1879 comezan a elaborar a nivel provincial e a ser publicados no boletín oficial de cada provincia.

Os rexistros do goberno central tamén evidenciaban a existencia de mortalidade elevada que se estaba producindo. O desequilibrio da relación entre a mortalidade a a natalidade que se chegou a producir na provincia de Lugo transcendeu incluso á prensa de ámbito estatal. *El Imparcial*, comentando esa estatística sanitaria do mes de abril de 1880 das provincial españolas resaltaba que:

> En todas ellas ha sido el número de defunciones inferior al de nacimientos, excepto en Lugo, donde es sabido, reina gran miseria.[497]

O dato do número de falecidos por riba do de nacementos como indicativo da gravidade da crise é comentado tamén por Concepción Arenal na revista que ela dirixía sobre temas relacionados coa beneficencia:

> (…) En corroboracion de ellas hay un dato de elocuencia todavía más desconsoladora. En la provincia de Lugo, *en el mes de Abril último, el número de defunciones ha sido mayor que el de nacimientos*. Las personas que saben algo de estadística, de fisiologíca y del natural incremento de la poblacion gallega, comprenderán hasta qué punto es necesario que esté asolada por el hambre, para que decrezca en vez de aumentar rápidamente, como sucede aún en el estado normal, que es el de pobreza grande. Nadie que tenga corazón y sepa lo que estos números significan, puede leerlos sin extremecerse. [498]

Un dos rexistros nos que se documenta o incremento da mortalidade durante a fase máis crítica da crise é o número de falecementos que se rexistran neses anos no Hospital Municipal de Lugo. Se ben é complexo analizalo pola diferente orixe das persoas ingresadas no establecemento e o limitado do ámbito a estudar, trátase dun indicio máis sobre o incremento da mortalidade que a crise de subsistencia orixinou neses anos.

Cadro 25. Falecementos rexistrados no Hospital Municipal de Lugo durante o período 1877-1882

1877	46
1878	42
1879	66
1880	65
1881	49
1882	38

Fonte: elaboración a partir dos datos rexistrados nos libros de defuncións do Hospital Municipal[499].


[496] O discurso ten lugar o 5 de maio e foi reproducido íntegramente no *Diario de Lugo*, nº 1080, 12 de maio 1880, pp. 1-2

[497] *El Imparcial*, 23 de maio 1880, p. 3.

[498] *La Voz de la Caridad*, nº 249, 15 de xullo de 1880. Madrid: Imprenta de Manuel Minuesa, 1880, pp. 125-129. *Hay Irlanda Pero no hay Cobden*.

[499] ADPL. Libros de defuncións do Hospital Municipal de Lugo, Sig. 6902. Anos 1877-1882.

Gráfica 7. Representación gráfica dos falecementos producidos no Hospital Municipal de Lugo no período 1877-1882



Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos nos libros de defuncións do Hospital Municipal de Lugo[500].

A diferenza do que sucede na cuestión migratoria, para o estudio da mortalidade deses anos si contamos con rexistros estatísticos que nos permiten unha análise bastante detallada de como e ata que punto se produciu.

En 1879 iníciase a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo dos cadros estatísticos de defuncións producidas na provincia que elabora o Goberno Civil cos datos aportados polas alcaldías. As estatísticas, aínda que con algunha pequena falla puntual, son o suficientemente precisas como para levar a cabo un seguimento sistemático de cómo se van producindo as variacións porcentuais e numéricas ao longo dos meses, e incluso semanas, dos anos de 1879 e 1880. A inexistencia de datos dos anos anteriores a 1879 obriga a que se tome como referencia do que pode ser considerado como normal o de 1881, cando xa foran superados, cando menos na súa maior parte, os efectos da crise, despois de recollidas as colleitas de 1880.

Ademais dos datos relativos á mortalidade producida durante esas datas é importante analizar os relativos á natalidade por varios motivos. En primeiro lugar sirve para estudar en que medida a crise de subsistencia puido afectar a ese parámetro, podendo ver, se é o caso, como se van producindo variacións ó longo dos meses. En segundo lugar, e para a cuestión exclusiva das defuncións, serve para analizar as variacións da dualidade natalidade-mortalidade, comprobando como esta, a medida que a crise se agrava, se aproxima, e incluso supera, á de natalidade. Esta relación coa natalidade servirá de referencia para valorar o volume da mortalidade segundo se vai producindo, mes a mes.

[500] ADPL. Libros de defuncións do Hospital Municipal de Lugo, Sig. 6902. Anos 1877-1882.

6.4.1. A mortalidade no termo municipal de Lugo

Os datos estatísticos conservados relativos ó termo municipal de Lugo, unha vez ordenados e tabulados quedan no orden e da maneira que sigue.

Cadro 26. Defuncións e nacementos producidos no termo municipal de Lugo durante os anos 1879, 1880 e 1881

Ano 1879

Meses	Nacementos	Defuncións
Xaneiro	79	76
Febreiro	66	65
Marzo	82	78
Abril	79	76
Maio	87	83
Xuño	55	50
Xullo	59	48
Agosto	63	78
Setembro	70	77
Outubro	62	78
Novembro	87	90
Decembro	85	105
TOTAIS	874	904

Ano 1880

Meses	Nacementos	Defuncións
Xaneiro	60	103
Febreiro	71	101
Marzo	89	78
Abril	75	99
Maio	92	79
Xuño	65	67
Xullo	57	63
Agosto	69	67
Setembro	54	62
Outubro	64	59
Novembro	63	68
Decembro	81	69
TOTAIS	840	915


Ano 1881

Meses	Nacementos	Defuncións
Xaneiro	56	52
Febreiro	60	54
Marzo	64	53
Abril	72	73
Maio	78	55
Xuño	65	54
Xullo	54	40
Agosto	57	63
Setembro	73	50
Outubro	91	53
Novembro	84	57
Decembro	100	55
TOTAIS	854	659


Fonte: elaboración propia a partir dos datos publicados mensualmente no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*[501].

Gráfica 8. Defuncións e nacementos mensuais dos anos 1879, 1880 e 1881 no termo municipal de Lugo

Ano 1879




Ano 1880




[501] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*. Estatísticas de defuncións e nacementos publicados polo Goberno Civil da Provincia de Lugo. Anos 1879-1881.

Ano 1881



Fonte: elaboración propia a partir dos datos publicados no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*[502].

Gráfica 9. Representación gráfica conxunta de defuncións e nacementos mensuais durante o período 1879-1881 no termo municipal de Lugo



Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*[503].

Á hora de analizar os datos das táboas, o primeiro que chama a atención é a estabilidade do número de nacementos ó longo do período analizado, non percibíndose as variacións tan avultados que se observan no caso das cifras referidas á mortalidade. Quizá o máis destacable estea na maneira en que a natalidade se produce ó longo do ano 1881, no que nos primeiros meses se observa un número de nacementos menor incluso que os que se produciron en 1879 e 1880, e un aumento superior ó 20% nos meses finais que van de setembro a decembro e que normalizaron a taxa de natalidade dese ano.

A explicación a esta variación no número de nacementos durante 1881 puidera estar no feito de que os nacementos dos primeiros meses do ano corresponderían a fecundacións que terían lugar na fase máis crúa de 1880, mentres que os nacementos da

[502] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*. Estatísticas de defuncións e nacementos publicados polo Goberno Civil da Provincia de Lugo. Anos 1879-1881.
[503] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*. Estatísticas de defuncións e nacementos publicados polo Goberno Civil da Provincia de Lugo. Anos 1879-1881.

segunda metade corresponderíanse coas fecundacións que se producirían unha vez superados os efectos máis importantes da crise. Con todo, a estabilidade das cifras ó longo do período contrasta coa variación moito maior das que teñen que ver coa mortalidade, servindo de referencia clara para o estudo da evolución desta.


Centrados xa no estado da mortalidade en si, obsérvase como esta se percibe máis elevada do normal, e de maneira moi importante, desde o inicio de 1879, o que pon en evidencia que os efectos da crise se iniciaran xa en 1878 de maneira evidente, e se foron agudizando a medida que os efectos da climatoloxía se foron traducindo en diminucións das colleitas, e estas en incremento do número de falecidos.

O efecto retardado da diminución das colleitas era moi ben coñecido nese momento e faise patente nos vaticinios que do que ia suceder se facían nos discursos parlamentarios e nos editoriais xornalísticos con moitos meses de anticipación.

Se se observan as cifras mensuais, compróbase que os meses con maior número de falecementos son os que van de decembro de 1879 a febreiro de 1880, nos que non baixa dos cen, e que deixa corta a afirmación do conde de Pallares de que en algúns xulgados municipais se rexistraran ata un 50% máis de falecementos do normal. Se tomamos como normais os rexistros de 1881, observamos que en decembro de 1879 se produce un incremento do 90,90%, en xaneiro de 1880 do 98,07 e en febreiro do 87,03. A mortalidade neses meses practicamente se duplicou.

No que ás cifras anuais se refire, o número total de falecementos é bastante similar en 1879 e 1880, aínda que o seu reparto mensual sexa totalmente distinto. Mentres en 1879 foron máis numerosos na segunda metade, no 1880 concentráronse maioritariamente na primeira. A explicación está nos efectos do esgotamento da escasa colleita de 1879 na segunda metade dese ano e, especialmente, na primeira de 1880, mentres que a segunda metade de 1880 foi de recuperación, grazas a chegada da colleita de cereal dese ano.

Gráfica 10. Número de falecidos nos anos 1879, 1880 e 1881 no termo municipal de Lugo



Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* [504].

[504] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*. Estatísticas de defuncións e nacementos publicados polo Goberno Civil da Provincia de Lugo. Anos 1879-1881.

Globalmente, no ano 1879 producíronse 904 falecementos; en 1880, 915 e en 1881, 659. Se tomamos como referencia o número de 1881, poderíanse considerar o número de 245 falecementos causados pola crise en 1879 e 256 en 1880, totalizando nos dous anos os 501 falecidos

Cadro 27. Incremento de falecementos no termo municipal de Lugo

Ano	Nº de falecidos máis que en 1881	Porcentaxe de falecidos máis que en 1881
1879	245	37,17%
1880	256	38,84%
TOTAL dos dous anos.	501	

Fonte: elaboración propia a partir da información publicada no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*[505].

Se se toma en consideración o concepto de taxa de mortalidade[506], tendo en conta que o número de habitantes no termo municipal de Lugo neses anos era de 18.990, obtemos unha taxa de mortalidade do 34,70‰ para o ano 1881, do 47,60 para 1879 e do 48,18 no de 1880. Se se ten en conta que para os parámetros actuais se considera como taxa moderada de mortalidade a comprendida entre o 15 e o 30‰ é máis fácil entender a magnitude das cifras que se produciron neses anos.

Cadro 28. Taxas de mortalidade dos anos 1879 e 1880 no termo municipal de Lugo

Ano	Falecementos	Taxa de mortalidade en ‰
1879	904	47,60
1880	915	48,18
1881	659	34,70

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*[507].

Os incrementos no número de falecidos en 1879 e 1880 con respecto a 1881, considerado como referencia, é do 37,17 e 38,84% respectivamente.

A incidencia da crise nos cálculos estatísticos da mortalidade en Galicia durante o septenio 1878-84 aparece reflectida por capitais de provincia en función das diferenzas que a incidencia tivo entre unhas e outras zonas.

Cadro 29. Defuncións capitais de provincia. Septenio 1878-84

Capitais	Poboación 31/12/1877	Total defuncións do septenio	Cifra absoluta	Por cada 100 habitantes
A Coruña	33.739	8.445	1.206	3,58
Lugo	18.909	5.290	756	4,00
Ourense	12.586	3.725	532	4,23
Pontevedra	19.857	3.418	488	2,46
Gali-capit.	85.085	20.878	2.982	3,50
España-capt.	2.251.836	590.618	84.374	3,75

Fonte: J. Antonio López Taboada. *La población de Galicia 1860-1991*[508].

[505] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*. Estatísticas de defuncións e nacementos publicados polo Goberno Civil da Provincia de Lugo. Anos 1879, 1880 e 1881.

[506] A taxa de mortalidade xeral é a proporción de persoas que falecen respecto do total da poboación dun territorio expresado en tantos por mil (‰). Obtense dividindo o número de falecidos nun período, normalmente un ano, polo número de habitantes dun territorio e multiplicando o resultado por mil. De igual maneira se calcula a taxa de natalidade xeral.

[507] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*. Estatísticas de defuncións e nacementos publicados polo Goberno Civil da Provincia de Lugo. Anos 1879-1881.

6.4.2. A mortalidade na provincia de Lugo

No que á análise das cifras de mortalidade e natalidade na provincia de Lugo se refire, preséntase a dificultade de que non é ata setembro de 1879 que se empeza a analizar e publicar as cifras mensualmente, contando nos meses precedentes dese ano unicamente coas cifras globais producidas ata ese momento, é dicir, o total dos falecementos e nacementos producidos entre xaneiro e agosto.

Cadro 30. Defuncións e nacementos na provincia de Lugo mensualmente durante os anos 1879, 1880 e 1881

Ano 1879

Meses	Nacementos	Defuncións
Setembro	958	716
Outubro	990	798
Novembro	1339	1220
Decembro	1054	1266

Ano 1880

Meses	Nacementos	Defuncións
Xaneiro	994	1323
Febreiro	1359	1726
Marzo	1118	990
Abril	1063	1176
Maio	1353	1242
Xuño	930	833
Xullo	997	869
Agosto	1035	956
Setembro	867	993
Outubro	1087	1312
Novembro	856	965
Decembro	923	1029

Ano 1881

Meses	Nacementos	Defuncións
Xaneiro	1161	1331
Febreiro	901	1006
Marzo	895	950
Abril	947	870
Maio	1166	994
Xuño	929	692
Xullo	1062	797
Agosto	939	756
Setembro	1051	846
Outubro	1435	1081
Novembro	1178	806
Decembro	1207	930


Fonte: elaboración propia a partir dos datos publicados no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* [509].

[508] LÓPEZ TABOADA, J. Antonio. *La población de Galicia 1860-1991. Serie informes sectoriales 10*. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1996, p.95.


[509] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*. Estatísticas de defuncións e nacementos publicados polo Goberno Civil da Provincia de Lugo. Anos 1879-1881.

Gráfica 11. Defuncións e nacementos mensuais na provincia de Lugo durante os anos 1879, 1880 e 1881


Ano 1879 (setembro-decembro)



Ano 1880




Ano 1881



Fonte: elaboración propia a partir dos datos estatísticos publicados no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*[510].

Gráfica 12. Nacementos e defuncións mensuais na provincia de Lugo durante o período setembro de 1879 - decembro de 1881



Fonte: elaboración propia a partir dos datos estatísticos publicados polo Goberno Civil no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* durante os anos 1879, 1880 e 1881[511].

Analizado o seguimento mensual da relación nacementos - defuncións, vemos como as defuncións superan o número de nacementos a finais de 1879 e permanecen nesa situación, de maior número de falecidos que de nacidos, ata ben entrada a primavera de 1880.

Analizadas individualmente, as cifras de natalidade mostran, unha vez máis, unha destacable estabilidade, especialmente se se fai a comparativa anualmente, aínda percibíndose unha certa caída en 1880, que se recupera levemente en 1881.

[510] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*. Estatísticas de defuncións e nacementos publicados polo Goberno Civil da Provincia de Lugo. Anos 1879-1881.

[511] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*. Estatísticas de defuncións e nacementos publicados polo Goberno Civil da Provincia de Lugo. Anos 1879-1881.

Cadro 31. Nacementos producidos na provincia de Lugo nos anos 1879, 1880 e 1881

1879	13.348
1880	12.582
1881	12.871

Fonte: elaboración propia a partir dos datos estatísticos publicados polo Goberno Civil no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* durante os anos 1879, 1880 e 1881[512].

Nas cifras mensuais obsérvase nos primeiros meses de 1881 a contención que se observaba tamén no caso das referidas o termo municipal de Lugo, podendo ter tamén unha causalidade similar.

A inexistencia da cuantificación por meses antes de setembro de 1879 non permite facer unha análise comparativa da evolución mes a mes, pero o número de falecementos ata ese momento, 7.551, comparado cos 7.396 que se producen nese mesmo período de 1881, mostra xa a existencia das primeiras manifestacións da crise.

Os meses de setembro e outubro presentan incluso un número de falecidos inferior ó de 1881, pero en novembro e decembro as cifras dispáranse por riba dos 1.200 mensuais, superando por primeira vez o número de falecidos ó de nacementos. A comparativa entre novembro e decembro de 1879 cos mesmos meses de 1881 mostra un incremento do 51,36% en novembro e do 36,12 en decembro. Numericamente serían 414 os falecementos causados pola crise en novembro e 336 en decembro.

O mes de xaneiro de 1880, aínda superando a cifra dos 1.300 falecidos, presenta un volume moi similar ó do mesmo mes de 1.881, sen que se coñeza a causa do elevado desa cifra nese ano de referencia, pero en febreiro alcánzase a cifra máis alta de todo o período, chegándose ós 1.726, o que representa unha diferenza de720 falecidos máis con respecto ós do mesmo mes de 1881, e un incremento porcentual do 71,57%, mostrando unha vez máis como, incluso a nivel de toda a provincia, as porcentaxes esgrimidas polo conde de Pallares no Senado estaban moi por debaixo da realidade.

En marzo, o número de falecidos modérase ata os 990, deixando a mortalidade por debaixo da natalidade por primeira vez desde novembro de 1879, pero en abril situase por riba dos nacidos novamente, para situarse outra vez en cifras inferiores en maio, manterse nesa situación durante os meses do verán, e regresar a situarse outra vez por riba nos meses seguintes, manténdose nesa situación incluso durante o primeiro trimestre de 1881.

A análise separada da mortalidade de 1880 con relación á de 1881 mostra que, despois do gran incremento rexistrado no mes de febreiro, modérase notablemente en marzo e remata novamente, aínda que sen alcanzar os porcentaxes de aquel mes, en abril (106 falecidos máis que no mesmo mes de 1881) e meses seguintes, nos que se manteñen as seguintes diferenzas de falecidos en relación a 1881:

[512] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*. Estatísticas de defuncións e nacementos publicados polo Goberno Civil da Provincia de Lugo. Anos 1879-1881.

Cadro 32. Incremento de falecidos no período maio-decembro de 1880 con relación ós mesmos meses de 1881

Maio	248
Xuño	141
Xullo	72
Agosto	200
Setembro	147
Outubro	227
Novembro	159
Decembro	99

Fonte: elaboración propia a partir dos datos estatísticos publicados polo Goberno Civil no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* durante os anos 1880 e 1881[513].

Unha cuestión importante que se observa ó analizar as cifras mensuais de defuncións é que a mortalidade pola crise non descendeu, como sería previsible, coa chegada da nova colleita, senón que se mantivo durante tódolos meses restantes de 1880 e, como se pode ver na comparativa nacementos-defuncións, durante os primeiros meses de 1881.

A explicación da permanencia durante tanto tempo desa alta mortalidade podería explicarse polas secuelas físicas orixinadas pola alimentación deficiente durante o período máis forte da crise. A solución total da crise que cabería supoñer cando en xuño de 1880 a Xunta Municipal de Beneficencia suspende o reparto de comida, non se produce realmente, senón que se forzou o abandono da cidade por parte dos necesitados aproveitando a demanda de xornaleiros que se produciría coa chegada da campaña da sega, tanto en Galicia como en Castela.

As cifras globais por anos tamén dan lugar a análises e contraste de datos interesantes, dos que se pode obter información e sacar conclusións.

Cadro 33. Resumes anuais de defuncións e nacementos dos anos 1879, 1880 e 1881

Provincia de Lugo. Habitantes: 410.810

Ano	Defuncións	Nacementos
1879	11.551	13.348 (32,49%)
1880	13.464 (ata o 26 de decembro)	12.582 (30,62%) (ata o 26 de decembro)
1881	11.059 (ata o 25 de decembro)	12.871 (31,33%) (ata o 25 de decembro)

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* [514].

Cadro 34. Diferenza nacementos–defuncións na provincia de Lugo nos anos 1879, 1880 e 1881

1879	+1.797
1880	-882
1881	+1.812

Fonte; elaboración propia a partir dos datos contidos no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* [515].

A comparativa entre os nacementos e as defuncións por anos mostra de maneira moi evidente os efectos da mortalidade no ano 1880, non aparecendo reflectida aínda a que se produciu nos últimos meses de 1879, que se dilúe no computo global dese ano.


[513] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.* Estatísticas de defuncións e nacementos publicados polo Goberno Civil da Provincia de Lugo. Anos 1880-1881.
[514] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.* Estatísticas de defuncións e nacementos publicados polo Goberno Civil da Provincia de Lugo. Anos 1879-1881.
[515] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.* Estatísticas de defuncións e nacementos publicados polo Goberno Civil da Provincia de Lugo. Anos 1879-1881.

Se se toma como referencia normal o ano 1881, vese como 1880, cun balance negativo de -882 persoas, presenta un descenso cuantitativo, xunto co de 1879, de -2.694 persoas (882+1812), que mostra o volume do impacto da crise na demografía deses dous anos. A poboación da provincia na relación nacementos - defuncións sitúase en 1880 en 2.694 falecementos máis dos que se deberan ter producido para presentar un balance similar ó de 1881.

A taxa bruta de natalidade neses anos permaneceu moi alta a pesar da crise: 32,49 ‰ en 1879, 30,65 en 1880 e 31,33 en 1881. Observándose aínda así un descenso non só en 1880, senón tamén en 1881 con relación a 1879, comprensible se temos en conta que os efectos da crise reflíctese nos nacementos co retraso que supoñen os meses de xestación.

No que á mortalidade, analizada separadamente se refire, pódese dicir que, ó contrario do que sucedía coas cifras do termo municipal de Lugo, a diferenza entre as cifras rexistradas en 1879 e 1880 (un 16% máis) indica a maior intensidade da crise sufrida no conxunto da provincia nese ano, a pesar de ser xa anormalmente alta tamén en 1879.

Gráfica 13. Número de falecementos rexistrados na provincia de Lugo nos anos 1879, 1880 e 1881



Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*[516].

Se tomamos como referencia o número de falecidos no ano considerado como normal de 1881, obtense un incremento de 492 defuncións en 1879, un 4,49%, e de 2.405 en 1880, que representa un 21,74% máis.

Cadro 35. Incrementos en % do número de falecidos nos anos 1879 e 1880 sobre o de 1881

Anos	Incremento no nº de falecidos	Incremento en %
1879	492	4,49
1880	2.405	21,74
Total nos dous anos	2.897	

Fonte: elaboración propia a partir dos datos contidos no *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo* [517].

[516] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*. Estatísticas de defuncións e nacementos publicados polo Goberno Civil da Provincia de Lugo. Anos 1879-1881.
[517] *Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*. Estatísticas de defuncións e nacementos publicados polo Goberno Civil da Provincia de Lugo. Anos 1879-1881.

A cifra de 2.897 corresponde ó número de falecementos atribuíbles ós efectos da crise nos dous anos de 1879 e 1880.

Se aplicamos o concepto de taxa de mortalidade, que xa tivemos en consideración no caso dos cálculos referidos ó municipio de Lugo, obtemos un porcentaxe do 26,65‰ en 1881, do 27,84 en 1879 e do 32,42 en 1880.

A comparativa das taxas de mortalidade entre a do termo municipal de Lugo e da provincia dá a entender que o concello da capital sufriu os efectos da crise de maneira máis intensa do que cabería pensar nun principio, superando a media da provincia, na que loxicamente houbo zonas nas que, cando menos no que ó numero de falecementos se refire, soportaron mellor a situación.

En calquera caso, a crise fixo que en 1880 se superase o 30‰ que nos parámetros actuais se considera a fronteira entre a taxa moderada e alta de mortalidade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

CONCLUSIÓNS

Á hora de levar a cabo a redacción das conclusións xerais, é imprescindible ter en conta a estrutura conxunta do traballo. Existen conclusións xerais sobre o mundo da pobreza, outras máis particulares referidas a cada un dos establecementos benéficos da cidade de Lugo ou ós organismos locais e provinciais implicados na súa tutela e financiamento, e outras referidas á actitude e resposta do Estado central.

A primeira constatación lóxica e evidente que se extrae do estudo da resposta institucional na cidade de Lugo ó mundo da pobreza é que esta non responde a unha iniciativa propia, tal como se puidera considerar que sucedía en etapas anteriores, especialmente no Antigo Réxime, senón que obedece ós imperativos legais e normativas que impoñen o Estado e as administracións centrais. De como esta imposición se adaptou ás posibilidades, limitacións e peculiaridades da cidade, tratou o presente traballo de investigación.

Coa aparición das novas leis e normativas do Estado liberal, todos os establecementos benéficos, deixan de ser unha cuestión voluntaria, vinculada á sensibilidade e xenerosidade dos bispos e pasan a ser unha obrigación das institucións locais e provinciais, especialmente coa aparición da Lei de Beneficencia do 20 de Xuño de 1849 e de maneira máis concreta coa aprobación do Regulamento do 14 de maio de 1852 que a desenrolaba. A carga económica e administrativa que supón para estas, como se foi vendo, non é asumida de boa gana, e para soportala adóptanse diferentes liñas de actuación e estratexias que permitan evitar a carga económica á que en teoría obrigaban as leis.

A posta en práctica das novas leis supuxo unha nova dependencia económica e administrativa dos establecementos benéficos da cidade. Por un lado, os de ámbito municipal e, polo outro, os de ámbito provincial. Establécense neste momento, pois, dous ámbitos de actuación administrativa no que ten que ver cos establecementos benéficos na cidade. Dunha parte, o ámbito provincial, que corresponde á Deputación Provincial e que se materializa no financiamento e organización da chamada "Casa de Maternidad y Expósitos", e de outra, o ámbito municipal, que se corresponde coa tutela e financiamento do Hospital e Casa de Beneficencia. Os distintos ámbitos administrativos implican tamén distintos ámbitos de actuación. Mentres a Casa de Maternidade e Expósitos admitía e auxiliaba a necesitados da provincia, o Hospital e Casa de Beneficencia unicamente o facían, cando menos teoricamente, cos que procedían do termo municipal. Estes distintos ámbitos de actuación orixinaron, como se foi vendo, bastantes conflitos, especialmente de tipo económico, entre os dous organismos. Mentres a Deputación tentaba eludir os pagos que lle correspondían polas estancias de acollidos de fora do termo municipal nos establecementos dependentes do Concello, este víase obrigado a levar a cabo reclamacións e demandas reiteradas para salvagardar os seus intereses.

A existencia de dous ámbitos de actuación e responsabilidade implicaba tamén a existencia de duas xuntas de beneficencia na cidade. A Xunta Municipal de Beneficen-

cia, encargada de tutelar e tomar decisións sobre os establecementos municipais e a Xunta Provincial de Beneficencia, presidida polo gobernador civil e encargada dos establecementos de ámbito provincial, como eran as casas de maternidade e expósitos de Lugo e Mondoñedo.

A creación de dúas xuntas de beneficencia tal vez tivera sentido en ámbitos xeográficos nos que a presenza dun número importante de establecementos aconsellase a súa creación e os dous ámbitos de actuación. No caso da cidade de Lugo, onde unicamente existían tres establecementos, e ningún deles de grandes dimensións, non parecía que esta división tivese ningunha utilidade e si bastantes inconvenientes e problemas de coordinación da acción institucional.

Queda clara, pois, a constatación de que a resposta á realidade da pobreza en Lugo obedece a un deseño organizativo imposto polo Estado central. En ningún momento se pode falar dunha organización propia ou diferenciada do que en liñas xerais se fai en outras cidades ou ámbitos xeográficos, quedando as diferenzas limitadas a aspectos concretos, propios da interpretación de determinadas normas legais ou, como ser viu no seu momento, da súa vulneración premeditada e, nalgúns casos, claramente interesada.

No que ten que ver coa Xunta Municipal de Beneficencia, con máis posibilidades de estudo pola existencia de fontes documentais suficientes, cousa que non sucede no caso da Xunta Provincial, obsérvase que non tivo unha actividade uniforme ó longo do tempo, senón que esta foi irregular e non sempre rigorosa no cumprimento das súas obrigacións. Constátase a existencia dun período inicial de gran actividade que comprende aproximadamente ata o final da década dos oitenta, no que as reunións eran frecuentes e regulares, e outro, a partir desas datas, de clara decadencia, no que as reunións eran infrecuentes e moi irregulares, ata chegar á súa práctica inexistencia. A toma de decisións directamente por parte da Alcaldía, sen compartilas cos restantes membros da Xunta, significou que a pretensión das leis de beneficencia de evitar os personalismos nas xestións que afectaban ós establecementos e á acción benéfica, deixase de ter efecto.

O traspaso das competencias en materia de asistencia ós pobres ás administracións municipais, e o sostemento económico dos establecementos correspondentes, non significou que os presupostos do Concello se fixesen cargo de todos os gastos que isto podía ocasionar, senón que este deseñou unha liña de actuación que o eximise desa obrigación. O financiamento da Xunta Municipal de Beneficencia para o sostemento dos centros asistenciais que dela dependían, non procedía, como puidera pensarse, dos fondos do Concello, senón de donativos particulares e institucionais, e doutros mecanismos de autofinanciamento da Xunta ou dos propios establecementos, contando unicamente cunha pequena partida nos presupostos anuais, da que ademais non sempre se dispoñía.

O rigor na elaboración dos presupostos vai parello á dinámica da propia Comisión. Son precisos e detallados ata o ano 1889, deixando de selo a partir desa data, coincidindo coa etapa de decadencia da propia institución. Nalgún ano repítense os presupostos do anterior (1892-93) e incluso se aproban sen especificar as contías nas actas (1892-93 e 1893-94).

A Xunta Municipal de Beneficencia, como se foi vendo, correspondía a un modelo deseñado pola Administración Central coa finalidade de uniformizar o funcionamento dos establecementos benéficos e introducir mecanismos de control no seu goberno. A súa creación, forzada polas distintas leis reguladoras nesta materia, era, pois, unha imposición á que se respondía de forma máis que voluntaria, obrigada.

O Concello, a través da Xunta de Beneficencia, articulou unha forma legal de vulnerar a normativa que establecían a leis para evitar prácticas corruptas e beneficios persoais.

Levaba a cabo as convocatorias de poxa pública para adquirir os bens necesarios para os establecementos benéficos, pero provocaba o seu fracaso co fin de quedar liberados desa obrigatoriedade e facer as adquisicións sen ningún tipo de limitacións.

A estratexia que se seguía era sempre a mesma. Facíase unha primeira convocatoria de poxa con prezos moi baixos e seguidamente unha segunda e terceira con pequenos e insuficientes incrementos que os mantiñan por debaixo dos niveis que poderían resultar atractivos para os subministradores, para, finalmente, aprobar as contratacións directas.

O feito de que a aparición deste tipo de actuacións coincida coa chegada das monxas da Caridade a Lugo para administrar os dous establecementos benéficos, non parece en ningún momento casual, senón que, polo contrario, ambos fenómenos encaixan no proceso de restauración dos valores anteriores á constitución de 1812 que se vivía nese momento.

A falta de rigor no cumprimento das distintas normas legais que afectaban á beneficencia municipal fai que en 1890, o gobernador da provincia dirixa un escrito ó alcalde solicitando información sobre o réxime administrativo e as prácticas seguidas na administración dos establecementos "en tanto que segun lo terminantemente dispuesto en la lei do 20 de Xuño de 1849 no se forman los estatutos con que deben regirse". A constatación da vulneración das leis obriga ó gobernador a instar ó seu cumprimento, aínda que despois de moitos anos de reiterado incumprimento.

A administración do Teatro, que dependía da Casa de Beneficencia, ofrece tamén un exemplo moi ilustrativo desta liña de actuación que significaba a vulneración do espírito da Lei de Beneficencia de 1849 e o Regulamento de 1852, das que se derivaba a normativa que para evitar practicas corruptas, establecía a obrigatoriedade de que se arrendasen a empresarios que os explotasen.

A explotación directa do Teatro, sen arrendatarios, proporcionaba ós membros da Xunta e empregados municipais que participaban nos preparativos pequenas parcelas de poder que, á súa vez, se traducían nun certo tráfico de influencias, moi importante e útil nunha cidade pequena como era Lugo. A posibilidade de contratar a unhas ou outras persoas para levar a cabo os preparativos, a compra dos produtos precisos nun ou outro comercio da cidade e demais, reportaban apreciables beneficios a quen exercía o poder de decisión. As cesións que se facían para a celebración de bailes ou actos de outro tipo ás sociedades recreativas da cidade son un exemplo deste tipo de actuacións.

A adquisición de produtos farmacéuticos para a Casa de Beneficencia e, especialmente, o Hospital, ofrece outro exemplo claro de tráfico de influencias ou, incluso, lucro persoal.

A contratación directa, sen convocatoria de poxa pública, con unicamente dous farmacéuticos, dos que un era o propio alcalde, apunta non só á vulneración da legalidade, senón ás evidentes prácticas corruptas. A importancia das cantidades que correspondían por este apartado era moi grande e o lucro que delas se podía derivar considerable.

Vinculado coa utilización personalista, outro aspecto importante a ter en conta é o tráfico de influencias que para os nomeamentos dos distintos postos remunerados que se xeran para completar labores burocráticas e de outro tipo, se producen. En ocasións,

os intereses xerados arredor destes postos de traballo producían choques de intereses entre os membros da Corporación Municipal e a Xunta de Beneficencia, que se resolven sen que transcenda fora deses ámbitos. Non obstante, e en casos puntuais, chegaban a acadar tal importancia que transcendían incluso ás actas das reunións, aparecendo desta maneira claramente documentados.

A actitude da Alcaldía e demais membros da Corporación Municipal con respecto ós establecementos benéficos non era de protección e entrega cara eles, senón de evitación da dependencia dos presupostos municipais e de aproveitamento persoal e utilización como moeda de cambio no mercado do tráfico de influenzas.

A actitude por parte dos empregados municipais, non está claro se por imitación da que observaban por parte dos seus superiores, non era tampouco desinteresada. Aínda que os traballos de secretaría imprescindibles para o funcionamento burocrático da Xunta Municipal de Beneficencia eran desempeñados por empregados do Concello, estes, con frecuencia, solicitaban que se lles abonasen cantidades de diñeiro como remuneración complementaria do que consideraban traballos extraordinarios, fora da súa función ordinaria dentro do Concello. A actitude de beneficiarse o máis posible desde o punto de vista persoal do ámbito benéfico parece xeneralizarse dentro do Concello.

Á hora de analizar individualmente o funcionamento e as circunstancias de cada un dos establecementos benéficos na cidade, entrando no que ten que ver coa Casa Municipal de Beneficencia, é importante sinalar a incapacidade que esta tiña para dar resposta ás necesidades reais das xentes en situación de extrema necesidade. A situación ó límite da súa capacidade e o rexeitamento de solicitudes de ingreso por non haber prazas, indican a incapacidade do establecemento para atender ás necesidades reais da sociedade do momento.

A intención que manifestaba o Regulamento de 1852 no artigo nº 90 de potenciar a axuda domiciliaria por parte dos concellos non tivo resultados no caso de Lugo. A asistencia dos pobres no seu domicilio non tivo nunca a relevancia nin a transcendencia da asistencia nos centros nos que os asistidos permanecían internos. É importante sinalar ademais que o propio termo "socorros y hospitalidad domiciliaria" recollido no regulamento implicaba a posesión por parte do asistido dun domicilio propio ou arrendado, aspecto este que con bastante frecuencia non se daba. Non obstante, en aqueles casos nos que o necesitado estaba domiciliado de forma máis ou menos regular e mantiña unhas mínimas capacidades de autogoberno e independencia, podíase tomar en consideración esta opción.

Xeneralizar o sistema de asistencias domiciliarias tería innumerables vantaxes non só de tipo económico, senón tamén de moitas outras características. O aforro de persoal asistencial e trámites organizativos e burocráticos sería considerable, pero significaría tamén a perda do carácter disuasorio e, incluso, represor con aqueles que non eran ou foran capaces de sosterse de forma autónoma que comportaba o internamento nun centro deste tipo.

A realidade foi que, segundo avanzaba o período restaurador, o número de asistidos no seu domicilio reduciuse ostensiblemente, pasando a ser case que testemuñal e sempre con carácter excepcional fronte á medida do internamento que se consideraba a opción máis lóxica.

As causas deste retroceso no número das asistencias externas fronte ás que se levaban a cabo dentro do establecemento hai que buscalas, como xa se indicou, na formulación estratéxica que o sistema deseñaba para a súa propia supervivencia fronte á po-

breza. Esta forma de actuar ou estratexia formaría parte de todo o armazón legal e organizativo que o Estado sostiña para protexer ás clases privilexiadas das máis desfavorecidas. A actitude da Xunta Municipal de Beneficencia, reducindo ostensiblemente o número de asistencias externas, hai que encadrala dentro deste contexto de carácter disuasorio da asistencia benéfica e de control moral e de represión dos comportamentos inadecuados.

En canto ás condicións materiais do establecemento, ademais das limitacións en canto a espazo xa apuntadas anteriormente que impedían acoller a máis acollidos dos que permitía a capacidade dispoñible, é importante sinalar que as condicións do edificio no que se instalara a Casa, no antigo convento de San Francisco, non eran as mínimas esixibles. Un dato ilustrativo desta circunstancia foi o feito de que en 1896 fora preciso desaloxar os dormitorios das mulleres diante do perigo de derrubamento e facer obras urxentes para evitalo. A negativa a trasladar a Casa de Beneficencia ó novo edificio das Mercedes construído con esa finalidade benéfica, para dedicalo a outros fins, demostra unha vez máis a mentalidade e actitude dos poderes con relación ó mundo da pobreza.

No que ten que ver co persoal que traballaba na Casa, a situación tampouco era mellor. Os distintos avatares, nomeamentos, ceses, dimisións etc., polos que pasaron os encargados dos talleres de xastrería, zapatería e carpintería no establecemento, dan unha idea da falta de continuidade e estabilidade laboral coa que contaban, así como das súas precarias condicións económicas e a baixa consideración laboral na que desenrolaban as súas funcións.

O descontento dos traballadores polo que consideraban baixas remuneracións polo seu traballo aparece como unha constante ó longo de todo o período, e as solicitudes por escrito de aumento de soldo aparecen de maneira reiterada, chegando a selo ata tal punto que en 1893 se decide adoptar medidas drásticas para evitar que continúen producíndose, ameazando co despido a quen solicitara melloras nas condicións económicas.

A falta de especialización nun tipo determinado de internos influía tamén na efectividade e no funcionamento. A Casa de Beneficencia desenrolaba o seu traballo como hospicio de nenos, asilo de anciáns e internado para persoas con discapacidades de distinto tipo. Esta mestura de circunstancias e características, xunto coas limitacións materiais, non axudaban á calidade asistencial do establecemento.

En canto ós enfermos mentais máis graves, hai que dicir que foron vítimas do mercantilismo que caracterizaba ó manicomio de Conxo e as decisións da Deputación de Lugo. É importante sinalar a enorme transcendencia que a medida do internamento podía ter, equiparable en moitos aspectos á dunha condena a cadea perpetua, suprimindo todo tipo de dereitos e liberdades. Hai que engadir, ademais, o agravante que supón o feito de que a reclusión dos enfermos se fixese nun establecemento moi afastado xeograficamente do seu lugar de orixe, apartados totalmente do seu entorno social, co inconveniente que a perda de referencias destas características supoñía para este tipo de enfermos.

A vida diaria da Casa de Beneficencia estaba marcada polo rigor disciplinario, en especial despois da chegada das monxas da Caridade, que reforzaron de maneira relevante este aspecto. Este carácter rigoroso da disciplina que rexía a vida diaria era mal asumida en ocasións polos acollidos, especialmente os máis novos, producíndose en ocasións fugas dos rapaces internos. Estas fugas raramente tiñan referencia documentada nas actas da comisión, pero cando non eran resoltas en breve prazo e había que presentar denuncia diante das autoridades, adoitaban aparecer reflectidas na prensa local.

Ó chegar á idade da adolescencia, os rapaces e rapazas desexaban abandonar ese entorno no que se atopaban insatisfeitos e saír para integrarse no mundo exterior. O incremento das normas e o aumento da presión disciplinaria que supuxo a chegada das monxas para dirixir a Casa, traduciuse en episodios conflitivos cos internos adolescentes, máis proclives que os anciáns e os nenos a ser contestatarios, desembocando na expulsión de algúns deles. Este tipo de episodios tensaba a vida diaria e alteraba a convivencia dos internos.

A asistencia obrigada a rezos e oficios relixiosos tampouco contribuía a facer agradable a vida, especialmente entre os máis novos. A chegada das monxas supón tamén un incremento deste carácter relixioso que impregnaba a vida diaria.

A vida no interior do establecemento, illada do mundo exterior, ó que se saía en poucas ocasións e co estigma da vestimenta identificadora, non contribuía tampouco a facer agradable a vida ós internos, obrigados a traballar nas tarefas que se lles asignaba, case sempre non coincidentes cos seus intereses profesionais.

A falta dun mestre profesional para formar ós nenos e nenas acollidos, ós que daba clase outro acollido, demostra o pouco interese e preocupación que por esta parcela, esencial para a súa formación, tiñan o establecemento e a Xunta de Beneficencia.

A creación en 1880 da escola de párvulos, dependente da Casa de Beneficencia, ofrece outra mostra máis da mentalidade e actitude das clases privilexiadas da cidade con relación os establecementos benéficos. A modificación do regulamento aprobado e publicado que establecía como obxectivo fundamental e único o de auxiliar ós fillos das clases desfavorecidas e traballadores, que polas súas ocupacións non podían atender e educar de maneira suficiente ós seus fillos, para poder escolarizar nela ós fillos da burguesía da cidade, e servirse da boa dotación e funcionamento para o seu beneficio particular, demostra unha vez máis a intención de aproveitarse incluso dos fondos benéficos para o seu propio proveito.

As deficiencias no funcionamento e na dotación da Casa de Beneficencia facíanse evidentes na traxectoria de algúns dos rapaces que foran ingresados de nenos nela e que non conseguían integrarse na sociedade de maneira eficiente, permanecendo vinculados ós establecementos de carácter benéfico ó longo de toda a súa traxectoria vital.

En canto ó Hospital Municipal, a análise do que tiña que ver coa súa situación e espazo físico leva a facer varias observacións. As pésimas condicións das instalacións nas que se atopaba ubicado levaron a solicitar dotación económica das administracións centrais para a construción do novo edificio do que sería o primeiro hospital de carácter provincial por parte da Deputación. Conseguida a dotación económica parcial, que se completou con achegas dos presupostos da propia Deputación, leváronse a cabo as obras e completouse a construción dun amplo e moderno edificio. Pero finalizado este en 1874, decídese instalar nel a sede da Deputación Provincial e que o Hospital Municipal continuase nas pésimas instalacións ás que fora trasladado no seu momento de forma provisional en tanto se facían as xestións para conseguir a financiamento e o proxecto para o edificio novo. A medida, de difícil comprensión desde calquera punto de vista, dá unha idea clara da actitude que as institucións en xeral e a Deputación en particular tiñan cara ós establecementos benéficos. Os pobres foron utilizados unha vez máis como reclamo para a obtención de fondos cos que construír unha nova e luxosa sede para a propia Deputación.

A conclusión que deste imprevisto final do gran edificio do novo hospital de ámbito provincial pode facerse non pode ser outra que a de ser o reflexo do menosprezo

que, aínda que revestido de caridade e filantropía, sentían as clases dirixentes polo mundo da pobreza, e da falta de respecto ás leis que lles encomendaban a tarefa da súa atención. O feito de que nesta época as clases acomodadas recibiran a atención médica nas súas casas en caso de enfermidade grave, non acudindo ós hospitais máis que aqueles enfermos pobres que non podían costearse esta atención nos seus domicilios, explica a decisión tomada finalmente con relación ó que ía ser o novo edificio do hospital que Lugo precisaba. Na mentalidade imperante naquel momento, o edificio era demasiado confortable para dedicalo ós desvalidos, que pola súa condición debían conformarse con algo máis acorde co concepto de caridade, nun momento no que aínda non se asentaran as formulacións que se orientaban cara o concepto da xustiza social.

As consecuencias da decisión tomada pola Deputación foron que o Hospital Municipal continuou nas insalubres e pésimas condicións que ofrecía o vello convento de Santo Domingo ata o ano 1930, en que se inaugura o Hospital Provincial de Santa María. Durante todo ese tempo, máis de cincuenta anos, Lugo sufriu as consecuencias non só con respecto ó mundo da pobreza, senón tamén no desenrolo da asistencia médica en xeral, nunha época na que a asistencia hospitalaria era xa considerada como imprescindible para a solución de moitos problemas sanitarios da sociedade en xeral.

A constatación máis clara, no que ten que ver co espazo físico e as instalacións do Hospital Municipal, é a de que xa desde o momento mesmo do traslado do establecemento desde o seu antigo emprazamento ó antigo convento de Santo Domingo en 1859, este non reunía as condicións para dito acollemento, e que, a pesar das pequenas melloras e a ampliación de 1884, en ningún momento da súa permanencia neste emprazamento cumpría nin sequera cos requirimentos mínimos esixibles en función dos reducidos parámetros da época.

En canto á dotación de persoal, o Hospital non contaba con mellores condicións que a Casa de Beneficencia. A estabilidade laboral dos empregados non estaba garantida e os nomeamentos de enfermeiros sucédense ó longo de todo o período atendendo a criterios de distinto tipo. Coa chegada das monxas en 1882 para dirixir o Hospital, prodúcense, ademais, importantes cambios na súa organización que afectaron á contratación dos empregados e traballadores, tanto no seu número como nas condicións. Algún destes postos de traballo é suplido polas propias monxas, despedindo o empregado ou empregados que facían ese traballo ata ese momento. A perda de recursos na propia cidade na forma de salarios pagados ós empregados, que revertían na dinamización da economía da mesma, é evidente. As propias monxas cobren o posto do porteiro, suplen as funcións do administrador e reducen o número de enfermeiros. Nalgún caso a supresión prodúcese pola substitución que algunha delas leva a cabo cubrindo o posto e facendo o traballo correspondente, como no caso da portería, pero noutros, como o do carrexador de auga, obrígase ó resto dos traballadores, neste caso os propios enfermeiros, a realizar ese traballo.

En 1883, introdúcese unha novidade que ten certa transcendencia polo que significa. Habilítase un cuarto para atender a algún enfermo de pago que puidera presentarse. Na ampliación de 1884, son varias as habitacións deste tipo que se crean, ás que se lles denomina "celdas distinguidas". Esta medida supón un primeiro indicio de cambio de mentalidade con respecto ós centros hospitalarios que, ata tempo despois, ben entrado o século XX, non se desprenderían do carácter benéfico para entrar na nova concepción de asistencia médica moderna. Con todo, e a pesar da medida, os enfermos ingresados con esta condición non só son infrecuentes, senón documentalmente case inexistentes. Nin Lugo era unha cidade avanzada en canto a mentalidade e cambios sociais, nin as

pésimas instalacións hospitalarias os propiciaban ofertando unha asistencia avanzada e eficaz. Outra cousa tería sucedido, sen dúbida, de haberse instalado o hospital no moderno edificio de San Marcos e dotado dos medios que, xa como hospital provincial, debería incorporar.

En canto ós medios terapéuticos utilizados, destaca a importancia que co tempo foi cobrando a alimentación como medio de propiciar a recuperación dos enfermos. A gran mellora na variedade e calidade dos alimentos contratados e adquiridos, se ben ten relación coas maiores posibilidades que o progreso nas vías de comunicación e medios de transporte aportan, ten moita maior relación con esa nova concepción que a alimentación adquire como parte dos medios terapéuticos e que se comprende mellor comparando co que sucede durante ese mesmo tempo na Casa de Beneficencia, na que esa evolución non se produce ou se produce en moito menor medida.

Unha observación importante en canto ó funcionamento do Hospital, é a gran diferenza que se percibe entre o funcionamento teórico e o real. Da lectura e análise dos regulamentos de réxime interno poderíase inferir un máis que correcto funcionamento do Hospital Municipal, especialmente no que ten relación coa organización e o control que de forma xerarquizada se exercía dos labores dos distintos implicados na súa xestión. A descrición minuciosa das obrigas de cada un dos traballadores e persoas vinculadas co establecemento garantirían que o funcionamento fose en todo momento correcto. Sen embargo, a realidade para nada coincidía con esta presunción. A situación era moi distinta. A mala calidade das instalacións nas que se viu obrigado a continuar instalado, despois da usurpación do edificio de San Marcos por parte da Deputación, a deficiente motivación dos seus traballadores a causa das pobres remuneracións que recibían, as malas condicións laborais de algúns deles e a limitación dos fondos destinados ó seu sostemento e funcionamento, orixinaron que o funcionamento do Hospital Municipal non fose o que debera nin o que a análise dos regulamentos puidera facer pensar.

A limpeza, orde e dedicación dos enfermeiros deixaba moito que desexar no desempeno das súas funcións. Tampouco os practicantes eran rigorosos no cumprimento das súas obrigacións, e nin sequera respectaban o establecido nos regulamentos en algunhas cuestións. Así, a obrigatoriedade de que sempre houbera un deles de garda polas noites e durante o tempo no que os demais estiveran ausentes, non se cumpría, permanecendo o hospital con frecuencia totalmente desasistido, chegando este tipo de irregularidades ó seo da Xunta Municipal de Beneficencia e aparecendo reflectidas incluso nas súas actas.

Na actitude dos traballadores, carente de interese e celo, interviña de maneira moi importante a falta de incentivos económicos que recibían polo seu traballo e o pouco rigor profesional dos que exercían os labores de control e dirección. Así, vese como en 1879, diante da escaseza de recursos económicos, en lugar de recortar outros partidas económicas, se opta pola rebaixa dos soldos dos traballadores, aínda evitando o cese dos que puideran ser prescindibles. O carácter desmotivador da medida para aqueles ós cales se aplica a rebaixa de salarios é evidente, e a súa consideración como uns "beneficiados" máis da institución ós cales non se dá de baixa por compaixón cara as súas familias, cousa que por outra parte sucedía moi posiblemente co resto dos empregados do Concello, non estimulaba en absoluto a profesionalización e o esmero no traballo.

Especial relevancia teñen as conclusións acadadas no que ten relación coa entrega da administración e dirección dos establecementos benéficos da cidade ás monxas da Caridade. Lugo non escapou ó espírito restaurador do momento político, que favorecía de maneira moi importante a entrega dos centros benéficos á orde relixiosa polas distin-

tas administracións locais e provinciais, que ó mesmo tempo lles liberaba de ter que preocuparse dunha parcela da administración municipal ou provincial sobre a que non tiñan ningún interese real.

Desde o momento mesmo da firma dos contratos entre o alcalde e as monxas, a capacidade de xestión e decisión da Xunta Municipal de Beneficencia na Casa de Beneficencia primeiro e no Hospital Municipal despois, vese moi diminuída. A dependencia delas con respecto á autoridade dos órganos do Concello é moito menor da que con anterioridade tiñan os administradores capeláns. Nin sequera o nomeamento da que desempeñaría as funcións de directora do centro corresponde ó Concello, reservándose esa potestade o director da congregación, quen se reserva ademais a capacidade de relevalas cando o considere necesario sen render contas á Xunta nin ó Concello. O Concello, a través da Xunta Municipal de Beneficencia, fai entrega tamén dos medios económicos, pero perdendo boa parte do control e poder de xestión sobre estes.

A xestión levada a a cabo polas monxas na Casa de Beneficencia foi valorada moi positivamente nun primeiro momento pola sociedade luguesa e tivo o seu reflexo neste sentido na prensa local. Os investimentos levados a cabo para mellorar aspectos materiais do establecemento, así como a presión exercida sobre os traballadores para que cumprisen con maior rigor coas súas obrigas, melloraron a imaxe externa da Casa.

O poder e capacidade de decisión postos en mans das monxas polo Concello foi exercido por estas desde o primeiro momento con decisión e sen demasiados miramentos. As expulsións de acollidos, das que non hai constancia en épocas anteriores, comezan a ser relativamente frecuentes. A actitude estrita e ríxida das monxas no goberno da casa orixinou malestar entre os acollidos, que se manifesta en ocasións en conflitos de todo tipo, que, incluso, nalgún caso, transcenderon á prensa local en forma de polémica xornalística.

Na posterior entrega en 1882 do Hospital, a chegada das monxas supón unha reestruturación no apartado dos postos de traballo dos empregados e demais persoal, tendo en conta que elas asumen algúns destes cargos e postos de traballo. Suprímese o cargo de administrador, que pasa a ocupar a superiora coa denominación de rectora, quedando este unicamente coa función de capelán. Suprímense tamén as prazas de cociñeiro e enfermeira da sala de mulleres. Observando todo o proceso da reestruturación laboral levada a cabo, todo parece indicar que o incremento de gastos que representa o pago das remuneracións mensuais das monxas, se intenta compensar en parte recortando o número de traballadores e endurecendo as condicións laborais dos que quedan.

A entrega do Hospital supón tamén unha perda de autoridade da figura do facultativo, cuxo criterio se ve supeditado ó da superiora en aspectos tan profesionais como son a determinación do número de enfermeiros necesarios para o bo funcionamento do establecemento. A perda de relevancia da figura do médico supón un paso atrás na profesionalización do funcionamento do Hospital

Á hora de valorar globalmente a entrega da administración dos establecementos benéficos municipais pódese establecer que a perda de poder de decisión e xestión por parte do Concello nos seus propios establecementos é un dos aspectos máis evidentes que convén tomar en consideración. Se ben a tutela destes establecementos fora asumida sempre de mala gana pola carga económica e de responsabilidades que levaba consigo, e a entrega ás monxas supón unha liberación desa carga indesexada, tamén significa a perda do poder de xestión en moitas parcelas deses ámbitos.

Un aspecto organizativo importante que introducen as monxas, e que é necesario sinalar, é o que levan a cabo na Casa de Beneficencia intensificando as actividades de carácter petitorio ou mendicante do establecemento como fonte de recursos. Esta forma de actuar encaixa tamén dentro da volta atrás que a Restauración, desde o punto de vista ideolóxico representa. A recuperación da idea da beneficencia non como unha actitude de xustiza social, senón de concesión caritativa de cara ós desvalidos.

Á hora de avaliar e sopesar os cambios que a chegada das monxas supuxeron nos establecementos, unha cuestión importante a ter en conta para comprender a mellora organizativa que se produciu, é o feito de que a superiora contaba coa supeditación total e incondicional das restantes monxas que a acompañaban. Esta supeditación e obediencia incondicional supoñía a posibilidade de exercer un gran control de todo o que tiña que ver coa vida diaria dos establecementos, os aspectos materiais e o rendemento dos restantes traballadores. É evidente que esta maneira de organizar os establecementos, era máis propia da vida conventual que do carácter profesional que a modernización, en especial do Hospital, demandaban.

Convén aclarar que as supostas melloras introducidas polas monxas, fundamentalmente de carácter organizativo e dotacional, puideron terse levado a cabo igualmente en épocas anteriores á entrega, sen levar a cabo esta. A falta de vontade para levalas a cabo e a desidia que, tanto por parte das autoridades municipais e a Xunta Municipal de Beneficencia como por parte dos que dirixían os centros directamente, rodeou á administración dos centros benéficos da cidade, foi a causa de que isto non fose así.

Tendo en conta todo isto, a dubidosa economía da medida e a posibilidade de introducir as melloras necesarias sen a introdución das monxas, foi preciso buscar cales puideron ter sido os motivos reais para que esta se levase a cabo.

Para entender parte das motivacións que puideron estar detrás da entrega dos establecementos, é preciso ter en conta o longo proceso que, partindo dunha asistencia social de carácter privado e fundamentalmente en mans da Igrexa na Idade Media, chega, xa nas primeiras décadas do século XX, á asunción desta tarefa por parte do Estado como unha parcela máis das súas múltiples funcións, non foi un proceso rectilíneo e regular, senón que estivo sometido ós múltiples avatares políticos do século XIX, que significaron avances e retrocesos nesa tendencia xeral. A Restauración, como período histórico, correspóndese cun deses momentos nos que, de algunha maneira, se desanda en parte o camiño avanzado na etapa anterior.

Se temos en conta que o proceso histórico que se produce é, fundamentalmente, un proceso de secularización da asistencia social, a introdución das monxas da Caridade nos establecementos benéficos, dependentes xa do Concello, significa un intento de entorpecelo e un paso atrás nesa evolución.

A actitude de condescendencia que os partidos liberal e conservador, na alternancia que no poder mantiveron durante este período, tiveron coa Igrexa como grupo de presión, coa intención de evitar a confrontación nun caso e por afinidade ideolóxica noutro, tradúcese, entre outras cousas, nun importante crecemento das ordes relixiosas e do papel cada vez maior que desempeñaban no ensino. Neste contexto habería que situar a introdución das monxas da Caridade nos establecementos benéficos da cidade. A medida, que xa se puxera en marcha por outros alcaldes noutras cidades, foi acollida con entusiasmo polo alcalde de Lugo, cuxa filiación conservadora o facía aínda máis proclive a interesarse de maneira especial por levala a cabo.

Máis que a formulacións prácticas de mellora material do funcionamento dos centros, había un interese ideolóxico que se pon de manifesto en varios feitos concretos.

A présa coa que se leva a cabo en 1882 o proceso de transferencia do Hospital, cando aínda non se culminara totalmente o da Casa de Beneficencia, mostra o interese por consumar antes do remate do seu mandato municipal, que se produciría non moito despois, en 1883, algo que de outro modo podería ser interrompido polos seus sucesores. Un temor infundado, por outra parte, se se ten en conta que os seus sucesores acolleron con igual entusiasmo a medida e incluso intentaron influír para que a Casa de Maternidade e Expósitos da cidade, que dependía da Deputación, fose entregada tamén ás monxas da Caridade. A presión sobre a Deputación para que fixese a entrega levouse a cabo de maneira oficial, a través dunha comisión nomeada no seno da Xunta Municipal de Beneficencia.

A introdución das monxas nos establecementos benéficos municipais estivo motivada fundamentalmente por cuestións ideolóxicas e foi un reflexo máis do momento político que se viviu nese período. O mundo da pobreza non escapou tampouco ós avatares políticos que se foron sucedendo ó longo do século XIX, véndose afectado por eles fundamentalmente na maneira en que se levaron a cabo os remedios e axudas ós necesitados.

En canto á Casa de Maternidade e Expósitos, a conclusión máis importante ten que ver co feito de que as súas carencias máis evidentes non tiñan relación co que sucedía dentro do establecemento en si, senón co que sucedía fora, nas aldeas onde vivían as amas de cría externas que levaban ós nenos ó pouco de nacer para crialos nas súas casas. Ó carácter mísero do salario estipulado pola Deputación para as amas de cría, únese o retraso nos pagos de que facía gala a institución provincial.

Estes dous factores, as contías míseras pagadas pola Deputación ás amas de cría e os retrasos dilatados no tempo dos pagos, son a causa que explica a presenza numerosa de nenos da casa de expósitos de Pontevedra no sur da provincia de Lugo e que nalgún estudo se atribuía a outras motivacións.

Non se observa unha tendencia clara á melloría presupostaría ó longo do tempo e, incluso, se se comparan os datos correspondentes ós anos 1890 e 1905, percíbese unha diminución tanto cuantitativa como porcentual. Isto indicaría que non se deu durante ese tempo unha intención de mellora das condicións de vida dos nenos expósitos. A permanencia no local provisional da Ruanova e o feito de non levar a cabo o traslado ó novo edificio do Asilo das Mercedes reforzan esta idea.

Outra observación que se obtén da análise dos rexistros de entrada no establecemento é a claridade coa que se reflexa a crise de subsistencia do bienio 1879-80, cun incremento considerable do número de ingresados e o seu repunte tamén no de 1882-83, anos nos que se deu tamén unha situación de crise. Esta circunstancia permite deducir de maneira clara a vinculación entre a pobreza, as circunstancias coxunturais da subsistencia e o abandono, a chamada exposición, relegando a un segundo lugar as cuestións de rexeitamento social, de pouca relevancia no caso das clases populares galegas.

Non se observan no caso da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo os fundamentos polos que algúns autores desvinculan no que se refire a Galicia as crises de subsistencia dos incrementos de ingresos de nenos nos tornos das casas de expósitos, senón xustamente o contrario: a importancia das circunstancias económicas relacionadas coa subsistencia para que se produza un incremento ou diminución no número de entregas.

A vinculación entre os momentos de dificultade económica e o incremento de expósitos aparece documentada en distintos ámbitos xeográficos, incluso de Galicia, e no presente traballo vese moi ben representada no caso da crise de subsistencia de 1880. Púidose comprobar como durante o período que vai do ano 1877 ó ano 1881, coincidindo cos anos en que se produciu con maior intensidade a crise, se incrementou de maneira apreciable o número de ingresos e rexistros na Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo.

En canto ás verdadeiras motivacións das entregas, pódese afirmar que as causas varían de maneira apreciable en función da condición social da nai que leva a cabo a entrega. Nos casos de mulleres pertencentes a clases acomodadas, as motivacións de tipo económico non son, loxicamente, o factor determinante, senón que nestes casos si prima a condición de fillos naturais ou ilexítimos dos nenos. Sempre nestes casos se evidencian medidas que teñen como finalidade asegurar o secretismo e salvagardar a identidade da mai, incluso cara o capelán director, utilizándose nalgúns casos terceiras persoas para facer a entrega polo torno ou obter información posteriormente sobre o destino e estado do neno.

No resto dos casos, os que se refiren ás mulleres das clases populares e tamén os máis frecuentes, a circunstancia da pobreza e a falta de medios económicos aparecen de maneira clara como o elemento con máis peso para levar a cabo as entregas.

A análise das motivacións expostas nas notas que acompañaban ós nenos confirma o anteriormente exposto. Se se ten en conta que todo o século XIX é un período no que se produce un importante incremento de nacementos de nenos fora do matrimonio ata acadar cifras que axudarían a ver estes casos como menos anómalos e mellor aceptados pola sociedade en xeral, poderíase entender que non sexa utilizado este argumento como causa da entrega. Se moitas mais solteiras criaban ós seus fillos, e o seu entorno os aceptaba sen estigmatizalos en exceso, non hai motivo para que este feito en exclusiva fose utilizado como argumento ou causa. No caso das entregas de fillos de mulleres de certo nivel social, descartada a falta de recursos económicos como causa, si se pode pensar que fose a condición de fillo fora do matrimonio o motivo, e tamén se pode entrever nas notas que acompañan ós nenos desta orixe social.

No tocante á mortalidade, unha cuestión fundamental e moi estudada na historiografía que ten que ver cos establecementos vinculados á exposición, a primeira constatación ten que ver coa metodoloxía á aplicar para o estudo desta realidade. Mentres é moi frecuente o contraste entre os datos obtidos en distintos ámbitos xeográficos, non o é en absoluto a aplicación dun sistema estandarizado para o seu cálculo. As dificultades para levar a cabo o reconto e posterior análise dos datos, tendo en conta a multiplicidade de circunstancias que envolven as casuísticas destes nenos, fan que sexa preciso determinar un método uniforme de levar a cabo esta tarefa. Só desta maneira, os contrastes entre datos obtidos por distintos autores en distintos ámbitos xeográficos poden ter verdadeiro significado e ser indicativos de maneira clara de diferenzas entre uns e outros.

A pesar das máis que probables diferenzas metodolóxicas existentes entre os distintos traballos destas características, pódese afirmar que as taxas de mortalidade da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo eran de nivel similar ás que se atribúen a establecementos deste tipo noutros ámbitos xeográficos, encadrándose dentro da situación de infanticidio institucional que se producía, de maneira máis ou menos coñecida, en todo o ámbito europeo.

Polo contrario, non é nada coincidente cos datos obtidos por outros investigadores noutros ámbitos xeográficos, no que ten que ver coa evolución da taxa de mortalida-

de ó longo do tempo. Mentres noutros casos se constata unha clara tendencia á diminución da taxa segundo avanza o século XIX, ou cando menos mantense nuns parámetros máis ou menos similares, no caso da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo constátase unha tendencia clara e constante de incremento desa taxa de mortalidade. Esta tendencia anómala evidénciase máis aínda se se ten en conta que a porcentaxe anual absoluta máis alta, 95,83%, prodúcese no último ano analizado, 1905, xa dentro do século XX.

Esta tendencia, a todas luces inexplicable, se se atende a aspectos lóxicos que afectan á evolución xeral da sociedade durante este período, sitúanos diante dunha cuestión á que non é fácil dar resposta. O único aspecto sobre o que se podería buscar a causa deste ilóxico incremento da taxa de mortalidade, sería o tamén ilóxico incremento do desinterese da clase política e administrativa, encargada da custodia e tutela do establecemento, na mellora das condicións de vida dos nenos dela dependentes.

A nula mellora das condicións de vida da Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo, que permanece ano tras ano provisionalmente nos cuartos arrendados do nº 19 da Ruanova, a onde fora trasladada en 1879 desde o antigo convento de San Francisco, mentres, como ó resto dos establecementos benéficos da cidade, lle eran usurpados os novos edificios para ela construídos das Mercedes, é un exemplo claro da mentalidade coa que se valoraba e afrontaba a realidade dos nenos expósitos. O incremento da ineficacia e desidia, tal como se viu na análise da evolución da Xunta Municipal de Beneficencia de Lugo, na administración e dirección dos establecementos benéficos da cidade, é o único factor que pode explicar esta ilóxica evolución.

A realidade dos contaxios que se observaron dentro da Casa de Maternidade e Expósitos pon en dúbida a consideración do retraso das datas de entrega ás amas de cría externas e prolongación da permanencia dos nenos dentro do establecemento, como un gran beneficio para eles ó reducirse a taxa de mortalidade. O inconveniente máis grande deste retraso das entregas ás amas externas sería a maior exposición ós contaxios e enfermidades infecciosas dentro propio establecemento.

As medidas de retrasar as entregas dos nenos ás amas de cría externas, alongando a permanencia nos establecementos, podía ter efectos positivos e negativos. Se ben coa medida se retrasa a entrega a persoas cuxa responsabilidade e honradez se descoñece en parte ou totalmente e sobre as que non é posible exercer supervisión debido á dispersión xeográfica, e se substitúe pola permanencia no propio establecemento durante parte do período crítico dos primeiros meses de vida, supervisada polos administradores e o médico se fose necesario, o inconveniente da exposición ós contaxios anularía todas esas vantaxes e podería producir un dano aínda maior.

No caso da casa de expósitos de Lugo, onde as melloras, tal como apunta a evolución da taxa de mortalidade, debían ser inexistentes, a entrega rápida ás amas externas tería evitado, cando menos, a maior parte dos contaxios. Evidentemente, a medida da saída temperá do establecemento tería que ir acompañada, para ser realmente efectiva, da contratación de amas de cría convenientemente remuneradas e, polo tanto, coa capacidade de aleitar suficiente e a dedicación necesaria.

Tendo en conta que o número de nenos que morrían era elevadísimo, pódese afirmar que o funcionamento non era bo e non cumpría sequera coa finalidade básica de garantir a supervivencia dos nenos que recibía. Ben é certo que este problema non era exclusivo da casa de expósitos de Lugo, senón de tódolos establecementos deste tipo nos que se estudou a cuestión da mortalidade, tanto para períodos similares como anteriores. Esta circunstancia universalizaría o problema e permite falar de fracaso xenerali-

zado das institucións benéficas deste tipo xa no aspecto máis básico e elemental de manter con vida ós nenos expósitos.

En canto ás mais dos nenos expósitos, a pesar das dificultades que supón o carácter anónimo das entregas para traspasar a fronteira que establece entre a mai e o fillo a exposición, puidéronse establecer algunhas constatacións.

Case a metade das rapazas que acudían a dar a luz na Casa de Maternidade, e que se supón tiñan a intención inicial de deixar o neno no establecemento, cambiaban de intención e levábano con elas cando o abandonaban. Pero esta decisión non significaba sempre que se mantivera no tempo e unha parte destes nenos, obrigadas súas nais moi posiblemente por unha realidade adversa, eran entregados posteriormente polo torno. Esta circunstancia anticipa xa o que será unha constante nas restantes parcelas estudadas e que leva a concluír que a actitude das mais con relación ós fillos sufría constantes cambios en función das múltiples circunstancias vitais polas que atravesaban.

A entrega ás amas de cría externas non significaba a solución definitiva para os nenos expósitos. O feito de que a remuneración percibida da Deputación fose menor no período posterior ó cumprimento da idade de 7 anos do neno ou a proximidade da súa finalización definitiva ós 12, podía facer que o interese da familia de acollida diminuíse e buscase, aínda que non era frecuente, a maneira de devolverllo ó establecemento, que, á súa vez, o ingresaba na Casa Municipal de Beneficencia, abonando os gastos correspondentes.

En canto á cuestión das mentalidades que rodean ó fenómeno da exposición, son varias as observacións que se puideron facer. Convén ter en conta a división entre o que ten que ver coa mentalidade das mais e o seu entorno, e a mentalidade do propio establecemento.

Xa na análise dos papeis que acompañaban ós nenos nas entregas polo torno se puideron observar de maneira moi evidente diferenzas con respecto á pretensión de anonimato en función da clase de pertenza, tanto por parte de quen facía a entrega como por parte de quen a recibía.

É moi frecuente que mentres nos papeis que acompañaban ós nenos cunha evidente orixe social acomodada se percibe unha reserva total da identidade da mai, recorrendo a tódolos mecanismos necesarios e posibles para reforzala, nos casos das entregas que tiñan unha orixe social máis modesta faise, con moita frecuencia, renuncia desta posibilidade de preservar o carácter secreto da entrega ou, incluso, o que ó máis significativo, manifestación clara da identidade da mai. Esta diferenza na forma de actuar que se percibe a través das notas ten relación directa coa diferenza de mentalidade que existía entre as clases populares e acomodadas con respecto á consideración da cuestión da ilexitimidade.

A actitude de asunción da identidade, manifestándoa de maneira explícita, dáse sempre en casos de mais pertencentes ás clases menos favorecidas. Nos casos nos que se detecta unha condición acomodada, tanto a través das descricións das roupas como por outros aspectos, a manifestación da identidade non só non se produce senón que as prevencións para que isto poida ser coñecido a través de investigacións posteriores son moi grandes.

A diferenza tan clara entre un e outro estrato social correspóndese, pois, coa diferenza no que respecta á cuestión da mentalidade. O tabú social que significa a maternidade fora do matrimonio non ten a mesma intensidade en tódolos ámbitos sociais. Ten unha moito maior intensidade en aqueles sectores que se consideran a si mesmos como

mostra representativa do sistema social, entre outras consideracións, porque a súa propia preeminencia depende dese carácter exemplar. No caso de Galicia, ademais, dábase de maneira máis evidente aínda esa distinción na mentalidade. No rural galego a condescendencia con respecto á sexualidade fora do matrimonio era moi elevada. Nas cidades a moral era máis estrita, pero nestas, a poboación non acomodada, ben pola orixe ou por mentalidade, era máis rural que urbana.

A condescendencia por parte das clases populares con respecto á maternidade non lexítima, posiblemente foi en aumento ó longo do século XIX, perdendo forza a súa condición de estigma social e aumentando a súa aceptación. Isto podería deducirse do progresivo incremento da taxa de ilexitimidade que en Galicia se produce durante este período.

En canto á mentalidade da Casa de Maternidade e Expósitos, tamén se fan importantes observacións.

Púidose observar no apartado correspondente ás parturientes de carácter reservado como o establecemento articulara un mecanismo de inscrición tendente a reforzar o secreto da identidade destas mulleres de maior poder adquisitivo ou, cando menos, protexidas por alguén de maior estatus social e económico. Esta circunstancia evidencia xa unha correspondencia entre as diferenzas de mentalidade das mais en función da súa condición social e a mentalidade do propio establecemento con relación a esa mesma condición.

No caso das entregas polo torno, esta dobre actitude con respecto á identidade da mai tamén se percibe de maneira moi evidente segundo pertenza esta ós sectores sociais máis favorecidos ou non. Se a condición social non era acomodada, senón que se correspondía coas clases populares, ben fosen da cidade ou do medio rural, sempre que houbera algún indicio que puidera permitir as investigacións que levasen a coñecer a identidade da mai, esta, aínda que non fose manifestada de maneira voluntaria, facíase constar nas anotacións do libro de entrada.

Aínda que a actitude do establecemento, diferente con respecto a un e outro grupo social, puidera ser interpretado nun principio como unha actuación en consonancia coa actitude que tiña cada un deses sectores con relación a esa cuestión da reserva da identidade, a existencia de casos nos que, sen manifestala en ningún momento, se investiga e se fai constar nos libros, violando o carácter secreto que o torno garantía, demostra a existencia dunha actitude discriminatoria máis profunda, que admite varias interpretacións.

A motivación para que o establecemento e os que o dirixían actuasen desa maneira discriminatoria, puidera ter bastante que ver co desexo de protexer a esa clase social referencial, da que se consideraban parte, colaborando na ocultación da existencia de fillos fora do matrimonio tamén neste sector social, que á súa vez evidenciaría a existencia dunha dobre moral no que á forma de vivir a sexualidade se refire. Tentaríase de axudar a ocultar a contradición de que o estrato social referencial predicaba a sexualidade dentro do matrimonio, bendicido pola igrexa, pero, en moitos casos e de maneira oculta, rompía todos os convencionalismos que delimitaban esa cuestión.

A posibilidade de que esta similitude entre estratos sociais nas cuestións que tiñan que ver coa sexualidade se fixeran públicas e recoñecidas rompía co paradigma da superioridade moral e o carácter referencial que se supoñía tiñan os que gobernaban a sociedade desde todos os ámbitos: económico, político e relixioso.

Forzando un pouco máis o alcance da interpretación, poderíase falar incluso dunha forma de dominio do sector social que exercía o poder dende distintos ámbitos con respecto ás cases populares, ás que se consideraba que era necesario manter baixo control tamén neste ámbito.

O apartado da crise de subsistencia dos anos 1879 e 1880 constitúe en si mesmo un tema de estudo distinto do que se fai nos restantes apartados. Non se trata do estudo e análise do funcionamento dun establecemento benéfico concreto, senón da actuación de toda unha sociedade, desde a clase política ás vítimas, con respecto a unha circunstancia excepcionalmente anómala e de especial gravidade. O espazo de estudo tamén é substancialmente distinto, xa que neste caso a importancia dos acontecementos superan ó ámbito local e transcende a outros contextos xeográficos e sociais.

A primeira realidade que se constata é o carácter climático da crise. Se ben esta circunstancia resultaba evidente desde un principio, a análise detallada das fontes documentais relacionadas cos rexistros climáticos e as referencias de prensa xa desde o ano 1877 confírmano de forma precisa e determinando a maneira na que paulatinamente e ó longo dos meses se foron establecendo as condicións para que a catástrofe vital se desencadease finalmente

A análise pormenorizada dos rexistros climáticos conservados deses anos permiten concluír que a seca no momento da sementeira do trigo e centeo a final do 1878 e especialmente o exceso de choivas nos meses de febreiro, marzo e abril de 1879, orixinarían a diminución substancial das colleitas para o inverno de 1879-1880, que unido ás minguas que en moitas zonas xa se producira no ano anterior, daría lugar ás dramáticas consecuencias que se manifestaron en 1880.

O estudo dos datos climáticos aclara tamén a realidade de que máis que dos efectos catastróficos da climatoloxía dun ano, hai que falar dos efectos acumulativos de tres anos consecutivos anormalmente adversos. Os datos climáticos conservados deses anos deixan claro que as anomalías se inician xa no 1877 cun importante desaxuste dos parámetros normais, que se incrementan de maneira aínda máis importante durante o 1878 e 1879, traendo como consecuencia a diminución ou destrución total das colleitas, que á súa vez produce a fame que alcanza o grao máximo na primavera de 1880.

Na análise da secuencia dos acontecementos que precederon ó desenlace de 1880 percíbese unha gran anticipación en aparecer evidencias de que a crise alcanzaría as proporcións dramáticas que finalmente acadou. En marzo de 1879, con máis dun ano de antelación, xa se publican editoriais el algúns xornais advertindo da gravidade que alcanzarían os efectos da crise e concretando incluso os vaticinios en cuestións concretas como as invasións de vilas e cidades de famentos demandando axuda. Nesa capacidade para prognosticar acontecementos tiña moito que ver a aínda non esquecida crise anterior de 1853. A similitude que moi posiblemente se estaba producindo na sucesión de circunstancias permitía a quen vivira a crise anterior avaliar a gravidade da situación do momento e, o que é máis importante, o dramatismo da que se produciría un ano máis tarde.

A data do xuntanza plenaria do Concello de Lugo celebrada o un de maio de 1879 é a referencia temporal da primeira reacción institucional. Trátase dunha reacción unicamente de constatación da existencia do problema, pero sen medidas activas se se ten en conta que a rebaixa nos dereitos de consumos era de insignificante eficacia e a solicitude de supresión do imposto á importación de cereais, só tiña carácter testemuñal. A reacción da prensa denunciando a situación que se vivía nas aldeas e demandando axuda, sen embargo, fora moito máis rápida e levaba xa meses producíndose. O retraso

da reacción institucional con relación á que se viña producindo nos medios de comunicación da época era xa moi evidente nese momento e vaise facendo máis evidente nos meses seguintes.

A reacción e actuación da prensa con relación á crise de subsistencia tivo unha importancia capital na difusión da gravidade da situación que se vivía e na busca de axuda das administracións centrais. No mes de agosto dese ano prodúcese un feito transcendental neste ámbito no encontro que en Ferrol se produce entre xornalistas e políticos de orixe galega. Nesa reunión asúmese o compromiso da prensa de facer todo o posible por dar a coñecer en Madrid a situación de Galicia e coordinar a actuación cos políticos galegos na capital. Esta circunstancia explica a gran presenza mediática que a crise de subsistencia tivo na prensa de Madrid durante os meses seguintes en xornais de tanta importancia como *El Imparcial*, naquel momento o xornal de maior difusión de Madrid.

Tamén é destacable a importancia da acción política levada a cabo polos representantes políticos galegos no Congreso e no Senado, que foi intensa e reiterada na demanda de medidas de axuda para paliar a situación, similares ás que se levaran a cabo no caso da crise de 1853.

A pesar da importante actividade política levada a cabo e da gran difusión mediática, os resultados foron nulos. A explicación a esta circunstancia hai que buscala en varias circunstancias que se deron arredor da crise.

A demanda de axuda económica directa, materializada na distribución de fondos entre as xentes máis necesitadas, tal como se fixera no caso da crise de 1853, foi rexeitada desde o primeiro momento, desaparecendo das reivindicacións e demandas dos deputados e senadores, que se centraron na reivindicación da exención de impostos á importación de cereais para facilitar o abastecemento dos mercados e rebaixar o elevado dos prezos, e na promoción de obras públicas para proporcionar empregos e xornais que permitiran subsistir a parte da poboación.

A reivindicación da exención de impostos á importación de cereais topouse coa reacción en contra dos produtores e almacenistas das rexións cerealeiras do interior da península, que non estaban dispostos a renunciar ós grandes beneficios que lles proporcionaban a elevación de prezos que se producira pola crise. Esta circunstancia fixo que todos os intentos neste sentido fracasaran sen a máis mínima concesión.

En canto ás obras públicas do Ministerio de Fomento, se ben se concederan algunhas, como as que tiñan que ver con varios tramos do ferrocarril que uniría Lugo coa localidade de Brañuelas, na provincia de León, non se levaron a cabo por estar esgotados os presupostos dos que dependían para o ano económico de 1879-80 desde o mes de setembro.

O fracaso nas xestións para conseguir as dúas reivindicacións para paliar a crise, a exención ás importacións de cereais e a concesión de obras públicas, propaga a sensación de desánimo entre a clase política e os medios de comunicación. En maio de 1880 abandónanse as xestións para conseguir unha solución global para toda Galicia e comezan a centrarse en lograr axudas puntuais, xa de maneira individual, por parte dos concellos máis afectados.

A presenza numerosa de desafiuzados na cidade de Lugo, despois de esgotar as reservas alimenticias nos seus lugares de orixe, dá lugar a que se inicien xestións xa para solucionar unicamente ese problema puntual.

O medo ó estoupido social alarma ás autoridades municipais, que inician unha serie de xestións dirixidas a paliar non os efectos da crise, intento no que se fracasara de maneira evidente, senón os efectos derivados da presenza masiva dos afectados nas rúas da cidade.

A resposta a esta puntual e urxente demanda consistiu unicamente na concesión de 4.000 pesetas do chamado fondo de calamidades por parte do Ministerio da Gobernación. A cantidade concedida pódese considerar mísera e non alcanzaría nin á cuarta parte dos gastos do tamén mínimo proceso de socorro levado a cabo para os necesitados do termo municipal.

A contía das achegas da Deputación e Concello resulta tamén claramente exigua, e indicativa da mentalidade destas institucións con relación ó mundo da pobreza en xeral e ás circunstancias excepcionais que se vivían nese momento en particular.

O resto dos fondos recadados, máis do 70%, teñen relación co carácter caritativo, e estaban constituídas polo recadado nas subscricións veciñais e a achega do Bispado de Lugo.

As xestións diante da Administración central, tamén no caso da axuda puntual para a cidade de Lugo, tendo en conta o exiguo da cantidade concedida, constitúen outro fracaso estrepitoso e son tamén unha manifestación máis da mentalidade e actitude do Goberno central do momento.

Tendo en conta que máis da metade dos fondos recadados procedían da propia cidade, pódese concluír que, aínda a pesar do reducido das axudas da Deputación e Concello, a propia cidade foi a que deu de comer ós indixentes que empuxados pola fame acudiron a Lugo demandando axuda.

A distribución de racións de comida na cidade, aínda poñéndose en marcha cando xa o problema acadaba cotas alarmantes, levouse a cabo con efectividade e cumpriu co obxectivo que pretendía de evitar o estoupido social e a aparición de revoltas na cidade.

A distribución de millo entre os necesitados das aldeas do termo municipal, cuxo obxectivo tampouco era aliviar ós afectados da situación que padecían, senón evitar que acudiran á cidade a incrementar o número dos que xa se trasladaran a ela, é unha mostra da falta de operatividade da Xunta de Beneficencia e o Concello na súa organización e forma de levala a cabo.

Incapaces de cumprir o plan inicial de facer un censo previo de necesitados nas parroquias, fíxose o reparto delegando a organización e execución do mesmo nos párrocos e pedáneos. Esta falta de criterios orixinou, ademais de ausencia de rigor, desigualdades entre as distintas parroquias. Tampouco está clara a efectividade que se pretendía, tendo en conta o retraso co que se levou a cabo.

O reparto, lévase a cabo tan só un mes antes da recollida da nova colleita, mostrando desta maneira o fracaso da medida e a baixa capacidade organizativa do Concello. A lentitude e retraso de todo o proceso fixo que desde a reunión da Xunta de Beneficencia celebrada o día 18 de abril ata o momento no que se leva a cabo a entrega do millo ós necesitados, entre o 10 e o 15 de xuño, transcorreran case dous meses, un tempo a todas luces excesivo se se ten en conta a urxencia e gravidade da situación. Incluso desde o punto de vista pragmático do Concello, a quen unicamente preocupaba evitar a presenza de xentes empuxadas pola fame na cidade, o fracaso resulta evidente. As xen-

tes que non tiñan que comer non tiveron durante ese tempo outra alternativa que evitase que acudiran á cidade ou a outros lugares a mendigar.

As consecuencias da crise foron desastrosas para a poboación galega en xeral e da provincia de Lugo de maneira especial. Os efectos que orixinou na poboación foron moitos e variados, algúns deles de difícil cuantificación, como son os danos psicolóxicos e morais. Outros, cuantificables non sen dificultades, foron analizados e teñen que ver co encarecemento que se produciu nos cereais, o incremento migratorio e a mortalidade.

O encarecemento dos cereais, tivo efectos graves especialmente no que afectou ó prezo e escaseza do centeo, alimento básico das clases populares no interior de Galicia e máis aínda nas zonas da montaña nas que as alternativas alimentarias eran moito máis reducidas.

O prezo do centeo chegou a duplicarse sobre o prezo inicial de xaneiro de 1879. O incremento, tamén moi importante do millo, aínda que non formaba parte tradicionalmente da dieta na comarca de Lugo, explícase polo feito de ser demandado como substituto do centeo durante a crise.

Con relación ó trigo, todo fai pensar que o incremento no seu prezo se produciu, en boa medida, porque as subidas experimentadas polo centeo favoreceron que moitos dos que o consumían tradicionalmente pasasen a consumir aquel ó aproximarse os prezos de ambos. Os beneficiados deste cambio serían os produtores e intermediarios do centro e sur da Península, do que se deduce que a defensa dos seus intereses foi efectiva e xeroulles beneficios incluso nas zonas máis afectadas, non consumidoras tradicionalmente de trigo.

O Estado foi tamén outro gran beneficiado pola crise. A importación de cereais, fundamentalmente centeo e millo, para abastecer os mercados do interior de Galicia, produciu importantes beneficios en forma de aranceis á importación, que reverteron nas arcas do Estado. Desta maneira, O Estado, ademais dos almacenistas importadores, viuse beneficiado economicamente.

En canto ó análise dos movementos migratorios durante o período no que a crise se manifestou, a pesar das dificultades que a falta de rexistros migratorios nesa época orixinan, permite concluír que tivo un importante incremento.

Deixando a un lado o incremento da emigración interior a outras partes de Galicia ou ó interior da Península, imposible de cuantificar a causa de inexistencia de rexistros sobre os que poder facer análises que permitan o seu estudo, hai evidencias de que a crise tivo importantes repercusións no que se refire á emigración transoceánica.

Partindo das estimacións levadas a cabo noutros estudos, percíbese un importante incremento no que corresponde á emigración á illa de Cuba. O incremento dun 40% producido no ano 1879 con relación ás estimacións da emigración en 1878 é suficientemente indicativo dos efectos orixinados pola crise neste apartado.

Sen que se poida encaixar dentro do apartado do incremento migratorio, pero si consideralo como unha manifestación dos movementos de poboación orixinados pola falta de alimentos que orixinou a crise, está a cuestión dos desprazados. Se ben resulta imposible facer estimacións da magnitude que este fenómeno acadou en toda Galicia, hai datos que permiten avalialo no que se refire a algúns lugares concretos.

Das estimacións referidas ó número de persoas chegadas a vilas e cidades, a máis accesible e viable é a que se refire á cidade de Lugo. Os rexistros do número de

racións alimenticias distribuídas cada un dos días dos meses de maio, xuño e xullo de 1880 son unha referencia bastante aproximada do número de persoas que había cada un deses días vagando pola cidade sen ter que comer. O número máximo de racións alimenticias distribuídas na tarde do 25 de xuño, que acadou as 1.368, ben puidera duplicarse á hora de estimar o número total dos que pasaron pola cidade ó longo deses tres meses nos que se levaron a cabo os socorros e os rexistros.

O estudo da cantidade e proporción dos que abandonaron ás súas casas para buscar remedio noutros lugares tampouco é factible precisala en termos xerais. A referencia do sucedido no concello de Pedrafita do Cebreiro ofrece datos que dan unha idea da magnitude que alcanzou en moitos puntos de similares características. Un terzo da poboación do termo municipal, arredor dos 1.200 veciños, abandonara xa os seus fogares en xuño de 1879. Tendo en conta que un ano máis tarde ese porcentaxe ben puido incrementarse ata alcanzar o 40% da súa poboación, ou incluso máis, pódese ter xa unha idea máis global das persoas que puideron verse afectadas por esta circunstancia. Se os concellos máis afectados chegaron, moi posiblemente, a ver desprazada a súa poboación en porcentaxes próximos ó 50%, non sería desproporcionado estimar nun 10% a media da provincia. Isto significaría, tendo en conta que o seu número de habitantes nese momento era de 410.810, que arredor de 40.000 persoas poderían ter sido desprazadas dos seus fogares pola crise, incluíndo aqueles que optaron pola emigración transoceánica.

A extrapolación a outras areas xeográficas de Galicia que de esta referencia se pode facer dá unha idea da gran magnitude e dramatismo que esta manifestación da crise alcanzou.

A cuestión da mortalidade ocasionada pola crise é a que mellores posibilidades de análise ofrece en canto á información das fontes documentais. A pesar de non existir rexistros estatísticos das defuncións producidas no termo municipal de Lugo antes do mes de xaneiro de 1879 e do de setembro no caso da provincia, estes son o suficientemente precisos e fiables como para permitir unha avaliación rigorosa dos incrementos que se produciron na taxa de mortalidade durante o período máis intenso da crise.

Os incrementos no número de falecidos dun 37,17% en 1879 e do 38,84% en 1880 no termo municipal de Lugo son unha mostra clara da gravidade que a crise alcanzou, nun ámbito xeográfico que cabería considerar intermedio entre as zonas teoricamente máis afectadas da montaña e as menos damnificadas das zonas máis baixas e próximas á costa.

A análise da mortalidade na provincia de Lugo mostra que os efectos máis dramáticos da crise percibíronse máis tardiamente. En 1879 o incremento do número de falecidos é do 4,49% e do 21,74% en 1880. Esta circunstancia indicaría que mentres que nas zonas menos montañosas foi posible manter os efectos da crise en situación de non incrementar excesivamente o número de falecidos, a pesar da gravidade evidente, en 1880 o agravamento da situación produciu efectos dramáticos de forma xeneralizada en tódolos ámbitos xeográficos.

A realidade constatada da mortalidade durante os anos 1879 e 1880 demostra de maneira clara e incuestionable a extrema gravidade da crise de subsistencia e pon en evidencia tamén o carácter inexplicable e insensible da resposta das administracións.

A conclusión final sobre a resolución da crise de subsistencia non pode evitar a consideración de que Galicia foi maltratada e discriminada nun momento extremadamente difícil e complicado polo Estado e as administracións centrais. Esta consideración

aparece xa de maneira clara nos editoriais xornalísticos deses meses e tamén en algúns discursos políticos nos que se expresa de maneira explícita.

Tampouco foron tratados como sería esperable nesas difíciles circunstancias os afectados pola crise por parte dos concellos, deputacións e demais organismos galegos. A inhibición na maioría dos casos, e os retrasos e falta de efectividade nos poucos nos que se levou a cabo algún tipo de axuda, mostran tamén o maltrato que sufriron na propia Galicia por parte dos que se supoñía que coñecían de maneira directa a situación dramática que padecían.

Globalmente considerada, a resposta institucional na cidade de Lugo ó mundo da pobreza ofrece varias conclusións de consideración:

1. A obrigatoriedade de facerse cargo da resposta institucional que para o Concello e Deputación supoñía a entrada en vigor da Lei de Beneficencia de 1849 e o regulamento xeral para a súa execución de 1852 deu lugar a unha situación nova ata ese momento. Ademais do cambio de mentalidade que teoricamente iso supoñía, implicaba un cambio administrativo e económico importante para os organismos municipal e provincial. O cambio que supón o desenvolvemento político e institucional do Estado liberal despois de 1812 está detrás desta nova situación.

A filantropía sucede á caridade e o Estado substitúe á Igrexa. No Antigo Réxime os reis e os prelados establecían os establecementos benéficos asignándolles rendas e concedéndolle privilexios. No Estado Liberal, os establecementos, xa fora da tutela eclesiástica, pasan a ser incluídos nos presupostos provinciais e municipais.

A imposición que a asunción dos establecementos benéficos supoñía, sen transferencias económicas para levala a cabo, contou coa resposta dos organismos municipal e provincial na busca de que esa carga económica fose o menos gravosa posible para os presupostos de cada un deles, por outra parte xa limitados para a atención das obrigacións ata ese momento asumidas. Esta actitude de minimizar os gastos percíbese na baixa remuneración que percibían os empregados e traballadores dos establecementos dependentes do Concello e a mísera remuneración das amas de cría externas por parte da Deputación. Esta baixa dispoñibilidade económica orixinaba unha mala asistencia ós internos no caso da Casa de Beneficencia e Hospital e ós expósitos no caso da Casa de Maternidade e Expósitos.

2. O uso dos establecementos benéficos para fins distintos dos que foran creados foi outra característica que acompañou á súa xestión. A súa utilización para favorecer a membros das clases privilexiadas cando lles podía ser útil en algún momento deuse en distintas circunstancias. O ingreso de persoas con minusvalías psíquicas ou de outro tipo na Casa de Beneficencia por parte das clases non necesitadas, que podían atender a estas persoas no seu propio ámbito familiar, é un exemplo desta utilización. Tamén o son o uso do Hospital por parte de xentes das clases acomodadas ou non necesitadas ou a Escola de Párvulos para escolarizar os seus fillos.

3. Na xestión da asistencia á pobreza en Lugo cobra especial importancia a utilización de que foron obxecto os pobres para conseguir fondos das administracións centrais co fin inicial de construír edificios destinados a eles, pero que finalmente foron destinados a outros fins.

A solicitude de fondos para a creación do que sería o primeiro hospital de carácter provincial, pero que finalmente terminou sendo a sede oficial da Deputación, é o exemplo máis claro e posiblemente de maiores proporcións, pero non o único. A construción do que orixinalmente ia ser novo asilo das Mercedes, a onde se trasladaría a Ca-

sa de Maternidade, pero que finalmente, despois de intentar destinalo a outros fins, foi cuartel das Mercedes, é outro exemplo claro de utilización da asistencia á pobreza para obter fondos das administracións centrais para outros cometidos.

A utilización das necesidades da pobreza para obter fondos para a construción de edificios que finalmente tiveron outra utilidade, constitúe unha maneira de rendibilizar a pobreza en beneficio da propia Deputación, no caso do hospital provincial, e da cidade en xeral no caso do que ía ser Asilo das Mercedes. A cesión para cuartel significou unha forma de dinamizar a economía da cidade a través da venta de subministracións e a residencia de mandos militares coas súas familias.

Esta idea de transformar o que en principio constituía unha carga económica, a causa da obrigatoriedade que implicaba a Lei de Beneficencia de 1849, en beneficios de todo tipo aparece con frecuencia ó longo da análise de todo o que ten que ver cos establecementos benéficos e os organismos implicados.

Os beneficios xerados polo mundo da pobreza ós restantes sectores sociais da cidade, especialmente ás clases dominantes, son de todo tipo.

4.Ademais de na utilización dos establecementos benéficos para ingresar neles a membros das clases acomodadas en determinadas circunstancias e conseguir fondos para construír edificios destinados a outros fins, esta realidade percíbese tamén en outras cuestións.

A adquisición das subministracións de alimentos e demais produtos para os establecementos foi tamén unha forma de dinamizar a economía da cidade. O peso que puido ter na economía dunha cidade pequena como era Lugo naqueles momentos, sen ser grande, si sería apreciable.

A creación de postos de traballo, directos nos establecementos benéficos e indirectos fora, a pesar do seu carácter precario e as baixas remuneracións, tivo a súa importancia e transcendencia. As remuneracións en forma de xornais revertían na economía da cidade, axudando a dinamizala. Esta repercusión positiva na economía interrompeuse en parte coa chegada das monxas. As remuneracións percibidas por elas revertían minimamente na cidade, xa que eran ingresadas na contabilidade da orde en Madrid. A substitución de parte dos traballadores polas monxas representou desde o punto de vista económico un prexuízo para a cidade.

5. A conclusión final é que a clase política local foi capaz de converter a desgraza e a imposición incómoda das leis nunha fonte de beneficios de todo tipo cunha inversión mínima ou case inexistente. O Estado, a través da lexislación, establecía un sistema de auxilio máis ou menos igualitario, mentres que as clases máis favorecidas, na práctica, adaptábano ós seus intereses e utilizábano en beneficio propio, reforzándose e amparándose fronte ós menos favorecidos.

En todo este proceso, as clases populares, na súa máis baixa condición de pobres, víronse prexudicados na xestión da aplicación das leis de beneficencia, confinados en edificios ruinosos e atendidos por empregados mal remunerados, mentres que as clases dominantes se viron favorecidas polos beneficios económicos e de outro tipo que esta xestión xerou na cidade.

SIGLAS ARQUIVÍSTICAS

ADPL	Arquivo da Deputación Provincial de Lugo
ADS	Arquivo Diocesano de Santiago de Compostela
AHPL	Arquivo Histórico Provincial de Lugo
AMPL	Arquivo do Museo Provincial de Lugo

OUTRAS SIGLAS

Coord.	Coordinador/a
Coords.	Coordinadores/as
Dir.	Director
Ed.	Editorial
Edr.	Editor/a
Eds.	Editores
Et al.	E outros
Op. cit.	Obra citada
p.	Páxina
pp.	Páxinas
ss.	Seguintes
Tom.	Tomo
Vol.	Volume

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

ÍNDICE DE CADROS INTEGRADOS NO TEXTO

CAPÍTULO 1. Aproximación ó mundo da pobreza

Cadro 1. Achegas do Bispado de Lugo á Xunta Municipal de Beneficencia durante o período 1880-1892..... 42
Cadro 2. Achegas do Bispado de Lugo. Porcentaxes sobre o total de ingresos da Casa de Beneficencia Municipal..... 42
Cadro 3. Achegas do Bispado de Lugo. Porcentaxes sobre o total de ingresos do Hospital Municipal..... 43
Cadro 4. Subvencións do Concello de Lugo á Casa Municipal de Beneficencia no período 1877-1882..... 47
Cadro 5.Doazóns de D. Juan Paradela durante o período 1885-87 con destino ós establecementos benéficos municipais..... 48
Cadro 6. Contías e porcentaxes do capítulo de doazóns, esmolas e outros recursos non previstos nos presupostos económicos da Casa Municipal de Beneficencia e Hospital no período 1877-1882..... 51
Cadro 7. Subscricións veciñais para a Casa Municipal de Beneficencia. Contías e porcentaxes nos presupostos anuais..... 52
Cadro 8. Os presupostos anuais para a Casa Municipal de Beneficencia e Hospital Municipal no período 1879-1894..... 56
Cadro 9. Os subministradores farmacéuticos do Hospital e Casa de Beneficencia..... 63
Cadro 10. Importes das subministracións farmacéuticas para o Hospital e Casa de Beneficencia no período 1877-1882 e % sobre os totais..... 64

CAPÍTULO 3. O HOSPITAL MUNICIPAL

Cadro 1. Produtos alimenticios incluídos na poxa para a subministración de alimentos para o Hospital Municipal durante 1906..... 138
Cadro 2. Falecidos anualmente no Hospital Municipal de Lugo no período 1875-1905..... 140

CAPÍTULO 4. A CASA DE MATERNIDADE E EXPÓSITOS

Cadro 1. Remuneracións percibidas polos rexedores e traballadores da Casa de Maternidade e Expósitos en 1888..... 168
Cadro 2. Salario mensual en pesetas percibido polas amas de cría externas dos establecementos de expósitos de Barcelona, Pontevedra e Lugo na etapa de lactación..... 169
Cadro 3. Procedencia por provincias das amas de cría externas contratadas anualmente pola casa de expósitos de Pontevedra..... 169
Cadro 4. Expósitos entregados a amas de cría externas pola casa de expósitos de Pontevedra e nenos ingresados na de Lugo por anos..... 171
Cadro 5. Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo. Ingresos brutos (1860-1905)..... 177

Cadro 6. Nenos non acabados de nacer entregados polo torno. Algúns exemplos..... 183
Cadro 7. Procedencia de nenos abandonados na provincia de Lugo nos períodos de 1875-79, 1889-91, 1903-05 e ano 1900..... 185
Cadro 8. Nenos ingresados por apartados nos anos 1875, 1876 e 1877..... 189
Cadro 9. Número e porcentaxes de nenos que morren e sobreviven nos anos 1875, 1876 e 1877..... 191
Cadro 10. Nenos ingresados por apartados nos anos 1889, 1890 e 1891..... 191
Cadro 11. Número e porcentaxes de nenos que morren e sobreviven nos anos 1879, 1880 e 1881..... 192
Cadro 12. Nenos ingresados por apartados nos anos 1903, 1904 e 1905..... 193
Cadro 13. Número e porcentaxes de nenos que morren e sobreviven nos anos 1879, 1880 e 1881..... 194
Cadro 14. Comparativa de mortalidade e supervivencia entre os períodos 1875-77, 1889-91 e 1903-1905..... 194
Cadro 15. Defuncións rexistradas en 1875 coa anotación "falleció por muguet"..... 197
Cadro 16. Defuncións rexistradas en 1891coa anotación "falleció de muguet"..... 198
Cadro 17. Porcentaxe de nenos nacidos mortos ou que morren no parto na Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo en 1875, 1890 e 1905..... 199
Cadro 18. Número e porcentaxes de expósitos recibidos polo torno que traen papel nos anos 1875, 1890 e 1905..... 209
Cadro 19. Número de ingresos brutos na Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo durante o período 1877-85..... 225

CAPÍTULO 5. A CRISE DE SUBSISTENCIA DE 1879-80

Cadro 1. Valores climatolóxicos normais. A Coruña. Calculados a partires dos datos obtidos entre os anos 1971 e 2000..... 236
Cadro 2.Serie de precipitacións de Santiago de Compostela, Universidade, en mm. no período 1877-80..... 237
Cadro 3. Estación da Coruña. Datos meteorolóxicos dos anos 1877, 1878, 1879 e 1880..... 239
Cadro 4. Serie de temperaturas de Santiago de Compostela. 1877-1880 (ºC).. 239
Cadro 5. Relación comparativa entre as temperaturas medias rexistradas e as normais nos meses de febreiro, marzo e abril de 1879..... 252
Cadro 6. Cuantificación dos socorros subministrados na Casa de Beneficencia..... 325
Cadro 7.Distribución do millo ós veciños das parroquias do municipio de Lugo..... 341
Cadro 8. Cantidades de millo percibidas por persoa nas parroquias de San Vicente do Veral, Santa Eulalia de Esperante e Santa María de Muxa. 343
Cadro 9. Ingresos da Xunta de Beneficencia e Socorros para todo o proceso de socorro dos afectados pola crise no termo municipal de Lugo..... 344
Cadro 10. Gastos da Xunta de Beneficencia e Socorros para todo o proceso de socorro dos afectados pola crise no termo municipal de Lugo..... 346
Cadro 11. Superávit da Xunta de Beneficencia e Socorros unha vez rematado o proceso contable..... 347

Cadro 12. Prezo medio mensual do trigo, cebada, centeo e millo no mercado de Lugo durante os anos 1877, 1878,1879 1880, expresado en pesetas por hectolitro..... 351
Cadro 13. Incremento de prezos dos cereais entre xaneiro e decembro de 1877..... 355
Cadro 14. Incremento de prezos dos cereais rexistrado de xaneiro de 1877 a xaneiro de 1878..... 355
Cadro 15. Variacións nos prezos dos cereais entre xaneiro e decembro de 1878..... 356
Cadro 16. Diferenza dos prezos entre agosto de 1878 e agosto de 1879 en pts. por hectolitro..... 356
Cadro 17. Variación nos prezos entre xaneiro e decembro de 1879. Prezos en pts. por hectolitro..... 357
Cadro 18. Variación nos prezos entre xaneiro de 1877 e decembro de 1879. Prezos en pts. por hectolitro..... 357
Cadro 19. Variación nos prezos entre xaneiro e xullo de 1880. Prezos en pts. por hectolitro..... 357
Cadro 20. Prezos máximos acadados en 1880 e revalorización con relación ós de xaneiro de 1877. Prezos en pts. por hectolitro..... 358
Cadro 21. *Diario de Lugo*. Prezos do centeo no mercado en reais por fanega. 1880..... 361
Cadro 22. Confrontación dos prezos publicados no *Diario de Lugo* e no *Boletin Oficial de la Provincia de Lugo* durante os meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril de 1880. Prezos medios mensuais..... 362
Cadro 23. Persoas que emigraron a Cuba desde España no período 1877-81.. 365
Cadro 24. Migración española a América nos anos 1877 a 1881..... 366
Cadro 25. Falecementos rexistrados no Hospital Municipal de Lugo durante o período 1877-1882..... 371
Cadro 26. Defuncións e nacementos producidos no termo municipal de Lugo durante os anos1879, 1880 e 1881..... 373
Cadro 27. Incremento de falecementos no termo municipal de Lugo..... 377
Cadro 28. Taxas de mortalidade dos anos 1879 e 1880 no termo municipal de Lugo..... 377
Cadro 29. Defuncións capitais de provincia. Septenio 1878-84..... 377
Cadro 30. Defuncións e nacementos na provincia de Lugo mensualmente durante os anos 1879, 1880 e 1881..... 378
Cadro 31. Nacementos producidos na provincia de Lugo nos anos 1879, 1880 e 1881..... 381
Cadro 32. Incremento de falecidos no período maio-decembro de 1880 con relación ós mesmos meses de 1881..... 382
Cadro 33. Resumes anuais de defuncións e nacementos dos anos 1879, 1880 e 1881..... 382
Cadro 34. Diferenza nacementos–defuncións na provincia de Lugo nos anos 1879, 1880 e 1881..... 382
Cadro 35. Incrementos en % do número de falecidos nos anos 1879 e 1880 sobre o de 1881..... 383

ÍNDICE DE GRÁFICAS INTEGRADAS NO TEXTO

CAPÍTULO 3. O HOSPITAL MUNICIPAL

Gráfica 1. Número de falecementos rexistrados no Hospital Municipal de Lugo no período 1875-1905..... 141

CAPÍTULO 4. A CASA DE MATERNIDADE E EXPÓSITOS

Gráfica 1. Ingresos brutos na Casa de Maternidade e Expósitos de Lugo durante o período 1864-1905..... 178
Gráfica 2. Número de ingresos brutos na Casa de Maternidade e Expósitos durante o período 1877-85..... 225

CAPÍTULO 5. A CRISE DE SUBSISTENCIA DE 1879-80

Gráfica 1. Medias mensuais de precipitacións de Santiago de Compostela no período 1877-1880 (mm.)..... 237
Gráfica 2. Temperaturas rexistradas na Coruña durante os anos 1877-1880 e normais mensuais (ºC)..... 242
Gráfica 3. Datos das temperaturas medias anuais para A Coruña durante o período 1867-2004..... 244
Gráfica 4. Número maior de socorridos cada dia durante os 77 días en que se levaron a cabo..... 327
Gráfica 5. Prezos medios mensuais dos cereais durante os anos 1877, 1878, 1879 e 1880 no mercado de Lugo..... 352
Gráfica 6. Representación gráfica conxunta dos prezos medios mensuais dos cereais no mercado de Lugo durante o período 1877–1880..... 354
Gráfica 7. Representación gráfica dos falecementos producidos no Hospital Municipal de Lugo no período 1877-1882..... 372
Gráfica 8. Defuncións e nacementos mensuais dos anos 1879, 1880 e 1881 no termo municipal de Lugo..... 374
Gráfica 9. Representación gráfica conxunta de defuncións e nacementos mensuais durante o período 1879-1881 no termo municipal de Lugo.. 375
Gráfica 10. Número de falecidos nos anos 1879, 1880 e 1881 no termo municipal de Lugo..... 376
Gráfica 11. Defuncións e nacementos mensuais na provincia de Lugo durante os anos 1879, 1880 e 1881..... 379
Gráfica 12. Nacementos e defuncións mensuais na provincia de Lugo durante o período setembro de 1879 - decembro de 1881..... 380
Gráfica 13. Número de falecementos rexistrados na provincia de Lugo nos anos 1879, 1880 e 1881..... 383

FONTES E BIBLIOGRAFÍA

FONTES MANUSCRITAS

Arquivo Histórico Provincial de Lugo (AHPL)

Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia. Sig. 0825-00,Leg. 696.Actas das reunións celebradas entre o 28 de abril de 1877 e o 22 de decembro de 1893.

Concello de Lugo, Hospital de San Bartolomé. Sig. 0504-00, Leg. 182

Concello de Lugo, Beneficencia, Varios de Beneficencia. Sig. 0502-00, Leg. 180. Reglamento p.ª la administracion interior del Hospital de San Bartolomé. 1854.

Concello de Lugo, Beneficencia. Sig. 0855-00, Leg. 726. Proyecto de reglamento del Hospital municipal. Año 1899.

Concello de Lugo, Hospital de San Bartolomé.Sig. 0504-00, Leg. 182. Acta da entrega da administración do Hospital de San Bartolomé á orde de San Juán de Dios. 1720.

Concello de Lugo, Actas da Xunta Municipal de Beneficencia, 1843-1894.Sig. 0829-00, Leg. 700. Expediente de arrendo, ano 1863. Contabilidade do Teatro, 1872 e expedientes de obras.

Concello de Lugo, Actas das xuntas locais de beneficencia.Sig. 0828-00, Leg. 699. Solicitudes de axuda á Comisión Municipal de Beneficencia e de ingreso na Casa Municipal de Beneficencia.

Concello de Lugo,Censos e padróns. Censo de 1897. Sig. L 0648.

Concello de Lugo, Varios de Beneficencia, Solicitudes de ingreso e saída, Relacións de acollidos (1854-1884), Sig. 0842-00, Leg. 713.

Concello de Lugo, Beneficencia. Contratos de alimentos para a Casa de Bª e Hospital. Sig.0558.

Concello de Lugo, Actas capitulares. Libro de actas de 1879, Sig. 126-00 e Libro de actas de 1880, 1881 e 1882. Sig. 0127-00.

Concello de Lugo, Beneficencia, inventarios aprobados con data do 1 de abril de 1882, 3 de xuño de 1882, 12 de maio de 1883 e 30 de xuño de 1883. Sig. 0855-00.

Arquivo da Deputación Provincial de Lugo (ADPL)

Libros de rexistro de entrada e saída de expósitos.

Ano 1862. Sig. 1144-1
Anos 1863-1864. Sig. 1144-2
Anos 1865-1866. Sig. 1144-3
Anos 1866-1867. Sig. 1144-4
Anos 1867-1869. Sig. 1145-1
Anos 1869-1870. Sig. 1145-2
Anos 1870-1872. Sig. 1145-3
Anos 1872-1874. Sig. 1146-1
Anos 1874-1876. Sig. 1146-2
Anos 1876-1878. Sig. 1146-3
Anos 1878-1880. Sig. 1147-1
Anos 1880-1882. Sig. 1147-2
Anos 1882-1884. Sig. 1147-3
Anos 1884-1886. Sig. 1148-2
Anos 1886-1889. Sig. 1148-3
Anos 1889-1892. Sig. 1148-4
Anos 1892-1896. Sig. 1148-1
Anos 1896-1900. Sig. 1149-1
Anos 1900-1904. Sig. 1149-2
Anos 1904-1908. Sig. 1149-3

Libro de rexistro de parturientes con carácter reservado 1885-1936. Sig. 1163-3

Libros de partida de bautismo de nenos expósitos.

Anos 1869-1888. Sig. A-695
Anos 1888-1929. Sig. A-696

Libros de partidas de defunción de expósitos. Sig. A-700 e A-701

Certificacións de bautismo e defunción. Sig. A-698

Libros de defunción do Hospital Municipal de Lugo

Anos 1860-1900. Sig. A-702 (Sig. nova 6902)

Anos 1900-1919. Sig. A-703 (Sig. nova 6903)

Libro de actas dos plenos da Deputación Provincial de Lugo

Ano 1879. Sig. 3975-3.

Arquivo Diocesano de Santiago de Compostela (ADS)

Libro de actas do Manicomio de Conxo. Acta da reunión celebrada o día 20 de outubro de 1906.

Arquivo do Museo Provincial de Lugo (AMPL)

Proxecto de Museo Provincial de Lugo. Adaptación do edificio do antigo convento de San Francisco. Planos. Arquitecto: Miguel Durán-Loriga Salgado, 1950.Sig. 1/13.

FONTES IMPRESAS

Publicacións periódicas

El Norte de Galicia, nº 1670, 18 de outubro de 1906, Lugo, pp. 1-2. "El manicomio de Conjo y la Diputación de Lugo", pp. 1-2, e "Los alienados de Lugo. LLegada á Valladolid", p.2.

Diario de Lugo

Nº 574, 3 de setembro de 1878, p. 3.

Nº 722, 1 de marzo 1879, p. 1.

Nº 724, 4 de marzo 1879, p. 1.

Nº 726, 6 de marzo 1879, p. 2.

Nº 727, 7 de marzo 1879, p. 2.

Nº 733, 14 de marzo 1879, p. 2.

Nº 734, 15 de marzo 1879, p. 2.

Nº 736, 18 de marzo 1879, p. 1.

Nº 739, 21 de marzo 1879, p. 2.

Nº 740, 22 de marzo 1879, p. 3.

Nº 746, 30 de marzo 1879, p. 1.

Nº 748, 2 de abril 1879, p. 3.

Nº 759, 15 de abril 1879, p. 3.

Nº 760, 16 de abril 1879, p. 2.

Nº762, 18 de maio de 1879, p. 3.

Nº 765, 22 de abril 1879, p. 3.

Nº 775, 3 de maio 1879, p. 3.

Nº 778, 7 de maio de 1879, p. 2.

Nº 780, 9 de maio 1879, p. 3.

Nº 784, 14 de maio 1879, p. 2.

Nº 787, 17 de maio de 1879, p. 1.

Nº 788, 18 de maio 1879, p. 1.

Nº 789, 20 de maio 1879, p. 1.

Nº 796, 16 de maio de 1879, p. 2.

Nº 800, 2 de xuño de 1879, p. 1.

Nº 806, 10 de xuño 1879, p. 1.

Nº 831, 14 de xullo 1879, p. 1.

Nº 835, 16 de xullo de 1879, p. 1.

Nº 842, 24 de xullo 1879, p. 2.

Nº 846, 30 de xullo 1879, p. 3.

Nº 871, 14 de xullo 1879, p. 1.

Nº 872, 30 de agosto 1879, pp. 2-3.

Nº 873, 31 de agosto 1879, p. 3.

Nº 878, 6 de setembro 1879, p. 2.

Nº 881, 11 de setembro 1879, p. 2.

Nº 886, 17 de setembro 1879, p. 2.

Nº 887, 18 de setembro 1879, p. 1.

Nº 893, 25 de setembro 1879, pp.1-2.

Nº 894, 26 de setembro 1879, p. 2.

Nº 895, 27 de setembro 1879, p. 1.

Nº 903, 7 de outubro 1879, p. 1 e p. 2.

Nº 906, 10 de outubro 1879, p. 1.

Nº 907, 11 de outubro 1879, p. 2.

Nº 908, 12 de outubro 1879, p. 1.

Nº 912, 17 de outubro 1879, p. 1.

Nº 913, 18 de outubro 1879, pp. 1-2.
Nº 914, 19 de outubro 1879, p. 1.
Nº 915, 21 de outubro 1879, p. 1.
Nº 916, 22 de outubro 1879, p. 1.
Nº 918, 24 de outubro 1879, p. 2.
Nº 919, 25 de outubro 1879, p. 2.
Nº 921, 28 de outubro 1879, p. 2-3.
Nº 922, 29 de outubro 1879, p. 1.
Nº 924, 31 de outubro 1879, pp. 1-2 e 2-3.
Nº 925, 1 de novembro 1879, p. 3.
Nº 926, 4 de novembro 1879, p. 1.
Nº 928, 6 de novembro 1879, p. 1.
Nº 929, 7 de novembro 1879, p. 1.
Nº 930, 8 de novembro 1879, pp. 2-3.
Nº 931, 9 de novembro 1879, p. 1 e p. 2.
Nº 932, 11 de novembro 1879, p. 1.
Nº 933, 12 de novembro 1879, p. 1.
Nº 935, 14 de novembro 1879, p. 2.
Nº 938, 18 de novembro 1879, p. 1 e pp. 2-3, e p. 3.
Nº 941, 21 de novembro 1879, p. 2.
Nº 942, 22 de novembro 1879, p. 1 e p. 2.
Nº 944, 25 de novembro 1879, p. 2.
Nº 945, 26 de novembro 1879, p. 1.
Nº 949, 30 de novembro 1879, p. 1.
Nº 950, 2 de decembro 1879, p. 1.
Nº 951, 3 de decembro 1879, p1.
Nº 952, 4 de decembro 1879, p. 1.
Nº 953, 5 decembro 1879, p. 1.
Nº 956, 10 de decembro 1879, p. 1.
Nº 957, 11 de decembro 1879, p. 2.
Nº 958, 12 de decembro 1879, p. 2.
Nº 963, 18 de decembro 1879, p. 1.
Nº 964, 20 de decembro de 1879, p. 1.
Nº 966, 23 de decembro 1879, p. 1.
Nº 968, 15 de decembro 1879, p. 2.

Nº 971, 30 de decembro 1879, p. 2.
Nº 972, 31 de decembro 1879, p. 1.
Nº 973, 1 de xaneiro 1880, p. 1.
Nº 974, 3 de xaneiro 1880, p. 3.
Nº 977, 8 de xaneiro 1880, p. 1.
Nº 979, 10 de xaneiro 1880, p.2.
Nº 981, 13 de xaneiro 1880, p. 1.
Nº 982, 14 de xaneiro 1880, p. 1.
Nº 983, 15 de xaneiro 1880, p. 1.
Nº 985, 17 de xaneiro 1880, p.3
Nº 989, 22 de xaneiro 1880, p. 1.
Nº 991, 24 de xaneiro 1880, p.3.
Nº 993, 27 de xaneiro 1880, p. 1.
Nº 997, 31 de xaneiro 1880, p. 1.
Nº 1006, 12 de febreiro 1880, p. 1.
Nº 1007, 13 de febreiro 1880, p. 2.
Nº 1010, 17 de febreiro 1880, pp.1-2.
Nº 1014, 21 de febreiro 1880, p. 1.
Nº 1016, 24 de febreiro 1880, p. 1.
Nº 1017, 25 de febreiro 1880, p. 1-2 e 2-3.
Nº 1019, 27 de febreiro 1880, p. 1.
Nº 1022, 2 de marzo 1880, p. 1.
Nº 1023, 3 de marzo 1880, p. 2.
Nº 1025, 5 de marzo 1880, p. 1.
Nº 1027, 7 de marzo 1880, p. 1.
Nº 1032, 13 de marzo 1880, p. 1.
Nº 1033, 14 de marzo 1880, p. 1.
Nº 1035, 17 de marzo 1880, p. 2.
Nº 1037, 19 de marzo 1880, p. 1.
Nº 1043, 27 de marzo 1880, p. 1.
Nº 1045, 30 de marzo 1880, p. 1.
Nº 1052, 8 de abril 1880, p. 1.
Nº 1058, 15 de abril 1880, p. 1.
Nº 1063, 21 de abril 1880, pp. 1-2.
Nº 1065, 23 de abril 1880, p. 2.

Nº 1067, 25 de abril de 1880, p. 1.
Nº 1068, 27 de abril 1880, p. 1.
Nº 1069, 28 de abril 1880, p. 1.
Nº 1071, 30 de abril 1880, p. 1.
Nº1073, 2 de maio 1880, p. 1.
Nº 1074, 4 de maio 1880, p. 2.
Nº 1075, 5 de maio 1880, p. 3.
Nº 1076, 6 de maio 1880, pp. 2-3.
Nº 1080, 12 de maio 1880, pp. 1-2 e p. 2.
Nº 1082, 14 de maio 1880, p. 2.
Nº 1083, 15 de maio 1880, p. 3.
Nº 1084, 16 de maio 1880, p. 1.
Nº 1085, 18 de maio 1880, p. 1.
Nº 1086, 19 de maio 1880, p. 1 e p. 3.
Nº 1087, 20 de maio 1880, p. 1.
Nº 1088, 21 de maio 1880, p. 2.
Nº 1089, 22 de maio 1880, p. 1.
Nº1090, 12 de xuño 1880, p. 1.
Nº 1092, 26 de maio 1880, p. 1.
Nº 1093, 27 de maio 1880, p. 2.
Nº 1094, 29 de maio 1880, p. 2.
Nº1095, 30 de maio 1880, p. 4.
Nº 1096, 1 de maio 1880, p. 1.
Nº 1098, 3 de xuño 1880, p. 1.
Nº 1099, 4 de xuño 1880, p. 1 e p. 3.
Nº 1100, 5 de xuño 1880, p. 1 e p. 2.
Nº 1101, 5 de xuño 1880, p. 1.
Nº 1102, 8de xuño 1880, p. 3.
Nº 1103, 9 de xuño 1880, p. 1.
Nº 1105, 11 de xuño 1880, p. 3 e p. 2.
Nº 1106, 12 de xuño 1880, p. 1.
Nº 1107 13 de xuño 1880, p. 1.
Nº 1108, 15 de xuño 1880, p. 4.
Nº 1109, 16 de xuño 1880, p. 3.
Nº 1110, 17 de xuño 1880, p. 2.

Nº 1111, 18 de xuño 1880, p. 1.
Nº 1112, 19 de xuño, p. 1.
Nº 1113, 20 de xuño 1880, pp. 2-3.
Nº 1115, 23 de xuño 1880, p. 1.
Nº 1118, 27 de xuño 1880, p. 1.
Nº 1123, 4 de xullo 1880, p. 1.
Nº 1125, 7 de xullo, p. 1.
Nº 1128, 10 de xullo, p. 1.

El Regional, nº 785, 4 de outubro de 1886, Lugo, p. 1.

El Eco de Galicia,nº 152, 30 de outubro de 1886, Lugo.

Gaceta de Galicia. Santiago de Compostela.
Nº 221, 14 de outubro1879, p. 1.
- 24 de xaneiro 1880, pp. 1-2
- 13 de febreiro 1880, p. 1.
- 10 de marzo 1880, p. 1.

La Correspondencia de España, 4 de xaneiro 1880, p. 4.

-*La Discusion*, 20 de febreiro 1880, p. 2-3.

Diario oficial de avisos de Madrid, 26 de decembro 1879.

-*El Globo*
- 22 de decembro 1879, p. 3.
- 20 de febreiro 1880, p. 2.

EI Imparcial
-16 de maio 1879, p. 3
-6 de maio 1879, p. 3
-25 de agosto 1879, p. 1.
-31 de agosto 1879. p. 1.
-19 de setembro 1879, p. 1.

-16 de decembro 1879, pp. 5-6.

-17 de decembro 1879, p. 4.

-19 de decembro 1879, p. 2.

-15 de xaneiro 1880, p. 2.

-16 de enero 1880, p. 2.

-30 de xaneiro 1880, p. 1.

-20 de febreiro 1880, p. 1 e p. 2.

- 6 de maio 1880, p. 2.

-11 de maio 1880, pp.1-2.

- 23 de maio 1880, p. 3.

El Liberal

-7 de setembro 1879, p. 3.

-7de xaneiro 1880, p. 1.

-20 de febreiro 1880, p. 2.

El NoticieroBilbaino, nº 1764,

-2 de maio 1880, p. 1.

-22 de maio 1880, p. 1 e p.2.

La Época

-3 de decembro 1879, p. 2.

- 20 de febreiro 1880, p. 1, 2-3 e 4.

- 21 de febreiro 1880, p. 2.

-22 de febreiro 1880, p. 2.

- 17 de abril 1880, p .3.

- 18 de abril 1880, p. 1.

-

La Iberia

-26 de febreiro de 1879, p. 2

-9 de maio de 1879, p. 3.

-6 de xuño 1879, p. 2.

-4 de decembro, 1879, p. 2.

-26 de decembro 1879, p. 3.

-20 de febreiro 1880, p. 2.

- 23 de marzo 1880, p. 3
- 6 de abril 1880, p. 1.
- 6 de maio de 1880, p. 2.
- 11 de maio 1880, p. 3.

Siglo Futuro. Madrid.

-12 de maio 1879, p. 3.
-7 de maio 1879, p.3
-3 de novembro 1879, p. 3.
-22 de marzo 1880, p. 3.

La Union, 23de marzo 1880, p. 1.

La Ilustración Gallega y Asturiana

Nº7, 10 marzo 1879, pp.1-2.
Nº 10, 8 de abril 1880, p. 10-11.

La Voz de la Caridad, nº 249, 15 de xullo de 1880. Madrid: Imprenta de Manuel Minuesa, 1880, 125-129. *Hay Irlanda Pero no hay Cobden*.

Publicacións periódicas de carácter oficial

Gazeta de Madrid

Gazeta de Madrid, nº 5398, do 24 de xuño de 1849. Lei Xeneral de Beneficencia, do 20 de xuño de 1849.

Gazeta de Madrid, nº 6537, do 16 de maio de 1852. Regulamento xeral para a execución da lei de Beneficencia do 20 de xuño de 1849, decreto do 14 de maio de 1852.

Gazeta de Madrid, nº 6613, do 31 de xullo de 1852. Real decreto do 24 do xullo de 1852.

Gazeta de Madrid, nº 86, 27 de marzo de 1895, p. 1137. Real decreto do Ministerio de Facenda concedendo ó Municipio de Lugo en pleno dominio, o edificio nomeado de San Francisco.

Gazeta de Madrid, 23 de setembro 1879, pp.969-970.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo

*Boletín Oficial de la Provincia de Lugo*do 3 de setembro de 1866.Circular do Goberno Civil nº 1142 do 30 de agosto de 1866.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 14, 2 de febreiro de 1875.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 25, 27 de febreiro de 1875.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 91, 31 de xullo de 1875.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 104, 31 de agosto de 1875.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 143, 30 de novembro de 1875.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 156, 30 de decembro de 1875.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 106, 3 de setembro 1878.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 13, 30 de xaneiro 1879.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 22, 20 de febreiro 1879.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 36, 25 de marzo 1879.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 47, 19 de abril 1879.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 63, 27 de maio 1879.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 76, 26 de xuño 1879.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 89, 26 de xullo 1879.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 100, 21 de agosto 1879.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 111, 16 de setembro 1879.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 120, 28 de outubro 1879.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 139, 20 de novembro 1879.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 154, 27 de decembro 1879.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 13, 29 de xaneiro 1880.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 25, 26 de febreiro 1880.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 33, 16 de marzo 1880.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 37, 25 de marzo 1880.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº43, 8 de abril 1880, p. 1.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 51, 27 de abril 1880.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 63, 25 de maio 1880.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 76, 24 de xuño 1880.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 90, 27 de xullo 1880.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 110, 11 de setembro 1880.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 112, 16 de setembro 1880.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 124, 14 de outubro 1880.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 137, 13 de novembro 1880.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 151, 16 de decembro 1880.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 6, 13 de xaneiro 1881.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 195, 27 de agosto de 1890

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 13, do 17 de xaneiro de 1905, pp. 2 e 3.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 14, do 18 de xaneiro de 1905.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 90, 27 de xullo 1880, p. 2.

Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, nº 84, 13 de xuño 1880, pp.1-2.

Boletín Oficial de la Provincia de Orense

Boletín Oficial de la Provincia de Orense, 12 de novembro 1879.

BIBLIOGRAFÍA ANTIGA

Junta Municipal de Beneficencia y Socorros de Lugo. Suscuentas. 1880. Lugo: Imprenta á cargo de Juan M. Bravos. Salle de S. Pedro núm. 31, 1880.

Memoria referente á la provincia de Lugo, redactada por el Gobernador Civil. Lugo: Tipografía de A. Villamarín, 1888.

Recopilación de reales órdenes y circulares de interés general para la Guardia Civil expedidas en todo el año de 1880, Boletín Oficial de la Guardia Civil, Madrid 1880, p. 122.

Reglamento para la Casa de Maternidad de Lugo. Lugo: Imprenta de Pujol y hermano, 1844.

Reglamento de la Casa de Maternidad y espósitos de la provincia de Lugo. Aprobado por real órden de 18 de mayo de 1863. Lugo: Imprenta de Soto Freire, 1863

Reglamento de la Escuela de Párvulos establecida en la Casa de Beneficencia Municipal de esta Ciudad. Lugo: Imprenta á cargo de Juan M. Bravos. Calle de S. Pedro núm. 31, 1880

CANGA ARGUELLES, José. *Diccionario de Hacienda*. Madrid: Marcelino Calero y Portocarrero, 1833.

PARGA SANJURJO, J.A. et al. *Informe contestando al interrogatorio del gobierno de S.M. sobre las causas y las medidas que pueden aconsejarse para evitar los males que trae al país la emigración*. Santiago de Compostela: Sociedad Económica de Amigos del País, 1881.

SUNDBÄRG, Alex Gustav. *Den svenskaocheuropeiskafolkökning*s- *ochomfyttnings-statistiken i sinahufvuddrag*. Estocolmo: P. A. Norstedt&söner, 1910.

WALFORD, Cornelius. *Famines of the world: past and present*. London: Harrison and sons, 1879.

BIBLIOGRAFÍA XERAL

ABEL VILELA, Adolfo. *A muralla romana de Lugo na documentación dos séculos XVI ao XX*. Lugo: Diputación de Lugo, Sevicio de Pulicacións, 2011.

ALONSO ÁLVAREZ, Luis. La crisis de la economía tradicional. Continuidad y cambio en la Galicia del siglo XIX. En: DE JUANA, Jesús e PRADA, Julio (coords.). *Historia contemporánea de Galicia*. Barcelona: Ariel, 2005, pp. 33-55.

ÁLVAREZ SANTALÓ, León Carlos. *Marginación social y mentalidad en Andalucía occidental: Expósitos en Sevilla (1613-1910)*. Sevilla: Consejería de Cultura de la Junta de Andalucía, 1980.

ANDERSON, Bonnie S. e ZINSSER, Judith P. *Historia de las Mujeres: Una historia propia*. Vol. 2. Barcelona: Editorial Crítica, 1991.

ARENAL, Concepción. *El visitador del pobre*. Obras Completas, vol. I. Madrid: Librería General de VictorianoSuarez, 1893.

ARTIAGA REGO, Aurora. La sociedad gallega (C. 1775-1874). En: DE JUANA, Jesús e PRADA, Julio (coords.). *Historia contemporánea de Galicia*. Barcelona: Ariel, 2005, pp.57-82.

BARDET, Jean Pierre. Enfants abandonnés et enfants assistés á Rouen dans la seconde moitié du XVIII siècle. En:*Hommage á Marcel Reinhard.Sur la population française au XVIII*^{e} *siècles*.París: Société de Démographie Historique, 1973, pp.19-41.

BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón. *Historia Contemporánea. Política (Siglo XIX)*, vol. VII de Galicia. Historia. A Coruña: Hércules Ediciones, 1984.

CALLAHAM, William James. *La Iglesia Católica en España: (1875-2002)*. Barcelona: Crítica, 2003.

CANCELO, Javier e DIAZ-FIERROS, Francisco. As medidas instrumentais. En: DIAZ FIERROS VIQUEIRA, Francisco (Coord.). *Historia da meteoroloxía e da climatoloxía de Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2008,203-209.

CANGA ARGUELLES, José. *Diccionario de Hacienda*. Madrid: Marcelino Calero y Portocarrero, 1833.

CASTRO FREIRE, Salvador. *Lugo y sus hombres. Ensayo de síntesis histórica*. Lugo: Editorial Celta, 1951.

CASTRO PÉREZ, Xavier. Historia da dieta popular na sociedade galega. O viño como nutriente e axente terapéutico. En: FIDALGO SANTAMARIÑA, Xosé Antón e SIMAL GÁNDARA, Xesús SimalEds. Alimentación e cultura. *Cuadernos do Laboratorio Ourensán de Antropoloxía social*, nº 3, Serie Cursos e Congresos, 1. Vigo: Universidade de Vigo. Concello de Celanova, 1993, 57-63

COMELLES, Josep Mª. *La razón y la sinrazón. Asistencia psiquiátrica y desarrollo del Estado en la España Contemporánea*. Barcelona: PPU, 1988.

COSTA RICO, Antón. *Historia da educación e da cultura en Galicia*. Vigo: Edicións Xerais de Galicia, 2004

COUSELO BARRIO, Alfredo. Una aproximación a la asistencia social alloco en la Galicia del XIX: El sanatorio de Conxo. En: BALBOA LÓPEZ, Xesús, PERNAS OROZA, Herminia. *Entre nós: estudios de arte, xeografía e historia en homenaxe ó profesor Xosé Manuel Pose Antelo*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicaciones e Intercambio Científico, 2001. 1.093-1.110.

BARDET, JeanPierre. Enfantsabandonnésetenfantsassistiés á Rouendans la secondemoitiédu XVIII siecle. En: *Hommage á Marcel Reinhard*. París, 1973.

BARREIRO FERNANDEZ, Xosé Ramón. *Historia de Galicia*. A Coruña: Editorial Gamma, 1984, t. IV.

BREY, Gerardo. La sociedad gallega (1874-1936). En: DE JUANA, Jesús e PRADA, Julio (coords.). *Historia contemporánea de Galicia*. Barcelona: Ariel, 2005, 169-202.

CANCELO, Javier e DIAZ-FIERROS, Francisco. As medidas instrumentais. En: DIAZ FIERROS VIQUEIRA, Francisco (Coord.). *Historia da meteoroloxía e da climatoloxía de Galicia.* Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2008, 203-209

CALVO GARCÍA-TORNAL, F. La inundación de octubre de 1879 en el Bajo Segura. Magnitud y efectos inducidos. *Estudios Geográficos*, Vol. 62, nº 242, 2001. Madrid: Instituto de Economía y Geografía Aplicadas, pp.7-77.

CARMONA BADÍA, Joám. *El atraso industrial de Galicia. Auge y liquidación de las manufacturas textiles (1750-1900)*. Barcelona: Ed. Ariel, 1990.

CONESA GARCÍA, Carmelo. Inundaciones en Lorca (Murcia): Riesgo y exportación. Papeles de Geografía (Física), nº 10, 1985. Murcia: Departemento de Geografía Física, Universidad de Murcia, pp.33-47.

CONSEGLIERI, Ana e VILLASANTE, Olga. Un regicida frustrado: la imbecilidad de Otero, según Esquerdo. *Frenia. Revista de Historia de la Psiquiatría*, 2007, Vol. 7, Nº 1, 283-310.

DAVIS,Mike. *Los holocaustos de la era victoriana tardía. El Niño, las hambrunas y la formación del tercer mundo*. Valencia: Publicacions de la Universitat de Valencia, 2006.

DE LA FUENTE GALÁN, Mª del Prado.*Marginación y pobreza en la Granada del siglo XVIII: los niños expósitos*. Granada: Universidad de Granada, 2000.

DEL VALLE GONZALEZ, Soledad. La emigración en la comarca de Dozón según los expedientes de quintas. En: EIRAS ROEL, A. (Edr.).*Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992, 71-75.

DIAZ-FIERROS VIQUEIRA, Francisco (Coordinador). *Historia da meteoroloxía e da climatoloxía de Galicia*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 2008.

EIRAS ROEL, Antonio. La casa de los expósitos del Real Hospital de Santiago en el s. XVIII. *Boletín de la Universidad Compostelana*, 1967-68, 295-345.

EIRAS ROEL, Antonio. Para una comarcalización del estudio de la emigración gallega. La diversificación intrarregional a través de los censos de población (1887-1920). En: EIRAS ROEL, A. (Edr.). *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia,1992, 7-31.

EIRAS ROEL, Antonio. A Casa de Expósitos. En: GARCÍA IGLESIAS, José Manuel (Dir.) e CALVO DOMÍNGUEZ, Marcelina (Coord.). *O Hospital Real de Santiago de Compostela e a hospitalidade no Camiño de peregrinación*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, 2004, 397-411.

EIRAS ROEL, Antonio. La emigración gallega a las Américas en los siglos XIX y XX. Nueva panorámica revisada. En: EIRAS ROEL, A. (Edr.). *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992.

FERNANDES RODRIGUES, Henrique. Emigracação galega para o Brasil através de Viana do Castelo (1838-60); Analise a alfabetização e ao perfil sócio-profissional. En: EIRAS ROEL, A. (Edr.).*Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992, 177-183.

FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo. ¿En Galicia el hambre entra nadando? Rogativas, clima y crisis de subsistencia en la Galicia litoral sudoccidental en los siglos XVI-XVIII. Santiago de Compostela: *Semata*, nº17, 2006, Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, nº17, 259-298.

FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, José María. La Casa Cuna de Mondoñedo. *Estudios mindonienses: anuario de estudios histórico-teológicos de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol*. El Ferrol: Centro de estudios de la Diócesis de Mondoñedo-El Ferrol, 1985, T.1 (1985), 406-432.

HERNÁNDEZ FIGUEIREDO, José Ramón. *Las Hijas de la Caridad en Ourense. Beneficencia y enseñanza (siglos XIX y XX)*.Ourense: Deputación Provincial de Ourense, 2007.

FERNÁNDEZ JUSTO, María Isabel. *La metrología tradicional gallega. Aportación a los estudios sobre el medio rural*. Madrid: Instituto Geográfico Nacional, 1986. Tom. I.

FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo. Asistencia e organización. A conflictividade social en Galicia desde o Antigo Réxime ao Franquismo. En: FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo(dir.). *Terra e progreso. Historia agraria da Galicia contemporánea*.Vigo, Edicións Xerais de Galicia, 2000, 129-162.

FERNÁNDEZ UGARTE, María. *Expósitos en Salamanca a comienzos del siglo XVIII*. Salamanca:Diputación de Salamanca, 1988.

FINE, Agnès. Enfant et normes familiales. En: DUPÂQUIER, Jacques. *Histoire de la population française.*Volume 3. 1ª edición. París: Presses Universitaires de France, 1988, 436-463.

FUSTER CASAS, José María. *Vulcanismo y cambio climático*. Resumo de conferencia. REAL ACADEMIA DE CIENCIAS Exactas. Físicas. Naturales. Consultado o 5 de xullo 2014. Dispoñible en: http//www.rac.es/ficheros/doc/00348;pdf

GARCÍA CONDE, Antonio e LÓPEZ VALCÁRCEL, Amador.*Episcopologio lucense.* Número monográfico da revista *Liceo Franciscano*, ano XLIII. Burgos, 1991.

GARCÍA-LOMBARDERO E VIÑAS, Xaime. Evidencias dunha crise agraria en Galicia: Precios e exportación de gando a remates do século XIX. En: *Revista galega de estudios agrarios*, nº 1, 1979. Santiago de Compostela: Servicio de Publicacións da Xunta de Galicia, 1979, 53-68.

GARCÍA MARTÍNEZ, Xosé Ramón. Guía das plantas de Galicia. Vigo (Pontevedra): Edicións Xerais de Galicia, 2008, 2ª edición.

GARCÍA SANZ, Ángel. Revolución liberal, proteccionismo cerealista y desrrollo del capitalismo agrario en Castilla y León en el siglo XIX. *Anales de estudios económicos y empresariales*, Nº 2, Valladolid, 1987, 121-146.

GONZÁLEZ DURO, Enrique. *Historia de la locura en España*, vol. III. Madrid: Ediciones Temas de Hoy, 1996.

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Emilio. *A siquiatría galega e Conxo*. Madrid: Edicións do Rueiro, 1977.

HERNÁNDEZ BORGE, Julio e DURÁN VILLA, Francisco R. *Guia bibliográfica de emigración galega*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1992.

KRAUSE, Marianne. La legislación sobre beneficencia y su práctica en el cambio de siglo. En: *Historia de la acción social pública en España. Beneficencia y previsión*. Madrid: Centro de Publicaciones. Ministerio de Trabajo y seguridad social, 1990, 193-224.

LOPES, María Antonia. Crianças e jovens em risco nos séculos XVIII e XIX: o caso português no contexto europeu. Coimbra: Almedina, 2004, separata de *Criaças e Jovens em Risco: da Investigaçao à intervençao*, 37-63.

LÓPEZ BERMÚDEZ, Francisco. Inundaciones catastróficas, precipitaciones torrenciales y erosión en la provincia de Murcia. *Papeles de Geografía*, nº 8, 1979. Murcia: Universidad de Murcia, 49-91.

LÓPEZ KELLER, Estrella. Hacia la quiebra de la mentalidad liberal: las resistencias del cambio. En *Historia de la acción social pública en España. Beneficencia y previsión.* Madrid: Centro de Publicaciones. Ministerio de Trabajo y seguridad social, 1990, 137-160.

LÓPEZ TABOADA, J. Antonio. *La población de Galicia 1860-1991. Serie informes sectoriales* 10. A Coruña: Fundación Caixa Galicia, 1996.

LÓPEZ TABOADA, Xosé Antonio. *Precios do trigo, centeo e millo na segunda metade do século XIX en Galicia*. Bilbao: Xunta de Galicia, Consellería de Presidencia, Servicio Central de Publicaciones, 1986.

MARTINEZ DOMÍNGUEZ, Blanca. *Estudio de la desamortización eclesiástica durante el Trienio Liberal en la provincia de Lugo (1820-1823).* Lugo: Servicio Publicaciones Diputación Provincial, 1987.

MARTÍNEZ RODRÍGUEZ, Enrique. Los expósitos del Hospital Real de Santiago, 1651-1840: análisis evolutivo. En: FERNÁNDEZ CORTIZO, C. et al. (eds.). *Universitas. Homenaje a Antonio Eiras Roel*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2002, 313-325.

MAZA ZORRILLA, Elena. *Valladolid: sus pobres y la respuesta institucional (1750-1900).* Valladolid: Universidad de Valladolid, Secretariado de Publicaciones, Junta de Castilla y León, 1985.

MAZA ZORRILLA, Elena. *Pobreza y asistencia social en España, siglos XVI al XX. Aproximación histórica.* Valladolid: Universidad de Valladolid, 1987.

MEIJIDE PRADO, Antonio. El hambre de 1768-1769 y la obra asistencial del estamento eclesiástico compostelano. Tom. 10, nº 2 *Compostellanum*, abril-junio de 1965. Santiago de Compostela: Centro de Estudios Jacobeos, 213-256.

MOLLAT, Michelle. Les problèmes de la pauvreté. En: MOLLAT, M. (dir.) *Etudes sur l´histoire de la pauvreté,*Vol. II, Publicatións de la Sorbonne. París, 1974, 11-30.

MORALES ÁLVAREZ, Ángel. *Casa Cuna de Ponferrada 1775-1937*. Ponferrada: Instituto de Estudios Bercianos, 2001.

MUÑIZ DE LAS CUEVAS, Ramón: *O pobo oculto. Pobreza e asistencia social en Galicia*. Vigo: Edicións a Nosa Terra, 1996.

OTERO TURNES, Eva Mª e RECAREY PÉREZ, Montserrat. Datos de precipitación e temperatura, mensuais, dos observatorios históricos. Outros documentos históricos. Anexo (CD). En: Díaz-Fierros Viqueira, F. (Coord.). *Historia da meteoroloxía e da climatoloxía de Galicia*, Consello da Cultura Galega.Santiago de Compostela 2008.

PALOMARES IBAÑEZ, Jesús María. La asistencia social en Galicia a finales del siglo XIX: el hospicio de Santiago. *Actas do Congreso internacional de estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*. Tomo I. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Servizo de Publicacións e intercambio científico, 1986, 327-338.

PÉREZ DE CASTRO, José Luis: Historia y análisis profesional de "El Eo", bisemanario ribadense. *Boletín da Real Academia Galega*, nº 321-328, 1957, pp.179-217.

PÉREZ GARCÍA, José Manuel. La mortalidad infantil en la Galicia del siglo XIX. El ejemplo de los expósitos del Hospital de los Reyes Católicos de Santiago. En VAZQUEZ JANEIRO et al. (eds.) *Santiago de Compostela. La ciudad. Las instituciones. El hombre.* Santiago de Compostela: Colegio Franciscano, 1976, 171-197.

PEREZ GARCÍA, José Manuel. Aproximación al estudio de la penetración del maíz en Galicia. En: EIRAS ROEL, Antonio (coord.). *La Historia social de Galicia en sus fuentes de protocolos*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela, Secretariado de Publicaciones, 1981, pp. 117-159.

PÉREZ GARCÍA, José Manuel. Voz expósitos, *Gran Enciclopedia Gallega*, vol. XI. Santiago de Compostela: Silverio Cañada, editor, 1974, pp. 47-51.

PORTER, Roy. *Breve historia de la locura*. Madrid: Turner e Fondo de Cultura Económica, 2003.

POSE ANTELO, José Manuel. *La economía y la sociedad compostelanas a finales del siglo XIX*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela, 1992.

PRADO GÓMEZ, Antonio. *La Diputación Provincial en la Época Isabelina*. Lugo: Excma. Diputación Provincial de Lugo, Servicio de Publicaciones, 2005, tom. II.

RAMA PATIÑO, Mª Luz. El seguimiento del fenómeno migratorio en el municipio de Carballo a través de los padrones de habitantes (1860-1920). En: EIRAS ROEL, A. *Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992, pp.123-127.

REY CASTELAO, Ofelia e PÉREZ RODRÍGUEZ, Francisco. Movimientos migratorios en el municipio de A Cañiza, siglos XVII al XIX. En: EIRAS ROEL, A. (Edr.).*Aportaciones al estudio de la emigración gallega. Un enfoque comarcal*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, 1992, pp.33-44.

ROBERTSON, Priscilla. El hogar como nido: la infancia de la clase media en la Europa del siglo XIX. En: DE MAUSE, LLoyd. *Historia de la infancia*. Madrid: Alianza Editorial (Alianza Universidad), 1982.

RODRIGUEZ GALDO, María Xosé. *Crises agrarias e emigración na Galicia do século XIX*. Vigo: Caja de Ahorros Municipal de Vigo, 1979.

RODRÍGUEZ MARTÍN, Ana María. La inclusa de Pontevedra 1872-1903. *Revista de estudios provinciais*, nº 19. Pontevedra: Deputación de Pontevedra,2003,pp. 179-203.

ROMÁN PORTAS, Luz. La asistencia social en Galicia: El Hospicio de Pobres de Santiago de Compostela (1860-1900). A Coruña: Diputación Provincial de A Coruña, 1989.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto. *Economía rural antigua en la montaña lucense. El concejo de Burón*. Santiago de Compostela: Universidad de Santiago de Compostela, Secretariado de Publicaciones de la Universidad de Santiago, 1979.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto. *A vida cotiá en Galicia de 1550 a 1850*. Santiago de Compostela: Servicio de publicacións da Universidade de Santiago de Compostela, 1992.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto, *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*. Barcelona: Editorial Crítica, 1994.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto. O hábitat no noroeste peninsular nos ss. XVI-XIX. *Semata*, Ciencias Sociais e Humanidades, 1997, núm. 9 : Espacios rurais e sociedades campesiñas. ISSN 1137-9669, pp. 173-193.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto. Una nueva mirada sobre la historia rural de la montaña lucense. En: FERNÁNDEZ CORTIZO, C. et al. (eds.). *Universitas. Homenaje a Antonio Eiras Roel*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 2002, 397-409.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto. La introducción del maíz y la patata en Galicia. En: RODRÍGUEZ GALDO, María Xosé (dir.). *Galicia e América: cinco siglos de historia*. Santiago de Compostela:Xunta de Galicia. Consellería de Relacións Institucionais, 1992, pp. 202-207.

SAGREDO FERNÁNDEZ, Félix e outros. *Historia de una institución gallega: La caja de Ahorros Monte de Piedad de La Coruña y Lugo (1876-1976)*. A Coruña: Caja de Ahorros y Monte de Piedad de La Coruña y Lugo, 1976.

SALGADO GARCÍA, Fernando. "Los Guardamino de Lugo". *La Voz de Galicia*. 23 de decembro de 2012. Suplemento Mercados, nº 779, p. 20.

SÁNCHEZ-ALBORNOZ, Nicolás. *Los precios agrícolas durante la segunda mitad del siglo XIX*. Vol. I Trigo y cebada. Madrid: Servicio de Estudios del Banco de España, 1975.

SÁNCHEZ GARCÍA, J. A. *La arquitectura teatral en Galicia*. A Coruña: Pedro Barrié de la Maza, 1997.

SIMÓN LORDA, David e GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Emilio. Historias del manicomio de Vilapedre –Sarria- Lugo: Ricardo Núñez Rodríguez, un atípico protosiquiatra de la Galicia del siglo XX. En: *La gestión de la locura: conocimiento, prácticas y escenarios: España, siglos XIX-XX*. Cuenca: Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha, 2008, 121-142.

SOBRADO CORREA, Hortensio. *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza, 2001.

SOBRADO CORREA, Hortensio. *La ciudad de Lugo en el AntiguoRégimen. Siglos XVI-XIX*. Lugo: Servicio de Publicaciones. Diputación Provincial, 2001.

SOTO FERNÁNDEZ, David. *Historia dunha agricultura sustentábel. Transformacións produtivas na agricultura galega contemporánea.* Noia (A Coruña): Xunta de Galicia, Consellería de Medio Rural, 2006.

SOTO GUTIÉRREZ, Juan: *As Estrelas Fugaces*. Lugo: EdicionesBolanda, 2012,

SOUBEYROUX, Jacques. *Paupérisme et rapports sociaux à Madrid au XVIIIe siècle*. Lille: Atelier de Reproduction des Thèses, 1978, 2 vol.

TARIFA FERNÁNDEZ, Adela. *Marginación, pobreza y mentalidad social en el Antiguo Régimen: los niños expósitos de Úbeda (1665-1788)*. Granada: Universidad de Granada, 1994.

TRINIDAD FERNÁNDEZ, Pedro: Trabajo y pobreza en la Primera Industrialización. En: *Historia de la acción social pública en España. Beneficencia y previsión*. Madrid: Centro de Publicaciones. Ministerio de Trabajo y seguridad social, 1990, 101-135.

VAN DE WALLE, Elienne. La mortalité des départements français ruraux au XIXe siècle. En:*Hommage á Marcel Reinhard*. *Sur la population française au XVIIIe siècles*. París: Société de DémographieHistorique, 1973, pp. 581-589.

VARELA ORTEGA, José (Dir.).*Geografía del caciquismo en España (1875-1923)*. Madrid: Marcial Pons Historia, 2001.

VEIGA ALONSO, Xosé Ramón. Parentes, amigos e favores. As redes informais do caciquismo. En: FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo; NÚÑEZ SEIXAS, Xosé M; ARTIAGA REGO, Aurora; BALBOA, Xesús, (eds.). *Poder local, élites e cambio social na Galicia non urbana (1874-1936)*. Santiago de Compostela : Universidade de Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións e Intercambio Científico, 1997, 353-371.

VEIGA ALONSO, Xosé Ramón.*Progreso, Prensa e Ferrocarrís en Galicia. A actividade do Conde de Pallares (1855-1883)*. Lugo: Servicio de Publicaciones. Diputación Provincial de Lugo, 1996.

VEIGA ALONSO, Xosé Ramón. *O Conde de Pallares e o seu tempo.1828-1908: aproximación ó activismo das élites na Galicia decimonónica*. Lugo: Diputación Provincial de Lugo, 1999.

VILLAAMIL Y CASTRO, José. *Reseña histórica de los Establecimientos de beneficencia que hubo en Galicia durante la Edad Media, y de la exección del Gran Hospital Real de Santiago fundado por los Reyes Católicos*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1993. Reprodución facsímile da edición de *Galicia Histórica*, 4, año 1, 1902, e 10, año 2, 1903.

VILAR RODRÍGUEZ, Margarita. ¿Entre la limosna y el bienestar? Origen, desarrollo y consecuencias de las políticas sociales en Galicia (1890-1935).*Cuadernos de Historia Contemporánea*, 2007, vol. 29, pp. 173-197.

VILLARES PAZ, Ramón. Restauración y dictadora en Galicia (1874-1930). En: DE JUANA, Jesús e PRADA, Julio (coords.). *Historia contemporánea de Galicia*. Barcelona: Ariel, 2005, pp. 203-257.

VILLARES PAZ, Ramón e ARTIAGA REGO, Aurora. A Gran Historia de Galicia. Galicia no século XIX, vol. 1, tom. XII *Estancamento económico e mudanzas sociais*. A Coruña: La Voz de Galicia, 2007.

XOHÁN CABANA, Darío. *A chegada a Lugo do primeiro tren (San Froilán, 1875)*. Lugo: Excmo. Concello de Lugo, 2005.

YAÑEZ GALLARDO, César. *La emigración española a América (siglos XIX y XX). Dimensión y características cuantitativas*. Colombres, Asturias: Fundación Archivo de Indianos, 1993.

APÉNDICE DOCUMENTAL

Índice

(CD)

Apéndice documental nº 1. Lei Xeneral de Beneficencia, do 20 de xuño de 1849.

Apéndice documental nº 2. Regulamento xeral para a execución da lei de Beneficencia do 20 de xuño de 1849, decreto do 14 de maio de 1852.

Apéndice documental nº 3. Circular do Goberno Civil de Lugo nº 1142, con data do 30 de agosto de 1866.

Apéndice documental nº 4. Contrato para a administración da Casa Municipal de Beneficencia subscrito coa orde das Fillas da Caridade de San Vicente de Paúl.

Apéndice documental nº 5. *Diario de Lugo* nº 796, 16 de maio de 1879, p. 2. De *El Popular*. Carta desde O Pino.

Apéndice documental nº 6. *Diario de Lugo,* nº 722, 1 de marzo 1879, p. 1. "REALIDADES".

Apéndice documental nº 7. *La Ilustración Gallega y Asturiana*, nº7, 10 marzo 1879, pp.1-2.. "DE ACTUALIDAD"

Apéndice documental nº 8. *El Imparcial*, 6 de maio 1879, p. 3. Carta de *El Clamor de Galicia*.

Apéndice documental nº 9. Diario de Lugo nº 787, 17 de maio de 1879, p. 1. "LA CUESTION DEL DIA".

Apéndice documental nº 10. *Diario de Lugo,* nº 788, 18 de maio 1879, p. 1. "LA CUESTION DEL DIA".

Apéndice documental nº 11. *Diario de Lugo,* nº 796, 29 de maio 1879, p. 1. "CALAMIDAD PÚBLICA".

Apéndice documental nº 12. *Diario de Lugo,* nº 800, 3 de xuño 1879, p. 1. "LA MISERIA".

Apéndice documental nº 13. *Gaceta de Madrid*, 23 de setembro 1879, pp.969-970. Real Decreto do 23 de setembro de 1879.

Apéndice documental nº 14. *Diario de Lugo,* nº 894, 26 de setembro 1879, p. 2.

Apéndice documental nº 15. *Diario de Lugo*, nº 895, 27 de setembro 1879, p. 1. "EN FOMENTO Y EN HACIENDA".

Apéndice documental nº 16. *Diario de Lugo,* nº 903, 7 de outubro 1879, p. 1.

Apéndice documental nº 17. *Diario de Lugo,* nº 929, 7 de novembro 1879, p. 1. "CUMPLID VUESTRO DEBER".

Apéndice documental nº 18. *Diario de Lugo*, nº 916, 22 de outubro 1879, p. 1. "CUESTION DEL DIA

Apéndice documental nº 19. *Diario de Lugo*, nº 930, 8 de novembro 1879, pp. 2-3. Samos 4.

Apéndice documental nº 20. *Diario de Lugo*, nº 945, 26 de novembro 1879, p. 1. "Sección editorial. LA CUESTION DEL DIA".

Apéndice documental nº 21. *Gaceta de Galicia*, nº 301, 24 de xaneiro 1880, pp. 1-2. "AHORA Ó NUNCA".

Apéndice documental nº 22. *Gaceta de Galicia*, nº 316, 13 de febreiro 1880, p. 1. "Carta del Sr. D. Cánovas del Castillo á la Gacta de Galicia".

Apéndice documental nº 23. *Diario de Lugo,* nº 1022, 2 de marzo 1880, p. 1. "SUBSISTENCIAS".

Apéndice documental nº 24. *Diario de Lugo*, nº 1045, 30 de marzo 1880, p. 1. "SITUACION DEL PAIS"

Apéndice documental nº 25. *La Ilustracion Gallega y Asturana*, nº 10, 8 de abril 1880, p. 10-11. "MISCELANEA".

Apéndice documental nº 26. *Diario de Lugo*, nº 1058, 15 de abril 1880, p. 1. "Lo que hace falta".

Apéndice documental nº 27. *Diario de Lugo*, nº 1080, 12 de maio 1880, pp. 1-2. "UN APLAUSO MAS".

Apéndice documental nº 28. *Diario de Lugo,* nº 1071, 30 de abril 1880, p. 1. "SOCORROS Á LA MISERIA".

Apéndice documental nº 29. *Diario de Lugo*, nº 1075, 5 de maio 1880, p. 3. Local. Bando.

Apéndice documental nº 30. *El Imparcial*, 11 de maio de 1880, p.1. "EL HAMBRE EN LUGO".

Apéndice documental nº 31. *Diario de Lugo*, nº 1089, 22 de maio 1880, p. 1.

Apéndice documental nº 32. *Diario de Lugo,* nº 1076, 6 de maio 1880, pp. 2-3. "SOCORRO Á LA MISERIA"

Apéndice documental nº 33. *Diario de Lugo*, nº 1086, 19 de maio 1880, p. 1. ¡¡1.052!!

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA

USC
UNIVERSIDADE
DE SANTIAGO
DE COMPOSTELA